ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Philip Duncan
Webb

Tese de doutoramento

O Paraguai como destino atípico da inmigración española: o caso dos galegos (1850-1960)

Santiago de Compostela, 2022

Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea

TESE DE DOUTORAMENTO

O PARAGUAI COMO DESTINO ATÍPICO DA INMIGRACIÓN ESPAÑOLA: O CASO DOS GALEGOS (1850-1960)

Philip Duncan Webb

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2022

DECLARACIÓN DO AUTOR DA TESE

O Paraguai como destino atípico da inmigración española: o caso dos galegos (1850-1960)

D. Philip Duncan Webb

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De selo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.
4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En ....., ... de ..... de 2022

Asdo. Philip D. Webb

AUTORIZACIÓN DA DIRECTORA/TITORA

O Paraguai como destino atípico da inmigración española: o caso dos galegos (1850-1960)

Dna. Mª del Pilar Cagiao Vila

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D. Philip Duncan Webb, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como directora/titora desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En....., a…… 2022

Asdo. Mª del Pilar Cagiao Vila

AGRADECEMENTOS

Quixera darlle as grazas, como non, a Pilar Cagiao Vila por todo o seu apoio ao longo deste proxecto, que ao fin e ao cabo xa ocupou unha boa parte da miña vida. Grazas, Pilar, por todo. A Eduardo Rey Tristán tamén, por terme acompañado nos inicios da investigación, cando aínda era un traballo fin de máster. Aos que sodes ou fostes membros de HistAmérica e que nalgún momento me brindastes a vosa amizade ou polo menos tolerastes a miña compañía, envíovos un forte abrazo en orde diplomaticamente alfabética: Adrián, Andrea, Ánxela, Javi, Jonatan, José Manuel, Patri, Rux, Valeria, Xaquín, Xosé Ramón, e Xurxo.

Silvia, creo que xa sabes todo o que significas para min e non fará falta dicircho aquí. Se non cho digo suficientemente, síntoo. Grazas por todo o que me dás; seica é máis do que eu che podo dar a ti. E se me permites, para agradecer toda a túa familia, que en parte sinto como se fose a miña, vou plaxiar descaradamente a dedicatoria da túa tese. Silvia, Francisca, José Luis, e Luis: alicerces. Grazas.

Ahora bien, le debo las gracias a Eva Morales Raya por haberme allanado el camino con su tesis sobre los inmigrantes catalanes, y por haber facilitado mi investigación ofreciéndome consejos o proporcionándome fuentes. Y a Herib Caballero Campos también le agradezco por todas las veces que me ayudó y asesoró durante los cinco meses que estuve en Asunción (y unas cuantas veces más desde entonces).

Un agradecimiento muy sentido a la familia Ruiz Díaz-Yáñez — Zoilo, Mirta, Nata, Pati, Belén, y Anahí. El tiempo voló, pero con ustedes yo sentía que tenía un auténtico hogar paraguayo.

Quiero dejar constancia, además, de los nombres de unas personas que, entre compañeros investigadores y descendientes de inmigrantes gallegos en el Paraguay, contribuyeron al desarrollo de esta investigación de alguna forma u otra compartiendo sus ideas y opiniones conmigo, contándome sus historias o prestándome materiales y fuentes: Hernán Almeida Melgarejo, David Balbuena, Juan Manuel Casal, Miguel Chiloteguy, César y su hija Gigi Espósito, Ruy Farías, Olavo Ferreiro, Melanio Agustín Gómez Vázquez, Beatriz González del Bosío y su primo Julio González Oddone, Mónica Mareco, Fernando Oddone, Sebastián Pérez Codas y su padre Gustavo Pérez Samaniego-Abente, Pablo Pesado, Martín Romano y Andrea Tutte, Ricardo Scavone Yegros, Miguel Anxo Seixas Seoane, y Eduardo Veiga Ortiz.

Finally, switching to my native tongue, I would like to thank Barbara Hogenboom at the Centre for Latin American Research and Documentation in Amsterdam for the interest she showed in my PhD project during a brief sojourn in the Netherlands, and for giving me access to the university's well-stocked library.

To Mum and Dad, I can't thank you enough for having raised me to be the kind of person who'd plough so much time and energy into something like this. And George, I won't bother thanking you because you'll just protest that you didn't do anything and that it's a meaningless gesture.

RESUMO

A presente tese abarca a inmigración española e particularmente a galega no Paraguai durante o período das grandes migracións transatlánticas. En primeiro lugar, analízanse as características cuantitativas deste fluxo migratorio (o número e o perfil demográfico dos inmigrantes españois ao longo do tempo e en función das distintas rexións de orixe). Abórdanse logo as cuestións cualitativas como a distribución física dos inmigrantes dentro e fóra da cidade de Asunción; os procesos de inserción socio-económica; o papel da man de obra estranxeira na transición paraguaia ao capitalismo trala Guerra da Tripla Alianza (1864-1870); as contribucións dos inmigrantes á política, á sociedade civil e ás artes; ou os seus vínculos con España e coas comunidades de emigrados no Río da Prata a través da prensa, os cónsules e outros mediadores culturais. Os resultados tamén aportan novos coñecementos sobre aspectos da historia paraguaia como a inmigración espontánea nos tempos do presidente Carlos Antonio López (1844-1862), o desenvolvemento da prensa e a literatura decimonónicas, a actividade galeguista do escritor paraguaio Eloy Fariña Núñez nos anos 1920, ou a *Legión Civil Extranjera* durante a Guerra do Chaco (1932-1935). A conclusión central consiste en que, malia seren poucos numericamente, a influencia dos inmigrantes galegos na historia do Paraguai foi considerable e desproporcionada ao seu pequeno tamaño como colectividade. Non obstante, hai que matizar que os contemporáneos non adoitaban percibilos como un grupo diferenciado dentro da colonia española.

Palabras clave: Paraguai, Galicia, España, inmigración, emigración, destino atípico, sistema mundial, política, prensa, literatura, asociacionismo, hispano-americanismo, cónsules

RESUMEN

La presente tesis aborda la inmigración española y particularmente la gallega al Paraguay durante el período de las grandes migraciones transatlánticas. En primer lugar, se analizan las características cuantitativas de este flujo migratorio (el número y perfil demográfico de los inmigrantes españoles a lo largo del tiempo y en función de las diferentes regiones de origen). Después, se abarcan temas cualitativos como la distribución física de los inmigrantes dentro y fuera de la ciudad de Asunción; los procesos de inserción socioeconómica; el papel de la mano de obra extranjera en la transición paraguaya al capitalismo después de la Guerra de la Triple Alianza (1864-1870); las contribuciones de los inmigrantes a la política, la sociedad civil y las artes; o sus vínculos con España y con las comunidades de emigrantes del Río de la Plata a través de la prensa, los cónsules y otros mediadores culturales. Los resultados también aportan nuevos conocimientos sobre aspectos de la historia paraguaya como la inmigración espontánea durante la época del presidente Carlos Antonio López (1844-1862), el desarrollo de la prensa y la literatura decimonónicas, la actividad galleguista del escritor paraguayo Eloy Fariña Núñez en la década de 1920, o la Legión Civil Extranjera durante la Guerra del Chaco (1932-1935). La conclusión central es que, a pesar de ser pocos, la influencia de los inmigrantes gallegos en la historia del Paraguay fue considerable y desproporcionada con respecto a su pequeño tamaño como colectividad. Sin embargo, cabe señalar que los contemporáneos no solían percibirlos como un grupo diferenciado dentro de la colonia española.

Palabras clave: Paraguay, Galicia, España, inmigración, emigración, destino atípico, sistema mundial, política, prensa, literatura, asociacionismo, hispano-americanismo, cónsules

ABSTRACT

This thesis analyses Spanish and particularly Galician immigration in Paraguay during the period of massive-scale transatlantic migrations. Firstly, the quantitative characteristics of this migratory flow are studied (the number and demographic profile of Spanish immigrants over time and with regards to their diverse regions of origin). Qualitative questions are then addressed, such as the physical distribution of these immigrants inside and outside the city of Asunción; the processes of socio-economic insertion; the role of foreign labour in the Paraguayan transition to capitalism after the Triple Alliance War (1864-1870); the contributions of immigrants to politics, civil society, and the arts; or their links with Spain and with the communities of emigrants in the River Plate region through the press, consuls and other cultural mediators. The results also offer new insights into aspects of Paraguayan history such as spontaneous immigration in the days of president Carlos Antonio López (1844-1862), the development of nineteenth-century press and literature, the pro-Galician activities of the Paraguayan writer Eloy Fariña Núñez in the 1920s, or the Foreign Civil Legion during the Chaco War (1932-1935). The central conclusion is that, despite being few in number, the influence of Galician immigrants in the history of Paraguay was considerable and disproportionate to their small size as a group. However, it should be noted that contemporaries did not usually perceive them as a differentiated group within the Spanish community.

Key words: Paraguay, Galicia, Spain, immigration, emigration, atypical destination, world system, politics, press, literature, associationism, Hispano-Americanism, consuls

ÍNDICE

ÍNDICE DE SIGLAS E ABREVIATURAS 13
OBJECTIVES AND HYPOTHESES 14
OBJETIVOS E HIPÓTESIS 16
CAPÍTULO 1. INTRODUCIÓN: OBXECTIVOS, METODOLOXÍA E FONTES 18
1.1. Obxectivos, hipóteses e marco temporal 19
1.2. O marco teórico 21
1.2.1. As teorías macro dos estudos migratorios 21
1.2.2. As teorías micro dos estudos migratorios 22
1.2.3. As redes e os sistemas migratorios 25
1.3. As fontes e o seu contexto 26
1.4. Estado da cuestión 31
1.4.1. A emigración galega, un estado da cuestión 31
1.4.2. A inmigración no Paraguai, un estado da cuestión 33
1.5. Metodoloxía 37
CAPÍTULO 2. O CONTEXTO HISTÓRICO: PARAGUAI ENTRE 1850-1960 40
2.1. Finais da primeira república paraguaia (1850-1864) 41
2.2. A Tripla Alianza e a posguerra (1865-1879) 44
2.3. A *pax* colorada e as grandes estancias (1880-1904) 48
2.4. A hexemonía liberal: paz, modernización e guerra (1905-1931) 56
2.5. Xenerais, *pynandi* e a morte do Paraguai liberal (1932-1960) 64
2.6. Conclusión 69
CAPÍTULO 3. UN ESTUDO CUANTITATIVO DA INMIGRACIÓN ESPAÑOLA E GALEGA 70
3.1. Cifras de inmigración española entre 1850-1960 72
3.2. As rexións e as provincias de orixe 77
3.3. A idade e o estado civil dos inmigrantes 83
3.4. A distribución de xénero da colonia española 86
3.5. A política matrimonial dos inmigrantes 89
3.6. As testemuñas ás vodas dos inmigrantes: redes de sociabilidade 92
3.7. O perfil profesional dos inmigrantes 96
3.8. Conclusión 110
CAPÍTULO 4. OS PIONEIROS DO SÉCULO XIX E A PARÁBOLA HISPÁNICA 112
4.1. Os inmigrantes españois nos tempos de López 114
4.2. A Tripla Alianza abre as portas á inmigración 118

4.3. As profesións liberais e a reconstrución do Estado 122
4.3.1. Médicos, masóns e os inicios do asociacionismo 122
4.3.2. A educación secundaria e superior 138
4.3.3. Os galegos e a prensa paraguaia 140
4.3.3.1. Victorino Abente, El Pueblo e o maldito Fors (1870-1871) 140
4.3.3.2. Os avogados Fors e Caamaño, a destrución de La Regeneración (1870) e a implicación dos inmigrantes na política paraguaia antes de 1904 144
4.3.3.3. A poesía satírica e a realidade ficcionada de Abente (1870-1924) 147
4.3.3.4. Benigno Teijeiro Martínez, El Liberal e as primeiras críticas teatrais (1874) 151
4.3.3.5. Entre os látegos de Plácido Casaús e a razón de Vicente R. de Oliveira: o periodismo de combate e o renacemento da prensa gráfica paraguaia (1885-1895) 154
4.4. Teatro, poesía e pintura 166
4.4.1. Teatro. *El doctor Francia* (1874) de Benigno Teijeiro Martínez 166
4.4.2. Poesía. *La Sibila paraguaya* (1886) de Victorino Abente y Lago e a súa influencia sobre o nacionalismo paraguaio 170
4.4.3. Pintura. A estadía de Joaquín Vaamonde Cornide (1891-1892) 175
4.5. Conclusión 177
CAPÍTULO 5. ASPECTOS SOCIO-ECONÓMICOS DA INMIGRACIÓN GALEGA NO PARAGUAI 179
5.1. A distribución física da colectividade galega na capital e o desenvolvemento arquitectónico de Asunción, Areguá, Concepción e Villa del Pilar 180
5.2. As inversións na terra: especulación, agro-exportación, gandeiros e agricultores 196
5.3. Comercio étnico, publicidade e a cadea migratoria Balteiro-Sanjurjo (1870-1911) 208
5.4. As contribucións do alto comercio ás causas benéficas e o liderado étnico de Camilo Pérez y Pérez (1910-1922) 216
5.5. Fútbol, mobilidade social e os descendentes dos primeiros inmigrantes 225
5.6. As mulleres galegas no Paraguai 229
5.7. A *Legión Civil Extranjera* (LCE) durante a Guerra do Chaco 236
5.8. Conclusión 240
CAPÍTULO 6. A COLECTIVIDADE GALEGA E OS SEUS VÍNCULOS INTERNACIONAIS: PARAGUAI, ARXENTINA E ESPAÑA 243
6.1. Cónsules e diplomacia 245
6.1.1. Os galegos no consulado de España en Asunción e nos consulados do Paraguai en A Coruña, Concepción del Uruguay e Paraná (1870-1909) 245
6.1.2. O consulado do Paraguai en Vigo (1893-1937) 249

6.2. Indianos, turistas e viaxeiros con morriña 262

6.3. A (case) ausencia dun galeguismo paraguaio e a excepción que confirma a regra: Eloy Fariña Núñez 273

6.4. Hispano-americanismo, españolismo e mediadores culturais 281

6.5. Asociacionismo, educación e festas patrias: o Casino Español de San Lorenzo baixo a presidencia de Manuel González Táboas e o Centro Español de Villarrica 294

6.6. Marcelino Dold§n, o consulado do Para (1955-1958) 298

6.7. Conclusión 304

CONCLUSIÓNS FINAIS 306

FINAL CONCLUSIONS 311

CONCLUSIONES FINALES 316

BIBLIOGRAFÍA 322

FONTES HEMEROGRÁFICAS 343

ARQUIVOS CONSULTADOS 346

PÁXINAS WEB 347

ANEXO I. ASINANTES DA *PROTESTA DE LOS ESPAÑOLES CONTRA LA CANDIDATURA DEL DUQUE DE AOSTA PARA REY DE ESPAÑA* (XANEIRO DE 1871) 349

ANEXO II. NÓMINA DE ESPAÑOIS AFILIADOS Á *LEGIÓN CIVIL EXTRANJERA* (XANEIRO DE 1935) 350

ÍNDICE DE SIGLAS E ABREVIATURAS

AEPM. Asociación Estrangera de Protección Mútua
AHMRREE. Archivo Histórico del Ministerio de Relaciones Exteriores del Paraguay
AHN. Archivo Histórico Nacional
AHU. Arquivo Histórico Universitario
ANA. Archivo Nacional de Asunción
ANR: Asociación Nacional Republicana
BEP: Banco de España y Paraguay
BNP: Biblioteca Nacional del Paraguay
CAB. Casa de América de Barcelona [soamente nas notas de pé]
CdH. Consejo de Higiene
CdHP. Consejo de Higiene Pública
CdM. Consejo de Medicina
CCCC. Casa de la Cultura "Carlos Colombino"
CEMLA. Centro de Estudios Migratorios Latinoamericanos
FSGAC. Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales
IRA. Instituto de Reforma Agraria
JAE. Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas
LCE. Legión Civil Extranjera
MDNP. Ministerio de Defensa Nacional del Paraguay
RAG. Real Academia Galega
RREE. Relaciones Exteriores
SECDT. Secretaría de Educación, Cultura, Deporte y Turismo de Areguá
SESMAP. Sociedad Española de Socorros Mutuos de Asunción del Paraguay
SFE. *Sociedad Filantrópica Española*
SRE. *Sociedad Recreativa España*
UNA. Universidad Nacional de Asunción
USC. Universidade de Santiago de Compostela

OBJECTIVES AND HYPOTHESES

The aim of this doctoral thesis is to address a lacuna in two different historiographies: Galician emigration and immigration in Paraguay. More than twenty years ago, Ramón Villares (1998: 84) wrote that it could seem rather unoriginal to start off by stating that the history of modern Galicia can scarcely be comprehended if the migratory question is not taken into consideration. It is a decisive element in the country's recent history, around which a fecund historiography has grown and continues to grow. But the presence of these emigrants in Paraguay has yet to be studied, despite this nation's proximity —just a few days' journey along the river Paraná— to Buenos Aires, that "fifth province of Galicia" where hundreds of thousands of Galicians disembarked during our period of analysis. There also exists a fairly solid historiography on foreign immigration into Paraguay. Regional differences leave their mark in one way or another on other migratory flows, but their influence is particularly tangible in the Spanish case. In this sense, the Spanish community in Paraguay has been a topic of interest for many researchers, but only on a few occasions has a distinction been drawn between immigrants' regions of origin. Galician immigrants have never been studied as a discrete group.

Beyond the novelty of the object of study, it is necessary to establish lines of historical questioning that suppose an "advance" in the field through an examination of issues that have not been explored in previous research. These issues concern the characteristics of the Spanish community as a whole, the broader context of the historical influence that foreign immigration had in Paraguay, the socio-cultural development of the republic in the midst of the great shifts and ruptures that run through this period, or the expansion of Galician migration networks across the Southern Cone. Therefore, our central objective is to answer the following questions:

1. How many Spanish and Galician immigrants settled in Paraguay between 1850 and 1960?
2. What were the demographic features of this migratory flow?
3. Was there Spanish and Galician immigration outside the city of Asunción?
4. What sectors were they employed in and what was their socio-economic function?
5. Were they involved in civil society organisations?
6. Did they make any notable contributions to the arts or science in the destination country?
7. Can any differential traits be detected in the Galician immigrant community when contrasted with other Spanish groups?
8. What kinship, associative or cultural connections were established between the Galician community in Paraguay and their equivalents in neighbouring countries or even Spain itself?
9. What role did consuls play in the expansion of migration and other forms of exchange between Galicia and Paraguay?

The solutions to these questions will serve to prove or disprove the hypotheses that orientate this work of research. Based on the conclusions we drew from an initial study, specifically a master's dissertation written during the 2015-2016 academic year under the supervision of professor Eduardo Rey Tristán at the University of Santiago de Compostela (USC), the following hypotheses can be proposed:

A. Paraguay was a minority destination country for Spaniards and Galicians.

B. The majority of immigrants arrived during the interwar period (1870-1932), and in particular after the year 1900.

C. At the commencement of the migratory cycle, the pioneers were unmarried young men.

D. Later on, migration chains formed, and women, married men and elderly people arrived too.

E. There was Spanish and Galician immigration outside the city of Asunción, but quantitatively it was very limited.

F. Most immigrants worked in commerce.

G. A minority of immigrants worked in the liberal professions.

H. Galicians' involvement in civil society organisations helped them to integrate, become visible in and exert an influence upon Paraguayan society.

I. Working in the liberal professions, some Galicians made notable contributions to the arts and science in Paraguay.

J. Some differential traits can be detected in the Galician immigrant community when contrasted with other Spanish groups.

K. However, in the case of the small Spanish community in Paraguay, immigrants' shared traits and sense of identity were more visible and historically important than their regional differences.

L. The Galician community in Paraguay maintained strong kinship, associative and cultural connections with Spain and the countries of the River Plate region, thanks to the existence of migration networks on the one hand, and the activities of various cultural agents and institutions on the other.

M. Said connections gained in intensity during the twentieth century as a result of the continued development of migration networks and the rise of the Hispano-Americanist zeitgeist on both sides of the Atlantic.

N. Consuls stimulated commercial and cultural exchange with more success than they did the transfer of Galician emigrants to Paraguay.

Furthermore, one last transversal hypothesis is proposed for this line of research: **despite being few in number, Galician immi economic, and cultural history of Paraguay was considerable and disproportionate to their numerical weight**.

Lastly, it is appropriate to justify our chosen period of study. The decades comprising 1850-1960 are not an "orthodox" timeframe because neither 1850 nor 1960 coincide with any event that has traditionally been treated as a cut-off point in Paraguayan history. The motive behind this decision is to contextualise the object of study in the longue durée. As is stated in hypothesis B, as we start this work of research, we expect to find that the majority of Galician immigrants settled between the Triple Alliance War (1864-1870) and the Chaco War (1932-1935). Nevertheless, by leaving these margins before and after the interwar period, we also hope to observe processes of change and continuity that occurred in the decades immediately preceding and following it.

OBJETIVOS E HIPÓTESIS

Con la presente tesis doctoral pretendemos llenar un vacío en dos historiografías: la de la emigración gallega y la de la inmigración en Paraguay. Hace ya más de veinte años, Ramón Villares (1998: 84) escribió que puede resultar escasamente original comenzar por afirmar que la historia de la Galicia contemporánea es difícil de comprender sin tener en cuenta la influencia del fenómeno migratorio. Estamos ante un hecho decisivo en la historia reciente de este país, sobre el cual ha ido reflexionando una tradición historiográfica fecunda que sigue creciendo en la actualidad. Pero todavía no se ha estudiado la presencia de estos emigrantes en el Paraguay, a pesar de su proximidad —apenas unos días de viaje por el río Paraná— a la gran urbe de Buenos Aires, esa «quinta provincia gallega» donde arribaron cientos de miles de hijos e hijas de Galicia durante nuestro período de estudio. Por otro lado, existe una historiografía bastante consolidada sobre la inmigración extranjera en tierras paraguayas. Las diferencias regionales siempre pesan de una forma u otra sobre cada flujo migratorio específico, pero tienen una influencia especialmente marcada en el caso español. Dentro de este campo, podemos señalar que la comunidad española en dicha república ha despertado el interés de diversos investigadores, pero muy pocas veces se ha discriminado entre sus regiones de origen. Los inmigrantes gallegos nunca se han estudiado como tal.

El objeto de estudio puede ser novedoso, pero también es necesario plantear algunas cuestiones históricas que hagan "avanzar" la disciplina al profundizar en ámbitos que no se hayan tratado en trabajos anteriores. Estos temas se relacionan con las características de la colonia española en conjunto, el contexto más amplio de la influencia de la inmigración extranjera en el desarrollo histórico del Paraguay, la formación sociocultural del país durante los grandes cambios y rupturas de este período, o la expansión de las redes migratorias que los gallegos tejieron a lo largo del Cono Sur. Entonces, el objetivo de esta investigación es resolver las siguientes preguntas centrales:

1. ¿Cuántos españoles y gallegos inmigraron entre 1850 y 1960?
2. ¿Cuál fue su perfil demográfico?
3. ¿Hubo inmigración española y gallega fuera de Asunción?
4. ¿En qué sectores laborales se insertaron y qué papel socioeconómico tuvieron?
5. ¿Qué participación tuvieron en las instituciones de la sociedad civil?
6. ¿Realizaron contribuciones destacadas a las artes o las ciencias en el país de destino?
7. ¿Presenta la comunidad de inmigrantes gallegos algún rasgo diferenciador frente a las demás comunidades españolas?
8. ¿Qué vínculos familiares, asociativos o culturales se forjaron entre la comunidad gallega en Paraguay y sus pares en los países vecinos o España?
9. ¿Qué papel desempeñaron los cónsules a la hora de potenciar las migraciones y el intercambio entre Galicia y Paraguay?

Las respuestas a estas preguntas contrastarán las hipótesis que guían el proceso de investigación. A partir de las conclusiones de una aproximación inicial a esta temática, concretamente un trabajo fin de máster realizado en la Universidade de Santiago de Compostela (USC) durante el curso 2015-2016 bajo la dirección del profesor Eduardo Rey Tristán, proponemos las siguientes hipótesis:

A. Paraguay era un destino migratorio muy minoritario para los españoles y gallegos.

B. La mayoría de los inmigrantes llegó durante el período de entreguerras (1870-1932), pero especialmente durante el siglo XX.

C. Al inicio del ciclo migratorio, los pioneros fueron varones jóvenes y solteros.

D. Posteriormente, se formaron cadenas migratorias y también llegaron mujeres, hombres casados y ancianos.

E. Hubo inmigración española y gallega fuera de Asunción, pero cuantitativamente muy limitada.

F. La mayoría de los inmigrantes trabajaba en el sector comercial.

G. Una minoría de los inmigrantes trabajaba en las profesiones liberales.

H. Su acción a través de las asociaciones de la sociedad civil facilitó que los gallegos se integraran, se visibilizaran e influyeran en la sociedad paraguaya.

I. Desde las profesiones liberales, algunos gallegos hicieron contribuciones relevantes a las artes y las ciencias en el Paraguay.

J. Pueden observarse algunos rasgos diferenciadores entre los inmigrantes gallegos frente a los demás españoles.

K. Sin embargo, en el caso de la pequeña colonia española en Paraguay, las características e identidad compartidas de los inmigrantes nacidos en diferentes regiones tuvieron más visibilidad y relevancia histórica que sus diferencias.

L. La comunidad gallega en Paraguay mantuvo importantes vínculos familiares, asociativos y culturales con España y los países del Río de la Plata, gracias al funcionamiento de las redes migratorias por un lado, y por otro a las actividades de diversos agentes e instituciones culturales.

M. Estas conexiones se intensificaron en el siglo XX con el mayor desarrollo de las redes migratorias y al calor del pensamiento hispano-americanista a ambas orillas del Atlántico.

N. Los cónsules estimularon los intercambios comerciales y culturales con mayor éxito que el movimiento de emigrantes gallegos hacia el Paraguay.

Además, proponemos una hipótesis central y transversal que vertebrará la totalidad de la investigación: **a pesar de ser pocos numéricamente, la influencia cualitativa de los inmigrantes gallegos en la historia social, económica y cultural del Paraguay fue considerable y desproporcionada en relación a su pequeño tamaño como colectividad**.

Finalmente, puede resultar conveniente justificar el período de estudio elegido. El lapso 1850-1960 no constituye un marco temporal "ortodoxo" porque ni el año 1850 ni el 1960 coinciden con ningún acontecimiento tradicionalmente reconocido como punto de corte en la historia paraguaya. El propósito tras esta decisión es contextualizar el objeto de estudio en el tiempo histórico de larga duración. Como reza la hipótesis B, al inicio de la investigación creemos que la mayoría de los inmigrantes gallegos llegó al país entre la Guerra de la Triple Alianza (1864-1870) y la Guerra del Chaco (1932-1935). No obstante, dejar estos márgenes antes y después del período de entreguerras permite detectar los procesos de cambio o continuidad que se produjeron en las décadas anteriores y posteriores.

CAPÍTULO 1. INTRODUCIÓN: OBXECTIVOS, METODOLOXÍA E FONTES

1.1. Obxectivos, hipóteses e marco temporal

Coa presente tese doutoral pretendemos encher unha lagoa en dúas historiografías: a da emigración galega e a da inmigración no Paraguai. Hai máis de vinte anos xa, Ramón Villares (1998: 84) escribiu que pode parecer escasamente orixinal comezar por afirmar que a historia da Galicia contemporánea é difícil de comprender sen ter en conta a influencia que sobre ela exerceu o fenómeno migratorio. Estamos ante un feito decisivo na historia contemporánea deste país, o cal redundou nunha historiografía fecunda que segue crecendo na actualidade. Pero aínda non se estudou a presenza destes emigrantes no Paraguai, a pesar da súa veciñanza —uns días de viaxe polo río Paraná— á gran urbe bonaerense, aquela «quinta provincia galega» onde arribaron centenares de miles de fillos e fillas de Galicia durante o noso período de estudo. Tamén existe unha historiografía bastante consolidada da inmigración estranxeira en terras paraguaias. As diferenzas rexionais pesan dunha forma ou outra noutras correntes migratorias, pero teñen unha influencia particularmente marcada no caso español. Neste ámbito, podemos sinalar que a colectividade española naquela república ten suscitado o interese de diversos investigadores, mais soamente en moi contadas ocasións se discriminou entre as súas rexións de procedencia. Os inmigrantes galegos xamais se estudaron como tal.

O obxecto de estudo pode ser novidoso, pero tamén hai que formular unhas preguntas históricas que fagan 'avanzar' a disciplina mergullando en asuntos que non se trataron en traballos previos. Estes asuntos relaciónanse coas características da colonia española en conxunto, o contexto máis amplo da influencia da inmigración estranxeira no devir histórico do Paraguai, a formación socio-cultural do país durante as grandes mudanzas e rupturas deste período, ou a expansión das redes migratorias que os galegos teceron por todo o Cono Sur. Entón, o obxectivo desta pesquisa é resolver os seguintes interrogantes centrais:

1. Cantos españois e galegos inmigraron entre 1850 e 1960?
2. Como foi o seu perfil demográfico?
3. Houbo inmigración española e galega fóra de Asunción?
4. En que sectores laborais se inseriron e que papel socio-económico tiveron?
5. Que implicación tiveron nas institucións da sociedade civil?
6. Realizaron algún aporte destacable ás artes ou á ciencia no país de destino?
7. A colectividade galega amosa algún trazo diferencial fronte ás demais colectividades españolas?
8. Que vínculos familiares, asociativos ou culturais se urdiron entre a comunidade galega no Paraguai e as súas pares nos países veciños ou na propia España?
9. Que rol exerceron os cónsules á hora de potenciar as migracións e o intercambio entre Galicia e Paraguai?

As respostas a estas preguntas servirán para comprobar as hipóteses que orientan o proceso investigador. Baseándonos nas conclusións dun achegamento inicial á temática, concretamente un traballo fin de máster que realizamos na Universidade de Santiago de Compostela (USC) durante o curso 2015-2016 baixo a dirección do profesor Eduardo Rey Tristán, propoñemos as seguintes hipóteses:

A. Paraguai era un destino migratorio moi minoritario para os españois e galegos.
B. A meirande parte dos inmigrantes chegou durante o período de entreguerras (1870-1932), pero sobre todo no século XX.

C. No inicio do ciclo migratorio, os pioneiros foron varóns mozos e solteiros.

D. Posteriormente, formáronse cadeas migratorias e tamén chegaron mulleres, homes casados e persoas maiores.

E. Houbo inmigración española e galega fóra de Asunción, pero cuantitativamente moi limitada.

F. A maioría dos inmigrantes traballaba no comercio.

G. Unha minoría dos inmigrantes traballaba nas profesións liberais.

H. A súa actuación nas asociacións da sociedade civil facilitaba que os galegos se integrasen, se visibilizasen, e influísen na sociedade paraguaia.

I. Dende as profesións liberais, certos galegos realizaron aportes destacables ás artes e á ciencia no Paraguai.

J. Obsérvanse algúns trazos diferenciais entre os inmigrantes galegos fronte aos demais españois.

K. Non obstante, no caso da pequena colonia española no Paraguai, as características e a identidade compartidas dos inmigrantes nacidos en distintas rexións tiñan máis visibilidade e relevancia histórica que as súas diferenzas.

L. A comunidade galega no Paraguai mantiña importantes conexións familiares, asociativas e culturais con España e os países do Río da Prata, grazas ao funcionamento das redes migratorias por un lado, e por outro ás actividades de diversos axentes e institucións culturais.

M. Estas conexións intensificáronse no século XX co maior desenvolvemento das redes migratorias e á calor do pensamento hispano-americanista a ambas beiras do Atlántico.

N. Os cónsules estimulaban os intercambios comerciais e culturais con maior éxito do que estimulaban o movemento de emigrantes galegos cara ao Paraguai.

Ademais, propoñemos unha hipótese central e transversal que vertebrará a investigación: **malia seren poucos numericamente, a influencia cualitativa dos inmigrantes galegos na historia social, económica e cultural do Paraguai foi considerable e desproporcionada ao seu pequeno tamaño como colectividade**.

Por último, en certa medida cómpre xustificar o período de estudo escolmado. O lapso 1850-1960 non é un marco temporal ‘ortodoxo’ porque nin o ano 1850 nin o 1960 coincide con ningún acontecemento tradicionalmente tratado como un punto de corte na historia paraguaia. O propósito desta decisión é contextualizar o obxecto de estudo no tempo histórico de longa duración. Como reza a hipótese B, ao iniciar a pesquisa cremos que a meirande parte dos inmigrantes galegos chegou ao país entre a Guerra da Tripla Alianza (1864-1870) e a Guerra do Chaco (1932-1935). Porén, deixando esas marxes antes e despois do período de entreguerras, tamén pretendemos observar os procesos de cambio ou continuidade que se producisen nas décadas anteriores e posteriores.

1.2. O marco teórico

1.2.1. As teorías macro dos estudos migratorios

Nas postremeiras do século XIX, o xeógrafo anglo-alemán Ernst Georg Ravenstein sentou as bases dos estudos migratorios como disciplina sistematizada e diferenciada. As súas «leis da migración» son froito dun estudo que utilizou datos procedentes de máis de vinte países, entre eles os censos ingleses de 1871 e 1881. A raíz desta investigación, Ravenstein (1885, 1889) puido describir o mecanismo que expulsaba efectivos das rexións onde había un exceso de man de obra para canalizalos ás rexións onde había unha deficiencia. Unha das innovacións científicas de Ravenstein foi introducir os factores *pull* (de atracción) e *push* (de expulsión), formulados basicamente como forzas de índole económica. Arango (1985: 8) sinala que se trata da primeira teoría sistemática —menos analítica que descritiva— para explicar as migracións humanas. Estas leis da migración servirían como punto de partida para toda formulación posterior (García Abad, 2003: 331).

Nesta primeira etapa, as teorías empregaban modelos macroanalíticos, particularmente macroeconómicos, que tentaban identificar regularidades que dilucidasen os fenómenos a gran escala. Concretamente, as teorías macro abordan o estudo de grandes grupos de persoas, amplos marcos xeográficos e longos períodos de tempo. Baséanse en fontes de datos agregados como censos de poboación, rexistros civís ou series estatísticas (García Abad, 2003: 331, 335). A publicación dunha nova teoría das migracións por Lee (1966) supuxo un avance técnico considerable. Lee aportou matices aos modelos clásicos, herdeiros de Ravenstein. Destaca a novidade de que, malia a existencia de factores de atracción e expulsión obxectivos, outros factores persoais poden provocar reaccións moi distintas á hora de tomar a decisión de emigrar, dependendo do individuo (Lee, 1966: 52). O traballo de Lee representa un primeiro paso cara á "explosión teórica" que se produciu dende finais dos anos sesenta (Silvestre Rodríguez, 2000: 161). Nestoutra etapa, os investigadores partían de novos enfoques que xa non trataban o migrante como un obxecto inerte, arrastrado dunha rexión a outra polas forzas impersoais do mercado salarial, sen explicaren os comportamentos diferenciados, as dinámicas locais nin o proceso de toma de decisións das persoas (García Abad, 2003: 334).

Moitos dos novos enfoques seguirían obedecendo a criterios de análise macro. Por unha banda están as teorías da «economía neoclásica», o denominado «modelo dualista» ou «modelo de desequilibrio», cuxos inicios atópanse nos traballos —anteriores á teoría de Lee— de Lewis (1954), Fei e Ranis (1961). Estes modelos procuran explicar o proceso de desenvolvemento típico en países do Terceiro Mundo, onde o exceso de man de obra no sector agrario de subsistencia se transvasa cara ao sector urbano industrial (Silvestre Rodríguez, 2000: 172). Parten da suposición de que a causa principal das migracións son os desaxustes salariais e que os mercados non laborais teñen pouco peso na súa articulación (Massey et al., 1993: 443-434). Por outro lado están os enfoques «histórico-estruturais». Denomínanse «históricos» porque reivindican unha maior atención ao contexto histórico-social onde se están producindo as migracións, e son «estruturais» porque se centran nas transformacións que as sociedades e as economías sofren como resultado da penetración capitalista, e como estas transformacións afectan a diferentes sectores da poboación (Silvestre Rodríguez, 2000: 174). Entón, son enfoques que estudan as migracións a vista de paxaro cunha perspectiva aínda máis ampla que a teoría macro da economía neoclásica, dado que a emigración non é considerada como un

conxunto de decisións individuais, senón que se interesan pola mobilidade de grupos socio-económicos enteiros (García Abad, 2003: 337).

O primeiro dos enfoques histórico-estruturais é a «teoría do sistema mundial», deliñada orixinalmente por Wallerstein (1974). No contexto da medra da emigración procedente do Terceiro Mundo nos anos setenta, este método explica que a expansión do sistema mundial do capitalismo destrúe as formas de produción tradicionais en zonas ou países «periféricos», o cal crea un excedente de man de obra e estimula a migración cara ás cidades das zonas ou países «centrais» (Massey, 1990: 17). O segundo é o «modelo de traballo dual ou segmentado», cuxo máximo representante é Piore (1979). Piore divide o mercado laboral en dous segmentos: un sector primario de emprego profesional e estable, no cal as empresas teñen que inverter na formación dos traballadores converténdoos virtualmente nunha forma de capital; e un sector secundario de emprego inestable ou estacional que dá traballo a grandes cantidades de persoas non cualificadas. Este segundo sector adoita estar máis aberto aos inmigrantes pois é pouco atractivo para os nativos da rexión receptora (Massey et al., 1993: 442-443). Mentres que a teoría do sistema mundial interésase sobre todo polos factores de expulsión nos países de orixe, o modelo de traballo dual ou segmentado céntrase máis nos factores de atracción nos países de destino, ou sexa as necesidades intrínsecas das economías industrializadas que demandan a chegada masiva de inmigrantes (García Abad, 2003: 338).

1.2.2. As teorías micro dos estudos migratorios

Os enfoques micro xurdiron durante os anos setenta e oitenta para paliar algunhas das deficiencias das teorías macro. Este cambio de rumbo enténdese no contexto dunha crise xeneralizada en todos os campos do saber que respondía ao despunte do feminismo, do pos-colonialismo, e doutros movementos que cuestionaban os grandes paradigmas explicativos (Burke, 2004: 43). Nestas décadas publícanse as primeiras obras de microhistoria de autores como Carlo Ginzburg ou Natalie Zemon Davis, cuxos ‘personaxes’ Menocchio e Martin Guerre son case tan coñecidos como os mesmos investigadores que reconstruíron as súas vidas (Burke, 2004: 43).

A xuízo de Szijártó (2004), o emprego das técnicas da microhistoria leva varias vantaxes. Unha delas é que a perspectiva micro achega o lector aos detalles máis finos do pasado, e así crea unha historia máis ‘realista’, máis atada aos feitos ocorridos. Isto vincúlase a outra das súas vantaxes: a microhistoria acércase á vida cotiá das persoas. Ademais, dado que as experiencias individuais non se limitan a un só contexto social ou profesional, a microhistoria ten o potencial de presentar toda unha diversidade de contextos dentro dunha mesma pesquisa, polo cal sempre está orientada cara ás xeneralidades. A posibilidade de observarmos comportamentos singulares e sacar conclusións xerais é de gran proveito nos estudos migratorios. As dúas grandes correntes nesta liña son os modelos micro da economía neoclásica e a «nova economía das migracións» (*new economics of migration*).

Os autores que aplican a teoría neoclásica a unha escala micro aínda antepoñen os mercados laborais e as diferenzas de salarios a outros factores causais, pero o seu obxecto de estudo é a decisión migratoria individual que se conceptúa como un cálculo de costes e beneficios realizado por un actor racional, cuxas preferencias propias poden levalo a amosar comportamentos que o diferencian doutros emigrantes ante idénticas condicións económicas

(Massey et al., 1993: 434; Silvestre Rodríguez, 2000: 165). Este método non ten por que chocar coas conclusións dunha análise macro, senón que ofrece datos complementarios dende o punto de vista do individuo. A corrente central destes enfoques considera a emigración como unha inversión en «capital humano» (*human capital*). Os representantes principais de dita teoría, en orde cronolóxica, son Solow (1963), Becker (1975) e Schultz (1987). Outro aporte relevante é o concepto das «ganancias esperadas» (*expected income*) de Todaro (1976) que sirve para distinguir entre as diferenzas reais de salarios e o aumento salarial ao que un emigrante pode aspirar na práctica, tomando en conta a información dispoñible e as súas habilidades. Segundo estes autores:

> As persoas múdanse aos lugares onde poden ser máis produtivas en función das súas aptitudes; pero antes de que poidan conseguir os salarios altos asociados coa maior produtividade laboral, deben facer certas inversións, entre elas os costes materiais da viaxe, os costes de manutención durante a mudanza e a busca de emprego, o esforzo de aprender unha nova lingua e cultura, a dificultade de adaptarse a un novo mercado laboral, e os costes psicolóxicos de romper lazos afectivos e forxar novos. (Massey et al., 1993: 434) [Tradución do autor]

En resumo, o emigrante usualmente escollerá o destino onde as ganancias esperadas —ou sexa os rendementos á súa inversión en capital humano— resultarán maiores durante o período de tempo máis dilatado (Borjas, 1990).

Como xa quedou constatado, a óptica micro da economía neoclásica non necesariamente colide coa perspectiva macro; ambas comparten o suposto dun proceso racional de toma de decisións que responde ás presións do mercado salarial. Pero algunhas das súas conclusións son distintas, e estoutras serven para arroiar luz sobre certos aspectos do proceso que están fóra do alcance dunha análise macro. Concretamente, ao reducir o obxecto de estudo ao nivel do individuo, comeza a ser posible discernir os motivos do comportamento diferenciado das persoas en función dos seus recursos de capital humano (como educación, formación, linguas ou experiencia laboral). Ademais, ofrécese unha potencial solución ao problema conceptual da existencia de fluxos migratorios cara a un destino con peores condicións laborais que na zona de orixe – algo que parecería socavar a validez dos modelos dualistas ou de desequilibrio. En cambio, se as condicións nun país son propicias para estas micro-inversións en capital humano, os costes migratorios poden ser negativos incluso se hai un lixeiro empeoramento salarial (Massey et al., 1993: 435).

Por outra banda, a teoría da nova economía das migracións asume que o estudo das decisións individuais é unha perspectiva demasiado restrinxida, e insiste na necesidade de tomar a familia como unidade mínima de análise. O máis coñecido dos seus propoñentes é Stark (1993). Esta teoría sostén que a emigración non depende única nin principalmente das diferenzas salariais entre orixe e destino, senón que a decisión de emigrar forma parte dunha estratexia familiar para diversificar riscos (Massey et al., 1993: 435). Outro aporte destacable na nova economía das migracións é o modelo confeccionado por Root e De Jong (1991) que procura recoller os distintos condicionantes que inciden nas estratexias familiares e organizalos nun esquema empiricamente comprobable. Son cinco os condicionantes: os vínculos de parentesco entre o lugar de orixe e o lugar de destino que poden facilitar as migracións posteriores; a presión familiar a favor ou en contra da emigración dunha persoa; a estrutura e o tamaño da familia; os recursos —diñeiro, terra, capital humano— dos que dispón a familia; e a mobilidade anterior dalgún membro dela (Root e De Jong, 1991: 223).

A este modelo ten que engadirse o concepto de «carencia relativa» (*relative deprivation*). Baixo este concepto, as familias ou os migrantes potenciais non adoitan comparar o seu nivel de vida e recursos con, por exemplo, os salarios que poden cobrar no estranxeiro. En vez disto, confróntanos co nivel de vida e recursos doutras familias na súa mesma comunidade — un cotexo que se pode condensar en catro frases: "non teño", "quero ter" (carencia), "os meus veciños teñen" e "eu tamén podería ter" (relativa) (Stark e Taylor, 1989: 8-9). Entón, Stark (1993: 110) teoriza que en xeral a emigración non procede necesariamente das zonas máis pobres senón das máis desiguais. Neste senso, o enriquecemento dunha comunidade a base súa experiencia migratoria podería fomentar máis emigración se se aumentase a carencia relativa. Xa no século XVIII, un exemplo práctico sería a observación do político Gaspar Melchor de Jovellanos de que o ouro que traían os indianos retornados a Asturias facía medrar a avaricia dos seus veciños e estimulaba a mobilidade da poboación (Anes, 1988: 36).

En contrapartida, unha teoría clásica de Scott (1976: 167) argúe que a carencia relativa é un concepto dificilmente aplicable ás migracións nas sociedades rurais pre-capitalistas, nas cales un certo nivel de desigualdade tolérase sempre que se respecte a «economía moral do campesiño» (*moral economy of the peasant*) que se funda no dereito á subsistencia e a norma de reciprocidade, a miúdo sostida mediante redes de clientelismo. Efectivamente, a nova economía das migracións non está libre de controversias sen resolver. Ao nivel máis básico, o suposto da racionalidade da economía familiar, ao igual que a racionalidade das decisións individuais na economía neoclásica, tense criticado por "*no probado y simplista*" (García Abad, 2003: 345). Por tanto, unha traba metodolóxica moi difícil de superar é como lidar coas tensións intra-familiares, os integrantes que non se someten aos intereses xerais, ou as dinámicas de poder que privilexian algunhas persoas na organización das actividades económicas da familia.

Un exemplo deste tipo de conflitos é o caso do avogado asturiano Rafael Calzada, quen emigrou ao Río da Prata en 1875 a pesar dos consellos disuasivos do seu tío:

> *A la América se van ð me dijoð los hijos de los pobres labradores, que no tienen más armas que sus brazos, ni más porvenir que el del trabajo material, que aquí apenas da para vivir; pero eso de gastarse muchos años y mucho dinero en adquirir un título como el de abogado, e irse por el mundo con la casi seguridad de que no ha de servir para nada, me parece el más garrafal de los disparates.* (Calzada, 1927: 143)

O caso deste emigrante tamén exemplifica outro obstáculo que o uso de fontes como correspondencias ou memorias persoais implica: os problemas de representatividade. Calzada chegou a ser un persoeiro de gran influencia social e política no Bos Aires finisecular — un «líder étnico» da colectividade española (Cagiao Vila e Márquez Macías, 2016). Por tanto, non pode tratarse como un emigrante 'típico' e non é doado saber até que punto as súas experiencias poden ser extensibles a outras persoas e outros contextos.

É preciso ter en mente as citadas dificultades, pero é innegable que a nova economía das migracións abriu novos e importantes campos de pesquisa. Como afirma Silvestre Rodríguez (2000: 169), ao abarcar factores como os sistemas familiares e hereditarios, o ciclo vital, o tipo de traballo a que se aspira ou os imperativos culturais, "*esta perspectiva ha mostrado* […] *una mayor sensibilidad hacia el ñcon caso la toma de decisiones migratorias*". Outro avance é a proliferación de estudos sobre as

mulleres, que de outrora foron "*las grandes olvidadas*" na historia das migracións (García Abad, 2003: 343).

1.2.3. As redes e os sistemas migratorios

Cómpre repetir que as teorías micro non se crearon para substituír as macro, senón que adoitan ser complementarias (Massey et al., 1993: 454). Dende hai tempo os teóricos recomendan a pluralidade metodolóxica no eido dos estudos migratorios (García Abad, 2003: 349). En consecuencia, non é de estrañar que as teorías migratorias máis actuais sexan un punto de encontro entre as perspectivas micro e macro. Nos anos oitenta apareceu a teoría das «redes migratorias» entre os conceptos manexados polos investigadores, en todas cuxas iteracións sobresaen dous elementos: a transmisión de información entre migrantes e migrantes potenciais, e a consolidación de vínculos cooperativos entre persoas e comunidades (Silvestre, 2000: 180).

Esta teoría constrúese nos seus inicios a partir de traballos de Anderson (1971) e Hareven (1978) que trazan o papel organizativo desempeñado polas familias nos fluxos migratorios entre campo e cidade. Un termo clave é o «efecto chamada», o cal alude á atracción que se exerce sobre os parentes e paisanos dos pioneiros e que os incita a emigrar ao mesmo destino que estes (García Abad, 2003: 347). É dicir, á medida que as persoas se trasladan a un lugar, intensifícase a transmisión de información e fortalécense os vínculos cooperativos. Isto reduce os costes migratorios e facilita a mobilidade posterior provocando que ao longo do tempo se formen cadeas migratorias divorciadas, en moitos casos, das causas orixinais do ciclo migratorio, e máis representativas da composición social da comunidade de orixe (Massey et al., 1993: 450). Este fenómeno tamén permite que ás veces as cadeas migratorias se reactiven incluso despois de decenios de inactividade, como foi o caso para moitos españois que marcharon a América durante os anos cincuenta do século XX (Palazón Ferrando, 1992: 220). Esta dinámica das redes denomínase a «causación acumulativa» (*cumulative causation*) das migracións (Massey, 1990).

En estreita relación coa teoría das redes está a «teoría institucional» (*institutional theory*). As migracións xeran institucións como grupos de traficantes, grupos humanitarios ou centros rexionais que facilitan e canalizan os movementos posteriores (Massey et al., 1993: 450-451). Estas institucións están ligadas á «función de auspicio» que consiste nos apoios que os primeiros inmigrantes fornecen aos compatriotas que chegan despois. Isto redunda nunha redución nos costes migratorios centrándose en tres cuestións básicas: o acceso á vivenda, ao mercado de traballo, e a axuda psicolóxica (García Abad, 2003: 347). Para os estudosos das migracións transatlánticas españolas nos últimos douscentos anos, o funcionamento dos centros rexionais o doutras institucións de apoio é dun interese primordial, por tratarse dunha peza clave na actuación e integración destes inmigrantes en América (Blanco Rodríguez, 2010).

Para terminar este apartado, a teoría máis actual e pluralista é a dos «sistemas migratorios» (*migration systems*). Unha das súas formulacións máis coñecidas é a de Fawcett (1989), se ben existen outras máis recentes como Bakewell (2014). Fusionando as conclusións das teorías das redes e da causación acumulativa, estes teóricos desenvolveron un marco de análise comprensivo, baseado en distintos tipos de vínculos que poden moldear as correntes e contracorrentes migratorias. Inclúese unha gama ampla de elementos que existen nun sistema:

fluxos de persoas, ideas, mercancías; relacións entre institucións; a cultura e os discursos de emigración nunha comunidade; ou as estratexias individuais, familiares, empresariais e gobernamentais. O estudo das interaccións entre estes elementos permítenos observar como se mudan e como se inflúen en función das mudanzas dentro e fóra do sistema migratorio, tanto ao nivel macro (as relacións entre os Estados, as culturas de masas etc.) como ao micro (as redes familiares, as actividades das axencias migratorias etc.)

As vantaxes deste método son numerosas. A teoría dos sistemas migratorios chama a atención aos lugares de orixe e aos de destino ao mesmo tempo, examina as cadeas e correntes migratorias no contexto doutras, salienta a diversidade de elementos que vencellan as persoas, deixa ver como un cambio nunha parte do sistema afecta a outras partes, e reforza a idea de que a migración é un proceso dinámico en lugar dun acontecemento estático (Fawcett, 1989: 672-673). Non hai unha universal e monolítica teoría das migracións; todas as teorías resumidas neste capítulo seguen empregándose en maior ou menor medida. Non obstante, a teoría dos sistemas migratorios é especialmente ambicioso no seu intento de abranguer a máis extensa diversidade de factores.

1.3. As fontes e o seu contexto

A diversidade das fontes primarias utilizadas nesta investigación fai que se resistan a unha doada clasificación, pero en xeral poden dividirse entre as fontes documentais ou arquivísticas por unha banda, e as impresas —libros, folletos e fontes hemerográficas— por outra. Estas últimas consultáronse maioritariamente na Biblioteca América da USC, ou ben na *Biblioteca Nacional del Paraguay* (BNP) durante unha estancia de investigación en Asunción entre setembro de 2017 e febreiro de 2018. Os **libros e folletos de carácter informativo** son unha categoría heteroxénea de textos que describen as condicións físicas e económicas do Paraguai contemporáneo, as actividades da sociedade civil, o pasado e o presente dos seus máis destacados estadistas, militares, artistas e homes de negocios, ou que proporcionan cifras relacionadas co comercio, a gandaría, a agricultura, as industrias, os progresos na infraestrutura e a demografía. A pesar desta diversidade, podemos apreciar neles certa unidade cronolóxica e estilística.

No contexto de entreguerras en que sucesivas administracións estatais procuraron atraer inmigrantes e inversións estranxeiras, moitos libros e folletos editáronse coa fin de proxectar unha imaxe positiva do Paraguai no exterior. Algúns exemplos son o *Almanaque Nacional* de 1898, *El comercio paraguayo* (1899), Plate (1899), Acuña (1904), Monte Domecq (1911), Romero (1913), Báez (1915) ou Chaves (1918). Algunha destas fontes interésanos por ser obra dun galego residente no país ao vinculado á diplomacia paraguaia, como son Teijeiro Martínez (1883), Rivas Rodríguez (1890) ou Rodríguez Elías (1918). Obviamente, estes textos non se destinaban soamente a un público foráneo. Nun plano político, podemos dicir que o optimismo destes autores era unha forma de demostrar o éxito que a elite gobernadora estaba logrando coa súa política ‘civilizadora’ e ‘progresista’. Dita misión consistía na introdución de tecnoloxías propias da revolución industrial, a liberación das forzas produtivas, a apertura internacional do

mercado paraguaio e, no campo cultural, a europeización ou «porteñización»[1] dos costumes e os hábitos populares.

Como tal, os libros e folletos que imos citando son unha xanela aberta ás actitudes e ás ideoloxías das elites paraguaias do noso período de estudo — como elas desexaban que o seu país se deixase ver no mundo, e asemade como querían que realmente fose. Agora ben, a utilidade destas fontes primarias tamén se debe a un risco peculiar das actitudes positivistas da época: a crenza de que é posible achegarse ás verdades obxectivas mediante a acumulación de datos empíricos. En consecuencia, estas fontes están repletas de informacións obxectivas (malia que subxectivamente seleccionadas e ordenadas): estatísticas económicas e demográficas, os movementos das empresas particulares, ou listaxes de persoas, cargos e institucións. Entre estes datos non faltan os inmigrantes galegos, os seus negocios e as súas posicións de responsabilidade.

A fonte que mellor exemplifica esta categoría é o *Álbum gráfico del Paraguay*, coordinado por Arsenio López Decoud (1911):

> *Desde 1860* […] *habían proliferado, en Asunción, los denominados* Almanaques, *mezcla de calendario, registro de hechos notables y anticipaciones, referidos sobre todo a la evolución del estado económico y social. Estos cedieron su lugar, en los primeros años del nuevo siglo, a las* Guías, *en las que se procuraba patentizar el desarrollo del quehacer nativo, intercalando notas sobre el incipiente progreso público, sobre la calidad de los productos de la tierra y noticias de la comunicación y el comercio, sobre mansiones y amplios locales para la importación. Dichas particularidades se transferirían a los álbumes gráficos, pero estos, a su vez, ofrecerían abundantes novedades en materia de presentación, calidad y estilo. El* Álbum gráfico del Paraguay *no sólo fue la primera publicación de este tipo en el país, sino que no se volvería a encontrar en los 20 años siguientes ninguna similar*. (Brezzo, 2010: 123)

O *Álbum gráfico* incorpora as colaboracións de nove autores e inclúe máis de catro mil fotografías. López Decoud aspiraba a brindarlle ao lector unha sorte de biografía nacional. Hai capítulos sobre a historia, xeografía e o clima do Paraguai, o pasado e o presente das súas relacións internacionais, a numismática, o xornalismo, as institucións públicas, a inmigración, a intelectualidade e, na derradeira e máis longa das seccións, un exhaustivo inventario das súas máis importantes institucións bancarias, industriais e comerciais. Aquí engadimos como subcategoría unha serie de textos literarios (en lugar de informativos) escritos por galegos residentes no Paraguai ou por paraguaios que tiñan vínculos familiares ou intelectuais coa comunidade galega. Os exemplos máis salientables son Teijeiro Martínez (1874), Abente y Lago (1897, 1984), Fariña Núñez (1928) e Gómez Sanjurjo (2012 [1955]). Nestes casos, non realizamos unha análise estético-lingüística das obras, senón que versamos sobre o seu significado histórico e, dependendo de cada caso, a súa relación directa co impacto cultural da presenza galega no Paraguai.

A seguinte categoría serían as **fontes hemerográficas**. Son moi numerosos os usos que se poden facer destas fontes, pois calquera número dun xornal ou revista case sempre é obra de varios autores e trata ducias de temas. Poden extraerse delas informacións moi diversas sobre

[1] O termo adoitaba empregarse de modo despectivo. Refírese aos porteños da capital arxentina que, en palabras do ensaísta e diplomático liberal Silvano Mosqueira (1907: 11), se consideraría o "*país que lleva el cetro de la civilización y la cultura en el extremo sur del continente americano*".

os inmigrantes, dende as máis exiguas (un aviso comercial, un nome que figure entre os pasaxeiros dun vapor, os asistentes a unha festa, voda ou obra de teatro etc.) até as máis completas, por exemplo a biografía dun inmigrante rico ou un artigo firmado por un galego que moraba no país. Ademais, fronte á optimista narrativa de progreso que caracteriza os libros e folletos do primeiro grupo de fontes, as polémicas, denuncias e críticas que se atopan na prensa son un bo complemento. Estes discursos presentan un panorama de visións alternativas da realidade paraguaia, tocan os pecados e os vicios da sociedade, e serven para rectificar a propaganda «situacionista» dos adictos ao réxime de quenda.

A dixitalización destes fondos facilita o labor investigador porque minora considerablemente a necesidade de desprazarse na súa procura[2]. Entre estas fontes figuran algunhas das máis significativas no desenvolvemento da presente tese, como *El Pueblo* (1870-1872). Este diario, propiedade do arxentino Miguel Macías e cinguido á liña política do presidente Cirilo Rivarola (1870-1871), é imprescindible para rexistrar a presenza de inmigrantes españois durante a inmediata posguerra da Tripla Alianza. Tamén sobresaen os semanarios *La Verdad Autógrafa* (1885), *El Látigo* (1885-1889) e *El Látigo Inmortal* (1889-1892). O estudo destas publicacións satíricas permítenos comprender a traxectoria do seu propietario, Plácido Casaús, un inmigrante español que se iniciou no periodismo en A Coruña e Vigo antes de emigrar a América.

Consultamos varios xornais paraguaios do século XX na hemeroteca da BNP, sobre todo os números de *El Diario* entre 1904 e 1925. Este periódico foi fundado polo político liberal Adolfo Riquelme en 1904, e dirixido por el até o seu fusilamento por sublevarse contra o goberno de Albino Jara (xaneiro-xullo de 1911). Logo *El Diario* pasou a ser propiedade de Eduardo Schaerer (presidente 1912-1916). As súas seccións sobre a vida social asuncena e o mundo dos negocios renden moitos datos que poñen en relevo a presenza dos galegos na alta sociedade e nos círculos de poder económico, máis tamén as actividades das asociacións étnicas españolas. Tamén consultamos algunhas fontes hemerográficas noutros arquivos paraguaios. Gran parte das informacións relativas á constitución da *Legión Civil Extranjera* (LCE) durante a Guerra do Chaco extraémola dun número extraordinario de *La Tribuna* (1925-1983), outro xornal dirixido por Eduardo Schaerer, que se custodia na biblioteca do *Ministerio de Defensa Nacional del Paraguay* (MDNP). As únicas publicacións non asuncenas que localizamos son *El Agricultor Guaireño*, encetado en 1915 por Victoriano Escobar, e *El Surco*, un periódico independente pero de orientación por-Schaerer que Solano González fundou en 1924 (López Moreira, 2013: 215). Ámbalas dúas atópanse no arquivo do Museo Fermín López en Villarrica (capital do departamento do Guairá), e son claves para explorarmos a presenza española nesa cidade.

Por outra banda, a dispoñibilidade de fontes hemerográficas españolas na rede fai que a súa consulta sexa moi doada. Na hemeroteca dixital da Biblioteca Nacional de España (BNE)[3], foi posible acceder a publicacións de corte americanista como a revista da Unión Iberoamericana de Madrid (1886-1936), a revista *Mercurio* (1901-1938), voceira da Casa de América de Barcelona, ou o periódico gaditano *España y América* (1912-1936). Ademais, a ferramenta de busca de palabras clave permitiunos atopar datos soltos —pero en conxunto

[2] Agradecemos ao profesor Herib Caballero Campos a cesión das copias dixitais dun gran acervo de xornais paraguaios da segunda metade do século XIX. Unha pequena partida deles tamén se puxo a disposición dos investigadores na colección dixital da BNP. Enlace: http://bibliotecanacional.gov.py/hemeroteca/ [acceso: 28 de marzo de 2021]
[3] Enlace: http://hemerotecadigital.bne.es/index.vm [acceso: 28 de marzo de 2021]

relevantes— sobre persoas emigradas ou noticias paraguaias en xornais e revistas sen intereses americanistas como o periódico madrileño *El Liberal* (1879-1939), para citar un exemplo entre moitos. No ámbito galego, aproveitamos a biblioteca dixital Galiciana[4]. Alí pode descargarse, por exemplo, a revista viguesa *Vida Gallega* (1909-1938). Editada por Jaime Solá, o compromiso editorial de *Vida Gallega* coas colectividades galegas en ultramar foi constante e programático durante as tres décadas anteriores á Guerra Civil Española (1936-1939). Chegou a contar con catorce mil subscritores en América (González Bello, 1997: 354). En Galiciana tamén se consultaron publicacións vencelladas á comunidade galega en Bos Aires, como por exemplo *El Correo de Galicia* (1898-1965). Outra produción desta «prensa étnica» foi *Céltiga* (1924-1932), dispoñible na páxina web do Consello da Cultura Galega[5]. O seu director, o ribadense Eliseo Pulpeiro, estableceu o seguinte obxectivo para *Céltiga*:

> *Vamos dando, a la par, idea de la acción gallega en el extranjero. Y hemos empezado a colocarla de manifiesto en cuanto atañe a sus tareas en las repúblicas del Río de la Plata. Continuaremos con su labor en los Estados Unidos del Brasil. No demoraremos en describir su actuación en el Pacífico y en el Paraguay.*[6]

Como se constatará na presente tese, tal preocupación polas actividades dos galegos noutras rexións de América efectivamente se traduciu nunha serie de vínculos co Paraguai e noticias —malia que poucas e irregulares— sobre os galegos que alí vivían.

No que concirne ás fontes documentais ou arquivísticas, unha parte considerable consiste na **correspondencia consular** procedente do *Archivo Histórico del Ministerio de Relaciones Exteriores del Paraguay* (AHMRREE). Estes documentos concirnen principalmente aos representantes paraguaios no estranxeiro. Trátase dun acervo bastante variado. Hai documentos que revelan como se tramitaba o nomeamento dun novo cónsul; circulares dirixidos a todos os representantes no exterior; as memorias e contas anuais dos distintos consulados; cartas de solicitude ou presentación que recomendan un candidato a un cargo ou propoñen entaboar relacións comerciais. Pero a maior parte destas coleccións consiste na correspondencia regular —cartas e informes— que os cónsules remitían a RREE varias veces ao ano ou incluso ao mes. Algúns cónsules limitábanse a acusar recibo dos circulares ocasionais sen amosaren maior interese no exercicio das súas responsabilidades, mentres que outros redactaban decenas ou centenares de cartas e informes. Estes, os máis comprometidos, adoitaban levar as súas actividades oficiais a diversos cantos da sociedade civil. Participaban na prensa, ditaban conferencias, e uníanse a institucións e empresas comerciais, científicas ou culturais. Desta forma, "*aunque no siempre formaron parte de la élite de la vida pública, sí se integraron en plataformas oficiales y privadas desde las que se cimentaron vínculos que* […] *la política oficial de los gobiernos no alcanzaba*" (Cagiao Vila, 2018: 13). En resumo, as fontes consulares serven para estudar moitos aspectos das esferas pública e privada (dependendo do cónsul) alén das relacións formais entre os Estados.

En canto iso, incorporamos outras **fontes documentais ou arquivísticas** de moi variada índole. Algunhas, cedidas por Pilar Cagiao Vila e procedentes do *Archivo Histórico Nacional* (AHN) en Madrid e da Casa de América de Barcelona (CAB), aducen datos complementarios sobre as actividades dos cónsules e as institucións españois en Asunción. En Galicia, falamos

[4] Enlace: http://biblioteca.galiciana.gal/es/inicio/inicio.do [acceso: 28 de marzo de 2021]
[5] Enlace: http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/hemeroteca/cabeceira/index.php?p=1670 [acceso: 28 de marzo de 2021]
[6] *Céltiga. Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Bos Aires, 30 de outubro de 1924, p. 2.

basicamente de fontes parroquiais ou as fichas de emigrantes que se conservan nos arquivos municipais de A Coruña e Ortigueira[7] (provincia de A Coruña), ou o expediente dalgún ex alumno da USC no Arquivo Histórico Universitario (AHU). Por outro lado, os arquivos paraguaios son os seguintes:

1. *Archivo Nacional de Asunción* (ANA). Coleccións anteriores á Guerra da Tripla Alianza. Unha fracción importante destes fondos está dixitalizada[8]. As fontes utilizadas inclúen as listaxes de pasaportes expedidos ou as licencias de comercio solicitadas por cidadáns estranxeiros durante a presidencia de Carlos Antonio López (1844-1862).

2. *Casa de la Cultura "Carl* (CCCC), Concepción. O arquivo desta dependencia da municipalidade concepcioneira conserva algunhas cartas dirixidas ás institucións públicas que reflicten a composición e as actividades da colonia española a comezos de século XX, unha colección de documentos doada pola familia do inmigrante rioxano José Bañuelos, ou un censo de gandaría do ano 1926.

3. Cemiterio Español, Asunción. Propiedade da *Sociedad Española de Socorros Mutuos de Asunción del Paraguay* (SESMAP), o cemiterio non é un arquivo tradicional; ademais, sempre hai que respectar a privacidade das familias. Porén, as lápidas poden aportar as datas de nacemento e falecemento dos inmigrantes, os nomes dos seus fillos e parellas, ou os seus lugares de orixe.

4. Centro Español de Villarrica. Documentos pertencentes á organización desta sociedade dende a súa fundación en 1915, cedidos xenerosamente por Melanio Agustín Gómez Vázquez.

5. MNDP. Un volume cos nomes e rangos dos oficiais paraguaios que prestaron servizos durante a Guerra do Chaco, compilado polo capitán Juan E. Melgarejo para a orde de batalla do Monumento Nacional "Salón de Bronce".

6. *Parroquia de Nuestra Señora del Pilar*, Villa del Pilar (Ñeembucú). Rexistro de bautismos (1871-1925).

7. *Secretaría de Educación, Cultura, Deporte y Turismo* (SECDT), Areguá (Central). Cesións de terras para a construción de vivendas (1885-1919).

Non todas estas coleccións son da mesma envergadura. En xeral, as primeiras dúas son as máis importantes. Se podemos falar da presenza española no Paraguai antes da Guerra da Tripla Alianza ou na zona de Concepción dende 1880, é sobre todo grazas ás fontes do ANA e a CCCC respectivamente. Secasí, aínda que os grandes trazos da pesquisa non se definan a partir dos restantes arquivos, estes si achegan informacións complementarias moi proveitosas.

Finalmente, dous libros que reproducen outras fontes primarias que se empregan na presente investigación son Durán Estragó e Romano García (2011) e a tese doutoral de Morales

[7] No caso de Ortigueira, trátase de imaxes e datos fornecidos por María José Vilasánchez Fuciños a Pilar Cagiao Vila no 2015. Por outra banda, programamos unha serie de visitas a outros arquivos municipais durante o verán de 2020, pero a pandemia da Covid-19 interpúxose.

[8] Enlace: http://www.archivonacional.gov.py/?page_id=316 [acceso: 28 de marzo de 2021]

Raya (2015a). O primeiro consiste nun rexistro completo de 36 volumes de expedientes de solteiría que van dende 1776 até os anos 1940, gardados polo Arcebispado de Asunción. Solteiría refírese á obriga que tiñan os estranxeiros ou nacionais que viviran no exterior de probaren o seu status de solteiros antes de poder contraer matrimonio. Os expedientes aconchegan unha riqueza de datos de carácter persoal sobre os noivos: nomes; apelidos; idade; país, provincia e ás veces parroquia de orixe; domicilio; nomes dos pais e testemuñas, e tamén a nacionalidade destas. Estas informacións poden cruzarse coas fontes rescatadas por Morales Raya no transcurso da súas pesquisas acerca dos inmigrantes cataláns no Paraguai durante o período de entreguerras. En concreto, esta autora elaborou unhas táboas que recollen os contidos dos libros de rexistro de socios da SESMAP (1873-1933), a *Sociedad Recreativa España* (SRE) (1915-1922), o *Centre Català* (até 1924), e os españois e familiares anotados no libro de rexistro da Oficina de Inmigración de Asunción (1918-1932). A diferenza dos expedientes de solteiría, estas fontes especifican as profesións de moitas das persoas, o cal convérteas en ferramentas case imprescindibles á hora de reconstruír o perfil socio-económico dos inmigrantes.

1.4. Estado da cuestión

1.4.1. A emigración galega, un estado da cuestión

A emigración durante a época contemporánea é un tema capital nas ciencias sociais en Galicia dende hai máis de tres décadas. Sería pouco práctico citar e directamente imposible ler todos os textos editados nese tempo. En cambio, confeccionamos un marco que contemple os principais autores, enfoques e fitos cronolóxicos a partir de dous estados da cuestión anteriores: Cagiao Vila (2009) e Núñez Seixas (2010). A este modelo engadiremos algunhas tendencias e referencias para non desestimarmos as novidades dos últimos dez anos.

Antes de mediados dos anos oitenta, a emigración xeralmente aparecía como un aspecto máis da historia galega entre outros tantos, un aspecto importante quizais, pero raras veces dotado de centralidade. As excepcións moitas veces proviñan dos galegos en América ou dos seus descendentes, como Vilanova Rodríguez (1966) ou Pérez-Prado (2007 [1973]). Ambas estas obras clásicas son froito dunha vasta erudición, aínda que carezan do rigor científico dos aportes máis recentes. O ano 1985 supuxo a irrupción definitiva dos estudos migratorios en Galicia (Cagiao Vila, 2009: 146). As primeiras contribucións foron maioritariamente visións de conxunto da emigración e dos países de destino. Un exemplo sería o capítulo de Vázquez González (1988) en *Españoles hacia América*, o libro editado por Nicolás Sánchez-Albornoz. Dita interpretación corresponde á teoría da economía neoclásica, xa que a emigración é tratada como unha cuestión de oferta salarial nunha Galicia que comeza a modernizarse, mentres que as remesas son consideradas como unha contracorrente de capital dende os países onde os salarios son máis atractivos.

Non obstante a utilidade deste tipo de contribucións, xa constatamos que cun enfoque macro o individuo e as súas experiencias vividas tenden a fundirse nun océano de cifras. Produciuse axiña a necesaria diversificación de temáticas e niveis de análise na historiografía galega. A conmemoración do quinto centenario da primeira expedición de Colón a América foi un momento clave neste proceso, pois a gran efeméride renovou o interese pola investigación americanista e migratoria en toda España. Apareceron publicacións como a *Revista da*

Comisión Galega do Quinto Centenario (dezanove números entre 1989 e 1991), e foron xurdindo novos métodos, puntos de partida e obxectos de estudo para os coñecedores da emigración galega. Un deles foi a cuestión das asociacións étnicas, concibidas como notables condicionantes dos sistemas migratorios. Ao nivel macro, mencionamos o resumo universal do asociacionismo español que realiza Blanco Rodríguez (2010) ou, xa a unha escala nacional, a síntese de Campos Álvarez (2009) das asociacións galegas en Venezuela. Tamén hai traballos que baixan do nivel nacional para enfocaren no asociacionismo nunha soa cidade como Río de Xaneiro (Sarmiento da Silva, 2014) ou nun só municipio ou barrio, como o partido bonaerense de Avellaneda (Farías, 2015).

Efectivamente, os achegamentos micro cobraron cada vez máis importancia a partir dos anos noventa. Os estudos micro poden abranguer as causas e os efectos da migración nunha comarca concreta, como a de Compostela (Botana Iglesias, 2014) ou Salceda de Caselas (Vázquez Lojo e Soutelo Vázquez, 2019). A unha escala máis íntima, a arriba citada Sarmiento da Silva (2007) realizou un traballo iluminador sobre a vida cotiá de inmigrantes galegos en Río de Xaneiro. Tradicionalmente ignorada por historiadores que, se cadra comprensiblemente, se concentraban nos intres do pasado en que 'pasaban cousas', a vida cotiá das persoas empezou a suscitar máis interese académico no século XXI. Unha fonte crucial neste senso son as cartas privadas, como exemplifica o volume colectivo *Amarras de tinta*, coordinado por Núñez Seixas e González Lopo (2009). Existe todo un abano doutros tipos de vínculos fraguados entre Galicia e América a causa da emigración e o retorno. Villares (1998, 2014) é a referencia no que concirne ás remesas e o seu papel na modernización do agro galego. A prensa étnica galega en América tamén é o obxecto de estudo de diversas investigacións, como Pulpeiro e Rodríguez (2016). Verbo doutros enfoques que xiran en torno ás letras e á cultura, Suárez Suárez (1998) versa sobre a relación entre os inmigrantes galegos e o tango uruguaio. Pola súa parte, Núñez Seixas (2002) e Lojo (2008) examinaron os estereotipos sobre os galegos e galegas no imaxinario popular e a literatura na Arxentina[9]. Outra achega da que facemos mención é *Cen anos da Biblioteca América da Universidade de Santiago*, coordinada por Cagiao Vila (2004), na que se realiza un exhaustivo estudo dunha das máis importantes manifestacións materiais do clima intelectual americanista que reinaba en Galicia a inicios do século XX.

A emigración segue sendo un tema de referencia, e ano tras ano aparecen os resultados de novas investigacións. Con todo, persisten as lagoas e os novos retos. Un deles é o muro invisible que se erixe entre a emigración e o exilio. A emigración tradicionalmente é o dominio da historiografía, mentres que nos debates arredor do exilio, as perspectivas literarias gozan dun predominio case "esmagador" (Núñez Seixas, 2010: 12). O mesmo autor así resume as limitacións impostas por tal falta de rigor historiográfico nalgúns textos sobre o exilio:

> *Esses últimos privilegiam, é claro, o estudo da opinião publicada e das minorias de exilados (intelectuais, artistas e outros profissionais) que optaram por ligar seu nome às atividades criativas, para além da descrição (e por vezes análise) das atividades políticas dos exilados comprometidos com os seus partidos e organizações. Sua projeção ao conjunto de estudos históricos sobre o exílio leva igualmente à preponderância do que poderíamos denominar de paradigma de empatia emocional com o objeto de estudo que se traduz habitualmente na reprodução de biografias ou o p r o s o p o g r a f i a s ó h e r · i c a s ô . A r e dos exilados e a sua produção escrita, ou das suas biografias individualizadas, continua ainda*

[9] No Paraguai tamén se escoitan os famosos '*chistes de gallegos*'. Isto non responde á visibilidade real da inmigración galega neste país, senón que se trata dun humor importado da Arxentina, cuxa cultura exerce unha poderosa influencia sobre a paraguaia.

> *a predominar sobre a análise das suas trajetórias sociais, da sua inserção socioprofissional ou da sua experiência coletiva.* (Núñez Seixas, 2010: 18)

Esta situación empezou a remediarse coa publicación de *O exilio galego de 1936* (Núñez Seixas e Cagiao Vila, 2006) — un labor historiográfico continuado por outros autores posteriores. Por exemplo, indicamos un número especial de *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos* (Madrid) que incorpora unha sección titulada "Exilio e recuperación de memoria histórica". Entre outras contribucións, Domínguez (2015) explora como se construíu un imaxinario idealizado do exilio na literatura galega durante o século XX, responsable en parte pola tendencia a tratar os exiliados en termos case haxiográficos. Para terminar, existe un pequeno corpus de textos sobre diferentes rexións de destino minoritarias. A análise destes casos atípicos demostra que as redes migratorias galegas non estaban confinadas ás grandes urbes, senón que alcanzaban os cantos máis illados do continente americano. Un exemplo son os pescadores galegos que se trasladaron ao Perú durante os anos corenta no emprego do empresario corcubionés Benigno Lago Estévez (González Domínguez, 1997).

Como afirma Zubillaga (1998: 191) nun ensaio sobre os galegos e a literatura gauchesca uruguaia, que os historiadores prestasen insuficiente atención á inmigración fóra do medio urbano "*ha limitado la apreciación global del proceso y, en especial, la evaluación del tránsito intrarregional de los migrantes (desplazamientos sucesivos o alternados entre Uruguay, la Mesopotamia argentina, el Brasil* ***gaúcho*** *y Paraguay)*" (letra grosa no orixinal). Trátanse de contornos menos industrializados e máis remotos, convertidos en destinos secundarios ou terciarios para persoas emprendedoras cunha experiencia previa da emigración americana. O estudo de destinos inusitados e dalgún modo periféricos, como Perú ou Paraguai, revela que estes lugares non son irrelevantes —até diriamos que son fundamentais— para entendermos o verdadeiro alcance do fenómeno migratorio galego en América.

1.4.2. A inmigración no Paraguai, un estado da cuestión

O ensaio "Los españoles en el Paraguay" (1917) de Mosqueira representa un primeiro intento de sopesar a inmigración dende a independencia (1811) non exclusivamente como unha cuestión contemporánea, senón tamén con ollos de historiador. O autor argumenta que o "*español se considera como entre los suyos desde el primer día que pone los pies en tierra paraguaya*", como consecuencia da historia común de ambos pobos. No eido económico, Mosqueira afirma que os españois foron os "*primeros comerciantes que repoblaron el país después de la gran guerra*"[10]. Estas dúas ideas — a doada integración cultural e a función dos comerciantes estranxeiros como o principal motor da economía— caracterizan moitos aportes posteriores nesta materia.

Agora ben, Mosqueira escribiu dito ensaio como unha homenaxe á colonia española, sen maiores pretensións científicas. En cambio, o estudo de Majavacca e Pérez Acosta (1951 [1930]) sobre a inmigración italiana destaca entre as obras pioneiras pola súa profundidade e rigor. Pérez Acosta (1952) tamén é o autor dun dos textos clásicos respecto da emigración paraguaia, a cal sempre foi cuantitativamente moito máis notable que a inmigración. Outros aportes destacados neste ámbito son Ayala (1996 [1915]), Flores Colombino (1967) ou Rivarola

[10] *Unión Iberoamericana. Órgano de la sociedad del mismo nombre*. Madrid, maio de 1917, p. 14. [Para máis información sobre o pensamento histórico e político de Mosqueira, véxase Webb (2018).]

(1967). Nun capítulo máis recente sobre a temática, Oddone (2011: 62) define acertadamente o interese histórico da emigración neste país:

> *No se trata de hechos circunstanciales, aleatorios o complementarios a los procesos esenciales que configuraron el perfil peculiar de nuestra sociedad. Se trata de uno de los ejes vertebrales de nuestro acontecer, en el cual sus actores centrales son tan protagonistas como los que dejaron su impronta de trabajo, sacrificio y heroísmo en las guerras y revoluciones, o en la construcción de su sistema productivo y su cultura*.

En xeral, os estudos da emigración teñen analizado os movementos de grandes masas de campesiños analfabetos e anónimos valéndose de métodos provenientes da socioloxía. Moitas das primeiras manifestacións da historiografía da inmigración, ao contrario, foron menos científicas, limitándose nalgúns casos a resumir os apelidos e fazañas dun puñado de persoeiros destacados. Por exemplo, pode citarse un capítulo de Giménez Caballero (1958) que resume as contribucións artísticas dalgúns inmigrantes españois. Despois de Majavacca e Pérez Acosta, outra monografía que si sobresae pola súa maior cientificidade é *¿El extranjero es factor positivo en el Paraguay?* de Zacarías Arza (1954). Neste caso, o autor aduce datos obtidos na Oficina de Inmigración e a *Dirección General de Estadística*. Máis tarde, Toness (1973) levou as novidosas técnicas da microhistoria ao terreo da historiografía paraguaia. Lamentablemente, a súa tese doutoral *The Political and Social History of a Paraguayan Town* segue sendo inédita, pero trátase dun excelente estudo dos procesos transformadores que sufriu Yaguarón (Paraguarí) durante o século XX. Un destes procesos foi a virtual monopolización do comercio local polos inmigrantes europeos, e como isto influíu nas relacións sociais, nas prácticas de consumo, na vida política e na mesma organización física da comunidade. Ao outro extremo da escala, a visión de conxunto da inmigración de Pidoux de Drachenburg (1975) é un estudo macro que proporcionou un marco conceptual en que se fundamentaron numerosos estudos posteriores. Moitos destes, seguindo o exemplo de Majavacca e Pérez Acosta, optaron por considerar os inmigrantes en función da súa nacionalidade.

O final da ditadura de Alfredo Stroessner (1954-1989) foi un punto de inflexión para a historiografía paraguaia. Nun ambiente de apertura de liberdade relativas, arrincouse un fenómeno de renovación na disciplina, de cuestionamento dos tópicos dunha tradición nacionalista fosilizada e impermeable ás influencias externas (a conquista como un proceso de masiva e pacífica mestizaxe, a consagración de Francisco Solano López como heroe patrio, etc.), e da aparición de novos enfoques e obxectos de estudo (Brezzo, 2009: 76). As meditacións de Peña Villamil (1991: 60) son todo un manifesto a pro da actualización e a liberación do pensamento histórico durante a transición á democracia:

> *Ha llegado el momento […] de hacer la historia de los historiadores paraguayos, comenzando por desacralizar una historia creada para consumo político, impuesto arbitrariamente dentro de un supuesto nacionalismo, que nadie sabe definir en qué consiste, romper con los mitos, falsos héroes, guerreros de méritos dudosos o cuestionados.*

É precisamente nesta época máis recente, cunha historiografía orientada cara á innovación, cando máis medra o campo dos estudos migratorios paraguaios. Zalazar (2005), Benítez Martínez (2010) ou Morales Raya e Marqués Rodríguez (2016) ofrecen visións de conxunto da inmigración durante o entreguerras, o seu marco lexislativo e as súas

consecuencias económicas, pero a meirande parte das investigacións dende os anos noventa enfoca unha colectividade nacional ou étnica específica.

Na súa bibliografía da inmigración e emigración no Paraguai, Cooney (1996) recolle referencias historiográficas sobre as seguintes colectividades: alemáns, árabes, australianos, bielorrusos, británicos, chineses, coreanos, daneses, españois, italianos, menonitas, norteamericanos, polacos, rusos, suecos, suízos, xaponeses e xudeus. O grupo que conta coa maior riqueza bibliográfica son os menonitas. Sexa polo aparente romanticismo das súas conquistas chaqueñas, pola curiosidade que as súas idiosincrasias culturais suscitan —moitos viaxeiros describen as súas colonias como 'outro mundo' dentro do Paraguai—, ou sinxelamente a causa do momento xerado polos estudos preexistentes, a inmigración menonita non deixou de ser un tema atractivo para os historiadores, por exemplo Marqués Rodríguez (2017). Alén dos menonitas, as investigacións por nacionalidade ou etnia atanguen varios niveis de análise. Algunhas concirnen á traxectoria dunha colonia agrícola en concreto, como son Herken Krauer (1981) sobre os *Lincolnshire farmers* (1870-1873); Rodríguez Alcalá e Capdevila (2005) sobre a colonia vasco-francesa Nouvelle-Bordeaux (1855); ou Sajia (2010) cun estudo sobre a poboación italiana de Trinacria (1897-1908). Cipko e Lehr (2006) falan sobre varias vilas fundadas por inmigrantes ucraínos na zona de Itapúa durante os anos trinta. Para informacións xerais sobre todas estas colonias, referímonos ao capítulo sobre inmigración en Kleinpenning (2009).

Por outro lado, hai estudos que tratan un grupo étnico ao nivel nacional, por exemplo o capítulo de Montenegro (2010) que emprega a teoría das redes migratorias coa ollada posta na inmigración árabe. A inmigración tamén é un dos temas tratados por Caballero Campos (2017) na súa monografía sobre as relacións entre o Paraguai e Gran Bretaña. Ademais, mencionamos algúns traballos que consideran o rol dos inmigrantes nas cidades fóra de Asunción, é dicir, as cidades máis antigas que non son colonias de recente creación no contexto da inmigración organizada. Nesta categoría inclúense Alvarenga Caballero (1999), que entre outras cuestións fala sobre a chegada dos primeiros inmigrantes a Concepción durante a ocupación aliada; Zub Kurylowicz (2002) sobre Carmen del Paraná (Itapúa); Boccia Romañach (2007) sobre a historia da Villa del Pilar; ou Webb (2020a) sobre a inmigración española en Concepción. Por outro carón, Gómez Vázquez (2015) transcribe as actas e listaxes de socios do Centro Español de Villarrica, preparando o terreo para a súa inserción nunha análise do asociacionismo español ao nivel nacional.

Os estudos sobre os inmigrantes españois escasean na bibliografía de Cooney. Esta só recolle oito aportes sobre o particular, dos cales sete tratan a época colonial. Cooney (1996: 69) teoriza que os españois e os paraguaios, sendo estes de extracción hispano-guaraní, son tan fluída e mutuamente asimilables que resulta dubidoso até que punto o español realmente debe considerarse como un inmigrante. Como vimos, a crenza de que os cidadáns de ambos países son compatriotas naturais remóntase polo menos ao pensamento de Mosqueira. Pero, como observa Morales Raya (2015a: 80), tal crenza pode explicar pero non xustificar a lagoa historiográfica. Se o español realmente fose tan asimilable, até o extremo de apenas contar como inmigrante, dificilmente se entendería a ampla produción científica sobre a inmigración hispana que se dá noutras ex colonias.

Dende os anos oitenta apareceron algunhas obras neste ámbito, algunha anterior á bibliografía de Cooney pero non incluída nela. O ensaio *Españoles en la cultura del Paraguay*

de Plá (1985) traza a súa análise dende os albores da Conquista até o século XX. A autora ten o mérito de tratar o intercambio cultural hispano-paraguaio con extraordinaria clareza e sen recorrer a receitas simplistas. O dicionario biográfico de inmigrantes cataláns de Bonnet de Mendonça (1993) tamén é digno de mención. Porén, a produción intensificouse durante a última década. Así, Gamarra Doldán (2011) publicou outro dicionario biográfico, *Españoles ilustres en el Paraguay*. Do mesmo ano temos un interesante achegamento á figura de Plácido Casaús e ás innovacións técnico-estéticas e discursivas que a súa traxectoria supoñía para a prensa paraguaia (Rodríguez Alcalá, 2011).

A historiografía recente ten amosado bastante heteroxeneidade ao traballar diferentes tipos de conexións que se urdiron entre España e Paraguai como consecuencia da consolidación das redes migratorias e á calor do pensamento hispano-americanista. Drozdowicz (2012), por exemplo, fala sobre as conexións estritamente literarias. Morales Raya (2014b) describe a viaxe á capital paraguaia que Adolfo Posada emprendeu en 1910 en representación da *Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas de España* (JAE). Noutros aportes, a citada autora aborda o asociacionismo español no Paraguai, os medios de comunicación utilizados pola colectividade catalá en Asunción, ou unha análise das problemáticas metodolóxicas dos estudos migratorios iberoamericanos que se basea nun estudo de caso paraguaio (Morales Raya, 2014a; 2015b; 2019). Aquí tampouco podería faltar unha mención da súa tese doutoral *La emigración catalana a Paraguay entre finales del siglo XIX y principios del XX* (Morales Raya, 2015a). Esta representa a culminación de varias liñas de indagación centradas na demografía migratoria, as relacións Estado-inmigrante, as relacións culturais e comerciais hispano-paraguaias, e as redes migratorias.

No que atinxe ás relacións hispano-paraguaias, tamén é preciso citar os traballos de Dalla-Corte Caballero e Cagiao Vila. Os seus enfoques acadan institucións como o *Banco de España y Paraguay* (BEP) ou a CAB, máis tamén o contacto entre Paraguai e a colonia española no Río da Prata a través dos líderes étnicos Rafael Calzada e Matías Alonso Criado (Dalla-Corte Caballero, 2016b; Cagiao Vila e Dalla-Corte Caballero, 2016; Cagiao Vila e Márquez Macías, 2016). Estas autoras fan fincapé no papel exercido polos cónsules para reforzar as relacións internacionais: Dalla-Corte Caballero (2015) fala sobre o proxecto americanista entre Cataluña e Paraguai durante a década de 1910; namentres Cagiao (2018) retoma a traxectoria de Matías Alonso Criado para tratar a fondo a actuación deste leonés como cónsul-xeral do Paraguai en Montevideo dende 1884 a 1905. Na mesma liña, cabe empatar unha contribución do presente autor sobre o consulado paraguaio en Vigo (Webb, 2019).

En resumo, producíronse algúns avances notables nos estudos migratorios paraguaios dende o ano 2010. Non obstante, aínda percibimos máis sombras que luces no que respecta á inmigración española no Paraguai. E como xa se dixo, para o caso específico dos inmigrantes galegos aínda non se produciu nada. Entre os temas que apenas se trataron ou que só se trataron fragmentariamente, preséntanse moitos novos camiños que percorrer. Son estas lagoas as que definen os obxectivos desta tese.

1.5. Metodoloxía

Ao longo deste capítulo establecemos os obxectivos da investigación, identificamos as principais teorías migratorias que se teñen utilizado e as fontes localizadas para o presente estudo, e avaliamos os antecedentes historiográficos nas especialidades da emigración galega e da inmigración en Paraguai. A heteroxeneidade observada no estado da cuestión reafirma un máximo fixado no marco teórico: ningunha teoría por si soa é suficiente para dar respostas a todas as preguntas históricas que se suxiren no campo dos estudos migratorios, nin para tratar satisfactoriamente calquera fonte. O pluralismo metodolóxico tamén é indispensable porque, como xa vimos, as fontes son moi diversas e han de resistir a aplicación ríxida dunha única ferramenta interpretativa. Porén, este feito non implica que vaiamos usar todas as teorías de maneira indiscriminada.

Para analizar a inserción e o impacto deste fluxo migratorio, en primeiro lugar é conveniente definir o contexto histórico e cuantificar o fluxo. Como afirma Massey (2002: 144), as investigacións en materia migratoria teñen corroborado os postulados da **teoría do sistema mundial**: a expansión do capitalismo é a causa principal das migracións contemporáneas porque desbarata as formas de produción e as estruturas sociais nas rexións pre-capitalistas, o cal provoca que as persoas emigren para vender os seus servizos nos novos mercados. As diferenzas salariais non son nin o único nin o principal motivo. Por tanto, no seguinte capítulo elaboramos un resumo da historia económica, social e política do Paraguai entre 1850-1960 cun enfoque particular nas mudanzas que acompañaron a penetración do sistema capitalista neste país. Para facelo, empregamos a literatura secundaria consultada no transcurso do proxecto de investigación[11]. Posteriormente, a nosa análise ten unha parte **cuantitativa**. Esta baséase nos expedientes de solteiría e os libros de rexistro de socios da SESMAP e a SRE, pois estas tres fontes son as únicas que recollen os nomes dun número elevado de inmigrantes españois (entre catrocentos e seiscentos cada unha) e, simultaneamente, outros datos de comparación como idade, estado civil, lugar de orixe, domicilio ou posto laboral. Malia o nesgo que cada fonte pode ter, os datos inscritos son bastantes como para ser estatisticamente relevantes. Cotexando estas variables, podemos describir o perfil típico do inmigrante español no Paraguai en distintos momentos, e tamén observar as semellanzas e diferenzas entre os inmigrantes en función da súa zona de orixe en España.

Non obstante, os galegos no Paraguai foron unha minoría de inmigrantes nun país de emigrantes — algo dificilmente explicable sen baixarmos da perspectiva macro. Traballarmos as fontes cuantitativas permítenos estimar que arredor dun oito por cento dos españois residentes no Paraguai durante o período de estudo eran galegos, como se explica no capítulo 3, o cal implica que estes foron poucos — seica entre mil e dous mil. Estes representan unha fracción moi menor dos dous millóns de galegos que emigraron entre 1836 e 1960 (Villares, 1998: 97). O noso obxecto de estudo é pequeno, e incluso dentro desta pequena colectividade galega, só contamos con extensos datos biográficos sobre un puñado de individuos. Como tal, a maior parte da análise é de carácter **micro** en vez de macro, e **cualitativo** en lugar de cuantitativo. Un achegamento cualitativo procura acadar un coñecemento profundo de conceptos, significados e comportamentos ao nivel individual, para logo enmarcalos no seu

[11] Localizada en formato dixital; nas bibliotecas da USC; en distintas librerías e bibliotecas paraguaias, sobre todo a BNP e o Museo Etnográfico "Andrés Barbero"; ou no *Centro de Estudios y Documentación Latinoamericanos* e no *International Institute of Social History* durante unha estancia de investigación en Ámsterdam entre xuño e agosto de 2018.

contexto social máis amplo (Colodrón Valbuena, 2018: 29). A cuestión aquí, entón, non é narrar todas as actividades de todos os galegos que descubrimos nas fontes, senón que aplicaremos as técnicas da **microhistoria** para facernos cunha noción o máis realista posible do comportamento das persoas en determinados períodos e situacións, sempre situando esta análise no contexto histórico e migratorio nun plano máis xeral (Szijártó, 2004).

Concretamente, tratamos de comprender como os inmigrantes galegos encaixaban nun Estado non industrializado cuxos produtos, antes da primeira metade do século XX, xeralmente se destinaban á subsistencia, que recursos de **capital humano** tiñan para adaptárense ao novo entorno, e se operaban mecanismos de **causación acumulativa** como, especialmente, as **redes migratorias**. Alén diso, interésanos saber como os inmigrantes influían na sociedade de acollida. Como comerciantes e profesionais liberais, tal vez sexa posible concibir estes inmigrantes como axentes da penetración capitalista. A formación de latifundios agro-exportadores provocaría rupturas nas formas tradicionais de repartir a terra e nos mercados locais, á vez que a consolidación dunha nova elite de comerciantes e intermediarios estranxeiros reestruturaría o sistema de clases. Ao mesmo tempo, a prensa e a educación exercerían o papel de inculcar unha nova 'mentalidade capitalista' na poboación. Este obxectivo pedagóxico evidénciase, por exemplo, nunha convocatoria de 1905 do *Consejo Nacional de Educación* para seleccionar un libro estándar de lectura para terceiro grao. Ofrecíase un premio de dez mil pesos ao autor dun texto que, entre outros requisitos, adoutrinase os cativos na "*afición a las faenas agrícolas y ganaderas y la ideal de que en esas industrias estriba el porvenir del país*"[12].

Neste senso, estamos falando dun impacto socio-económico pero tamén cultural, polo cal é preciso deliñar o que entendemos por «cultura». Concretamente, non nos limitamos a considerar aquelas institucións dedicadas á produción e difusión de artefactos culturais, senón que utilizamos a definición inclusiva de Sewell (2005) en que a cultura se comprende como un sistema de símbolos e significados, e ademais a reacción práctica das persoas e as institucións a ese sistema. É dicir: a cultura como práctica. A cultura como práctica facilita o estudo dos comportamentos culturais diferenciados de distintas persoas porque "a práctica cultural implica utilizar o código semiótico para realizar unha acción no mundo, […] ser capaz de recargalo, modificalo ou adaptar as súas regras a novas circunstancias" (Sewell, 2005: 51) [tradución do autor]. Sewell acuña o termo «coherencia fina» (*thin coherence*) para denotar a existencia de comunidades semióticas que non necesariamente coinciden coas «comunidades imaxinadas» (*imagined communities*) (Anderson, 1987) das persoas —os vínculos que as unen poden ser tan sutís que se volven invisibles— nin tampouco impiden que se produzan prácticas culturais distintas a partir da manipulación diferenciada dun mesmo código semiótico. Por outra banda, pór énfase na natureza mutable dos sistemas semióticos fai que a concepción práctica sexa especialmente útil para os historiadores ao facilitar a análise da acción social de modo diacrónico, mentres que o estudo da propia lóxica dun sistema, pero non a acción resultante del, adoita ser máis propicio para a antropoloxía sincrónica.

Recapitulando, a metodoloxía ten que ser pluralista pero selectiva. O resumo do contexto histórico nacional, caracterizado polo auxe e a crise posterior do capitalismo liberal, e a reconstrución das facetas cuantitativas da colonia española son necesarios para encadrar a análise micro e cualitativa das vidas, os discursos e as redes familiares, profesionais ou sociais dos inmigrantes. Dado que os galegos no Paraguai non foron numerosos, estoutra parte

[12] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 1 de xuño de 1905, p. 4.

constitúe a achega máis importante á hora de xerar novos coñecementos e interpretacións históricas.

CAPÍTULO 2. O CONTEXTO HISTÓRICO: PARAGUAI ENTRE 1850-1960

Este capítulo resume o contexto histórico no cal han de enmarcarse os datos, análises e conclusións que todos os demais capítulos irán proporcionando. Para comprender as decisións e actividades dunha persoa inmigrante ou o colectivo do que formaba parte, incluso ao nivel micro, é preciso familiarizarnos coas grandes tendencias que condicionaron o tecido económico, social e político do país de destino durante o período de estudo. Por tanto, o tema central que aquí nos concirne é o afondamento do Paraguai no sistema mundial capitalista e as súas consecuencias para os cidadáns e os mercados locais, máis en termos da inmigración e emigración.

2.1. Finais da primeira república paraguaia (1850-1864)

A natureza exacta do Estado paraguaio entre a independencia e a Guerra da Tripla Alianza (ou Guerra Guazú) ten sido obxecto de debate. Hai autores que cualifican a ditadura de José Gaspar Rodríguez de Francia (1814-1840) como un Estado popular ou proto-socialista polo peso económico das grandes explotacións de propiedade pública e polo sometemento da burguesía comercial peninsular da tardía época colonial. Despois, baixo a influencia do nacionalismo romántico da «Xeración do Novecentos» que se articulou a principios do século XX, algúns historiadores consagraron a presidencia de Carlos Antonio López como un tempo de bonanza e desenvolvemento industrial sen precedentes (Brezzo, 2011: 27). Porén, nas últimas décadas os investigadores comezaron a resaltar as continuidades entre épocas e a lentitude das mudanzas económicas ao longo do tempo. Efectivamente, existen continuidades entre os gobernos de Francia e López. A desarticulación das estruturas coloniais nas novas repúblicas americanas redundou no fraccionamento do poder político e o xurdimento do caudillismo rexional. Neste contexto, José Gaspar Rodríguez de Francia ten a distinción de ser un dos poucos caudillos que non eran militares, pero sobre todo é excepcional porque conseguiu desterrar ou eliminar todos os seus rivais para cimentar un Estado monolítico, alleo ás guerras civís que atormentaron os países limítrofes durante o século XIX (Carreras, 1992: 28).

Entón, despois do breve período do Consulado (1841-1844), Carlos Antonio López, o sobriño do ditador, herdou unha posición de estabilidade e autoridade vertical. El concibía o goberno como unha institución tutelar e personalista, encarnizada ao nivel local polos xuíces de distrito e os xefes militares. Esta institución guiaba o pobo cara a un estado de liberdade e soberanía plenas, pero sen posibilidades de democratización mentres as capas populares seguisen sendo ignorantes do significado real deses conceptos. A xerarquía interna da súa administración erixíase sobre unha sociedade rural que se caracterizaba dende a época colonial pola persistencia de "*resistentes estructuras tradicionales marcadas por el 'patriarcalismo', por el 'clientelismo', dándose un vasto campo de relaciones informales, consuetudinarias, implícitas entre el conjunto de la sociedad y la elite*" (Areces, 2005: 6).

A distribución da terra foi outro punto de continuidade. Subsistía unha clase terratenente 'domesticada', pero a meirande parte da superficie cultivable pertencía ao fisco. As «*Estancias de la Patria*» eran un elemento clave na política económico-militar. Estes grandes establecementos agrícolas de propiedade pública subministraban o exército nacional e producían alimentos para repartir entre os cidadáns máis necesitados. O fortín de Bella Vista sobre o río Apa (Amambay), na fronteira defensiva contra os indios mbayá e os portugueses/brasileiros do Mato Groso, era o núcleo dunha destas estancias. Cando estalou a Guerra Guazú, Bella Vista contaba con tres leguas (5.625 hectáreas) de pastoreo gandeiro. Por

outra parte, a ausencia dun réxime de pequena propiedade rural non impedía que o usufruto das terras públicas fose relativamente fluído para as familias que desexaban faenar unha nova parcela ou seguir cultivando unha parcela ancestral (Areces, 1998: 97-99).

Porén, o mandato de Carlos Antonio López tamén abarcou unha serie de cambios significativos, en especial na década de 1850. Até entón, López encaraba o mesmo problema cardinal que o seu antecesor: o non recoñecemento internacional do Paraguai independente e o seu consecuente illamento xeopolítico. O escenario mudou coa caída de Juan Manuel de Rosas (gobernador de Bos Aires 1829-1832, 1835-1852). Trala batalla de Caseros, o vitorioso xeneral Justo José de Urquiza recoñeceu a independencia paraguaia o 17 de xullo de 1852. Pouco despois, os ministros de Estados Unidos, Francia, Inglaterra e Sardeña chegaron a Asunción, tendo recoñecido a independencia, e firmaron cadanseu tratado de amizade, comercio e navegación (López Decoud, 1911: 41). Nun momento histórico condicionado pola agresividade máis eficaz do capitalismo rexional e o triunfo de políticas librecambistas, dito recoñecemento no exterior supoñía a posibilidade dunha maior vinculación paraguaia cos mercados mundiais. Pero, consciente dos perigos da abertura de fronteiras, da penetración do comercio internacional ou de novas ideoloxías que poderían ameazar o seu monopolio político, López resultaba bastante menos liberal do que se esperaba en Bos Aires, Londres e París (Areces, 2005: 18).

Por tanto, a intrusión do comercio foráneo sería limitada durante a seguinte década, e viría acompañada por unha estratexia auto-defensiva de centralización, militarización e expansión estatal (Cardozo, 2007a [1963]: 260). Este proceso remontábase á década anterior e consistía en medidas como a imposición do pagamento da media anata sobre as propiedades (1843) ou a nacionalización das plantas de herba mate e as madeiras de construción naval (1846) (Areces, 2005: 10). Unha das medidas máis coñecidas é a supresión dos 21 *táva* (comunas) indíxenas e a expropiación das súas terras privadas e comunais, producida en 1848 coa fin de obter rendas públicas máis elevadas e recursos para o exército (Morales Raya e Marqués Rodríguez, 2016: 108). Nun plano social, isto tamén implicou a incorporación forzosa deses indíxenas á cidadanía paraguaia e a obriga de castelanizaren os seus apelidos (Cardozo, 2007a [1963]: 232-233). En Yaguarón, por exemplo, os da familia Poritú transformáronse en Portillo, os Ava'í en Ayolas, ou os Cuyurí en Cubilla (Toness, 1973: 130-131). Durante esta época, a ampliación das *Estancias de la Patria* foi un constante. Espalladas por toda a rexión oriental, as 64 estancias que había arredor do ano 1850 contaban con 255.363 cabezas de gando, 18.067 bois, 18.780 cabalos, 52.191 eguas, 587 mulas e 24.122 ovellas (Areces, 2005: 13).

O proxecto lopizta tamén tiña unha vertente simbólica-pedagóxica que apuntaba á creación dunha conciencia nacional para todos os paraguaios: unha comunidade imaxinada que reflectise a mudanza radical na soberanía que se producira na xesta de 1811. O Himno Nacional co seu reclamo de "República ou morte" e a bandeira patria que adaptaba o tricolor da Revolución Francesa con riscos autóctonos —a estrela do mes da independencia e pólas de oliveira e palma ou ás veces herba mate— son innovacións do período de López (Soler, 2007: 439). En 1855 a Imprenta Nacional empezou a publicar o *Catecismo político y social* para uso escolar. Os alumnos memorizaban frases como "*después de la idea de Dios y de la Humanidad, la de la Patria es la más sublime y fecunda en inspiraciones heroicas*" (Orué Pozzo, 2008: 100).

O Paraguai non se entregou aínda aos vaivéns dos mercados internacionais. A actitude de López fronte á influencia estranxeira era de extrema cautela. Dito isto, a partir de 1853 o Estado lopizta si aceptou un influxo moderado de inversións e efectivos foráneos para cumprir

uns obxectivos económicos moi concretos, e en menor medida para cumprimentar a construción teórica do Estado-nación e a difusión popular da súa imaxe. Na súa misión a Europa entre 1853-1854, Francisco Solano López entaboou relacións coa compañía londiniense dos irmáns Blyth. A través desta empresa, contratouse persoal cualificado para realizar diversos proxectos de carácter militar ou defensivo no Paraguai. Os peritos británicos levaron a cabo unha modernización tecnolóxica moi significativa para a época: o arsenal de Asunción; telegrafía; buques navais; asesoría militar; o corpo médico do exército coordinado polo escocés William Stewart; a liña de ferrocarril Asunción-Paraguarí, trazada polos enxeñeiros John William Whytehead e George Paddison, cuxo primeiro tramo inaugurouse en 1861; ou a fundición de ferro de Ybycuí (Caballero Campos, 2017: 55).

O goberno paraguaio tamén se interesaba pola inmigración controlada de colonos europeos para actualizaren as técnicas de cultivo e poboaren a rexión occidental, é dicir o Chaco, unha rexión 'deserta' no sentido de que non había asentamentos permanentes e os habitantes nómades non estaban asimilados ao Estado nin, como tal, 'civilizados'. En 1854, Francisco Solano López negociou o transporte de máis de catrocentos vasco-franceses para fundaren a colonia Nouvelle-Bordeaux sobre o río Paraguai (posteriormente Villa Occidental e logo Villa Hayes, actual departamento de Presidente Hayes). Pero os armadores bordeleses que se encargaron dos traslados non seleccionaron os candidatos máis idóneos; apenas 86 dos 419 inmigrantes (20,53%) eran agricultores. Por tanto, a colonia fracasou cara a finais de 1856 provocando un serio conflito diplomático co goberno de Napoleón III (Rodríguez Alcalá e Capdevila, 2005: 11-13).

Ao carón dese ensaio de inmigración organizada, houbo un fluxo débil de inmigrantes espontáneos que respondeu á parcial e vacilante apertura do mercado paraguaio. Temos noticias de comerciantes peninsulares que acudiron "*atraídos por las posibilidades que el Paraguay ofrece a la iniciativa personal. Estos españoles recién llegados aportan, además del estímulo económico, el de una presencia social, pautas de vida, un aura cultural más actualizada*" (Plá, 1985: 79). Falando do ámbito das institucións culturais, López encomendou gran parte das tarefas modernizadoras a especialistas estranxeiros. O arquitecto italiano Alejandro Ravizza traballou para os dous presidentes da dinastía López. Deseñou edificios monumentais como o Teatro da Ópera, inspirada no renacentista Teatro alla Scala de Milán. Outra figura relevante é o gaditano Ildefonso Antonio Bermejo, un republicano exiliado que coñecera Francisco Solano López en París. Bermejo realizou un versátil labor de acción cultural e organizou a *Escuela Normal* de Asunción (Cardozo, 2007a [1963]: 242, 249). Ademais, a súa obra de teatro *Un paraguayo leal* (1858) ten o valor histórico de inaugurar o drama nacional no Paraguai, aínda que en realidade se trata dunha versión re-escrita dunha peza anterior.

Quizais os 108 números do *Eco del Paraguay* (1855-1857), o primeiro xornal privado do país, sexan o mérito máis importante de Bermejo. O español era o redactor único desta publicación, e cada número arrincaba coa sección "Doutrinal" que explicaba os ideais e características fundamentais do goberno de López. Neste senso, o *Eco del Paraguay* tiña unha notable función pedagóxica. No número dezasete, por exemplo, respecto da (limitada) liberdade de prensa que López acababa de decretar, Bermejo versa sobre o concepto iluminista da liberdade:

> *Sin embargo, el Presidente de la República puede hoy decir á los Paraguayos, lo que Timoleon § los Siracusanos cuando les concedi· el de*

dijo, mirad lo que haceis. Reflexionad que todo ciudadano tiene derecho de hablar, pero cuidad de no dejaros conducir por los impulsos, de vuestras pasiones, porque os espondreis á atacar § esa misma libertad que me ha[13] *sido tan dul*

Cando Carlos Antonio López faleceu en 1862, o país que deixou atrás parecíase ao Paraguai de Francia en moitos sentidos: maioritariamente auto-suficiente, apoiado en formas de produción pre-capitalistas, e cunha administración vertical e autoritaria que gobernaba unha sociedade relativamente homoxénea e igualitaria. Realizáranse unhas primeiras tentativas de expor o Paraguai de modo controlado á intrusión dos mercados internacionais, se ben cunha cautela demasiado excesiva, polo menos a ollos da oposición liberal exiliada en Bos Aires e dos gobernantes das principais prazas americanas e europeas.

A administración de Francisco Solano López difería da do seu pai dende o principio. Bermejo regresou a Europa en 1863, debido ás diferenzas que xurdiron entre el e o novo presidente (Cardozo, 2007a [1963]: 266). O mesmo ano, nas aulas escolares o *Catecismo político y social* foi substituído polo *Catecismo Real de San Alberto* (1786), un feito que Orué Pozzo (2008: 100) interpreta como evidencia das pretensións cuasi-monárquicas de López fillo. Pero o máis transcendental foi a súa resolución de adoptar unha política diplomática moito máis firme, enérxica e agresiva que a perseguida até entón. A finais de 1864 desatouse unha guerra civil entre os partidos *Blanco* e Colorado en Uruguai, a cal axiña adquiriu unha dimensión internacional. Os colorados do xeneral Venancio Flores contaban co apoio de Arxentina e Brasil, mentres que López optou por unirse á causa dos brancos. O exército paraguaio invadiu o Mato Groso en decembro de 1864, e en abril do ano seguinte, López tomou a decisión de ocupar Corrientes. Foi un erro de cálculo pola súa parte.

2.2. A Tripla Alianza e a posguerra (1865-1879)

Non obstante, a cuestión uruguaia só foi a chispa. As raíces da Guerra da Tripla Alianza eran bastante máis profundas. Coronel (2011: 82) identifica a incompatibilidade entre a autarquía paraguaia e o liberalismo económico dos países veciños como a causa principal. Isto foi suficiente motivo para aliaren dúas nacións que non eran precisamente aliados naturais. Aos xornalistas porteños custáballes instaurar o Paraguai como o verdadeiro adversario no seu discurso, cando para moitos cidadáns o Brasil parecía o perigo máis inmediato e crible, sendo este o poder continental máis forte que rivalizaba coa Arxentina (Baratta, 2015). Porén, malia todas as resistencias, o Estado liberal arxentino foi o gran vencedor da contenda porque a "*guerra le proporcionó una oportunidad de acallar la disidencia interna y de consolidar el Estado nacional centralizado y sus representaciones sobre la nacionalidad argentina*" (Baratta, 2014: 100).

A Guerra da Tripla Alianza prolongouse durante cinco anos, bastante máis do que se esperaría dunha loita tan desigual. Expulsados de Corrientes, a vitoria esmagadora dos paraguaios en Curupayty (1866) e a longa retención da frota brasileira contra as baterías de Humaitá (Ñeembucú) (1866-1868) impediron o avance aliado cara a Asunción e postergaron o desenlace final: a morte do mariscal Francisco Solano López en Cerro Corá (Amambay) o 1 de marzo de 1870. A produción agrícola intensificouse para soster o estado de guerra total. As mulleres e os cativos tiñan que traballar incluso nas noites de lúa e realizar traslados forzosos

[13] *Eco del Paraguay. Periódico político, industrial, comercial y literario*. Asunción, 9 de agosto de 1855, p. 1.

con menos de 24 horas de aviso (Potthast, 2005: 102). O exército paraguaio non abandonou Corumbá (actual Mato Groso do Sur) até 1868, polo cal a zona de Concepción no norte, afastada do escenario de operacións, seguía sendo a súa reserva pecuaria e soldadesca até as últimas etapas do conflito. Aínda en febreiro de 1869, o maior Benigno Lara enviou 2.399 vacas dende Concepción ao cuartel xeral de Azcurra — unha das sucesivas bases de operacións utilizadas por López trala ocupación de Asunción (Alvarenga Caballero, 1999: 59).

O saqueo da capital a partir do 1 de xaneiro de 1869 deu comezo a unha ocupación que duraría até 1876. Potthast (2005: 109) describe como en Asunción:

> *Familias de la antigua élite tenían que dormir en los pasillos de sus casas o bajo las copas de los árboles. Las calles estaban llenas de mujeres sobrevivientes con criaturas famélicas en los brazos pidiendo limosna, madres que buscaban a sus niños extraviados durante la guerra y niños en busca de algún familiar que hubiera sobrevivido. La convivencia pública entre las paraguayas y los soldados tampoco era siempre pacífica y decente y, junto a la miseria y la brutalidad, los niños presenciaban violaciones por parte de los soldados de las fuerzas de ocupación.*

Alén das violencias perpetradas contra a súa poboación, o Paraguai sufriu importantes perdas territoriais. Concretamente, Arxentina anexou Formosa e gran parte da actual provincia de Misiones, en canto o imperio brasileiro se apoderou da parte austral do actual Estado de Mato Groso do Sur. O Paraguai contraeu, ademais, unha débeda de guerra duns dezaoito millóns de pesos que nas vindeiras décadas serviría de pretexto para varias inxerencias estranxeiras na política nacional, e asemade impediría que se artellase calquera política financeira sólida (Rivarola, 2010 [1993]: 31). A súa infraestrutura económica tamén quedou aniquilada, como exemplifica o desbaratamento da *Estancia de la Patria* de Bella Vista. Cando Keith Johnston visitou o fortín en 1874 coa Comisión de Límites, xa non pastoreaba ningún animal nos seus arredores, e o xeógrafo escocés puido observar que as "barracas ennegrecidas […] están case cubertas de vexetación" (Johnston, 1875: 271) [tradución do autor].

Pero os danos demográficos foron os máis devastadores. Johnston (1875: 265) escribe que en Asunción "as mulleres nos seus chales brancos, indo e vindo con grandes xerras de louza vermella pousadas na cabeza, ou sentadas en grupo nas solainas do mercados, á primeira vista parecen constituír a poboación enteira da vila" [tradución do autor]. Isto reflicte o desequilibrio provocado pola Guerra Guazú. Aproximadamente o setenta por cento dos paraguaios faleceu durante o conflito, e a meirande parte das vítimas mortais eran varóns (Morales Raya, 2015a: 119). Dada a case desaparición da poboación masculina, a recuperación económica durante a posguerra dependía das mulleres que tiñan que encargarse de practicamente todas as tarefas produtivas ao nivel nacional (Dalla-Corte Caballero, 2018: 213). Por exemplo, un sector estrela en que a presenza das mulleres destaca, non só como empregadas senón tamén como propietarias, é a destilación de caña. Johnston (1875: 266) visitou unha destilería cerca de Caapucú (Paraguarí) que estaba fabricando doce garrafas de caña ao día — daquela probablemente o establecemento máis importante do país.

O minifundio, negociado nunha parcela de terras fiscais, era o modo de produción máis habitual. A causa do desastre demográfico e o renovado vigor da agricultura de subsistencia logo da desaparición das grandes estancias, os poucos terratenentes gandeiros e madeireiros atopábanse ante unha grave carestía de man de obra. Os peóns podían abandonar un traballo e pasar a outro con facilidade pola elevada demanda e porque os medios coactivos do Estado eran

débiles (Toness, 1973: 63). Por este motivo, en 1871 o goberno promulgou unha lei para eliminar o dereito á liberdade de traballo e movemento e establecer a prisión por débedas. Isto substituíu o sistema anterior que fora máis flexible porque as persoas puideran solicitar adiantos a troco dunha débeda de servizo (Areces, 2005: 12). Tal innovación xurídica produciuse só dous meses despois de que a *Convención Nacional Constituyente* garantise a liberdade de traballo e movemento como un dereito inalienable de todos os cidadáns (Art. 18 da Constitución). O desacato ás leis constitucionais, tal como sucedeu neste caso, foi un fenómeno habitual en toda América Latina. Porén, esta incoherencia abrollou "*quizá en forma más acentuada en el Paraguay, donde la legislación liberal se implantó sin un previo proceso de demandas y reivindicaciones sociales de derechos y libertades; bajo la presión de los gobiernos aliados, en un ambiente generalizado de derrota*" (Rivarola, 2010 [1993]: 37).

A Constitución de 1870, entón, foi imposta "*en forzosa (y costosa) sintonía con el zeitgeist regional*" (Rodríguez Alcalá, 2011: 4). Inspirada directamente na lexislación arxentina, a carta magna receitaba políticas de *laissez-faire* e o crecemento económico a base de inversións estranxeiras (Soler, 2007: 445). O encargado de negocios do Paraguai en Washington, Silvano Mosqueira, xulgaría en 1913 que:

> *El período moderno del Paraguay comienza con la jura de la Constitución Nacional, efectuada el 25 de Noviembre de 1870. La Ley Suprema de la República es un modelo de liberalismo: está calcada en la Constituciones más libres de los países republicanos* [Argentina y Estados Unidos] *y, según opiniones de eminentes constitucionalistas, es la Constitución más libre del mundo.*[14]

Malia que os principios democráticos da Constitución moitas veces non se cumpriron na práctica, o xuízo de Mosqueira non está divorciada da realidade respecto da importancia que a sociedade paraguaia lla atribuía. Case todos os golpes de Estado efectuado durante o período de entreguerras fixéronse en nome da Constitución, e a partir dos 1890 a Praza Constitución na capital (actual Praza de Armas) converteuse nun lugar obrigado para mitins de obreiros (Rivarola, 2010 [1993]: 37). Aqueles golpes de Estado foron unha consecuencia do faccionalismo que caracterizaba a política da posguerra. A Tripla Alianza fragmentou o poder monolítico dos gobernos anteriores deixando un baleiro en que agora rivalizaban os novos caudillos da política local: ex xenerais do exército de López e ex opositores ao réxime, coñecidos colectivamente como os «lexionarios» porque moitos deles pertencían á Lexión Paraguaia que loitara contra López durante a guerra.

Durante a ocupación aliada, os gobernos estranxeiros con frecuencia inxerían directamente na política local. Neste contexto, os ex lopiztas como Cándido Bareiro, Gregorio Benítez, Bernardino Caballero ou Patricio Escobar, todos militares, adoptaban un discurso lixeiramente máis nacionalista, pero asemade favorable ao Brasil. En cambio, os lexionarios, moitos deles exiliados até entón na Arxentina, mostrábanse máis arxentinistas e claramente liberais. Pero non hai que esaxerar estas tendencias. As faccións facíanse e desfacíanse respondendo a intereses prácticos e persoais moito máis que ás diverxencias ideolóxicas de fondo (Baratta, 2016: 21). Bourscheid (2016: 8) afirma que a década 1870-1880 se define pola "anarquía política". Os obxectivos dos líderes eran cortopracistas e a falta de estruturas partidistas consolidadas contribuía á perpetuación da inestabilidade. Paraguai padecía os problemas do "*derecho al voto antes que las estructuras políticas que lo vehiculizan*" como a

[14] *Unión Iberoamericana. Órgano de la sociedad del mismo nombre.* Madrid, decembro de 1913, p. 42.

persecución aos rivais, os comicios cun só candidato, ou as redes clientelares que condicionaban os resultados electorais (Soler, 2007: 445). O fraude era perenne — na ocasión do centenario, Sosa Escalada (1911: 20-22) comentou con ironía que o pobo elixiu cada presidente unanimemente durante corenta anos.

A corrupción era outra das grandes lacras. Por exemplo, os préstamos de Londres de 1871-1872 foron unha boa oportunidade para revitalizar a tesouraría do Estado. Lamentablemente, por culpa do masivo desfalco cometido por algúns interesados paraguaios e o que equivale a unha estafa por parte dos corredores británicos, os préstamos fundiron o crédito nacional e endebedaron o país durante décadas (Caballero Campos, 2017: 95-97). Tamén se xeneralizou o uso da violencia política. Isto non representa unha desviación das prácticas autoritarias de López, pero a violencia quizais fose máis frecuente nos tempos da "anarquía política". Un exemplo, entre as moitas persecucións que se poderían citar, é a clausura de *El Progreso* en 1873. Dirixido por R. Ferreyra, dito xornal publicou a súa última noticia o 4 de maio:

> *Ayer por la tarde fuimos sorprendidos con la órden del ministerio del interior, notificada por la policía mandando suspender la publicación de EL PROGRESO.*
> *Una vez mas, ha sido pisoteada la Constitucion del pais. De nada ha servido que la ley fundamental estableciera las garantias mas formales a favor de la prensa política* […]
> *La razon ostensible que dá la Policía para fundar su órden, es la de suponer que somos órganos, de la revuelta.*[15]

Un cuarto de século despois, o xeneral Víctor Ferreira finalmente admitiu que recibira ordes oficiais para destruír a imprenta de *El Progreso* en 1873. A redacción de *El Pueblo*, máis que acostumada a tales represións, así titulou o seu artigo sobre as revelacións de Ferreira: "*H a b l · e l b u e*"[16] *y y d i j o é m½ é*

Por todos estes motivos, a inmediata posguerra foi un período moi difícil para a sociedade paraguaia. Os primeiros indicios dunha posible recuperación manifestáronse no crecemento demográfico ao longo dos anos setenta, empuxado pola adopción temporal dun modelo de familia poligámico que, segundo Cardozo (2007b [1965]: 112), recordaba a vida comunal guaraní. O feito de que moitas familias aínda tiñan a posibilidade de arrendar parcelas de terras fiscais permitía que de momento os pequenos agricultores (ou pequenas agricultoras, dado o desequilibrio demográfico) puidesen retomar o seu modelo tradicional de subsistencia (Areces, 2005: 12). Como xa mencionamos, a guerra provocou a ruína da industria gandeira. Pero coas súas fronteiras novamente abertas ao comercio estranxeiro, o Paraguai podía satisfacer a súa demanda cárnica con bois correntinos arreados a Villarrica e ao matadoiro de Trinidad nas bisbarras de Asunción (Johnston, 1875: 202-203), mentres que o cadro vacún reprodutivo empezou a reconstituírse con reses importadas de Corrientes e Brasil (López Decoud, 1911: 73). Iso si, estes primeiros, tímidos sinais de recuperación non podían ocultar a magnitude da catástrofe nin impedían que grandes masas de paraguaios emigrasen; tan só no ano 1877 estimábase que unhas doce mil familias pasaron a Corrientes (Gaona, 2007 [1967]: 91).

[15] *El Progreso*. Asunción, 4 de maio de 1873.
[16] *El Pueblo. Órgano del Partido Liberal*. Asunción, 26 de abril de 1897, p. 1.

A pesar de todo, a finais da década dous acontecementos reviviron o optimismo acerca do porvir nacional (González, 2010: 26). O primeiro foi o laudo arbitral do presidente estadounidense Rutherford B. Hayes (13 de novembro de 1878) que recoñecía a soberanía paraguaia sobre a franxa do Chaco entre os ríos Pilcomayo e Verde, e a consecuente retirada das tropas arxentinas de Villa Occidental. O segundo acontecemento foi a concesión obtida en 1879 polo empresario pontevedrés Francisco Javier Brabo coa fin de construír un porto, camiños carreteiros e unha liña de ferrocarril que facilitasen o comercio entre Bolivia e Paraguai (o plan non chegou a concretarse). Entón, a fase máis desesperada e 'salvaxe' da posguerra xa pasou. Entrando na década de 1880, os paraguaios ollaban cara ao futuro con certas esperanzas.

2.3. A *pax* colorada e as grandes estancias (1880-1904)

A recuperación económica notábase sobre todo nas zonas do norte que, grazas á súa posición xeográfica, se aforraran as peores privacións e violencias até o derradeiro ano da guerra. A partir de 1880 cando a Villa Real de Concepción comeza a chamarse "a opulenta" por este motivo (Alvarenga Caballero, 1999: 91). Pero o dominio político que logra a facción de Bernardino Caballero durante esta década facilita un nivel de estabilidade e seguridade relativas en todo o país. O caballerismo inaugura unha liña política que redobra a institucionalización gobernamental e a abertura internacional da economía paraguaia. É durante estes anos cando se fundan os partidos políticos tradicionais. A súa configuración en 1887 non supuxo un novo cisma na política, senón que institucionalizou as divisións que xa existían.

Nos seus inicios, o Centro Democrático (Partido Liberal) e a Asociación Nacional Republicana (ANR) (Partido Colorado) respondían a intereses personalistas máis que a diferenzas reais de ideoloxía, aínda que en liñas amplas podemos dicir que entre os colorados había unha maior proporción de persoas asociadas ao réxime lopizta, pero con diversas excepcións como o lexionario José Segundo Decoud. En cambio, e como suxire o seu nome, o Partido Liberal sostería posicións máis liberais que os colorados. Estes flirteaban con ideas nacionalistas e illacionistas, pero a fin de contas tamén terminaron propugnando políticas liberais. Chiaradía (2015: 7) indica que estas pequenas diverxencias teóricas entre liberais e colorados foron unha manifestación local dos choques entre liberais e conservadores que se observan en moitos países americanos durante toda a segunda metade do século XIX, se ben con características autóctonas en cada caso. Agora ben, todos os presidentes entre 1887 e 1904 pertencían á ANR. Trátase, entón, dun período de hexemonía colorada.

Unha das medidas do goberno de Bernardino Caballero (1880-1886) foi renovar a representación diplomática no exterior. En parte, a misión dos cónsules consistía en fomentar a chegada de poboadores para que a nova *Ley de Inmigración y Colonización* (xuño de 1881) puidese dar froitos. A idea de fundar colonias agrícolas tiña antecedentes: a Nouvelle-Bordeaux; o experimento dos *Lincolnshire Farmers*; ou unha colonia alemá en Yaguarón (1871), cuxa poboación axiña quedou reducida a apenas dúas ou tres persoas (Johnston, 1875: 270). Os defectos destes proxectos evidenciaron a necesidade dunha maior organización. José Segundo Decoud, un dos principais arquitectos da política nacional no tardío século XIX, explica que na primeira posguerra "*la idea fué dispersar la poblacion extrangera, para que ella, confundiéndose con la nuestra, pudiera ejercer una influencia benéfica, modificando los constumbres del pueblo y sustituyendo por los hábitos el trabajo, que caracteriza tanto al*

colono extranjero". Non obstante, a base daqueles fracasos iniciais nos anos setenta, Decoud aprendeu que:

> […] *el inmigrante que se establece en un paraje aislado, sin tener otros vecinos que los naturales del país, pronto llega á olvidar las constumbres europeas que ha traido para abrazar las que encuentra en el país donde se ha radicado. La población nativa tiene necesariamente que absorver al colono y ejercer influencia sobre él.*
> *La fisonomía moral de un pueblo no es tan fácil cambiarla. Era necesario que el elemento estrangero estuviera en mayor número para que pudiera operar el fenómeno de la transformación.*
> *Y precisamente la colonización tiende á este resultado.* (Citado en Teijeiro Martínez, 1882: 25)

Entón, o *Álbum gráfico* de López Decoud (1911: 298-300) salienta as seguintes colonias agrícolas fundadas ao amparo da lei de 1881:

1. San Bernardino (1881): "*principal centro invernal de los turistas rioplatenses*", situada na beira do lago Ypakarai. 'San Ber' segue sendo un importante destino turístico na actualidade.
2. Nueva Germania (1887): 281 habitantes en 1911.
3. Elisa (1890): fundada polo *Banco del Paraguay y Río de la Plata*. Dezaoito propietarios e 66 casas en 1911. A actual Villa Elisa forma parte da Gran Asunción.
4. 25 de Noviembre (1893): seis mil habitantes en 1911, dispersados sobre unha superficie de 37.500 hectáreas a oito leguas de Villarrica.
5. Nueva Australia (1893): fundada pola Compañía Cooperativa Colonizadora "Nueva Australia". Inicialmente foi un experimento comunista pero as condicións da concesión tiveron que modificarse poucos anos despois. 174 familias en 1911, das cales 114 eran paraguaias, 53 australianas, tres alemás, dúas norteamericanas, unha arxentina e unha norueguesa.
6. Cosme (década de 1890): segundo intento comunista promovido polo australiano William Lane. 49 habitantes en 1911, dos cales 25 eran paraguaios, trece ingleses, seis australianos, catro escoceses e un arxentino.
7. Trinacria (1898): fundada pola *Sociedad Colonizadora Italo-Argentina*, cerca de Villa del Rosario (San Pedro). 784 habitantes en 1911, dos cales a maioría (734) era paraguaia, con apenas 23 italianos e catro arxentinos entre os demais inmigrantes.
8. Hohenau (1900): concesión aos industriais Reverchón e Closs na zona das Misiones. 638 habitantes en 1911, dos cales 358 eran brasileiros de orixe alemá, 131 paraguaios, sesenta arxentinos, 55 alemáns, trece austríacos, doce italianos, cinco suízos, dous chilenos, un ruso e un luxemburgués.
9. Gaboto (1901): 180 habitantes en 1911, dos cales 160 eran paraguaios.
10. Nueva Italia (década de 1900): 14.848 hectáreas entre Lambaré e Angostura sobre o río Paraguai, 434 habitantes (106 familias) en 1911, dos cales 314 eran paraguaios.

É forzoso dicir que a colonización non cumpriu coas altas expectativas; non foi suficiente para 'transformar a fisionomía moral do pobo'. Non obstante, a colonización tivo algúns efectos positivos: a introdución de capital e novas tecnoloxías, a creación de infraestruturas e servizos, a xeración de emprego para os paraguaios, ou a diversificación das actividades económicas (Kleinpenning, 2009: 368).

A participación do Paraguai en diversas exposicións internacionais era outra vía de inserción no 'concurso das nacións civilizadas'. Na segunda metade do século XIX, tales

exposicións representaban unha das formas máis importantes de entaboar relacións comerciais e promover os produtos para a exportación. Tendo participado na Exposición Universal de París (1867) —en plena guerra—, o Paraguai non concorreu ás exposicións de Córdoba (Arxentina, 1871), Lima (1872), Santiago de Chile (1875) nin París (1878). A reinserción paraguaia neste circuíto comercial produciuse por fin na Exposición Continental (Bos Aires, 1882), seguida polas de Anveres (1885), Barcelona (1888), París (1889) e Chicago (1893) (Dalla-Corte Caballero, 2018: 196-197). Esta reinserción nos circuítos internacionais correspondía a un proceso real de recuperación económica, se cadra simbolizada nas medallas de ouro que as mostras de herba mate paraguaia de Tomás Larangeira, cidadán brasileiro, gañaron en cada unha desas cinco exposicións (*El comercio paraguayo*, 1899: 145). O goberno nacional estaba conseguindo difundir unha propaganda positiva para mellorar a reputación do país no exterior. Escribindo en 1887, un viaxeiro arxentino expón diversos aspectos do progreso paraguaio (empresas, bancos, peiraos, valores de solos etc.) e conclúe que "*con esa enumeración los comentarios son inútiles, si se considera que hace diez y seis años el Paraguay era un cadáver, y que de sus frías cenizas ha nacido esta joven y floreciente nación*"[17].

Pero non esaxeremos o alcance da recuperación. Sánchez Bazán (1887: 12) describe Asunción como unha cidade onde todos os edificios públicos aínda están en ruínas e as rúas máis céntricas seguen sen empedrado. As impresións de Sánchez Bazán, quen en 1883 puxera en marcha o primeiro consulado xeral estranxeiro no Paraguai[18], corrobóranse na xeografía universal de Reclús (1896: 91): "*Paraguay tiene muy pocos pueblos dignos del nombre de villas; las localidades que se honran con este título no son, en su mayor parte, casi más que un conjunto de chozas bajas de madera y de tierra cocida*". Non queda constancia de cales foron as fontes que o anarquista francés empregou, pero que Ramón de Olascoaga, residente durante longos anos en Asunción, traducise esta descrición do Paraguai suxire que lle parecía correcta. De feito, como afirma Rivarola (2010 [1993]: 71-72), as únicas afirmacións que Olascoaga 'desminte' nunha nota de pé son os comentarios fulminatorios de Reclús acerca das condicións de virtual escravitude que os peóns sufrían nas grandes estancias herbeiras.

O estado dilapidado das rúas e os edificios públicos era un síntoma das arcas baleiras do Estado e o pouco que se podía facer coas enormes débedas da guerra, pero o goberno si contaba con recurso importante: a terra. Durante a Guerra da Tripla Alianza, os pastos, bosques e herbais en mans do fisco aumentaron a causa das confiscacións ou a morte dun gran número de propietarios. Para 1870 case toda a superficie do país era de propiedade pública, e esta situación resultaba problemática para os gobernantes liberais porque obstaculizaba a iniciativa privada (Areces, 1998: 107). En cambio, ceibar toda aquela riqueza material aos vaivéns do mercado representaba a posibilidade para revivir as contas do Estado. Por tanto, unha lei do 2 de outubro de 1883 e un decreto do 31 de xaneiro de 1885 legalizaron a venda de bosques, herbais e campos de pastoreo. Entre 1886 e 1889, catorce dos corenta millóns de hectáreas vendidas pasaron a ser a propiedade privada de oito consorcios europeos, brasileiros e sobre todo arxentinos (Rivarola, 2010 [1993]: 71-72). Contra finais do século XIX, aproximadamente o cincuenta por cento do país pertencía a uns 79 particulares, bancos e sociedades estranxeiras (Brezzo e Figallo, 1999: 192-193). A economía paraguaia da posguerra converteuse nun virtual apéndice da arxentina (Gaona, 2007 [1967]: 68). O país veciño absorbía o setenta por cento dos produtos agrícolas paraguaios, o noventa por cento dos produtos forestais, o vinte por cento da produción gandeira, sendo asemade o seu principal subministrador de alimentos, combustibles,

[17] *Archivo Diplomático y Consular de España*. Madrid, 24 de maio de 1887, p. 7.
[18] *Archivo Diplomático y Consular de España*. Madrid, 16 de outubro de 1886, p. 5.

lubricantes, pigmentos, pinturas, metais, maquinarias, motores, manufacturas e téxtiles (Dalla-Corte Caballero, 2009: 297).

A venda de terras fiscais tivo uns efectos positivos. Os beneficios permitiron a creación da *Universidad Nacional de Asunción* (UNA) e os *Colegios Nacionales* de Concepción, Encarnación (Itapúa), Pilar e Villarrica en 1889, coa fin de formar a seguinte xeración de intelectuais e especialistas para conduciren os destinos do país (un *Colegio Nacional* funcionaba en Asunción dende 1877) (Centurión, 1948: 93). No plano financeiro, en 1890 o goberno puido negociar en Londres un empréstito de cincocentas mil libras para pagar a débeda de 1871-1872. Dado que o seu crédito no exterior era pésimo, o Paraguai ofrecía o produto da contribución directa, unha cuarta parte das rendas alfandegueiras, e as accións do Estado no *Ferrocarril Central del Paraguay* como garantías (Caballero Campos, 2017: 106-107). Estas negociacións remontábanse a 1886, ao convenio do 20 de marzo firmado entre o comisionado José Segundo Decoud e os titulares de bonos dos préstamos de 1871-1872. O convenio acordou que se utilizase unha parte dos beneficios da venda de terras para estender o ferrocarril dende Paraguarí a Villarrica. O 22 de setembro de 1887, a administración de Patricio Escobar (1886-1890) aprobou unha lei que designaba William Stewart como concesionario do Ferrocarril Central. A troco disto, o escocés comprometeuse a realizar ditas obras de extensión (Dalla-Corte Caballero, 2009: 303).

Algúns contemporáneos alertaron acerca do perigo de que estas xestións resultasen tan calamitosas como as de 1871-1872. Unha carta anónima, enviada dende a capital británica a *La Democracia* en 1892, denuncia que "*ese gobierno ha hecho muy triste figura en Londres con motivo de un contrato de empréstito confiado á un grupo de españoles dedicados desde largos años atrás al* chantage *en esta capital*", a un "*cónsul general* [Christopher James] *que se rodea de gente sospechosa, que nada hace, que es extranjero al Paraguay*", todo o cal demostra que "*el gobierno paraguayo en sus operaciones más serias ignora las precauciones más elementales*"[19]. Non obstante, a diplomacia paraguaia mellorou bastante dende os primeiros momentos da posguerra. Os bonos de 1871-1872 foron cancelados en 1893 e convertidos por valor de 1.479.000 libras. Logo, o 14 de agosto de 1895, o representante dos titulares de bonos estranxeiros en Londres, Henry L. White, firmou un convenio co goberno de Juan Bautista Egusquiza (1894-1898) que "*arregló*" a débeda externa paraguaia (Dalla-Corte Caballero, 2009: 303).

Entrada a década de 1890, Gaona (2007 [1967]: 91) comenta que a mellora económica comezou a notarse na rúa. O gremio de mestres albaneis medrou durante estes anos porque, habendo máis liquidez, firmáronse máis contratos e había máis traballo que facer. O aspecto colonial de Asunción —"*blancas casitas escalonadas, sembradas, diseminadas hacia lo alto, jugando al escondite entre la tupida vegetación, alegremente invasora*" (Barrett, 1912: 173)— ía modernizándose. No ano 1894, construíronse 88 novas vivendas, nove *murallones* e 119 murallas con beirarrúas, imprescindibles nos días de chuvia. Rafael Calzada (1927: 459) visitou Asunción por primeira vez en 1891, cando a súa poboación ascendía a sesenta mil persoas, e os seus comentarios dan unha idea destas mudanzas e o camiño que aínda faltaba por percorrer:


> *El aspecto de la ciudad era bastante bueno. No había en ella grandes edificios, se veían no pocos que denunciaban ser, por su construcción, de la época colonial, pero, en general, se*

[19] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 2 de febreiro de 1892, p. 1.

echaba de ver que la gente vivía con cierta holgura y, sobre todo, con limpieza. [...] *a causa de ser arena el suelo de una gran parte de las calles, no era posible andar por ellas en coche.*

Por outra banda, a cesión de terras ao sector privado tamén exerceu unha influencia dinamizadora, non 'milagrosa' pero si segura, sobre as exportacións. Nos *Apuntes geográficos e históricos* que Benjamín Aceval elaborou para a sección paraguaia da Exposición Mundial Colombina de Chicago (1893), reprodúcense valores procedentes das alfándegas paraguaias entre 1887 e 1891 sobre os cinco principais produtos exportados: tabacos, herba mate, laranxas, coiros e madeiras. Resumimos estes datos no seguinte gráfico:

Gráfico 1. Valores das principais exportacións paraguaias (1887 -1891)
Elaboración propia a partir de Aceval (1893: 16)



Hai que clarificar que este tipo de fontes estatísticas proporcionan unha visión incompleta dos movementos comerciais paraguaios porque sempre houbo altas taxas de contrabando. O problema empeora na década de 1960 cando empeza a practicarse a denominada «triangulación» de mercancías, pero o contrabando tamén supón un obstáculo metodolóxico constante para o noso período (Arce, Herken Krauer e Ovando, 2011: 8). É posible que a expansión da presenza das institucións estatais durante os anos 1887-1891 puidese afectar o peso do contrabando nas exportacións, pero ao noso xuízo as tendencias observables nas cifras de Aceval son demasiado claras para que ese factor sexa a única explicación das mudanzas.

O valor total das exportacións reproducidas no Gráfico 1 medra dende $2.022.094,65 en 1887 a $2.709.672,30 en 1891 (+34%). Unha parte deste crecemento débese á recuperación natural da economía no ambiente de relativa estabilidade institucional e a medida que a primeira xeración de persoas nacidas despois da Guerra Guazú ía ensanchando a poboación activa. Ao mesmo tempo, os efectos das poxas de terras fiscais obsérvanse primeiro no descenso lixeiro das exportacións de tabacos como resultado do avance do latifundio fronte ao modelo minifundista e feminizado que caracterizaba o cultivo deste produto. O valor das exportacións de tabacos baixan subitamente de $703.731 a $438.188 entre 1887 e 1888, antes de volver subir

até $625.936,20 en 1891 — unha baixada de -11,05% ao longo do lustro. Por outro lado, o que máis chama a atención é o pulo que as novas empresas deron ás exportacións de herba mate, como serían *La Industrial Paraguaya S.A.* ou a *Companhia Matte Larangeira* entre outras. Nestes anos a herba mate pasa de representar o 34,18% do valor desas cinco exportacións ($691.075,15), un valor incluso inferior ao dos tabacos, a ser con diferenza o froito do país que máis se exportaba: $1.351.380 (49,87% do total) en 1891.

Porén, a creación dos latifundios xerou asemade unha serie de problemas importantes, por non dicir desastrosos. A existencia das grandes estancias non era o problema en si mesma. As *Estancias de la Patria* no seu momento foran o motor da economía baixo os López, e o Paraguai da posguerra non podería prosperar sen practicar a agricultura a gran escala. Ayala (1996 [1915]: 47) afirma que a "*Argentina no se enriquecería con el cultivo de lentejas, con confiscar los latifundios, con repartir 10 hectáreas a cada una de las familias de su diminuta población. La pequeña propiedad no puede producir de prodigiosa cantidad de trigo y carne que ella exporta*". O Paraguai tampouco. O modelo agro-forestal que se consolidou despois de 1886 seguiu definindo as relacións produtivas neste país até a década de 1970, cando se re-configurou o poder económico no contexto das obras hidroeléctricas de Itaipú e Yacyretá (Arce, Herken Krauer e Ovando, 2011: 13).

Entón, o problema non era o latifundio como tal, senón a brusca desadaptación entre el e a pequena propiedade. A privatización repentina causou a expulsión inmediata de grandes catervas de campesiños das súas terras — un novo proletariado rural e móbil. Unha porción deste éxodo rural, especialmente a emigración de familias enteiras, dirixiuse ás zonas lindeiras do Brasil e Arxentina, onde "*los valores demográficos y su natural incremento perdidos para el Paraguay, han vitalizado los territorios circundantes, algunos hasta ayer no más que semidesiertos, y han contribuído a llevarlos al grado de prosperidad que hoy ostentan*" (Pérez Acosta, 1952: 14-18). Tamén arrancou unha importante corrente migratoria campo-cidade cara a Asunción, de mozos xornaleiros en particular, mentres que moitas persoas se converteron en peóns asalariados nas estancias agropecuarias (Ayala, 1996 [1915: 19; Palau, 2011: 42). Xa vimos que, de acordo coa teoría do sistema mundial, se trata un proceso parecido aconteceu en moitos diferentes países durante a época contemporánea.

A transición ao capitalismo foi un proceso traumático no agro paraguaio. A concentración da propiedade, a consecuente xeración de desigualdades socio-económicas, e a expansión da poboación urbana causaban un crecente malestar na sociedade que coincidía co inicio dun ciclo de folgas e outras actividades obreiras. Á parte dos albaneis, entre 1886 e 1890 tamén se organizaron os tipógrafos, carpinteiros, panadeiros e empregados de correos. Un primeiro levantamento cívico-militar estalou en 1891, froito dunha alianza estratéxica entre o Partido Liberal e a clase obreira cando denuncias liberais do fraude electoral e da arbitrariedade gobernamental se combinaron coas protestas das capas populares contra o empeoramento de seu nivel de vida (Gaona, 2007 [1967]: 70-71; Rivarola, 2010 [1993]: 93). As forzas do goberno sufocaron o alzamento baixo as ordes do coronel Juan B. Egusquiza. Aproveitando este éxito, este xa foi quen de rivalizar con Caballero polo control do Partido Colorado, se ben aínda tardaría en producirse o derrocamento de Juan Gualberto González (1890-1894) e a inauguración da presidencia de Egusquiza.

O caballerismo e o egusquicismo representaban os intereses de sectores económicos entrelazados pero distintos. Nun senso moi xeral (con moitas excepcións), Caballero era o

candidato dos especuladores agropecuarios, mentres que Egusquiza se circunscribía á axenda dos importadores e exportadores urbanos (Bourscheid, 2016: 10). Este sector fabril, comercial e bancario estivera en auxe ao longo dos anos oitenta e xa constituía unha importante fonte de ingresos e emprego urbano. Gaona (2007 [1967]: 91-92) recolle algunhas das principais concesións neste sector:

Antes de 1882: Banco de Alejandro Baillec; primeira fábrica de xeo dos irmáns Pecci
1882: primeira fábrica de xabón de Mondiendou e Casnedi
1884: *Banco Nacional del Paraguay*
1885: primeira fábrica de fideos de Marcos Quaranta
1885-1886: primeiro serradoiro a vapor, olería, fábrica de ladrillos, tellas, louza e tubos de Atilio Peña & Cía.; Banco Hipotecario de Guillermo Gadio
1887: Banco Agrícola
1889: extensión da vía férrea a Sapucai (concesión a William Stewart, como xa mencionamos)
1890-1891: fábrica a vapor de mistos de fósforo e candeas de Casal, Correa & Cía.; concesión de tranvía a Villa Morra e San Lorenzo (Central) a favor de Campbell P. Ogilvie
1892: *Banco Mercantil del Paraguay,* derivado da *Agencia Mercantil del Paraguay* de Antonio Plate
1895: primeiras cocheiras de carruaxes de alugamento en Asunción

Non obstante esta diverxencia, durante a década posterior ao levantamento de 1891 mantívose certo equilibrio político mediante o acercamento entre o bloque colorado de Egusquiza e os denominados «cívicos» do Partido Liberal: un pacto informal que acampaba entre os extremos máis intransixentes do caballerismo e os liberais «radicais» (Bourscheid, 2016: 11). Tamén semellaba que os acontecementos de 1891 tiveron un efecto desmobilizador con respecto ás reivindicacións populares. O movemento obreiro entrou nunha fase de inactividade, coa excepción dunha folga de panadeiros en 1897, obxecto dunha forte represión até que, ante a necesidade de abastecer a capital de galletas, o goberno de Egusquiza se vise obrigado a dialogar cos doce *cabecillas* (Gaona, 2007 [1967]: 93). Os problemas volveron aflorar arredor do ano 1900. A estas alturas, a venda de terras fiscais esgotárase como xeradora de diñeiro. A *débâcle* dos préstamos de 1871-1872, aínda que máis ou menos solucionada grazas ao acordo cos titulares de bonos estranxeiros en 1895, deixara o país sen posibilidades de acceder a crédito no exterior. A medra do réxime latifundista estaba propulsando unhas desigualdades socio-económicas que eran cada vez máis intolerables; un dez por cento da poboación controlaba a metade da riqueza natural, mentres que tan só o quince por cento dos ingresos se repartía entre o sesenta por cento da poboación restante.

En definitiva, o proxecto de reconstrución "*que había descansado en la interacción multiplicativa de factores exógenos de crecimiento como la inmigración y los capitales externos, tanto en forma de empréstitos como en forma de inversiones directas modernizantes de la estructura económica, parecía agotado*" (Brezzo, 2010: 20). En lugar de corrixir este desequilibrio, a lexislación procuraba protexer as grandes empresas parcial ou totalmente estranxeiras, establecidas na primeira ondeada de vendas e concesións públicas, contra a 'ameaza' de novos inmigrantes que poderían ocupar terras e facerlles competencia:

> *La nueva Ley de Inmigración se promulgó el 6 de Octubre de 1903. Con esta, se redujeron los privilegios concedidos con la anterior ley* [de 1881] *y se restringió la venida de extranjeros,*

> *quienes debían cumplir las siguientes condiciones: todo candidato a inmigrante debía ser apto para el trabajo, no mayor de 50 años, que acreditara su profesión y buena conducta. Debía venir al país por cuenta propia y poseer un capital mínimo de cincuenta pesos oro en efectivo, si fuese solo y de treinta pesos oro por cada varón adulto, si fuese jefe de familia. Los lotes de tierra ya no fueron cedidos gratuitamente, los pasajes eran costeados desde los puertos del Río de la Plata o Paraná, el alojamiento y mantenimiento eran por ocho días*. (Zalazar, 2005: 71).

A lei de 1903 tamén desautorizaba a entrada de persoas negras, amarelas, xitanas, enfermas, mendigas ou con contas pendentes coa xustiza. Esta prohibición tamén se implementaba noutros países. Por exemplo, nas secuelas da abolición da escravitude (a Lei Áurea do 13 de maio de 1888), as elites brasileiras desexaban que "*as correntes imigratórias garantissem o branqueamento da população. A solução estava em impedir a entrada de negros, judeus e japoneses, de forma a não comprometer a formação profunda herdada do liberalismo republicano*" (Tucci Carneiro, 2016: 125). No Paraguai, esta medida impedía que os estanceiros empregasen culís asiáticos ou ex escravos procedentes do Brasil, e trataba de garantir a 'calidade' (branca e europea) da man de obra importada.

A última provisión contra os fuxitivos da xustiza probablemente teña máis que ver coa cruzada contra o anarquismo. Como Colodrón Valbuena (2018) demostra no caso do españois en Cuba, os inmigrantes foron os vectores das ideas libertarias en América. Así Barrett (1996: 81) censura unha lei migratoria arxentina de 1909 que explicitamente discriminaba os anarquistas: "*Protesto contra la teoría temible de perseguir a los que construyen un sistema de ideas, clasificándolos entre los polígamos y los idiotas*. […] *Muchos ladrones profesan el capitalismo. Muchos asesinos adoran a Dios*". Os ácratas peninsulares, sendo Rafael Barrett o máis notorio, tamén desempeñaron o seu papel no movemento obreiro paraguaio a principios do século XX. O período de inactividade dos anos noventa rematou cando o gremio de carpinteiros reaccionou ante o éxito do seu par bonaerense á hora de conseguir unha xornada laboral de oito horas. Os asuncenos queixábanse aínda de ter que traballar quendas de entre dez ou doce horas, e esta reclamación deu lugar a unha serie de folgas que duraría até 1905. O líderes desta campaña eran Modesto Amarilla (paraguaio), José Serrano (socialista español) e José Rovira (anarquista catalán) (Gaona, 2007 [1967]: 107-107).

A trinta anos do final da guerra, outra mudanza que se produciu foi a incorporación á militancia política dunha xeración de homes nacidos durante a posguerra. Figuras como Cándido Bareiro, Gregorio Benítez, Bernardino Caballero, Juan Cristóstomo Centurión ou Patricio Escobar cederon terreo aos homes da Xeración do Novecentos (Cecilio Báez, Manuel Domínguez, Manuel Gondra, Juan O'Leary, Ignacio Pane etc.), malia que o poderío dos 'vellos' non diminuíu por completo (Rodríguez Alcalá, 2011: 5).

Entón, varios factores confluíron a principios do século XX para pór fin á pax colorada: o esgotamento da política de venda de terras fiscais; as crecentes desigualdades e o empeoramento da calidade de vida do cidadán medio; o influxo de novos homes e ideas renovadoras na clase política; e tamén podemos sinalar a presión exercida pola Arxentina liberal, cuxo goberno liberal se opoñía á política (parcialmente) intervencionista do Partido Colorado. A curto prazo, un dos factores que finalmente permitirían a accesión ao poder do Partido Liberal en 1904 foi o derrocamento de Emilio Aceval (presidente 1898-1902). Os dous presidentes subseguintes, Andrés Héctor Carvalho (1902) e Juan Antonio Escurra (1902-1904),

pertencían á facción caballerista e máis 'dura' da ANR. Nesta conxuntura, produciuse unha aproximación entre Egusquiza e a á cívica do Partido Liberal (Bourscheid, 2016: 11).

Finalmente, en 1904 a administración de Escurra promulgou unha *Ley Autorizando al P.E. á Elevar la Emisión del Papel Moneda en Circulación.* O artigo 14 desta lei ordenaba que a "*exportación de cueros vacunos queda sujeta á los impuestos y condiciones siguientes:* […] *El aumento de treinta y cinco centavos oro por cada cuero vacuno*" e que a "*mitad de los cueros vacunos que se presenten para la exportación serán entregados á las Administraciones de las Aduanas de la República las cuales pagarán por aquellos con el descuento de sesenta centavos oro por cada cuero*" (Beraud, 1904: 59). Condenada a topar co rexeitamento absoluto dos terratenentes e os exportadores urbanos, esta lexislación anti-liberal foi a chispa da Revolución de 1904 (Toness, 1973: 93-94).

En decembro, os liberais protagonizaron con éxito o segundo levantamento cívico-militar do período. A Revolución de 1904 levouse a cabo instrumentalizando o descontento dos exportadores agropecuarios e a tregua conxuntural co egusquicismo. Os liberais presentáronse como os intérpretes auténticos do malestar popular para aseguraren o apoio gremial ao movemento (Gaona, 2007 [1967]: 137). 1904 non foi unha revolución segundo as acepcións actuais; non houbo ningunha mudanza fundamental nas estruturas socio-económicas do Estado paraguaio, senón que unha fracción política substituíu outra. Tal vez o lector se pregunte, entón, por que empregamos a Revolución de 1904 como punto de corte. Se non é polas súas consecuencias, facémolo polas súas causas. O golpe do Partido Liberal foi consecuencia en si mesma do cúmulo de conflitos inherentes ao ciclo de recuperación económica e penetración capitalista durante a posguerra da Tripla Alianza, cuxa fase inicial terminou co esgotamento da política de vendas de terras fiscais ao final do século XIX.

2.4. A hexemonía liberal: paz, modernización e guerra (1905-1931)

Os gobernos colorados e os gobernos liberais non foron moi diferentes na práctica. Nos seus primeiros momentos, a Revolución de 1904 alentou as esperanzas dunha democratización máis significativa e unhas melloras nas condicións de vida das capas populares (Ayala, 1996 [1915]: 65). No seu desempeño da presidencia da república (1905-1906), Cecilio Báez "*procura dar algunas muestras de interés por los problemas de los asalariados y es así como logra arengar a una manifestación obrera en un día de efusividades patrióticas*" (Amaral, 1980: 32-33). En defensa da subseguinte administración de Benigno Ferreira (1906-1908), Silvano Mosqueira (1907: 44-45) declarou que "*el Paraguay tiene actualmente un gobierno ideal, el* non plus ultra *de la democracia y la libertad*".

Os liberais 'porteñizados' rexeitaban o tímido nacionalismo dos seus adversarios aprobando lexislación para civilizar unha poboación supostamente embrutecida pola 'gauchocracia' colorada. Prohibiuse que os homes vestisen indumentaria crioula e 'bárbara' como o poncho, que as mulleres fumasen o *cigárro poguasu*, e, en 1907 baixo Ferreira, que as *burreras* e *placeras* dos mercados asuncenos empregasen as tradicionais mantas-sabas brancas (Rivarola, 2010 [1993]: 111-112). Resucitando unha política de Carlos Antonio López (Orué Pozzo, 2008: 101), tamén se perseguía o uso da lingua guaraní no ensino por considerala apta para a expresión íntima pero non para desenvolver conceptos científicos con precisión. No

Álbum gráfico de 1911, explícase que o obxectivo non era desarraigar a fala maioritaria do país, senón que se trataba de protexer o status do idioma oficial castelán:

> *El Paraguay es nación bilingüe: el idioma oficial es el español, y el guaraní, el familiar. Mucho se ha discutido sobre la necesidad de que el segundo, idioma aglutinante, desaparezca, por el entorpecimiento que ocasiona en la mayoría de los naturales la fácil y flúida expresión del primero. Nosotros no creemos en esa necesidad: con el tiempo, un estado de mayor cultura en la masa popular hará que sin desterrar en absoluto nuestro guaraní, que es tradición y herencia y vehículo para llegar hasta el alma y los orígenes del pueblo, puedan usarse los dos sin mutuo detrimento. Para esto bastará que se lo prohiba con mayor rigor en las escuelas.* (López Decoud, 1911: 83).

Pasada a euforia revolucionaria inicial, os defectos do novo réxime notáronse axiña. As eleccións seguían celebrándose sen candidatos da oposición e baixo un Estado de sitio permanente. Houbo varias reorganizacións do exército pero estas non impediron que se producise unha longa cadea de golpes de Estado ou movementos revolucionarios: en 1905 contra Juan Bautista Gaona; en 1908 contra Benigno Ferreira; en 1911 contra Manuel Gondra; a dimisión forzosa de Albino Jara en 1911 e a guerra civil de 1912; o golpe de 1912 contra Liberato Marcial Rojas; e finalmente outro golpe contra Pedro Pablo Peña. En certa medida, este período de 'anarquía' lembraba os anos tumultuosos da primeira posguerra. A hexemonía dun bloque político rompeu —o lopizmo en 1870 e a ANR en 1904— e o bloque ascendente loitaba para dirimir as súas diferenzas internas e establecer unha nova xerarquía (Bourscheid, 2016: 23).

Había outros factores que agravaban a inestabilidade durante todo o período de entreguerras. Un deles era a influencia estranxeira na política local, pois as chancelarías arxentina e brasileira apoiaban unha ou outra banda en todas estas revolucións (Bourscheid, 2016: 12). Dado que algúns empresarios foráneos tiñan un gran poderío económico grazas ás privatizacións, estas inxerencias ían máis alá da diplomacia. Por exemplo, entre 1908 e 1910 os donos arxentinos e europeos de varias empresas tanineiras solicitaron indemnizacións ao goberno paraguaio para restituír os danos ocasionados en concepto de levas de peóns, requisicións e perdas de comercio no transcurso dos distintos brotes de violencia (Brezzo, 2010: 42-43). A concentración da terra en mans estranxeiras tamén favorecía a inestabilidade porque facía que controlar os recursos do Estado se convertese en case o único medio de enriquecemento persoal para os paraguaios máis ambiciosos. Diversas fontes contemporáneas denuncian a concepción patrimonial do poder, as intencións mercenarias, a avaricia e a pouca cultura de moitos candidatos. Por exemplo, Eligio Ayala escribiu en 1915 que, xa que a 'Deus nacional' era a utilidade política, toda persoa formada pelexaba por un posto e apartábase doutras actividades máis proveitosas:

> *El comerciante que con un brillante talento para los negocios y con su trabajo perseverante e inteligente ha hecho fortuna, el poeta que ha escrito inspirados versos, el catedrático de la Universidad, que diserta y escribe con sagaz penetración, el juez probo y recto, el militar, el periodista, todos viven en triste oscuridad, ignorados, desdeñados, si no ocupan un elevado puesto político, si no son diputados, senadores o ministros.*
> *Por el contrario, cualquier mentecatillo gozará de todas las reputaciones, de la de economista, financista, jurisconsulto, poeta y estratega y geómetra, desde que le caiga en suerte un puesto político.* (Ayala, 1996 [1915]: 82).

A situación política estabilizouse en 1912 coa accesión de Eduardo Schaerer. Neses momentos, o novo presidente representaba a facción gondrista do Partido Liberal. Agrupados en torno ao ex presidente Manuel Gondra, os gondristas loitaran contra os jaristas durante a guerra civil de 1912 até o falecemento do ex presidente Albino Jara o día 15 de maio, preto de Paraguarí. Estas dúas faccións eran escisións da facción radical do Partido Liberal, a cal xa afastara a facción cívica do poder mediante o derrocamento de Benigno Ferreira en 1908. Entón, sen demorarnos máis nas enormes complexidades das manobras políticas e alianzas efémeras deses anos, unha maneira simplificada de entender como se constituíu o novo bloque hexemónico é o seguinte esquema: (1) o Partido Liberal despraza o Partido Colorado na Revolución de 1904, (2) a facción radical do Partido Liberal derrota a facción cívica no golpe de Estado de 1908, (3) o grupo gondrista da facción radical derrota o grupo jarista na guerra civil de 1911-1912. Así, dáse inicio a un decenio de relativa paz e estabilidade.

No plano económico, o Paraguai beneficiouse dun auxe exportador que afectou o Río da Prata de modo xeneralizado entre 1904 e 1910 (Rivarola, 2010 [1993]: 114). A Primeira Guerra Mundial tamén foi un período forte pola elevada demanda internacional produtos como carne, algodón ou tanino (Morales Raya, 2015a: 131). Estes foron os anos en que as industrias de transporte e agro-exportación máis se expandiron. Os negocios de Nicolás Mihanovich, inmigrante croata asentado en Bos Aires, ilustran algunhas das tendencias que caracterizan a modernización económica neste período, por exemplo a formación de latifundios. Mihanovich era presidente da sociedade *Campos y Quebrachales Puerto Sastre*, fundada en 1905 e con sede na capital arxentina. Os seus donos empregaban aproximadamente 800 peóns, posuían unhas 225.000 hectáreas de bosques, e corenta quilómetros de vía férrea (López Decoud, 1911: 403-404; Brezzo, 2010: 45).

Os contemporáneos eran conscientes dos perigos do peso desproporcionado de empresarios estranxeiros na economía paraguaia. Mihanovich, especialmente, era obxecto de polémica. A axencia fluvial-marítima de Mihanovich foi o escenario dalgúns dos conflitos sindicais máis turbulentos do período (1904, 1915, 1920-1921) (Rivarola, 2010 [1993]: 142, 184-185, 241). Mihanovich tamén foi branco de críticas por permitir que os revolucionarios gondristas utilizasen os buques da súa empresa en 1912 (Saucedo Rodas, 2010: 252). López Decoud, pola súa parte, denunciou que para Mihanovich "*el Paraguay ha sido y es un rico filón de oro inagotable, monopolizando la vía fluvial e imponiendo tarifas que bien pudieran llamarse prohibitivas para la importación y la exportación*" (citado en Brezzo, 2010: 48).

Por outro lado, a citada axencia fluvial-marítima é un bo exemplo dos progresos que houbo no sector de transportes e infraestruturas. A *Agencia Marítima Nicolás Mihanovich* fundouse en febreiro de 1896. Para 1899, ela contaba con 25 vapores de pasaxeiros, nove vapores de carga, cincuenta remolcadores, 64 lanchas de vela con guinches, quince chalanas e unha grúa flotante con guinche para levantar noventa toneladas, "*única tan poderosa en Sud-América*" (*El comercio paraguayo*, 1899: 501-504). A frota de Mihanovich chegou a ser tan grande que López Decoud (1911: 435) nin contabiliza as embarcacións individuais, senón que cita o número de sucursais da compañía: 58 no litoral fluvial e catorce na costa atlántica. Se se considera que a principios dos 1870, apenas dous vapores brasileiras e unha frota de goletas italianas percorrían todo o río Paraguai (Johnston, 1875: 310), os servizos desta empresa e outras como a Lloyd Brasileiro ou os xenoveses Vierci —terratenentes tanineiros como Mihanovich— constituían un avance moi imporante nas infraestruturas fluviais.

O país tamén experimentou melloras na infraestrutura ferroviaria, como a construción do *Ferrocarril del Norte del Paraguay* (1909-1915) que transitaba a zona de Concepción. Chaves (1918: 230) escribe que os esforzos dos concesionarios Guggiari, Gaona & Cía. "*han bastado para cambiar por completo el aspecto de gran parte de la zona por donde la trocha angosta ha llevado su obra de civilización y de progreso*". No sur, o Ferrocarril Central chegou a Encarnación en 1910 e potenciou o comercio local. Carmen del Paraná, por exemplo, empezou a medrar sensiblemente a partir de entón (Zub Kurylowicz, 2002: 105). Alén diso, co empalme a Posadas (provincia arxentina de Misiones) xa era posible viaxar dende Asunción a Bos Aires en tren. Dous anos antes, Nicolás Mihanovich, "*refiriéndose á la competencia que pudiera hacerle á la Compañía la vía férrea que une Asunción con Buenos Aires, dice, que no puede hacerle daño y que, por el contrario, le será provechoso, porque la vía férrea densificará las poblaciones, y* […] *los negocios*" (López Decoud, 1911: 404). Ao parecer, durante un tempo os monopolios mutuos das dúas empresas permitíanlles manter unha sorte de relación simbiótica. No contexto das folgas convocadas polos prácticos de Mihanovich en 1920, *El Diario* condenou as dificultosas condicións de transporte que se vivían:

> *El Paraguay se encuentra en una situación realmente difícil respecto a los transportes. Los dos medios de comunicación que le ponen en contacto con el exterior, el fluvial y el terrestre, están monopolizados. La Compañía Mihanovich ejerce el monopolio en el río, y la empresa del Ferrocarril Central del Paraguay, el monopolio en tierra. Y esto último, a pesar de lo que dijo el señor Lytle Schurz* [historiador estadounidense]*: que el Paraguay es el único país del mundo donde las carretas pueden hacerle competencia al ferrocarril.*[20]

Aquí observamos unha dinámica paralela ao reparto desigual das terras: cubríanse as necesidades básicas da economía, pero o poder económico estaba concentrado nas mans dun grupo cada vez máis reducido de homes (moitos deles estranxeiros) e o acceso aos recursos era cada vez menos equitativo. O monopolio tampouco favorecía a eficiencia dos transportes. O comentario de Lytle Schurz citado en *El Diario* refírese á lentitude do tren, non á rapidez das carretas. Este "*ferro-tortuga*" ía tan lento, segundo *La Capital* (12 de abril de 1911), por culpa dos donos ingleses do Ferrocarril Central:

> *Lástima nos da pensar que en los ferrocarriles de Norte América que marchan a razón de 190 kilómetros por hora, cuando vemos a nuestro ferro-tortuga de trocha angosta marchar a razón de 120 horas por kilómetro.*
> *Cosas del Paraguay dirán algunos, pero yo digo que son cosas de los hijos de John Bull.* (Citado en Saucedo Rodas, 2010: 154).

En calquera caso, a capacidade do tren de transformar a economía estaba coartada polo estado pésimo das estradas, intransitables cando chovía, e a case inexistencia de camiños nas rexións selváticas, pois "*la pérdida de hombres y mercancías en estos trayectos era considerada normal hasta bien entrado el siglo XX*" (Rivarola, 2010 [1993]: 52-53). Ou sexa, o ferrocarril si facilitaba o desenvolvemento agropecuario do interior, pero trátase dun desenvolvemento lineal de explotacións de madeira, gandaría e herba mate nun radio de varios quilómetros a cada lado do trazado das vías. No resto do país, os camiños eran a gran tarefa pendente. Nun informe de 1908, o diplomático e comisionista paraguaio José Dahlquist escribe que a Villa del Pilar, coa súa poboación urbana de 4.500-5.000 habitantes, "*cuando tenga buenos caminos será la llave de las Misiones*" (citado en Boccia Romañach, 2007: 237). Situada

[20] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 21 de xuño de 1920, p. 1.

a douscentos quilómetros de Asunción, no derradeiro tramo do río Paraguai antes da súa confluencia co Paraná, Pilar xa non era un "*pequeño grupo de ranchos pajizos*" (Reclús, 1896: 73). Pero a principios do século XX, en Pilar como no resto do país, a falta de camiños sinalábase como o verdadeiro "*cuello de botella*" do progreso nacional (Rivarola, 2010 [1993]: 195). En 1920, *El Diario* resume o mesmo problema para o comercio no alto Paraguai:

> *Una vez más tenemos que decir que el problema de los transportes es el problema por excelencia en nuestro país.* […] *Los puntos brasileños de nuestra frontera se encuentran en mejor situación que las vecinas poblaciones paraguayas, porque desde luego cuentan con una red ferroviaria que facilita considerablemente el transporte de productos. En cambio, los habitantes de nuestro territorio fronterizo tienen que llevar mercaderías de Concepción, por caminos casi intransitables.*[21]

Outro punto de continuidade con respecto ao tardío século XIX era o éxodo rural cara a Asunción e a emigración ao estranxeiro, estimulados pola destrución da agricultura tradicional ante o avance do latifundio e a resultante creación dun proletariado desocupado e móbil, a demanda de man de obra peonil nos países veciños, e de maneira máis conxuntural, a violencia política. Contabilizáronse un cinco mil emigrantes e exiliados na cidade de Formosa en 1911 — unha poboación paraguaia bastante máis elevada que na meirande parte das cidades na súa propia terra (Brezzo, 2010: 48). Cara ao norte, Oddone (2011: 77-78) afirma que no ano 1920 uns trece mil braceiros paraguaios marcharon aos herbais do Mato Groso.

De acordo con Massey (2002: 145), se ben é certo que a creación de mercados capitalistas tende a provocar a emigración, o saldo negativo pode temperarse se existen institucións de crédito que apoien a creación de negocios aptos para as novas condicións económicas. Porén, dende 1892 a 1943 o Banco Agrícola (unha organización pública) foi a única axencia en proveer crédito para as actividades rurais (Morales Raya, 2015a: 142). Neste sentido, tamén faltaban as institucións educativas necesarias para facilitar que a poboación se adaptase ao capitalismo formándose para novas e diversas profesións. Por exemplo, aínda en 1927, a comisión directiva da *Escuela de Comercio*, de recente fundación, declaraba que a cidade de Concepción carecía de suficientes vías de educación secundaria e superior:

> *Nuestra juventud, en general sin contacto con los centros de estudios profesionales, secundarios y superiores del país, a los 15 años más o menos, cierra obligadamente los ojos a toda visión cultural ulterior. Decepcionados entonces, y casi sin fe y sin rumbo, pero con la conciencia clara de su situación frente al porvenir, se incorpora afanosamente a los gremios, en procura, no precisamente de medio de vida, sino de conocimientos profesionales, que solo pueden adquirir escasa e incompletamente.*[22]

As transformacións económicas tamén tiveron un forte impacto sobre os pobos indíxenas. Por exemplo, a Guerra Guazú desfixo o sistema de fortíns e *Estancias de la Patria* erixido na zona de Concepción entre o tardío século XVIII e a época de López. Isto supuxo a práctica devolución do territorio aos mbayá, cuxas relacións coas poboacións sedentarias do Paraguai non sempre foron pacíficas. "*Ya llegó*" relata *El Pueblo* en novembro de 1870, "*la espedición armada que el Gobierno mandó á la Concepción, para prevenir las invasiones de*

[21] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 29 de xuño de 1920, p. 1.
[22] CCCC. Carta C.D. *Escuela de Comercio* á Sección Ocariz, abril de 1927. Queda editado

los indios"[23]. Corenta anos despois, nos canavais entre a desembocadura do Ypané e os suburbios de Concepción, o enxeño azucreiro "La Caída" do concepcioneiro Aurelio S. Agüero empregaba 150 indíxenas cun soldo de cen pesos mensuais e comida incluída (Chaves, 1918: 246; Romero, 1914: 32). Esta mudanza nas interaccións entre as dúas sociedades apunta aos efectos do proceso modernizador e (re)colonial na rexión. Nos anos vinte especialmente, obsérvase una muda no discurso público respecto dos indíxenas; de caníbais insometibles pasan a ser vistos como pacíficos primitivos, máis ou menos aptos para inserirse nun mercado laboral (Morales Raya e Marqués Rodríguez, 2016: 101).

Por outra banda, hai que subliñar que a penetración capitalista foi rápida, pero non foi inmediata. Na primeira metade do século XX aínda había unha clase de pequenos propietarios, incluídos os inmigrantes residentes nas novas colonias agrícolas, que vendían os seus produtos ás grandes empresas exportadoras (Gaona, 2007 [1967]: 191). Ademais, a lentitude do crecemento económico en todos os sectores e a concentración repentina de recursos nas mans duns poucos terratenentes absentistas, moitos deles nin sequera residentes no país, até certo punto obstruían a consolidación dunha oligarquía autóctona ao estilo arxentino. Entón, o desnivel vivido entre ricos e pobres visiblemente non era tan escandaloso como podía ser en Bos Aires, Lima ou Río de Xaneiro (Boccia Romañach, 2007: 254). É pensable que esta estrutura social *relativamente* igualitaria fose un factor estabilizador que paliaba os conflitos de clase. Isto non quere dicir que os conflitos de clase non existisen. Xa mencionamos os choques entre a compañía de Mihanovich e o gremio de prácticos. A primeira década do século XX foi un momento clave pola aparición das sociedades de resistencia, bastante máis combativas que as sociedades de socorros mutuos anteriores (Rivarola, 2010 [1993]: 143). Gaona (2007 [1967]: 187-190) destaca a creación da *Federación Obrera Regional Paraguaya* como un dos acontecementos máis importantes na historia gremial do país. Foi a primeira vez que se efectuou unha alianza entre os traballadores de tantos sectores laborais, dende os tradicionais gremios artesáns até os prácticos, os operarios de tranvía ou dos serradoiros da capital. A Federación tamén representaba a eclosión definitiva dunha conciencia de clase na poboación asuncena, e por primeira vez existía unha entidade con peso político fóra do binomio liberal-colorado.

O período de estabilidade e prosperidade baixo a hexemonía liberal-radical na década de 1910 terminou cunha crise económica a partir de 1918. A Primeira Guerra Mundial deixou a economía europea en ruínas e as importacións minguaron de contado, o cal redundou nunha desvalorización dos produtos paraguaios. Ao mesmo tempo, a normalización das relacións internacionais ao rematar a guerra fixo aumentar a competencia coa que Paraguai tiña que lidar. Inglaterra, por exemplo, volvía ter facilidades para importar algodón das súas colonias na India e do protectorado exipcio (Cagiao Vila e Dalla-Corte Caballero, 2016: 191). En Paraguai, 66 negocios e institucións de crédito crebaron no ano 1920 a causa deste decrecemento (Morales Raya, 2015a: 131). En 1921 a exportación cárnica á veciña pratense quedou interrompida e os frigoríficos pecharon as súa portas (Rivarola, 2010 [1993]: 250). O goberno provisional de Eusebio Ayala (1921-1923), politicamente afín ao ex presidente Manuel Gondra (1920-1921) estaba procurando distanciarse da hexemonía arxentina para intensificar as relacións económicas co Brasil (Brezzo, 2010: 74).

Neste contexto de crise, a Guerra Civil de 1922-1932 prodúcese entre as faccións do Partido Liberal, esta vez entre os partidarios dos ex aliados radicais Schaerer e Gondra. A

[23] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 3 de novembro de 1870, p. 2.

facción dos gondristas e un sector dos cívicos —o *sáko puku* (saco longo)— era de arraigo urbano e tiña o apoio do movemento obreiro, notablemente da combativa *Liga de Obreros Marítimos*: a espiña no costado da compañía Mihanovich. A facción do *sáko mbyky* (saco curto) de Schaerer e o coronel Adolfo Chirife contaba co apoio de ex jaristas, algúns cívicos, o exército, a igrexa, parte do campesiñado acaudillado por xefes locais, e o sector conservador do comercio. Estes grupos vían no *sáko mbyky* a garantía dun goberno militar forte e duradeiro (Brezzo, 2010: 78-79; Rivarola, 2010 [1993]: 251). A raíz desta Guerra Civil, as relacións entre a sociedade civil e as forzas armadas comezan a modificarse. O exército, aínda que rebelde e dirixido de modo particularista por Schaerer, foi derrotado por unha milicia composta maioritariamente por civís. A resposta do vitorioso réxime liberal-radical-gondrista consistiu en profesionalizar os corpos militares e procurar sometelos á autoridade civil, pero tales obxectivos só se cumpriron parcialmente. Os gondristas non lograron desterrar o caudillismo castrense, pero si conseguiron que os militares visen o Partido Liberal como un inimigo. Esta hostilidade sería un factor clave nos acontecementos da posguerra do Chaco.

Porén, restablecidas as paces, a hexemonía do Partido Liberal perdurou unha década máis. Durante o período presidencial 1924-1928, Eligio Ayala, sucesor de Eusebio Ayala, tentou solucionar o problema da tenencia da terra e limpar as institucións democráticas. En 1926 o goberno sancionou unha lei de creación, fomento e conservación da pequena propiedade agropecuaria. Grazas a esta lei, unhas vinte mil familias recibiron títulos de propiedade despois de traballar as súas leiras durante catro anos. Decretou ademais unha lei para garantir a representación das minorías no Congreso e a convocatoria de eleccións libres. Por tanto, as eleccións de 1928 foron a primeira vez na historia do Paraguai que a presidencia se disputaba democraticamente (Brezzo, 2010: 91).

Como noutros países, os anos vinte tamén viron o ascenso dun nacionalismo anti-liberal. As transformacións revolucionarias en Rusia e México, por un lado, e a chegada dos fascismos europeos por outro, removeron as certezas que caracterizaban o pensamento político até entón: o crecemento a base de inversións estranxeiras, a non intervención nos mercados, a política como esfera de competencia entre elites etc. (Soler, 2007: 447). En xeral, a crise do consenso liberal estaba liderada polas capas medias urbanas que "*libraron una fuerte batalla política y cultural para*" (Soler, 2007: 447). Neste sentido, mencionamos o socialista *Partido Obrero* (1918) que obtivo votos en Asunción e Concepción nas eleccións de 1923, a pesar do arresto dos candidatos e unha feroz campaña anti-comunista por parte do goberno, e máis tarde o *Partido Comunista Paraguayo* (1928) que reunía militantes de extracción social media-alta. Fronte a isto, e no contexto dunha renovada ondeada de actividades obreiras durante esa década (43 folgas entre 1923 e 1931), tamén xurdiu unha corrente autoritaria-nacionalista de dereitas, liderada polo novecentista Juan O'Leary e o futuro presidente colorado (1948-1949) Juan Natalicio González (Coronel, 2011: 138-140).

Respecto das actitudes cara aos inmigrantes estranxeiros, percibimos este xiro nacionalista no artigo "Instrucción primaria en las colonias nacionales y colonias extranjeras" de Genaro Romero:

> *En el sistema de enseñanza de tales escuelas, no se hace sentir con la necesaria eficiencia el debido control oficial que debe imprimir a la educación escolar de carácter nacional, es decir, en concordancia con los intereses convenientes a la nación.*
> *Esos núcleos homogéneos, donde el elemento nativo escasea, predominan en las escuelas, dirigidas algunas por maestros extranjeros, y consecuentemente se estila en ellas una*

instrucción en que mucho se contempla los conocimientos relacionados con los países de origen de ellos, dejando en orden de menos preferencia la educación escolar a base de la enseñanza del idioma oficial, la Geografía, la Historia etc., etc., del país que la cobija hospitalariamente.[24]

Cómpre engadir que Romero, funcionario de longo servizo na *Dirección de Tierras y Colonias*, sempre mantivo un discurso bastante moderado e práctico cara á inmigración. El nunca idealizou os inmigrantes europeos nin as súas capacidades de 'civilizar o nativo', ao menos non como fixera, por exemplo, José Segundo Decoud no tardío século XIX. Non obstante, antes da década de 1920 a intelectualidade asumía que eran os paraguaios os que tiñan que absorber os costumes estranxeiros, non o contrario. Entón, esixir que os colonos europeos se esforzasen máis por integrarse na cultura paraguaia, tal como fixo Romero neste caso, foi unha mudanza sutil pero significativa na linguaxe oficial para reivindicar o propiamente nacional fronte aos elementos foráneos.

As crecentes tensións entre Bolivia e Paraguai pola soberanía do Chaco Boreal caracterizan os derradeiros anos do período de entreguerras. Empezando coa exploración de xacementos petrolíferos na década de 1920, o valor do Chaco "*crecía día a día, más por las expectativas que generaba que por los recursos potenciales existentes*" (Dalla-Corte Caballero, 2010: 29). Unha estratexia clave do goberno paraguaio para controlar aquelas terras foi canalizar a colonización menonita cara ao interior chaqueño (Marqués Rodríguez, 2017: 184). Ao mesmo tempo, ante a posibilidade dunha guerra, realizáronse preparativos militares. Dende 1927 o equipo do coronel Manlio Schenoni negociou contratos en Alemaña, Arxentina, Bélxica, Chile, Dinamarca, España, Estados Unidos, Francia, Holanda, Italia, Reino Unido, Suecia e Suíza para importar armas, municións, vehículos, uniformes e outro material bélico (Hughes, 2005: 431). Nestas manobras os paraguaios contaba co apoio máis ou menos explícito do goberno da Arxentina, unha nación en teoría neutral pero que na práctica procuraba obstaculizar o acceso de Bolivia ao río Paraguai e a súa consecuente entrada como poder rival na xeopolítica riopratense, e tamén protexer as considerables inversións arxentinas no Chaco (aínda non) paraguaio, sobre todo na industria do tanino (Zuccarino, 2019: 120).

A Crise de 1929 golpeou duramente a Arxentina, a principal compradora das exportacións paraguaias. En consecuencia, a economía local enervouse de súbito e os prezos de produtos básicos aumentaron (Bourscheid, 2016: 14). Ante unha ondeada de manifestacións, o goberno aproveitou a cuestión chaqueña para desviar a atención pública das refregas internas; detrás das protestas discerníanse —supostamente— as maquinacións de comunistas anti-patrióticas, a man boliviana e os intereses do estadounidense *Standard Oil & Co.* (Dalla-Corte Caballero, 2010: 53). Bolivia e Paraguai cortaron as súas relacións diplomáticas en 1931 a causa dun desacordo en torno á chegada a Asunción dos canoneiros "Humaitá" e "Paraguay" dende os estaleiros de Xénova. Convocouse unha *Comisión de Neutrales* en Washington para esbozar un pacto de non agresión, pero as hostilidades no Chaco xa estalaron en setembro, antes de poder formalizar calquera acordo (Brezzo, 2010: 101).

[24] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 4 de novembro de 1924, p. 1.

2.5. Xenerais, *pynandi* e a morte do Paraguai liberal (1932-1960)

A Guerra do Chaco durou até o 12 de xuño de 1935 e custoulles a vida a setenta mil bolivianos e trinta mil paraguaios. Os acordos de paz (1938) confirmaron a control paraguaio sobre a meirande parte do Chaco Boreal e, desta maneira, establecéronse as fronteiras actuais entre os dous países. É difícil medir até que punto o país se beneficiou da consolidación da súa soberanía sobre estes territorios en termos prácticos, pero a vitoria ten un lugar moi importante na memoria do pobo como a reafirmación do Paraguai como Estado-nación, quebrada na Guerra Guazú (Coronel, 2011: 151). A guerra tamén constituíu un paso clave na extensión da cidadanía paraguaia aos poboadores indios. Mentres que as autoridades bolivianas tiveron que recorrer a prácticas de recrutamento forzoso, en Paraguai as milicias auxiliares de indíxenas levantáronse pacificamente. Estes soldados participaron nun "*conflicto que engendró nacionalismo y etnicidad sobre una población considerada bárbara*" (Morales Raya e Marqués Rodríguez, 2016: 111). Moitas persoas de orixe maká, nivaklé, lengua ou chamacoco prestaron os seus coñecementos ao Estado maior paraguaio para levantar planos topográficos e cartográficos, localizar fontes de auga, identificar os mellores sitios para os fortíns, ou serviron como guías e informantes. Non obstante, non debemos idealizar estas interaccións. As violacións, por exemplo, foron unha de tantas violencias que os exércitos en campaña exerceron sobre as mulleres destas comunidades (Dalla-Corte Caballero, 2010: 125, 139).

Aínda sendo o vencedor, Paraguai estaba en bancarrota á fin da guerra. O país non dependera de préstamos estranxeiros, pero agora as arcas do Estado estaban exhaustas (Bourscheid, 2016: 14). Durante a posguerra, o goberno de Eusebio Ayala (1932-1936) dispuxo unha serie de regulacións de gasto público e desarticulou a rede castrense sen indemnización, o cal exacerbou o clima de descontento social que antecedía a guerra (Bruno, 2015: 6). O conflito tamén provocou unha redución no *stock* gandeiro, a continuada suba de prezos, e a necesidade de imprimir papel moeda. Esta derradeira medida tivo o efecto de abrir o país ao capital estranxeiro elevando o tipo de cambio (a desvalorización do peso paraguaio abarataba as exportacións), pero encareceu aínda máis os produtos de consumo básico (Casal, 2014: 370).

Detectouse asemade que moitos veteranos do Chaco estaban tendo dificultades para reintegrárense na sociedade civil. En decembro de 1934, un artigo publicado en *El Surco* de Villarrica aseverou que os medios de garantir a auto-suficiencia nacional "*consisten en la ocupación de los brazos ociosos de los prisioneros bolivianos, que ignoramos por qué razón o motivo no se los destinan* […] [cuando] *los brazos nacionales están ausentes de las capueras y estas se hallan a merced de ancianos, mujeres y niños*"[25]. Ao final, as autoridades públicas e as empresas privadas compensaron esa carestía de man de obra nacional, adulta e masculina aproveitando o labor do resto da poboación, pero sobre todo o das mulleres, en postos tradicionalmente ocupados por varóns. Terminada a guerra, isto desembocou nunha alta taxa de paro masculino pois as empresas estaban remisas a empregar os ex combatentes polas remuneracións máis elevadas que estes cobrarían en comparación coas mulleres. Na Convención Liberal de 1935, Ayala advertiu que se aveciñaba unha crise por este motivo (Dalla-Corte Caballero, 2010: 243-244).

Ao mesmo tempo, a vitoria no Chaco deu lugar á auto-afirmación triunfal dun nacionalismo anti-liberal que transformaría o escenario político. O liberalismo non fora capaz

[25] *El Surco*. Villarrica, 19 de decembro de 1934, pp. 1-2.

de resolver o desequilibrio latifundio-minifundio, e como noutros países, ía retrocedendo ante outras ideoloxías que predicaban un maior control estatal na regulación dos mercados (como o socialismo, o fascismo ou o keynesianismo). No Paraguai, o liberalismo seguía sendo o principal contido ideolóxico dos gobernos entre 1937 e 1947, pero xa nos inicios da posguerra o Estado eríxese cada vez máis como mediador entre o capital e o traballo (Bourscheid, 2016: 18).

O réxime «febrerista», instaurado tralo golpe de Estado do 17 de febreiro de 1936, xurdiu dunha confluencia de varios factores: o nacionalismo, o malestar popular, o anti-liberalismo, ou a entrada das forzas armadas como novo actor político. A *Asociación de Ex Combatientes del Chaco* personificaba as reivindicacións dos militares que se sentían abandonados pola administración de Ayala. Ademais, a profesionalización do exército dende 1923 divorciouno en parte das influencias caudillistas. Esta independencia dotaba as institucións castrenses dun sentimento de solidariedade corporativa fronte á percibida ingratitude da sociedade civil. Entón, o febrerismo do presidente coronel Rafael Franco (1936-1937) foi unha mestura ecléctica de intereses e ideoloxías, pero a incapacidade de Franco para superar as desavidas internas do movemento motivarían súa caída (Soler, 2007: 448).

O goberno de Franco adoptou unha política de Estado nacionalista. Unha nova lei migratoria, máis restritiva que as de 1881 e 1903, privilexiaba os inmigrantes nos sectores en que a economía da posguerra demandaba máis man de obra (agricultores, artesáns e industriais) fronte aos inmigrantes menos desexables (profesións liberais, comerciantes, empregados e obreiros non cualificados) (Palau, 2011: 46). Moitos países americanos aprobaron lexislación parecida durante aqueles anos da Gran Depresión (García Domínguez, 1997: 336). Franco tamén implantou varias reformas educativas e unha política de redistribución de terras que, no pouco tempo que lle tocou gobernar, destinou unhas setenta mil hectáreas expropiadas ao campesiñado pobre (Coronel, 2011: 155). Este tipo de políticas alentaron os temores dunha revolución comunista. Os comunistas colaboraron no golpe do 17 de febreiro con tal esperanza, pero moitos militantes pasaron á oposición cando os seus anhelos non se materializaron (Dalla-Corte Caballero, 2016a: 30). O goberno febrerista proscribiu o Partido Comunista en outubro e internou os seus líderes (Casal, 2014: 375)

No outro extremo, o ministro plenipotenciario español Felipe García Ontiveros chegou a denominar o febrerismo "*una dictadura de tipo fascista o nacional-socialista*" como resposta ao *Decreto-Ley 152* que identificaba as fins do movemento de febreiro coas do Estado mesmo, prohibía as actividades políticas e sindicais, e sometía a mediación entre traballadores e patronal á xurisdición estatal. Ontiveros tamén relatou unha serie de factores que impedían que o comunismo se arraigase no Paraguai: a pobreza era menos extrema que nalgúns outros países; moi pouca xente podía ler a propaganda escrita en lingua castelá; ou a pouca densidade demográfica (Casal, 2014: 371-372). Podemos engadir dous factores que Rivarola (2010 [1993]: 172-173) aduce para explicar a escasa implantación do anarquismo a principios do século: o peso da Igrexa, por un lado, e das redes clientelares por outro.

A imposibilidade de dirimir as disputas internas do movemento provocou a destitución de Franco o 13 de agosto de 1937. A presidencias de Félix Paiva (1937-1939) e o xeneral José Félix Estigarribia (1939-1940) caracterizáronse pola procura dunha reconciliación entre os intereses castrenses e os do Partido Liberal. O equilibrio entre os militares e os liberais como actores políticos apreciarse no discurso de *El País* partidario do liberal Paiva. Trala derrota

dunha sublevación das "*huestes franquistas y comunistas*" o 7 de setembro, o xornal manifesta que:

> *Los liberales, se han limitado a exteriorizar su júbilo por la vuelta de la normalidad institucional y a aplaudir al ejército y a la armada nacionales por haber constituido un gobierno serio que ofrece garantías suficientes para que el gran partido, en comicios libres, pueda demostrar ante propios y extraños su fuerza cívica, en igualdad de condiciones con cualesquiera otras entidades políticas.*[26]

En particular, Estigarribia puido instrumentalizar o seu prestixio como xefe das forzas armadas durante a Guerra do Chaco para facerse interlocutor entre os militares e liberais, pero tamén sentou as bases xurídicas dos réximes autoritarios posteriores. A Constitución de 1940 respondía aos problemas de gobernabilidade da posguerra outorgándolle ao executivo facultades máis amplas que as previstas na Constitución de 1870 (Coronel, 2011: 163). Despois do falecemento de Estigarribia nun accidente aéreo na localidade de Altos, o 7 de setembro de 1940, a ditadura do xeneral Higinio Morínigo representa a toma de rendas definitiva por parte do exército. Morínigo disolveu os partidos Liberal e Comunista en 1942. Houbo persecucións a opositores, a tortura empregábase como arma estatal, construíronse campos de concentración, e decretouse a pena de morte por crimes políticos (Bourscheid, 2016: 16). Nada disto era moi novidoso na vida política paraguaia, pero o nivel de sistematización de tales prácticas non tiña precedentes. Ao mesmo tempo, a hábil diplomacia de Morínigo aseguraba o apoio estadounidense a un réxime estimado como unha barreira contra a infiltración comunista. Os norteamericanos avogaban por un proceso democrático con certas garantías, algo que lle permitiu á ditadura confirmar a súa lexitimidade nos comicios de 1943 (nun contexto de Estado de sitio permanente e con severas restricións ás actividades da oposición) (Bruno, 2015: 7).

No plano económico, Morínigo implementou unha contrarreforma que despoxaba a pequena propiedade das protección outorgadas polas leis agrarias de 1926 e 1935. O plan contemplaba o remate dos oitenta mil quilómetros cadrados do Chaco conquistados durante a guerra, e tamén as terras na rexión oriental que se recuperaron para os latifundistas ao derrogar as reformas agrícolas do febrerismo. Esta contrarreforma levouse a cabo a pesar dos claros desequilibrios na produción e a distribución de riqueza. O Servicio Inter-Americano de Cooperación Agraria levantou un censo de terras cultivadas en 1936. Revelaba que das 40.675.200 hectáreas de territorio nacional, só o 3,8% (1.549.786 hectáreas) das terras estaban destinadas á agricultura, mentres que o 39,6% (16.125.414 hectáreas) se distribuía entre grandes terratenentes gandeiros. Naquel pequeno sector da agricultura, o latifundio tamén era importante: o 0,2% dos propietarios de terras cultivables era propietario de 35,3% dos lotes maiores de mil hectáreas. Por outro lado, entre os inquilinos de lotes de até cincuenta hectáreas (97,23% dos agricultores minifundistas), 70.247 dos 94.498 campesiños censados polo Servicio Inter-Americano (74,34%) eran ocupantes ilegais das súas parcelas (Coronel, 2011: 164-165).

O desequilibrio tamén se manifestaba nas taxas de produtividade dos distintos cultivos. Arce, Herken Krauer e Ovando (2011: 28-30) ilustran como o rendemento de froitos cultivados para a exportación como o algodón, a caña de azucre, o millo, a soia, o tabaco ou o trigo aumentou progresivamente a partir de 1940 como resultado das melloras tecnolóxicas. Por outra banda, a eficiencia da produción de artigos de auto-consumo como a mandioca —cultivados con instrumentos tradicionais de labranza, arados de madeira, carretas e bois— non mudou

[26] *El País*. Asunción, 13 de setembro de 1937, p. 5.

durante este período. A introdución de técnicas modernas tamén permitiu que algúns novos produtos cobrasen certa importancia no sector agro-exportador. Por exemplo, é nos anos corenta cando a *Fabril Paraguay S.A.* se instala na zona de Carmen del Paraná gañando para esa cidade o alcume da 'capital do arroz' (Zub Kurylowicz, 2002: 122).

A derrota do Eixe en 1945 debilitou a ditadura de Morínigo porque a cúpula castrense e filo-fascista do réxime tivo que ceder ante as presións estadounidenses para democratizar a política e liberalizar a economía. As presións externas e a falta dun consenso interno entre militares e civís motivaron a «primavera democrática» de mediados de 1946. O goberno legalizou os partidos políticos, as manifestacións e as folgas, e volveron do exilio figuras da oposición como Rafael Franco, os comunistas Óscar Creydt e Obdulio Barthe, ou o dirixinte liberal José P. Guggiari. Ademais, algúns ministros colorados e febreristas entraron no gabinete de Morínigo desprazando militares non adscritos a ningún partido (Bourscheid, 2016: 16; Bruno, 2015: 8). Esta experiencia democrática durou pouco. En marzo de 1947, produciuse un levantamento militar en Concepción co apoio dos febreristas, os liberais e os comunistas en contra da coalición Morínigo-colorada (o febrerismo retirárase do goberno pouco antes). O goberno contaba co respaldo do sector máis conservador do exército e as milicias de *pynandi* (pés descalzos): simpatizantes colorados de orixe campesiña. Estes milicianos tiveron un rol importante na derrota eventual da banda sublevada, motivo polo cal a Guerra Civil de 1947 tamén se coñece como a «Revolución dos *Pynandi*», malia que, ao igual que na Revolución de 1904, non houbo ningunha mudanza revolucionaria nas estruturas socio-económicas, as formas de produción ou as relacións de poder.

Arce, Herken Krauer e Ovando (2011: 7-12) designan a Guerra Civil de 1947 como o encomezo dun «gran retardo» ou «*shock* endóxeno». Resultou nun período de crecemento económico moi minguado que non puido superarse até o «*shock* exóxeno» das grandes obras hidroeléctricas dos anos setenta. O gran retardo exacerbou a matriz emigratoria da sociedade paraguaia. Estímase que a poboación diminuía un dous por cento anualmente na década de 1940, pero esta media elevouse durante e despois da Guerra Civil. A nova conxuntura migratoria debíase á ruína económica doutra posguerra e ao éxodo dun número impresionante de militantes liberais, febreristas, comunistas e outros opositores a Morínigo — un proceso de exilio político que adquire maior permanencia a partir desta etapa, e que se estende a todas as capas sociais (non só aos burgueses que tradicionalmente lideraban as 'revolucións'). Este fenómeno agudízase nos anos cincuenta, cando o xeneral Alfredo Stroessner desata unha serie de purgas contra os disidentes dentro do Partido Colorado (Bruno, 2015: 15). A seguinte gran venda de terras fiscais é outro factor explicativo. Até esa década, moitos campesiños aínda arredaban pequenas parcelas que pertencían ao Estado (Soler, 2007: 443). Porén, a distribución de tres millóns de hectáreas a uns setenta mil beneficiarios entre 1952 e 1972 —parte da gran maquinaria de prebendas do goberno stronista— case eliminou estes tipos de relacións produtivas pre-capitalistas (Arce, Herken Krauer e Ovando, 2011: 25).

O levantamento de 1947 foi o derradeiro intento de restablecer a hexemonía do liberalismo[27]. A pesar de ter gañado a guerra, a autoridade de Morínigo desvaneceu ante a volta

[27] Sen contar a efémera campaña guerrilleira do *Movimiento 14 de Mayo para la Liberación del Paraguay* (M-14) en 1959. Despois do desbaratamento do M-14, o Partido Comunista substituíu o Partido Liberal como núcleo da oposición. O *Frente Unido de Liberación Nacional* (FULNA), organización dirixida nos seus inicios por Óscar Creydt, logrou unha acción máis prolongada que o M-14 durante os anos sesenta. Non obstante, as súas tentativas de emular a experiencia da Revolución Cubana tamén se estragaron contra as forzas represivas do réxime stronista (Nickson, 2013: 71-72).

triunfal do Partido Colorado. Dende ese momento, a ideoloxía motora do Estado sería o nacionalismo (Bourscheid, 2016: 22-23). Entre 1948 e 1954 transcorreu un período de inestabilidade pos-bélica, análoga aos tumultos da década de 1870 ou os de 1904-1912, neste caso protagonizado polas faccións dos colorados «democráticos» e os «guións vermellos». Nesta conxuntura, Alfredo Stroessner, o comandante en xefe das forzas armadas, presentábase como un gran árbitro ou condutor (*tendota* en guaraní). Segundo a súa propaganda, Stroessner era o único home capaz de unir as diverxentes ramas do partido, como unha versión contemporánea de José Gaspar Rodríguez de Francia. A ditadura de Stroessner empeza a raíz dun golpe de Estado contra Federico Chaves (1949-1954), logo da breve presidencia provisional de Tomás Romero Pereira (maio-agosto de 1954). O 27 de outubro de 1955, Stroessner logra un pacto entre os democráticos e os guións vermellos, e así domesticados os dous grupos, procede a desatar unha feroz represión dentro e fóra da ANR. Tras esta 'reconciliación', conseguiuse a unidade corporativista Partido Colorado-Forzas Armadas-Goberno que sostería a ditadura durante os próximos 35 anos (Coronel, 2011: 178-179).

Máis alá dos individualismos, dende 1947 a ANR tamén foi proxectando unha imaxe do coloradismo en conxunto como un factor de gobernabilidade a través do asasinato, encarceramento ou desterro da oposición, o control dos medios de comunicación, a mantenza do Estado de sitio permanente, a extensión de novas redes clientelares, e a 'coloradización' das forzas armadas (Bruno, 2015: 9). Alén diso, ideólogos como Juan O'Leary ou Juan Natalicio González (o líder dos guións vermellos) instauraron unha corrente de revisionismo histórico que institucionalizou os 'valores' do partido como valores paraguaios — unha forma de nacionalismo exclusivo en que "colorado" se convertería en sinónimo de "patriota" (Soler, 2007: 454). Na introdución do libro *Semblanzas coloradas*, editado por Valentín Barrios (1962: 1), afírmase que:

> *Finalmente, nuestro pueblo llevó a cabo la gesta mayor, la que debía realizarse a travez de un largo camino de sangre, ruina y lágrimas. De la materia exausta, sobre el seno de la tierra ahita de cruces y cansancios, levantando la enseña tricolor de su origen y la roja de su nacionalismo y de su esperanza, emprendió la tarea sagrada de su recuperación, y su voluntad y su fervor, su capucidad* [sic] *magnífica de superar las dificultades y construir su grandeza. La más pura raíz de nuestro suelo, el Partido Colorado, realizó así el imperativo categórico de nuestro destino.* (Barrios, 1962: 1)

Aquí podemos observar os resultados da transformación simbólica no discurso colorado. A tres grandes guerras (1864-1870, 1932-1935, 1947) mestúranse nunha mesma loita que só pode darse por terminada cando o dominio colorado sexa absoluto. A bandeira vermella da ANR ten o mesmo prestixio que a bandeira nacional. O papel histórico do Partido Liberal ou calquera outro actor desaparece; o Paraguai é e sempre foi colorado, incluso, ao parecer, antes da propia existencia do partido.

2.6. Conclusión

Resumido o contexto económico, social e político do período de estudo, enumeramos algunhas das principais tendencias que o caracterizan. Estes constitúen o marco básico no cal a posterior análise do fenómeno migratorio ha de comprenderse:

1. O goberno non liberal de Carlos Antonio López non favorecía a inmigración masiva, pero si permitía a entrada dun fluxo controlado de colonos e comerciantes.
2. O Estado liberal procuraba estimular a inmigración masiva todo ao longo do período de entreguerras.
3. As administracións posteriores á Guerra do Chaco non se opoñían á inmigración, pero xa non se trataba dun asunto de maior interese político.
4. A Guerra da Tripla Alianza foi un golpe decisivo á sociedade e a economía do país. As seguintes décadas caracterízanse por un longo proceso de recuperación demográfica e material.
5. Trala Guerra da Tripla Alianza, a emigración sempre foi un fenómeno cuantitativamente moito máis importante que a inmigración.
6. Os altos niveis de violencia e inestabilidade políticas provocaban saídas migratorias, xeralmente de curta duración antes de 1947.
7. A implantación brusca do capitalismo provocaba a emigración permanente a medida que os campesiños eran expulsados das súas parcelas mediante as sucesivas privatizacións da terra a partir de 1886.
9. As terras privatizadas pasaban a ser propiedade de compradores que na súa maioría eran estranxeiros.
10. Durante os tempos da hexemonía liberal, o Paraguai dependía financeiramente do Reino Unido e da Arxentina. Arxentina tamén se convertía no principal socio do Paraguai no ámbito do comercio, e exercía unha forte influencia na súa vida política.

CAPÍTULO 3. UN ESTUDO CUANTITATIVO DA INMIGRACIÓN ESPAÑOLA E GALEGA

Son poucas as fontes que conteñen datos cuantitativos sobre o fenómeno migratorio que nos ocupa, pero as que hai son dunha riqueza e utilidade considerables. As tres principais son os libros de rexistro de socios da SESMAP (1873-1933) e da SRE (1915-1922) (Morales Raya, 2015a), e os expedientes de solteiría emitidos polo Arcebispado de Asunción (1872-1944) (Durán Estragó e Romano García, 2011). Cada unha exhibe algún nesgo ou outro: ao ser unha asociación recreativa, os socios da SRE disque pertencerían á capa máis acomodada da colonia española; os expedientes de solteiría exclúen calquera inmigrante que xa casase antes de marchar ao Paraguai, etc. Porén, ditas fontes recollen informacións relacionadas con centenares de inmigrantes españois, suficientes para ter unha relevancia estatística e poderen ser contrastadas con outras probas históricas de natureza cualitativa. Os datos extraídos enuméranse a continuación.

SESMAP: nome, idade, profesión, vila, provincia e/ou nación de orixe, datas de ingreso e/ou egreso, domicilio, outros datos (moitas veces os motivos dunha baixa por moroso, por falecemento ou por re-emigración)

SRE: nome, vila, provincia e/ou nación de orixe, datas de ingreso e/ou egreso, domicilio, profesión

Expedientes de solteiría: nomes do noivo e/ou da noiva, idades, lugares de orixe, domicilios, nomes dos pais, nomes, idades e/ou nacionalidades das testemuñas ao matrimonio, data da emisión do expediente

Nota: Citamos os socios da SESMAP e a SRE polo seu número de socio e os expedientes de solteiría polo número do expediente en lugar da páxina de referencia (SESMAP/SRE/expediente 1, 2, 3 etc.)

Trátase dunha ampla selección de datos sobre distintos aspectos biográficos, o cal permítenos ponderar a inmigración española e galega dende múltiples perspectivas. En concreto, ao longo do presente capítulo empregamos estas tres fontes, co apoio doutras que iremos citando no momento oportuno, para traballar as seguintes facetas do obxecto de estudo: o número de inmigrantes españois en termos absolutos; o peso relativo das distintas rexións de orixe no seo da colonia española; o peso relativo das distintas provincias de orixe no seo da colectividade galega; a idade e o estado civil dos inmigrantes; a distribución de xénero da colonia española; as nacións e rexións de orixe das persoas que casaron cos inmigrantes; as nacionalidades das testemuñas ás vodas de españois, e as nacionalidades dos noivas nas vodas que os españois testemuñaron —proveitosas á hora de reconstruír as redes de sociabilidade—; e o perfil profesional dos inmigrantes.

Sen esquecer que unha das preguntas históricas formuladas ao inicio desta pesquisa xira en torno á posible existencia dalgún trazo diferencial que distinguise a comunidade galega fronte aos demais grupos españois no Paraguai, tratamos de examinar as características da inmigración española —en conxunto e ao mesmo tempo en función das zonas de procedencia máis relevantes— con case a mesma profundidade que a propia cuestión migratoria galega. Por outro lado, as fontes utilizadas nesta sección cuantitativa cobren un longo período de máis de setenta anos en que tanto a sociedade de acollida como a de orixe percibiron unha plétora de mudanzas políticas, económicas, demográficas etc. Por tanto, sempre e cando sexa factible, cribamos as mostras lonxitudinalmente para detectarmos as distorsións que puideron producirse

nos fluxos migratorios e na inserción socio-laboral das persoas, entendidos como fenómenos dinámicos, non estáticos, dende o inicio até o final do lapso.

3.1. Cifras de inmigración española entre 1850-1960

Para o noso caso, as taxas migratorias son difíciles de estimar porque as fontes oficiais só inclúen aquelas persoas que chegaron ao porto de Asunción con pasaxe gratuíta no marco da inmigración organizada (Potthast, 1999: 113). Os contemporáneos recoñecían esta limitación. Por exemplo, Báez (1908: 3-4) láiase de que a estatística publicada pola *Dirección General de Inmigración y Colonización* "*no manifiesta las verdaderas circunstancias de la inmigración*" por ese motivo. Cotexando os datos procedentes das fontes oficiais, Morales Raya (2015a: 220-222) calcula un total de 41.191 inmigrantes rexistrados no lapso 1870-1932. Entón, o número real de inmigrantes debía ser superior a esta cifra. En realidade, a carestía de documentación fiable non só afecta os estudos migratorios, senón os estudos demográficos en xeral. Arce, Herken Krauer e Ovando (2011: 12) advirten que o primeiro intento de contabilizar a poboación paraguaia cunha metodoloxía científica non se produciu até 1950, cando o programa Censo das Américas calculou unha suma de 1.328.452 habitantes. Antes desta data, as series estatísticas son bastante inexactas.

Para as cuestións cuantitativas, a 'idade escura' é a época dos López. As páxinas dos *Episodios de la vida privada, política y social en la República del Paraguay* de Ildefonso Antonio Bermejo están cheas de inmigrantes, comerciantes case todos. Pouco despois da súa chegada en 1855, Bermejo (1909 [1873]: 154) observou que os cónsules de EEUU, Inglaterra, Francia e Portugal paseaban xuntos polas rúas de Asunción, e no resto do libro hai personaxes oriúndos de países como Alemaña, Arxentina, España ou Italia. Este fluxo de inmigración espontánea é un antecedente directo ao comercio estranxeiro da posguerra, pero non dispoñemos de fontes que permitan cuantificalo. Por outra banda, tampouco se localizaron demasiadas estatísticas sobre o número de residentes estranxeiros nas décadas posteriores á Guerra Civil Española. Cara ao final do período de estudo, o embaixador Ernesto Giménez Caballero (1958: 183) escribiu que os españois "*están derramados por todo el territorio y nunca se sabe su número exacto*". A boa noticia é que si contamos cunha serie de estimacións contemporáneas sobre a inmigración española durante o período de entreguerras. Como xa se mencionou, foi neste lapso cando houbo máis inmigración no Paraguai en xeral. Os autores destes datos foron diplomáticos acreditados ou persoas con algún tipo de formación específica, o cal aporta certo grao de fiabilidade aos seus xuízos. Estas estimacións non recollen o número de ingresos ao longo do tempo, senón o tamaño da colonia española nun momento concreto, e con elas é posible elaborar unha cronoloxía básica do crecemento desta colectividade.

O día 24 de xaneiro de **1871**, "*el corto número de españoles que residen*" en Asunción reuniuse se para redactar firmar unha "*Protesta de los españoles contra la candidatura del duque de Aosta para rey de España*" porque a coroación de Amadeo I "*es una usurpación vergonzosa que* […] *infiere un grosero ultrage á los principios liberales*"[28]. Firmaron 86 españois, todos varóns (Anexo I). Noutros capítulos da presente investigación, veremos que realmente había outro compatriotas que vivían na capital pero que non firmaron dita protesta.

[28] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 27 de xaneiro de 1871, p. 3.

Porén, estoutros foron demasiado poucos como para supormos que aqueles 86 homes non representaban a maioría da colonia.

Despois, durante a súa visita ao Paraguai no **1874**, o xeógrafo escocés Keith Johnston (1875: 265) calculou que a poboación de Asunción sumaba uns dez mil individuos, dos cales 2.500-3.000 eran soldados brasileiros. Case todos os 1.500 homes civís eran estranxeiros: arxentinos, brasileiros ou italianos. A pesar de non seren citados por Johnston, a estas alturas os españois tamén tiñan relevo como colectivo inmigrante. Por exemplo, cando se colocou a pedra fundamental do panteón español no cemiterio da Recoleta, no mes de decembro, *La Libertad* caracterizou os españois como "*una colonia que tanto contribuye con los demás extrangeros a la prosperidad de este país*"[29].

O *Anuario Estadístico de la República del Paraguay* correspondente ao ano **1886** publicouse, con certo retardo, en 1888. Recolle os resultados do primeiro estudo demográfico que a recentemente creada Oficina de Estatística levou a cabo durante a posguerra. Máis tarde, López Decoud (1911: 77) criticaría os métodos utilizados neste censo porque "*la ignorancia de las leyes á que obedece el crecimiento de la población* […] *dieron á luz aquel dislate estadístico, que ha sido fuente de tanta información errónea*". Non obstante, dado que os inmigrantes españois aínda eran poucos, a falta de rigor científico probablemente non afectase os resultados porque unha sinxela conta de cabezas seica bastaría para contabilizalos. Segundo o *Anuario Estadístico* (1888: 42), 321 españois vivían en toda a república, dos cales 150 estaban empadroados na capital. De forma contemporánea, o cónsul-xeral de España en Asunción, José Sánchez Bazán (**1887**: 22), afirma que había uns seiscentos españois no Paraguai. Máis alá de citar "*los mejores cálculos*", Sánchez Bazán non indica cal é a orixe desta cifra. Por tanto, non está claro se o diplomático se aproxima máis ou menos á realidade que os autores do *Anuario Estadístico*. Para o cambio de século, a recensión estatística *Paraguay: tableaux démonstratifs de sa population*, editada en 1901, baséase nas pesquisas do doutor Manuel Benítez (**1899**), sobre a campaña, e as de Juan F. Pérez, subsecretario de colonias do ministerio de RREE (**1900**), sobre a capital. A Táboa 1 recada os datos recollidos por estes autores.

Táboa 1. Habitantes da República do Paraguai (1899/1900)			
Poboación nacional e estranxeira			
«Civilizados»	517.285		80,93%
Indíxenas (aprox.)	100.000		16,20%
Europeos	6.855		1,07%
Americanos	11.431		1,80%
Poboación urbana e rural			
	Nacionais (A)	*Estranxeiros (B)*	*Total A+B*
Capital (X)	47.075	4.644	51.719
Campaña (Y)	570.210	13.642	583.852
Total X+Y	617.285	18.286	635.571
Principais grupos estranxeiros			
	Campaña	*Capital*	*Total*
Arxentinos	8.061	1.274	9.335
Italianos	1.502	1.245	2.747
Brasileiros	1.207	177	1.384
Españois	428	718	1.146
Alemáns	682	234	916
Fonte: elaboración propia a partir de *Paraguay: tableaux démonstratifs* (1901: 4)			

[29] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 13 de decembro de 1874, p. 1.

De acordo con esta fonte, os estranxeiros constituían o 2,87% da poboación da república arredor do cambio de século. Como xa dixemos máis arriba, é pouco probable que esta cifra sexa exacta por mor das fallas metodolóxicas dos estudos demográficos paraguaios antes de 1950. Pero aínda sen confiarmos plenamente nos datos, é evidente que Asunción creceu moito dende os dez mil habitantes que Johnston sinalara en 1874. As migracións campo-cidade provocadas polo alleamento masivo de terras explican a maioría deste crecemento, pero tamén comprobamos que o elemento foráneo era máis forte na capital (8,98%) que na campaña (2,34%). Os españois figuran como a cuarta nacionalidade estranxeira en orde de importancia despois dos brasileiros, cuxo peso demográfico diminuíu cando o exército desocupou o país en 1876. Para o ano 1900, entón, temos a cifra de 1.146 españois en todo o país, dos cales 718 (62,65%) moraban en Asunción. Neste senso, o carácter urbano da inmigración española destaca fronte ás outras catro nacionalidades, todas elas máis numerosas na campaña que na capital.

Pouco máis dunha década despois, en **1913**, o cónsul de España en Asunción, Mariano Fábregas Sotelo, publicou un informe sobre a República do Paraguai nunha editorial madrileña. Segundo Fábregas, uns 6.043 inmigrantes españois vivían no país, dos cales 3.500 (57,92%) atopábanse na capital — unha porcentaxe parecida ao 62,65% derivado da fonte anterior (Morales Raya, 2015a: 82). Outro diplomático, Léonce Boudet, exerceu como *ministre résident* en Asunción (un rango diplomático francés inmediatamente inferior a ministro plenipotenciario) a principios dos anos vinte. Boudet recolleu as seguintes estimacións sobre os residentes europeos en toda a república para o ano **1921**: 7.000-10.000 italianos, 6.000-7.000 españois, 3.000-5.000 alemáns (maioritariamente nas colonias agrícolas), 500-800 ingleses e franceses (Rivarola, 2010 [1993]: 198).

Logo, en **1924**, publicouse o "*censo completo de la población española no desnacionalizada que reside en América, según informe encargado por las diputaciones Vascas*". Dos 2.056.000 españois que, segundo o censo, vivían en América, dez mil (0,49%) estaban radicados no Paraguai[30]. Por último, o ministro plenipotenciario da República Española, Felipe G. Ontiveros, calculou que o número de españois no Paraguai roldaba sobre os cinco mil individuos en **1936**. Ademais, nun informe remitido ao ministro de Asuntos Exteriores, Ontiveros engadiu que a estas alturas a "*corriente migratoria española es nula*" (Casal, 2014: 369).


Vistas todas estas estimacións do número de residentes españois en distintos momentos, pode esbozarse unha cronoloxía da inmigración española aproximadamente durante o período de entreguerras, como vemos na Táboa 2. Engadimos dúas cifras relacionadas coa inmigración estranxeira en xeral para contextualizar a presenza española.

[30] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 5 de marzo de 1925, p. 38.

Táboa 2. Cronoloxía da inmigración española (1871 -1936)		
Fonte	Ano	Residentes españois
Protesta contra o duque de Aosta	1871	86 [en Asunción]
Keith Johnston, xeógrafo escocés	1874	1.500 [homes civís en Asunción, case todos estranxeiros]
Anuario Estadístico	1886	321 [150 en Asunción, 171 na campaña]
José Sánchez Bazán, cónsul xeral español	1887	600
Tableaux démonstratifs	1899/1900	1.146 [718 en Asunción, 428 na campaña, 4.644 total estranxeiros en Asunción]
Mariano Fábregas Sotelo, cónsul español	1913	6.043 [3.500 en Asunción, 2.543 na campaña]
Léonce Boudet, *ministre résident* francés	1921	6.000-7.000
Censo das deputacións vascas	1925	10.000
Felipe G. Ontiveros, ministro plenipotenciario español	1936	5.000
Fonte: elaboración propia a partir d as fontes arriba citadas		

Observamos que a colonia española medrou paulatinamente durante os tres últimos decenios do século XIX. O período de máxima inmigración comezou a inicios do século XX e durou até os primeiros anos vinte, en coincidencia co apoxeo das migracións transatlánticas no contexto internacional. O tamaño da colonia diminuíuse na seguinte década, probablemente por motivos económicos (a Gran Depresión, os sacrificios da guerra e posguerra do Chaco), e se cadra tamén porque a primeira xeración de inmigrantes (1870-1899) comezou a falecer sen que chegasen novas cohortes dende España. Para dotar este modelo cronolóxico dunha maior fiabilidade, o libro de socios da SESMAP e os expedientes de solteiría bríndannos a posibilidade de observar e contrastar a evolución da colonia española ao longo de máis de seis décadas. Estas fontes non fornecen as datas de ingreso no país, pero se asumimos que a meirande parte das persoas se asociou á SESMAP ou contraeu matrimonio nos primeiros dez anos despois de chegar ao Paraguai, pode facerse unha idea xeral das épocas en que houbo máis ou menos inmigración española. Para isto, o Gráfico 2 grava o número de españois rexistrados anualmente no libro de socios e nos expedientes de solteiría dende a posguerra da Tripla Alianza até a década de 1940.

Gráfico 2. Socios españois da SESMAP e noivos españois (1872-1945)
Elaboración propia a partir de Durán Estragó e Romano García (2011) e Morales Raya (2015a)



Estes resultados corroboran a cronoloxía que se bosquexou utilizando as fontes presentadas na Táboa 2. A colonia española medrou lentamente na posguerra pero experimentou un crecemento acelerado entre a segunda metade dos 1880 e os primeiros anos 1890. Este pico seguramente responde á estabilidade política acadada durante a *pax* colorada e ás oportunidades comerciais ou financeiras que se afianzaron a raíz da liberalización da economía. É pensable que o crecemento sostido da colectividade durante a década posterior tamén estivese relacionado cunha crise que sacudiu a economía arxentina nos anos noventa e provocou que moitos españois alí instalados re-emigrasen a destinos secundarios (Vázquez Lojo e Soutelo Vázquez, 2019: 190). A inmigración volve acelerar máis ou menos a partir de 1904, e seguen rexistrándose unhas cifras elevadas ao longo dos anos dez e vinte. Esta tendencia non está vencellada soamente ás condicións internas do Paraguai, senón que hai que enmarcala nos patróns migratorios españois a nivel rexional. Na Arxentina, os anos 1895-1914 representan o ápice da inmigración española. A colonia cuadriplicou o seu tamaño para igualarse coa italiana, composta esta esencialmente da excedencia de man de obra expulsada durante a industrialización da Italia setentrional (Sánchez Alonso, 1988, 216; Vázquez Lojo e Soutelo Vázquez, 2019: 180). Por outra banda, as cifras altas que se marcan durante a segunda metade dos anos dez parecen estar relacionadas co *boom* exportador na Primeira Guerra Mundial. A baixada de 1920-1923 responde á crise da posguerra e á Guerra Civil, pero á parte dese trienio, as actividades asociativas e as vodas son constantes até o comezo da Gran Depresión e a Guerra do Chaco.

3.2. As rexións e as provincias de orixe

Os libros de rexistro de socios da SESMAP (1873-1933) e a SRE (1915-1922) máis os expedientes de solteiría do Arcebispado de Asunción (1872-1944) permiten facerse unha distinción entre as rexións ou as provincias de orixe dos inmigrantes. A Táboa 3 amosa o peso relativo das diferentes rexións de orixe dos súbditos españois que figuran en cada fonte, e tamén a media ponderada das tres series, pero é preciso facer unha aclaración previa: as cifras que reproducimos na Táboa 3 non abarcan a totalidade dos españois rexistrados nas fontes porque hai entradas nas que non se constata un lugar de nacemento. Este obstáculo tamén se aplica ás variables tratadas noutros apartados. No libro de socios da SESMAP rexístranse 458 individuos coa nacionalidade española, 255 no libro de socios da SRE, e os expedientes de solteiría aportan datos sobre 647 noivos españois, pero non se traballa con estes totais porque soamente unha minoría das entradas inclúe informacións acerca de todas as variables (rexión de orixe, idade, profesión etc.). En moitos casos, sería posible completar as entradas mediante o cruzamento con outras fontes, pero dado o obxecto de estudo desta pesquisa —os inmigrantes galegos—, optamos por non realizar dito procedemento para non desequilibrar os resultados inflando a presenza galega de forma artificial.

Táboa 3. Inmigrantes españois clasificados por rexión de orixe (1872-1944)

Rexión de orixe	A	A (%)	B	B (%)	C	C (%)	A+B+C	Media (%)	Rango
A Rioxa	4	0,93	6	2,68	13	3,09	23	2,14	10
Andalucía	32	7,44	22	9,82	50	11,88	104	9,67	3
Aragón	24	5,58	21	9,38	15	3,56	60	5,58	6
Asturias	6	1,4	13	5,8	9	2,14	28	2,6	9
Baleares	9	2,09	1	0,45	19	4,51	29	2,7	7
Canarias	4	0,93	6	2,68	6	1,43	16	1,49	13
Cantabria	4	0,93	2	0,89	4	0,95	10	0,93	15
Castela-A Mancha	5	1,16	2	0,89	4	0,95	11	1,02	14
Castela-León	49	11,4	34	15,18	46	10,93	129	12	2
Cataluña	168	39,07	49	21,88	143	33,97	360	33,49	1
Estremadura	2	0,47	1	0,45			3	0,28	16
Euskadi	22	5,12	16	7,14	11	2,61	49	4,56	7
Filipinas					1	0,24	1	0,09	17
Galicia	35	8,14	18	8,04	35	8,31	88	8,19	5
Madrid	7	1,63	5	2,23	17	4,04	29	2,7	7
Melilla					1	0,24	1	0,09	17
Murcia	9	2,09	7	3,13	7	1,66	23	2,14	10
Navarra	6	1,4	4	1,79	9	2,14	19	1,77	12
Porto Rico					1	0,24	1	0,09	17
Valencia	44	10,23	17	7,59	29	6,89	90	8,37	4
Venezuela (consulado español)					1	0,24	1	0,09	17
Total	430	100,01	224	100,02	421	100, 02	1.075	99,99	

Lenda

A. SESMAP: socios españois con rexión de orixe, 1873-1933 (en Morales Raya, 2015a)
B. SRE: socios españois con rexión de orixe, 1915-1922 (en Morales Raya, 2015a)
C. Expedientes de solteiría: noivos españois con rexión de orixe, 1872-1944 (en Durán Estragó e Romano García, 2011)

A análise das tres fontes por separado rende un resultados parecidos, o cal dá fe á fiabilidade da media ponderada. Cataluña é a actual Comunidade Autónoma con máis representación, sexa cal sexa a fonte consultada, tal como xa demostrou Morales Raya (2015a) e tamén de acordo con Alvarenga Caballero (1999: 89) no seu artigo sobre Concepción durante a posguerra. Semella que os cataláns constituían un terzo (33,49%) dos inmigrantes españois radicados no Paraguai aproximadamente no período de entreguerras. De feito, a cifra real probablemente fose máis elevada. A baixa porcentaxe de socios cataláns na SRE (21,88%) é unha anomalía, pero ten unha explicación sinxela. A partir da súa creación en 1914, o *Centre Català* de Asunción organizaba actividades lúdicas como actuacións teatrais, sesións cinematográficas ou saídas fluviais (Morales Raya, 2015a: 380). Abofé que moitos cataláns se asociaron ao *Centre* en lugar da SRE para non pagaren as cotas de dúas sociedades con fins recreativas (entre outras) ao mesmo tempo. Por este motivo, é posible que excluíndo a porcentaxe correspondente á SRE, a media ponderada dos cataláns na SESMAP e nos expedientes de solteiría (36,55%) se aproxime máis á cifra verdadeira.

As porcentaxes para algúns outros colectivos tamén varían en función da fonte. Por exemplo, case un décimo dos socios da SRE foron aragoneses, pero estes tiveron unha representación menor nas outras fontes. Noutro caso, o 5,12% dos socios da SESMAP e o 7,14% dos da SRE foron vascos, pero tan só o 2,62% dos noivos nos expedientes de solteiría. Isto podería apuntar a que os vascos eran menos propensos a casar con persoas paraguaias que outros colectivos españois. Porén, en realidade falamos de apenas unhas decenas de individuos, polo cal é arriscado sacar ese tipo de conclusións. Despois dos cataláns, as seguintes catro comunidades en orde de importancia cuantitativa son os castelán-leoneses (12%), os andaluces (9,67%), os valencianos (8,37%) e os galegos (8,19%). Aquí tamén os rangos cambian dependendo da fonte. Hai máis noivos andaluces que castelán-leoneses, os cales son proporcionalmente máis numerosos entre os socios da SRE. Os galegos están por enriba dos valencianos na SRE e nos expedientes de solteiría, pero o baixo número de galegos na SESMAP permite que os levantinos ocupen a cuarta posición na media ponderada. En xeral, como dixemos con referencia aos vascos, estas diverxencias son demasiado pequenas como para especularmos sobre as posibles causas estruturais. Iso si, se os galegos sobresaen por algo, é pola alta concordancia entre as tres fontes respecto das porcentaxes de socios ou noivos procedentes de Galicia. Estas porcentaxes case non varían, co cal podemos dicir con certa confianza que un pouco máis do oito por centro dos inmigrantes españois en Paraguai foron galegos, ocupando estes a quinta ou, se deixamos unha marxe de erro fronte aos valencianos, a cuarta posición na colonia española.

Outra vantaxe das fontes aquí utilizadas é que ofrecen a posibilidade de observar as mudanzas na composición rexional da colonia española ao longo do tempo. Os Gráficos 3 e 4 amosan as incidencias de cataláns, castelán-leoneses, valencianos, galegos e andaluces (as cinco rexións españolas máis representadas nas dúas fontes) de modo diacrónico. Ditos gráficos arrincan nos anos 1896 e 1908 respectivamente porque, antes destas datas, case todos os socios ou noivos figuran coa nacionalidade española pero sen cadanseu lugar de orixe. A adopción do costume de incluír a provincia e o concello de nacemento nestes trámites é interesante en si mesma; podería reflectir unha crecente conciencia entre os inmigrantes españois das súas particularidades rexionais.

Gráfico 3. Noivos españois por rexión de orixe (1908 -1944)
Elaboración propia a partir de Durán Estragó e Romano García (2011)





Gráfico 4. Socios españois da SESMAP por rexión de orixe (1896 -1933)
Elaboración propia a partir de Morales Raya (2015a)



O que máis salta á vista nos Gráficos 3 e 4 é o feito de que o pico correspondente á Primeira Guerra Mundial, sinalado no apartado anterior, afecta a inmigración catalá case sen deixar pegada nos outros grupos. Atopamos unha posible explicación nas condicións económicas de Cataluña neste período. A industria téxtil catalá expandiu durante a Gran Guerra pola necesidade de proveer a millóns de soldados de uniformes e mantas, para cubrir o mercado interno español ante a caída das importacións, e tamén á calor da exportación de produtos básicos destinados á poboación civil nos países belixerantes, onde estes materiais escaseaban (Martorell Linares, 2011: 24). E como país produtor de materias primas como o tanino ou o xute, o Paraguai foi unha fonte de recursos para as empresas téxtiles de Barcelona (Dalla-Corte Caballero, 2015; Cagiao Vila e Dalla-Corte Caballero, 2016). Estes vínculos comerciais xeraron oportunidades laborais e fluxos de información entre Paraguai, Cataluña e o colectivo catalán no Río da Prata —as denominadas «remesas sociais» (Bakewell, 2014: 311)— que poderían estimular a emigración cara á república guaraní. De feito, os inmigrantes non tiñan por que estar empregados na industria téxtil nin ter parentes nese sector, pois tamén entrou en xogo a causación acumulativa das migracións. Entre outros factores, as cadeas migratorias, o efecto chamada e a función protectora do *Centre Català* facilitaron que, cando se produciu o auxe exportador no Paraguai durante a Primeira Guerra Mundial, as redes migratorias catalás estivesen preparadas para enviar emigrantes a un ritmo superior que outras comunidades peninsulares.

Agora ben, o grupo que exhibe menos continuidade ao longo do tempo son os valencianos. Aparecen nas fontes en pequenos ‘estalidos’, e noutros anos están ausentes. Unha mirada cualitativa ás listaxes da SESMAP desvela que a tipoloxía particular deste colectivo foi a migración familiar ou as cadeas migratorias. Por exemplo, o pico de 1907 representa a inscrición de sete persoas, todas procedentes de La Vila Joiosa (Alacante): Jacinto Mayor (17); Isidro Mayor (25) e a súa esposa Vicenta Lledó (20); Ángela Mayor (21) e o seu marido mallorquino Julián Ginart (26) —o único non nacido en La Vila Joiosa—; Isabel A. de Cardona (56); e Vicenta Sellés (19, viúva de Gastón) (SESMAP 102-108). Isidro e Julián eran mecánicos — unha profesión pouco común entre os inmigrantes españois (véxase sección 3.7). Coa súa formación técnica, estes alacantinos dispoñían dunha reserva de capital humano que lles facilitaría a busca de emprego no incipiente sector industrial paraguaio. Outro caso é o matrimonio de Manuel Zorio Pérez (48), nacido en Castelló de la Plana, e Amparo Gómez (36), de Valencia, os cales inscribíronse en 1925 (SESMAP s/n entre 432-433). Zorio foi quen de establecer a primeira fábrica de xabón na cidade de Concepción (Webb, 2020a: 16). En resumo, a migración familiar ou a reunificación familiar son tendencias especialmente marcadas entre os valencianos fronte, por exemplo, aos castelán-leoneses, andaluces ou galegos. Para estoutros grupos, tampouco vemos unha explosión migratoria comparable á dos cataláns entre 1914 e 1918. A súa actividade ten unha intensidade baixa pero constante, sen reaccionar directamente a ningunha conxuntura político-económica en particular, salvo que se observa un lixeiro aumento nos números de novos socios e celebracións de vodas durante a década de 1920.

As comunidades que, segundo os expedientes de solteiría, seguían celebrando vodas con certa regularidade despois do *crack* de 1929, e particularmente despois da Guerra Civil Española, eran os cataláns e en menor medida os castelán-leoneses. A Gran Depresión non só motivou que os gobernos americanos endurecesen as leis migratorias, senón que tamén derivou na desaparición de moitas oportunidades laborais e comerciais. Un dos postulados centrais da teoría das redes migratorias é que estas desenvolven sistemas de apoio interno que permiten que as migracións se divorcien das súas causas orixinais, prolongándose no tempo (Massey et

al., 1993: 450). Baixo esta óptica, semella que soamente os dous principais colectivos ibéricos no Paraguai —os inmigrantes oriúndos de Cataluña e Castela-León— teceran unhas redes migratorias suficientemente densas para que os fluxos migratorios seguisen funcionando, malia que moi minguados, cando as oportunidades que os orixinaran practicamente desvaneceron a partir de 1929.

Agora ben, focalizando aínda máis, a Táboa 4 baséase no mesmo procedemento que a Táboa 3, pero en lugar de calcular as porcentaxes de españois en función das súas rexións de orixe, trabállase cos inmigrantes galegos en función das súas provincias. Desta volta, incluímos algunhas persoas que figuran nas fontes coa nacionalidade española pero sen lugar de nacemento, porque ás veces tales datos puideron verificarse noutras fontes[31]. Os resultados demostran que a inmigración non foi aleatoria, xa que o predominio dos coruñeses e pontevedreses é esmagador. Isto dá pistas sobre a existencia de cadeas migratorias que favoreceron algunhas zonas máis que outras.

Táboa 4. Inmigrantes galegos clasificados por provincia de orixe (1872 -1944)

Provincia de orixe	A	**A (%)**	**B**	**B (%)**	**C**	**C (%)**	**A+B+C**	**Media (%)**	**Rango**
A Coruña	17	48,57	10	47,62	12	31,58	39	41,49	1
Lugo	4	11,43	2	9,52	6	15,79	12	12,77	3
Ourense	2	5,71	1	4,76	6	15,79	9	9,57	4
Pontevedra	12	34,29	8	38,1	14	36,84	34	36,17	2
Total	35	**100**	**21**	**100**	**38**	**100**	**94**	**100**	


Lenda

A. Socios galegos da SESMAP, 1873-1933 (en Morales Raya, 2015a)
B. Socios galegos da SRE, 1915-1922 (en Morales Raya, 2015a)
C. Noivos galegos con provincia de orixe nos expedientes de solteiría, 1872-1944 (en Durán Estragó e Romano García, 2011)

[31] En concreto, incorporamos os seguintes datos: SESMAP 2 (Victorino Abente y Lago); SRE 18, 344, 406 (José Lemos, José López Mosquera, Luis López Ríos); expedientes 701, 1218, 1364, 1773 (Ricardo Faraldo, Antonio Santomé, Benito Rodiño, Camilo Pérez y Pérez). Todas as demais entradas que utilizamos inclúen a provincia de nacemento na fonte orixinal.

Abaixo, no Gráfico 5 vemos que o peso relativo de cada provincia mudou ao longo do período de estudo. Este gráfico representa horizontalmente a suma dos galegos inscritos na SESMAP e nos expedientes de solteiría. Uns poucos inmigrantes aparecen en ambas fontes, pero non son suficientes para terxiversar as tendencias xerais que expoñemos.

Gráfico 5. Inmigrantes galegos inscritos na SESMAP e nos expedientes de solteiría, clasificados por provincia de orixe ao longo do tempo (1873-1944)
Elaboración propia a partir de Durán Estragó e Romano García (2011) e Morales Raya (2015a)



Estes resultados suxiren que A Coruña non se consolidou como a provincia de orixe máis común até o século XX. Ademais, inferimos que a tardía incorporación de Lugo e Ourense á emigración masiva tivo eco no Paraguai. A partir de 1870, a 'febre' da emigración expandiu dende a costa occidental de Galicia e adentrouse gradualmente no interior lugués e ourensán. Estas provincias chegaron a converterse nos principais focos da emigración entre 1916 e 1920 (Vázquez Lojo e Soutelo Vázquez, 2019: 186-187). A ausencia de galegos orientais nestas fontes antes do ano 1905 dá a entender que a comunidade galaica no Paraguai non estaba allea a esa tendencia. Respecto da aparente continuidade máis alá de 1929, sinalamos que tres dos catro noivos galegos que se rexistran durante os anos corenta —Juan Méndez Vázquez (Rigueira, Lugo), Prudencio Fernández Dos Santos (Baiona, Pontevedra) e José Gaviuro (Leborei, Lugo) (expedientes 3211, 3286, 3320)— se atopaban en Asunción "accidentalmente", "en tránsito" ou "circunstancialmente". Disque se trata de inmigrantes residentes nos países veciños que se achegaron á capital paraguaia a través das redes migratorias ou de comercio. A noiva de Prudencio Fernández Dos Santos, Elvira Acosta Fernández, naceu en Porto Murtinho (Mato Groso do Sur) e tamén figura como "en tránsito". José Gaviuro, pola súa parte, estaba domiciliado en Bos Aires. O outro noivo varón foi Juan Rodríguez Miguélez (expediente 3203), fillo de Avelino Rodríguez Elías, o ex cónsul do Paraguai en Vigo que se exiliou en Asunción coa súa familia durante a Guerra Civil Española. Finalmente, mencionamos a noiva de Juan Méndez Vázquez: Filomena Feijó Ferradans (sic, Feijóo Ferradáns?). É posible que Filomena tamén fose galega pois tiña a nacionalidade española, uns apelidos de aparencia galaica, e naceu en Santa Cruz, malia que non consta se se trata da porto coruñés que leva ese nome. En todo caso, estes exemplos demostran que, durante a Gran Depresión, non se produciu unha ruptura

total nos vínculos entre Paraguai e os galegos radicados nos Estados veciños, pero ao seren menos numerosos que os cataláns ou castelán-leoneses, as súas redes non foron capaces de xerar movementos migratorios permanentes nesta derradeira etapa.

3.3. A idade e o estado civil dos inmigrantes

O libro de socios da SESMAP e os expedientes de solteiría deixan constancia da idade ou o ano de nacemento das persoas. Empregando estas fontes, a Táboa 5 clasifica os españois segundo a súa cohorte de idade[32].

Táboa 5. Inmigrantes españois clasificados por idade (1872 -1944)				
Idade	SESMAP	SESMAP (%)	Expedientes de solteiría	Expedientes de solteiría (%)
10 a 14	6	1,38		
15 a 19	38	8,76		
20 a 24	59	13,59	40	11,27
25 a 29	71	16,36	122	34,37
30 a 34	60	13,82	91	25,63
35 a 39	66	15,21	45	12,68
40 a 44	54	12,44	22	6,2
45 a 49	40	9,22	12	3,38
50+	40	9,22	23	6,48
Total	434	100	355	100,01
Fonte: elaboración propia a partir de Durán Estragó e Romano García (2011) e Morales Raya (2015a)				

As dúas fontes exhiben uns patróns parecidos. Entre os socios da SESMAP cuxas idades sabemos, o 40,09% —menos da metade— tiña menos de trinta anos á hora de inscribirse. A cifra equivalente para os expedientes de solteiría é de 45,64%. O 30,88% dos socios da SESMAP tiña corenta anos ou máis ao inscribirse na asociación, mentres que o 16,06% dos noivos se atopa nesta bandada. Esta diverxencia é normal se se considera que as persoas adoitan casar cando aínda son relativamente novas. O que chama a atención é a clara preponderancia de inmigrantes con máis de trinta ou até máis de corenta anos. Nos países que recibiron os maiores fluxos de inmigrantes españois, o perfil máis común era o varón solteiro e moi novo — en moitos casos adolescente. Viaxando a tan curta idade, frecuentemente co motivo puntual de esquivar a chamada a quintos, o inmigrante maximizaría o tempo dispoñible para acceder ás oportunidades laborais ou formación profesional en América. Esta dinámica repetíase en rexións expulsoras como Asturias (Anes, 1988: 43), Euskadi (Fernández de Pinedo, 1988: 115) Galicia (Vázquez Lojo e Soutelo Vázquez, 2019: 186) ou Valencia (Tabanera García, 2003:

[32] Nos expedientes de solteiría, algúns inmigrantes que figuran co seu ano de nacemento en vez da idade exacta poden atoparse no límite entre dúas cohortes. Por exemplo, o catalán Ricardo Brugada naceu en 1842 e casou coa paraguaia Juana Arrúa o 1 de decembro de 1877 (expediente 695). Dependendo da data do seu aniversario, Brugada podía ter 34 ou 35 anos no día da súa voda. Nestes casos, asumimos que o inmigrante pertence á cohorte inferior se a voda se celebrou entre xaneiro e xuño, ou á superior se a voda se celebrou entre xullo e decembro. Por tanto, Brugada insírese na categoría de 35-39 anos. Por outro lado, a data dun expediente tecnicamente non corresponde ao día da voda, senón que é a data na que o arcebispado recoñeceu o status de solteiro do noivo ou da noiva. Martín Romano García comunicounos por correo electrónico que na maioría dos casos, a voda celebraríase tres domingos despois da aprobación do trámite, a non ser que os noivos solicitasen a exoneración das proclamas. Por motivos de conveniencia, aquí tratamos a data dun expediente como se fose a data da voda.

141), se ben existían algunhas zonas onde imperaba o modelo familiar, como é o caso das Illas Canarias (Macías Hernández, 1988: 175). Presenciamos un panorama distinto no Paraguai. É posible que transcorresen varios anos entre a chegada dos inmigrantes e as datas rexistradas nas fontes, pero aínda así, a Táboa 5 deixa en evidencia que estes españois xeralmente non representaban o segmento máis novo da poboación.

Este feito é unha proba de que o Paraguai foi un destino secundario para a emigración española. Ou sexa, os pioneiros chegaron con experiencia previa como emigrantes. Estas persoas radicáronse en América de forma bastante estable —en Uruguai, Bos Aires ou o Litoral arxentino— antes de tomaren a decisión de trasladarse cara ao norte. Unha consecuencia disto sería a menor importancia das migracións andoriñas en comparación con outros países de destino. No caso dos galegos, eles pertencerían ao 34% dos migrantes que, até 1930, optaron por residir permanentemente no Novo Mundo en lugar de regresar ás súas provincias de orixe (Vázquez Lojo e Soutelo Vázquez, 2019: 181). Infelizmente, non temos fontes que nos axuden a medir as taxas de permanencia no Paraguai. Ao inicio do ciclo migratorio, foron movementos de migración especuladora a un país inestable, empobrecido, que non podía ofrecer garantías de éxito. Pode asegurarse que moitos proxectos migratorios non prosperaron. Por exemplo, o libro de socios da SESMAP inclúe bastantes anotacións como "*pasó a Buenos Aires*" ou "*falleció en Buenos Aires*", as cales testemuñan o abandono do Paraguai por parte dalgúns inmigrantes que se deron de baixa na asociación.


Agora, para contrastar co exposto até agora, a Táboa 6 enfoca soamente nas idades dos inmigrantes galegos:

Táboa 6. Inmigrantes galegos clasificados por idade (1872 -1944)				
Idade	SESMAP	SESMAP (%)	Expedientes de solteiría	Expedientes de solteiría (%)
10 a 14				
15 a 19				
20 a 24	9	25,71	1	3,33
25 a 29	4	11,43	13	43,33
30 a 34	5	14,29	9	30
35 a 39	3	8,57	1	3,33
40 a 44	7	20	3	10
45 a 49	5	14,29	2	6,67
50+	2	5,71	1	3,33
Total	35	100	30	99,99
Fonte: elaboración propia a partir de Durán Estragó e Romano García (2011) e Morales Raya (2015a)				

Os patróns seméllanse aos da colonia española en xeral, pero con matices. Non hai ningún galego con menos de vinte anos no libro de socios da SESMAP, o cal resulta sorprendente comparado co 10,14% dos socios españois en conxunto que ocupa este rango de idade. Nos expedientes de solteiría, soamente un galego casou con 20-24 anos (3,33%), mentres que a cifra para todos os españois é de 11,27%. Ao outro extremo da mostra, o 34,29% dos socios galegos da SESMAP e o 16,67% dos noivos galegos tiñan entre 40-49 anos, fronte ás cifras de 21,66% e 9,58% para todos os españois. En resumo, os galegos tiñan unha media de idade superior á media do conxunto da comunidade española, pero cun derradeiro matiz: os

galegos volven estar menos representados unha vez pasada a barreira dos cincuenta anos (o 5,71% dos socios e o 3,33% dos noivos galegos tiñan máis de cincuenta, mentres que as cifras son de 9,22% e 6,48% para todos os españois).

Unha interpretación que se deduce destes resultados é que a inmigración galega non creou unhas redes capaces de provocar un efecto chamada sistemático. Entre algúns dos outros colectivos estudados, atopamos casos en que o asentamento inicial dun varón de entre 25-40 anos aplana o terreo para outros inmigrantes con distintos perfís. Por exemplo, varios adolescentes cataláns foron socios da SESMAP, como o ilerdense Nicanor Duch (estudante, dezasete anos), inscrito en abril de 1906, ou a barcelonesa Ángela Bordas (dezaoito anos) e o seu irmán Carlos (estudante, dezanove anos) en marzo de 1907 (SESMAP 96, 100, 101). Coa incorporación destas persoas —mulleres, menores de idade sen experiencia laboral— a composición demográfica da súa comunidade no país de destino empezou a parecerse máis á composición demográfica das súas comunidades de orixe (Massey et al., 1993: 450). Non obstante, esta dinámica nótase moito menos entre os inmigrantes galegos. Esta liña de argumentación tamén se apoia nunha análise do estado civil dos socios da SESMAP. O Gráfico 6 representa as porcentaxes de varóns solteiros, casados e viúvos que se rexistraron no libro de socios durante 1873-1904 e 1905-1933.




Os homes solteiros son un pouco máis abondosos que os casados no primeiro bando temporal, pero no primeiro terzo do século XX, os socios casados chegan a ser un 16,79% máis numerosos que os solteiros. Isto reflicte un proceso de maduración na colonia española: os pioneiros establecéronse definitivamente no país de destino, casaron, tiveron fillos; o efecto chamada traía amigos ou familiares con máis experiencia de vida. Non é casualidade que case todos os noventa socios paraguaios da SESMAP (concretamente, 86) quedasen inscritos entre 1905 e 1933, pois moitos deles eran fillos de socios españois que chegaron ao país no século anterior. Porén, a imaxe é diferente se nos fixamos nas rexións de orixe. Entre os galegos, os varóns solteiros seguen predominando durante o século XX. Dos 29 galegos que figuran con cadanseu estado civil, doce (48,31%) estaban casados, dezaseis (55,17%) eran solteiros, e hai un viúvo (o carpinteiro pontevedrés Manuel Costas, de 41 anos (SESMAP 98)). No entanto, os valencianos, que xa identificamos como unha comunidade máis dada á migración familiar,

producen unhas cifras moi contrarias: quince homes casados (68,18%) e sete solteiros (31,81%). Citando outro exemplo, os socios vascos rexistrados con estado civil no libro da SESMAP divídense perfectamente entre nove casados e nove solteiros. En resumo, estas análises do estado civil dos socios da SESMAP e das súas idades contribúen á visión dun fluxo migratorio galego que mantivo un perfil solteiro e masculino máis duradeiro que algunhas outras colectividades españolas. Entre estas, o efecto chamada e a causación acumulativa actuaron con máis forza, polo cal chegaron máis inmigrantes con menos de 25 ou máis de cincuenta anos.

3.4. A distribución de xénero da colonia española

Os estatutos da SRE non prohibían que as mulleres se inscribisen na asociación, pero só figuran socios masculinos no seu libro de rexistro entre 1915 e 1922 (Morales Raya, 2015a: 389). A SESMAP admitía mulleres e, como é lóxico, tamén hai mulleres españolas nos expedientes de solteiría. De todas as 544 vodas rexistradas entre 1872 e 1944 nas que ao menos un dos noivos naceu en España, a noiva era española en 148 (27,2%). 116 dos 458 socios españois da SESMAP entre 1873 e 1932 eran mulleres (25,33%). Dada a amplitude das dúas mostras —bastante representativas para unha comunidade de inmigrantes que endexamais superou os dez mil individuos— e a alta coincidencia das porcentaxes producidas, non é aventurado concluír que máis ou menos un cuarto dos inmigrantes españois eran mulleres durante o período de entreguerras. O Gráfico 7 pon en evidencia que estas porcentaxes non serían iguais en todo momento. Este gráfico elaborouse empregando os expedientes de solteiría nas que a noiva era española, expresados como porcentaxe do total de vodas en que ao menos un dos noivos era español durante cada lustro. Tamén se utilizaron as porcentaxes de novos socios da SESMAP que eran mulleres.

Gráfico 7. A distribución de xénero da colonia española (1872 - 1944)
Elaboración propia a partir de Durán Estragó e Romano García (2011) e Morales Raya (2015a)



A baixa porcentaxe feminina é moi visible até a década de 1890, cando salta a uns valores arredor do trinta por cento. A excepción é a cifra de vinte por cento nos expedientes de solteiría entre 1872-1874, pero esta porcentaxe alta débese ao caso anómalo do matrimonio da española Elena Vidal co paraguaio Luis Acosta (expediente 707) — unha de soamente catro vodas españolas rexistradas nese bienio. En primeiro lugar, trátase dun caso anómalo porque Vidal está anotada como viúva de Nicolás Urrustarazu; moi poucas viúvas figuran nos expedientes de solteiría, e é posible que Vidal e Urrustrarazu chegasen ao Paraguai xuntos ao termo da Guerra Guazú. Ademais, as vodas celebradas entre unha muller española e un home paraguaio foron escasas ao longo do período de estudo, salvo cando o noivo era fillo de inmigrantes españois. Finalmente, o expediente engade que "*les dispensa de las 3 proclamas por próximo viaje a Corrientes*", polo cal non queda claro sequera se os noivos permaneceron no Paraguai máis alá de 1874.

Volvendo ao dito, na década de 1890 a porcentaxe feminina sobe de súpeto para manterse entre vinte e corenta por cento até 1944. Os altibaixos son dificilmente atribuíbles a unha causa concreta. Ademais, os lustros de menor representación feminina no libro de socios da SESMAP (1900-1904, 1910-1914) xusto corresponden aos intres en que a porcentaxe de mulleres españolas nos expedientes de solteiría está no cumio. Como xa vimos, o período 1900-1920 foi cando se produciu o principal fluxo inmigratorio español. En xeral, o aumento da presenza feminina nas fontes durante estes anos suxire que, coa afluencia de novos inmigrantes a partir do cambio de século, se produciu unha consolidación das redes migratorias e, por mor disto, a chegada das mulleres que faltaban na primeira ondeada do século anterior. Outra vez máis, estudarmos os inmigrantes en función das súas zonas de orixe descubre unha diferenzas significativas. Na Táboa 7 calcúlase a media ponderada das porcentaxes de mulleres catalás, castelá-leonesas, andaluzas, valencianas, galegas (as cinco rexións que máis inmigrantes enviaron ao Paraguai) e as do resto de España que están presentes no libro de socios da SESMAP e nos expedientes de solteiría. A estes cálculos engádense as mesmas medias ponderadas para todos os inmigrantes, mulleres e homes, de cada Comunidade Autónoma actual. Comparando as dúas series, aséntase se a composición rexional da parte feminina da colonia española era igual ou distinta á composición rexional da colonia en conxunto.

Táboa 7. Inmigrantes españolas clasificadas por rexión de orixe (1872-1944)

Rexión de orixe	A	A (%)	B	B (%)	A+B	A+B (%)	C (%)
Cataluña	43	40,95	35	37,63	78	39,39	36,55
Castela-León	10	9,52	5	5,38	15	7,58	11,16
Andalucía	11	10,48	10	10,75	21	10,6	9,64
Valencia	16	15,24	8	8,6	24	12,12	8,58
Galicia	5	4,76	4	4,3	9	4,55	8,23
Resto de España	20	19,05	31	33,33	51	25,76	25,85
Total	105	100	93	99,99	198	100	100,01

Lenda
A. SESMAP: socias españolas con rexión de orixe 1873-1933 (en Morales Raya, 2015a)
B. Expedientes de solteiría: noivas españolas con rexión de orixe, 1872-1944 (en Durán Estragó e Romano García, 2011)
C. Media ponderada de todos os socios, mulleres e homes, por rexións

As mulleres catalás, de acordo con estas estatísticas, representaban case dous quintos da poboación feminina española. A cifra de 39,39% está lixeiramente máis elevada que o 36,55%

que corresponde aos cataláns de ambos sexos. A situación é semellante no caso dos andaluces (A+B=10,6%, C=9,64%). Isto quere dicir que había máis mulleres catalás e andaluzas do que a media ponderada de todos os inmigrantes desas rexións nos levaría a sospeitar en principio, malia que no caso andaluz, pola pequenez tanto da mostra como da diferenza entre ambas porcentaxes, é posible que isto se deba a flutuacións aleatorias nas fontes que non teñen relevancia estatística. Pero a tendencia é innegable se nos centramos nos inmigrantes valencianos, onde hai tres puntos e medio de diferenza entre a porcentaxe feminina e a porcentaxe de ambos sexos. En conxunto, os valencianos eran a cuarta ou quinta comunidade española en orde cuantitativa (como afirmamos no apartado 3.2, isto depende da marxe de erro fronte aos galegos). Porén, dentro da poboación feminina, as mulleres valencianas ocupaban o segundo rango (12,12% do total). En cambio, nas comunidades castelá-leonesa e galega, a presenza feminina e moito máis baixa do que se esperaría en consideración das porcentaxes de ambos sexos. Hai tres puntos e medio de diferenza entre a media ponderada feminina e a media total dos castelán-leoneses (A+B=7,58%, C=11,16%), mentres que a media dos galegos de ambos sexos é case o dobre da media feminina (A+B=4,55%, C=8,23%). Finalmente, as medias son case iguais para as demais rexións de orixe.

Para resumir, as mulleres valencianas, e en menor medida as catalás e posiblemente as andaluzas, estaban sobre-representadas relativo ao rango cuantitativo que as súas comunidades —homes incluídos— ocupaban dentro da colonia española. Pola súa parte, as mulleres castelá-leonesas e galegas estaban infra-representadas. O conxunto das demais rexións de orixe amosa o mesmo nivel de representación nos dous cálculos. Non incluímos as porcentaxes destoutras rexións por separado porque as mostras son demasiado pequenas para ser estatisticamente útiles, pero seguramente habería algunhas diverxencias entre elas tamén (por exemplo, as seis aragonesas na listaxe da SESMAP representan o 25% de todos os aragoneses inscritos, e até son máis numerosas que as cinco galegas). Tales resultados insinúan que, das cinco principais colectividades españolas no Paraguai, os cataláns e os valencianos emigraban en familia ou encetaban cadeas migratorias con máis frecuencia que os outros grupos de inmigrantes. Isto coincide coas conclusións dos apartados 3.2 e 3.3. O problema con esta interpretación é que asume que as mulleres catalás naturalmente casaban con homes cataláns, as valencianas cos valencianos, as galegas cos galegos etc. Pero non tiña por que ser así. Cando o pontevedrés Manuel Fresco (empregado, 36 anos) ingresou na SESMAP en marzo de 1916, tamén se inscribiu a súa esposa Rosa A. de Fresco (28 anos). Rosa non era de Pontevedra, como o seu marido, senón de Barcelona. Noutro exemplo, o comerciante coruñés Ramón Somoza Torredo (47 anos) ingresou en agosto de 1930 na compañía da súa esposa granadina Consolación Rojas Ortiz (trinta anos), Pilar Rojas Ortiz (comerciante, solteira, 32 anos), e unha curmá destas, María Ortiz de Pérez (casada, 48 anos), tamén oriúnda de Granada (SESMAP 230, 231, 534-537). Como tal, o seguinte apartado pretende verificar se estes casos de matrimonios mixtos eran típicos mediante a análise da política matrimonial dos inmigrantes.

3.5. A política matrimonial dos inmigrantes

A partir dos expedientes de solteiría, a Táboa 8 reproduce un cribado dos países ou rexións de orixe das mulleres que contraeron matrimonio con inmigrantes varóns procedentes de Cataluña, Castela-León, Andalucía, Valencia ou Galicia entre 1873 e 1944.

Táboa 8. A política matrimonial dos inmigrantes varóns (187 2-1944)

		Lugar de orixe do noivo									
Lugar de orixe da noiva		C	C (%)	C-L	C-L (%)	A	A (%)	V	V (%)	G	G (%)
	Paraguai	53	51,46	22	53,67	26	65	10	47,62	14	50
	España (mesma rexión)	16	15,53	3	7,32	1	2,5	3	14,29	3	10,71
	España (outra rexión ou sen especificar)	6	5,83	8	19,51	5	12,5	4	19,05	4	14,29
	Arxentina (sen especificar)	1	0,97								
	Litoral arxentino	10	9,71	1	2,44	2	5	1	4,76	2	7,14
	Bos Aires (cidade ou provincia)	5	4,85	3	7,32	2	5	2	9,52	3	10,71
	Brasil					1	2,5			2	7,14
	Uruguai	3	2,91			2	5				
	Italia	6	5,83	3	7,32	1	2,5	1	4,76		
	Alemaña ou Francia (inclúe Alxeria)	3	2,91	1	2,44						
	Total	103	100	41	100,02	40	100	21	100	28	99,99

Lenda
C. Cataluña ñ C-L. Castela-León ñ A. Andalucía ñ V. Valencia ñ G. Galicia

Fonte: elaboración propia a partir de Durán Estragó e Romano García (2011)

De acordo con estes resultados, máis ou menos a metade dos homes nestas colectividades españolas casaron con mulleres paraguaias entre a Guerra da Tripla Alianza e os anos 1940. Os andaluces son a excepción; o 65% das súas noivas era de procedencia paraguaia. Estas taxas foron máis elevadas en xeral antes da incorporación definitiva das mulleres á inmigración española durante a década de 1890, como vimos no apartado 3.4. Soamente os cataláns casaban con mulleres da súa propia rexión (15,53%) con máis frecuencia que con mulleres doutras partes de España (5,83%). En cambio, os castelán-leoneses e andaluces casaban con mulleres doutras zonas máis que coas súas conterráneas, mentres que a diferenza entre o número de noivas nacidas na mesma rexión ou noutras rexións de España está menos pronunciada no caso dos valencianos e os galegos. Entre estes últimos, nos expedientes atopamos tres homes que casaron con mulleres galegas, e catro que casaron con mulleres doutras rexións españolas.

De novo, semella que o maior tamaño do colectivo catalán lle permitiu crear redes migratorias máis extensivas que outros grupos, o cal facilitaría a xeración de cadeas baseadas na endogamia. Tamén é posible que a política matrimonial catalá respondese ao seu sentimento de identidade propia, diferenciada do resto dos españois. Os cataláns foron os únicos en fundar

unha asociación étnica no Paraguai, o *Centre Català,* cuxa revista institucional exteriorizaba unha clara orientación nacionalista: "*nostres aspiracions que son les de veure una Catalunya lliure dôels lligams centrelistes, lliure privantla dôaltra*"[33]. Isto non quere dicir que todos os catalás no Paraguai compartisen as mesmas ideas políticas, pero queda patente que si existía un sentimento de unicidade rexional dentro de ou en contraposición á identidade española, algo que só veremos de modo esporádico entre os inmigrantes galegos.

De cando en vez, os paraguaios mostrábanse conscientes desta diferenciación. Por exemplo, describindo as estancias de *La Rural Española* na zona de Concepción, Chaves (1918: 239) cualifica o propietario Pedro Jorba como "*firme en su decisión, como todo buen catalán*". Este trato diferencial non se observa nas opinións emitidas por paraguaios sobre os españois doutras rexións de orixe. Citamos unha entrevista ao cónsul do Paraguai en Vigo, Marcelino Doldán Calderara, publicada en outubro de 1955. Un xornalista fíxolle a seguinte pregunta ao cónsul: "*Galicia, ¿representa algo en la vida histórico-política, sentimental o económica de vuestro país?*". Doldán contestou que os "*gallegos, como los demás españoles radicados en mi país, cumplen junto con los paraguayos una interesante labor común: amar y hacer amar esta bendita España*"[34]. Ou sexa, aínda que ben vistos e a miúdo rodeados de linguaxe eloxiadora, os demais inmigrantes eran tratados homoxeneamente como españois.

Por outro lado, a Táboa 8 revela que non se celebraron moitas vodas con noivas que pertencesen a outras nacionalidades europeas, pero estas tampouco foron inauditas, sobre todo se a noiva era italiana, o cal reflicte o considerable tamaño desta colectividade nas zonas urbanas do Paraguai. Era máis común que os españois contraesen matrimonio con mulleres procedentes dos ex países aliados, especialmente Arxentina. Esta tendencia márcase entre os cataláns e os galegos en particular. Respecto das arxentinas, dividimos a mostra entre as noivas bonaerenses e as do Litoral (en concreto, había mulleres de Entre Ríos, Corrientes, Santa Fe e Formosa). A aparición destas persoas oriúndas de distintos puntos nas beiras dos ríos Paraná e Paraguai indica a existencia dunhas redes de contacto que os inmigrantes españois tenderon todo ao longo destas vías de transporte e comercio fluviais.

Xa mencionamos a idea de que o Paraguai era un destino secundario ao que os inmigrantes acudían tras pasar por outros destinos. Esta análise da política matrimonial da colectividade corrobora dito argumento ao demostrar que moitos deses españois tamén tiñan importantes vínculos sociais e familiares cos países veciños. Citamos uns casos que exemplifican tal proceso. O tarraconense Ernesto Piñol Mayor estaba domiciliado en Formosa cando casou coa santafesina Adela Carolina Tessari Revequi, residente en Asunción, en novembro de 1922 (expediente 2353). Outro español que casou cunha arxentina de ascendencia italiana foi o lugués Rafael Valín Corral, o cal contraeu matrimonio coa bonaerense María Antonia Puiggale Bozo en xuño de 1928, cando ambos moraban na capital paraguaia (expediente 2716).

Este tipo de matrimonios tamén se producían no seo da comunidade galega. Camilo Franco de la Fuente, nacido en San Miguel de Outeiro (Ourense), casou coa bonaerense Teresa Estela Alló Debesa en xuño de 1925 (expediente 2840). Os pais da noiva eran Quirina Debesa

[33] *Catalunya. Periòdic català*. Asunción, xaneiro de 1919, p. 1. [Agradecemos a Eva Morales Raya o envío dunhas fotografías desta revista.]
[34] *La Noche. Único diario de la tarde en Galicia*. Vigo, 12 de outubro de 1955, p. 3.

e Francisco Alló García, unha parella de inmigrantes coruñeses que se trasladaron a Asunción despois de vivir unha tempada na capital arxentina (SESMAP 131, 132). Outra das súas fillas, Aurora Alló, casou cun membro da familia catalá Balart (SESMAP 362). En derradeiro lugar, mencionamos unha voda na que Camilo F. de la Fuente foi testemuña en maio de 1918: a de Francisco Granados Roa e Rosa Roig Prats. O noivo era malagueño e a noiva santafesina, filla do inmigrante español Francisco Roig Llavallol. A irmá de Rosa, Mercedes, tamén nacida na cidade de Rosario (a maior urbe de Santa Fe) antes de que a familia migrase a Asunción, casara o mes anterior co tarraconense José Miró Solé (expedientes 2525, 1922, 2528). Estes exemplos suxiren que as prácticas de endogamia na colonia española foron máis comúns do que a Táboa 8 dá a entender, xa que moitas das noivas americanas serían asemade fillas de matrimonios españois.

Agora ben, a política matrimonial dos inmigrantes tamén se pode estudar dende a perspectiva feminina. A Táboa 9 compara os lugares de orixe dos noivos das mulleres catalás e os noivos das mulleres do resto de España nos expedientes de solteiría. As mulleres non catalás xúntanse na mesma categoría porque sería demasiado poucas como para render datos estatisticamente aproveitables se se analizasen por separado.

Táboa 9. A política matrimonial das mulleres inmigrantes (187 2-1944)

		Lugar de orixe da noiva			
Lugar de orixe do noivo		Cataluña	%	Outra rexión española ou rexión española non especificada	%
	Paraguai	1	3,13	14	11,86
	España (mesma rexión)	18	56,25	10	8,47
	España (outra rexión ou sen especificar)	6	18,75	72	61,02
	Arxentina (sen especificar)	1	3,13	2	1,69
	Litoral arxentino	1	3,13		
	Bos Aires (cidade ou provincia)	2	6,25	1	0,85
	Brasil ou Uruguai	1	3,13	3	2,54
	EEUU			2	1,69
	Italia	1	3,13	8	6,78
	Alemaña, Francia ou Países Baixos	1	3,13	6	5,08
	Total	32	100,03	118	**99,98**

Fonte: elaboración propia a partir de Durán Estragó e Romano García (2011)

Nun pouco máis da metade das súas vodas, as mulleres catalás casaron cun noivo tamén catalán. Por outro carón, para as mulleres doutras rexións, o máis habitual era contraer matrimonio cun home doutra zona de España. É probable que a porcentaxe real fose máis baixa que o 61,02% que vemos aquí porque nalgúns expedientes se especifica a vila de orixe do noivo, mentres que a noiva, podendo ser facilmente da mesma vila ou contorna, é "española" sen máis. Aínda con esta marxe de erro, a diferenza está clara e reitera a idea de que os cataláns eran unha comunidade diferenciada dentro da colonia española, mentres que a política matrimonial dos demais compatriotas indica que as relacións sociais e amorosas entre persoas de distintas zona resultaban bastante fluídas, sen que se producise unha forte endogamia rexional.

Poucas mulleres españolas casaron con homes paraguaios (11,86%), aínda menos se nos concentramos nas noivas catalás (3,13%). Non aparece ningunha muller galega que contraese matrimonio cun home paraguaio. Nalgunhas das vodas mixtas desta tipoloxía, pero non todas, pode comprobarse que o varón tiña vínculos de parentesco coa colectividade española. A barcelonesa María Achón casou en xuño de 1921 con Herminio Espelt, paraguaio de nacemento pero aparentado cos comerciantes cataláns Salvador Espelt Pujol (Roses, Xirona, 1859) e Francisco Espelt Gelabert (1890) (expedientes 2398, 1497, 2531). Outro matrimonio na mesma rede familiar foi a celebrada entre o asunceno Manuel Ángel Achón Sitjes e a barcelonesa Ángela Achón Dolcet en marzo de 1934 (expediente 3167). Tamén se nota que as taxas de matrimonio entre mulleres españolas e homes doutras nacionalidades son lixeiramente máis baixas que as taxas equivalentes para os varóns españois — nunha sociedade católica e conservadora, podemos supor que as rapazas solteiras tiñan bastante menos liberdade que os varóns para mocear con persoas doutras nacionalidades. En xeral, os resultados constitúen unha proba de que as mulleres españolas nunca ou case nunca foron as inmigrantes que iniciaron o ciclo migratorio. Se elas non chegaban ao Paraguai como membros dunha unidade familiar xa establecida, era habitual que fosen 'chamadas' para xuntarse aos seus maridos ou outros parentes.

3.6. As testemuñas ás vodas dos inmigrantes: redes de sociabilidade

O derradeiro punto de análise a partir dos expedientes de solteiría é a nacionalidade das testemuñas nas vodas de españois, por un lado, e por outro a nacionalidade dos noivos nas vodas testemuñadas por españois. Este cotexo dá unha impresión de como foron as redes de sociabilidade e amizade que existían entre os inmigrantes, se ben nunha minoría das ocasións as testemuñas foron os pais ou irmáns do noivo ou da noiva. A Táboa 10 mostra a distribución de testemuñas españolas, paraguaias e estranxeiras (é dicir, de calquera outra nacionalidade) nas vodas en que ao menos un dos noivos era español entre 1872 e 1944. A gran maioría dos expedientes nomea dúas testemuñas, aínda que hai unhas poucas en que aparecen catro, tres ou soamente unha. Ademais, estas testemuñas case sempre foron varóns, con algunha excepción rara — normalmente cando se trata da nai dun dos noivos.

Táboa 10. Nacionalidade das testemuñas nas vodas de españois (1872 -1944)

Nacionalidade das testemuñas	1872-1904	%	**1905-1944**	**%**
Española	101	66,89	142	43,69
Española e paraguaia	5	3,31	42	12,92
Española e estranxeira	22	14,6	47	14,46
Paraguaia	2	1,32	38	11,69
Paraguaia e estranxeira	7	4,64	32	9,85
Estranxeira	14	9,27	24	7,38
Total	151	100,03	**325**	**99,99**

Fonte: elaboración propia a partir de Durán Estragó e Romano García (2011)

As medias ponderadas para todo o período son:

Ao menos unha testemuña española: 75,42%
Ao menos unha testemuña paraguaia: 26,47%

Ao menos unha testemuña estranxeira: 30,67%

Un enfoque paralelo consiste en estudar a nacionalidade dos noivos nas vodas testemuñadas por españois (Táboa 11). O Arcebispado de Asunción só esixía o trámite de solteiría aos cidadáns paraguaios en caso de que estes tivesen vivido no estranxeiro. Como tal, a porcentaxe de vodas en que ambos noivos eran paraguaios non é representativa porque a maioría dos nativos non precisaban de demostrar o seu status de solteiros. Non obstante, os resultados son servibles para compararmos as proporcións das vodas testemuñadas por españois nas que ao menos un dos noivos ou era español ou doutra nacionalidade estranxeira.

Táboa 11. Nacionalidade dos noivos nas vodas testemuñadas por españois (1872 -1944)

Nacionalidade dos noivos	1872-1904	%	1905-1944	%
Española/española e outra	128	71,91	231	67,15
Paraguaia	3	1,69	4	1,16
Paraguaia e estranxeira (europea)	18	10,11	28	8,14
Paraguaia e estranxeira (americana)	17	9,55	56	16,28
Estranxeira	12	6,74	25	7,27
Total	178	100	344	100

Fonte: elaboración propia a partir de Durán Estragó e Romano García (2011)

As medias ponderadas para todo o período son:

Nacionalidade española/española e outra: 68,77%
Paraguaia: 1,34%
Paraguaia e estranxeira (europea): 8,81%
Paraguaia e estranxeira (americana): 13,98%
Estranxeira: 7,09%

Varias conclusións poden sacarse destes datos. Primeiro, os españois adoitaban optar por testemuñas da mesma nacionalidade. Entre 1872-1904, houbo ao menos unha testemuña española no 84,8% das súas vodas, e a cifra é de 71,07% para 1905-1944. A proporción de vodas con ao menos unha testemuña paraguaia aumentou dende o 9,27% (1872-1904) ao 34,46% (1905-1944). Observamos unha tendencia parecida na Táboa 11. Os españois foron preferentemente testemuñas nas vodas dos seus compatriotas, e isto non variou moito ao longo do período (a porcentaxe baixa menos de cinco puntos). A principal mudanza foi o aumento das vodas testemuñadas por españois nas que ao menos un dos noivos era doutro país americano, case sempre Arxentina ou, en menor medida, Brasil e Uruguai. Estes cambios parecen apuntar a un proceso de aculturación que afectaba a colonia española ao longo do tempo a medida que os inmigrantes se relacionaban máis cos nativos. O lugar preferido dos conterráneos para testemuñaren as vodas diminuíu, pero non desapareceu. As porcentaxes de testemuñas doutras nacionalidades mantéñense arredor do trinta por cento, bastante máis altas que o seu peso demográfico real na sociedade paraguaia, pero si en correspondencia coa concentración física da reducida colonia estranxeira da zona urbana asuncena (véxase apartado 5.1).

Como nos outros apartados deste capítulo, sinálanse certas diferenzas rexionais que matizan os resultados da Táboa 11. As porcentaxes referentes a algunhas rexións de orixe

seméllanse ás da comunidade española en conxunto. Por exemplo, polo menos un español testemuñou dez das dezasete vodas de madrileños (58,82%) ao menos un paraguaio testemuñou cinco delas (29,41%) e ao menos un estranxeiro testemuñou seis delas (35,29%). Pero tamén hai comunidades que presentan diverxencias, como os valencianos, que operan en función dun puñado de familias e redes ben demarcadas. Dezasete das 21 vodas valencianas (80,95%) foron testemuñadas unicamente por persoas de nacionalidade española. A análise das testemuñas nas vodas galegas rende os seguintes resultados:

Nacionalidade española: 11/31 (35,48%)
Española e paraguaia: 3/31 (9,68%)
Española e estranxeira: 5/31 (16,13%)
Paraguaia: 3/31 (9,68%)
Paraguaia e estranxeira: 6/31 (19,35%)
Estranxeira: 3/31 (9,68%)

A presenza de testemuñas españolas é algo máis baixa (61,29%) nas vodas galegas que nas vodas españolas en conxunto; a presenza paraguaia é máis alta (38,71%); e a presenza estranxeira tamén é máis alta (45,16%) que a media xeral. É difícil saber se estas flutuacións porcentuais revelan diferenzas sistemáticas entre as comunidades españolas ou se se deben á pequenez da mostra, pero en principio suxiren que os galegos eran máis tendentes a mesturarse cos paraguaios e outros grupos estranxeiros que algúns dos seus compatriotas. No tocante ás rexións de orixe das testemuñas españolas vistas na Táboa 11, estas non se explicitaban nos trámites de solteiría. Sorteando deste obstáculo mediante o cruzamento con outras fontes, os nomes dalgunhas testemuñas galegas son recoñecibles en ao menos 32 dos expedientes[35]. As nacionalidades dos noivos nesas vodas testemuñadas por galegos quedan así distribuídas:

Orixe galega/galega con outra nacionalidade: 6/32 (18,75%)
Nacionalidade española/española con outra: 20/32 (53,13%)
Paraguaia: 1/32 (3,13%)
Paraguaia e estranxeira (europea): 3/32 (9,38%)
Paraguaia e estranxeira (americana): 3/32 (9,38%)
Europea non española: 2/32 (6,25%)

Estas porcentaxes son parecidas ás medias ponderadas para as vodas testemuñadas por españois de todas as colectividades, dando a entender que os fillos de Galicia non se desmarcaban neste eido. A taxa de galegos que testemuñaron as vodas doutros galegos (18,75%) suxire que era frecuente que os galegos escollesen persoas da súa mesma orixe para cumprir este papel, sen que tal práctica fose precisamente o habitual. Unha análise cuantitativa dalgúns dos expedientes permítenos engadir uns datos complementarios. A primeira voda en que un galego fixo de testemuña produciuse no ano 1908, cando o pontevedrés Antonio Santomé García, propietario dunha pulpería na rúa Florida da capital, testemuñou o enlace da paraguaia Petrona Garcete e o correntino Jerónimo Romero (*El comercio paraguayo*, 1899: 602; expediente 1778). Nos anos posteriores, os galegos testemuñaron as vodas doutras persoas oriúndas de Bos Aires, Durazno (Uruguai) ou Rosario (expedientes 1912, 2376, 2525). De novo, os aparentes vencellos con diferentes zonas dos países veciños poderían apuntar cara á importancia das redes de información e contactos para as migracións dentro da macro-rexión

[35] Expedientes 136, 701, 780, 791, 940, 1000, 1263, 1269, 1301, 1349/1372, 1668, 1703, 1773, 1778, 1816, 1858, 1896, 1912, 2110, 2164, 2358, 2376, 2505, 2510, 2518, 2525, 2530, 2703, 2753, 2823, 2825, 3068.

da cunca do Prata. Por outra banda, tamén se observan os vínculos tecidos entre os españois de diversa procedencia. Por exemplo, Carmen Obdulia Santomé Recalde, a filla paraguaia do susodito Antonio Santomé, casou co catalán Enrique Turró (Xirona) en febreiro de 1914 (expediente 2164).

Atopamos algúns homes galegos que testemuñaron múltiples vodas entre 1887 e 1927, o cal é un sinal de que se trata de persoas cunha rede de contactos especialmente ampla. Por exemplo, o xastre pontevedrés José Lemos foi testemuña en tres ocasións, para noivas e noivos procedentes de España, Paraguai ou Italia (expedientes 1368, 1668, 1905). O comerciante ortigueirés Antonio Sanjurjo Balteiro avalou os enlaces de tres matrimonios de españois, arxentinos e paraguaias (expedientes 1773, 1816, 1912), e o valdeorrés Camilo F. de la Fuente foi testemuña para noivos oriúndos de Ávila e Soria (expedientes 2505, 2525, 2835). O muxián Victorino Abente y Lago testemuñou cinco vodas, principalmente entre paraguaias e outros inmigrantes españois (expedientes 1000, 1269, 1349/1372, 2753), mais tamén a voda dun austríaco (expediente 1301).

Efectivamente, estes homes tiñan amplas redes de contactos porque eran persoeiros prestixiosos dentro e fóra da colonia española. Chegado ao país durante a década de 1890, Antonio Sanjurjo foi un dos propietarios de Pérez & Sanjurjo S.A., unha poderosa casa de importación e exportación. O ortigueirés testemuñou a voda do seu socio tudense Camilo Pérez y Pérez e a iteña Adela Uribe Urízar en xuño de 1906 (expediente 1773). Sanjurjo tamén foi testemuña na voda do burgalés Serafín Huidobro González e a paraguaia Adela Fidela Ibarrola Ocampos, na cal Camilo Pérez actuou como padriño (expediente 1816)[36]. A terceira voda testemuñada por Sanjurjo foi a do bonaerense Felipe S. Ávalos e a villarriqueña Mauricia Rodas en marzo de 1909, onde a outra testemuña foi José Manuel Balteiro Martínez, un curmán paraguaio de Antonio Sanjurjo (expediente 1912). En xeral, vemos que as relacións persoais e profesionais se mesturaban no caso da familia de Antonio, pois entre as accionistas de Pérez & Sanjurjo atopamos: J. Manuel Balteiro; o castelán Andrés del Val (tamén testemuña na voda de Pérez y Pérez en 1906); José Domingo Gómez Sanjurjo, un sobriño galego do ortigueirés; e o sogro e cuñado de Antonio, José e José Antonio Mayans (expediente 1702) (Dalla-Corte Caballero, 2016b: 270).

Contamos con menos datos sobre de Camilo F. de la Fuente, un comerciante que fabricaba e vendía caramelos dende 1916 como moi tarde (*Anuario Estadístico*, 1917: 151). Segundo un artigo sobre as condicións económicas do Paraguai, firmado polo arriba mencionado Camilo Pérez, por eses anos De la Fuente tamén traballaba como consignatario e representante[37]. Evidentemente, tales negocios proporcionáronlle certo nivel de folgura e renome entre os seus compatriotas porque este valdeorrés se converteu no primeiro presidente da SRE en 1919 (*Estatutos de la Sociedad España*, 1919: 34). Como veremos noutros capítulos, Victorino Abente y Lago foi unha das figuras máis coñecidas e populares na sociedade civil paraguaia ao longo das derradeiras décadas do século XIX, pero aínda cara ao final da súa vida, a súa reputación como xornalista e poeta seguía intacta. Por exemplo, cando o muxián improvisou os versos de *Italberia* a mediados dos anos vinte, un amigo periodista transcribiunos de contado coa consideración de que "*Nuestro Abente*, […] *a los setenta y ocho años de edad*,

[36] O Arcebispado de Asunción aprobou o trámite de solteiría en maio de 1907, e a voda celebrouse a principios do mes seguinte. Camilo Pérez y Pérez e Rita B. de Riquelme foron os padriños (*El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 8 de xuño de 1907, p. 2).
[37] *Revista Comercial Iberoamericana Mercurio*. Barcelona, 1 de agosto de 1918, p. 185.

mantiene vívido su estro poético y la brillantez de todas sus facultades intelectuales" (citado en Abente y Lago, 1984: 331). Entón, non é insólito que unha persoa de tanta sona como Abente testemuñase a voda de Matilde García Ontiveros Herrera, a filla do ministro plenipotenciario de España, cando esta casou co ourensán Camilo Losada de Soto en abril de 1927 (expediente 2753).

En resumo, tres desas catro testemuñas cóntanse entre os 'grandes homes' da inmigración española no Paraguai (Sanjurjo, De la Fuente, Abente). Ademais, tres das catro mudáronse ao país antes do cambio de século (Abente y Lago en 1869, Lemos e Sanjurjo como moi tarde en 1887 e 1896 respectivamente). Estes feitos exemplifican dúas tendencias sobre as que falaremos noutros apartados. Primeiro, as comunidades estranxeiras agrupábanse en torno a certos individuos gregarios e talentosos, os líderes étnicos, que organizaban diversas iniciativas (sociais, culturais, económicas) dentro e fóra dos seus colectivos e actuaban como centros de gravidade para as relacións socio-profesionais. Segundo, resultaba máis doada que os inmigrantes alcanzasen o status de líder étnico durante o século XIX, cando a comunidade española era máis diminuta e 'todos se coñecían'; as institucións políticas, económicas e culturais estaban menos desenvoltas; e as elites da sociedade receptora estaban máis abertas á influencia estranxeira que no século XX.

3.7. O perfil profesional dos inmigrantes

Os expedientes de solteiría non abarcan as profesións das persoas, e o libro de rexistro de socios da SRE só o fai nun puñado de casos. Non obstante, o libro de rexistro da SESMAP (1873-1933) constata as profesións de 301 socios españois. Estas profesións poden dividirse nas seguintes categorías:

Artesáns: carpinteiro, ferreiro, xastre, xoieiro

Comercio: comerciante, comercio, dependente, empregado

Industrias, terras e finanzas: corredor, cigarreiro, industrial, terratenente

Profesións liberais: arquitecto, avogado, construtor, contador, debuxante, dentista, escultor, enxeñeiro agrónomo, médico, pintor, profesor, veterinario, xornalista (aquí incluímos catro estudantes e un sacerdote para non complicar o sistema de clasificación)

Servizos: afiador, colchoeiro, cocheiro, panadeiro, peiteador

Técnicos: albanel, electricista, mecánico, maquinista, mariño, práctico

Traballos agrícolas: agricultor, *chanchero*, *obrajero*, xornaleiro

A Táboa 12 amosa a relativa importancia das distintas ocupacións entre os varóns españois durante os lapsos 1873-1904 e 1905-1933, segundo os datos extraídos das listaxes da SESMAP (tratamos o traballo feminino no capítulo 5).

Táboa 12. O perfil profesional dos i nmigrantes (1873 -1933)					
Ocupación	1873-1904	%	**1905-1933**	**%**	**Media 1873-1933 (%)**
Artesáns	7	15,22	20	7,84	8,97
Comercio	28	60,87	170	66,67	65,78
Industrias, terras e finanzas	1	2,17	12	4,7	4,32
Profesións liberais	4	8,7	30	11,76	11,3
Servizos	1	2,17	4	1,57	1,66
Técnicos	5	10,9	15	5,88	6,64
Traballos agrícolas			4	1,57	1,33
Total	46	100,03	**255**	**99,99**	**100**
Fonte: elaboración propia a partir de Morales Raya (2015a)					

O que sobresae nestes resultados é o feito de que máis de dous terzos dos inmigrantes españois traballaron no **comercio**. Ademais, o peso das ocupacións comerciais aumentou no século XX. Diversas fontes contemporáneas confirman o comercio español como un factor importante na economía paraguaia. Con referencia aos importadores e exportadores españois, Sánchez Bazán (1887: 22) escribe que case "*todo el comercio internacional se hace por ellos*". Máis tarde, Rodríguez Elías (1918: 19) asevera que:

> *Es el comercio paraguayo uno de los que gozan de justo crédito en las plazas europeas y americanas, merced á su proceder correcto y honrado* […] *Pues bien; una buena parte de ese honrado comercio, que es á la vez propietario y ganadero y que gracias á eso puede resistir las crisis más grandes, está en poder de españoles.*

Rodríguez Elías apoia estas afirmacións citando algunhas das principais casas de negocios no mercado asunceno: Rius & Jorba S.A. (cataláns), Urrutia, Ugarte & Cía. (vascos), Angulo & Cía. (fundada polo burgalés Nicolás Angulo), e Pérez & Sanjurjo S.A. (galegos). Esta visión coincide plenamente coa sostida por Sánchez-Albornoz (1988: 26), quen afirma que por norma xeral os inmigrantes españois nos destinos minoritarios se dedicaban ao comercio máis que a calquera outra profesión. En 1936, o ministro español Ontiveros estimou que, a esas alturas, o comercio constituía case a única ocupación da colonia española (Casal, 2016: 369). O libro de rexistro da SESMAP suxire que se trata dunha esaxeración, pero Ontiveros e outros autores si corroboran a crecente relevancia do comercio estranxeiro ao longo do tempo, sobre todo a partir de finais dos anos oitenta. Segundo a estatística oficial, había 352 casas de comercio internacional en 1886, pero esta cifra subiu a 454 no ano 1887 (Gaona, 2007 [1967]: 156).

Na Táboa 12, obsérvase que á vez que o comercio creceu en importancia, a porcentaxe dos españois que traballaban como **artesáns** ou **técnicos** baixou. Un posible motivo explicativo é que un gran establecemento comercial precisaría de máis empregados que unha pequena xastrería ou taller mecánico. Grazas a un núcleo de grandes almacéns, o comercio español tiña máis posibilidades de exercer o efecto chamada e crear emprego étnico que estoutros sectores. Un exemplo sería a empresa importadora de tecidos e mercería Segura, Latorre & Cía. Esta casa española contratou varios socios da SRE (377, 383, 421) como Rafael Sorazabal, o segoviano Emiliano Moreno Rengil, ou Francisco Selri. Cando o coruñés Eduardo Veiga Peña se mudou dende Bos Aires a Asunción nos anos vinte, el tamén encontrou emprego en Segura,

Latorre & Cía., onde se especializou na colocación dos escaparates[38]. En 1928, con trinta anos, Veiga aparece no libro da SESMAP (494) como comerciante, pero era fillo dunha familia de xastres. O buscador de inmigrantes do bonaerense *Centro de Estudios Migratorios Latinoamericanos* (CEMLA) recolle o desembarco do xastre Camilo Veiga Peña (24 anos) no porto de Bos Aires en 1906, procedente de A Coruña[39]. É probable que se trate dun irmán maior de Eduardo, iniciador da cadea migratoria. Por outro lado, Antonio Veiga Peña —un dos irmáns que quedaron en Galicia— figura nun catálogo comercial de 1932 como propietario dunha xastrería na rúa Real de A Coruña[40].

A coñecida casa catalá de Rius & Jorba é outro exemplo dun comercio español que empregou moitos compatriotas. Manuel Fernández Echevarría foi o seu director de escritorio dende 1874, e tamén testemuñou a voda do socio principal Pedro Jorba y Rius en 1886 (expediente 945). Dende 1885, o xefe da sección de alfándega foi outro español, Manuel González Postigo, e o catalán Miguel Torró Pinós traballou alí dende 1889 (*El comercio paraguayo*, 1899: 20). Un galego, o lugués Rafael Valín Corral, incluso estaba domiciliado na sede da empresa, entre as rúas Palma e Villarrica, cando casou no ano 1928 (expediente 2716). Outro factor explicativo detrás da diminución das porcentaxes de artesáns e técnicos podería ser a progresiva especialización étnica dos inmigrantes — un fenómeno xa contemplado no modelo migratorio de Lee (1966: 55). Para o caso de Cuba, por exemplo, Guerra Vilaboy (2009: 240) estima que entre 1899 e 1930, eran españois o noventa por cento dos mariñeiros, o 79% dos vendedores ambulantes, o 68% dos comerciantes, o 54% dos panadeiros, o 43% dos pescadores, e o 41% dos xastres. Este tipo de especialización produciuse tamén no Paraguai. Alvarenga Caballero (1999: 89) indica que durante a ocupación aliada, na cidade de Concepción:

> *El ejército brasileño era uno de los compradores asiduos de las carpas y barracas, y pronto se comenzaron a construir locales especiales para negocios, tiendas diversas, hoteles. Los italianos, laboriosos, abrían locales de toda laya: confiterías, verdulerías, ferreterías, y más tarde, baldoserías, licorerías, panaderías, fábricas de hielo y los españoles, de Cataluña especialmente, se especializaban en curtiduría, grandes talleres, herrerías y florecieron las bellas artes, con apertura de clases de música, pintura, danzas, teatro, etcétera.*

A guía comercial de Concepción que nos proporciona Romero (1913: 49-52) tamén pon en evidencia a concentración dos inmigrantes nuns sectores laborais ben demarcados. Os seguintes negocios estaban administrados por españois: dous dos catro depósitos de mercadorías (Jesús P. de González, Melchor Pérez); unha das dúas canchas de bochas (Enrique Lailla); a única confeitería (Antonio Feliu); unha das catro droguerías (José Miró); un dos tres serradoiros a vapor (o catalán Nicolás Fornells); unha das tres barracas de coiro (José Jiménez e fillo); unha das dúas colchoerías (Enrique Lailla); un dos dous comisionistas (o catalán José Romañach); un dos dous talleres de curtume (Francisco Closa); a única fábrica de carros (Nicolás Fornells); un dos tres latoeiros (Ricardo Gómez); unha das dúas fábricas de xabón (o valenciano Manuel Zorio); unha das catro panadarías (Jesús P. de González); e unha das catro talabartarías e zapatarías (Francisco Closa).

[38] Testemuño de Eduardo Veiga Ortiz, agosto de 2019.
[39] Enlace: https://cemla.com/buscador/ [acceso: 28 de marzo de 2021]
[40] *Anuario regional descriptivo, informativo y seleccionado de la industria, comercio, agricultura, profesiones, arte y turismo del Norte de España*. Madrid, 1932, p. 89.

Agora ben, a concorrencia de suficientes inmigrantes dunha mesma nacionalidade pode levar á creación dunha «barreira étnica», erixida sobre a axuda mutua, o troco de favores e de información, a cal impide que os inmigrantes procedentes doutros grupos reproduzan o mesmo perfil socio-profesional (Lida, 1988: 339). Estas dinámicas talvez expliquen a perda de protagonismo dos españois como artesáns e técnicos. Por exemplo, os italianos no Paraguai gradualmente coparon os traballos relacionados cos estaleiros e a navegación. Na cidade de Pilar, "*la figura del armador italiano se hizo emblemática*" por este motivo (Boccia Romañach, 2007: 260). Por outra banda, paga a pena subliñar a posibilidade de que uns cantos inmigrantes españois chegasen nas tripulacións dos barcos de mercancías que navegaban os ríos Paraná e Paraguai, e que moitos mudasen de profesión á hora de radicarse no país. Existen varios documentos oficiais da época de Carlos Antonio López que aluden aos españois empregados no sector do transporte fluvial. Un exemplo é o informe do ministro de RREE, Nicolás Vázquez, sobre unha pelexa habida en 1853 entre o asunceno Dionisio Olivera e Manuel Lamas, natural de España e mariñeiro na goleta "Relámpago"[41].

Consta ademais que algúns dos españois rexistrados nos expedientes de solteiría eran prácticos ou mariños: Joaquín Cacabelo a bordo do vapor "Paquete Guaraní" en 1879 (expediente 684); o pontevedrés Manuel Cabo de Vila Costas no "Río Gualeguay" en 1880 (expedientes 723, 735); ou Francisco Fernández Barranquera no vapor "Las Mercedes" en 1899 (expediente 1473). O alacantino Francisco Lledó era afiliado do gremio de prácticos asunceno en 1905 (Gaona, 2007 [1967]: 322). Pola súa parte, o galego Leandro Emaris (casado, 42 anos) tamén traballaba como práctico cando se asociou á SESMAP (320) en 1919. Está claro que estes casos son minoritarios entre os españois residentes no Paraguai, pero é probable que un número indeterminado dos seus compatriotas tamén fosen mariñeiros ou prácticos nun primeiro momento, antes de procuraren un emprego definitivo.

As barreiras étnicas tamén poderían ser a causa da case ausencia dos españois no sector **servizos**. Segundo as cifras oficiais, en 1886 había once peiteadores italianos e catro panadarías francesas en Asunción (Gaona, 2007 [1967]: 157). Trátase de dúas profesións que apenas se rexistran entre os socios españois da SESMAP. Unha minoría relativamente constante de españois desempeñaban as **profesións liberais**. A proporción dos españois empregada nestes traballos incluso aumentou un pouco no século XX, dende un 8,7% a un 11,76%, pese á lei de 1903 que daba prioridade á inmigración agricultora. Oficialmente, os profesionais liberais xa non eran un sector desexado, como expresa o xefe da *Dirección de Tierras y Colonias*, Genaro Romero (1914: 23): "*Los que quieran emigrar que vengan aquí, sin pensar en intelectualismo, ni en hacer la vida sedante de los cafés y tertulias; vengan dispuestos á trabajar y á ser agricultores y se sentirán ricos y satisfechos*". Non obstante, a realidade é que estes ocos laborais, requirentes dun alto nivel de formación, non houberon pechar até moitas décadas despois. Lembremos que antes de 1889 o país non contaba con universidade propia, nin tampouco había colexios públicos nas principais cidades de Concepción, Encarnación, Pilar e Villarrica. Ademais, estes primeiros avances tardarían en dar froito. Contra 1921, por exemplo, a taxa de analfabetismo aínda alcanzaba o sesenta por cento (Rivarola, 2010 [1993]: 200). Por iso, o nicho das profesións liberais non desapareceu para os inmigrantes até bastante máis tarde.

Finalmente, aparece un curto número de españois empregados nas **industrias, terras e finanzas**. Sendo un país periférico no sistema mundial, Paraguai practicamente non se

[41] ANA. Sección Civil y Judicial. 1703n5. Pendencia entre o natural Dionisio Olivera e o español Manuel Lamas (Asunción), 1853.

industrializou durante o período de estudo, agás un puñado de fábricas, e as grandes fortunas no novo sistema liberal ancorábanse na concentración da propiedade da terra. Ao constituíren o pico da pirámide económica, os industriais, terratenentes e banqueiros sempre foron un grupo pequeno e exclusivo. Neste senso, en 1907 Rafael Barrett escribiu que:

> *En el Paraguay no existe clase media. No constituyen clases algunos comerciantes modestos, extranjeros la mayor parte, algunos médicos y algunos constructores. Para descubrir a los industriales hace falta la lente. Ascendiendo por el lado financista se encuentran en seguida los especuladores, estrechamente emparentados con los políticos. Bajando por la escala de empleos mediocres y mostradores míseros, llegamos pronto a la multitud arreada por los jefes de la policía subalterna.* (Barrett, 2010: 103)[42]

Eligio Ayala (1996 [1915]: 17-18) tamén falaba da debilidade da industrialización no seu país cando advertiu que o rápido crecemento de Asunción difería do das principais cidades europeas porque a inmigración na capital paraguaia non respondía á forza de atracción dunha esfera industrial consolidada. En lugar disto, o éxodo rural estaba precedendo o crecemento económico a causa do alleamento das terras campesiñas. "*Obreros jóvenes, intrépidos, industriosos, valientes, la porción más vigorosa y sana de la población rural, brazos lozanos y robustos, han desertado de nuestras fértiles tierras labrantías*" para pasarse a Asunción, onde, sen un mercado laboral forte e desarrimados das súas redes de apoio familiar, moitos migrantes caeron na 'dexeneración social' e a delincuencia. Temos noticias dalgúns inmigrantes empregados como operarios no exiguo sector industrial. Un exemplo é o pontevedrés Amancio Pájaro Calvo, quen traballou durante anos nunha fábrica de fósforos en Bos Aires antes de mudarse ao Paraguai coa súa esposa, a porteña Asunción Amelia Delia Espósito. Amancio P. Calvo fíxose socio do *Centro Gallego* de Avellaneda en 1917, e ocupou cargos directivos na altruísta *Sociedad Hijos del Partido de Lalín* entre 1917 e 1922[43]. Segundo relatan o neto e a bisneta de Amancio, a casa paraguaia Peña, Machaín & Cía. contratouno posteriormente para traballar nas súas fábricas de fósforos en Asunción[44]. Isto tiña que ocorrer no 1928, cando P. Calvo xa tiña máis dunha década de experiencia nese eido laboral, pois o seu nome figura no rexistro de inmigrantes da Oficina de Inmigración de Asunción en xuño dese ano (Morales Raya, 2015a: 566).

Varios autores teñen escrito sobre os aportes dos españois ao movemento obreiro no Paraguai. Alén de Rafael Barrett, o famoso anarquista cántabro, sobresaen outros protagonistas como José Serrano (socialista) ou José Rovira (anarquista). Estes participaron na creación do primeiro gremio que abandeiraba a conciencia de clase e a resistencia obreira de forma explícita, a *Sociedad de Obreros Carpinteros y Anexos* (1905), e fundaron asemade o primeiro periódico obreiro, *El Despertar*, xunto ao paraguaio Modesto Amarilla (Gaona, 2007 [1967]: 107-108; Rivarola, 2010 [1993]: 140). Lamentablemente, mergullar neste aspecto tan interesante da historia paraguaia excedería o alcance desta pesquisa porque até agora non foi posible confirmar a presenza de ningún galego entre as filas dunha sociedade de resistencia ou outra organización que reivindicase os arelos da clase obreira no Paraguai. Isto non quere dicir necesariamente que non houbese galegos inscritos neses gremios, pero é evidente que serían poucos, dado o baixo número de inmigrantes galaicos empregados no ámbito industrial.

[42] Para máis información sobre o pensamento histórico e político de Rafael Barrett, véxase Webb (2018).
[43] *Boletín del Centro Gallego*, Avellaneda, agosto de 1917, pp. 9, 11, 16-17; maio de 1922, p. 39.
[44] Testemuño de César e Gigi Espósito, xaneiro de 2020.

De feito, os únicos inmigrantes galegos que aparecen nas asociacións profesionais durante este período de estudo son o médico lugués Manuel Fernández Sánchez na sociedade de socorros mutuos dos docentes do *Colegio Nacional* de Asunción (1902), e o ortigueirés José Domingo Gómez Sanjurjo na *Sociedad de Empleados de Comercio* (1912). Ambas agrupacións profesaban fins puramente mutualistas. Os empregados de comercio, ademais, amosaban unha clara identificación cos intereses do patronal. A única folga rexistrada neste sector aconteceu en 1905 entre os empregados de Rius & Jorba S.A., pero sen o apoio da *Sociedad de Empleados de Comercio*, e entre os membros desta asociación había integrantes da elite local como José M. Balteiro (1901), fillo dun poderoso comerciante de orixe galega, primo de Gómez Sanjurjo, e futuro xefe de policía de Asunción (Gaona, 2007 [1967]: 132, 135; Rivarola, 2010 [1993]: 157, 321).

Finalmente, dado o status do Paraguai como país expulsor de man de obra, pouco apto para a inmigración masiva, é probable que **un número indefinido de inmigrantes fracasase laboralmente**. Este sería un sector que non figura no libro de rexistro de socios da SESMAP. Iso si, o inmigrante que non prosperase adoitaba abandonar o país sen caer na indixencia, pero había suficientes casos de compatriotas malparados como para suscitar inquietudes na colectividade española. En 1918, o cónsul español Luis Rubio Amoedo propuxo custear as pasaxes duns españois empobrecidos para que puidesen regresar a Bos Aires. Este acto de caridade cubriríase con diñeiro público na ocasión do aniversario de Alfonso XIII. Para xustificar esta axuda, Rubio describiu o Paraguai como un destino migratorio brutal e pouco idóneo para un español:

> *Muchas republicas llamadas hispana ó latinas, no son lo uno ni lo otro, son republicas indias nada mas, donde el alma española no puede amalgamarse, ni hara mas que cubrir, sin solidez ni permanencia, la superficie de sus Capitales principales. Una de esas republicas es la del Paraguay, que por ser excesivamente pobre* […] *y no dar esperanzas de conseguir economias del jornal que consigan las mujeres, los viejos ó los niños, se les quitan tambien de salir de un pais que llegaron tal vez contra su propia voluntad*.[45]

Esta mención de inmigrantes coaccionados quizais se refira a algún español infortunado que foi vítima dun contrato abusivo nas grandes estancias agro-exportadoras. No libro de socios da SESMAP (268, 492), o único inmigrante rexistrado como xornaleiro naceu da provincia de Badaxoz, mentres que o único *obrajero* era de Murcia. Os inmigrantes destas rexións escaseaban no Paraguai. Sen redes familiares ou sociais preexistentes no país, a emigración ao Paraguai podería supor un maior risco para eles que, por exemplo, para un catalán. Na prensa galega da época, tamén poden lerse algúns artigos que advertían contra a explotación laboral en América, como un texto de *Vida Gallega* que describe a 'escravitude do emigrante' nas industrias do caucho en Perú, do nitro en Chile ou da herba mate en Paraguai[46]. En todo caso, Rubio Amoedo estaba recentemente chegado dende Cidade do Cabo cando redactou aquel informe — substituíu o galego Camilo Pérez y Pérez como encargado do consulado asunceno en 1917 (Dalla-Corte Caballero, 2016b: 278). As súas palabras, á parte de 'vender' a súa proposta ao ministerio de Asuntos Exteriores, semellan reflectir unha mala primeira impresión da república guaraní. E aínda que non, os seus xuízos son interesantes porque contrarían a retórica habitual da época, segundo a cal o Paraguai presentaba "*á los ojos del inmigrante europeo que llega á nuestra playa, un campo fértil, una tierra de promisión para el trabajo y*

[45] AHN. SMAE. H-1824. Correspondencia consulados, Asunción. Informe do cónsul, 21 de febreiro de 1918.
[46] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 20 de marzo de 1929, p. 20.

el capital" (Romero, 1913: 36); ou onde "*los españoles no se consideran como extranjeros: están en su propia casa*" (Mosqueira, 1930: 113).

Rubio Amoedo finalmente non conseguiu que se custease a viaxe deses españois. En xeral, a sociedade civil responsabilizábase da protección cara aos inmigrantes desamparados máis a miúdo que o Estado, moitas veces mediante as subscricións populares e as festas de beneficencia (Calzada, 1927: 307, 322). Por exemplo, a destrución da cidade de Encarnación en 1926, tralo paso dun tornado que deixou catrocentos mortos, foi un acontecemento moi difundido nos medios internacionais; conmoveu a sociedade arxentina motivando a celebración dun gran festival benéfico no Teatro Colón[47]. En Madrid, o encargado de negocios do Paraguai, Juan O'Leary, tamén informou que os "*diarios de esta Corte y de toda España habían dado ya la terrible noticia*" antes de que lle chegasen as informacións oficiais do ministerio de RREE[48]. En decembro do ano seguinte, a porteña Asociación Patriótica Española "*a 2 señoras viudas que procedían de Asunción del Paraguay en donde perdieron con sus maridos todo cuanto poseían en la catástrofe acaecida* [en Encarnación]*, se les colocó, junto con un hijo menor de edad*"[49].

Por outra banda, a desprotección ou a inaptitude de certos inmigrantes motivou unha crecente presión política para que o Estado interviñese máis nas cuestións migratorias. En 1927, a dirección da SESMAP redactou unha carta aberta para solicitar que o goberno español empezase a seleccionar o fluxo migratorio. Outras asociacións como o Centro Español de Asunción (fundado 1895) ou o *Centro Gallego* de Montevideo adheríronse á petición, e o diplomático Ontiveros debidamente lla fixo chegar ao ditador español Miguel Primo de Rivera (1923-1930)[50]. A lexislación en certo sentido reflicte estas presións, pois unha lei primorriverista de 1924 estendeu unha serie de amparos e controis aos emigrantes, como resposta ás restricións migratorias que os países de destino estaban impoñendo para protexer as súas economías (Kreienbrink, 2009: 14).

No libro de rexistro de socios da SESMAP, a porcentaxe de españois empregados nos **traballos agrícolas** é moi baixa: 1,33% para todo o período 1873-1933. Porén, dado que a SESMAP foi unha asociación que se creou no ámbito urbano de Asunción, a presenza reducida deste tipo de ocupacións entre os seus socios non resulta sorprendente. Aquí pode plantarse a cuestión de cantos inmigrantes españois se asentaron na campiña e como foi a súa distribución ocupacional. Neste senso, as outras fontes consultadas tamén indican que moi poucos españois foron agricultores no Paraguai. O cónsul paraguaio en Vigo, Avelino Rodríguez Elías (1918: 14), falou nestes termos sobre o proxecto colonizador que se encetara durante a posguerra da Tripla Alianza:

> *Y, caso curioso, siendo el Paraguay un país de origen español, donde aún alienta nuestro espíritu, donde se habla nuestra lengua, y donde á los españoles se les mira y acoge como à verdaderos hermanos, los españoles figuran entre los colonos en tan pequeñísima cantidad, que en varias de las colonias, no hay ninguno, y en otras, como ELISA, uno solo.*

[47] *El Correo de Galicia. Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Bos Aires, 10 de outubro de 1926, p. 1.
[48] AHMRREE. DPD 668. Informe de Juan O'Leary a Enrique Bordenave, 24 de setembro de 1926.
[49] *El Correo de Galicia. Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Bos Aires, 18 de decembro de 1927, p. 3.
[50] Centro Gallego de Montevideo. Fondo Conducción Institucional. Libro IX de actas da xunta directiva, pp. 268-269, 280. [Agradecemos a Pilar Cagiao Vila a cesión destes documentos.]

Efectivamente, se nos remitimos á lista de colonias agrícolas fundadas entre 1881 e 1911 que se reproduce no apartado 2.3, en todas elas faise notar unha ausencia de habitantes españois. Trátase de casos anecdóticos nalgunhas zonas — en 1887, un só español vivía en Villa Occidental (Kleinpenning, 2009: 213). Unha excepción parcial é a Colonia Nacional Yegros, fundada en 1891 no departamento de Caazapá, á beira da vía férrea Asunción-Encarnación. Segundo Santos (1897: 111-112), un lustro despois da súa creación, a poboación da colonia Yegros constaba de 109 familias, compostas de 408 persoas coas seguintes nacionalidades: 97 franceses, 74 alemáns, 56 italianos, 65 paraguaios, 23 suízos, vinte españois, vinte ingleses, dezanove arxentinos, dezaseis norteamericanos, nove belgas, catro austríacos, tres brasileiros, e dous australianos. En xeral, non obstante, o fluxo migratorio aquí estudado foi un fenómeno urbano. Ao igual que noutros países de destino americanos, os inmigrantes oriúndos do norte español procedían na súa maioría do campesiñado e artesanado rural, pero emprazábanse profesionalmente nas cidades, onde o feito de desfrutaren colectivamente de certos niveis de alfabetización lles proporcionaba importantes vantaxes respecto dos traballadores nativos (Vázquez González, 2008: 24).

Unha fonte que nos permite achegarnos á minoría de inmigrantes que pasou ás colonias é a lista de españois e familiares anotados no libro de rexistro de inmigrantes da Oficina de Inmigración de Asunción (1918-1932), recollida por Morales Raya (2015a: 558-569). Non incorporamos estes 152 españois aos cálculos realizados nos apartados anteriores porque eles representan unha tipoloxía de inmigración distinta ás outras fontes: a inmigración organizada polo Estado. A gran diferenza é o feito de que aquí a migración familiar prevalece. Sesenta (39,47%) dos inmigrantes españois viaxaban sos, pero os outros 92 (60,53%) dividíanse en 39 unidades familiares. Incluso neste caso, 113 dos 152 (74,34%) declaraban que o seu destino final era Asunción (Morales Raya, 2015a: 205-206). Algúns destes inmigrantes trasladáronse a unha das colonias ou ás vilas do interior. Entre eles había agricultores ou xornaleiros, como Eladio Jubre e Miguel Castello, quen no 1920 viaxaron en tren dende Bos Aires e Colonia Independencia, preto de Villarrica. En 1932, Francisco Ascarza Iglesias e Mario Moreno, españois radicados en Formosa até ese momento, tamén foron para Colonia Independencia. Ascarza era dependente de comercio e Moreno era electricista. Constan outras entradas parecidas a esta: en 1918, Basilio Valencia (carpinteiro), Emilio Colais (mecánico) e Manuel Climens (mecánico) pasaron a San Antonio dende Bos Aires; no mesmo ano, os carpinteiros Tiburcio Loreira e María P. de Loreira establecéronse en Villarrica cos seus tres fillos Elena, Victorio e Emilio, dous dos cales tiñan a nacionalidade arxentina; en 1923, o comerciante Pedro Algaba viaxaba a Puerto Guaraní dende Corrientes; o mecánico Mariano Conde foi a Guarambaré dende Bos Aires no 1929; ou, en 1932, chegaron os irmáns Manuel Viloria (litógrafo) e Emeterio Viloria (fundidor) dende Bos Aires para traballaren en Villarrica (Morales Raya, 2015a: 558-568).

Estes exemplos confirman unha vez máis que os inmigrantes españois adoitaban escoller o Paraguai como destino secundario despois de viviren unha tempada noutros destinos americanos, sobre todo en Bos Aires ou o Litoral arxentino. Outro caso ilustrativo é o de Antonio González Paradela, nacido en Santiago de Compostela en 1889. En 1906, como todos os seus irmáns, González emigrou a Bos Aires. Tras traballar durante varios anos como cobrador e vendedor, este compostelán empregouse no *Banco de la Provincia* dende o 8 de febreiro de 1911 até o 10 de xuño de 1913[51]. Foi en 1912 cando o banco lle concedeu unha

[51] Arquivo particular de Julio González Oddone. Nota do xerente do *Banco de la Provincia* de Bos Aires, 19 de xaneiro de 1914.

licencia para viaxar ao Paraguai, ao parecer como turista ou por mera curiosidade[52]. Durante o traxecto en vapor, trabou amizade con outro pasaxeiro, o gandeiro español Francisco Zarza, o cal convenceuno para acompañalo a Yuty (Caazapá), onde González finalmente abriría o seu propio establecemento comercial, González & Oddone, en asociación co seu sogro (Gamarra Doldán, 2011: 108). Por outro carón, aqueles exemplos suxiren que os poucos españois que se acolleron ás ofertas de inmigración organizada, coa intención de achegarse ás colonias ou vilas do interior, en moitos casos non o fixeron como agricultores, senón que solucionaron unha carencia económica específica no lugar de destino exercendo unha profesión artesanal, técnica ou relacionada co comercio.

O proxecto colonizador non acadou moito éxito no Paraguai porque o país estaba xeograficamente illado, economicamente atrasado, sufría un proceso de destrución das formas de produción tradicionais que tendía a expulsar a man de obra agricultora —como Galicia—, e estaba caracterizado por unha situación política inestable e cortopracista que impedía a consolidación dunha correcta política migratoria (Kleinpenning, 2009: 365-368). A ineficacia organizativa e a ineptitude de moitos dos colonos para as tarefas agrícolas eran, como xa vimos, obstáculos que remontábanse á época da Nouvelle-Bourdeaux (1855), pero non desapareceran despois da Guerra contra a Tripla Alianza. A nacionalidade máis común entre os colonos no marco da inmigración organizada era a alemá — o 58,93% dos suxeitos rexistrados na Oficina de Inmigración entre 1918 e 1932 eran alemáns (Morales Raya, 2015a: 199). Hai múltiples razóns que explican a baixa presenza española entre os colonos no Paraguai:

1. A entrada temperá dos pioneiros españois a finais da Guerra Guazú facilitou que o seu nicho no comercio nacional se consolidase antes do inicio do proxecto colonizador. Entrada a década de 1880, xa se activaran os mecanismos da causación acumulativa. Xunto ás cadeas migratorias, a existencia de institucións de socorros mutuos e o acceso a institucións de crédito —os diversos bancos fundados durante eses anos— permitía que o fluxo migratorio español se perpetuase sen interferencia gobernamental.

2. A través das redes migratorias e a prensa en España, tamén había un maior intercambio de información acerca de que países hispano-americanos ofrecían as mellores oportunidades. Por exemplo, un artigo firmado en 1881 por Antonio Balbín de Unquera, dirixido aos que pensaban emigrar a Chile, Paraguai ou Uruguai, e baseado nas escrituras de Ildefonso Antonio Bermejo e o catalán Luis Ricardo Fors, afirma que "*las instituciones políticas del Paraguay han alejado sistemáticamente á los extranjeros*". En Uruguai, en cambio, "*los vascos españoles y franceses y los gallegos son los mejor recibidos*", e o autor xulgaba Chile como "*uno de los Estados que han disfrutado de mejor gobierno en toda la América española*"[53].

3. A diferenza de certas rexións de países como Alemaña, Holanda, Inglaterra ou Italia, en España non se produciu unha rápida industrialización capaz de expulsar grandes números de familias completas das súas terras de labra tradicional. Nas zonas de España onde unha proporción salientable das familias eran pequenas propietarias, como Galicia, os emigrantes habitualmente eran os fillos varóns do seu núcleo familiar, e marchaban individualmente ou en compañía dun(s) irmán(s) co obxectivo de traballaren no sector urbano. As familias adoitaban ser quen de costear a súa pasaxe. Nos grandes portos como Bos Aires ou Río de Xaneiro, a

[52] Testemuño de Beatriz González del Bosío, decembro de 2019.
[53] *La Ilustración Gallega y Asturiana. Revista decenal ilustrada*. Madrid, 28 de xullo de 1881, pp. 243-244.

preferencia polo sector terciario explicábase pola natureza efémera das migracións andoriñas — proxectos de acumulación rápida e retorno ao país de orixe (Vázquez Lojo e Soutelo Vázquez, 2019: 186). Por outro carón, as iniciativas de colonización concibíanse como proxectos de traslado permanente, pouco interesantes para este tipo de migrantes.

4. A lexislación española non favorecía a emigración organizada. A *Ley de Emigración* do 21 de decembro de 1907 prohibía a recruta directa de colonos e a diseminación de propaganda a favor da emigración (Rísquez Alfonzo e Ordóñez, 1910: 87). Iso si, os axentes migratorios podían esquivar a administración canalizando as saídas clandestinas e falsificando documentos (Vázquez González, 1988: 89). A prohibición contra a propaganda tampouco impedía que algúns medios transmitisen unha visión positiva da emigración. Por exemplo, as compañías navieiras patrocinaban artigos en *Vida Gallega* que encomiaban a experiencia de cruzar o Atlántico nun dos seus barcos (González Bello, 1997: 356). Nun deles, o editor Jaime Solá relata unha viaxe dende A Coruña a Vigo no "Alcántara" na compañía de varios xornalistas e escritores, entre eles, "*derrochando simpatía, el Sr. Piñé* [sic, Fernando Pignet], *el cónsul general del Paraguay en España y antiguo compañero de viaje*"[54]. É probable que Pignet tamén escribise sobre esta viaxe, contribuíndo desta maneira á publicidade da compañía navieira. Pero non obstante estes matices necesarios, a lexislación española no século XX sen dúbida dificultaba os negocios das axencias migratorias e empecía calquera intento de utilizar este país como unha potencial reserva de colonos agrícolas en América.

O seguinte paso, tal como fixemos á hora de analizar os aspectos anteriores, é abordar a cuestión das diferenzas rexionais. A Táboa 13 amosa o perfil profesional dos varóns españois na SESMAP en función das súas rexións de orixe.

Táboa 13. O perfil profesional dos inmigrantes de diferentes rexións españolas (1873 -1933)

Ocupación	C	%	C-L	%	A	%	V	%	G	%	M (%)
Artesáns	12	11,32	3	9,09	1	5	1	6,25	3	10,34	8,97
Comercio	67	63,2	21	63,64	11	55	11	68,75	23	79,31	65,78
Industrias, terras e finanzas	2	1,89	1	3,03			1	6,25	1	3,45	4,32
Profesións liberais	14	13,21	5	15,15	6	30	1	6,25	1	3,45	11,3
Servizos	2	1,89	1	3,03							1,66
Técnicos	9	8,49	1	3,03	2	10	2	12,5	1	3,45	6,64
Traballos agrícolas			1	3,03							1,33
Total	106	100	33	100	20	100	16	100	29	100	100

Lenda
C. Cataluña ñ C-L. Castela-León ñ A. Andalucía ñ V. Valencia ñ G. Galicia
M. Media de todos os socios españois co ocupación especificada

Fonte: elaboración propia a partir de Morales Raya (2015a)

Os **cataláns**, **castelán-leoneses** e **valencianos** amosan un patrón parecido ás medias de todos os socios españois coas súas ocupacións especificadas. Nótanse unhas lixeiras diverxencias porcentuais, insuficientes, dado o tamaño das mostras, para aducir causas sistemáticas. No primeiro destas tres comunidades, estas cifras poden cotexarse coa distribución

[54] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 20 de marzo de 1927, p. 8.

de ocupacións entre os socios cataláns ou españois inscritos no *Centre Català* en 1924 (descontando un xubilado e un socio sen ocupación especificada):

Artesáns: 1 (1,96%)
Comercio: 24 (47,06%)
Industrias, terras e finanzas: 18 (35,29%)
Profesións liberais: 7 (13,73%)
Servizos: 1 (1,96%)
Técnicos: 0
Traballos agrícolas: 0
Total: 51
(Morales Raya, 2015a: 585-589)

O comercio segue sendo o sector máis relevante no *Centre Català*, pero proporcionalmente moitos máis industriais, corredores de bolsa e terratenentes se asociaron ao *Centre* que á SESMAP. Unha posible implicación disto é que os cataláns eran un grupo máis adiñeirado en conxunto que os demais inmigrantes españois. Este éxito económico podía ser un factor de atracción que contribuía á medra da comunidade catalá no Paraguai. Porén, é seguro que a natureza político-recreativa do *Centre* tamén influía na elevada presenza desta categoría de profesionais. A SESMAP proporcionaba un grao de seguridade económica que debía ser fundamental para moitos socios. Ser membro do *Centre Català*, en cambio, non satisfacía ningunha necesidade material básica, senón que requiría que unha persoa tivese tempo de ocio e diñeiro bastante para participar nas actividades artísticas ou lúdicas propostas dende a asociación. Aínda que distaba de ser un exclusivo club de aristócratas, o *Centre* probablemente admitise os inmigrantes ricos con maior frecuencia que os máis humildes.

Na mesma liña, sinalamos outras asociacións eminentemente recreativas: a SRE e o Casino Español de San Lorenzo, "*que preside el importante industrial hijo de Redondela* [Pontevedra] *D. Manuel González Táboas*"[55]. González Táboas era socio da SRE (49) a partir de outubro de 1917, pero xamais se inscribiu na SESMAP. Entre os outros galegos inscritos na SRE, figura un tal Antonio González Bosada (236), oriúndo de Cambados (Pontevedra). Tratarase dunha transcrición incorrecta dos apelidos González Besada e, xa que logo, dun fillo dunha das máis influentes familias da provincia pontevedresa, amais parente do político conservador Augusto González Besada. En resumo, as listaxes de socios do *Centre Català* e a SRE permítennos soster que a porcentaxe real de industriais, corredores de bolsa e terratenentes podía ser un pouco máis elevada que o 4,32% inscrito na SESMAP porque moitos deles, grazas a unha cómoda situación económica no plano persoal, non sentían a necesidade de acceder ás vantaxes prácticas que esta asociación ofrecía (socorros mutuos, coidados sanitarios e de xeriatría, servizos funerarios). Non obstante, a análise cualitativa das fontes que se realiza ao longo da presente tese, na cal non destaca un gran número de persoas implicadas nestes eidos profesionais, lévanos a considerar que o cariz popular da SESMAP é máis representativo do perfil profesional dos inmigrantes que a SRE ou o *Centre Català*.

Na distribución ocupacional extraída do libro da SESMAP, un dos resultados máis notables son os seis **andaluces** que aparecen inscritos nunha das profesións liberais. Representan o trinta por cento do total — moi superior á media dun 11,3% para todos os socios

[55] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 20 de decembro de 1928, p. 27.

españois. Como afirma Contreras Pérez (1996: 10) nun estudo sobre os proxectos de colonización andaluza na Arxentina a partir de 1889, unha diferenza fundamental entre as saídas migratorias do norte español e a emigración andaluza reside no feito de que os galegos, asturianos ou vascos podían contar, en maior proporción, con certos recursos financeiros mediante a venda ou hipoteca das súas pequenas parcelas. Como xa se constatou arriba, esta vantaxe facilitaba unha emigración máis temperá que no sur e a consolidación de cadeas migratorias, xa efectivas antes do inicio do proxecto colonizador. O autor continúa:

> *Sin embargo, Andalucía, región de nueva emigración en este período que tratamos, carecía de las necesarias cadenas migratorias establecidas en América para facilitar una emigración proporcional a su población. Ahora bien, y dados los elementos de crisis que actuaron en la década de los 80, existía en 1889 una situación potencialmente emigratoria que fue aprovechada por los agentes* […] *Los malagueños y gaditanos recibieron los pasajes subsidiados por el gobierno argentino ñ como*
> (Contreras Pérez, 1996: 11)

Os inmigrantes andaluces de extracción campesiña en xeral tiñan menos diñeiro ou propiedade que os seus equivalentes setentrionais, e como tal, menos liberdade para moverse e correr riscos. Ademais, os movementos migratorios andaluces estaban moi condicionados polas axencias de migracións subsidiadas. Por estes motivos, enténdese que aqueles andaluces 'libres' ou 'espontáneos' que arribaron ao porto de Asunción tiñan unha maior probabilidade de pertenceren aos sectores máis privilexiados da sociedade andaluza e exercer unha das profesións liberais, asociadas en particular ao ámbito urbano. Algúns exemplos na primeira metade do noso período de estudo son o educador e xornalista gaditano Ildefonso Antonio Bermejo, o sevillano José Sánchez Bazán, cónsul-xeral español e promotor do *Ateneo Paraguayo* nos anos 1880, ou o periodista xienense Cristóbal Campos y Sánchez, fundador de *El Orden* en 1886.

Outro dos riscos máis chamadores é a porcentaxe dos **galegos** que eran comerciantes (79,31%), case quince puntos por enriba da media de todos os españois (65,78%). É probable, entón, que o pequeno almacén fose o negocio prototípico dos galegos no Paraguai. Os inmigrantes galegos lograron unha gran visibilidade social na Arxentina como almaceneiros (Núñez Seixas, 2002: 33), e os almacéns tamén foron unha das principais vías de inserción laboral para os seus equivalentes en Uruguai (Cagiao Vila, 2005: 4). Velaí a descrición que fai Pérez-Prado (2007 [1973]: 196) destas tendas 'de toda a vida':

> *Almaceneros fueron la gran mayoría de los inmigrantes gallegos. (Buena escena de menudeo fue, durante siglos, el trato con peregrinos de todo el mundo, gentes de bolsas sumidas, rica experiencia caminante y gordos pecados por redimir). Por almacén se entendió siempre, en Buenos Aires, el negocio de venta de comestibles más o menos secos; es decir, que no fueran carnes, verduras o frutas frescas. Al evocarlo se lo sitúa, preferentemente, en la esquina y con un flanco por el que se despachan bebidas, al estaño o sobre las mesas que nunca preguntan. Si el boliche tenía menores dimensiones, y sobre todo, si carecía del sector de café o bar y, muy sobre todo, si no pasaba de la media cuadra ð lejos del buzón, del farol, de la barra silbadora y del vigilanteð el nombre que le dábamos era* despensa.

Eduardo Veiga Ortiz, neto do inmigrante coruñés Eduardo Veiga Peña, lembra que durante a súa infancia en Asunción aínda existían almacéns parecidos aos descritos por Pérez-Prado, atendidos por españois ou italianos. El conta que, durante unha tempada en que residía en Barcelona, entrou nunha tenda que "*me hizo recordar mi niñez porque en Asunción había*

este tipo de comercios que vendían comida hecha por la dueña, algo de bebida, y cosas así. Y era precisamente por la tendencia de inmigrantes que vivían por el centro de Asunción"[56]. Como comentamos noutra sección, Veiga Peña foi un de varios irmáns que emigraron durante os anos vinte. Mentres que Eduardo traballaba na sección xastrería de Segura, Latorre & Cía., algúns dos seus parentes tamén se vencellaron ao mundo do comercio. A súa irmá África casou aos 18 anos co "*joven acaudalado comerciante bonaerense*" Francisco Salleres Pastor en 1912[57]. O matrimonio viviu durante sete anos na coruñesa Estreita de San Andrés até que Francisco, África e os seus fillos Olga, Francisco e José marchasen a Bos Aires no 1921. Os cativos figuran coa nacionalidade arxentina no padrón de 1920, o cal suxire que a familia pretendía emigrar, ou ao menos contemplaba a posibilidade, dende o principio[58]. Outro irmán, Andrés Veiga Peña, defínese como viaxante de comercio e socialista na súa ficha de solicitude de inscrición no Centro Republicano Español de Bos Aires en 1938[59]. Porén, non toda a familia marchou a América. Sofía Veiga casou en 1925 con Luis Somoza Gutiérrez, co-propietario duns almacéns de ferraxaría na rúa Linares Rivas de A Coruña[60]. E, outro irmán, Antonio Veiga Peña, ocupou cargos na cámara da propiedade e o concello municipal da mesma cidade entre 1933-1934[61].

Outro testemuño relevante acerca dos almacéns é unha carta enviada en 1917 á prensa compostelá por J. García, residente en Belén (Concepción). A carta, titulada "*Cómo se trata a los españoles en América*", preséntase co propósito de desmentir a visión excesivamente positiva da emigración que, na opinión do autor, os xornais galegos estaban transmitindo aos seus lectores:

> *Hace poco que en la Asunción del Paraguay fué asesinado un señor español que llevaba dieciocho años en dicho país, dedicado al comercio. Pues una noche, por haberse negado a dar caña a un borracho, lo asesinaron cobardemente y se está esperando día por día que el superior T. de Justicia pondrá el asesino en libertad.*[62]

Este curto parágrafo dá bastante que falar (os altos niveis de violencia na vida cotiá; o problema do alcoholismo, tantas veces lamentado por escritores paraguaios da época; a percepción dun poder xudicial corrupto ou ineficaz), pero entre outros temas percíbese a combinación do almacenamento de produtos de consumo básico e a venda de bebidas como un modelo común entre os comerciantes españois. Unha fonte iluminadora é a novela *El español del almacén*, escrita en 1955 por José María Gómez Sanjurjo. O autor viviu os seus anos formativos nun ambiente moi español, no *Colegio San José* baixo a mestría do zamorano César Alonso de las Heras, e polo feito de que ambos os seus pais eran inmigrantes galegos. Por exemplo, un dos seus poemas revela que a nai de José María, Pura López Mosquera, adoitaba cantar *Aparta loureiro verde*, unha canción popular galega, "*síntesis de pinar, de tojo y viento*

[56] Testemuño de Eduardo Veiga Ortiz, agosto de 2019.
[57] *Diario de Galicia. Periódico de la mañana, telegráfico, noticiero y de información general*. Santiago de Compostela, 6 de marzo de 1912, p. 1.
[58] Arquivo Municipal de A Coruña. Fondo Concello de A Coruña. Padrón de 1920, caixa 1440, sección 2-A, f74; Folla de identidade da emigrante África Veiga Peña, 9 de febreiro de 1921, caixas 2550-2556.
[59] Museo da Emigración Galega na Arxentina. Fichas de solicitude de ingreso no Centro Republicano Español. Caixa 29, f1655. [Agradecemos a Miguel Chiloteguy a cesión destes documentos.]
[60] *El Ideal Gallego. Diario católico, regionalista e independiente*. A Coruña, 11 de decembro de 1925, p. 6; 26 de xaneiro de 1926, p. 4.
[61] *La Zarpa. Diario de los agrarios* gallegos. Ourense, 15 de novembro de 1933, p. 11; El *Eco de Santiago. Diario de la tarde*. Santiago de Compostela, 26 de outubro de 1934, p. 1.
[62] *Diario de Galicia. Periódico de la mañana, telegráfico, noticiero y de información general*. Santiago de Compostela, 6 de maio de 1917, p. 1.

/ ð mecida en el pasar de sus quehaceresð / y volcada en vocablo primitivo / hacia el cantábrico mar que la conmueve" (Gómez Sanjurjo, 1996: 48). O autor evidentemente se inspirou na experiencia migratoria do seu pai para escribir *El español del almacén*. O protagonista, o valenciano Eugenio Narváez, arriba a un porto do norte paraguaio para traballar co seu tío Jesús, do mesmo modo que José Domingo Gómez Sanjurjo foi 'chamado' a traballar en Pérez & Sanjurjo S.A. polo seu tío Antonio Sanjurjo Balteiro. Na seguinte pasaxe, vemos a posición estratéxica que a tenda ocupaba dentro da vila e algúns dos bens de primeira necesidade que vendía:

> *Cuando murió el tío Jesús, hacía ya varios años que él había venido a vivir a la casita del puerto. Casi en la misma ribera. Desde los barcos se verían las letras negras del anuncio pintado en el frente amarill o : ñ C a s ð A N m v ® z y f r u t o s d e l p a²*
> […]
> *Eran las dos cuando llamaron por primera vez. Siempre lo mismo. Tenían todo el día abierto el almacén, pero parecían necesitar molestarlo de siesta. Un cuarto de yerba, azúcar, kerosén. Mandaban a los chicos.* (Gómez Sanjurjo, 2012 [1955]: 33)

Malia que *El español del almacén* é unha obra de ficción, resulta significativo que a novela estea ambientada nunha pequena vila do norte. Os almacéns españois atopábanse en todo o país, non só na capital. Dos comercios españois en Concepción, citados no apartado 3.7, poderían encaixar nesta clasificación o depósito de mercadorías de Melchor Pérez, o depósito e panadaría de Jesús P. de González, a confeitería de Antonio Feliu, ou a droguería de José Miró. Finalmente, se ben a inmigración española en todo o Litoral arxentino é un tema pouco estudado aínda, as probas existentes apuntan a que os almaceneiros peninsulares chegaron a ser un tipo común nas localidades ribeirás da cunca pratense. Núñez Seixas (2013: 860) escribe que en Rosario os asturianos foron os que máis progresaron no sector dos almacéns. O almacén aparece como un lugar imprescindible na vida social dos habitantes de Itatí (Corrientes) nun relato costumista que o escritor paraguaio Eloy Fariña Núñez trama sobre esta vila, fronteiriza e guaraní-falante, onde viviu gran parte da súa infancia nos postremeiros anos do século XIX: "*Al declinar el crepúsculo, se congregan en el corredor del almacén de Don Mariano García los hombres principales de la aldea. Don Mariano es un caballero español a carta cabal, radicado hace tiempo en Itatí, con su buena posición honrosamente ganada en el trabajo*" (Fariña Núñez, 1996: 135).

Recalcamos que non había suficientes inmigrantes galegos para que a sociedade paraguaia aprendese a asociar os almacéns cos galegos en particular, como pasaba en Bos Aires e Uruguai, pero si aprendeu a velo como un modelo de negocio moi *español*. A análise do libro de rexistro da SESMAP determina que o comercio, un sector cuantitativamente dominado por pequenos almacéns e despensas, era o eido profesional maioritario entre os inmigrantes españois, pero que dentro desta maioría, os galegos eran especialmente propensos a desempeñar tales funcións laborais.

3.8. Conclusión

A ollada cuantitativa dá respostas a moitas das incógnitas que xurdiron ao encomezo da investigación. Se ben non dispoñemos de fontes estatísticas para a época dos López nin despois da Guerra do Chaco, si podemos estimar que entre seis e dez mil españois chegaron a praias paraguaias durante o período de entreguerras. Máis ou menos un terzo destes españois eran cataláns, seguidos en orde descendente polos castelán-leoneses, andaluces, valencianos e galegos. Estes últimos representaban aproximadamente o oito por cento da colonia, polo cal estariamos falando dunha cifra de entre 480 e oitocentos residentes galegos entre a Guerra Guazú e os anos trinta. Á luz deste cálculo, está claro que o Paraguai era un país de destino moi minoritario e, ademais, atípico se se contrasta cos países aliados, onde os galegos adoitaban ser o elemento máis visible da colonia española.

Pero non se trata dun destino atípico soamente polo feito de seren poucos os inmigrantes de orixe galaica, senón porque a meirande parte deles xa botaran raíces en América cando arribaron ao porto de Asunción. A diferenza das grandes urbes da costa atlántica, as migracións andoriñas non son protagonistas neste caso. Ao contrario, no inicio do ciclo migratorio, estamos ante un destino secundario; os pioneiros moraban nas rexións veciñas antes de mudarse ao Paraguai. As fontes empregadas neste capítulo fornecen toda unha gama de probas acerca desta calidade de destino secundario. En primeiro lugar, os inmigrantes de máis de trinta anos superan en cantidade aos inmigrantes máis novos, e os varóns casados superan aos solteiros. Por outra banda, mentres que a metade dos españois nos expedientes de solteiría casou con mulleres paraguaias, e sempre houbo unha proporción importante de vodas celebradas en que ambos noivos naceran en España, un número significativo de varóns españois, sobre todo cataláns e galegos, escolleu casar con mulleres arxentinas ou, en menor medida, brasileiras e uruguaias. Isto apunta á existencia de vínculos entre os inmigrantes españois no Paraguai e os pobos veciños, eminentemente Bos Aires e o Litoral arxentino. Así mesmo, hai que engadir as moitas testemuñas arxentinas que asistiron ás vodas entre españois (obsérvase unha preferencia por testemuñas da mesma nacionalidade, pero esta tendencia minguaba ao longo do tempo á medida que o conxunto dos inmigrantes sufría un proceso de aculturación). Finalmente, nestas fontes figuran uns cantos fillos de inmigrantes españois que ostentan unha nacionalidade americana, tendo nacido noutro destino migratorio antes do traslado da unidade familiar ao Paraguai.

A inmigración española foi lenta e gradual até finais da década de 1880, cando experimentou un pulo grazas á estabilización da situación política e a liberalización da economía paraguaia. Foi nestes anos cando a colectividade española, daquela composta case integramente por varóns, empezou a forxar cadeas coa correspondente incorporación da muller ao fluxo migratorio durante os anos noventa. Elas chegaron a constituír arredor dun terzo dos inmigrantes a partir da década de 1910, a cal foi o período de máxima inmigración española, debido á maduración dos mecanismos da causación acumulativa e a expansión do sector comercial paraguaio. Iso si, esta pauta de xénero resulta máis marcada entre os cataláns que os outros colectivos, os cales, por seren menos numerosos, non acadaron a masa crítica necesaria para tender unhas redes capaces de garantir unha estrita endogamia rexional —coa excepción parcial dos valencianos, particularmente proclives á migración familiar no caso paraguaio—, de reaccionar axiña ás mudanzas na oferta de oportunidades, por exemplo durante a Primeira Guerra Mundial, ou de perpetuar o fluxo migratorio durante un par de lustros máis alá da Guerra do Chaco. A debilidade das redes afectaba tamén á colectividade galega, a cal sobresae pola súa falta de mulleres e menores de idade. Dentro desta colectividade, o número de coruñeses e

pontevedreses semella relativamente igualado durante o século XIX, pero A Coruña establécese como a principal provincia de orixe a partir de 1905. O século XX tamén é cando se fixa unha presenza observable os lugueses e ourensáns, pero sempre nun rango numérico inferior.

O comercio é o sector estrela no que concirne á inserción laboral dos inmigrantes. Este patrón é moi destacado entre os galegos; máis do 75% deles traballaban neste eido, polo menos na capital. Malia que o perfil buscado polo goberno local era o colono agricultor, os españois que se dedicaban á agricultura no Paraguai eran moi contados. En cambio, algúns dirixíronse ás colonias agrícolas para exercer unha profesión técnica ou artesanal ao servizo do resto da comunidade, e tamén atopamos algúns terratenentes que puideron aproveitar as puxas de terras fiscais dende 1886 en adiante. Finalmente, unha minoría constante de profesionais liberais desempeñaba un papel importante, xa que estes inmigrantes portaban coñecementos especializados (arquitectura, enxeñaría, medicina etc.) que daquela moi poucos paraguaios podían aspirar a obter.

CAPÍTULO 4. OS PIONEIROS DO SÉCULO XIX E A PARÁBOLA HISPÁNICA

Os expedientes de solteiría e as listaxes de socios das asociacións españolas non botan luz sobre as actividades dos inmigrantes durante o tramo inicial do período de estudo: a presidencia de Carlos Antonio López e a Guerra da Tripla Alianza. Non existen estudos previos sobre a inmigración 'libre' ou 'espontánea' durante estes anos. Por tanto, este aspecto ten que reconstruírse só a base das fontes primarias. Para a época de López pai, contamos cos escritos de Ildefonso Antonio Bermejo, o xornal *Eco del Paraguay* que el dirixía, e unha selección relativamente ampla de documentos oficiais procedentes do ANA que fan referencia aos españois que vivían e traballaban no país antes de 1864. Respecto da chegada dalgúns inmigrantes ao Paraguai durante a guerra, as fontes principais son da autoría de varios galegos —militares ou provedores dos exércitos aliados— que deixaron constancia escrita das súas experiencias. Entón, os dous primeiros apartados deste capítulo constitúen un estudo sucinto pero pioneiro da pequena colonia de españois que se asentaron neste país nos lustros anteriores ao período de entreguerras.

A meirande parte do presente capítulo concéntrase nos tres primeiros decenios da posguerra, concretamente nos profesionais liberais de orixe galega. Como xa se constatou, unha fracción menor dos inmigrantes españois —entre un oito e un doce por cento— dedicábase ás profesións liberais. Non obstante, a súa contribución cualitativa á cultura, á sociedade e ás institucións paraguaias foi moi salientable no marco do que Amaral (1980: 11) denominaba a «parábola hispánica» (1870-1906): un momento histórico en que os españois eran os que en gran medida orientaban o pensamento político, filosófico e artístico da intelectualidade paraguaia. A orixe da parábola hispánica xace no feito de que, despois da hecatombe da Guerra Guazú, quedaban moi poucos cidadáns paraguaios especializados e tecnicamente preparados para levar a cabo a 'rexeneración' dos órganos do Estado. José Segundo Decoud, un estadista que si se beneficiou dunha esmerada educación secundaria no exilio bonaerense, explica a necesidade da concorrencia de inmigrantes cun alto nivel de formación no seu folleto *Cuestiones político-económicas* (1877):

> *El Paraguay que carece de artesanos, mecánicos, agricultores, ingenieros, juris-consultos, estadistas y naturalistas, debe procurar por todos los medios posibles la afluencia de la inmigración, combatiendo esas preocupaciones absurdas contra el extrangero, propaladas por los tiranos de este país* [los López]. *Asi la falta de hombres podrá ser suplida perfectamente por aquellos, para mejorar nuestro estado intelectual y moral, cuya rendición hoy no puede ser más deplorable. Es preciso convencerse que ninguna nación se ha civilizado por si.* (Citado en Teijeiro Martínez 1882: 28)

As profesións liberais estaban dotadas dunha gran visibilidade e prestixio social, e por culpa da situación desastrosa na que se atopaba o país, no último terzo do século os inmigrantes altamente formados podían exercelas practicamente sen competencia nativa, acceder ás capas máis privilexiadas da boa sociedade, e até influír na política local. Para comprendermos tal dinámica, este capítulo analiza as traxectorias dos inmigrantes españois e galegos que traballaban nos campos da medicina, a docencia, a avogacía, o xornalismo e, nunha derradeira sección, a literatura e as belas artes.

4.1. Os inmigrantes españois nos tempos de López

Confirmamos a presenza dun só galego no Paraguai durante a época dos López, na vila de Concepción. En outubro de 1869, ante a inminente ocupación da zona polo exército brasileiro, a pequena burguesía local pechou os seus negocios. Estes comerciantes eran maioritariamente concepcioneiros ou asuncenos, pero convivían cun puñado de estranxeiros: un chileno, un correntino, dous portugueses e un español, Gaspar Rodríguez, "*natural de Galicia y vecino de Villa Concepción*" (Alvarenga Caballero, 1999: 66-67). Rodríguez vivira en Concepción ao menos dende 1850, cando foi rexistrado como propietario de doce vacas nas anotacións de facendas nese departamento[63]. O seu era un dos cadros gandeiros máis pequenos, e a meirande parte dos demais propietarios censados tamén dispoñía de cabalos e eguas, o cal podería indicar que o galego estaba recentemente chegado no momento de levantar o reconto das facendas.

A presenza de inmigrantes espontáneos como Gaspar Rodríguez durante a presidencia de Carlos Antonio López é un tema moi pouco tratado. Non obstante, a renovada concesión de permisos para comerciar foi unha das primeiras mudanzas acontecidas trala morte de José Gaspar Rodríguez de Francia. O Supremo Ditador revocara tales permisos no marco da súa estratexia de persecución contra os «españois europeos» (non crioulos) — é dicir, unha estratexia formulada para derrotar un bloque de potenciais adversarios políticos. Unha das solicitudes que os cónsules Carlos Antonio López e Mariano Roque Alonso contestaron afirmativamente entre abril e agosto de 1841 suplicaba que se lle concedese unha licencia ao español Joaquín Peman, en "*circunstancia de hallarme años pasados arrestado en la Cárcel pública* [y] *no teniendo como subsistir de esta manera por mi suma pobreza*"[64]. Estes europeos volveron ás súas pulperías, pero eran unha clase reducida, empobrecida e envellecida. Quedaba sitio no mercado para novos inmigrantes, españois ou non.

Un caso ilustrativo é o comerciante biscaíño Miguel Elorduy, chegado ao Paraguai en 1811. Contra 1845, Elorduy 'chamou' o seu sobriño José Domingo Uribe para traballar na empresa até que, uns anos despois, chegase un irmán de José, Juan F. de Uribe, momento no cal os dous sobriños se puxeron á fronte do negocio. "*Este marchó tan bien, que al cabo de poco tiempo pudieron retirarse los dos jóvenes, dejando en su lugar á dos hermanos suyos: Juan Agustín y Florencio Uribe*" (López Decoud, 1911: LVI). A este núcleo súmase Venancio Uribe, quen figura no rexistro de pasaportes expedidos no ano 1858, o día 8 de xuño, cando lle foi concedido un permiso para viaxar a Bos Aires en compañía de José Domingo e os españois Leocadio Bringau e Eugenio Mateu y Aguiar (este último estaba facendo a mesma viaxe unha ou dúas veces ao ano para atender os seus negocios). Tamén temos noticias de Juan Tomás Uribe, a quen se lle expediu un pasaporte para baixar á capital do Prata o 29 de setembro de 1859[65]. Esta cadea migratoria, cun lapso insólito de 34 anos entre a chegada do pioneiro e a activación do efecto chamada durante a presidencia de López, foi a semente do que sería Uribe & Cía./Urrutia, Ugarte & Cía., unha das máis exitosas empresas españolas no Paraguai finisecular.

[63] ANA. Sección Historia. 293n2-37-42. Anotacións de facendas no departamento de Villa Concepción, 1850.
[64] ANA. Sección Historia. 442n3-95-109. Solicitude de permiso para comerciar presentada polo europeo Joaquín Peman y Wanden, 1841. [Trátase de varias solicitudes. Dous dos españois especifican as súas rexións de orixe: Cataluña e Menorca. Os suplicantes estableceron pulperías, ou unha fábrica de xabón nun dos casos, e moraban nas localidades de Itauguá, Luque, Piribebuy, San Lorenzo del Campo Grande ou San Lorenzo de la Frontera.]
[65] ANA. Sección Historia. 326n6-61-90. Pasaportes expedidos polo xefe de policía, 1858-1861.

Trala morte de Francia, tamén se levantou a prohibición de casaren os españois europeos con mulleres paraguaias — outra face da estratexia do Supremo para afastar a burguesía tardo-colonial do poder. Por exemplo, en 1855 o presidente López concedeu licenzas de matrimonio ao menorquino Juan Torres, transeúnte en Asunción, e a paraguaia María Anastasia Ruiz, e tamén ao catalán Martín Madrenas Fábregas, residente na capital, e a paraguaia María del Carmen Benítez (por certo, o funcionario que tramitou esta segunda a solicitude foi Miguel Antonio Elorduy, fillo do arriba mencionado comerciante vasco). O xuízo ao español Antonio Muños en 1857, procesado por ferir a súa criada paraguaia Petrona Chaves cun martelo e unha espada porque ela perdera unhas chaves, revela que o agresor tamén estaba casado cunha muller natural da república, Mercedes Genes[66].

Cando Ildefonso Antonio Bermejo viaxou ao Paraguai en barco no 1855, contratado polo ministro plenipotenciario Francisco Solano López, coñeceu un país onde o elemento estranxeiro xa era palpable. Incluso antes de alcanzar Asunción, Bermejo coñeceu a bordo un cigarreiro norteamericano "*que antes había residido en el Paraguay*", e un dos pasaxeiros faloulle dun comerciante italiano que traficaba coiros entre Pilar e a capital (Bermejo, 1909 [1873]: 34, 48). Unha vez instalado coa súa esposa Purificación Jiménez nunha casa asuncena, o gaditano entrevistouse con Carlos Antonio López. Algo que lle chamaba a atención eran os alcumes que os paraguaios tiñan para as distintas nacionalidades de *pytagua* (estranxeiros). Os brasileiros chamábanse macacos, os italianos carcamáns, os ingleses gringos e os franceses gabachos. E sabendo que en Bos Aires os españois eran godos ou *gallegos*:

> […] *pregunté si el Paraguay había dado también en la gracia de agasajarnos con algún epíteto, y respondió el Presidente:*
>
> *ð No, señor, aquí los españoles son considerados, porque como yo soy nieto de español y todo cuanto he podido saber se lo debo á España, respeto á esa nación y considero á sus naturales y notará Vd. que mis paisanos todo cuanto hay bueno en el país dicen que es de Castilla.* (Bermejo, 1909 [1873]: 66)

Noutro intre, e con menos finura que o seu presidente, o comandante paraguaio Garra, fillo dun biscaíño, contoulle a Bermejo que quería visitar España porque "*lo que yo desearía ver son esas bonitas bailarinas españolas, que, vestidas de andaluzas, me ha dicho el español Casajemos*[67] *que hacen unas danzas y unas cosas que es para derretirse de gusto*" (Bermejo, 1909 [1873]: 122). Estas conversas que Bermejo sostivo con López e Garra evidencian que suficientes españois vivían no Paraguai para que existisen estereotipos acerca deles e do seu país. O feito de que se trata de estereotipos positivos tamén suxire que os españois eran un colectivo non soamente visible, senón que tamén exitoso — a súa aportación á sociedade era ben vista. Atopamos un exemplo noutra entrevista co presidente, cando Bermejo presencia a visita do barbeiro de López que "*ejercía además el oficio de agente secreto de policía*". O barbeiro infórmalle de que:

[66] ANA. Dispensas Matrimoniales. NE-1540-24-29. Solicitude de Juan Torres para casar con María Anastasia Ruiz, 1855; NE-1540-8-12. Solicitude de Martín Madrenas para casar con María del Carmen Benítez, 1855; Sección Civil y Judicial. 1821n9. Proceso ao español Antonio Muños por ferida.

[67] Casajemos é un apelido posiblemente inventado, se ben parecido a Casajús. O mesmo pode dicirse de Echavargota, o apelido dun biscaíño residente en Villarrica (Bermejo, 1909 [1873]: 151). Bermejo tal vez quixese preservar o anonimato destas persoas, ou se cadra non lembraba os seus nomes quince anos despois dos feitos. Tampouco descartamos a opción de que algúns dos episodios narrados sexan ficticios (o cal non quitaría que se baseasen nunha realidade que se pode corroborar noutras fontes).

Todos están muy contentos, excelentísimo señor. […] *Cuando digo todos, añadió el rasurante, me refiero á los nuestros, porque el español D. Jaime Folladosa, que tiene la barbería en la Plaza Grande, que vino al país que parecía un mendigo y ya tiene á estas horas sobre mil de pesos de capital, ese pícaro, que debe á la República cuanto tiene, y á quien V.E. ha concedido la gracia de poder abrir la tienda á pesar de ser extranjero, paga los beneficios que se le hacen diciendo que V.E. parece una tinaja con sombrero de tres picos, y la excelentísima señora* [Juana Pabla Carrillo de López] *una placera con traje de seda. Esto lo decía á otros extranjeros que le escuchaban.*

ð Se me figura, respondió el Presidente, que como es de tu oficio y tiene más parroquianos que tú, le acusas con exageración.

[…] *ð Me lo ha dicho mi sobrino, que sabe español y le sirve como criado. Añadió á los extranjeros, y especialmente á uno que estaba en la barbería jugando á las damasé* (Bermejo, 1909 [1873]: 143)

Neste breve informe, entrevense diversas características da inmigración española. Primeiro, nun país que estaba abríndose aos mercados estranxeiros de maneira estritamente controlada, existía a posibilidade de lograr un elevado grao de mobilidade social. O texto non explicita por que o barbeiro español tiña máis clientes que o barbeiro paraguaio, pero semella que os compatriotas se axudaban entre si; nesta pasaxe vemos que Folladosa tiña moito éxito entre os estranxeiros afincados en Asunción, e o seu negocio tamén era un lugar de sociabilidade para eles, do xogo das damas e de rexoubas. Ademais, as asociacións positivas que se tiñan da súa nación ("*todo cuanto hay bueno en el país dicen que es de Castilla*") e os seus coñecementos das modas de España (e Bos Aires?) posiblemente coadxuvasen no seu triunfo. Folladosa permanecería no Paraguai ao menos até 1865, cando a súa firma aparece nunha manifestación dos residentes estranxeiros en homenaxe a Francisco Solano López (Masterman, 1870: 314).

O labor pedagóxico de Bermejo é unha das facetas máis memorables do seu traballo no Paraguai. O gaditano organizou unha *Escuela Normal* onde se educaron figuras tan relevantes como José Segundo Decoud ou Natalicio Talavera, "*el primer poeta paraguayo* […] *quien en la cátedra de Bermejo adquirió, entre otros conocimientos, el del francés, que le capacitó para hacer la conocida traducción de* [Alphonse de] *Lamartine*" que influíu decisivamente na implantación do romanticismo nas letras nacionais (Plá, 1985: 81). A prensa dá algunha pista acerca doutros españois importadores de coñecementos durante os anos cincuenta: un "*caballero español*" que abriu unha librería, quizais a primeira, en Asunción; ou un rapaz, natural de España, que anunciaba a apertura dunha academia de francés[68]. Noutra ocasión, en 1858, o español Francisco Vidal solicitou un permiso para que a súa esposa, Josefa Mercé y Vidal —presumiblemente española—, puidese establecer un colexio para nenas na capital[69].

Porén, non hai que esaxerar a escala da inmigración nestes momentos. Toda proposta para entaboar negocios tiña que ser aprobada persoalmente polo presidente ou un dos seus ministros. En xaneiro de 1860, por exemplo, o español Rafael Rojas y Serbilla entregou un proxecto para establecer unha lotería pública con garantías da "*integridad y buena fé de sus opercaciones, con los intereses de los aficionados á probar suerte, con motibo de haber sabido, que para igual Lotería, obtubo permiso años pasados, un Ciudadano paraguayo, y éste tubo á bien no continuar*". Neste caso, foi o ministro de Facenda Mariano González quen lle

[68] *Eco del Paraguay. Periódico político, industrial, comercial y literario*. Asunción, 26 de abril de 1855, p. 7; 31 de maio de 1855, p. 31.

[69] ANA. Sección Civil y Judicial. 1932n16. Solicitude de Francisco Vidal, estranxeiro, para que a súa esposa Josefa Mercé poida pór unha escola ás nenas desta capital, 1858.

comunicou ao empresario a concesión durante un ano prorrogable, previndolle "*que los billetes serán de distintos valores de los de la emisión del Tesoro Nacional*" e coa advertencia vaga pero ominosa de que se estes chegasen "*á ocasionar cualquier abuso en el despacho de los billetes de la emisión del Tesoro Nacional, le proveerá lo que haya lugar*"[70].

Sen renunciar a este estrito control estatal, o goberno de Carlos Antonio López incluso estudaba a posibilidade de ceder terras a empresarios estranxeiros para a súa explotación agro-industrial. En xullo de 1854, concedéuselle unha licenza ao cidadán francés Henrique Héberard Cramon para realizar exploracións co propósito de establecer unha obraxe de madeiras no Chaco, fronte ao departamento de Pilar na actual provincia arxentina de Formosa. López envioulle instrucións ao comandante da Villa del Pilar para permitir que o axente de Héberard, un español chamado Vicente Barreiro —o apelido é galego pero non se ofrece ningún dato acerca do seu lugar de nacemento—, montase unha expedición para levar a cabo o recoñecemento do terreo[71]. En setembro, o comandante Pantaleón Balmaceda remitiu un informe sobre dita expedición. Barreiro e varios veciños pilarenses navegaron en chalana polo río Bermejo até atoparen unha zona de montes de lapachos que lles parecían aproveitables. Coa axuda dun intérprete, Barreiro entrevistouse con "*los indios en aquel lugar y* [ha] *tratado con un cacique de ellos* […] [y] *ha quedado con él acorde de arribar dicho cacique en frente de esta Villa el día 22 del mismo, despues de poner presente el caso á los demas caciques sus compañeros, á celebrar algun convenio ó tratado con dicho Barreiro*". O día da reunión, os indíxenas "*se hallaban gustosos de aquel proyecto que se les hizo presente, ofreciendo á Barreiro hasta peones* […] *y que seguidamente hicieron de caballo á Barreiro, para que saliera á reconocer un monte grande*"[72].

En resumo, as restricións á libre circulación de persoas e capital non impediu que se consolidase unha pequena burguesía cun notable elemento internacional. En datas tan temperás como agosto de 1849, 36 comerciantes estranxeiros vivían en Pilar. Ao menos catro destes eran españois: Antonio e Gabriel Ezquer, José Mateu y Aguiar, e Enrique Ugarte. Este fluxo migratorio encetárase apenas iniciada a presidencia de Carlos Antonio López. Antonio Ezquer, por exemplo, arribou a Pilar en 1845 "*con procedencia de las Provincias de abajo*". Moitos dos inmigrantes, especialmente os españois e italianos, probablemente traballasen como prácticos ou mariñeiros cando pisaron terras paraguaias por primeira vez. Numerosos operarios fluviais quedan rexistrados nos fondos do ANA, como o español Manuel Lamas, mariñeiro da goleta "Relámpago", quen foi procesado en 1853 por unha pendencia habida entre el e o paraguaio Dionicio Olivera, na cal Lamas agrediu o seu contrincante cun cacho de ladrillo[73]. Proba da importancia deste sector é unha nova sociedade denominada *Círculo Comercial del Paraguay* que se constituíu en outubro de 1855. O Círculo tiña por obxecto ofrecer ao comercio "*todos los conocimientos que pueda necesitar en sus diferentes operaciones, y un punto de reunión, de sociabilidad y de honroso recreo*". No editorial do *Eco del Paraguay*, Bermejo escribiu que xa contaba con "*cierto número de socios á quiénes ha bastado una mera indicación para prestarse*". Opinaba, ademais, que unha das tarefas principais da asociación debía ser mellorar as infraestruturas nacionais porque "*después de enlazadas entre sí las mas importantes*

[70] ANA. Sección Historia. 329n-119-122. Concesión de xogo de lotería de billetes solicitada por Rafael Rojas y Serbilla (español), 1860.
[71] ANA. Sección Historia. 312n4-23. Solicitude sobre permiso de establecemento de obraxe no Chaco, 1854.
[72] ANA. Sección Historia. 397 -I-. Correspondencias da Villa del Pilar, 1850-, pp. 1818-1820.
[73] ANA. Sección Historia. 278n5-124-148. Lista de estranxeiros en Villa del Pilar, 1849; 275n1-1-16. Licenzas e pasaportes expedidos en Villa del Pilar, 1845; Sección Civil y Judicial. 1703n5. Pendencia entre o natural Dionicio Olivera e o español Manuel Lamas (Asunción), 1853.

poblaciones del Paraguay, formará tal desarrollo la riqueza y el trabajo que andado el tiempo puede ser esta república una de las más envidiadas de la América meridional"[74].

Unha das poboacións que gozaba de maior accesibilidade fluvial era a vila de Concepción, até onde chegou o arriba citado Gaspar Rodríguez, natura de Galicia. Os mercadores nesa praza vendíanlles produtos de consumo básico e materiais para as faenas agrícolas —ponchos, coiros, tabaco, touros— aos campesiños e aos poucos empresarios licenciados para explotar os herbais da rexión, sen romperen o monopolio estatal sobre as exportacións. No caso destes terratenentes privados, a burguesía da vila tamén lle era provedora de crédito (Areces, 2005: 11). Entón, Rodríguez formaba parte dunha rede de comerciantes paraguaios e forasteiros que cumpría unha función vital no proxecto aperturista de Carlos Antonio López. Esta primeira inmigración foi o antecedente directo ao sector comercial que se consolidou durante a posguerra da Tripla Alianza.

4.2. A Tripla Alianza abre as portas á inmigración

Non temos noticias de españois que se alistasen no exército paraguaio durante a Guerra da Tripla Alianza. Algúns levantaron sospeitas de traizón. Unha listaxe de presos estranxeiros nos cárceres de Cerro León (Pirayú, Paraguarí), remitida o 3 de xuño de 1868, recolle doce reos políticos: catro portugueses, tres brasileiros, un alemán, un italiano, e os dous españois Manuel Varela e Jacinto Balza[75]. O 6 de agosto, había 23 reos políticos estranxeiros en grellas no cárcere de Luque (Central): once italianos, catro arxentinos, dous correntinos, un alemán, un chileno, un "estranxeiro", un inglés, un oriental, e o español Ignacio Ruiz[76]. O diario do xeneral Isidoro Resquín recolle as mortes e as execucións transcorridas no campamento de San Fernando até decembro de 1868. Os españois Agustín Elezdui (Elorduy?) e Ignacio Galarraga faleceron presos entre o 21 e o 25 de agosto. Constan, ademais, as execucións de dous españois que xa citamos, Eugenio M. Agariaz (sic, Mateu y Aguiar) (9 de agosto) y Francisco Vidal (22 de agosto), máis outras vítimas como Vicente Reina ou Isidoro Cordina (27 de setembro). Porén, apenas doce dos 834 presos tratados nestas 'táboas de sangue' eran de nacionalidade española (Masterman, 1870: 371-381). E dado que, como comprobaremos máis adiante, case ningún dos españois que atopamos no Paraguai durante a época de López figura nas fontes da posguerra, isto suxire que a meirande parte da colonia española existente en 1864-1865 abandonou o país durante o conflito.

O testemuño dunha supervivente da guerra, recollido por Victorino Abente y Lago en 1870, ilustra con que facilidade os oficiais paraguaios cuestionaban a lealdade dos estranxeiros durante o conflito. Entre outras experiencias traumáticas, *La historia de Silvia* conta como a nai paraguaia e o pai francés da narradora terminaron sendo fusilados por resistirse ás aldraxes de soldados desconfiados[77]. Primeiro, a familia foi obrigada a durmir en medio do campo, fóra da cidade de Luque, porque "*un oficial le dijo á mi taitita, que los gringos no debian estar con los paraguayos, porque eran* pyragues *de los* cambá [espías de los brasileños]". O día seguinte, o

[74] *Eco del Paraguay. Periódico político, industrial, comercial y literario*. Asunción, 11 de outubro de 1855, p. 1.
[75] ANA. AHRP. 4711-1-2. Lista de estranxeiros que se encontran presos nos cárceres públicos de Cerro León, 1868. [Outro español, Manuel Rosa, figura entre os presos "de diferentes causas".]
[76] ANA. AHRP. 4806-1-1. Lista dos reos políticos estranxeiros, 1868.
[77] Polas diverxencias biográficas e a idade da protagonista (tiña quince anos en 1870), sabemos que esta muller non podía ser Silvia Cordal, unha coñecida testemuña da guerra.

mesmo oficial impediunos subir ao ferrocarril para pasaren a Paraguarí porque "*tenia órden del supremo de no dejar á los* pytaguás *conversar con los paraguayos*". En resumo:

> *Mi taitita siempre era insultado, y mi mamita lo defendia, por eso fueron odiados enteramente los dos, hasta que un dia un oficial les dijo: «está bueno: apenas entremos al monte me la pagarán; yo soy el encargado de la retaguardia». Estas palabras me hicieron llorar, porque entendí que era la sentencia de muerte de mis padres.*[78]

Por outro carón, a ocupación aliada era a porta de entrada ao Paraguai para un grupo de inmigrantes pioneiros, entre eles o propio Abente y Lago. Nacido o 2 de xuño de 1846, fuxiu da súa vila natal de Muxía (A Coruña) a finais de 1866 porque non quería seguir a carreira eclesiástica (Abente y Lago, 1984: 5). Testamento da tristura que este rompemento familiar lle causou é a tradución ao castelán de *Adiós ríos, adiós fontes* (1864) de Rosalía de Castro que o emigrante realizou durante a travesía a Cuba, incluída erroneamente como composición propia na súa *Antología poética* (1984: 304-306)[79]. Despois, Abente trasladouse a Bos Aires, onde traballaba en almacéns até que un empresario español de apelido Lezama o contratase como secretario porque a publicación dos seus poemas *A Buenos Aires* e *A mi madre* nun xornal porteño atraeran a súa atención. Lezama era o provedor xeral do exército daquela, e por esta vía Abente y Lago arribou a Asunción en marzo de 1869, no emprego da subministración militar arxentina (Abente y Lago, 1984: 5).

Houbo outros galegos que se involucraron na guerra en circunstancias parecidas. O pontevedrés Francisco Javier Brabo provía o exército brasileiro de municións e víveres durante a campaña de Corrientes (1865), pero a diferenza de Abente, xa era un veterano da emigración americana. Chamado por un irmán, el comezou a traballar nunha tenda en Canelones (Uruguai) a principios dos anos corenta. Despois de loitar para os colorados durante a Guerra Grande uruguaia (1839-1851) e residir durante varios anos en Río de Xaneiro, Brabo arranxou o seu primeiro contrato como provedor militar fixando termos co comandante brasileiro Luís Alves de Lima e Silva, conde de Caxias, durante a Guerra do Prata (1851-1852). Soamente despois da caída de Rosas —aliado de Manuel Oribe e inimigo dos colorados uruguaios—, Brabo puido trasladarse a Bos Aires, onde traballou no comercio dende 1854 a 1864, e "*llegué por fin á verme rey de los tabacos, tanto del Brasil como del Paraguay, habiendo ocasiones en que el comercio todo de este género era tributario de mi casa*" (Brabo, 1872: XXVII, XXXI). Sen dúbida, este resumo dos seus negocios peca dun grao de esaxeración, dado o monopolio estatal vixente no Paraguai antes da guerra.

Francisco Javier Brabo, aínda que chegou a estar "*enfermo de cansancio y de puro trabajar*" despois de semanas de travesías polos camiños de Corrientes, gañou moito diñeiro nesa campaña de 1865, xunto a un irmán seu, de outrora contrabandista (Brabo, 1872: XLVII). Finalmente, o pontevedrés resolveu non acompañar as forzas imperiais máis alá de Paso de la Patria:

[78] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 15 de decembro de 1870, p. 2.

[79] É de supor que Victorino, de cativo, coñeceu Rosalía de Castro en 1853 cando ela pasou a festa da Barca na casa dos Abente en Muxía. O máis probable é que tamén estivese Eduardo Pondal, cuxa nai era unha irmá de Leandro, o pai de Victorino (Carballo Calero, 1975: 245). Leandro Abente e Manuela del Lago tiveron seis fillas e tres fillos. Desta prole, o fillo máis coñecido hoxe en día é o médico militar Ezequiel Abente y Lago, cuxos apelidos leva o Hospital Abente y Lago de A Coruña dende 1998.

> […] *y tuve mil motivos para felicitarme de mi reciente resolucion, porque, si hubiese ido al Paraguay cuando fue el general* [Manuel Luís] *Osorio, mis compromisos de amistad con él hubiéranme llevado hasta las puertas del infierno, y teniendo en cuenta lo poco feliz que he sido para las balas, acaso hubiera terminado allí mis días.*
>
> *Tuve, pues, motivo para alegrarme de aquella separacion, sobre todo por mi mujer y mis hijos: continuaron algun tiempo mis socios ganando triple que yo, pero no por eso fueron más felices, cabiéndome á mí la satisfacción de haber contribuido, impulsado tan sólo por la gratitud á los servicios que me prestaron en otro tiempo, á que el uno de ellos se embolsase un millon de duros, y el otro medio próximamente.* (Brabo, 1872: XLVIII)

A prudente decisión de Brabo podía salvarlle a vida, pero consta que a destrución da Primeira República Paraguaia foi unha oportunidade lucrativa para algúns. Esta historia repetiríase a menor escala medio século despois, cando emisarios de ambos bandos na Guerra Civil de 1922-1923 baixaron a Bos Aires para mercar materiais destinados ás tropas en campaña. *El Correo de Galicia* reportou que entre as casas onde os paraguaios "*hicieron fuertes compras figura la de nuestro conterráneo Cabezas, de Sarmiento y San Martín, cuyos grandes almacenes pudieron satisfacer ampliamente los grandes pedidos de ropa de abrigo que le fueron hechos*"[80].

Na Guerra da Tripla Alianza, ao menos dous galegos tamén participaron como militares nos exércitos aliados. Un foi Antonio Rodríguez del Busto, escritor de sona asentado eventualmente na cidade arxentina de Córdoba. Nado en Ribadeo (Lugo) no 1848, tiña catorce anos cando "*le sacó un caballero que debía algunos pequeños favores á su padre, y le trajo á Buenos Aires; pero á su lado estuvo muy pocos meses, pues, en Julio, pasó á vivir al de un amigo de su infancia*"[81]. Así seguiu até 1866, cando Rodríguez se dispuxo para ir á guerra contra o Paraguai. A única información sobre este episodio da súa vida son os fragmentos dun texto máis amplo titulado *¡Paraguay!* que o *Centro Gallego* de Córdoba publicou en 1921, pero que Rodríguez del Busto seica escribira bastante tempo antes porque os acompaña o subtítulo "*Páginas olvidadas*". *¡Paraguay!* está escrito cunha intencionalidade máis poética que informativa, sen que haxa un claro fío narrativo. O único episodio concreto aludido é a morte do coronel Florencio Romero:

> […] *el que era el orgullo de su patria, gentil guerrero con músculos de hierro, aquel que con pestañas negras, cubría ojos de color del cielo, aquel que anidaba el valor dentro del pecho, el que iba al combate con preseas de oro, desfallece a su vez y cae exangüe, y agonizante y grita al compañero «ve y di al general que mande a relevarme», y en el cuadro que forman sus soldados, se guarda su cadáver.*[82]

Se Rodríguez del Busto presenciou a morte de Romero, isto significa que loitou na Batalla de Lomas Valentinas (21-27 de decembro de 1868), probablemente na terceira brigada do primeiro corpo do exército arxentino — a comandada por Romero (Garmendia, 1889: 394-395). Por outro carón, a linguaxe que o autor utiliza é significativa. Para os gustos actuais, *¡Paraguay!* exhibe un estilo excesivamente ampuloso que provoca unha sensación de distanciamento entre o lector e os feitos. Porén, esta falta de realismo é típica de gran parte da

[80] *El Correo de Galicia. Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Bos Aires, 6 de xuño de 1922, p. 4.
[81] Citamos a biografía de Rodríguez del Busto que Manuel Castro López publicou en *El Eco de Galicia* (Bos Aires). O investigador Pablo Rodríguez Fernández reproduce a portada no seu blog "Ribadeo, historia e emigración" (19 de novembro de 2018), pero a data orixinal do texto non é visible: https://www.ribadeoemigracion.info/antonio-rodriguez-del-busto-nacido-en-ribadeo-en-1848-ofrecio-donaciones-y-se-le-rechazaron/ [acceso: 28 de marzo de 2021].
[82] *A Terra. Órgano del Centro Gallego*. Córdoba, abril de 1921, p. 26.

literatura contemporánea sobre estes sucesos: a Guerra Guazú era unha epopea, tráxica ou heroica, pero case sempre épica. Aquí Rodríguez del Busto pretende converter o coronel, un home que el admiraba, en heroe, pois este Romero literario non é un mero home mortal, senón que é unha "*Aparación fantástica, gigante volador, como un Marte con alas de angel de exterminio*". Finalmente, unha frase manuscrita que acompaña os fragmentos de *¡Paraguay!* axuda a explicar por que o autor interpretaba a guerra nestes termos heroicos: "*El gobierno debe ser un organismo sencillo eficaz para mantener la independencia, el orden y la libertad; y estos fines puede obtenerse por el planteamiento del sistema dual de Nación y Municipio*. *A. Rodríguez del Busto*". Esta frase contextualiza a obra literaria; fálase do modelo ideal de liberalismo que o autor cría que se impoñería no Paraguai trala derrota de López. Pero a cita non está datada, polo cal non se sabe se o Rodríguez del Busto adolescente tiña as ideas políticas tan claras durante a guerra, ou se se trata dunha racionalización posterior que xustificaba tanto sangue derramado.

Antonio Pardo foi outro galego que loitou na Guerra da Tripla Alianza. Naceu en Ferrol (A Coruña) e era "*casi un niño*" cando emigrou á Arxentina, pero aínda con "*más de 60 años, de residencia en este país, conservaba un acendrado cariño a Galicia. Poseía una valiosa biblioteca de autores gallegos*"[83]. Pardo non deixou testemuño escrito da súa experiencia bélica. Os datos dispoñibles extráense da elexía que pronunciou José M. Lizurume na ocasión de inaugurarse un monumento sepulcral á memoria do ferrolán, dous anos despois de falecido. Pardo alistouse como cadete no exército arxentino aos vinte anos e participou na campaña para derrubar as fortificacións de Humaitá (1866-1868), na Batalla de Lomas Valentinas durante a Campaña de Pikysyry (1868-1869), e na expedición ao Chaco (ocupación de Villa Occidental). Terminada a Guerra da Tripla Alianza, Pardo tamén actuou na Revolución de 1874, no bando mitrista, e na Conquista do Deserto (1878-1885), alcanzando o rango de coronel. As palabras de Lizurume, apropiadas para unha elexía, non son moi informativas respecto das motivacións e o pensamento deste militar galego. Por exemplo, o orador refírese á política de Bartolomé Mitre (presidente 1861-1868) como o reflexo do "*sentimiento colectivo*", e afirma que foi "*con intenso dolor que los argentinos se lanzaron a la empresa de derrocar al tirano, para proclamar enseguida de haber alcanzado este objetivo, que «la victoria no dá derechos»*"[84]. Non obstante, esta explanación auto-xustificativa é propia dos anos 1920, e baséase nunha anacrónica sensación de unidade nacional, cando no seu momento a guerra realmente foi motivo dunha gran polémica na prensa e na sociedade arxentinas (Baratta, 2015, 2016).

Outro caso posible da actuación dun galego neste conflito é o de José Antonio Fontela, autor das *Narraciones rioplatenses ð cuentos criollos* (1894) entre outras obras. Naceu en Galicia en 1842 e, sendo menor de idade, emigrou a Uruguai. Fontela traballou durante vinte anos no rural uruguaio e arxentino, pero no seu testemuño autobiográfico, firmado en 1901, tamén asegura ter pasado uns anos no Paraguai, "*aunque éste en circunstacias anormales*" (citado en Zubillaga, 1998: 206). Tales "circunstancias" disque se refiren á Guerra da Tripla Alianza — Zubillaga propón como hipótese que Fontela podía estar vinculado dalgunha maneira á expedición militar que Venancio Flores comprometeu nela.

Non está claro cantos estranxeiros colaboraron cos exércitos aliados en total. Os exemplos citados aquí son casos excepcionais: os poucos datos que se conservan sobre Antonio Pardo débense á súa ilustre carreira militar posterior á Guerra Guazú; os nomes de Victorino

[83] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 20 de outubro de 1925, p. 43.
[84] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 30 de xaneiro de 1928, pp. 22, 24.

Abente y Lago, Francisco Javier Brabo, Antonio Rodríguez del Busto ou José Antonio Fontela consérvanse porque estes homes *escribían*. O mesmo pode dicirse sobre o sevillano León de Palleja, coronel no exército oriental e correspondente de guerra, cuxas 64 cartas remitidas dende a fronte a *El Pueblo* de Montevideo considéranse un clásico da literatura uruguaia (Johansson, 2017: 228). Atopamos algúns nomes máis nos álbums gráficos e guías ilustradas que se editaron nas décadas posteriores á guerra. López Decoud (1911), por exemplo, indica que varios dos empresarios estranxeiros máis poderosos arredor do centenario comezaron a traballar no Paraguai durante a guerra. Case todos eran italianos (Luis Patri, Jorge Casaccia, Manuel Ferraro, Francisco Cattaneo, Juan Barbero, os irmáns Pecci), pero tamén figura José Aldama, chegado en 1869 como empregado de comercio e probablemente de nacionalidade española[85].

Outro exemplo é o español Guillermo Ocariz, tal vez de orixe vasca, navarra ou rioxana (á parte de tratarse un apelido corrente nesas rexións, consta que a súa filla Teresa casou co gandeiro José Bañuelos, quen pola súa parte era de Villar de Arnedo, preto de Logroño[86]). Ocariz naceu en 1850-1851 e chegou ao Paraguai en 1869, onde empezou a traballar na casa comercial de Nicolás Otaño, un oriental que formaba parte da cohorte de cidadáns dos países aliados que abriron negocios en Concepción durante a ocupación. Uns anos despois, o español pasou a traballar na explotación da herba mate e, finalmente, fíxose terratenente gandeiro (Monte Domecq, 1911: 351). En resumo, na guerra dos anos sesenta mobilizáronse grandes catervas de soldados, provedores, carreteiros e barqueiros, sen esquecermos as mulleres que cociñaban, lavaban roupa e coidaban os feridos nos campamentos (Potthast, 2005: 91). Entre todas estas xentes en ebulición, é probable que houbese outros españois e galegos máis alá dos persoeiros aquí estudados: inmigrantes anónimos que non deixaron rastro escrito. Apenas unha minoría destas persoas ía fixar a súa residencia permanente no Paraguai, pero a ocupación militar creou oportunidades para os empresarios que puidesen satisfacer as esixencias dos exércitos ou cubrir os ocos abismais que a economía paraguaia padecía en xeral.

4.3. As profesións liberais e a reconstrución do Estado

4.3.1. Médicos, masóns e os inicios do asociacionismo

O Paraguai da posguerra experimentou unha grave carestía de traballadores cualificados. Moitos dos que había morreran durante a conflagración, e o país non contaba con ningún centro de formación superior. Neses tumultuosos anos, os servizos prestados polos inmigrantes que exercían as profesións liberais constituirían unha peza clave no proceso de reconstrución nacional. Unha epidemia de febre amarela que castigou a sociedade paraguaia entre 1870-1871 salientou esta necesidade dende o primeiro momento. A enfermidade importouse dende a Arxentina, onde os documentos oficiais reflicten os seus estragos durante os meses anteriores á detección dos primeiros casos en Asunción (García, Larison e Raventos, 2000). Warren (2009 [1978]: 225) sostén que a repatriación dun grupo de prisioneiros de guerra paraguaios provocou o brote. Os pacientes multiplicaron durante os últimos meses de 1870. Victorino Abente y Lago,

[85] Nos expedientes de solteiría, hai dous noivos de apelido Aldama: José (n. 1882-1883) e Miguel (n. 1880). Ambos naceron en Lezama (Euskadi) (expedientes 2222, 2399). O fillo paraguaio do José Aldama citado por López Decoud (1911: CXXX) tamén se chamaba Miguel. Estas coincidencias insinúan que pode tratarse dunha cadea migratoria entre membros dunha mesma familia vasca.

[86] CCCC. Telegrama de José Bañuelos a Gaspar Ocariz & Cía., 30 de setembro de 1930; Carta de Gerardo Bañuelos a José Bañuelos, 9 de setembro de 1909.

na "*Mesa revuelta*" de poesías, relatos e comentarios socio-políticos que editaba para *El Pueblo*, describe como a febre amargou as primeiras festividades de aninovo dende o termo da terra:

> ð *¿Ustedes lo pasan bien, señoritas de Urdapilleta?*
> ð *No muy buenas, pues hemos tenido la peste.*
> ð *Pero no les ha dejado rastro en esos blancos y hermosos rostros.*
> ð *Estamos muy delgadas.*
> ð *¿Y Vdes., amables Recaldes, cómo la han pasado?*
> ð *No muy buenas; hemos tenido nuestro susto. ¿Y a V. cómo le ha ido?*
> ð *¿Pero no me ven Vdes. que parezco que ando con licencias del sepulturero?*
> ð *Pues no se le advierte mucho, sin duda Silvia le ha mejorado.*
> […]
> *Pues señor, me vuelvo á mi casa, porque temo que me den un patatus tantas manifestaciones. No concluyo mi revista, no me atrevo á pasar hasta las de Bareiro, Franco, Caballeros* [sic]*, Velilla, Casares, Escato, Decoud, Rojas, Román, y demás amigas, pues temo que algún fatal ¡se nos fue la pobrecita! me tumbe.*[87]

Abente escribía co sentido de humor que caracterizaba a "*Mesa revuelta*" e moitas das súas composicións poéticas satíricas. O indirecto sobre Silvia alude á mesma orfa superviviente da guerra cuxo testemuño analizamos na sección 4.2, pois Abente estaba cortexándoa. Pero o texto transmite a dureza da situación. Poucas familias libráronse da peste, e o Estado non tiña medios para mitigar os seus efectos. Corrían, ademais, rumores de que certos individuos sen escrúpulos especulaban coa saúde do pobo. O 4 de xaneiro, co pseudónimo "Látigo", o muxián comentou:

> *COSAS QUE SE DICEN*
> *Se dice que varios médicos han comprado varias boticas con el objeto de especular con la humanidad doliente.*
> *Se dice que algunos médicos caritativos cobran hasta 20 pesos fuertes por visita.*
> *COSAS QUE SE PREGUNTAN*
> *¿Porqué no se llaman á examen á los médicos, boticarios &&. y se hace cumplir el Reglamento del Consejo de Higiene?*
> *¿Porqué no se aplica el castigo á los infractores de dicho Reglamento?*[88]

O goberno de Cirilo Rivarola creou o referido *Consejo de Higiene* (CdH) para loitar contra a epidemia, pero non puido mudar moitas cousas ante a pobreza abxecta da maioría dos asuncenos e a falta de persoal médico. Por tanto, o Brasil consentiu enviar tres facultativos militares para auxiliar o CdH (Warren, 2009 [1978]: 226). Porén, estes tres médicos axiña tiveron ou provocaron problemas. Dous membros do CdH —o escocés William Stewart, contratado no seu momento por López pai, e o arxentino Manuel de Biedma— dimitiron porque os brasileiros Chaves, Barreta e Sinfronio sempre votaban en contra das súas resolucións. O ministro do Interior Rufino Taboada nomeou tres novos cargos: os doutores Morra, Zubiaga e Barrandon. O CdH, agora composto soamente polos enviados imperiais, resistiuse a tales nomeamentos. En parte, o problema xiraba en torno á cuestión de se a orixe da epidemia era a febre amarela. Os brasileiros dicían que non, pero os demais médicos da capitla, "*italianos, franceses, españoles* [y] *argentinos*", alegaban que si. O francés Barrandon até inculpaba os militares de sabotaxe, de pretender machucar o Paraguai para facilitaren o seu sometemento ao xugo imperial:

[87] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 1 de xaneiro de 1871, p. 2.
[88] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 4 de xaneiro de 1871, p. 2.

> *¿Qué hizo el Consejo? En vez de agradecer al Gobierno esa solicitud y á los tres nuevos miembros su filantrópica cooperación, insulta de una manera bien impropia tanta al uno como á los otros. ¡Qué bella filantropía! ¿No es claro, pues, que ese nombramiento venía á trastornar proyectos de dominio absoluto?*[89]

Pola escaseza de recursos e polas turrapuxas entre os oficiais do goberno, a resposta á crise dependía sobre todo do sector privado e os coñecementos daquel puñado de médicos e farmacéuticos estranxeiros. Dende inicios da ocupación aliada, realizáronse diferentes colectas benéficas para paliar o sufrimento da poboación. Por exemplo, Jesús Malpartida, un dos "*gallegos amigos*" de Abente y Lago, doou cinco pesos a unha subscrición de socorros ás mulleres vítimas da guerra que o xornal *La Regeneración* impulsou en 1870 (Decoud, 1925: 263-264).

O asociacionismo mutualista resultaba unha forma conveniente de protexerse contra os vaivéns do destino e da saúde. A primeira sociedade desta índole foi a *Asociación Estrangera de Protección Mútua* (AEPM). A idea naceu nunha xuntanza no local de *La Voz del Pueblo*, o 24 de abril de 1870. Este xornal, precursor de *El Pueblo* e ligado á facción opositora de Cándido Bareiro, saía do prelo tres veces semanalmente entre marzo e setembro. Tres dos seus colaboradores estiveron presentes en dita xuntanza: Victorino Abente e os arxentinos Miguel Gallegos (redactor e editor responsable) e Miguel Macías (Segatto, 2016: 224). Os demais asistentes foron Manuel de Biedma, Félix Amadeo Benítez, Eusebio Godoy, Carlos C. Rueda (escribán público[90]), Pablo Ramella (italiano, xerente dunha casa de remates[91]), Luis Burone, e Pedro Michelena. A constitución da xunta directiva da AEPM formalizouse o 22 de maio. Fors (1871: 384-387) reproduce os nomes e os cargos dos seus integrantes, aos cales engadimos datos complementarios (asociativos, laborais) derivados dunha sistemática revisión das fontes hemerográficas da época

[89] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 17 de xaneiro de 1871, p. 2.
[90] *La Regeneración*. Asunción, 1 de maio de 1870, p. 2.
[91] *La Regeneración*. Asunción, 1 de maio de 1870, p. 2. [O anuncio repítese noutros números.]

Táboa 14. Primeira xunta directiva da AEPM		
Cargo	Nome	Observacións
Presidente	Dr. Félix Amadeo Benítez	
Vicepresidente	Dr. Luis Ricardo Fors	Avogado[92]; Pineda de Mar, Barcelona
Tesoureiro	Ricardo Antônio Mendes Gonçalves	Provedor do exército brasileiro (Alvarenga Caballero, 1998: 75)
Secretario	Ricardo Rodríguez Menica	Oficial primeiro do goberno provisorio [93]
Vocal brasileiro	Roberto Chaves	
Suplente brasileiro	Sr. Macedo	Dr. Luis Tavares de Macedo(?)[94]
Vocal arxentino	Dr. Manuel de Biedma	Médico, membro posterior do CdH
Suplente arxentino	Emilio Capdevila	
Vocal alemán	Fernando Lesner	Inspector da municipalidade de Asunción até maio de 1870[95]
Suplente alemán	Enrique Mangels	
Vocal italiano	Luis Burone	Escribán público[96]
Suplente italiano	Francisco Valetti	Profesor de idiomas, posteriormente presidente da *Societá Italiana de Unione e Benevolenza*[97]
Vocal español	Antonio Aladern	Médico[98]
Suplente español	Pedro Michelena	
Vocal portugués	Antônio de Silveira Lobão	Comerciante[99]
Suplente portugués	Silvério Rodrigues dos Santos	Simultaneamente secretario da *Sociedade de Beneficencia Portugueza*[100]
Vocal francés	Luis Barrandon	Médico, membro posterior do CdH
Suplente francés	Edmundo Berchon desEssarts	Contratista de inmobles [101]
Vocal suízo	Tiberio P. Pasini	
Fonte: elaboración propia a partir de Fors (1871: 384 -387)		

O peso das profesións liberais nesta xunta directiva era notable. O seu alto nivel de formación capacitaba estes homes para exercer como médicos, avogados, escribáns públicos etc., sen maior competencia nunha nación onde só os máis privilexiados podían permitirse estudar fóra. Por exemplo, Facundo Machaín —presidente da república durante doce horas o 31 de agosto até que un complot de Cirilo Rivarola o apartase do cargo— estudara Dereito en Chile antes de ser presidente do tribunal de xustiza e deputado por Asunción (Fors, 1871: 394). Por estas vantaxes educativas, ao menos catro integrantes da xunta directiva da AEPM (Rodríguez Menica, Biedma, Lesner, Barrandon) accederían a postos na administración pública ao longo do ano 1870. A clara distinción socio-profesional entre este círculo de estranxeiros civís e a maioría paraguaia, sen esquecermos o exército da ocupación —cuxa relación coa poboación local era complicada pero a miúdo antagónica, en parte por mor das tensións raciais—, dilucida o porqué da aparición temperá desta solidariedade pan-estranxeira. Este ideal plásmase nun poema que Victorino Abente y Lago (1984: 66-67) recitou na inauguración da AEPM — un dos primeiros que compuxo no Paraguai. Abandeirando os anhelos da Revolución

[92] *La Regeneración*. Asunción, 1 de maio de 1870, p. 2. [O anuncio repítese noutros números.]
[93] *La Regeneración*. Asunción, 11 de maio de 1870, p. 1.
[94] *La Regeneración*. Asunción, 6 de maio de 1870, p. 2. [Tavares de Macedo declara ser solvente con motivo da súa inminente retirada ao Brasil.]
[95] *La Regeneración*. Asunción, 1 de maio de 1870, p. 2.
[96] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 27 de outubro de 1870, p. 4. [O anuncio repítese noutros números.]
[97] *La Regeneración*. Asunción, 17 de abril de 1870, p. 4. [O anuncio repítese noutros números.]; *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 29 de outubro de 1870, p. 3.
[98] *La Regeneración*. Asunción, 1 de maio de 1870, p. 2.
[99] *La Regeneración*. Asunción, 4 de maio de 1870, p. 2.
[100] *La Regeneración*. Asunción, 22 de maio de 1870, p. 2.
[101] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 27 de outubro de 1870, p. 3.

Francesa, en *Libertad, Igualdad, Fraternidad* o muxián promete "*Que la Patria del hombre, es todo el mundo*. […] *¡Viva la libertad! ¡Somos hermanos!*"

Fose pola insuficiencia da cobertura que a AEPM ofrecía ou por desavinzas internas, pronto se crearon outras sociedades de protección mutua que aglomeraban os inmigrantes por nacionalidades. Entre os directores da AEPM, a implicación de Valetti e Rodrigues dos Santos na italiana e a portuguesa demostran que estas sociedades étnicas se instauraron case ao mesmo tempo que a asociación común, e cos mesmos homes nalgúns dos cargos. O mesmo padrón prodúcese no caso dos inmigrantes españois, os cales fundaron a súa propia sociedade como resposta á epidemia de 1870-1871. A *Sociedad Filantrópica Española* (SFE) formouse a mediados de decembro, un mes antes da polémica arredor do CdH. Ou sexa, aínda antes da case desintegración do CdH, xa resultaba máis que evidente que os medios do Estado non abondaban para lidar coa crise. A comisión da SRE publicou o seguinte bando na prensa:

> *Á LA POBLACIÓN ESPAÑOLA*
> *Habiéndose formado una Comisión compuesta de los señores D. Miguel Macías* [presidente — argentino (¿ascendencia española?)], *D. Victorino Abente* [vocal], *D. Eduardo Caamaño* [secretario], *D. Juan Montaner* [tesorero] *y D. Cayetano Pérez* [vocal]*; con el objeto de asistir á los compatriotas que se hallen atacados de la epidemia reinante; se suplica á aquellos compatriotas que aún no hayan contribuido, lo hagan; bien en la imprenta de «El Pueblo» á D. Victorino Abente, ó bien en la calle de la Asunción número cuatro, á D. Eduardo Caamaño.*[102]

Na mesma páxina, o secretario Caamaño dirixíase a "*todo español que se halle atacado de la epidemia reinante y sin los suficientes recursos para su curación*". Animábaos a acudir aos susoditos enderezos para recibir medicamentos gratis e ordes para a Botica Universal de Antonio Aladern. Desta maneira, os membros máis afortunados da colonia española prestaban servizos de socorro á parte máis humilde da súa comunidade. Unha breve digresión: Caamaño, quen traballaba como procurador, era galego. El e Abente trabaron amizade durante os primeiros meses da ocupación aliada. O muxián deixa constancia desta relación amigable — non só formal ou profesional— na "*Mesa revuelta*" cando relata un paseo que os dous fixeron a Luque durante a primeira semana de xaneiro de 1871. Os galegos viaxaban no tren cunha morea de afeccionados á caza, "*cargados hasta el pescuezo de útiles venatorios. Es motivo de estrepitosa risa el ver á muchos de estos que sufocados con tanto peso, tiran con los chismes á un lado y se ponen a roncar dormilones como jirones*". Caamaño comentoulle ao seu amigo que tanta escopeta só servía "*para estorbar en los asientos y esponer á que alguno de los pasageros sea cazado por un descuido cualquiera*"[103].

Agora ben, unha das voces que celebraban a creación da SFE en decembro era a de João Adrião Chaves, membro do CdH. O médico brasileiro e o seu socio João Chaves Ribeiro firmaron unha declaración para felicitar a Miguel Macías o seu "*objeto de socorrer á los Españoles pobres* […] *Comprendiendo que tan bella idea, digna de hombres como Vdes. debe ser coadyuvada*". Por este motivo, os brasileiros puxeron os recursos na súa farmacia da rúa Atajo 11 ao servizo da SFE. O día seguinte, o 15 de decembro, "*un nuevo aliado se presenta, á robustecer el pensamiento de humanidad que nos es obligatorio á todos los que sintamos palpitar en nuestro seno un corazón sensible*". Esta vez foi Bartolomé Ceppi quen ofreceu o apoio da súa *Botica y Droguería Oriental* (r/ Palma 32)[104].

[102] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 14 de decembro de 1871, p. 4.
[103] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 5 de xaneiro de 1871, p. 2.
[104] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 14 de decembro de 1871, p. 2; 15 de decembro de 1871, p. 2.

Simultaneamente, a maior mobilización foi a organizada pola loxa masónica Fe — fundada en 1869 baixo os auspicios da Gran Oriente de Río de Xaneiro e presidida por Cirilo Rivarola (Báez Allende, 1970: 20). Motivados polo recente falecemento dun dos seus membros que sucumbiu á febre amarela, Juan José Decoud, os masóns organizaron comisións de hixiene para os tres barrios asuncenos de Encarnación, Catedral e San Roque. Ademais, conseguiron a colaboración de médicos e boticarios, maiormente brasileiros, pero tamén outros estranxeiros como Ceppi, William Stewart ou o Antonio Aladern. Neste caso, as axudas estarían destinadas a calquera persoa indixente sen importar a súa nacionalidade[105]. O citado aviso apareceu na prensa no mesmo día en que Cirilo Rivarola dimitiu como presidente da república. É probable que a perda do poder político lle servise como acicate para perseguir a loita contra a epidemia dende o sector privado, por convicción humanitarias, claro, pero tamén como unha forma de perpetuar o seu prestixio e a súa autoridade como un dos caudillos do momento.

Como xa vimos, o español Antonio Aladern era integrante da AEPM. Moitos dos seus colegas na xunta directiva tamén debían ser masóns, segundo indica Luis Ricardo Fors nos *Anales de la Asociacion Estranjera de Proteccion Mútua* en xuño de 1870. O labor masónico a pro da saúde pública era a posta en práctica dos seus valores fundamentais. Como Abente, Fors (1871: 389-392) recordaba o lema de liberade, fraternidade e igualdade como o ideal que a AEPM "*contribuye á lograr por medio de una inmigracion honrada y laboriosa y lo que la familia franc-masónica tiene el deber ineludible de realizar*". Ao facelo, "*la Masonería es fiel heredera de sus principios, vendrá á formar en masa entre las filas de los hombres que constituimos* […] *la Asociacion Estranjera de Proteccion Mútua*". Os xuízos de Fors concordan coa visión que a masonería tiña de si mesma noutros países, e que Valín Fernández (2009: 39) resume como "unha elitista forma de sociabilidade cunha complexa mestura de contidos como o esoterismo, a filantropía, o mutualismo, a reprodución do ethos burgués e […] contidos ideolóxicos que conleva[n] a politización liberal, como, por exemplo, o laicismo".

En efecto, a masonería paraguaia desempeñaría un rol destacado na filantropía e o apoio sanitario até a Guerra do Chaco polo menos. Este obxectivo formaba parte da súa misión pois a práctica beneficencia era un deber de toda loxa (*Reglamento interno de la Aug. y Resp. Log. Simb. «Sol Naciente»*, 1895: 4). Asunción non se despoxou da súa face semi-rural durante o período de entreguerras, o cal orixinou un alto grao de sensibilización cara ao pauperismo dos migrantes campo-cidade — agricultores expulsados das súas terras. Isto, en combinación coa debilidade da sanidade pública, traduciuse nunha intensa actividade no seo das asociacións de beneficencia e a masonería (Rivarola, 2010 [1993]: 126). Os españois estaban presentes en case todas as loxas paraguaias ao longo do período, especialmente nesta primeira etapa, cando un número non desprezable dos inmigrantes, entusiastas do liberalismo ilustrado dende estudantes, fuxiu de España a raíz da súa ideoloxía republicana.

Un caso destacable é Ricardo Pérez. Este valenciano estudou Enxeñería de Terras e foi membro da garda real española, pero tivo que desterrarse por berrar "viva a república" nun mitin político. Pérez estivo en tempo no Chaco arxentino antes de mudarse ao Paraguai, onde instalou unha olería en Isla Valle, Areguá, converténdose no 'pai' da cerámica aregüeña actual. Como moitos dos emigrantes ilustrados e anti-monárquicos da segunda metade do século XIX, Pérez definíase como discípulo de Emilio Castelar (presidente da Primeira República Española

[105] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 18 de decembro de 1871, p. 3.

1873-1874)[106]. Por exemplo, Abente e Lago (1984: 329) adicoulle un poema a Castelar, "*genio colosal de la elocuencia*", na ocasión da súa morte en 1899. Ou na vila correntina de Itatí nos anos 1890, Fariña Núñez (1996: 135) describe Mariano García, inmigrante castelán que "*discute sobre el catolicismo y el atraso de España*" durante os longos faladoiros no seu almacén, como alguén que "*se parece físicamente a Castelar, a quien viera una vez de espaldas en Madrid*". O lector comprende que García narraba este cuasi-encontro co filósofo español como un fito na súa vida.

Cando faleceu en 1911, Pérez ostentaba un alto grao na masonería paraguaia, posiblemente na mesma loxa que o ex presidente Bernardino Caballero, quen lle concedera esas terras en Areguá porque, segundo a tradición, Pérez lle salvara a vida durante a Guerra Guazú. Aquí cómpre engadir que un dos primeiros masóns españois no Paraguai era galego. Vicente Ignacio Acea, nacido en Santa Marta de Ortigueira en 1835, incorporouse á loxa *Unión Paraguaya* n.30 en 1870, e foi gran mestre da loxa entre 1871-1872. A *Unión Paraguaya* fundouse na mesma sede que a loxa Fe, pero por homes iniciados na correntina Constante Unión. Constan entre os seus integrantes algunhas das principais figuras da política contemporánea como Cándido Bareiro, Benigno Ferreira, Antonio Taboada, o iniciador do Partido Liberal, ou Juan G. González (Báez Allende, 1970: 23-25). Respecto da traxectoria migratoria deste masón galego, Acea estivo na Habana antes de trasladarse ao Río da Prata; en Cuba, o seu nome figura nunha petición de emigrados a favor de reformas liberais como resposta á caída de segundo gabinete do xeneral Ramón María Narváez en 1865[107]. O ortigueirés viviu en Paraguai até ao menos 1874, pero nalgún momento antes de 1896 regresou á súa vila natal, onde traballaría como fabricante de chocolates[108].

As distintas loxas masónicas respondían ás redes de contactos ou faccións políticas dos seus impulsores. Fundáronse aproximadamente sesenta durante o período de estudo, con vidas máis ou menos prolongadas, e non só na capital. Instituíron círculos de masóns en San Lorenzo del Campo Grande, Villarrica, Encarnación, Concepción, Bella Vista, Pedro Juan Caballero, Humaitá e Pilar (Pusineri Scala, 1972: 1). Bernardino Caballero e Juan G. González participaron na fundación do *Supremo Consejo Grado 33 del Paraguay* en xuño de 1871 —o primeiro do mes, segundo prescribía o seu código[109]— baixo a veneratura do arriba citado médico brasileiro João Adrião Chaves. Este consello tiña xurisdición sobre os mestres das diferentes loxas. González, ademais da *Unión Paraguaya*, militou noutras loxas como a uruguaia *Sol Naciente* n.74 — reinstalada en Asunción como *Sol Naciente* n.2 en agosto de 1891 e posta baixo xurisdición paraguaia un ano despois— ou a *Aurora del Paraguay* n.74 (Báez Allende, 1970: 25, 47).

Examinar as orixes da *Aurora del Paraguay*, aínda existente hoxe en día, revela a implicación doutro galego na masonería paraguaia. Serafín Rivas Rodríguez naceu en San Tomé de Nogueira (Pontevedra) en 1833, estudou Medicina na USC entre 1849-1855[110], e trasladouse a Montevideo un ano despois de graduarse (Zubillaga, 1998: 211). Revalidado o seu título, o goberno uruguaio nomeouno médico da sanidade oficial en Mercedes (Soriano) en

[106] SECDT-Areguá. Datos sobre Ricardo Pérez aportados por Juan Carlos Maqueda.
[107] *Revista Hispano-Americana. Política, económica, científica y literaria*. Madrid, 27 de agosto de 1865, p. 311.
[108] *El Correo Gallego. Diario político de la mañana*. Ferrol, 20 de setembro de 1896, p. 1.
[109] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 23 de xuño de 1910, p. 5. [Referencia ao primeiro día do mes con relación á inauguración dunha nova sede, de estilo arquitectónico primitivo romano, para albergar a loxa *Luz y Caridad* en Bella Vista, encabezada por Manuel G. García.]
[110] AHU. Expedientes persoais, legaxo 1202, expediente 3. Serafín Rivas Rodríguez, Medicina.

1857. Rivas viviu nesta localidade durante tres décadas, iniciándose na masonería e iniciando tamén unha cadea migratoria que traería varios dos seus dezanove irmáns e irmás a Mercedes. Pero aos 55 anos de idade, atribulado por un asma implacable, decidiu probar o clima do Paraguai pola suavidade do seu inverno (Santos Pírez, 1964: 37-38). En 1888, Rivas viaxou a Asunción en compañía doutras altas autoridades da masonería uruguaia e, aproveitando a súa presenza na capital, participou na creación da *Aurora del Paraguay* (Cagiao Vila e Márquez Macías, 2016: 67).

En 1892, a *Gran Logia Masónica del Uruguay* capacitou tres masóns do Grao 33 —o máximo—, Serafín Rivas Rodríguez, Bernardino Caballero e Ricardo García (de nacionalidade incerta pero residente no país dende 1871 como moi tarde, sendo daquela consignatario de vapores[111]), para instalaren a xa mencionada *Sol Naciente* n.2 baixo xurisdición paraguaia[112]. Finalmente, en 1895 a gran loxa uruguaia concedeu a licencia para re-constituír o paraguaio *Supremo Consejo Grado 33*. Nesta ocasión, Rivas, Caballero e José Segundo Decoud foron os encargados de ascender de grao masóns como Christian Heisecke, empresario alemán e cónsul dos Países Baixos dende 1889 (*El comercio paraguayo*, 1899: 54-55), Antonio Taboada, Juan G. González ou Cecilio Báez (Báez Allende, 1970: 48). A masonería era unha vía de acceso á sociabilidade de elites, pero ao mesmo tempo, ser masón ao Grao 33 reflectía o prestixio socio-profesional que Rivas Rodríguez xa gañara como médico en Uruguai.

O estado da sanidade en Soriano a mediados do século XIX non fora moito máis alentador que no Paraguai, pero o traballo incansable do pontevedrés convertérao nun heroe local. Lockhart (1961: 36) salienta a súa actuación durante a epidemia da varíola de 1863 e o cólera de 1867. Segundo este investigador, para os habitantes de Soriano, Rivas era un verdadeiro 'pai dos pobres', asiduo nas súas visitas en todo o departamento —andaba as estradas a cabalo co seu asistente galego Antonio Canosa— e nas actividades de beneficencia. Rivas tamén introduciu novas técnicas científicas en Mercedes, pero dado o escaso desenvolvemento da medicina naquel momento, tal innovación case lle custou a vida. Observando como o galego espallaba polvos raros ou subía ao eirado da súa casa para consultar instrumentos exóticos (un termómetro, un barómetro etc.), algúns veciños supersticiosos acusárono de propagar enfermidades adrede e resolveron asasinalo. Grazas á boa relación que Rivas mantiña co xefe político Máximo Pérez, este interveu para salvarlle a vida (Santos Pírez, 1964: 39).

Establecido en Asunción coa súa esposa bonaerense Isabel Baliño, Rivas seguía ofrecendo os seus servizos como médico-cirurxián. En febreiro de 1895, a súa clínica atopábase na rúa Palma entre Garibaldi e Escalada, pero a finais do ano cambiouna por unhas pezas alugadas na casa da señora viúva de [Miguel] Alfaro, na rúa Ypoá (actual avda. General Artigas)[113]. Josefa de Alfaro figura no regulamento da *Sociedad de Beneficencia y Caridad del Paraguay* (1901: 13) entre outras damas da alta sociedade asuncena. É probable que a súa residencia na rúa Ypoá —a ruta que saía de Asunción en dirección á antiga estancia de Carlos Antonio López (actual xardín botánico)— fose unha casa máis espazosa que no centro da cidade, parecida á finca "*El Lazareto*" onde Rivas Rodríguez vivira en Mercedes, e máis cómoda para recibir aos pacientes. A estas alturas, as condicións sanitarias estaban algo

[111] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 1 de decembro de 1871, p. 4.
[112] Enlace: http://www.solnaciente.org.py/institucional/historia-de-la-logia/ [acceso: 28 de marzo de 2021]
[113] *El Pueblo. Órgano del Partido Liberal*. Asunción, 1 de febreiro de 1895, p. 2; 2 de novembro de 1895, p. 3. [Os anuncios repítense noutros números.]

melloradas en comparación coa primeira posguerra, se ben quedaba moito por facer. O goberno de Juan Bautista Gill (1874-1877) instituíu un *Consejo de Higiene Pública* (CdHP) permanente en 1876, con William Stewart como presidente. Non obstante, seguía habendo tan poucos médicos que a chegada dun novo profesional era todo un evento (Warren, 2009 [1978]: 226).

Centurión (1948: 275) sinala Juan Borrás y Pardo, Juan Vallory i Corquiela, Flaviano García Rubio (cataláns), David Lofruscio, Italo O. De Finis, Domingo Scavone, Luis Zanotti Cavazzoni, Enrique Marengo, Antonio Gasparini (italianos) ou o francés Miguel Elmassian como algúns exemplos dos médicos estranxeiros que se radicaron en Asunción no século XIX. O muxián Victoriano Abente y Lago, chegado ao Paraguai despois de completar a carreira de Medicina pola USC entre 1868-1873[114], abriu unha clínica na rúa Florida 20 esq. 14 de Mayo en setembro de 1875. O seu irmán, que endexamais quixo ou puido dedicarse profesionalmente á medicina, si foi nomeado médico oficial da SESMAP no mesmo mes[115]. Fundada en 1873, nas súas funcións e no seu equipo directivo inicial a SESMAP foi en certo sentido a continuación da SFE. Porén, mentres que esta se formara ante a conxuntura inmediata da epidemia de 1870-1871, a SESMAP tería unha actuación de carácter permanente. Como noutros destinos americanos, as asociacións de socorros mutuos foron as primeiras asociacións étnicas en aparecer no Paraguai. Creáronse para compensar a ausencia dun Estado de benestar e sistema sanitario fortes (Blanco Rodríguez, 2010: 34). Estas organizacións tamén anticiparon a creación das sociedades gremiais de socorros mutuos, sendo a primeira a sociedade de obreiros "Santa Cruz" (1880-1881) (Rivarola, 2010 [1993]: 67). Neste senso, a importación destes modelos de asociacionismo é un dos aportes máis tanxibles dos inmigrantes á sociedade paraguaia.

Morales Raya (2015a: 345) reproduce a listaxe dos 29 fundadores da SESMAP. Todos eran españois, e ao menos sete eran galegos. Na Táboa 15, os marcados con * firmaran a protesta contra o duque de Aosta no 1871, utilizada no apartado 3.1, e por este motivo poden contarse entre os primeiros inmigrantes. Nos casos en que resulta factible, engadimos detalles acerca dos seus lugares de orixe e as súas ocupacións nese momento aproximado empregando outras fontes contemporáneas. Para os fundadores que tamén foron presidentes da SESMAP en distintos momentos, incluímos os períodos presidenciais extraídos de Morales Raya (2015a: 346-347). Este núcleo de españois constituía a incipiente elite da colonia española: os comerciantes máis prósperos dos primeiros anos da posguerra, máis unha xenerosa representación das profesións liberais.

[114] AHU. Expedientes persoais, legaxo 5, expediente 18. Victoriano Abente y Lago, Medicina.
[115] *La Patria. Diario político, comercial y de intereses generales*. Asunción, 26 de setembro de 1874, p. 4; 30 de setembro de 1875, p. 3.

Táboa 15. Fundadores da SESMAP		
Nome	Procedencia	Observacións
Victorino Abente*	Muxía, A Coruña	Axente de negocios e asuntos xudiciais[116], ex membro da SFE
Vicente I. Acea*	Ortigueira, A Coruña	Masón, presidente da SESMAP 1873-1874
José María Balteiro*	Ortigueira, A Coruña	Comerciante
Fructuoso Bastida*		Iniciador da SESMAP
Ricardo Brugado	Vilanova i la Geltrú, Barcelona	Avogado, xornalista[117], presidente da SESMAP 1877-1878, 1880-1881, 1888-1889
José Castellón		
Francisco Conde		
Rafael Díaz		
Eusebio Echeguren*		Comerciante
Ricardo Faraldo*	Ponteareas, Pontevedra[118]	Comerciante
Manuel Fernández		Comerciante, Fernández & Cía.[119]
Pedro García [Palleiro]	Laracha, A Coruña	Médico (Vilanova Rodríguez, 1966: 1366, 1380)
Antonio Gastón	Burgos	Comerciante
Juan Montaner*		Ex tesoureiro da SFE
Francisco Montero		
Cayetano Pérez*		Axente de transportes fluviais [120], ex vocal da SFE
José Pérez	Galicia (?) [Véxase apartad 4.3.3.2]	
Juan Porta		Escribán público[121]
Emilio Prats	Cataluña	Comerciante, *Pinturería Catalana* [122]
Bartolomé Ros	Córdoba (?)[123]	
Carlos Ros	Córdoba (?)	Fabricante de ladrillos [124], presidente da SESMAP 1875-1876
José Ros	Córdoba (?)	
José Surga		
Benigno Teijeiro Martínez	Ortigueira, A Coruña	Enxeñeiro civil e agrimensor[125], xornalista
Enrique Thognon		
Francisco Torrent		
Antonio Uribe*	Biscaia	Comerciante, *Uribe Hnos.*
Vicente Sorazabal		Comerciante, presidente da SESMAP 1885, 1890
Ramón Zubizarreta	Burgos	Avogado, presidente da SESMAP 1879
Fonte: elaboración propia a partir de Morales Raya (2015a: 345-347) * Firmou a protesta dos españois contra o duque de Aosta en 1871		

A SESMAP medrou ao longo das seguintes décadas e forxou vínculos con asociacións españolas de fóra do país. Uns delegados da SESMAP foron enviados á *Confederación de*

[116] *El Fénix. Órgano de intereses generales*. Asunción, 1 de xuño de 1873, p. 3.
[117] O ano seguinte, Brugada crearía *La Libertad* xunto a José Segundo Decoud e outro fundador da SESMAP: Benigno Teijeiro Martínez (*Follas Novas*. A Habana, 25 de outubro de 1903, p. 1.)
[118] *Boletín Eclesiástico del Obispado de Tuy*. Tui, 10 de febreiro de 1882, pp. 42-43. [Os nomes dos pais de Ricardo, Marcos Faraldo e Josefa López, figuran xuntos nunha listaxe de veciños de Ponteareas.]
[119] *El Fénix. Órgano de intereses generales*. Asunción, 1 de xuño de 1873, p. 4. [O aviso informa da separación dos socios Manuel Fernández e Rafael Romero Fernández. Non se trata de Manuel Fernández Sánchez, presidente da SESMAP en 1896, pois Fernández Sánchez residía en Paraguai a partir do ano 1886.]
[120] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 4 de setembro de 1874, p. 4. [En concreto, representaba os vapores "Taragüí" e "Guaraní".]
[121] *El Fénix. Órgano de intereses generales*. Asunción, 1 de xuño de 1873, p. 4.
[122] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 8 de abril de 1874, p. 4.
[123] De 1886 temos noticias da casa introdutora "*La Cordobesa*" de Ros & Álvarez (*La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 2 de febreiro de 1886, p. 4.)
[124] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 11 de setembro de 1874, p. 4.
[125] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 1 de setembro de 1874, p. 1. [O anuncio repítese noutros números.]

Sociedades Españolas de Socorros Mutuos de América del Sud en Bos Aires no ano 1890 (Calzada, 1927: 416), e tamén existían contactos entre as asociación paraguaia e o *Centro Gallego* de Avellaneda[126]. Moitos dos membros fundadores ocuparon diferentes cargos directivos nos anos posteriores. Por exemplo, xa mencionamos que nomearon Victorino Abente como médico oficial da sociedade en setembro de 1875, pero Bartolomé Ros foi quen firmou o aviso na súa capacidade de secretario[127]. Ademais, os propósitos da SESMAP transcenderon o obxectivo primitivo de proporcionar axuda recíproca, pois inauguráronse un sanatorio e un fogar de anciáns para as familias dos socios (Morales Raya, 2013: 200). Respecto do estado sanitario do país en xeral, en novembro de 1881 *La Reforma* afirmaba que había apenas catro doutores de medicina na Asunción. Dada a imposibilidade de que estes catro puidesen curar todos os enfermos do Paraguai, o CdHP seguía tolerando as actividades da multitude de 'curandeiros', mulleres e homes, que operaban na campaña con todos os acertos pero tamén os inconvenientes da medicina tradicional[128]. Estaba resultando difícil atraer médicos estranxeiros.

O español Domingo Giménez Martín, editor de *La Reforma*, estoupou contra o CdHP a finais de novembro porque os conselleiros porfiaban en facerlle un exame a Juan Vallory, recentemente chegado dende Uruguai, como requisito ineludible para practicar a medicina no país. Isto conculcaba o regulamento do propio CdHP que receitaba que un exame só sería preciso en caso de que o candidato non posuíse un diploma emitida por unha universidade recoñecida, pero Vallory era graduado pola de Barcelona. Segundo Giménez Martín, cada un dos "*doctores privilegiados*" do CdHP —Manuel Ludgero O'Campos (brasileiro), Jorge Casaccia, Francisco Morra, Silvio Andreuzzi (italianos) e William Stewart— ou non se examinou en absoluto ou "*se examinó a sí mismo*" para exercer no Paraguai. En cambio, o doutor Victoriano Abente "*tuvo que pasar por el yugo*", e o español Félix Diez Pérez tamén. Giménez refírese, ademais, ao "*otro Dr. Perez que fue reprobado en el exámen y que según cuenta salvó a muchos niños de la escarlatina en la Asuncion*". Para el, as barreiras burocráticas erguidas polo CdHP resultaban nocivas para a inmigración e a sanidade. Estoutro doutor Pérez, que podía ter sido tan útil para os paraguaios, atopábase agora en Uruguai "*ejerciendo la Medicina sin que nadie le perturbe ni inquiete*"[129].

O médico galego Manuel Fernández Sánchez xerou unhas controversias cando tropezou co mesmo obstáculo. Portador dun certificado de solteiría da diocese de Mondoñedo (expediente 1291), Fernández viaxou a Asunción dende Montevideo en 1886. O agora denominado *Consejo de Medicina* (CdM) nin o aprobou nin o desaprobou, senón que lle indicou que esperase seis meses para repetir o exame, de acordo co seu regulamento. Fernández solicitou a intervención do ministro do Interior para permitirlle presentarse antes do prazo de seis meses. Cando este asentiu á petición no mes de novembro, todos os membros do CdM acordaron renunciar: Ludgero O'Campos, Andreuzzi, Stewart, o doutor Justo Pastor Candia (paraguaio) e os farmacéuticos Luis Rabery, Francisco Guanes (paraguaio) e Antonio Felicangeli (italiano)[130].

O CdM trataba con reserva a admisión de novos médicos, aínda fronte á ameaza dunha epidemia de axexaba neses momentos. O 11 de novembro recibíronse telegramas particulares

[126] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 29 de xuño de 1911, pp. 46-47.
[127] *La Patria. Diario político, comercial y de intereses generales*. Asunción, 3 de setembro de 1875, p. 3.
[128] *La Reforma. Diario de la mañana, político, comercial, noticioso y literario*. Asunción, 6 de novembro de 1881, p. 1.
[129] *La Reforma. Diario de la mañana, político, comercial, noticioso y literario*. Asunción, 29 de novembro de 1881, p. 1.
[130] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 6 de novembro de 1886, p. 1.

que aseguraban que se declarara o cólera en Rosario de Santa Fe, e o día seguinte os xornais correntinos traídos no vapor "General Bolívar" dicían que tamén se detectaran casos en Montevideo[131]. Outro xornal reportou os rumores que corrían por liña telegráfica dicindo que Rosario e Río de Xaneiro xa clausuraran os seus portos ás procedencias de Bos Aires para prevérense contra a importación de enfermidade, pero engadiu que, grazas aos avances na medicina, "*conocemos bastante* [el cólera] *para que podamos esperarle tranquilos, sin incurrir en graves responsabilidades*"[132]. O xornalista tiña razón, até certo punto. A expansión das redes de comunicacións telegráficas e fluviais permitiu que o goberno paraguaio atendese aqueles rumores tomando medidas de modo anticipado. Por tanto, a resposta oficial á crise estivo moito máis coordinada que en 1870-1871.

Uns días despois da polémica arredor do exame de Fernández Sánchez, o CdM (que non se disolveu ao final) reuniuse co doutor Emilio Hassler para discutiren como impedir que o cólera asolase o Paraguai. O CdM resolveu enviar as seguintes recomendacións ao poder executivo: pechar os portos; establecer un punto de visita único en Asunción onde inspeccionar e desinfectar os barcos; crear comisións de inspección e hixiene en todos os barrios; fornecer a poboación de sulfato de ferro, cloruro de cal, ácido fénico do comicio e sulfato de cobre para limpezas; o doutor Andreuzzi encargaríase de redactar unha guía práctica de defensa contra o cólera; telegrafar todas estas indicacións ás vilas do litoral para que as puxesen en práctica. Ao mesmo tempo, o ministro do Interior mandou publicar o folleto *Breves reflexiones sobre el cólera* (1885) no diario oficial, obra do catedrático de Medicina da USC Maximino Teijeiro (Monforte de Lemos, Lugo)[133]. Este folleto apareceu nas columnas doutros xornais como *El Heraldo*, onde foi publicado o día 13 coa aclaración de que o autor era español "*y no chileno, como dice un colega*", e que Teijeiro lle enviara o texto ao doutor Victoriano Abente para que llo cedese ao seu irmán Victorino, inspector de escolas. En principio, o obxectivo era ampliar a selección de fontes científicas dispoñibles aos colexiais paraguaios, pero "*en vista de los rumores circulantes,* [Victorino Abente] *tuvo la oportunidad de ofrecerlo al Presidente de la Municipalidad* [o español Joaquín Briones]" para imprimilo e difundilo. "*El señor Abente ha hecho un verdadero servicio al público*"[134].

O día seguinte á reunión do CdM co doutor Hassler, formáronse as comisións de hixiene en todos os barrios, os inspectores encetaron as súas visitas domiciliarias, e o goberno enviou o doutor William Hoskins a Humaitá para asesorar a mariña na inspección dos barcos que chegaban dende o sur[135]. Ademais, habilitouse un lazareto para coléricos na parcela fiscal de Tacumbú, no sur de Asunción, a cargo do médico Marcos Falconer (este trasladouse a Humaitá pouco despois, pero falecería en Villa del Pilar a finais de 1891[136]). Cara á finais do mes, a municipalidade proxectou erixir un cemiterio para as vítimas á beira do lazareto. O día 27 de novembro, Pedro A. Vázquez e Carlos Machaín pola comisión de hixiene de San Roque comunicaron "*haber terminado ya la limpieza y desinfección del zanjon que se halla en la Chacarita*" —barrio ribeirán detrás do Cabido— pero aínda necesitaban cincocentos pesos para contratar peóns coa fin de hixienizar o barrio "*rellenando zanjas y barriales, arrancando yuyos y arbustos, desinfectando los lugares insalubres y recogiendo basuras en las calles*". Ricardo Brugada e Antonio Taboada, en nome da comisión de Catedral, recoñeceron que o estado do

[131] *El Orden. Redacción anónima*. Asunción, 11 de novembro de 1886, p. 2; 12 de novembro de 1886, p. 1.
[132] *El Heraldo. Político, literario, comercial y noticioso*. Asunción, 11 de novembro de 1886, p. 1.
[133] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 11 de novembro de 1886, p. 1.
[134] *El Heraldo. Político, literario, comercial y noticioso*. Asunción, 13 de novembro de 1886, pp. 1-2.
[135] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 12 de novembro de 1886, pp. 1-2.
[136] *El Látigo Inmortal*. Asunción, 13 de decembro de 1891, p. 4.

Mercado Central estaba moi mellorado, pero escandalizáronse ante as condicións do cárcere público, onde "*un gran número de locos* […] *estan espuestos á ser las primeras víctimas*". Tamén se queimaron varias casetas de palla nas inmediacións do porto — a municipalidade pagoulles unha indemnización aos moradores. As medidas tiveron efecto; aquel día 27, amenceron soamente tres casos sospeitosos na capital[137]. Ao final, semella que non se tomou a medida máis drástica de pechar o porto, por innecesaria ou por anti-liberal, malia que os mariños e buques procedentes da Arxentina si estaban obrigados a gardar corentena (Ramírez de Rojas, 2019: 156).

Porén, as defensas contra a epidemia non deixaban de ser precarias e, como se aprecia nas citas do parágrafo anterior, a cidade tampouco presentaba un aspecto de orde e limpadura. O estado hixiénico de Asunción deixaba moito que desexar; unha carta particular a *La Democracia* queixábase das inmundicias que se vertían á rúa en pleno centro, arredor das cortes de cabalos da compañía de tranvías ou cerca das fábricas de caña[138]. Os esforzos das comisións de hixiene estaban coartados pola ausencia dun sistema integral de cloacas. Este defecto urbanístico foi un lastre para a sanidade pública durante décadas. Das dez millóns de pesos que unha lei proposta en 1904 propoñía adxudicar ao Banco Agrícola, tres millóns terían que destinarse á construción de cloacas e augas correntes (Beraud, 1904: 57). Por outro lado, o sector privado aínda era o principal pagador do sistema de saúde, o cal funcionaba mellor que nos primeiros anos da posguerra pero restrinxía a capacidade do Estado de reaccionar ante unha emerxencia como a de 1886. Un exemplo é o *Hospital de Caridad*, inaugurado na bisbarra de Trinidad polo goberno de Higinio Uriarte (1877-1878), e dirixido por Justo Pastor Candia coa colaboración dos doutores Morra e Andreuzzi (Ramírez de Rojas, 2019: 84). O hospital dependía máis da largueza privada, por exemplo a lotería de beneficencia ou un banquete da colonia italiana, que das arcas públicas[139].

A quen a epidemia lle axudou foi a Manuel Fernández Sánchez. Nestes momentos, a prensa asuncena estaba cumprindo un papel comunicativo imprescindible publicando avisos oficiais acerca das medidas de seguridade e textos sobre o cólera, extraídos da prensa estranxeira ou redactados por expertos no Paraguai. Un destes expertos foi Fernández Sánchez. O día 17 de novembro, este médico-cirurxián enderezoulle unha carta ao "*Señor don V. Abente. Distinguido compatriota y amigo*" que *La Democracia* fixo pública o día seguinte. Trala non aquiescencia do CdM, Fernández procuraba demostrar as súas credenciais a través desta misiva. A partir dos seus coñecementos dunha epidemia de cólera que castigara España entre 1884-1885, alegaba que as medidas tomadas polo goberno paraguaio eran insuficientes, e recomendaba unha serie de axustes alimenticios para a cidadanía. Fernández recomendaba, ademais, os servizos do "facultativo ilustrado" Juan Vallory, pero afirmaba que "*no es tan fiero el cólera como las gentes creen y no vacilo en afirmar (despues de los miles de coléricos que asistí) que los que sigan estas reglas* […] *tienen muchísimas probabilidades de salvarse*". Debaixo da súa firma, constaban as responsabilidades anteriores deste candidato que o CdM non quixera aceptar: vocal da *Junta de Sanidad* de Lourenzá (Lugo), ex interno por oposición da *C.P. de Caridad* de Barcelona, socio de número das academias de Ciencias Médicas, Médico-Farmacéutica etc.[140]

[137] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 27 de novembro de 1886, p. 2.
[138] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 12 de novembro de 1886, p. 1.
[139] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 5 de novembro de 1886, p. 1.
[140] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 18 de novembro de 1886, p. 1.

A estratexia funcionou. A finais do mes, Manuel Fernández Sánchez recibiu o seu nomeamento como facultativo da corporación municipal, cun soldo asociado de catrocentos pesos mensuais. O galego encargaríase do lazareto de Tacumbú. Juan Vallory, o médico que Fernández recomendou na citada carta, tamén podía influír neste cambio de actitude. Esa mesma semana, o CdM precisara a cooperación do catalán — en concreto, solicitara o uso do seu microscopio para examinar as feces duns pacientes coléricos[141]. É plausible que Vallory fose un ex colega de Fernández, pois ambos estudaron ou traballaron en Barcelona, e ambos chegaron ao Paraguai dende Uruguai. Ademais, a rapidez da mudanza na postura oficial cara a Fernández suxire que os exames aos médicos estranxeiros non se realizaban sempre por escrúpulos acerca da validez dos seus títulos, senón que podía haber motivos mercenarios. Por exemplo, no contexto da polémica sobre o exame do propio Juan Vallory en 1881, o médico español Félix Diez Pérez facilitáralle a *La Reforma* o seguinte dato: dos 2.875 enfermos visitados por el en Asunción, só 315 (10,95%) foron de pago. Dadas as condicións de extrema pobreza que se vivían na cidade, engádese que "*Quisiéramos conocer las cifras de los enfermos asistidos en este año por el Sr. Médico de los pobres*"[142]. En 1886, o traballo de ser o 'médico dos pobres' tocáballe a Manuel Fernández Sánchez. Agora ben, pode ser que as reticencias do CdM fosen un exercicio de responsabilidade cívica: non deixarlle a calquera estranxeiro exercer a medicina sen demostrar a súa capacitación. Pero nunhas circunstancias en que moi poucos clientes podían pagar os servizos do médico, resulta máis convincente concluír que o motivo principal dos conselleiros era reducir a competencia e copar a máxima cantidade de pacientes solventes.

En todo caso, Fernández continuou exercendo como médico municipal ao menos até setembro de 1888[143], pero pouco despois entrou en sociedade co doutor Diez Borrás para abriren un *Instituto Médico Quirúrgico* na rúa Palma. O instituto contaba con liña telefónica, un médico de garda permanente, e todos os luns administrábanse vacinas con linfa procedente do establecemento Santa Catalina de Bos Aires[144]. A vacinación era unha medida preventiva relativamente nova no Paraguai. A súa obrigatoriedade quedou establecida nunha lei de 1880, grazas ás presións de varios médicos europeos, e Félix Diez Pérez levou a cabo a primeira campaña masiva de vacinación contra a varíola entre 1881 e 1882 (17.875 persoas) (Ramírez de Rojas, 2019: 152). O país non estaba demasiado atrasado en comparación con Bos Aires, onde a primeira campaña de vacinación animal se produciu en 1871 durante a epidemia de febre amarela. O citado establecemento de Santa Catalina era unha *Escuela Agronómica y Veterinaria*, fundada en 1883 co propósito de fabricar vacinas (Acerbi Cremades, 2005: 63). Finalmente, consta que Manuel Fernández tamén exerceu como médico de sanidade no porto de Humaitá, pero dimitiu nalgún momento entre 1902-1904, sendo substituído por Francisco C. Vigo (Ramírez de Rojas, 2019: 129).

Pasada a primeira época da posguerra, os médicos estranxeiros comezaron lentamente a ocuparse da sanidade na campaña ou nas outras cidades da república. Farto de traballar moito e gañar pouco, Diez Pérez mudouse aos herbais de Tacurú-pucú, actual Hernandarias (Alto Paraná), "*con un buen sueldo*" para atender ás necesidades dos peóns dunha nova empresa agro-exportadora[145]. Non está claro quen estaba faenando os campos de Tacurú-pucú en 1881, pero

[141] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 29 de novembro de 1886, p.2; 22 de novembro de 1886, p. 2.
[142] *La Reforma. Diario de la mañana, político, comercial, noticioso y literario*. Asunción, 8 de novembro de 1881, p. 1.
[143] *La Nación. Diario de la mañana*. Asunción, 30 de setembro de 1888, p. 3.
[144] *El Paraguayo. Diario de la mañana*. Asunción, 2 de febreiro de 1889, p. 3.
[145] *La Reforma. Diario de la mañana, político, comercial, noticioso y literario*. Asunción, 3 de novembro de 1881, p. 2.

as súas trinta leguas formaban parte do patrimonio de *La Industrial Paraguaya S.A.* en 1892. Alcanzaban as 78 leguas en 1894, con 198.000 arrobas de herba colleitadas na zafra dese ano (*El comercio paraguayo*, 1899: 123). Varios médicos españois exercerían en Concepción, a maior cidade do norte, durante estas décadas. O matrimonio formado por Victoriano Abente e María Haedo trasladouse alí nalgún momento entre 1875, cando o muxián tiña aberta unha clínica na rúa Florida da capital, e cando o seu fillo Luis Abente Haedo naceu en 1879, xa en Concepción (Centurión, 1948: 215).

Manuel Pérez de Lafuente, oriúndo de Carril (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra)[146], era outro facultativo galego cunha longa actuación nesa praza. De Lafuente realizou un exame escrito baixo os auspicios do CdM o 5 de maio de 1887, e o seu exame oral tivo lugar o día 6. O candidato superou esta proba con creces, polo cal o CdM "*lo ha exhonerado del examen práctico. Medicos de esas condiciones, son las que merecen aplausos y una aceptacion completa*"[147] (Fernández Sánchez tal vez se sentise aludido…) Unha semana despois, De Lafuente empezou a anunciar a apertura da súa nova clínica de médico-cirurxián-parteiro especializado na tise —se cadra agora había suficientes médicos no país para que fose aconsellable venderse cunha especialidade concreta— na rúa Villarrica esquina 14 de Mayo[148]. Este local era o mesmo que Victoriano Abente alugara dende principios da década, nunha época en que viaxaba moito entre Asunción e o norte[149]. Isto podería ser o contacto que explica o traslado posterior de Manuel P. de Lafuente a Concepción. A data precisa deste traslado non consta, pero De Lafuente aparece citado entre os médicos concepcioneiros en *El comercio paraguayo* (1899: 630). Monte Domecq (1911: 319) dedica unha páxina ao corpo médico da cidade: o cirurxián paraguaio Vicente Álvarez servía á guarnición militar, mentres que os civís podía acudir aos consultorios de Lázaro B. Toranzos e Manuel P. de Lafuente:

> *El distinguido facultativo español doctor Lafuente está radicado en Concepción desde hace largos años. Culto e ilustrado, el doctor Lafuente goza de grandes simpatías en la sociedad concepcionera, en la que tiene una vasta clientela. Como operador ha demostrado en reiteradas ocasiones su competencia en operaciones de alta cirugía. Es digno de mención su desinterés para con los pobres, á quienes atiende con solicitud, por lo que goza de justo y renombrado prestigio, no solamente en Concepción, sino también en los principales pueblos del Norte. El doctor Lafuente, y su distinguida familia, ocupan un rango prominente en la culta sociedad de Concepción.*

Por eses anos, a asistencia pública en Concepción consistía nun médico municipal —en 1915 sería Vicente Álvarez (Báez, 1915: 344)— e dúas parteiras diplomadas (Romero, 1913: 10-11). O traballo feminino tende a invisibilizarse ou ficar subestimado na maioría das fontes; Romero nin nomea as parteiras a pesar da obvia importancia das súas funcións. Neste caso en particular, grazas a unha solicitude de baixa temporal firmada en 1908 e conservada no arquivo histórico de Concepción, sabemos que estas dúas parteiras eran Luisa Z. de Noguez, a autora da solicitude, e a súa axudante De la Cruz de Barrios[150]. O feito de saberen escribir e teren títulos recoñecidos suxire que estas mulleres eran fillas das familias máis acomodadas da cidade, ou ao menos non das máis humildes.

---

[146] *El Correo de Galicia: Diario independiente de avisos y noticias*. Santiago de Compostela, 12 de abril de 1907, p. 2.
[147] *La Nación. Diario de la mañana*. Asunción, 7 de maio de 1887, p. 1; 8 de maio de 1887, p. 2.
[148] *La Nación. Diario de la mañana*. Asunción, 17 de maio de 1887, p. 2.
[149] *La Reforma. Diario de la mañana, político, comercial, noticioso y literario*. Asunción, 2 de abril de 1880, p. 2.
[150] CCCC. Solicitude de Luisa Z. de Noguez ao presidente da Corporación Municipal, 13 de novembro de 1908.

Este equipo contaba cun presuposto mensual de mil pesos para prover os pobres de medicamentos. Unha farmacia distinta encargábase de repartilos todos os meses. O número de habitantes da 'cidade' xa alcanzaba os catorce mil, lonxe dos seiscentos que moraban na 'vila' en 1874 (Johnston, 1875: 271). Non obstante, segundo a arriba citado texto de Genaro Romero, "*a pesar de los medios deficientísimos de que dispone la Municipalidad, el estado sanitario de la población ha mejorado*". Entrada a década dos vinte, o director do Hospital Rexional sería o doutor zamorano Santos Canillas y Hernández-Helena. Unha carta súa fechada en 1927 deixa ver que a falta de medios seguía sendo un problema, dado que Santos Canillas tiña que solicitar un "*pequeño lote de elementos de cirujía que sería de gran utilidade para nuestra institución*". Isto foi concedido o 27 de xullo polo consello municipal, a cargo do intendente Cayo Aquino Quevedo e o presidente municipal Alberto Closa, fillo do zapateiro español Francisco Closa[151].

O gradual crecemento do corpo de facultativos paraguaios ía reducindo a necesidade de contratar médicos estranxeiros como Rivas Rodríguez, Fernández Sánchez ou De Lafuente, cuxa asistencia si fora urxente e crucial no século XIX. Graduárase en 1904 a primeira promoción de doce médicos pola facultade de Medicina da UNA, fundada en 1898 por segunda vez tras pechar a principios da década a causa dunha falta de alumnos. Para estes estudantes paraguaios, facerse "*médico entonces era llegar al punto más alto del status social*" (Ramírez de Rojas, 2019: 111-113). Isto non quere dicir que xa existise unha cobertura completa. No limiar da gran epidemia de gripe de 1918, Rivarola (2010 [1993]: 199) estima que había cincuenta médicos en Asunción e dous en Villarrica, o cal deixaba o oitenta por cento dos cidadáns sen atención profesional. Caballero Campos (2009: 167) produce unhas cifras algo distintas: pouco máis de corenta médicos, dos cales case a metade exercía na capital. Sexa como for, estes resultaban insuficientes para unha poboación que se contabiliza en 650.562 individuos no 1914.

Os números correspondentes aos anos vinte tampouco afoutan. En xaneiro de 1923, o boletín do *Departamento Nacional de Higiene y Asistencia Pública*, creado en 1915 e dependente do ministerio do Interior, reproduce os nomes de 81 médicos, dez dentistas e 77 parteiras titulados e inscritos no seu rexistro. O boletín aclara ao pé da páxina que faltan algúns nomes e que a listaxe se completará no seguinte número (Ramírez de Rojas, 2009: 119)[152]. En cambio, Rivarola (2010 [1993]: 265) afirma que había 150 médicos no país durante esta década, dos cales apenas vinte traballaban fóra de Asunción. A pesar das cifras, podemos dicir que a estas alturas a medicina científica estaba empezando a desprazar os remedios tradicionais. Os médicos españois e galegos aquí analizados claramente contribuíron a esta mudanza. Isto tiña a vantaxe de redundar en melloras no estado sanitario da poboación, pero é pensable que tamén provocaría a destrución de certos costumes cargados de significado cultural e a perda de prestixio por parte dos e das practicantes de tales remedios ancestrais — meros 'curandeiros' en palabras desdeñosas de Domingo Giménez Martín.

[151] CCCC. Carta de Santos Canillas ao intendente municipal, 1927 s/f.
[152] *Boletín del Departamento Nacional de Higiene y Asistencia Pública. Publicación mensual*. Asunción, 31 de xaneiro de 1923, pp. 17-18 [O único número consultado atópase na BNP.]

4.3.2. A educación secundaria e superior

No derradeiro terzo do século XIX, diversos profesionais liberais estranxeiros desempeñaban funcións pedagóxicas. Os profesores españois concentrábanse nun grupo reducido de institucións docentes, particularmente no eido da educación secundaria e universitaria. A pesar do recoñecemento da importancia das primeiras letras nun sentido abstracto, trátase dun sector laboral de pouco prestixio social, altamente feminizado (causa e consecuencia do anterior), e mal remunerado. Se houbese mestres españois nas escolas primarias paraguaias, debían de moi minoritarios e, en todo caso, carecemos de calquera dato sobre eles. A educación secundaria e superior, en cambio, é outro dos ámbitos en que os inmigrantes tiveron unha influencia cualitativa moi por encima da súa relevancia cuantitativa. É dicir, mentres que as escolas primarias eran insuficientes para satisfacer as necesidades da poboación, pero aínda así bastante numerosas —había 635 en 1921 (Rivarola, 2010 [1993]: 200)— só existían unhas contadas institucións de formación superior. Os educadores españois empregábanse basicamente nestas últimas, e por elas tiveron que pasar case todos os futuros escritores e estadistas do período de entreguerras.

A influencia da parábola hispánica na posguerra resulta máis visible na traxectoria común da Xeración do Novecentos. Os novecentistas serían os escritores e pensadores máis sobresaíntes da xeración paraguaia que se criou na posguerra da Tripla Alianza. As súas ideas e fidelidades políticas eran bastante heteroxéneas, pero todos compartían o anhelo de actualizar e mellorar o pensamento e as modalidades de vida do país. Pérez-Maricevich et al. (2010: 24) explican que a meirande parte dos novecentistas se formou no *Colegio Nacional* de Asunción e na UNA, "*donde impartían clases eminentes profesores extranjeros, principalmente españoles,* [y] *se hicieron de conocimientos científicos de notable solidez y modernidad*". Unha listaxe non exhaustiva destes intelectuais inclúe Manuel Domínguez, Eloy Fariña Núñez, Blas Garay, Manuel Gondra, Alejandro Guanes, Teresa Lamas, Ercilia López, Arsenio López Decoud, Fulgencio R. Moreno, Silvano Mosqueira, Juan O'Leary ou Ignacio Pane — entre eles varios futuros ministros, diplomáticos e un presidente da república. Ademais, algúns estranxeiros integráronse no mesmo ambiente e nos mesmos debates históricos, sociais e estéticos que os novecentistas paraguaios: os españois Rafael Barrett e Viriato Díaz-Pérez, o ruso Rodolfo Ritter, o francés Jean-Paul Casabianca ou os arxentinos Martín de Goycoechea Mendéndez e José Rodríguez Alcalá.

O primeiro *Colegio Nacional* fundouse en 1872 —un centro para nenas e outro para nenos— e pechouse en 1877 tralo asasinato do seu director Facundo Machaín. Nesta etapa os docentes eran principalmente relixiosos como Francisco Arzamendia, Feliciano Elizeche ou Fidel Maíz. Unha lei de agosto de 1873 facilitaba a contratación de docentes estranxeiros, e por esta vía entraron sacerdotes estranxeiros como Luis Blaschère ou o español Hermenegildo García. Victorino Abente foi un dos que se encargaron da Inspección Educativa nesta xeira (Centurión, 1948: 69). Re-fundado definitivamente en 1877, no segundo *Colegio Nacional* a presenza española notábase axiña. Mosqueira (1930: 114), Centurión (1948: 74) e Amaral (1980: 8) recollen os seguintes nomes:

-Cristóbal Campos y Sánchez (Física e Química — Úbeda, Xaén)

-Facundo Bienes y Girón (Gramática Castelá, Historia Sagrada e Literatura — ex presbítero de San Francisco el Grande, Madrid[153])

-Manuel Fernández Sánchez (Historia ð diocese de Mondoñedo (Lourenzá (?))

-Domingo Giménez Martín (Historia)

-Leopoldo Gómez de Terán (Matemáticas, director do colexio — parente de Luis Gómez de Terán, deputado por Badaxoz nas *Cortes Constituyentes* de 1869; semella que Leopoldo tamén tiña a nacionalidade italiana[154])

-Carlos Sánchez López (doutor en Filosofía e Letras, 'chamado' ao Paraguai por Ramón Zubizarreta)

-Ramón Zubizarreta (primeiro reitor da UNA — Burgos)

No directorio de Asunción de Beraud (1904: 107), soamente Fernández Sánchez e Sánchez López figuran entre os profesores españois no *Colegio Nacional*. A maioría pasou a impartir aulas exclusivamente na universidade. Por outra banda, a mesma lei que creou a UNA en 1889 tamén orixinou os *Colegios Nacionales* de Concepción, Encarnación, Pilar e Villarrica. O primeiro director do *Colegio Nacional* concepcioneiro foi o español Enrique Domínguez y Rodríguez-Pelayo (Alvarenga Caballero, 1998: 64), en Villarrica o primeiro director foi o científico español Luis Fernández Prestel (Silvera, 2011: 70), e Boccia Romañach (2007: 271) afirma que o presbítero rioxano Gerardo Bañuelos (Villar de Arnedo) impartiu aulas no colexio pilarense durante un período posterior a 1910. Máis alá destes nomes, non está claro que peso tiveron os españois nestes centros en comparación co *Colegio Nacional* da capital. Unha listaxe dos profesores españois na UNA durante as súas primeiras décadas incorporaría todos os docentes xa mencionados, e ademais, como mínimo (López Decoud, 1911: 282, 289):

—Eugenio Bordas (Barcelona (?) (SESMAP 51, 100-101))

—Ricardo Brugada (Dereito)

—Viriato Díaz-Pérez (Madrid)

—Flaviano García Rubio (Medicina — Cataluña)

—Federico Jordán (Gramática, cuarto reitor da UNA — Valencia)

—Rafael Lebrón

—Manuel de Mendoza

—Ramón de Olascoaga (Economía — Bilbao, Biscaia (ex compañeiro universitario de Zubizarreta))

ð Serafín Rivas Rodríguez (Física, Medicina)

—Juan Vallory i Corquiela (Medicina — Cataluña)

Os alumnos que se educaron baixo a supervisión destes docentes foron poucos, fillos sobre todo da clase dirixente e do alto comercio, pero esta elite estaba destinada a contribuír de maneira salientable ao desenvolvemento posterior do seu país. En concreto, entre 1892 e 1911 graduáronse 420 bachareis polo *Colegio Nacional* de Asunción e 61 doutores en Dereito e Ciencias Sociais pola UNA. 38 doutores en Medicina recibiron os seus diplomas entre 1904 e 1911, amais de 26 notarios e escribáns públicos, 29 farmacéuticos e corenta parteiras (López Decoud, 1911: 282).

[153] *La Esperanza. Periódico monárquico*. Madrid, 27 de abril de 1867, p. 2.

[154] *El Americano*. París, 9 de xuño de 1873, p. 379. [O redactor de *El Americano* era o arxentino Héctor F. Varela, futuro cónsul-xeral do Paraguai en Madrid. O citado artigo, escrito por Alí Kalim, explica que Gómez de Terán, colaborador da revista e republicano convencido, marchaba ao Paraguai para desempeñar funcións diplomáticas en representación de Italia.]

O protagonismo temperán dos sacerdotes no primeiro *Colegio Nacional* cedeu terreo ao «krausismo» a partir da súa re-fundación en 1877, se ben o tradicional papel pedagóxico da Igrexa mantíñase no eido da ensinanza privada (no caso dos padres españois, máis notablemente no caso do *Colegio San José* que se fundou en 1904). En liñas xerais, a formación que estes alumnos recibían encadrábase na corrente krausista que caracterizaba os discípulos españois da *Institución Libre de Enseñanza* (anti-escurantismo, cristianismo liberal, reforma social pacífica, positivismo filosófico). Esta constituiría o alicerce intelectual da seguinte xeración de intelectuais paraguaios. Iso si, á vez que a economía e as formas de produción paraguaias se modernizaban, os novecentistas buscarían actualizar os seus saberes recorrendo de modo ecléctico (pero non aleatorio) a distintas correntes de pensamento que xa se popularizaran en Europa e no Río da Prata (Pérez-Maricevich et al, 2010: 24-25).

Esta procura de novos coñecementos foi tamén unha resposta á lentitude do 'progreso' que se estaba conseguindo baixo o liberalismo reinante (pobreza, corrupción, violencia) e ao estalar da certas polémicas histórico-políticas entre novecentistas (Báez/O'Leary 1902-1903, Barrett/Domínguez 1908), as cales subliñaban as divisións dentro dun grupo percibido até ese momento como un bloque homoxéneo e, por mor disto, a necesidade de enriqueceren os argumentos e as formas de pensar (Reali, 2016: 84). Arsenio López Decoud, Manuel Gondra e Manuel Domínguez, novecentistas adiantados, foron os primeiros en botar raíces no terreo do modernismo, en parte como reacción aos "*dogmas severos y solemnes*" que herdaran dos antigos mestres españois (Amaral, 1980: 62-63). Estes anhelos tamén motivaron unha serie de reformas educativas, como a proposta en 1910 polo ministro de Instrución Manuel Franco que, en boca do deputado Antolín Irala, trataría de remediar a situación que se vivía na universidade, onde a ensinanza "*se reduce á la exposición dogmática de los principios científicos, mientras que debiera propenderse, ante todo, á formar personas aptas para el cultivo de la ciencia por la investigación personal*"[155].

4.3.3. Os galegos e a prensa paraguaia

4.3.3.1. Victorino Abente, *El Pueblo* e o maldito Fors (1870-1871)

Como ocorreu nos ámbitos da medicina, o asociacionismo mutualista ou a educación, os inmigrantes españois, incluídos algúns galegos que trataremos aquí, estaban estreitamente vencellados ao periodismo da posguerra. No marco temporal da parábola hispánica —o tardío século XIX e o primeiro lustro do XX—, a importancia da prensa radicaba na súa función como vehículo de debates e proxectos públicos. Case todos os xornais tiveron unha vida efémera e unha pequena tirada, pero non deixaron de ser un dos principais medios de facer política. A prensa paraguaia constituía o foro privilexiado para debater conceptos claves como «nación», «patria» ou «pobo», aínda máis que nalgúns países onde estes debates podían desenvolverse a través da tradición novelesca (Orué Pozzo, 2008: 71). Nun sentido amplo, a prensa era a gran divulgadora dos preceptos liberais que todas as agrupacións políticas querían fomentar (Rodríguez Alcalá, 2011: 13). Pero, nun sentido máis inmediato, a meirande parte das publicacións funcionaban como voceiros dun caudillo, facción ou candidato concreto. Trátase dunha tendencia ubicua en toda América Latina, onde a curta vida dos xornais respondía á súa precariedade financeira, a censura, a clausura forzosa, ou o feito de que a vitoria ou a derrota

[155] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 28 de xuño de 1910, p. 4.

definitiva do seu candidato podía suprimir a súa razón de ser (Álvarez e Martínez Riaza, 1992: 179).

Os acontecementos da primavera de 1870 ilustran a natureza pasadía das primeiras entidades periodísticas no Paraguai da posguerra. En setembro un grupo de italianos destruíu a imprenta de *La Regeneración*, uns soldados brasileiros saquearon o local de *La Voz del Pueblo*, e en novembro o goberno clausurou *La Opinión Pública* debido ás súas críticas a Cirilo Rivarola, apenas uns días antes do xuramento dunha nova Constitución que sancionaba a liberdade de prensa (Segatto, 2016: 228). Victorino Abente y Lago encetou a súa carreira periodística no Paraguai como colaborador de *La Voz del Pueblo*, o órgano da facción de Cándido Bareiro que reunía figuras vencelladas ao réxime de López ou que se opoñían ao liderado político da familia Decoud, a cal encarnaba os intereses do que fora a oposición a López no exilio. A base ideolóxica do bareirismo e a facción «emigrada» dos Decoud era o republicanismo e o liberalismo en ambos casos, pero as discordancias —o liberalismo moderado ou conservador dos bareiristas chocaba coa corrente máis radical dos emigrados— e os rancores persoais foron suficientes para dar inicio a unha loita política moi axitada e violenta ao longo de 1870 (Pusineri, 2005: 41).

Desafortunadamente, non tivemos acceso a números de *La Voz del Pueblo*, pero si á súa continuación directa, *El Pueblo*. Este editábase a partir de outubro, se ben cun par de mudanzas no equipo directivo: Miguel Macías substituíu Miguel Gallegos como editor responsable (este ausentouse do país durante un mes), e o paraguaio Florencio Fredes asumiu o mando da parte tipográfica. Como xa dixemos noutro apartado, en *El Pueblo* Abente encargábase da sección de miscelánea titulada "*Mesa Revuelta*". Ademais, responsabilizábase da colocación de publicidade, tal como testemuña o seguinte aviso: "*¡Me vuelven loco!* […] *Infinidad de amigos y conocidos invaden mi escritorio, rogándome les recomiende sus casas de negocio*"; ou un diálogo entre Abente e as ducias de comerciantes que inundan a imprenta solicitando as súas recomendacións até que o cronista estrale berrando "*¡Por Dios! Señores, déjenme en paz, no me aturdan de ese modo, que á todos he de contentar*"[156].

Este método orixinal de pedir que o comercio contratase a súa publicidade en *El Pueblo* exemplifica a creatividade e o sentido de humor que caracterizaban a "*Mesa Revuelta*". A publicidade formaba parte dun abano de estratexias de recadar diñeiro que abranguía as subscricións, o alugamento da impresora, e as impresións en xeral. *El Pueblo* tiña unha boa relación cos gobernos de Rivarola (un ex decoudista aliado con Bareiro para as eleccións constituíntes de novembro) e de Salvador Jovellanos (o vicepresidente de Rivarola que asumiu cando este dimitiu), polo cal recibía subsidios para publicar avisos, bandos e propaganda oficialista. Malia todas estas fontes de ingresos, o número de compradores era tan baixo que case ninguén podía vivir do periodismo (Segatto, 2016: 235-236).

O galego tiña dúas firmas en *El Pueblo*: "V. Abente" e "Látigo". Se V. Abente era poeta e artista, Látigo era o Abente que polemizaba. Unha serie de eventos que transcorreron entre novembro de 1870 e xaneiro de 1871 —ao mesmo tempo que a epidemia de febre amarela— préstase para ilustrar a relación entre a prensa e a política, a actividade de Látigo neste ámbito, e a proximidade da colonia española ás loitas entre faccións. A controversia que abriu unha brecha entre os españois encetouse cando Luis Ricardo Fors invitaba todos os seus compatriotas

[156] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 18 de novembro de 1870, p. 2; 25 de novembro de 1870, p. 3.

residentes en Asunción a unha xuntanza preparatoria na súa casa, o 23 de novembro, "*con el fin de contribuir nuestra nacionalidad á los festejos que deben tener lugar el día 25 del corriente con motivo de la jura de la Constitucion Paraguaya*". Esta xura efectivamente foi motivo dunha ledicia xeral entre os liberais, pois a instauración dun réxime constitucional fora unha arela constante dos paraguaios emigrados dende había moitos anos (Johansson, 2017: 247). Non obstante, o día despois da suposta xuntanza, un grupo de "burlados" que foron "bastante necios para acudir" á convocatoria de Fors alegaron que o catalán non estivera en casa nin á hora prefixada nin unha hora despois[157].

O malentendido non acabou aí. "*MIENTEN VILLANAMENTE*" escribiu Fors o 27 de novembro: "*Ni á la hora marcada para la reunion ni una hora despues estuvieron en casa, mas españoles que D. José Garcia y Picos y D. Eduardo Caamaño*"[158]. Dous días despois, os españois burlados firmaron un manifesto para desmentir as acusacións de Fors. Aparecen os nomes de Antonio Aladern, Juan B. González (posteriormente comerciante en Concepción (Beraud, 1904: 258)), Ricardo González, José Luis Mena, Mariano Puga, Ramón Lamas (avogado galego[159]), Ricardo Faraldo, Carlos Pizaca (galego, segundo Abente), Francisco Echepare, Antonio Roldán, José A. Lamosa e Jacobo Lado. Os italianos Luciano Lasagne e Antonio Perasso agregaron as súas firmas. O farmacéutico Aladern estaba tan ferido no seu honor polas alegacións do seu ex compañeiro da AEPM que aportou unha carta complementaria porque "*Si hay españoles que mienten, los hay tambien que nunca han tenido motivo alguno para tolerar el trivial epiteto de mentirosos*". Fors contestoulle a carta a Aladern ese mesmo día pero *El Pueblo* se negou a publicala "*para no repitir la escena pasada con el Dr. Chaves Riveiro, retándolo en desafío para darle las mas vergonzosas satisfacciones despues*"[160].

A pesar de que Fors e Aladern publicamente rescindisen a 'desintelixencia' habida entre eles para non recorreren á violencia[161], o duelo abortado deu paso a unha campaña de difamación na prensa e o rexeitamento cara a Fors por gran parte da colonia española. Na sección "Noticias varias" do 4 de decembro, *El Pueblo* publica cinco avisos seguidos sobre o tema:

> ***Nuevo periódico*** *ð Nos dicen que el Dr. Fors anda levantando una suscripcion, con el objeto de fundar un periódico. LO RECOMENDAMOS.*
> ***Acusacion*** *ð El mismo Dr. Fors nos dicen ha acusado á los españoles que suscribieron la última solicitada en contra de él y publicado por nuestro diario. LO RECOMENDAMOS.*
> ***El Dr. Fors*** *ð Se le recomienda á dicho señor pase por esta imprenta á pagar la publicacion que debe. LO RECOMENDAMOS.*
> ***El Dr. Fors*** *ð Nos dicen que este señor pide 1.000 patacones á cada uno de los firmantes de la solicitud en que me lo trataban* algo durito*. LO RECOMENDAMOS.*
> ***El mismo Dr.*** *ð Nos dicen que en breve le llegará el nombramiento de España para Diputado á Cortes. LO RECOMENDAMOS.*[162]

Nunhas poucas liñas, o redactor (non sabemos se Macías, Abente ou outro) ridiculiza as acusacións reais de Fors mesturándoas con noticias claramente falsas, tachándoo de

[157] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 23 de novembro de 1870, p. 3; 25 de novembro de 1870, p. 2.
[158] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 27 de novembro de 1870, p. 3.
[159] Baseámonos na seguinte frase de Abente/Látigo: "*¿Pero sabe que tiene mas letra menuda que el coronel Goyena, y mas leyes que el gallego Lamas?*" (*El Pueblo*, 22 de xaneiro de 1871, p. 2.)
[160] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 29 de novembro de 1870, p. 3; 30 de novembro de 1870, p. 3.
[161] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 2 de decembro de 1870, p. 3.
[162] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 2 de decembro de 1870, p. 2.

arrogante, moroso e choromicas, e invítao a abandonar o país. Pero o citado ataque é máis complexo do que parece a primeira vista. Como argumenta Segatto (2016: 237-238), os rumores e o 'correr da voz' eran unha fonte de información moito máis prestixiosa que hoxe en día. Sen maiores infraestruturas de comunicación, e nunha sociedade maiormente analfabeta, existía no Paraguai unha forte tradición oral para a divulgación de coñecementos e noticias. Obviamente, isto non implica que os lectores cresen todas estas noticias de maneira literal, pero a repetición da frase "*nos dicen*" imitaba un formato que os contemporáneos recoñecerían como unha forma auténtica de difundir noticias.

Abente/Látigo foi quen máis dardos lanzou. Publicou, por exemplo, o "*Monólogo de un desesperado*" en que un infeliz anónimo (moi anónimo) reflexiona que "*Yo creí que este era un pueblo de zonzos, y el zonzo he sido yo*". Logo da publicación de máis artigos insultantes que nomean o barcelonés directamente, a mediados de xaneiro chegou a acusación: "*Nos dicen que Látigo há sido acusado criminalmente por Doctor Fors. Desde que Látigo supo esta noticia está engordando admirablemente*". O día seguinte, 15 de xaneiro, posiblemente como reacción a isto, a avogado español José García y Picos anunciou que se cancelaba a sociedade que existira entre el e Fors. Tres días despois, Látigo declarou triunfalmente que "*la estrella de Fors se nubla*" e que "*sus acreedores lo cercan como lobos*". Os problemas financeiros de Fors remontábanse a outubro, cando dicía ser vítima dunha estafa e advertía que non pagaría ningún artigo comprado ao seu nome a menos que o vendedor lle presentase un recibo firmado por el, pero dende entón a redacción de *El Pueblo*, a AEPM e Pablo Ramella solicitáranlle a satisfacción de débedas[163].

Finalmente, perdido o seu caso nos tribunais, Fors abandonou a súa casa na noite e desapareceu. Abente/Látigo congratulouse de que "*cumplí mi mision*" e, o día seguinte, cando se decatou de que Fors estaba a bordo do buque militar brasileiro "Marcilio Díaz" (declarado libre de febre amarela), sentenciou cun desdén palpable que "*Que lo conduzca á ese nene á las regiones polares; ó que lo abandone en alguna isla, en donde el hombre se convierta en Robinson*"[164]. Este tipo de declaracións non resultaban insólitas no periodismo de combate decimonónico, onde a "invectiva descarnada" a miúdo abafaba as intencións reformistas ou literarias dos autores (Llero Ruiz, 2003: 206). Iso si, unha nota publicada en xullo de 1871 sobre Fors, que afirma que "*este* personaje *está haciendo de las suyas en el Brasil* […] *¡Vida desgraciada las de esos seres!*", dá a sensación de que para *alguén* o asunto era algo máis que unha cuestión profesional[165]. Fors xa non volvería ao Paraguai, pero a súa experiencia migratoria non terminou aí. Despois de volver a Madrid durante unha tempada, o seu destino definitivo foi La Plata (provincia de Bos Aires), onde dirixía a biblioteca pública até 1907, e incluso doou algún tomo á Biblioteca América compostelá (Cagiao Vila, 2004: 95).

[163] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 27 de outubro de 1870, p. 3; 29 de novembro de 1870, p. 3; 5 de decembro de 1870, p. 2; 16 de decembro de 1870, p. 4; 14 de xaneiro de 1871, p. 3; 15 de xaneiro de 1871, p. 4 [O anuncio repítese noutros números]; 18 de xaneiro de 1871.
[164] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 24 de xaneiro de 1871, p. 3; 25 de xaneiro de 1871, p. 3.
[165] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 7 de xullo de 1871, p. 3.

4.3.3.2. Os avogados Fors e Caamaño, a destrución de *La Regeneración* (1870) e a implicación dos inmigrantes na política paraguaia antes de 1904

Agora ben, esta zarracina dentro da colectividade española tamén sirve para demostrar a implicación dalgúns dos primeiros inmigrantes nos conflitos políticos deste período. Xa mencionamos que un fato de italianos destruíu a imprenta do voceiro decoudista *La Regeneración*, concretamente o 24 setembro de 1870. Este xornal publicou unha noticia errónea que culpaba un inmigrante italiano polo asasinato dunha muller paraguaia. O exército interveu ante a resposta enfurecida da colectividade, cun saldo de dezaseis vítimas mortais (Decoud, 1925: 368). O acontecemento apareceu nos noticiarios de Bos Aires e Montevideo (Segatto, 2016: 228), o cal provocou que o secretario do ministro italiano en Bos Aires viaxase a Asunción e solicitase a intervención do goberno arxentino a favor dos reos[166]. Decoud (1925: 355) posteriormente inculparía o "*aventurero espadachin llamado Luís Ricardo Fors*" máis o secretario xeral do goberno Cándido Bareiro por convocaren os italianos e instigaren o asalto contra a imprenta. Non sabemos se tal acusación, publicada 55 anos despois do acontecido, é veraz. Pero Fors si estaba involucrado no asunto.

O xuízo dos italianos celebrouse en novembro de 1870. O procurador galego Eduardo Caamaño ocupouse da defensa dos presos, mentres que Fors facía de asesor ao fiscal. Cando se desbaratou a imprenta de *La Regeneración*, Fors acababa de botarse á arena política paraguaia mediante unha serie de traballos en *La Voz del Pueblo* que redactou co pseudónimo "Catón". Entre o 20 de agosto e o 3 de setembro de 1870, Fors (1871: 392-414) procuraba axitar a conciencia do pobo paraguaio "*para que derrocara, no solo al estúpido Triunvirato, que lo monopolizaba todo, sino además que ahogara la influencia del Brasil, que todo lo prostituia*". O branco das críticas de Fors era calquera que traizoase as promesas da revolución liberal-democrática. Cando o xurista Facundo Machaín lle restou importancia ao regulamento das *Cortes Constituyentes*, Fors, co ton brutal e tan típico do periodismo de combate do século XIX, escribiu que as palabras de Machaín "*parecen vomitadas por el mónstruo de oscurantismo*". Ou cando os triúnviros Rivarola e Loizaga se dispuxeron para desterrar o coronel arxentino Fortunato Flores sen ningunha base legal, Fors chamounos "*Sus Magestades D. Cirilo el Baboso y D. Cárlos el Sacristan*", neste segundo caso con referencia a unha provisión do regulamento que requiría que os candidatos políticos cresen en Deus. Porén, a ollos de Fors, o golpe de Estado que derrocou Machaín o 1 de setembro "*absolvió al Sr. Rivarola de los males que le habian sugerido los mal intencionados*" nos días do triunvirato, e agora o catalán confiaba na fórmula Rivarola-Bareiro para asegurar "*á todos los habitantes de la república los sagrados derechos de Igualdad, Libertad y Fraternidad*".

No xuízo dos italianos, os dous avogados españois encarnaban os intereses das faccións políticas. Caamaño, neste caso, defendía a facción situacionista (oficialista). O goberno oficialmente non clausurou *La Regeneración* pero, lembrando que pouco despois si prohibiría *La Opinión Pública* (a continuación da anterior), enténdese que a desaparición do xornal lle conviña. Caamaño tiña relacións con algúns membros deste goberno, ou como mínimo podemos dicir que as tería despois da súa defensa dos italianos. Proba destes vínculos é un xantar no mes de xaneiro, na casa de José Pérez en Luque. Pode aventurarse que Pérez era outro inmigrante galego por unha carta que lles enviou aos seus "compatriotas" Caamaño e Victorino Abente para agradecerlles a visita, firmada co pseudónimo "Hinchafoles y Rompeolas", pois

[166] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 22 de outubro de 1871, p. 2.

Hinchafoles é un alcume común para os naturais de Os Carreiros (Pontevedra) (Riesco Chueca, 2012: 64). Durante o xantar, Pérez, Abente e Caamaño compartiron mesa e charla cos ministros Rufino Taboada (Interior), Mateo Collar (Instrución Pública) o presidente Jovellanos (como Rivarola, un ex rival de Bareiro que mudou de banda), e outros hóspedes como Pablo Ramella (acredor de Fors que demandara o catalán a finais de novembro)[167].

Por outro carón, a dobre visión histórica contestada na polémica Báez-O'Leary de 1902-1903 (de modo moi simplificado: lopizmo/anti-lopizmo) tiña antecedentes nas leas da inmediata posguerra. A familia Decoud e os seus aliados avogaban pola rexeneración do pobo mediante a negación de gran parte do pasado nacional, consistente segundo eles no despotismo dos gobernadores, a apatía e o servilismo do pobo, ou a tradición guaraní en xeral. En cambio, o sector liberal-conservador de Bareiro, sen deixar de ser liberal en liñas xerais, non manifestaba a mesma fe no liberalismo como panacea universal, nin desdeñaba o pasado recente do Paraguai co mesmo celo (Segatto, 2016: 240-242). Atópase certo paralelismo entre estes dous patriotismos paraguaios e os conflitos que Fors soportou durante o seu periplo por Uruguai, Arxentina, Paraguai e Brasil entre 1864-1871, cando o seu liberalismo, como ideoloxía internacionalista e crítica, tocaba aspectos de orgullo nacional español:

> *No han sido escasas las veces que muchos españoles han tachado de falta de patriotismo mi propaganda en América. Y esto consiste, en que la inmensa mayoría de los españoles en América, entiende por patriotismo el elogio y ponderacion á todo trance de cuanto es español, aun cuando lo elogiado deshonre ó rebaje la dignidad y civilizacion de España*. […] *Por estas razones, mi propaganda en la prensa americana, no podia agradar á aquellos españoles de conveniencia; porque yo ensalzaba cuanto dignificaba á España ante los pueblos libres, y atacaba cuantas manchas políticas y administrativas afean nuestra historia.* (Fors, 1871: 6)

O xuízo dos italianos era apolítico en teoría, pero na realidade transformouse nun campo de batalla máis entre as distintas faccións e ideas políticas. Os procedementos duraron catorce días até o 12 de decembro, cando se decretou absolución de Francisco Masara, Carlos Bianchi, César Gagliardone, Domingo Servigheri, Felipe Cassini, Mauricio Nava, Antonio Castagno e Agustín Fornara, ao contrario da sentenza proposta por Fors que receitaba unha pena de cárcere para algúns deles. O xuíz Bernardo Valiente sentenciou que non existían suficientes probas para encarcerar Ricardo Fait, Pompeyo A. Bonelli, Salvador Cogniolo e Estevan Mina, pero tampouco consideraba probada a súa inocencia, polo cal ordenou que os reos abandonasen o país dentro dun prazo de dez días[168].

Existía un grao de separación entre os españois e a loita política no Paraguai. Un estranxeiro, naturalizado ou non, endexamais podía ser presidente, vicepresidente, ministro, deputado ou senador (Art. 36 da Constitución). Os españois tampouco procedían dun país que tivese un interese directo na política paraguaia, a diferenza dos cidadáns arxentinos, brasileiros e, en menor medida, orientais, pero o xuízo dos italianos demostra que algúns españois participaban nas contendas facciosas como actores secundarios. Os xornalistas propagaban as mensaxes e os argumentos dunha banda ou outra, e os avogados procuraban garantir a lexitimidade do proceso xudicial, aínda nos casos máis politizados que doadamente poderían recaer na arbitrariedade.

[167] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 2 de xaneiro de 1871, p, 2; 10 de xaneiro de 1871, p. 2.
[168] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 12 de novembro de 1870, p. 2; 22 de novembro de 1870, p. 1; 23 de novembro de 1870,p. 1; 3 de decembro de 1870, p. 1.

Neste senso, en xaneiro de 1871 Ricardo Fait envioulle unha carta a Eduardo Caamaño para agradecerlle a sólida defensa que sostivera nos tribunais. Fait opinaba que as razóns do galego terían sido coroadas "*por un feliz suceso, si hubiera*[n] *sido dirijida*[s] *á quien no se encuentra predispuesto á querer, á cualquier costo, encontrar culpables*". Pero, de acordo co italiano, a absolución xeral era imposible a causa das presións do xeneral brasileiro José Auto da Silva Guimarães, unha figura investida de gran autoridade nas rúas de Asunción e, segundo Fait, un "*implacable enemigo de los italianos*". Caamaño, en cambio, apresurouse a corrixir o erro: "*Haciendo la justicia que se merece á las autoridades nacionales, debo declarar que ellas procedieron con toda independencia* [en la detención y procesamiento de los reos]*, sin que ninguna influencia estraña hiciera (ni intentara hacer) inclinar la balanza de la justicia*"[169]. A palabra do procurador galego funcionaba para lexitimar a actuación do goberno, dotar o poder xudicial de credibilidade, e axilizar as relacións coas autoridades da ocupación.

O mellor indicio da proximidade dos españois ao poder político é o feito de que pronto comezaron a ocupar postos na administración municipal, o cal pode interpretarse como un recoñecemento das súas habilidades e formación, ou ben nalgúns casos como unha recompensa polos seus servizos aos mandatarios de quenda. Por exemplo, Victorino Abente deixou de redactar a "*Mesa Revuelta*" cara a finais de 1871 porque o nomearon secretario da municipalidade de Asunción[170]. Xa vimos ademais que o muxián dirixiu a inspección educativa en distintos momentos nos anos setenta e oitenta, e que durante a epidemia de 1887 o presidente e médico oficiais da municipalidade foron os españois Joaquín Briones e Manuel Fernández Sánchez respectivamente. Os inmigrantes tiñan moitas facilidades para inserirse nas estruturas de poder durante estes primeiros lustros da posguerra porque a súa formación técnica ou académica proporcionáballes importantes vantaxes nun momento en que os órganos estatais aínda estaban en cueiros, sen que o enquistamento institucional dunha facción ou outra erixise barreiras á súa entrada.

Respecto deste aveciñamento entre os pioneiros españois e os estadistas paraguaios dos anos setenta e oitenta, o cónsul-xeral español José Sánchez Bazán (1886: 22) escribiu que os españois até "*hace poco han venido ocupando altos puestos en la Administración é influyendo bastante en la política del país. Actualmente ejercen la abogacía y son profesores del Colegio Nacional*". É chamador que a meirande parte dos 'grandes homes' da inmigración española no Paraguai, como son Victorino Abente, Nicolás Angulo, Ricardo Brugada, Rius & Jorba ou Ramón Zubizarreta, chegase ao país nestes primeiros anos da posguerra, cando todo aínda estaba por facer para que o Estado liberal e as xerarquías políticas puidesen consolidarse.

A mesma reflexión é aplicable aos líderes étnicos españois na rexión do Prata, como Matías Alonso Criado, Rafael Calzada ou Carlos Casado del Alisal — o maior comprador de terras fiscais no Chaco paraguaio a partir de 1886. Tamén poderiamos falar da ilustre pero truncada traxectoria de Eduardo Caamaño, quen marchou a Bos Aires pouco despois dos acontecementos narrados. Caamaño foi o presidente da comisión dos primeiros xogos florais do *Centro Gallego*, coa colaboración de Joaquín Castro Arias, Manuel Barros e Francisco González (Caamaño e Castro Arias, 1881). Faleceu en 1889, vítima dunha enfermidade, durante unha misión a París como secretario da comisión arxentina da Exposición Universal. Alén diso, Caamaño era cónsul-xeral de Nicaragua en Bos Aires, secretario perpetuo da Cruz Vermella, membro da Asociación Hispano-Americana de Comercio, e beneficiario da Encomenda de

[169] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 21 de xaneiro de 1871, pp. 2-3.
[170] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 6 de decembro de 1871, p. 3.

Isabel a Católica[171]. *El Correo Gallego* afirma que a súa riqueza persoal proviña dunhas inversións financeiras en Bos Aires, "*donde ha prestado excelentes servicios á sus compatriotas: es un buen gallego, amante de su país y decidido protector de todos los hijos de esta tierra*"[172].

A influencia dos españois sobre a política local foi minguando cara a finais do século coa cristalización das estruturas económicas e as xerarquías de poder. Sendo presidente da Cámara de Comercio de Asunción en 1904, Ramón de Olascoaga xustificou a intervención dos estranxeiros na parte "científica, técnica, profesional" da política, pero engadiu que a política "*de partido ó de personas*" xa estaba vedada aos non paraguaios (*Memoria que el Directorio de la Cámara de Comercio presenta*, 1904: 80). En 1917, Mosqueira consideraba que os españois eran "*un factor neutral en las disensiones internas*"[173]. Esta separación tallante entre os españois é a política peca de certa esaxeración. Por exemplo, o 18 de xaneiro de 1911, o día despois da asunción presidencial de Albino Jara tralo derrocamento de Manuel Gondra, un xornal intima que en "*el Centro Español, varios peces gordos del coloradismo celebraron un conciliábulo sugestivo*" (Saucedo Rodas, 2010: 32). Emporiso, é certo que os españois xa non estaban tan vencellados á loita de faccións como corenta anos atrás.

4.3.3.3. A poesía satírica e a realidade ficcionada de Abente (1870-1924)

No que concirne a Victorino Abente, as diatribas *ad hominem* que caracterizan o conflito con Fors non se repetiron con demasiada frecuencia durante o resto da súa longa traxectoria. O seu medio predilecto era a poesía, e a súa produción neste eido seméllase máis á sátira propia da tradición do sainete que prosperaba en España baixo a 'liberade tutelada' da Restauración. Esta sátira incorporaba os "*juegos verbales, el chiste fácil, la hipérbole y el tipismo*", e o seu público era a burguesía "*que disfruta de verse representada*" e incluso de ser criticada nun ton xocoso, coas críticas dirixidas contra os tópicos colectivos e non o individuo (Llero Ruiz, 2003: 211). No poema *Dialogando* (*La Prensa*, 18 de febreiro de 1898), co pseudónimo "Moraben", Abente rexeita o estilo combativo e define o seu propio método poético:

> *Dime, Moraben simpático:*
> *¿Por qué constante y enérgico*
> *Con una crítica cáustica*
> *No arremetes impertérrito*
> *Y te muestras ante el público*
> *Como periodista intrépido?*
> […]
> *ð Agradezco tus lecciones*
> *Y rechazo tus consejos:*
> *No me gusta y abomino*
> *De este estilo virulento*
> *Que me parece muy malo*
> *Y a ti parece bueno;*
> *Pues aunque me falta chispa*
> *Para escritor joco-serio,*

[171] *Diario de Avisos de La Coruña*. A Coruña, 19 de decembro de 1889, p. 3.
[172] *El Correo Gallego. Diario político de la mañana*. Ferrol, 1 de outubro de 1889, p. 3.
[173] *Unión Iberoamericana. Órgano de la sociedad del mismo nombre*. Madrid, maio de 1917, p. 14.

Busco la máxima aquella:
CASTIGAT MORES RINDO [las costumbres se corrigen riéndose].
[…]
(Abente y Lago, 1984: 137-139)

Un exemplo deste estilo é a *Letrilla (Que un rayo me parta si comprendo esto*) que Abente publicou o 10 de setembro de 1911 en *El Eco de Areguá* co pseudónimo de "Tapaicuá" — o nome de Areguá na data da súa fundación en 1538. Durante a presidencia de Liberato Rojas (1911-1912) —despois da dimisión de Albino Jara pero antes da creación da xunta revolucionaria gondrista en Pilar que ocasionaría a guerra civil de 1912— Abente percibía moitas fallas na política paraguaia: a ameaza doutro golpe, a mentira, a alarma xeneralizada porque a poboación "*desconfía que se arme / La gorda un día cualquiera*", ou as prácticas maquiavélicas de moitos estadistas. Outro dos efectos das incertezas e a violencia foi a inflación do papel moeda.

Más pesado que el papel
Es el oro, claro está;
Baja, sin embargo, aquél
Y el oro subiendo va.
Lo cual de las leyes
F² s i c a s s e a p a r t a é
Si esto lo comprendo
Que un rayo me parta.
[…]
(Abente y Lago, 1984: 119-120)

Nesta *Letrilla* o poeta resume unha situación preocupante e perigosa que afronta a cidadanía, pero cun sentido cómico que resultaría aliviador para os lectores, moitos dos cales seica experimentaban a mesma perplexidade ante a arrevesada conxuntura política. Por outro lado, Abente a miúdo empregaba o recurso dos tipos sociais para dotar a súa crítica de inmediatez. Evocando o tópico do 'mundo ao revés', a *Letrilla (Así va el mundo)* emprega varios tipos sociais para denunciar os estragos que a 'anarquía liberal' estaba provocando na sociedade nos anos posteriores á Revolución de 1904:

[…]
Doña Casta, tan modesta,
Cuando vivía su esposo,
Hoy anda de fiesta en fiesta
Con aparato lujoso
Y en femeniles reuniones
Con rotundo
Lenguaje, emite opiniones.
¡Así va el mundo!
[…]
Don Tiburcio, conocido,
Por sus grandes fechorías,
De estafas entendido,
Gran maestro en picardías,
Ocupa un puesto brillante
Y un fecundo
Porvenir tiene por adelante.

¡Así va el mundo!
[…]
(Abente y Lago, 1984: 121-123)

Abente foi simpatizante da ANR ao menos dende a década de 1890, cando compuxo *El viejo canto legendario. Soy colorado* (Abente y Lago, 1984: 56-57). Por tanto, detéctase certo endurecemento na súa linguaxe despois da Revolución de 1904, pero isto non quere dicir que fose todo un adulador cos gobernos colorados. Por exemplo, cando Juan B. Egusquiza terminou o seu mandato presidencial en 1898, houbo un intre de incerteza e tensión mentres os caudillos da ANR decidían quen sería o seguinte presidente. Abente laiábase desta inseguridade porque todos os candidatos lle parecían máis ou menos iguais, máis ou menos ordinarios, e porque o proceso electoral ía ser fraudulento en calquera caso:

[…]
Eso de patriotismo
Me revienta, de veras,
Todos dicen lo mismo
Prometiendo reformas lisonjeras.

Resuelvan de una vez, yo siempre, acato
Al que tiene el poder presidencial:
¿Quieren que sea Emilio el candidato?
Pues que venga Aceval.
(Abente y Lago, 1984: 205)

Este tipo de versos abentiáns non son precisamente un berro de xenreira contra o sistema político, senón que expresan un sentimento de frustración cotiá co que moitos paraguaios saberían empatizar. Moito máis recia é a linguaxe empregada na oitava *Epístola* (1924) que Abente enviou ao redactor de *El Orden*, o seu amigo e discípulo novecentista Alejandro Guanes (Abente firmou moitas das súas sátiras co pseudónimo "Tío Camándulas", e Guanes adoptou o de "El Sobrino de Camándulas" para tratar os mesmos temas). Evidentemente enfastiado pola recente Guerra Civil provocada por Eduardo Schaerer, Abente opina que:

[…]
Amigos con acciones de traidores,
Hábiles manejantes del enredo,
A los que, entre políticos rencores,
El bien de la Nación no importa un bledo,
Y con halagos pérfidos se humillan
Ante aquellos a quienes tienen miedo.

Así son y siempre serán los liberales,
Son malvados y rencorosos como ellos solos,
Y siempre están juntos entre los malos.
[…]
Con razón, supondrás, por lo que digo,
Que me inclino bastante al otro lado,
Y como siempre franco fui contigo,
Te diré la verdad: ¡soy colorado!
(Abente y Lago, 1984: 381-383)

As *Epístolas* cóntanse entre as derradeiras composicións de Abente —o poeta tiña case oitenta anos— pero representan a súa expresión artística máis recriminatoria dende a polémica con Fors. As declaracións de Abente tamén son peculiares porque son un raro exemplar dun inmigrante español que manifesta a súa lealdade explícita a un dos tradicionais partidos paraguaios. Atopamos unha posible explicación deste aliñamento político nos seus traballos en prosa entre 1870-1871. Xa nos referimos a Silvia, a suposta moza de Abente que lle relatou as súas experiencias durante a Guerra Guazú. É máis correcto dicir que Silvia é unha personaxe literaria que reúne elementos de realidade e ficción. Algunhas descricións aluden a unha rapaza que Abente quería namorar de veras, tal vez a súa futura esposa Isabel Myskowsky, a filla da súa caseira (Abente y Lago, 1984: 6). A narración das súas experiencias durante a guerra ou é a testemuña real dunha muller ou, como mínimo, será unha mixtión de varios episodios de distintas historias vitais. Algunhas das aventuras de Silvia, en cambio, son pura invención. O 18 de decembro de 1870, un home achegouse á súa casa, desmontou do seu cabalo, "*entró con paso de actor aficionado; dejó sombrero y látigo sobre una silla, y se acercó con el mismo paso que Diego cuando se despide de Lola en el último acto de la* Flor de un Día [de Francisco Camprodón]" para pedirlle matrimonio. Silvia contestou:

> *Mire bien, que yo se quien es V. Yo leo «El Pueblo»* [y] *en él está su nombre; que Látigo le dice muchas cosas; y aunque soy pobre, y ordinaria, soy mejor que vd., hombre que tiene tanta apariencia, y anda lleno de embrollas. Ya puede salir de mi casa en este momento, los hombres como vd. no deben pisar las casas en donde está la virtud aunque ella esté envuelta en un* tipoy.[174]

(Xa non fará moita falla dicir como se chamaba ese home —un avogado catalán— "*que la sociedad desprecia espulsándolo de su seno*".) As historias de Silvia reflicten outra das funcións da prensa paraguaia durante este período: a divulgación de novas formas e gustos literarios. En termos amplos, esta función facilitaba a emanación da ideoloxía burguesa-liberal porque forxaba asociacións entre a expresión cultural escrita e o progreso material, combinados nunha imaxe de civilización superior. Pero trátase dunha función colectiva, non dunha intencionalidade individual, pois o relato de Abente subverte a idea lembrándonos que a virtude pode estar "*envuelta en un* tipoy". Esta reivindicación da vestimenta tradicional feminina vai a par da visión positiva cara á cultura paraguaia que o autor expresa noutros textos. Na súa primeira peza sobre Silvia, Abente descríbea como "*una hija del pueblo paraguayo, de esa parte que forma la clase media y se llama Quigua-berá*":

> *Es sencilla como la violeta y como ella vive entre el follaje. Su mayor placer es cubrir su lindo seno con el voluptuoso* tipoi*; sujetar á su flexible cintura su sencilla pollera, asi con su peineta* [*kygua vera*: "peineta brillante"], *el peinado de las trenzas, saborear su cigarro que ella misma elabora, recostar su silla de respaldo y asiento de* [¿?] *sobre el tronco de un naranjo, en cuya actitud deja descubiertos y desnudos sus pies, y bordar el festón para un rico* typoi *que lo lucirá en el primer baile en donde será la reina de esa sencilla fiesta*.[175]

Os pequenos detalles, como o feito de que "*Su lenguaje es conciso y lójico, solo abusa de las palabras* me dijo *y* le dije *cuando relata diálogos que ha sostenido*", confirman que Silvia ou era unha rapaza real ou unha híbrida de diferentes mulleres que o autor coñecía — se cadra na imprenta de *El Pueblo*, onde elas se encargaban de gran parte das tarefas de edición e tipografía, como noutros xornais contemporáneos (Segatto, 2016: 237). Varios dos riscos que

[174] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 18 de decembro de 1871, p. 2.
[175] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 27 de outubro de 1870, p. 2.

Abente menciona (o *tipoy*, os pes descalzos, fumar tabaco sendo muller) cóntanse entre os costumes 'bárbaros' que o goberno pretendería desterrar por disposición oficial nas décadas posteriores, sobre todo despois de 1904 (Cardozo, 2007a [1963]: 301; Rivarola, 2010 [1993]: 111-112). En cambio, no caso deste retrato idealizado de Silvia, quen simultaneamente é case un tipo social, tales riscos son precisamente o seu encanto. Abente fala sobre o mesmo tema en termos aínda máis explícitos unhas semanas despois no relato *Silvia y Elira*. Elira, unha de tantas rapazas que cren "*que por llevar su vestido á la moda y su peinado al último figurín y fingir una cortesía, ya son educadas*", vendo como Silvia pasea co galego, dille a este que "*observo que mas le gusta descender que ascender, no le alabo el gusto*". Desgustado con tanta superficialidade, el opina que a igualdade social é imposible porque:

> […] *mientras mas civilizada es la sociedad, es mas exijente, y como cada dia aumenta en civilizacion, se hace cada dia mas imposible la realizacion de esta fraternal idea. Lo mismo a aquellos que nos cantan la libertad en todos los tonos, pintándonos al hombre, gozando absoluto de sus deseos; esto es ilusion; nada hay mas esclavo que el hombre civilizado, tiene que estar sujeto, ó diremos, amarrado, no á la ley, á la justicia, sino á las ridiculeces de una tirana sociedad*.[176]

O discurso de Abente é moi crítico con algunhas das presuncións dos ideólogos liberais máis entusiastas, en particular a necesaria inferioridade da cultura paraguaia e os costumes anteriores á guerra. Esta actitude positiva cara á certos elementos do pasado podería influír nas súas simpatías políticas. En termos xerais (é dicir, con moitas excepcións), a facción bareirista, e posteriormente o Partido Colorado, predicaban un liberalismo máis moderado que a oposición, ás veces con pequenos puntos de nacionalismo e intervencionismo, e amosaban unha maior tolerancia cara á face máis enxebre da cultura paraguaia. E aínda que non, Abente en definitiva estaba mostrando que era un prosista hábil. Os seus textos, cheos de humor e crítica social, temática e estilisticamente variados, e fluídos na súa mestura de realidade e ficción, resultan senlleiros nos xornais paraguaios da súa época.

4.3.3.4. Benigno Teijeiro Martínez, *El Liberal* e as primeiras críticas teatrais (1874)

Nunha das arriba citadas historias de Silvia, a referencia a un personaxe literario de Francisco Camprodón tamén subliña o interese de Abente polas artes escénicas. O muxián chegou a ser o principal crítico de teatro na prensa paraguaia, como afirma Plá (1985: 116):

> *Los comentarios de Abente, impresionistas, como propios de la época, revelan conocimiento de l a l i t e r a t u r a t e a t r a l d e s u t i e m p o , s e n t i d siempre mesuradas y a menudo galantes* […] *La extensión que con frecuencia ocupan en los diarios, revela la importancia e interés que se asignaba a esas manifestaciones; y aunque el i n g r e d i e n t e ñ s o c i a l ò , t r i v i a l , d e e s e i n t e r acceso hacia lo cultural.*

O teatro era, en efecto, unha das formas máis relevantes de consumo cultural, e nesta esfera tamén se nota a influencia da parábola hispánica. Plá (1985: 113-114) calcula que trece compañías de dramas e comedias e vinte compañías líricas ou de zarzuelas, maioritariamente españolas, traballaron no Paraguai entre 1872 e 1900, sendo desprazadas pouco a pouco polas

[176] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 6 de decembro de 1870, p. 2; 7 de decembro de 1870, p. 2.

compañías arxentinas e uruguaias durante o século XX. Interpretáronse 170 dramas e comedias nese lapso, dos cales 85 eran de autoría española, 185 sainetes, case todos españois, e 45 zarzuelas españolas. En resumo, o asunceno que asistise ás funcións con certa asiduidade podía presumir duns coñecementos bastante actualizados do teatro contemporáneo. Como punto de comparación, 134 lectores visitaron a biblioteca pública da capital en outubro de 1880, e leváronse 47 volumes a domicilio[177]. Ou en 1896, o redactor de *La Democracia* emitiu unha queixa porque "*desde hace mucho tiempo, la comision encargada de comprar libros para la biblioteca pública no se reune ni dispone mas nada para el lleno de su cometido*"[178]. Os hábitos de lectura non estaban moi estendidos entre a poboación que sabía ler e escribir, e por este motivo a biblioteca non experimentaba unha elevada demanda de préstamos e novas adquisicións.

En cambio, a crítica teatral ocupaba unha posición central nas columnas dalgúns periódicos. Un exemplo é *La Libertad*, fundada en 1874 por José Segundo Decoud, Ricardo Brugada e Benigno Teijeiro Martínez, con Miguel Macías como xefe da redacción[179]. Teijeiro era outro daqueles españois que marcharon a América perseguidos polas súas convicción republicanas (Suárez Sandomingo, 2014: 7). O fundador e ex presidente do Club Republicano de Ortigueira trasladouse a Uruguai para traballar como enxeñeiro agrónomo pero, "*como no estuviéramos habituados á la vida de campaña*" nas grandes estancias, resolveu mudarse a Asunción en 1874 porque alí vivían dous amigos seus: os comerciantes José María Balteiro e José Castrillón. (Non está claro se Castrillón naceu en Ortigueira, pero aparece vencellado á colectividade galega ao testemuñar a voda de Ricardo Faraldo en 1875 (expediente 701)). Na capital paraguaia, Teijeiro relacionouse con Abente, Brugada, Ramón Zubizarreta e Vicente I. Acea. Con este último, ortigueirés coma el, "*fuimos los redactores de los Estatutos* [de la SESMAP] *que establecían la reciprocidad con las sociedades hermanas de Sur América* [y] *hicimos gratuitamente los planos y dirigimos las contrucción del panteón de esa Sociedad*"[180].

O programa político de *La Libertad* era de oposición moderada. En febreiro, o xeneral Bernardino Caballero encabezou unha revolta armada —o seu terceiro intento de dar un golpe de Estado— que obrigou o ministro liberal Benigno Ferreira a exiliarse en Bos Aires, onde permanecería até 1895. Isto permitiu que os revolucionarios (Caballero, Bareiro, Juan B. Gill) se incorporasen ao gabinete de Salvador Jovellanos. Produciuse outro alzamento a finais de abril pero, segundo Johnston (1875: 202), a intervención directa do exército brasileiro salvou a nova administración caballerista. O primeiro número de *La Libertad* critica as accións de Caballero, pero cunha suavidade de linguaxe que quizais demostre até que punto a liberdade de expresión estaba coartada pola intimidación oficial. O redactor cita un manifesto do xeneral (31 de decembro de 1873) para recriminalo por "*No dejar que los poderes públicos obrasen con entera independencia* […] *ejerciendo su influencia de caudillo*". Presentándose como unha voz de conciencia máis que un 'látego', o autor concede que "*El general es simpático a las masas, y su persona ó palabra debe ser quien las mueva*", e réstalle unha parte das responsabilidades políticas alegando que "*Al general le hicieron firmar el manifiesto del 31 de Diciembre, para que él solo cargase con la odiosidad cuando ese documento se destrozase*"[181]. Noutras ocasións, o xornal apoiou o goberno en certas cuestións. Por exemplo, cando un grupo de

[177] *La Reforma. Diario de la mañana, político, comercial, noticioso y literario*. Asunción, 14 de novembro de 1880, p. 2.
[178] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 11 de novembro de 1896, p. 2.
[179] *La Libertad. Diario de la Tarde*. Asunción, 26 de xullo de 1874, p. 1.
[180] *Follas Novas. Semanario defensor de la colonia gallega residente en la isla de Cuba*. A Habana, 25 de outubro de 1903, p. 1.
[181] *La Libertad. Diario de la Tarde*. Asunción, 8 de abril de 1874, p. 1.

mulleres acudiu ao xeneral Guimarães para solicitar que el mudase os membros do poder executivo á forza, *La Libertad* tachounos de "ridículas" porque "*La misión de la mujer en nuestra sociedad es de labor doméstica y de cariño/cultivo* [¿?]*; dejando a los hombres las rudas tareas de la política y la guerra*"[182].

Non se sabe exactamente cales serían os intereses de Benigno Teijeiro Martínez nesta empresa porque no momento da fundación do periódico, el levaba demasiado pouco tempo no Paraguai como para coñecer as complexidades da súa vida política. É posible que *La Libertad* representase outra fonte de ingresos para complementar o seu negocio de enxeñaría agrónoma, situada na rúa Asunción 45 esquina Loreto. A liña política do xornal dependería das opinións de Decoud, e se cadra as de Macías e Brugada (no seu momento o catalán publicara varios artigos en *El Pueblo*). Pola súa parte, Teijeiro probablemente se encargase da sección de publicidade, crónicas ou "Floresta" — máis ou menos unha 'mesa revolta'. Ademais, algunhas das primeiras recensións de teatro da posguerra apareceron en *La Libertad*, as cales case seguramente eran da autoría de Teijeiro, dada a estreita relación que el tiña coa compañía dramática en cuestión (véxase apartado 4.4.1).

A compañía de Pascual Musella comezou a ensaiar en maio, dirixida polo actor español Francisco Torres, quen "*se ha hecho aplaudir en los principales teatros de España y en los de las Repúblicas vecinas*". Porén, antes de que calquera obra puidese estrearse, era necesario arranxar o teatro porque o edificio "*hoy sirve de letrina pública y es el teatro de cuanta inmoralidad hay*". Isto corrobora os datos que aporta Warren (2009 [1978]: 229) acerca do uso do teatro inconcluso como bordel e latrina pública. Aínda así, a compañía dramática programou a súa primeira representación de *La huérfana de Bruselas* (1825, Juan Grimaldi) e a petipeza *Los estanqueros aéreos* (1874, Federico Bardán) para o 5 de xullo de 1874[183]. A primeira recensión data do 12 de agosto e trata a representación doutra obra que a compañía debía estar preparando ao mesmo tempo que *La huérfana de Bruselas*. Teijeiro lamenta que unha tormenta que irrompeu momentos antes da función do domingo anterior "*haya privado á muchos apreciar el magnífico drama «Jorge el armador»* [de Ramón Lias Rey] [[…] *Fue tanto lo que gustó el Sr. Torres en el desempeño de su papel que al final del último acto el público lo llamó tres veces al escenario*"[184].

Unhas semanas despois, apareceu outro artigo que enxalzaba Francisco Torres como un artista que alcanzou "*el último punto de la perfectibilidad*". O texto pasa revista á súa interpretación de *Jorge el armador*, pero sen mergullar demasiado porque "*No queremos describir lo que todos han visto; no repitir lo que todos han oido*"[185]. Esta última frase amosa que Teijeiro confiaba en que a meirande parte dos seus lectores asistira a algunha das funcións. É dicir, teatro xa era un importante núcleo de sociabilidade e consumo cultural, ao menos para os asuncenos que podían permitirse o prezo das entradas. Con breves recensións como estas, entón, *La Libertad* acompañou a industria teatral nos seus primeiros pasos durante a posguerra. Porén, o seu percorrido foi curto porque, "*como se complicara la política local*" en 1875, cando o ex ministro Germán Serrano protagonizou un levantamento contra o presidente Gill con apoio brasileiro, Teijeiro preferiu irse a Concepción del Uruguay (Entre Ríos). Alí recibiuno o vice-

[182] *La Libertad. Diario de la Tarde*. Asunción, 27 de abril de 1874, p. 1.
[183] *La Libertad. Diario de la Tarde*. Asunción, 7 de maio de 1874, p. 3; 6 de xuño de 1874, p. 2; 5 de xullo de 1874, p. 4. [O anuncio repítese noutros números.]; 12 de xullo de 1874, p. 3.
[184] *La Libertad. Diario de la Tarde*. Asunción, 12 de agosto de 1874, p. 2.
[185] *La Libertad. Diario de la Tarde*. Asunción, 22 de agosto de 1874, p. 2.

cónsul de España, Antonio López Piñón, fillo de Ortigueira[186]. A cidade arxentina sería o seu destino definitivo en América.

4.3.3.5. Entre os látegos de Plácido Casaús e a razón de Vicente R. de Oliveira: o periodismo de combate e o renacemento da prensa gráfica paraguaia (1885-1895)

O emprego da prensa gráfica con fins propagandísticos e satíricos foi intenso durante a Guerra da Tripla Alianza, pero non apareceu ningún periódico ilustrado durante a posguerra até a chegada de Plácido Casaús, propietario sucesivamente de *La Verdad Autógrafa* (1885), *El Látigo* (1885-1889), *El Látigo Inmortal* (1880-1892) e *El Centinela* (1893-1895) — este último rescata o título dunha das publicacións bélicas dos anos sesenta. Case todas as fontes localizan Casaús en Galicia antes de emigrar. Na ocasión do seu falecemento en 1895, *El Centinela* publicou uns apuntes biográficos sobre o seu director-propietario. Segundo estes, Casaús foi vicepresidente da deputación de A Coruña durante o goberno provisional de 1869 —non temos constancia disto, polo cal resulta máis plausible que axitase os círculos republicanos locais sen ocupar ningún cargo— e integrouse ao corpo docente da cidade herculina como profesor de xeometría, debuxo e gramática castelá en 1874. Empezou a impartir aulas de litografía práctica na *Escuela de Artes y Oficios* de Montevideo en 1882. Iso si, a referencia máis temperá remonta a 1866, cando Casaús supostamente participou na fallada sublevación republicana de Villarejo de Salvanés (Madrid)[187].

Namentres, sabemos que Casaús traballou durante varios anos en Vigo, pois en 1875 estableceu a *Litografía del Comercio* na rúa Príncipe 40 (durante un tempo, a súa imprenta en Asunción levaría o mesmo nome). A empresa aceptaba encomendas de tarxetas de visita, necroloxías, participacións de enlace, de invitacións, letras de cambio, circulares, facturas, papeletas de morto, planos, mapas, autografías, etiquetas sinxelas e en cromo etc. A litografía era unha tecnoloxía relativamente nova, cuxa implantación nas capitais europeas nos anos corenta facilitara o auxe da prensa gráfica en todo o continente (Llero Ruiz, 2003: 209). Neste senso, Casaús xulgaba que o seu negocio convíña aos vigueses porque xa non tiñan por que procurar este tipo de servizos "*á otra poblacion y muchos al extranjero*"[188]. Casaús tamén escribía na prensa local galega; en 1880 figura entre outros "*dignos representantes de la prensa*" viguesa como Eladio de Lema (fillo do propietario do *Faro de Vigo*), Ramón García Vicetto (futuro director de *El Heraldo Gallego* de Montevideo) ou Pío Lino Cuíñas[189].

Rodríguez Alcalá (2011) publicou un excelente ensaio sobre os 21 números de *La Verdad Autógrafa* que Casaús coordinou en 1885. Esta ten a particularidade de ser o primeiro periódico impreso de modo caligráfico no Paraguai (que se conserve polo menos). De acordo co citado autor, Casaús propoñía unha relación novidosa co seu público porque calquera persoa podía enviar un texto ou debuxo á redacción para publicarse anonimamente. Este estilo de redacción democrática persistía en *El Látigo*, cuxo primeiro número saíu do prelo o 9 de agosto de 1885. O texto compoñíase de forma tipográfica, ao parecer grazas á cesión negociada dos

[186] *Follas Novas. Semanario defensor de la colonia gallega residente en la isla de Cuba*. A Habana, 25 de outubro de 1903, p. 1.
[187] *El Centinela*. Asunción, 29 de outubro de 1895, p. 1. [Agradecemos a Fernando Oddone o envío dunhas fotografías deste número, que se conserva na hemeroteca da BNP.]
[188] *Faro de Vigo*. Vigo, 1 de novembro de 1875, p. 3. [O anuncio repítese noutros números.]
[189] *La Ilustración Gallega y Asturiana. Revista decenal ilustrada*. Madrid, 8 de maio de 1880, p. 164.

tipos e a imprenta de *La Democracia*[190]. Posteriormente, Casaús, a súa esposa e fillos conseguiron montar unha imprenta propia, "La Española", na rúa General Díaz esquina Ayolas[191]

Un punto de diferenciación de *El Látigo* fronte a outros periódicos semellantes no estranxeiro era o uso do guaraní. Os xornais bélicos dos anos sesenta utilizábano para achegarse ao número máximo de soldados. *El Centinela* (1867) e *Cabichuí* (1867-1868) editábanse nas dúas linguas, cunha maioría dos textos en castelán, pero os redactores de *Cacique Lambaré* (1867-1868) escribían todos os seus contidos en guaraní. Así mesmo, Plácido Casaús aceptaba contribucións neste idioma, polo cal *El Látigo* foi o primeiro periódico da posguerra en empregar o guaraní de forma regular. Pero sería un erro interpretar esta novidade como unha vindicación nacionalista. O uso do guaraní potenciaba a sátira mediante a adopción da fala dos cidadáns de a pé, pero moitas veces co obxectivo de ridiculizar o falante. Semellante diglosia caracteriza o emprego da lingua galega na prensa satírica de Galicia durante o mesmo período (Arcay Barral, 2015: 328).

Seleccionamos un diálogo que o contribuínte "Látigo Piragué" escribiu en 1886 para exemplificarmos esta estratexia discursiva. En febreiro, cando José Segundo Decoud volveu a Asunción dende Londres, a cidadanía preguntábase se o comisionado conseguiu atopar unha empresa inglesa que estivese disposta a estender a vía férrea até Villarrica, e que condicións poderían pactarse cos acredores londinienses de 1871-1872 para autorizaren as obras. Unha sesión extraordinaria da cámara de deputados inaugurouse o día 25 para deliberar sobre estas negociacións, as cales explicamos brevemente no apartado 2.3[192]. Como denota o seu pseudónimo, Látigo Piragúe (*pyrague*: delator) presentábase como un infiltrado na cámara: un deputado que compartía as inquedanzas do semanario de Casaús e destapaba as torpezas dos gobernantes. Na versión do retorno de Decoud que el narra, os membros do gabinete presidencial nin sequera debaten o asunto ferroviario, senón que abraian ante o inglés rudimentario que o comisionado aprendeu en Londres e resolven mercar un dicionario bilingüe:

> *Bruto ð Don 2ę money negris picus r®rus para*
> *Don 2ę ð Oh yes Qmay (sí mis) compañeros, el Ingliterre y el Suice es uni peis muchi lindi, muchis platis, muchis comidas ricas y muchis caballas, muchis paseos ahí muchis cosas y en especial muchis prittis woman my presidant (Lindas mujeres mi presidente).*
> *Orejones ð Ayapó mocion los compañero para comprar petei diccionario, para ña¶entend® jhangua mejor, yo con don 2ę quie*
> *Guacho Caayariy ð Apoyado, yo iré á buscar para todos (saliendo afuera).*
> *Bruto y 2ę se levantan y se Guacho Caayariy con por e seis diccionarios anglo-españoles y procede al reparto correspondiente.*
> *2ę D. Q. (abrió ð General, eComensarii por usted, prittis woman) quiere decir en inglès* mujeres bonitas. *Ahora pronuncielo á ver.*[193]

Este fragmento amosa varios dos elementos básicos que compoñen a sátira de *El Látigo*. Primeiro, o emprego de alcumes que só os lectores habituais entendían cimentaba un pacto implícito entre o periódico e o seu público. Os 'látegos' da república podían sentirse parte dun círculo exclusivo que facía uso dunha linguaxe propia para denunciaren as demasías dos

[190] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 29 de novembro de 1886, p. 2.
[191] *El Látigo Inmortal*. Asunción, 21 de abril de 1892, p. 4. [O anuncio repítese noutros números.]
[192] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 20 de novembro de 1886, p. 1; 25 de novembro de 1886, p. 1.
[193] *El Látigo*. Asunción, 21 de febreiro de 1886, p. 4.

políticos. Ademais de "2˚ D. Q." (Segundo Decoud, ministro de RREE), o elenco do citado diálogo comprende "Bruto" (o presidente Bernardino Caballero) e "Orejones" (o ministro de Guerra Pedro Duarte). O "Guacho Caayariy" é Juan G. González, ministro de Xustiza, Culto e Instrución pública; "*el de los 9.000 que se hicieron humo*"[194]. O seu nome refírese con ironía á *K a ô a* , o espíritu protector da herba mate — unha alusión á rede de corruptelas que a venda masiva dos herbais orixinou. Velaí o segundo tópico de *El Látigo*: a constante denuncia dos abusos e a corrupción. A preocupación de Caballero son as oportunidades de gañar "*money negris*" en Inglaterra. Os intereses do pobo son irrelevantes. En xeral, Látigo Piragué representa o presidente e o seu gabinete como un grupo de imbéciles que se ocupan por nimiedades en lugar de administrar o país, demasiado parvos para saber como debería funcionar o goberno democrático, e por tanto corruptos.

A característica que máis chama a atención neste texto é a cuestión lingüística, a cal contribúe á ridiculización dos políticos. Os ministros falan *jopara*, unha mestura de guaraní e castelán, pero con frecuentes erros na parte castelá dos enunciados: "*y o con don 2ę qu la ingles tambien*". O inglés de Decoud impresiona os seus compañeiros pese a que el non sexa capaz de articular unha frase completa nesta lingua nin pronunciar as palabras correctamente, pero a construción máis absurda é a pregunta que fai Bruto acerca do "*money negris picus*". Nesta frase xúntanse unha palabra inglesa, unha castelá e unha guaraní —o interrogativo *piko* ("diñeiro negro?")— con terminacións pseudo-latinas para dotalas dunha falsa solemnidade. Folga dicir que aquí o emprego do guaraní non ten ningún carácter reivindicativo, senón que o autor pretende que resulte unha marca de incultura en boca dos altos mandatarios. Rafael Calzada (1927: 475) escribe que "*las personas más distinguidas de aquel país, cuando no tienen que guardar consideraciones a extraños, entre sí, a la manera de los catalanes, se expresan en guaraní*". O viaxeiro asturiano realizou esta observación en 1891, sen censurar o uso real da lingua materna dunha inmensa maioría dos paraguaios, pero o máis habitual era que a intelectualidade da época a menosprezase como un sinal e catalizador do atraso científico-cultural.

A ignorancia dos representantes políticos era unha queixa incesante nos medios de comunicación, os cales argumentaba que nun sistema construído sobre alicerces de clientelismo e violencia, o diñeiro que os deputados posuían e as súas aptitudes marciais eran o que aseguraban o seu ascenso en lugar da súa formación e intelixencia. Así, *El Diario* ironiza en 1904:

> *Decididamente vivimos en el país más democrático del mundo, practicando la democracia más original de América, que bien merecería el calificativo de criolla. En esta democracia criolla el primer mandatario, amén de sus primeros servidores, vive al nivel intelectual del último paisano, juntándose así los extremos.*[195]

Aínda a finais dos anos 1930, Gonzalo Montt Rivas, o encargado da legación do Paraguai en Santiago de Chile, clasificaba moitos políticos nacionais como 'gauchos' con apenas "*cierta instrucción primaria*", que camiñaban á cámara de deputados "*con los zapatos en la mano, sin nada en la cabeza, para discutir en guaraní las cualidades de sus respectivos caudillos*" (Dalla-Corte Caballero, 2010: 50). Neste senso, o diálogo de Látigo Piragué até certo punto reflicte a realidade. Algúns dos ministros probablemente conversasen en guaraní e non

[194] *El Látigo*. Asunción, 27 de setembro de 1885, p. 4.
[195] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 13 de xuño de 1904, p. 2.

todos tiñan un alto nivel de formación académica. Pero esta realidade chocaba cos prexuízos lingüísticos do momento, pois considerábase que os políticos debían seguir falando a lingua de prestixio en lugar de adoptar a fala da rúa. Neste senso, para os redactores de *El Látigo* o guaraní era unha arma retórica que lles permitía moquearse do poder en contraposición aos xornais situacionistas, xa que estes, nun castelán culto e literario, pretendían "*Representar al Poder en tinta y papel*" (Rodríguez Alcalá, 2011: 3).

O uso do guaraní era unha peculiaridade dos semanarios fundados por Plácido Casaús, pero en moitos outros aspectos estes semellábanse á prensa gráfico-satírica española, sobre todo á do Sexenio Democrático (1868-1874). Esta caracterízase máis pola invectiva (ataques *ad hominem*) que pola sátira propiamente dita (críticas de carácter xeral). Casaús mostrábase coñecedor da tradición na que a súa obra se insería. Por exemplo, o primeiro número de *La Verdad Autógrafa* menciona o famoso periódico satírico *El Moro Muza* (A Habana, 1859-1875) (Rodríguez Alcalá, 2011: 10). Atopamos outras referencias explícitas a modelos anteriores na primeira entrega de *El Látigo*, cando Casaús presenta o seu programa político en forma de decálogo. Proponse loitar "*por que se perpetue la produccion fisiológica de Juvenal, Cervantes y Larra, para escarmiento de los malos hábitos, de gobernantes y gobernados*". Por outra banda, hai un esforzo por situar o periódico no contexto paraguaio: "*Derogar la vijencia de* mborevi, *bárbaro aguijon de la bestia resignada, para empuñar el escalpelo fruicionante de las sutilezas, en obsequio de la propia moral pública*"[196]. Trátase dunha forma orixinal de reeditar o estereotipo dun pobo paraguaio apático e abestado, propio do liberalismo radical, valéndose dunha comparación co tapir (*mborevi*) (e outra verba máis para o léxico particular dos látegos).

O discurso de Casaús e os seus colaboradores adoitaba ser extremadamente denigrante cara aos obxectos da súa ira. Véxanse, por exemplo, as seguintes definicións para un novo dicionario de termos políticos que apareceu en portada en xaneiro de 1886:

> *GOBIERNO. Especulación lucrativa y desvergonzada en que se roba, asesina, encuartela, se reprime con escándalo la manifestación de las ideas liberales* […]
>
> *400.000 EN FONDOS PÚBLICOS. Adverbial con que se espresa el modo de sobar con todo cinismo en el Paraguay.* […]
>
> *PETRUS OREJONES. Nombre de un labriego de las Indias, que por su mala suerte llegó á ser en Liliputia ministro de Guerra; é hizo tantas hazañas y tales, que mereció el sobrenombre de Burro de LÁTIGO.* […]
>
> *BRUTO. Sinónimo de imbecilidad y embriaguez. Veáse Administración.*[197]

Neste aspecto combativo, apréciase a influencia das principais publicacións españolas do xénero. Un redactor de *Gil Blas* (Madrid, 1864-1872) precisou o seu programa da seguinte maneira: "*diría que soy liberal hasta la pared de enfrente: que combatiré todas las soluciones que no se ajusten al criterio liberal, y andaré a la greña con quien no piense como yo*". *El Motín* (Madrid, 1881-1886), un contemporáneo de *El Látigo*, tamén declarou "*¡Guerra a los conservadores! Nos parece que este grito equivale a un programa*" (Llero Ruiz, 2003: 209-212).

[196] *El Látigo*. Asunción, 9 de agosto de 1885, p. 1.
[197] *El Látigo*. Asunción, 17 de xaneiro de 1886, p. 1.

As semellanzas con *El Motín*, revista fundada polos republicanos José Nakens e Juan Vallejo, non son casuais. A influencia máis nítida sobre o estilo de Plácido Casaús era a do madrileño Eduardo Sojo Sanz ("Demócrito"), o brillante debuxante satírico que se encargaba da parte ilustrada de *El Motín* e posteriormente a da súa propia revista —como Casaús, cunha inspiración cervantina explícita—, *Don Quijote* (Bos Aires, 1884-1887; Montevideo, 1887-1888; Madrid, 1892-1902). Non sería difícil que esta revista circulase por Asunción. Segatto (2016: 230) describe o circuíto de comunicación fluvial que unía as cidades da cunca da prata en datas tan temperás como 1870, cando os xornalistas paraguaios xa podían citar artigos publicados nos periódicos de Tucumán ou Mendoza. E *Don Quijote* non sería difícil de conseguir pois non se trata precisamente dun pasquín clandestino; a obra de Demócrito chegou a ser unha das revistas máis populares da Arxentina, cunha tirada semanal de dez mil exemplares (Laguna Platero, Gallego Martínez e Sujatovich, 2016: 450).

Como xa constatamos, unha das estratexias para xerar vínculos de complicidade entre os lectores de *El Látigo* era a elaboración dunha xerga propia. Demócrito utilizaba a mesma técnica. Cando *Don Quijote* falaba do entón presidente arxentino Julio A. Roca (1880-1886), o seu alcume era "Julio César" (Laguna Platero, Gallego Martínez e Sujatovich, 2016: 447). De feito, pode ser significativo que Casaús ou un dos seus colaboradores escollese o nome romano "Bruto" para Bernardino Caballero, en alusión aos incontables golpes de Estado que o xeneral tramou dende 1870. O paralelismo entre Julio César e Bruto é difícil de ignorar. Outra característica compartida entre *El Látigo* e *Don Quijote* é a escaseza de publicidade. Os custos mantíñanse baixos porque moitos contidos chegaban da man dos lectores de forma gratuíta e porque a súa periodicidade era semanal. A súa función non era informar sobre as noticias diarias como facían os grandes xornais, senón que comentaban e criticaban as noticias que estoutros producían.

A principal fonte de ingresos eran as subscricións, e os periódicos de combate activamente cazaban a polémica para crear interese, atraer novos lectores e afiuzar a lealdade cuasi-tribal dos xa existentes. Por exemplo, un editorial titulado "*Política mazhorquera*" censura os órganos situacionistas *El Orden* (1885-1886) e *El Paraguayo* (1885-1889), "*conocidos generalmente por el Semanario* [1853-1869] *y Cabichui*". Un dos marcadores do periodismo de combate neses tempos é a extrema simplificación da realidade (Llero Ruiz, 2003: 212): os bos versus os malos, ou neste caso, a civilización (a revista liberal *El Látigo*) versus a barbarie (dous xornais que equivalen á propaganda crioula dos tiranos López). Ao mesmo tempo, existe unha conexión co contexto riopratense a través dunha referencia ao "*glorioso partido de la mazhorca*" que identifica os gobernantes paraguaios do momento coa ditadura anti-liberal de Rosas (un inimigo de Carlos Antonio López, pero a contradición resultaría irrelevante para os propósitos de Casaús).

Os choques entre *El Látigo* e Vicente R. de Oliveira, director de *La Razón* (1889-1890), son outro exemplo interesante destas polémicas sensacionalistas. "*El doctor Bandido Oliperra*" era a "*vergüenza de Galicia*", segundo certo artigo firmado por un tal "Látigo Martínez"[198]. Oliveira efectivamente era galego. Fora membro da xunta executiva de socorros a Galicia do *Centro Gallego* de Bos Aires en 1880, xunto a Eduardo Caamaño, ex residente en Asunción, e Enrique Dupuy de Lôme, secretario da legación española en Bos Aires e parente de Carlos

[198] *El Látigo Inmortal*. Asunción, 13 de outubro de 1889, p. 6.

Dupuy de Lôme, cónsul do Paraguai en Valencia a partir do ano seguinte[199]. Tempo despois, Oliveira puido consolidarse en Asunción ao ser nomeado superintendente de Instrución Pública en 1888, no ano da creación do *Consejo Superior de Educación* (López Decoud, 1911: 282). *La Razón* creouse o seguinte ano. A administrador deste xornal era Rufino Mazó, un membro fundador da ANR, e por tanto, *La Razón* e o seu director estaban ligados ao goberno colorado. Nos ataques contra Oliveira en *El Látigo Inmortal*, a súa orixe galega remarcábase de forma continua. Como resposta a uns artigos que *La Razón* publicou para criticar o Partido Liberal, un redactor-látego escribiu que:

> *El autor de esos artículos incendiarios y denigrantes es, como todos lo saben, aquel inmundo y miserable gallego conocido por el supuesto nombre de Oliveira, por mas que èl no tenga la entereza suficiente para renegarse de sus criminales obras.*
> *Ese malvado gallego, que es la impudicia, el escándalo y la inmoralidad en persona debe desaparecer de nuestra sociedad si continúa predicando contra nobles y patriotas ciudadanos de un país que le ha dado el pan para prolongar su inmunda è infame existencia.*[200]

Noutro número, respondendo a unha suposta esaxeración do número de afiliados do Partido Colorado nun artigo de Oliveira, *El Látigo Inmortal* confeccionou un relato para contar como "*la vestia burro (convertida en hombre irracional)*[que] *es un verdadero antropófago de plata*" foi vendida en Bos Aires porque o seu dono observaba que "*el tal burro Vicente Oliperra era inútil para el desempeño de las faenas á que le habia destinado*". O relato empeza: "*en cierta aldea de Galicia existia un gallego llamado Paco Pontevedra que tenía á su servicio un burro, el cual respondia con rebuznos pertenecientes á su raza al llamado de Vicente R. de Oliperra*". Ao final, é Bernardino Caballero quen merca o burro dun parente desgustado de Paco Pontevedra[201]. Semella probable que a contratación real de Oliveira se debese aos contactos de Eduardo Caamaño, o cal relacionárase no seu momento con varios dirixentes paraguaios, como vimos noutros apartados. A insistencia na galeguidade de Oliveira e a súa conversión en burro comecartos apóianse no estereotipo do galego "suxo, amoral, avaro e mísero" que no Río da Prata remontábase á época colonial. O galego, normalmente nun papel cómico, era ademais un personaxe imprescindible nos sainetes de autoría crioula (Núñez Seixas, 2002: 28, 65). Non é tan obvio que presenza ese estereotipo podía ter no imaxinario paraguaio, pero tomando en consideración o status do teatro como a principal canle de consumo cultural neste período, é posible que acadase certa difusión no país, o cal facilitaría o seu uso como arma retórica en *El Látigo Inmortal*.

A sección gráfica da revista tamén se ocupaba de infamar o xornalista rival converténdoo en besta. Nunha viñeta do 18 de abril de 1890, o debuxante reconstrúe un recente mitin colorado. O burro Oliperra, vestido dun indumento que recorda o Antigo Réxime e subido a un barril do popular viño Carlón, azua un grupo de colorados ebrios con orellas de diaño. O seu manifesto declara a guerra fratricida coa fin de comeren os liberais nunha sopa de carne (*s o ô o*), *j* e o o s e m p r e g o do símbolo dos corazóns coroados por cruces podería ser un elemento antisemita que recorda os libelos de sangue. A adición de frade Gómez ao nome de Oliveira asóciao asemade ao escurantismo clerical. En concreto, trátase dunha alusión ao milagre do alacrán do frade Gómez (unha versión escrita editárase en 1889), no cal un relixioso

[199] *La Ilustración Gallega y Asturiana. Revista decenal ilustrada*. Madrid, 18 de outubro de 1880, p. 11; *Guía Oficial de España*. Madrid, 1880, p. 84 ; 1882, p. 129.
[200] *El Látigo Inmortal*. Asunción, 16 de marzo de 1890, p. 4.
[201] *El Látigo Inmortal*. Asunción, 6 de abril de 1890, p. 1.

español transforma un alacrán nunha preciosa xoia para pagar unha imposición (Rodríguez Chávez, 2018), do mesmo modo que as cifras infladas de Oliveira 'transformaron' a impopular ANR nun partido de masas.



Figura 1. O burro Oliperra nun mitin colorado. (*El Látigo Inmortal* . Asunción, 18 de abril de 1890, pp. 2 -3.)

Oliveira xa contestara este tipo de lategazos anónimos en outubro do ano anterior. O director de *La Razón* procuraba non recaer na mesma baixeza discursiva que a outra revista e, sen mergullar nos pormenores das súas discrepancias, desmentía os estereotipos correntes sobre os galegos.

> […] *venimos siendo objeto de toda clase de injurias soeces, de todo género de calumnias audaces y de toda especie de epitetos infamantes, por parte de dos ó tres mocosuelos, que ni conocemos, ni nos importa saber quienes son* […]
> *hoy no podemos, ni debemos, ni queremos callar, por cuanto ya no se nos quiere denigrar á nosotros personalmente, sino que se pretende zaherir á toda una colectividad, muy digna de respeto por sus méritos y virtudes* […]

¿Sabrán, por ventura, esos rapazuelos audaces lo que significa, lo que quiere decir la palabra GALLEGO?
Pues gallego*, quiere decir honradez;* gallego*, quiere decir laborosidad;* gallego*, quiere decir valor;* gallego*, quiere decir nobleza;* gallego*, quiere decir inteligencia;* gallego*, quiere decir, en fin, todo lo grande, lo digno, lo generoso, que forma el corazón del hombre.* […]
¡Imbéciles! ¡No saben que el ser gallego *es el mas grande honor que puede ostentar el directo de LA RAZÓN!*[202]

Dende logo, esta resposta con conseguiu deter as ofensivas racistas de *El Látigo Inmortal* (o cal pon en dúbida a orixe galega Plácido Casaús, malia a súa conexión coas cidades de Vigo e A Coruña). Outra viñeta publicada en maio de 1890 demostra que *La Razón* volveu reaccionar. Oliveira aparece en forma de cadela (Oli-perra) dando caza ao coello branco da prensa independente a instancias dos grandes intereses financeiros e Higinio Uriarte, o ministro de Facenda.



Figura 2. Os galgos de*La Razón*azuados polo can Uriarte. (*El Látigo Inmortal* . Asunción, 4 de maio de 1890, p. 3.)

A estratexia de polemizar constante e furiosamente conlevaba perigos como o recurso aos tribunais ou a violencia física. As mudanzas de título que sufriu a revista de Casaús debéronse á clausura temporal da imprenta a mans da policía, pero en comparación co ambiente tumultuoso dos anos setenta, a relativa brandura da persecución revela que os gobernos fortes

[202] *La Razón. Diario de la tarde*. Asunción, 12 de outubro de 1889, p. 2.

do momento podían permitirse un maior grao de tolerancia fronte ás críticas que as administracións anteriores (Warren, 1983: 492; Rodríguez Alcalá, 2011: 17). Alén das presións gobernamentais, as demandas por calumnias foron incesantes. Cando *El Látigo/El Látigo Inmortal* cumpría oito anos en 1892, o editorial lembraba que "*Una y mil veces, la saña feroz de los potentados con quienes se toma frente á frente, les ha arrastrado a sus representantes à los estrados de los tribunales*", pero os látegos defendían a súa causa "*siempre impertèrrito*[s], *siempre invicto*[s], *saliendo airosos*"[203].

O anonimato da redacción era unha medida de seguridade imprescindible polos altos niveis de violencia política. O asasinato do andaluz Cristóbal Campos y Sánchez foi un caso notorio. Xamais se descubriu quen matou o fundador e director de *El Orden* ese 29 de novembro de 1889. O conflito con *El Orden* e *El Paraguayo* —perigosos mecanismos lopiztas/mazorqueiros, segundo o arriba citado artigo de 1886— estalou cando *El Látigo* fixo causa común con *El Heraldo* na ocasión dunha disputa entre Manuel Curutchet e Ángel Peña, o secretario privado do presidente. O arxentino Curutchet, en distintos momentos colaborador de Casaús e director de *El Heraldo*, redactou uns artigos difamatorios sobre Peña. Enfrontados nunha estación de tranvía da capital, os dous homes disparáronse con revólveres[204]. Curutchet sobreviviu este encontrón; falecería en Bos Aires loitando nas filas da Revolución de 1890. *El Látigo Inmortal* homenaxeou o malogrado periodista nun gravado[205].

A violencia política podía ser tan ou máis severa fóra da capital. Ademais, persistía até ben entrado o século XX. O vice-cónsul honorario de España en Concepción, o catalán José Romañach, solicitou a intercesión da legación e o consulado de España en Asunción en 1915 para protexeren o libreiro español José Rodríguez. Sendo propietario e editor da revista bisemanal *La Ydea*, Rodríguez publicou unha serie de artigos a finais de 1914 que molestaron o delegado civil do departamento de Concepción pola súa "*ruda franqueza*". Por este motivo, apresárono *ñ m a n t e n d i e n d o s e l e i n c o m u n i c a d o y h a c i e especie. Estando detenido fue atropellado y golpeado en el mismo local de la polisia por un individuo de malos antecedentes*". Tras unha sublevación armada do rexemento de artillería contra o goberno radical de Schaerer que aconteceu o 1 de xaneiro —os derrotados fuxiron a Formosa (Brezzo, 2009: 50)—, as autoridades locais acusaron Rodríguez de conspiración e cualificárono de preso político, a ollos de Romañach sen ningún motivo convincente. Por todos estes "actos irregulares", o vice-cónsul víase na obriga de "*hacer en su favor lo que fuera posible*"[206].

Un caso parecido aconteceu no 1911 en Villa del Rosario, onde o comerciante español Ramón Botana foi vítima de "*supuestos malos tratos*" a mans do comandante militar J.A. Parini. Neste caso foi o chanceler honorario, o tudense Camilo Pérez y Pérez, interinamente encargado do consulado de España en Asunción, quen contactou co avogado paraguaio Alejandro Audibert para discutiren o caso[207]. Outro testemuño das prácticas violentas no eido da política local é a carta "*Cómo se trata a los españoles en América*" do galego J. García. Segundo García, en 1917 o xefe político de Belén pegoulle uns "*fuertes rebengazos*" a un mozo español por dicir

[203] *El Látigo Inmortal*. Asunción, 14 de agosto de 1892, p. 1.
[204] *El Orden. Redacción anónima*. Asunción, 5 de xaneiro de 1886, p. 1.
[205] *El Látigo Inmortal*. Asunción, 2 de agosto de 1891, pp. 2-4.
[206] AHMRREE. DACyL 44. Informe de José Romañach ao encargado de negocios e cónsul de España en Asunción, 6 de xaneiro de 1915.
[207] AHMRREE. DACyL 44.; Carta de Camilo Pérez y Pérez a Alejandro Audibert, 14 de xullo de 1911.

que non tiña a intención de votarlle nas próximas eleccións[208]. Este tipo de casos tamén foran suficientemente comúns a finais do século como para inspirar unha viñeta de *El Látigo Inmortal* que evoca a tiranía dalgúns caudillos rexionais.



Figura 3. Xefes políticos de campaña. (*El Látigo Inmortal* . Asunción, 23 de marzo de 1890, p. 2.)

Parece ser que o seu estilo contendente afastaba Plácido Casaús dos círculos socio-profesionais nas que movían moitos dos outros inmigrantes analizados até agora. *El Látigo* acometeu a varios españois, como o intendente da capital Joaquín Briones. A revista publicou unha carta ficticia en que un amigo ficticio de Briones se asombra ao repasar a súa traxectoria en América. O suposto amigo firma como natural de Valencia, pero escribe coa gheada e as deformacións de vogais que daquela adoitaban utilizarse para parodiar a fala dos galegos. Unha das sorpresas para el foi ouvir "*cumu te compusiste para ser cumpadre de* [Ángel] *Peña prestandu unha declaracion falsa lueju darle fianza (con el mismo dinheiro que el te da a janar á medias)*"[209]. Noutra ocasión, a inicios da epidemia de cólera de 1886, un redactor alegou que Victoriano Abente y Lago se estaba negando a curar os enfermos de Concepción a menos que o goberno asegurase a súa vida coa cantidade de trinta mil pesos: "*A inhumanos de esta clase en consejo médico debería suspender en su*[s] *funciones y penarles como se merecen*". E o *Colegio Nacional*, onde case todos os profesores eran estranxeiros? "*El Colegio Nacional es un bochinche. Sí, señor. Un bochinche completo*"[210]. Casaús non ten por que ser a persoa que

[208] *Diario de Galicia. Periódico de la mañana, telegráfico, noticiero y de información general*. Santiago de Compostela, 6 de maio de 1917, p. 1.
[209] *El Látigo*. Asunción, 10 de xaneiro de 1886, p. 4.
[210] *El Látigo*. Asunción, 29 de novembro de 1885, p. 4; 19 de decembro de 1886, p. 1.

escribiu estes textos, pero el era a 'cara' de *El Látigo*. Por iso, non resulta sorprendente que o seu nome non figure nas listaxes de invitados a vodas, de asistentes ao teatro ou nas outras formas de dar visibilidade á crema da sociedade asuncena que se atopan na sección de "Vida social" dos xornais da época.

Mentres repelía as elites, *El Látigo* logrou un seguimento popular considerable. Proba disto é a súa supervivencia durante dez anos (bardante as mudanzas de título) con pouca publicidade e ningunha subvención estatal. Outra proba é a aparición e rápida desaparición doutras revistas que o imitaban. O paraguaio Constantino Arrúa creou *La Cotorra* en 1887 pero o proxecto só durou uns meses (Warren, 1983: 492). Seica Arrúa fora un dos colaboradores de *El Látigo*, xa que Casaús testemuñou a súa voda coa española Josefa Gamio Colina en 1886 (expediente 940). Outro imitador foi *El Veterano*, administrado por J.E. González. A súa liña editorial consistía en defender o goberno de Patricio Escobar, ou o que é o mesmo, facer sátira en defensa dos poderosos: tarefa difícil. *El Veterano* aguantou cinco meses até xullo de 1889. A existencia destes imitantes implica que alí había un mercado de lectores que outros xornalistas querían explotar, pero sen lograren competir coa chispa ou a pezoña de *El Látigo*. Algúns seguidores tamén apareceron despois da morte de Casaús en 1895. Por exemplo, en 1901 o ex tipógrafo de *El Tiempo* e *El Independiente* José D. Acosta fundou *El Enano*, un semanario redactado en castelán e guaraní (López Decoud, 1911: CX).

O éxito que o seu contemporáneo *Don Quijote* estaba tendo en Bos Aires e Montevideo debíase á capacidade do humor gráfico de romper a barreira do analfabetismo (Laguna Platero, Gallego Martínez e Sujatovich, 2016: 454). Este factor seguramente influíu no triunfo de *El Látigo*. Dado que Casaús traballaba como litógrafo dende había bastantes anos, probablemente fose el mesmo quen elaboraba os gravados. É máis, Casaús admiraba o gran talento do debuxante madrileño Demócrito, cuxa influencia sobre a sección gráfica de *El Látigo* é incontrovertible. Por exemplo, a viñeta incluída en *El Látigo* o 29 de novembro de 1889 era unha copia parcial dun debuxo de Demócrito que se publicara en *El Motín* en 1881 (figuras 4-5). A columna rota, a postura das figuras e a indumentaria son iguais. Incluso un dos verdugos que fusilan unha lei reguladora da venda de terras fiscais (metáfora dos abusos e a corrupción inherentes ás puxas) viste sotana sen ningún motivo aparente, alén de aparecer así vestido no gravado orixinal. Se se compara esta peza ruda coas representacións de Vicente R. de Oliveira en 1890, observamos que o artista mellorou bastante ao longo dos anos, sen endexamais aproximarse á mestría técnica de Demócrito.



Figura 4. Castelar fusila Castelar. (*El Motín*. Madrid, 18 de decembro de 1881, p. 2 -3.)




Figura 5. Fusilamento dunha lei. (*El Látigo*. Asunción, 29 de novembro de 1889, pp. 2-3.)

4.4. Teatro, poesía e pintura

4.4.1. Teatro. *El doctor Francia* (1874) de Benigno Teijeiro Martínez

No apartado 4.3.3.4, destacamos a crítica teatral que Benigno Teijeiro Martínez escribiu para *La Libertad* en 1874. Este primeiro contacto coa compañía dramática liderada por Francisco Torres anticipou a representación dunha obra de Teijeiro no Teatro Nacional, interpretada pola mesma compañía. A inicios de setembro, a prensa anunciaba o próximo estreo de *Independencia y tiranía o el doctor Francia*, drama en tres actos cun epílogo en prosa e verso. Esta peza ten a distinción de ser a primeira evocación literaria que se coñeza da ditadura francista. Teijeiro baseou a trama da obra nas súas lecturas na biblioteca pública de Asunción, pero lamentaba que gran parte do catálogo consistise en textos en inglés ou alemán, cando o que facía falla eran libros en castelán para 'corrixir' o monolingüísmo guaraní. Porén, as doazóns irían agrandando a colección até sumar os tres mil volumes a principios dos anos oitenta (Teijeiro Martínez, 1883: 15).

O drama estaba programado para estrearse o martes 8 de setembro de 1874, "*pero no se hizo en virtud de algunos rumores que algunos mal informados hicieron circular*". O empresario teatral Musella puxo o texto a disposición do goberno. Para estudar a idoneidade da obra antes da súa exposición pública, o presidente nomeou unha comisión composta por Carlos Loizaga, ex triunviro lexionario, e Juan J. Brizuela, ex axente de Francisco Solano López en Montevideo (Decoud, 1925: 55, 99). Non se especifica en que consistían aqueles rumores, pero a intervención do goberno amosa a seriedade do asunto. Unha hipótese plausible sería que a nacionalidade estranxeira do dramaturgo esporeaba sospeitas acerca dunha potencial inxuria á dignidade nacional. En calquera caso, Loizaga e Brizuela examinaron o texto e "*hallaron que no habia nada censurable*"[211].

O domingo 13 foi o día do estreo definitivo. Torres e os seus compañeiros estaban ensaiando sen descanso. Mudaban de peza case todas as semanas, pero *Independencia y tiranía o el doctor Francia* resultaba algo especial porque era a única obra que trataba unha temática paraguaia. Unha proba de que toda a 'boa sociedade' frecuentaba o teatro nesta época é o "*Precios y hora de costumbre*" impreso no cartel; ou sexa, nin era necesario dar esta información porque todo o mundo xa a sabía. Prevendo que moito público había de asistir ao estreo, o propietario do café "Moka" anunciaba que "*A la salida del teatro habrá ricos «fiambres» y otros varios buenos «petiscos»* […] *¡Ojo gastronómicos! Con dinero*"[212].

A obra de Teijeiro gustou. "*Á pedido general*", programouse unha segunda función para o domingo seguinte[213]. Ademais, a súa edición impresa xa estaba á venda a finais de setembro ou principios de outubro. Isto non soamente suxire que existía certa demanda, senón que os contemporáneos recoñecían a obra como un fito: o inicio do drama propiamente nacional do Paraguai rexenerado. O nome da editorial que sacou o libro á rúa, Floresta Americana, acordaba o título dun atlas (1850) do célebre naturalista Aimé Bonpland, cuxo cativerio de nove anos no departamento das Misiones é un dos episodios máis notorios da ditadura de Francia. *El doctor Francia* é o único texto desta imprenta que se conserva na actualidade.

[211] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 10 de setembro de 1874, p. 2; 11 de setembro de 1874, p. 1.
[212] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 13 de setembro de 1874, pp. 1-2.
[213] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 19 de setembro de 1874, p. 2.

Se alguén temía que Teijeiro reivindicase a memoria de José Gaspar Rodríguez de Francia, non tiña por que. A obra relata a declaración da independencia en 1811 e a formación do triunvirato de Francia, o ex gobernador Bernardo de Velasco, e Juan Valeriano de Zeballos (Acto I); como Francia traizoa os seus aliados e se converte en ditador en 1813 (Acto II); como arrestan e executan o heroico capitán Díaz por pretender derrocar o tirano en 1814 (Acto III); e como Francia, atormentado pola súa conciencia e as voces fantasmais das súas vítimas, sucumbe a unha enfermidade e morre sen absolución en 1840 (Epílogo). A edición impresa inclúe un debuxo que representa Francisco Torres no papel de Francia. A imaxe do Supremo que a ilustración transmite é a dun ser desprezable, patético e débil. Por outro lado, a frase que entoa nese momento, "*¿En dónde está el cadáver? Francia aun vive*" (Epílogo Escena IX), lémbranos a frescura do período francista na memoria colectiva, e tamén os dotes de Torres á hora de entrar na pel do ditador para revivilo sobre o escenario.



Figura 6. Francisco Torres no papel do ditador Francia. (Teijeiro Martínez, 1874: 3.)

La Libertad non era o único xornal que emitía recensións literarias. O crítico "Manó" escribiu as súas impresións da obra de Teijeiro en *La Patria* (1874-1875). Este periódico entrou en debate con *La Libertad* en múltiples ocasións porque *La Patria* apoiaba o goberno como un

baluarte de paz e orde (Baratta, 2016: 21). (A pesar disto, o seu fundador Francisco Martínez foi asasinado o 25 de abril de 1874, presuntamente por un grupo de militares con motivos políticos. A SESMAP organizou o seu enterro na catedral de Asunción[214].)

Non dispoñemos do texto da recensión de Manó, pero si a "*Crítica a la crítica*" que Teijeiro publicou uns días despois. Esta premisa é interesante en si mesma porque revela até que punto a crítica teatral era un novo xénero no Paraguai. Neste senso, o autor aceptou outra crítica que un señor de apelido Túbal escribiu en *El Avisador Mercantil*, pero emprendeu unha disección estilística da recensión de Manó porque evidenciaba "*una abstracción completa de las reglas en que debe fundarse la crítica*". Manó encontrou que a obra de Teijeiro exhibía un "*Estilo buenísimo en unas partes y execrable en otras*". Teijeiro respondeu que o adxectivo 'execrable' non pode aplicarse ao estilo literario, e que faltaría aclarar a que partes se refire. Outra frase de Manó describe a obra como "*una cabeza de harpia sobre el cuerpo de Venus*". Esta frase resultáballe máis aceptable a Teijeiro. En xeral, o galego defende as supostas eivas no seu texto (falta de intriga, "pobreza de tipos") a partir da historicidade dos personaxes, agás o sarxento Juan —home de confianza de Francia á vez que o odia—, cuxa presenza xustifícase pola "fin moral" que o seu papel denota.

Como exemplo desta historicidade, os gardas deteñen o prócer Pedro Juan Caballero porque este lle deu un sopapo a Francia (Acto II Escena VIII). Manó fulmina esta "*libertad POÉTICA que pasa ya de licencia*", pero Teijeiro contesta que a súa representación de Caballero está fundamentada nos escritos do belga Alfredo Marbais du Graty, como saberán "*todos los que hayan leido un poco*"[215]. Outra das posibles inspiracións históricas son os *Episodios de la vida privada, política y social en la República del Paraguay* (1873) de Ildefonso Antonio Bermejo, un texto que circulaba libremente entre a intelectualidade española durante as últimas décadas do século XIX. Por exemplo, Antonio Balbín de Unquera cita os *Episodios* nun artigo de 1881[216], e Rafael Calzada (1927: 457) tamén os sinala como unha das lecturas que o empurraban cara ao Paraguai. No caso do Epílogo de *El doctor Francia*, un dos servidores do Supremo é un barbeiro-confidente parecido a aquel espía de Carlos Antonio López, visto ou imaxinado por Bermejo, que citamos no apartado 4.1.

El doctor Francia contextualízase nunha longa tradición de demonizar o goberno de Francia. A visión deste período como un reino de terror irracional dominaba o discurso historiográfico durante moitas décadas. O goberno de Francia non contaba cun círculo de intelectuais adictos nin un historiador oficial, así que case todos os escritos contemporáneos son da autoría dos seus inimigos. Ademais, un sistema cimentado na autarquía e no rol do Estado como o principal motor de produción chocaba co consenso liberal do tardío século XIX. En realidade, os primeiros intentos académicos de colocar Francia nun proceso histórico que non se esgota na súa persoa datan dos anos 1960 (Carreras, 1992: 22, 24-26). Como é lóxico, a obra de Teijeiro tamén amosa trazas de actualidade que reflicten o ambiente da posguerra. A personaxe máis chamadora é Iba, a filla de Velasco. Esta rapaza, culta e politizada, non se conforma coas expectativas impostas sobre o seu xénero; ela afouta o seu amante Díaz para participar no proceso independentista (Acto I Escena V) e é unha axente activa nesa loita (Acto I Escena VI). Na súa crítica á crítica, Teijeiro escribe que Iba ten un carácter "varonil" e "heroico". O momento de máxima tensión dramática chega cando, consumada a traizón de

[214] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 27 de abril de 1874, p. 2; 30 de abril de 1874, p. 1.
[215] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 24 de setembro de 1874, pp. 1-2.
[216] *La Ilustración Gallega y Asturiana. Revista decenal ilustrada*. Madrid, 28 de xullo de 1881, pp. 243-244.

Francia, a heroína intenta matalo cun puñal, pero ten que renderse porque o tirano porta unha pistola (Acto II Escena XV).

Trátase, entón, dunha figura valente e admirable, pero asemade tráxica. É posible entrever aquí unha manifestación temperá do concepto tradicional da muller paraguaia plasmado no nacionalismo e a historiografía, concibida como unha mártir que se sacrifica pola súa patria. Isto reflicte a realidade histórica das «residentas»: a maioría feminina de supervivientes da Guerra Guazú, entregadas a unha loita desesperada por subsistir en zonas de monte afastadas dos focos de conflito. Esta loita, baixo a óptica rosada do nacionalismo, máis tarde "*forma parte del folklore local de la idealización de la guerra y, dentro de la bendita idealización, el culto romántico a la residenta, a la heroica mujer del Paraguay que acompañó, pacientemente, al hombre en todos los infortunios*" (Rodríguez-Alcalá 2007: 9). Isto pode acordarnos a historia de Silvia. Algúns dos episodios que Abente y Lago relata son ficticios, pero a memoria das experiencias de Silvia como residenta son as lembranzas dunha muller real, e o seu sufrimento abnegado é un aspecto do seu carácter que evidentemente impresionou o galego.

El doctor Francia é máis relevante como ensaio teatral pioneiro que pola súa influencia directa sobre outros artistas. O estreo dunha obra cunha ambientación paraguaia era unha novidade en 1874 — o seu único antecedente era *El paraguayo leal* de Bermejo, o cal en realidade consistía nunha adaptación cosmética dunha peza escrita en España anos atrás. A lenda negra da ditadura de Francia existía independentemente de Teijeiro, pero a asistencia da meirande parte da alta sociedade asuncena ás funcións no Teatro Nacional estimularía o debate sobre estas cuestións (se cadra con petiscos no café "Moka") e facilitaría a consolidación dunha serie de coñecementos ou prexuízos nesta capa da sociedade. Pensando a posible influencia de Teijeiro no ámbito literario, engadimos que o cónsul-xeral de España en Asunción escribiu un poema épico sobre o mesmo tema, e dende o mesmo punto de vista historiográfico, só unha década despois. O andaluz José Sánchez Bazán recibiu o seu *regium exequatur* en 1883 e exerceu até 1887, cando uns novos presupostos cesaron o consulado[217]. Durante este lapso o diplomático compuxo *El dictador Francia* (Sánchez Bazán, 1887), poema dividido en 48 partes que se agrupan en dezasete capítulos. Obsérvanse semellanzas coa obra de Teijeiro: o personaxe do barbeiro-espía (Parte VI) que provén dos *Episodios* de Bermejo; e sobre todo a representación de Francia como un ser malvado, sen matices, que "*Goza en hacer sufrir. Ha hecho un infierno / Del suelo que su planta esteriliza, / Y rabia si sus víctimas no sufren / A sus manos torturas infinitas*" (Capítulo X).

Por outra banda, Sánchez Bazán aporta outras nocións sobre a ditadura que non están presentes en *El doctor Francia*. A característica máis salientable é a omnipresencia do Estado. O ditador controla persoalmente todo o aparato estatal e é capaz de infiltrarse na vida privada dos cidadáns. Por exemplo, o narrador da historia presencia unha execución. Ao preguntarlle a unha sentinela "*¿Por qué han matado á ese hombre?*", recibe esta resposta: "*Callad por Dios extranjero. / Callad, porque es todo orejas / El Supremo y me matara / Si con vos hablar me viera*" (Capítulo III). Tamén vemos o tópico da proverbial apatía do pobo paraguaio nun monólogo de Francia: "*Mi pueblo es dócil, sobrio, respetuoso, / De buen humor y apático linaje, / Dulce en la paz, en guerra valeroso; / Pero requiere mucho tutelaje*" (Capítulo XLIII). José Segundo Decoud en particular foi quen difundiu esta idea política que, entre outras

[217] *Archivo Diplomático y Consular de España*. Madrid, 16 de outubro de 1886, p. 1083; 15 de xullo de 1887, p. 2157. [A segunda fonte refírese erroneamente ao consulado de A Paz.]

funcións, xustificaba a necesidade de atraer inmigrantes europeos (Kleinpenning, 2009: 153-154). Estas diverxencias entre as obras de Teijeiro e Sánchez Bazán poderían suxerir que houbo certo desenvolvemento na memoria colectiva ou no debate público sobre o período francista ao longo dos anos 1870-1880, o cal redundou na solidificación de novas explicacións e conceptos.

4.4.2. Poesía. *La Sibila paraguaya* (1886) de Victorino Abente y Lago e a súa influencia sobre o nacionalismo paraguaio

Un promotor das actividades culturais, José Sánchez Bazán foi elixido presidente do *Ateneo Paraguayo* en 1885[218]. O Ateneo foi a primeira institución cultural privada do país, sendo operativo entre 1883 e 1889 (Cardozo, 2007a [1963]: 291). Foi alí onde Victorino Abente y Lago realizou a primeira lectura do seu poema *La Sibila paraguaya* (1886), que ao xuízo dos seus contemporáneos —e tamén ao noso (Webb, 2020b)— debe considerarse a súa obra máis influínte. O Ateneo converteuse un lugar de reunión privilexiado para a elite intelectual, un dos 'clubs aristocráticos' asuncenos como o Club Familiar e o Club Progreso, de orde recreativa[219]. Sánchez Bazán (1887: 19) destaca o interese das conferencias lidas neste entorno. Por exemplo, uns meses antes da estrea de *La Sibila paraguaya*, o avogado Alejandro Audibert falou sobre os principios básicos da economía política, e Ramón Zubizarreta versou sobre a Constitución de 1870. Un contemporáneo laiouse de que estes relatorios non estivesen máis concorridos para que os valores cívicos puidesen inculcarse entre a poboación:

> *¡Ojalá sacuda nuestra juventud esa reprochable apatía en que se mantiene y asista con más frecuencia á las reuniones que ofrece el Ateneo!*
> *Debemos estimular con nuestra presencia á esos señores que han tomado sobre sí la pesada tarea de difundir conocimientos tan útiles como indispensables para el ciudadano.*[220]

Abente y Lago probablemente recitase *La Sibila paraguaya* nunha festa do 24 de outubro de 1886 para celebrar o terceiro aniversario do *Ateneo Paraguayo*. O entón presidente da asociación, Benjamín Aceval —outro avogado que como Audibert sería un dos máis tenaces defensores dos dereitos legais do Paraguai sobre o Chaco—, dirixiulle unha carta a Abente para "*expresar su reconocimiento por la valiosa cooperación que le ha prestado Usted en dicha fiesta y que ha contribuido poderosamente a darle amenidad y brillo*" (Abente y Lago, 1984: 433). Tamén lle escribiu José Segundo Decoud, cuxa carta a Abente publicouse o 9 de novembro en *El Orden*. Esta carta reproduciuse ademais na edición impresa de *La Sibila paraguaya* en 1897. Impreso pola editorial bonaerense de Jacobo Peuser, o texto resulta significativo por ser a única obra de Abente que se editou en América durante a súa vida (Giménez Caballero (1958: 185) refírese a unha colección de *Poesías satíricas y jocosas* (1877) de Abente, pero non localizamos ningún outro dato sobre o particular). Na súa misiva, Decoud felicita o muxián pola gratísima impresión que a súa lectura causara sobre o público do Ateneo:

> *Ha tenido Vd. una feliz inspiraci·n al hace encierra de aquella terrible guerraò la pro paraguaya, como la Grecia escuchó en un tiempo atónita de aquellas hijas amadas de la divinidad oráculos impregnados de sabiduría y patriotismo que decidieron de su suerte en más de una ocasión.* (Abente y Lago, 1897: 5)

[218] Estatutos dispoñibles en: http://www.portalguarani.com/museos.php?pormustytr=MjM= [acceso: 28 de marzo de 2021]
[219] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción. 6 de novembro de 1886, p. 2.
[220] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 23 de xuño de 1886, p. 2.

A carta termina asegurando que "*son sus estrofas los primeros cantos épicos que resuenan en el corazón de la patria y hacen vibrar las fibras del patriotismo*" (Abente y Lago, 1897: 12). É unha frase que profetiza a influencia que *La Sibila paraguaya* estaba destinada a exercer na cultura paraguaia. As primeiras liñas do poema serven como posta en escena. Unha muller paraguaia, a epónima Sibila, fala a soas nas ruínas do seu país, terras saqueadas e arrasadas durante a Guerra da Tripla Alianza:

En solitaria ruina
Donde el recuerdo se encierra
De aquella cruenta guerra
Que tanto al dolor inclina,
Dijo una voz peregrina
Que con dulcísimo acento,
Mezcla de triste lamento
Y de profético canto,
Gozo infundía y quebranto
En un mismo sentimiento:

A Sibila é a patria mesma, antropomorfizada, o cal en certo sentido diferencia esta poesía da meirande parte da literatura romántica no Cono Sur, onde representar a patria como un heroe masculino era a práctica máis habitual (Marcos, 2004: 481). Dende este punto de vista, a Sibila reflicte a realidade histórica das residentas, a maioría feminina de superviventes da guerra. Se ben a Sibila lamenta o destino dun país "*envuelto en sombras de muerte*", un dos principais propósitos discursivos do poema é enaltecer as heroicas fazañas do pobo paraguaio na súa lide contra os aliados:

Los hechos de alta memoria
Que tu gran valor aclama,
Los eterniza la fama
En los fastos de la Historia.
Tuya es ¡Oh Patria! la gloria
De aquella lucha tremenda,
Cuando en desigual contienda
El más sublime heroísmo
En aras del patriotismo
Te dio su mejor ofrenda.

Con tal fin, o poema fai referencia a algunhas das máis famosas das súas batallas, como Curupayty (22 de setembro de 1866), a maior vitoria paraguaia da guerra:

Y mientras todo lo acalla
El peso de tanta pena,
Dice una voz que resuena
En los campos de batalla:
ð Aquí estuvo la muralla
De Curupayty famoso,
Donde mostró poderoso
Su ardimiento el paraguayo
Y envió la gloria un rayo
De su centro esplendoroso.

Curupayty chegaría a constituírse como unha peza fundamental da memoria histórica paraguaia respecto á Guerra Guazú. As procesións do 22 de setembro para conmemorar a batalla e o xeneral martirizado José Eduvigis Díaz ían convocándose a partir de 1900, cando asistiron uns 5.000 cidadáns (Caballero Campos, 2013: 37). Curupayty tamén tería unha importancia particular para a familia de Abente porque o pai da súa esposa, Isabel Myskowsky Argaña, alí falecera. No poema *La muerte de un polaco*, Abente y Lago homenaxea o sacrificio do coronel Luis Myskowsky, desterrado en certo momento a causa da súa participación nas loitas independentistas polacas e arribado ao Paraguai. Manuel Domínguez, nun artigo de 1913, afirma que se trata de "*una bella composición, hoy casi desconocida, pero muy conocida en otro tiempo, historia en verso, donde las exigencias del ritmo y la rima, no excluyeron la precisión infalible*" (citado en Abente y Lago, 1984: 61). *La muerte de un polaco* comparte a súa temática bélica con *La Sibila paraguaya*. Á parte dos eloxios ao heroísmo dos combatentes, no caso destoutra hai que subliñar unha segunda mensaxe principal que o poema procura impartir. Despois de contar as glorias do exército nacional, a Sibila vaticina un porvir igualmente gloriosa para a súa patria:

Yo, que tu bien vaticino,
En lo futuro te veo
Más grande que mi deseo
En el cerro del destino.
Y por radiante camino
Marchas ovante y segura
Al cielo de la ventura
Que en lo porvenir se expande;
Ventura grande, tan grande
Como lo fué tu amargura.

No que concirne á influencia literaria de Victorino Abente y Lago, podemos percorrer aos xuízos dos seus contemporáneos acerca do seu legado cultural. Alejandro Guanes, un admirador de Abente que xa mencionamos, compuxo un poema en que se refería concretamente á transcendencia de *La Sibila paraguaya*. *¡Canta!* (1911), xa inserido no modernismo paraguaio polas súas mudanzas internas de rexistro e ritmo, amais pola representación dun silencio prolongado na traxectoria poética do muxián a través dunha comparación alegórica entre el e un sabio persa, anima Abente a retomar a súa pluma (Abente y Lago, 1984: 407-408):

Viejo poeta florido
Que arrullaste el despertar
De mi Patria lacerada,
Que en frondoso naranjal
Viste a aquella paraguaya
Suspirando sin cesar,
Hija de ignorado héroe
Muerto en el Aquidabán.

Viejo poeta divino
Que con arte magistral
La Sibila Paraguaya
Hiciste altiva brotar
Con palabra radiante

[…]

Mas no, ya el arpa sonora
Descuelgas del naranjal:
¡Canta, viejo vate, canta,
Homero del Paraguay!

Outro autor que consideraba Abente y Lago como o máximo poeta nacional era Cecilio Báez, outro membro do *Ateneo Paraguayo*. Nun artigo de 1914, Báez colocaría a obra de Abente no chanzo máis alto da literatura americana:

> *Las estrofas de la Sibila Paraguaya, que yo hice leer a Juan de Dios Peza, en México, sirvieron de motivo a este eximio cultor de las letras americanas, para componer su canto al Paraguay, que, aunque hermoso, no reproduce las notas vibrantes de su modelo.*
> *El Señor Abente* […] *ha venido a ser en el Paraguay, el cantor de sus maravillas naturales y de sus gestas históricas, o sea, de la gran epopeya de la patria*.
> *La crítica literaria aquilatará alguna vez el mérito de sus obras; a la historia sólo le incumbe anotar que el Paraguay joven, redimido por la libertad, encontró en el noble hijo de Mujia, su Zorrilla de San Martín* [Uruguay], *su Andrade* [Brasil] *y su Olmedo* [Ecuador]. (Citado en Abente y Lago, 1984: 420)

A opinión de Guanes de que Abente 'arrolou o espertar' da patria e a súa consagración no panteón dos grandes poetas por parte de Báez representan, é certo, unha perspectiva de elites. Atopamos unha faceta máis popular do seu legado cultural nas palabras de Silvano Mosqueira no ensaio *Los españoles en el Paraguay*. Mosqueira cita *La Sibila paraguaya* e a *Balada* (1896), sendo esta dunha temática case idéntica á da Sibila, e menciona a súa difusión entre o público como canción de berce:

> *¿Qué paraguayo, de la generación posterior a la guerra, no ha sentido, cual notas punzantes brotadas del alma de sus antepasados, arrullarse su cuna a los melancólicos acentos de aquella elegía en que, de modo tan natural y tan sencillo, y con tanta terneza, se canta el dolor de la doncella paraguaya?* (Mosqueira, 1930: 113)

A resposta a esta pregunta retórica non está tan clara. O Paraguai do tardío século XIX era maioritariamente monolingüe en guaraní, o cal limitaría o alcance dunha composición en castelán. Non obstante, é plausible que esas afirmacións sexan verdadeiras no referinte ás principais cidades e vilas, como Asunción ou Carapeguá (Paraguarí), onde naceu Mosqueira e onde o castelán se falaba con máis frecuencia. Mentres que Mosqueira fala sobre a influencia directa da obra de Abente como presenza cotiá na infancia dos paraguaios desa xeración, a súa influencia indirecta como factor moldeador no pensamento nacionalista é igualmente importante. Como reacción auto-defensiva a causa do case aniquilamento nacional efectuado polos aliados da Tripla Alianza, a ocupación directa do seu territorio até 1876, as continuadas inxerencias estranxeiras na política local a partir desa data, máis a hexemonía económica do capital anglo-arxentino, a finais do século XIX e principios do XX "*el pueblo paraguayo se verá compelido a construir un blindaje nacionalista, hasta el extremo que el patriotismo se convertiría en sentido común en el seno de la sociedad civil*" (Coronel, 2011: 66-67). Os motivos desta consolidación ideolóxica do nacionalismo son principalmente político-económicos, pero no tocante ás fórmulas precisas que promulgaban os seus ideólogos, Abente

y Lago exerceu unha influencia innegable. Dito doutra maneira, non se trata dunha cuestión de *por que*, senón de *como* o nacionalismo cristalizou na cultura paraguaia.

Aquí cabe preguntarse que tiña *La Sibila paraguaya* para que a intelectualidade local a recibise tan positivamente dende o primeiro momento. Un factor é a normalización da situación política que se logrou a mediados dos anos oitenta. O Paraguai de 1886 estaba preparado para ollar cara ao futuro con certo optimismo, polo cal era o momento idóneo para que unha poesía destas características se callase no imaxinario popular. Estas posibilidades de éxito víanse favorecidas pola decisión de Abente de aplicar os descritores 'heroe' e 'patriota' a todos os paraguaios, sen culpar nin apoiar os exércitos aliados nin o réxime de Francisco Solano López. Nun complicado contexto de tensións e refregas internas, Abente y Lago soubo rescatar a temática bélica do seu silencio forzado cunha visión nacional unificadora e apolítica, pero coa orixinalidade de agoirar un futuro mellor, próspero e feliz — un elemento novidoso nese país derrotado e case indixente. En paralelo, Rodríguez Alcalá (2011: 16) sinala que nestes anos *La Verdad Autógrafa* e *El Látigo* tamén reviviron os debates sobre a problemática da guerra, un tema que até entón fora "*poco que menos que proscrito*", pero claramente sen a mesma diplomacia que Abente.

Máis alá da súa ampla aceptación entre os paraguaios de 1886, a visión histórica de *La Sibila paraguaya* influiría no pensamento da Xeración do Novecentos. A historiografía era unha preocupación constante para os novecentistas. Eles tomaban a Guerra da Tripla Alianza como punto de partida para examinaren a 'cuestión nacional': como fora, era e debía ser o Paraguai. Ante a necesidade de reconstruír a patria, tanto física como espiritualmente, a liña historiográfica que terminaba monopolizando o discurso público —sobre todo despois da coñecida polémica Báez/O'Leary de 1902-1903, cando o clamor popular lle conferiu a vitoria moral a O'Leary— era unha historia 'terapéutica'. Esta restituía a memoria colectiva dunha suposta época de bonanza, arrebatada durante a guerra. Os paraguaios perseveraban e seguirían perseverando grazas ao seu heroísmo racial, "*aunque fuera necesario olvidar las faltas de los actores del pasado*" (Brezzo, 2009: 64, 69-74). Esta historia terapéutica e patriótica é a que máis tarde se convertería na historia oficial imposta dende o Estado.

A influencia de Abente e a interpretación histórica de *La Sibila paraguaya* resultaron cruciais neste proceso. De acordo con Raúl Amaral:

> *Sin él no hubiera sido tan fácil incorporar la temática de la tierra y de la historia a un ambiente sobre el que se habían enseñoreado, y no por culpa propia, la desolación y la tristeza. A este respecto no estará demás recordar que sería el magisterio de Abente el que posibilitara la reivindicación patriótica de Oô Leary, en a denominación de ñcantor de las glorias naci*
> (Citado en Abente y Lago, 1984: 11)

Juan O'Leary recoñecía este impacto sobre o seu propio modo de pensar. En 1923 publicou na revista *Patria* un artigo titulado "*Al patriarca de nuestra poesía se le debe un homenaje nacional*". O'Leary declara que:

> *Nuestra joven intelectualidad, tal vez ignora que aún vive el patriarca de nuestra poesía, el primer intérprete del sentimiento nacional, el cantor auroral de* […] *la SIBILA PARAGUAYA*
> […]

Abente pertenece, indudablemente, al pasado; es como una sombra que pasa en medio de su posteridad, escuchándose en los que han sido sus liras, en la brillante prole que ha continuado su obra é sin recordarlo, sin detenerse a co homenaje de su respeto, de su admiración y de su cariño.
[…]
Pero, apegados al culto de las cosas nuestras, hemos ido a buscar en las literaturas extranjeras, sin empezar por conocer lo nuestro, lo genuinamente nuestro, y que siéndolo, no está por debajo de lo mejor que han producido las letras americanas.
[…]
Y Abente es gloria del Paraguay.
Es nuestro, aunque nació en España. (Citado en Abente y Lago, 1984: 408-409)

Nesta cita de O'Leary, xa se nota como comezaba a medrar a sombra de esquecemento que cubre e oculta a figura de Abente y Lago na actualidade. A xuventude non sabía que el seguía vivo, e O'Leary daba un paso máis ao dicir que moitos nin o lembraban. Son varios os motivos deste esquecemento, como a natureza efémera das publicacións periódicas, a pobreza do sistema educativo ou o devir intelectual da Xeración del 900 que lles daba prioridade á historia e á filosofía fronte á poesía, á novela e ao teatro, "*soslayados* […] *por ser vistos como superfluos en el proceso de crear conciencia histórica*" (Brezzo, 2009: 68). Dito de maneira breve, podemos propor que a influencia de Abente era directa e recoñecida entre os seus coetáneos, directa e parcialmente recoñecida entre os novecentistas, e posteriormente indirecta como unha parte invisible dos alicerces do nacionalismo paraguaio.

4.4.3. Pintura. A estadía de Joaquín Vaamonde Cornide (1891-1892)

Ao igual que a *El doctor Francia* de Teijeiro Martínez, a curta tempada que o pintor coruñés Joaquín Vaamonde Cornide pasou no Paraguai interesa máis como experiencia pioneira que pola súa influencia real sobre outros artistas. Vaamonde trabou amizade con Rafael Calzada en Bos Aires en 1891. O asturiano convenceuse de que "*en aquel muchacho había la madera de un pintor de primera fuerza*", así que cando viaxou a Asunción a finais do ano para casar coa paraguaia Celina González Peña a finais do ano, levou Vaamonde consigo coa fin de situalo "*en camino de hacer mucho dinero*" (Calzada, 1927: 449, 480-481). As ambicións de Vaamonde non prosperaron e marchou axiña, a pesar de que, de acordo coa descrición de Plá (1985: 121), foi o "*único pintor de valía entre todos, españoles o no españoles, que nos visitó por esos años*". A fin do século XIX non foi un período propicio para o florecemento da pintura e a escultura no Paraguai. Saturio Ríos, por exemplo, terminou queimando os seus cadros e indo ao monte para vivir como un ermitán. A escritora canaria asevera que "*el ambiente todavía pobre en experiencias valiosas en ese género, contagiado aún de conceptos peyorativos respecto al artista, identificaba a éste, amable y desdeñosamente, con el bohemio etc., etc. En otras palabras, la obra ñ cesimular, el artista en persona, había*" (Plá, 1985: 120).

Pouco despois do falecemento de Vaamonde en A Coruña no 1900, o seu amigo Alfredo Fernández, un asturiano que tamén acompañara Calzada na súa voda, escribiu que "*yo le conocí habitualmente melancólico* […] *Sólo le vi locuaz á su regreso del Paraguay, dónde pintó la galería de presidentes. De aquel país del que sólo le gustaban la luz, las naranjas y los loros,*

se trajo un cargamento de lanzas y flechas"[221]. O país inspiroulle curiosidade, pero non afecto. Ademais da galería dos presidentes, Vaamonde aproveitou a súa estadía para retratar outros persoeiros da sociedade paraguaia. Plácido Casaús e a redacción de *El Látigo Inmortal* tiveron ocasión de contemplar algúns dos seus cadros en febreiro de 1892. Malia que "*la índole de nuestro periódico no nos permite ocuparnos con la detencion que quisiéramos ni de ellos ni tampoco de algunos cuadros como el expuesto en la casa de los señores Ros y Alvarez* [casa introductora "La Cordobesa"]", isto non quita que "*tributemos un aplauso á tan distinguido artista*". É posible que Casaús desexase contrarrestar a indiferenza xeneralizada cara aos artistas dándolles visibilidade; no seu número anterior, a revista tamén rendera homenaxe a uns traballos de pintura e dourado que os señores Derocco e Masferret realizaran para ornamentar os altares da catedral[222].

Os dous nomes que nos constan de persoas retratadas por Vaamonde son José de la Cruz Ayala "Alón" e o coronel Santos Miño. Ambos cadros deben de ser copias conmemorativas de imaxes preexistentes. O xornalista liberal Alón morrera no exilio na cidade de Paraná (Entre Ríos) o 29 de xaneiro de 1892, perseguido a causa das súas arengas contra o goberno nas columnas de *El Heraldo*. Plá (1985: 121) puido examinar este cadro de Vaamonde e sostén que "*le acredita como pintor de garra*". O coronel José de los Santos Miño falecera defendendo o cuartel do Batallón Escolta Presidencial contra o alzamento liberal do 18 de outubro de 1891. O seu retrato (óleo, a diferenza dos cadros a pastel que mencionan Calzada e Casaús) figura no catálogo do *Museo de Bellas Artes* de Asunción unhas décadas despois (González e Insfrán, 1929: 63). É probable que o retrato do coronel que se reproduce en *El Paraguay Moderno* (1915) de Cecilio Báez sexa unha impresión en branco e negro dese cadro de Vaamonde.



Figura 7. Retrato do coronel Santos Miño por Joaquín Vaamonde Cornide (?) (Báez, 1915: 47)

[221] *El Eco de Galicia. Órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas Sud-Americanas*. Bos Aires, 10 de outubro de 1900, pp. 1, 3.
[222] *El Látigo Inmortal*. Asunción, 14 de febreiro de 1892, p. 4; 21 de febreiro de 1892, p. 4.

As artes plásticas non quedaron totalmente alleas á dinámica da parábola hispánica, especialmente se ollamos máis alá das formas 'elevadas' de pintura e escultura para abarcar os gravados de Casaús ou a olería artesá que o valenciano Ricardo Pérez axudou a popularizar en Areguá. Poderiamos citar o taller que o pintor español José María Hidalgo abriu na cidade de Concepción (*El comercio paraguayo*, 1899: 627-631). Alvarenga Caballero alude a unha vista do porto concepcioneiro (óleo, 1898) de Hidalgo que se exhibía no Museo Cívico Municipal, pero non atopamos máis informacións sobre este artista[223]. As artes plásticas paraguaias empezaron a desenvolverse con máis intensidade no século XX. O *Museo de Bellas Artes* inaugurouse en 1908, grazas aos tesoneiros esforzos do paraguaio Juan Silvano Godoi para reunir un patrimonio artístico capaz de combater a 'rusticidade' do panorama local (Mosqueira, 1914: 44). Porén, como afirmou Centurión (1948: 311), nesta etapa a influencia italiana foi moito máis palpable que a española. A principios do século pasado, o único artista español de certo renome no país era o escultor catalán Serafín Marsal, fabricante dunhas célebres figuras dos próceres en terracota na ocasión do centenario (Brezzo, 2016: 120).

4.5. Conclusión

As políticas cautamente aperturistas de Carlos Antonio López permitiron a formación dunha incipiente colonia de inmigrantes espontáneos, ignorada pola historiografía até agora, pero dun tamaño e dunha dispersión xeográfica sorprendentes. As memorias de Ildefonso Antonio Bermejo, as noticias do *Eco del Paraguay* e as pistas documentais provenientes do ANA sinalan a presenza de persoas de diversas nacionalidades en Asunción, Concepción, Pilar e Villarrica como mínimo. Os españois que formaban parte desta corrente migratoria dedicábanse sobre todo ao comercio, como o galego Gaspar Rodríguez, pero constan outras profesións como peiteador, profesor de francés, mariñeiro ou, no caso dun tal Antonio Camban, cociñeiro nunha casa asuncena (Duprat de Lasserre, 1870: 15). O goberno incluso contemplaba a cesión de terras fiscais a empresarios de fóra, como demostra a expedición chaqueña de Vicente Barreiro en nome do francés Héberard.

Case todos aqueles inmigrantes abandonaron o país durante a Guerra da Tripla Alianza, e algúns foron fusilados ou faleceron nos cárceres paraguaios. Agás unhas contadas excepcións como a familia Uribe, a cal xa levaba vinte anos no país cando estalou o conflito, os inmigrantes que chegaron despois de 1864 levaron a cabo unha renovación integral da colonia española. Algúns destes homes combateron nos exércitos aliados, como Rodríguez del Busto ou Antonio Pardo, pero os que tiñan máis probabilidades de ficar despois de 1869 eran os provedores da subministración militar. Co comercio paraguaio desbaratado, vestiren, alimentaren e manteren as tropas da ocupación e a famenta poboación local podía render pingües beneficios para os máis astutos e emprendedores (ou se cadra menos escrupulosos). Observamos moitas continuidades entre as funcións dos inmigrantes antes e despois da guerra. Os comerciantes, dos cales falaremos no seguinte capítulo, continuaban o labor de abrir a economía local aos produtos exóticos e as flutuacións desconcertantes dos mercados internacionais. Por outro lado, o estudo dos profesionais liberais españois e galegos nos últimos decenios do século desvela semellanzas entre as súas contribucións intelectuais e institucionais e as dos inmigrantes durante os anos cincuenta, especialmente con referencia a Ildefonso Antonio Bermejo, nos eidos da educación, o xornalismo e o teatro.

[223] CCCC. "Prof. Pedro Gregorio Antonio Alvarenga Caballero. Datos sobre Concepción".

A carestía de man de obra cualificada durante a posguerra propiciaba a mobilidade socio-profesional dos inmigrantes, sobre todo os profesionais liberais. No período 1870-1885, antes da formación dos partidos tradicionais e a solidificación das xerarquías clientelares, saltan á vista os fortes atumes entre algúns estranxeiros e os dirixentes políticos. O protagonismo de Fors e Caamaño —avatares das distintas faccións— no xuízo dos italianos en 1870 exemplifica esta proximidade entre os primeiros inmigrantes e a loita polo poder. A implicación directa dos inmigrantes nestas lidas ía diminuíndo gradualmente a partir de mediados dos anos oitenta, e en liñas xerais, repetimos que a maioría dos que podían considerarse líderes étnicos da inmigración española no Paraguai chegou durante eses primeiros lustros da posguerra, cando as institucións políticas, a sociedade civil e a economía estaban abertas de par en par.

Ao curto-medio prazo, os profesionais liberais estranxeiros satisfacían unhas demandas concretas para o correcto funcionamento da sociedade de acollida, as cales non podían ser satisfeitas pola pequena banda de profesionais liberais nativos que sobreviviran a aniquilación do seu país: tratamentos médicos e vacinas para asegurar a saúde da poboación; noticias e avisos para que a cidadanía estivese informada e para que os grupos políticos puidesen difundir as súas mensaxes e propaganda; ou servizos de avogacía para que obrase a xustiza. Ao longo prazo, o papel educativo dos profesores españois no *Colegio Nacional* e a UNA axudaba a que unhas futuras xeracións de profesionais paraguaios puidesen, agora si, satisfacer aquelas demandas. Pero a denominada parábola hispánica transcendía a educación formal. A influencia intelectual dos mestres españois tamén se manifestaba na popularidade de figuras como Victorino Abente, cuxa obra poética deixaría as súas pegadas no desenvolvemento posterior do nacionalismo paraguaio, ou Plácido Casaús, importador da prensa gráfica e a invectiva belicosa dun xénero de periodismo satírico que arrasaba en España e no Río da Prata, e que poñía a proba a tolerancia dos gobernantes á crítica.

CAPÍTULO 5. ASPECTOS SOCIO-ECONÓMICOS DA INMIGRACIÓN GALEGA NO PARAGUAI

Mentres que o capítulo anterior se cinguía ao impacto dos profesionais liberais españois e galegos no Paraguai do século XIX, en gran medida dende a perspectiva da historia cultural, o presente capítulo considera todo o período de estudo a partir de 1870 analizando a inmigración en termos socio-económicos. O obxectivo fundamental é complementar e enriquecer os resultados do estudo cuantitativo da inmigración galega a partir de casos concretos e evidencias de índole cualitativa. Con tal fin, a análise parte dunha serie de cuestións que xurdiron durante a consulta das fontes. A recuperación dun número considerable de enderezos permítenos coñecer a distribución física da colectividade galega no espazo urbano asunceno ao longo do tempo e comprender as súas implicacións acerca do seu perfil socio-laboral. Na mesma liña, as fotografías e outros datos complementarios sobre algunhas construcións singulares dentro e fóra de Asunción engade coñecementos sobre o papel dos inmigrantes no desenvolvemento arquitectónico das cidades paraguaias. Fóra das zonas urbanas, sopesamos o involucración de varios galegos no proceso de privatización da terra principiado na década de 1880 (se ben con certos antecedentes dos que tamén tomamos nota).

Unha gran parte deste capítulo está vertebrada por unha cadea migratoria composta por dúas familias ortigueiresas inter-relacionadas, os Balteiro e os Sanjurjo, e os socios da casa importadora e exportadora Pérez & Sanjurjo, a máis podente das empresas galegas no Paraguai. A cantidade apreciable de informacións reunidas sobre estes persoeiros préstase para mergullarmos en múltiplas facetas do obxecto de estudo, particularmente o comercio —o ámbito laboral maioritario entre os inmigrantes españois— pero tamén outros temas afíns como a participación dos galegos na sociedade civil, o fenómeno dos líderes étnicos, ou as funcións cívicas da empresa privada. Cara ao final, esta liña de investigación tamén dá lugar a un exame das mulleres galegas no Paraguai, poucas pero cunha experiencia migratoria distinta á dos varóns pioneiros, e das actividades e traxectorias dos fillos dos inmigrantes galegos, as cales a miúdo difiren das dos seus pais. E por último, achegámonos aos galegos e españois que entregaron os seus cartos e os seus esforzos á LCE durante a Guerra do Chaco. Malia ficar ignorada pola historiografía até agora, aquela magna iniciativa pan-estranxeira representa un dos maiores aportes dos inmigrantes á sociedade paraguaia, e trátase en certo sentido da culminación de moitas das tendencias que veñen analizándose dende o principio.

5.1. A distribución física da colectividade galega na capital e o desenvolvemento arquitectónico de Asunción, Areguá, Concepción e Villa del Pilar

Na Biblioteca América da USC consérvase un exemplar da sexta edición da *Geografía de la República del Paraguay* doado polo seu autor Héctor Francisco Decoud en 1911. Este libro empregábase daquela como manual escolar e, con fins didácticas, incluía un fermoso mapa do país e un plano das rúas da capital, impresos en folio maior por unha editorial da cidade alemá de Leipzig. O plano amosa como era a urbe de Asunción arredor do ano 1900; vense nel os tres barrios históricos da Encarnación, Catedral e San Roque, mailos novos arrabaldes de Cachinga, Salinares, Ciudad Nueva e Oriental. No transcurso da presente pesquisa, foi posible verificar os enderezos de varias ducias de inmigrantes galegos que moraban en Asunción durante o período de estudo. As Táboas 16 e 17 recollen estes enderezos entre os dous lapsos 1870-1904/1907-1946, logo nas figuras 8 e 9 eses datos visualízanse sobre o citado plano do espazo urbano. Tal operación permítenos determinar en que rúas e barrios vivían e traballaban os galegos en distintas épocas.

Hai que facer unhas aclaracións antes de continuar. Primeiro, o binomio negocio/domicilio que se emprega nos planos corresponde a como se define cada enderezo nas fontes, pero na maioría dos casos non se pode desbotar a posibilidade de que os propietarios dos negocios vivisen e traballasen nun mesmo edificio. Segundo, incorporamos os enderezos dalgunhas persoas que, sen teren nacido en Galicia, poden considerarse ligadas á colectividade galega por seren fillos de inmigrantes (González & Balteiro, R. Abente & Cía., Guillermo Brañas) ou, no que concirne ao avogado andaluz Antonio González Riobóo, por estar casado cunha muller galega. Terceiro, como punto de referencia e comparación, na Figura 9 engadimos as localizacións dalgunhas empresas españolas non galegas. En concreto, trátase das empresas sinaladas por Camilo Pérez y Pérez en 1918 na revista *Mercurio* de Barcelona, entre as cales sobresaen algunhas das casas de comercio máis poderosas do mercado paraguaio (Angulo & Cía., Urrutia, Ugarte & Cía. etc.)[224]. Por último, respecto da numeración nos planos, o número 1 das rúas perpendiculares ao río Paraguai atópase na mazá que fai esquina coa rúa Buenos Aires ou a rúa Asunción. As vías paralelas ao río empezan a contarse dende o seu cruzamento coa rúa Independencia (máis tarde Independencia Nacional).

Táboa 16. Distribución física da colectividade galega en Asunción, 1870 -1904

Enderezo	Nome	Fonte
Mercado Central	Ricardo Faraldo, comercio "El Globo"	*El Pueblo*. Asunción, 17 de novembro de 1870, p. 3
r/ Asunción 4	Eduardo Caamaño	*El Pueblo*. Asunción, 15 de decembro de 1870, p. 2
r/ Igualdad 21 [actual 25 de Mayo]	Eduardo Caamaño, procurador	*El Pueblo*. Asunción, 1 de decembro de 1871, p. 3
r/ Villarrica 1	Victorino Abente, axente de negocios	*El Fénix*. Asunción, 1 de xuño de 1873, p. 4
r/ Asunción 45 esq. Loreto	Benigno T. Martínez, enxeñeiro civil	*La Libertad*. Asunción, 1 de setembro de 1874, p. 4
r/ Libertad esq. Caapucú [actual Yegros]	Gaset & Abente, casa de remates	*La Libertad*. Asunción, 1 de setembro de 1874, p. 4
r/ Independencia 6	Victorino Abente, casa de remates	*La Libertad*. Asunción, 13 de setembro de 1874, p. 3
r/ Florida [actual Benjamín Constant] esq. 14 de Mayo	Victoriano Abente, médico	*La Patria*. Asunción, 26 de setembro de 1875, p. 4
r/ Villarrica esq. 14 de Mayo	Victoriano Abente, médico	*La Reforma*. Asunción, 2 de abril de 1880, p. 2
r/ Palma 115	Manuel Fernández Sánchez, médico	*La Nación*. Asunción, 1 de maio de 1880, p. 2
r/ Estrella 39	Balteiro & Echeguren, comercio	*La Reforma*. Asunción, 10 de novembro de 1880, p. 3
r/ Estrella esq. Atajo (Alberdi)	José María Balteiro	Expediente 791, 3 de novembro de 1881
r/ Colón 6	Váldez & Esmeriz, consignatarios	*La Democracia*. Asunción, 30 de marzo de 1887, p. 5
r/ Villarrica esq. 14 de Mayo	Manuel P. de Lafuente, médico	*La Nación*. Asunción, 17 de maio de 1887, p. 2
Praza fronte ao porto	Esmeriz & Cía., comercio	1888-1893 (*El comercio paraguayo*, 1899: 181-183)
r/ Palma 28	Manuel Fernández Sánchez, médico	*El Paraguayo*. Asunción, 1 de febreiro de 1889, p. 3
r/ General Díaz esq. Ayolas	Plácido Casaús e fillos, imprenta	*El Látigo Inmortal*. Asunción, 21 de abril de 1892, p. 4
r/ Igualdad esq. Escalada	Esmeriz & Cía., comercio	1893- (*El comercio paraguayo*, 1899: 181-183)

[224] *Revista Comercial Iberoamericana Mercurio*. Barcelona, 1 de agosto de 1918, pp. 184-185.

r/ Caapucú 39	Manuel Fernández Sánchez	Expediente 1291, 8 de xuño de 1893
r/ Palma esq. Garibaldi [rúa que comunica Estrella e o porto]	Serafín Rivas Rodríguez, médico	*El Pueblo*. Asunción, 1 de febreiro de 1895, p. 3
r/ Ypoá [actual Gondra]	Serafín Rivas Rodríguez, médico	*El Pueblo*. Asunción, 2 de novembro de 1895, p. 2
Mercado Central	Benito Rodiño, pulpería	*El comercio paraguayo*, 1899: 599
r/ Coronel Martínez 86	Manuel Fernández Sánchez, médico	*El comercio paraguayo*, 1899: 586
r/ Florida 428	Antonio Santomé, pulpería	*El comercio paraguayo*, 1899: 602
r/ General Díaz 352	Carlos R. de la Flor, pulpería	*El comercio paraguayo*, 1899: 595
r/ Palma 340	Antonia Sánchez e fillos, imprenta	*El comercio paraguayo*, 1899: 582; Beraud, 1904: 204
r/ Villarica 78	José Lemos, xastre	*El comercio paraguayo*, 1899: 604
r/ Palma esq. 14 de Mayo (Hotel Hispano-Americano)	Manuel Castro Lestayo	Expediente 1466, 23 de xuño de 1899
r/ Escalada 19	Justo Ramos	Beraud, 1904: 221
r/ Libertad esq. Yegros	José Lemos, xastre	Beraud, 1904: 194
r/ Montevideo 293	Victorino, Leandro e Isidro Abente	Beraud, 1904: 204
r/ Palma 65 (Arsenal-cué)	D. Sanjurjo & Cía., comercio	Beraud, 1904: 163
r/ Sebastián Gaboto 389 [actual Gondra]	Ricardo e Emilio Faraldo	Beraud, 1904: 207
r/ Villarrica 86	Victoriano, Rafael, Luis e Víctor Abente	Beraud, 1904: 204
r/ Ypané 20	Benito Rodiño	Beraud, 1904: 220
Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas		




Figura 8. Distribución física da colectividade galega, 1870 -1904. (Elaboración propia a partir de Decoud (1911).)

Táboa 17. Distribución física da colectividade galega en Asunción, 190 7-1946		
Enderezo	Nome	Fonte
r/ Ayolas entre Palma/Villarrica	Manuel González Táboas, comercio	*El Diario*. Asunción, 13 de xuño de 1907, p. 2
r/ Igualdad esq. Escalada	Camilo Pérez y Pérez	Expediente 1773, 27 de xuño de 1908
r/ Estrella esq. Alberdi	Genaro Prieto Villamil	Expediente 1896, 23 de abril de 1910
r/ 25 de Mayo entre Caballero/Escalada	Pérez & Sanjurjo, comercio	Monte Domecq, 1911: 225
r/ Estrella esq. 25 de Noviembre	González & Balteiro, comercio	Monte Domecq, 1911: 252
r/ Caballero 225	Camilo Pérez y Pérez	AHMRREE-DACyL 44. Camilo Pérez a Alejandro Audibert, 14 de xullo de 1911
avda/ Asunción 1028	Camilo Pérez y Pérez	CAB. AG.1.3.53. Repertorio de delegados en América. Camilo Pérez; Testemuño de Gustavo Pérez Samaniego-Abente
r/ Buenos Aires 449 [actual Paraguayo Independiente]	Antonio Díaz Martínez	Expediente 2235, 18 de outubro de 1916
r/ Palma 79	R. Abente & Cía, comercio	*El Diario*. Asunción, 2 de xaneiro de 1917 [paxinación perdida]
r/ Libertad 25	Camilo F. de la Fuente, consignatario	*Mercurio*. Barcelona, 1 de agosto de 1918, pp. 184-185
r/ Palma 68	José Casariego, comercio	*Mercurio*. Barcelona, 1 de agosto de 1918, pp. 184-185
r/ Villarrica esq. 25 de Diciembre	BEP	AHN. SMAE. H-1824. Recorte de xornal, 1 de setembro de 1918
r/ Palma 442	José Naveiras e Bernardo Pérez Oreal	SRE 235, 237, 10 de outubro de 1918
r/ Libertad 25	Máximo Táboas	SRE 255, 31 de marzo de 1919
r/ Paraguarí esq. Aquidabán	María del Pilar Casaús	Expediente 2456, 11 de decembro de 1919
r/ 15 de Mayo esq. Berlín [marcado con ? aproximadamente sobre a actual rúa Berlín]	Bernardo Pérez Oreal	Expediente 2411, 2 de decembro de 1920
r/ 25 de Mayo 44-48	Eduardo Veiga Peña, empregado en Segura, Latorre & Cía.	Dende anos 1920, testemuño de Eduardo Veiga Ortiz
r/ Hernandarias esq. Piribebuy	Ramón Pita Salgueiro	Expediente 2414, 12 de novembro de 1920
r/ Palma esq. Convención	Francisco Regueira Currás	Expediente 2424, 20 de decembro de 1920
r/ Independencia Nacional 25	Luis López Ríos	SRE 406, 19 de maio de 1922
r/ Sargento Duré esq. Manduvira	Luis Varque González	Expediente 2294, 17 de outubro de 1924
r/ Palma 335	Antonio González Riobóo, avogado	*El Liberal*. Asunción, 4 de novembro de 1924, p. 2
r/ 25 de Diciembre 434	Camilo F. de la Fuente	Expediente 2840, 9 de xaneiro de 1925
r/ Yegros 472	Francisco Alló, Quirina Debesa e Estela Alló	Expediente 2840, 9 de xaneiro de 1925
r/ Tacuarí esq. Amambay	Eduardo González Pérez	Expediente 2833, 25 de marzo de 1925
r/ 25 de Mayo 489	Manuela García e Pura López Mosquera	Expediente 2755, 10 de marzo de 1927
r/ EEUU 445	José Domingo Gómez Sanjurjo	Expediente 2755, 10 de marzo de 1927
r/ Palma 191	Ramiro García	Expediente 2823, 15 de xullo de 1927
r/ Palma 163	Rafael Valín, domiciliado en Rius & Jorba	Expediente 2716, 29 de xuño de 1928

r/ 15 de Agosto 463	Ramiro García	*Céltiga*. Bos Aires, 25 de novembro de 1928, p. 31
r/ Colón esq. Humaitá	Eduardo Veiga Peña	Dende anos 1930, testemuño de Eduardo Veiga Ortiz
r/ Tacuarí esq. 25 de Mayo	Victorino e Manuela Abente	1931-1935 [Victorino], Abente y Lago, 1984: 6
r/ Palma 379	Florentina Cabaleiro e Balbino Brañas	SESMAP 559, 25 de abril de 1931
r/ Independencia Nacional 100	Luis López Ríos	SESMAP 5722,4 de decembro de 1931
r/ 25 de Mayo 64	José Díaz Fernández e Manuel Barrios Costas	SESMAP 573574, 8 de xaneiro de 1932
r/ Independencia Nacional 648	Antonio Santomé	SESMAP 584, 7 de xuño de 1932
r/ Montevideo 315	José Luis Lazcano	SRE 579, 29 demarzo de 1934
r/ Independencia Nacional esq. Tercera Proyectada [actual Lomas Valentinas]	Manuel Díaz del Río	Expediente 3104, 4 de marzo de 1935
r/ Cuarta Proyectada [actual Blas Garay]	Amancio P. Calvo	Dende anos 1930 ou 1940, testemuño de Gigi Espósito
r/ General Díaz 193	José Migueles Montoto	Expediente 3044, 21 de xaneiro de 1936
r/ Cerro Corá entre EEUU/Tacuarí	Antonio González Paradela	Dende anos 1940, testemuño de Beatriz González del Bosío
r/ Teniente Fariña 38 [antes Río Apa]	Guillermo Brañas, dermatólogo	*El País* Asunción, 16 de xullo de 1946, p. 3
Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas		




Figura 9. Distribución física da colectividade galega e española, 1907 -1946. (Elaboración propia.)

Durante os anos setenta case todos os enderezos representados nos planos encóntranse no barrio da Catedral, arredor do Mercado Central ao nas rúas inmediatamente ao seu nordeste. Asunción era moito máis pequena a inicios dos 1870 que trinta anos despois — un plano brasileiro da época da ocupación aliada establece os seus límites nas rúas Montevideo, Coronel Martínez/Bermejo e EEUU[225]. Aínda así, a Figura 8 localiza os galegos no centro da cidade dende o primeiro momento, nas inmediacións de relevantes edificios públicos como o tribunal e correos (Alberdi entre Estrella/Palma), o Teatro Nacional ao termo da rúa Benjamín Constant, o *Colegio Nacional* a partir de 1877 (Yegros esq. Presidente Carnot), ou o propio Mercado Central. Como noutras vilas da república, morar no centro ou na «beira» (*orilla*) de Asunción tendía a reflectir se un pertencía á «sociedade» ou á «xente» (de alto ou baixo status social) (Toness, 1973: 130-131). A congregación dos galegos nestas rúas céntricas, entón, é outra proba da situación socialmente privilexiada dos inmigrantes europeos neste período.

Coa reactivación do comercio, do transporte fluvial e o lento crecemento da cidade, observamos que varios negocios e domicilios de galegos figuran no barrio da Encarnación dende os anos oitenta. Trátase de pequenas empresas (dúas pulperías, unha clínica particular, o almacén de Esmeriz & Cía. nos seus encomezos) ou dun consignatario directamente vencellado ao funcionamento do porto. Estes datos apuntan ao desenvolvemento da Encarnación como unha zona residencial, agás o eido portuario, con pequenas 'tendas de barrio' para avituallar os veciños, entrementres os grandes almacéns, importadores e exportadores operaban na Catedral. Os barrios periféricos de Cachinga, Salinares, Ciudad Nueva e Oriental non aparecen naquel plano brasileiro, nin tampouco noutro elaborado por De Bourgade (1889) que estrema a cidade entre as rúas Sargento Duré, Ygatimí/Amambay [actual José Gaspar Rodríguez de Francia] e Brasil, pero si figuran no mapa que Matías Alonso Criado coordinou en 1907 (reproducido en Cagiao Vila, 2018: 56). Isto dá a entender que esas barriadas xurdiron á calor das migracións campo-cidade que a privatización das terras fiscais orixinou a partir de finais dos anos oitenta.

Case ningún dos galegos representados na Figura 9 vivía neses barrios na *orilla* de Asunción, cunha excepción en Ciudad Nueva (tratámolo máis adiante) e outra posible no caso de Bernardo Pérez Oreal, se a rúa Berlín en 1920 era a mesma que a actual no barrio de Tacumbú. En cambio, a medra da cidade apréciase coa presenza dalgúns domicilios de galegos en San Roque, onde non os había antes de 1904; nas rúas da Encarnación que lindan con Barrio Cachinga; e na parte da Catedral máis afastada do río, sobre todo as casas do lalinense Amancio P. Calvo e de Manuel Díaz (Moaña, Pontevedra) a partir dos anos trinta, no actual barrio General Díaz entre Ygatimí/Amambay e Barrio Obrero — unha zona que se urbanizara durante o decenio anterior (Rivarola, 2010 [1993]: 265). Porén, a meirande parte dos galegos e as sobranceiras empresas españolas aínda se concentraba arredor do Mercado Central, nos tramos das rúas Estrella, Palma e Villarrica que decorren por barrio Catedral, e nas proximidades da Plaza Uruguaya (anteriormente de San Francisco) ao carón da estación de ferrocarril (Libertad esq. Escalada). A rúa Palma, o verdadeiro corazón da cidade, tamén o era para a colonia española; tanto o Centro Español como a SRE e a SESMAP alí tiñan as súas sedes[226].

É pensable que unha análise dos expedientes de solteiría e os catálogos comerciais da época revelase algunhas diverxencias entre os barrios e as rúas preferidos polos inmigrantes de

[225] Biblioteca Nacional "Mariano Moreno", Bos Aires. 912(892.1). Cidade de Asunción [material cartográfico]: durante a ocupación do Exército Aliado, 1869-1870. [Dispoñible en formato dixital: BNA_MA002080 14. Acceso: 28 de marzo de 2021]
[226] *Unión Iberoamericana. Órgano de la sociedad del mismo nombre*. Madrid, maio de 1917, p. 16; *El Correo de Galicia. Diario independiente de avisos y noticias*. Santiago de Compostela, 18 de xullo de 1919, p. 1.

distintas nacionalidades, pero en xeral podemos afirmar sen titubeos que os españois non eran os únicos en gravitar cara ao centro de Asunción. Folleando unha guía do tardío século XIX, atopamos moitas empresas estranxeiras que se estableceron nas vías máis céntricas, por exemplo, no barrio de Encarnación, o muíño de herba de Boettner, Gautier & Cía. (Colón entre Palma/Villarrica), propiedade dun alemán, un francés e un austríaco, os talleres tipográficos do alemán Hans Kraus (Villarrica esq. 15 de Agosto), o consignatario francés Enrique Plate (Florida 74) ou a axencia fluvial de Nicolás Mihanovich, administrada polo croata Milo Slocovich (praza do porto); e no barrio de Catedral, os grandes almacéns hispano-uruguaios de Bajac & Blanco (Libertad esq. Caballero), ou a casa importadora de tecidos do portugués Luís F. Braga (Palma 219-227; 231-235 a partir de 1895) (*El comercio paraguayo*, 1899: 41-46, 99-101, 444, 484-485, 501, 509). Esta conclusión aporta un interesante matiz á cuestión da relevancia cuantitativa do fenómeno estudado. Aínda que os inmigrantes eran moi minoritarios no Paraguai, a súa concentración no centro da capital dáballe a este entorno un aspecto moito máis cosmopolita do que as cifras absolutas farían esperar. Isto pode comprobarse en *Paraguay: tableaux démonstratifs de sa population* (1901: 6-7), a única fonte localizada que enumera a poboación dos diferentes barrios asuncenos por separado.

Táboa 18. Poboación total e estranxeira dos barrios de Asunción (1900)

	Poboación total	**Poboación estranxeira**	**Poboación estranxeira (%)**
Centro de Asunción			
Catedral	11.748	1.214	10,33
Encarnación	13.036	3.002	23,03
San Roque	13.226	794	6
Arrabaldes de Asunción			
Recoleta	2.097	76	3,62
Trinidad	5.686	287	5,05
Lambaré	3.584	68	1,9
Poboación flotante	2.342	201	8,58
Total [227]	*51.719*	*5.642*	*10,91*

Fonte: elaboración propia a partir de *Paraguay: tableaux démonstratifs* (1901): 6-7

Nos albores do século XX, máis do dez por cento da poboación asuncena nacera fóra do país. A Táboa 18 confirma que os estranxeiros se concentraban no centro urbano en lugar das bisbarras da cidade. Os que se trasladaban ás aforas exhibían unha marcada preferencia polas zonas cara ao leste e nordeste (Recoleta e Trinidad) fronte ao sur (Lambaré), posiblemente por estaren aquelas máis próximas ás liñas de tranvía ou de ferrocarril, e por tanto mellor comunicadas co núcleo comercial do centro e cos outros membros de cadansúa comunidade étnica. Dentro do casco urbano, resulta que a menor presenza dos galegos no barrio de San Roque non era unha particularidade deste colectivo, senón que caracterizaba o asentamento dos inmigrantes en xeral.


Por outro lado, case un de cada catro habitantes do barrio da Encarnación era estranxeiro en 1900, e non pode descartarse que esta porcentaxe puidese incluso aumentar durante as seguintes dúas décadas, cando a inmigración de entreguerras alcanzou o seu cume. Trátase dunha cifra moi sorprendente para un país que endexamais experimentou unha inmigración

[227] Estas cifras reprodúcense no anexo de *Paraguay: tableaux démonstratifs* pero discordan coa proporción que se calcula na segunda sección do folleto, e que aquí empregamos no apartado 3.1 (47.075 paraguaios e 4.644 estranxeiros en Asunción; o total segue sendo 51.719). Os autores dos *tableaux* non explican esta diverxencia.

masiva ao nivel estatal. A maior presenza estranxeira na Encarnación fronte ao barrio da Catedral non se reflicte nas Figuras 8 e 9. Isto podería ter que ver coa pequenez da mostra, pero tamén é posible que, mentres que os inmigrantes en conxunto vivían máis na zona da Encarnación, os españois en particular tendesen a establecerse na Catedral. Outra opción sería que a Encarnación era un barrio máis residencial que a Catedral, e que moitos españois vivían no primeiro pero traballaban no segundo. Esta interpretación pode argumentarse até certo punto mediante unha lectura dos dous planos porque os enderezos definidos como *negocios* aparecen agrupados na Catedral, ao nordeste do Mercado Central, pero a distribución de *domicilios* entre os dous barrios é máis igualitaria.

Para precisar até cando os españois seguían sendo unha comunidade visible no centro asunceno, analízase o seu gradual encollemento a partir das datas de baixa por falecemento de 230 socios españois no libro de rexistro da SESMAP (Gráfico 8).

Gráfico 8. Falecementos de socios españois da SESMAP (1920-1994)
Elaboración propia a partir de Morales Raya (2015a)



O gráfico amosa que os inmigrantes que chegaron ao Paraguai durante a posguerra da Tripla Alianza comezaron a falecer contra finais dos anos vinte, coas cifras máis elevadas durante os anos trinta. Que os falecementos sexan máis numerosos nestes lustros que dende os anos corenta en adiante non implica que a inmigración a finais do século XIX fose maior que a principios do XX, senón que a partir de 1940 se produciron máis baixas por falla de pagamento ou por re-emigración que na etapa anterior. A taxa de mortaldade mantívose constante até mediados dos anos sesenta antes de minguar até que, dende mediados dos setenta, o número restante de españois chegados durante o período de entreguerras fose residual. Entón, semella que a colectividade española era bastante abondosa no centro de Asunción até finais do noso período de estudo, pero dende ese momento, a falta de novos inmigrantes para compensar os falecementos facía que a colonia se ensumise paulatinamente. Isto corrobora o testemuño dun neto de Eduardo Veiga Peña, quen comenta que até a década de 1970, nos almacéns fundados por inmigrantes no primeiro terzo de século, os españois:

> […] *todavía podían estar como personas de mucha edad atendiendo. Es lo que yo recuerdo de mi niñez. Hay que tener en cuenta además que en los setenta se empezó a abrir la posibilidad de que los coreanos y chinos vinieran al país. Entonces, ellos ocuparon ese espacio. A esas mismas tiendas que antes los españoles o italianos tenían, vinieron los orientales a hacer sus negocios. Ahí cambió el modelo de la economía de ese tipo de gentes.*[228]

De acordo co entrevistado, Veiga Peña aforrou durante varios anos no emprego de Segura, Latorre & Cía. até poder mercar unha casa propia xunto á súa esposa paraguaia Josefina Facciuto — a mesma propiedade na rúa Colón esquina Humaitá que herdarían Andrés Víctor Veiga Facciuto e, posteriormente, os seus tres fillos. Este domicilio aparece marcado na Figura 9, amais de tres outros que coñecemos grazas aos testemuños dalgúns fillos e netos de inmigrantes galegos en Asunción.

Un destes é a Quinta "Adela" na avenida Asunción (actual Mariscal López), marcada na Figura 9 no barrio de Ciudad Nueva. A iteña Adela Uribe e o seu marido tudense Camilo Pérez y Pérez construíron ou mercaron esta casa entre 1911 e 1914, á beira dunha das vías máis transitadas da cidade, pois trátase do camiño que leva á Recoleta, Villa Morra e San Lorenzo. Contra principios do século, semella que o casco vello de Asunción xa tiña un aspecto netamente urbano —barullento, sucio, sen espazos verdes, ás veces repleto de xentes e carros—, o cal motivaba que algunhas familias adiñeiradas proxectasen casas novas fóra do centro, con xardín propio, sobre todo nas frondosas avenidas Asunción e España. A Figura 10 amosa a Quinta "Adela" en 1914, cando Pérez tamén aproveitaba a súa propiedade como a oficina local da Casa de América de Barcelona. A familia engadiría outros edificios á casa inicial ao longo dos anos —o soar ocupaba a mazá enteira— para formar unha vivenda múltiple. Hoxe o terreo pertence á aseguradora MAPFRE, a cal lamentablemente non respectou a arquitectura orixinal[229].




Figura 10. A Quinta "Adela" de Camilo Pérez y Pérez. (*Revista Comercial Iberoamericana Mercurio*. Barcelona, 12 de novembro de 1914, p. 10.)

[228] Testemuño de Eduardo Veiga Ortiz, agosto de 2019.
[229] Testemuño de Gustavo Pérez Samaniego-Abente, febreiro de 2018.

A fachada neoclásica da Quinta "Adela", sinxela pero elegante, exemplifica a introdución de novidades arquitectónicas que foi outro dos efectos da inmigración no Paraguai. Nunha época en que 'civilizar' e 'europeizar' case se consideraban sinónimos, as familias de clase alta non se contentaban con vivendas construídas segundo os patróns tradicionais, os edificios dun só andar rodeados de *korredor jere*, ou as casas *kuláta jovái* (dúas pequenas pezas cun corredor aberto ao aire libre entre elas). Os álbums gráficos e guías ilustradas que se publicaron dende 1911 en adiante están cheos de fotografías dos máis impresionantes monumentos ao progreso no Paraguai — mansións, palacetes, talleres, fábricas, tal vez peor adaptados ao clima local que a arquitectura colonial, pero vistos polos contemporáneos como esteticamente superiores a esta e, en último termo, como unha manifestación externa dunhas sensibilidades e modais máis propicios para a vida moderna. Neste senso, algúns membros da colectividade española en Asunción prosperaron como arquitectos ou construtores a inicios do século XX, como Enrique e Moisés Clari (Manresa, Barcelona), especializados no deseño de edificios en calidade de "obras de arte moderno", ou porteño Alfredo Balart, fillo do barcelonés Juan Balart. Alfredo era xenro dos coruñeses Quirina Debesa e Francisco Alló polo seu matrimonio con Aurora Alló Debesa, nacida como el en Bos Aires, e máis tarde consogro do tamén coruñés Eduardo Veiga dende o casamento de Alfredo Balart Alló e Manola Veiga Facciuto (Morales Raya, 2015a: 349; SESMAP 64, 243, 362; Dalla-Corte Caballero, 2016b: 266)[230].

Fóra de Asunción, Areguá é unha das vilas onde os efectos da renovación arquitectónica son máis notables. Situada a poucos quilómetros da capital e comunicada con esta por vía férrea, fronte a San Bernardino na outra beira do lago Ypakarai, a conversión desta localidade nun retiro domingueiro e lugar de veraneo para a boa sociedade asuncena foi case inevitable. Aínda hoxe en día, un dos grandes atractivos de Areguá son as «casas do novecentos» construídas aproximadamente entre 1890 e 1910, a meirande parte delas nun estilo italianizante (Figura 11), para hospedaren as familias dos persoeiros máis notorios da época durante os seus tempos de ocio.

[230] Testemuño de Eduardo Veiga Ortiz, agosto de 2019.




Figura 11. As casas do novecentos en Areguá. (López Decoud, 1911: 340.)

Unha destas casas pertencía a Victorino Abente y Lago, cuxas primeiras poesías firmadas en Areguá aparecen en novembro de 1911 eloxiando a "*Tranquilidad en el suelo, / Grandeza en el paisaje, / Sublimidad en el cielo*" que caracterizaba a beira do Ypakarai, que

tan "*Grata y murmurante suena*". Os Abente alí fixaron a súa residencia permanente entre 1918/1919 e 1931, cando, tralo falecemento de Isabel Myskowsky, Victorino se mudou á casa da súa filla Manuela de Samaniego en Asunción, no barrio de San Roque. Pero é probable que o muxián frecuentase esta vila balnearia dende bastante antes de 1911. De feito, en datas tan temperás como 1905 o seu xenro paraguaio José Samaniego e o seu fillo Leandro Abente Myskowsky solicitáronlle á municipalidade de Areguá a cesión de dous terreos adxacentes para construíren vivendas (Abente y Lago, 1984: 6-7, 314-415)[231]. Nas actas da municipalidade de Areguá, temos constancia de cesións feitas a destacados membros da colonia española en Asunción para establecer segundas residencias na vila, as cales remóntanse até os anos oitenta. O galego Vicente R. de Oliveira, superintendente de Instrución Pública, adquiriu un soar en decembro de 1888 que lindaba cunha propiedade de José Segundo Decoud, e un par de semanas despois, Pedro Jorba e Ramón Zubizarreta conseguiron a cesión doutra parcela para dúas casas. Areguá popularizouse como lugar de retiro e lecer sobre todo nos primeiros anos do século XX. Entre 1903-1905, figuran entre os compradores de terras españois como o almaceneiro catalán Juan Duch, ou integrantes doutros colectivos como o comerciante italiano Jorge Casaccia, o novecentista paraguaio Fulgencio R. Moreno ou o político colorado Rufino Mazó, quen no seu momento traballara xunto a Oliveira na redacción de *La Razón*[232].

Tamén había unha comunidade de españois que residían en Areguá de forma permanente; entre 1900 e 1903 cedéronse terreos aos españois Juan Pigrau, Antonio Caballero, Mariano Finestra, Luisa R. de Cortina e Miguel Cortina, todos veciños da vila. Mariano Finestra era almaceneiro e Juan Pigrau era o dono dunha fábrica de alpargatas (*El comercio paraguayo*, 1899: 609). Estes pequenos comerciantes probablemente non fosen os construtores daqueles soberbios chalés, senón que se trata dunha contribución arquitectónica dos ricos asuncenos que ían a Areguá para pasar os veráns ou as fines de semana. En cambio, o oleiro valenciano Ricardo Pérez, de quen xa falamos no apartado 4.3.1, gozaba dunha posición socio-económica máis privilexiada. Pérez foi presidente da municipalidade de Areguá en distintos momentos entre 1885 e 1903 como mínimo, membro fundador do club social, e rexístranse unhas cantas cesións de terreos das que el foi beneficiario. Outro membro español do club social, o construtor Miguel Cortina, era o responsable da edificación do atractivo palacete municipal en 1901, que tamén exemplifica o estilo renacentista das casas do novecentos[233].

Fóra da capital, nas poboacións modestas como Areguá, eminentemente rurais e máis afastadas dos efectos visibles do 'progreso', o tamaño e a arquitectura estranxeirizante dunha nova mansión ou un gran local de comercio resultaban aínda máis chocantes. Por exemplo, a Concepción tamén chegaron as novas formas arquitectónicas, impostas nas espléndidas fachadas das casas da elite local polos construtores valencianos José Chust Gallegos e José Chust Martínez durante os anos vinte. Estes edificios obedecían os patróns do modernismo finisecular, pero entre os modelos máis vangardistas observamos a fábrica de fideos "La Española" da familia Lailla-Bardají, esculpida con deseños inspirados no *Art déco*[234]. O caso

[231] SECDT-Areguá. Datos sobre Areguá compilados por María Victoria Chaves Aghemo; Actas, anos 1889-1925. Listaxe de cesións de terreos, 1905.
[232] SECDT-Areguá. Escrituras, anos 1889-1905. Cesións de terreos a Vicente R. de Oliveira (2 de decembro de 1888) e a Pedro Jorba e Ramón Zubizarreta (20 de decembro de 1888); Índice de terreos cedidos, 1903-1905.
[233] SECDT-Areguá. Escrituras, anos 1889-1905. Cesións de terreos a Juan Pigrau (20 de abril de 1900), Antonio Caballero (9 de maio de 1900), Mariano Finestra (26 de agosto de 1900), Luisa R. de Cortina (3 de marzo de 1903) e Miguel Cortina (17 de decembro de 1903); Actas, anos 1884-1887 [cesións de terreos nas que Ricardo Pérez aparece como presidente da municipalidade]; Datos sobre Areguá compilados por María Victoria Chaves Aghemo.

[234] CCCC. "Datos sobre Concepción", informe inédito de Pedro A. Alvarenga Caballero, 1985.

dos Lailla-Bardají exemplifica outra característica da inmigración española. Se Asunción era un destino secundario para os inmigrantes espontáneos, poderiamos dicir que as demais cidades e vilas da república eran destinos terciarios. Por exemplo, nun estudo sobre os españois en Concepción durante o período de entreguerras, sinalamos que a meirande parte deses inmigrantes xa vivira e traballara na capital paraguaia antes de mudarse ao norte (Webb, 2020a). Respecto dos donos da fábrica "La Española", Antonio Lailla e Josefa Bardají residían en Asunción cando a súa filla Teodora casou co español José Freixedes Gras en 1892 (expediente 1232). Algúns membros desta familia mudáronse a Concepción antes de 1904, ano no cal Ramón Lailla aparece como presidente da *Sociedad Artesanos de Socorros Mutuos*. Outro parente, Enrique Lailla, formaba parte da organización dunha comisión municipal de hixiene en 1907[235].

É habitual observar traxectorias migratorias como esta, con varias 'paradas' de distintas duracións. Grazas a estes traslados sucesivos, existía unha rede de comerciantes e outros profesionais estranxeiros que chegou a abranguer unha gran parte das vilas do territorio nacional. Non dispoñemos de suficientes datos sobre moitas destas persoas. Sabemos, por exemplo, que Manuel S. Prieto, nacido en Vilalba (Lugo), moraba en Itauguá (Central) cando se asociou á SRE (176) en maio de 1918, pero non foi posible reconstruír outros feitos da súa vida. Sobre outras, como a familia galaico-uruguaia Ferreiro e Brisco en Villa del Pilar, as informacións son máis doadas de atopar. O compostelán Marcelino Ferreiro, nado en 1859, fillo do matrimonio Blas Ferreiro e Carmen Caíña, chegou a Pilar en 1874 sen pasar por Asunción. Existen dúas versións da historia da súa emigración: que a familia enteira se trasladou a Montevideo arredor de 1870; ou ben que Marcelino viaxou só en calidade de polisón. Ferreiro contraeu matrimonio coa uruguaia Elvira Brisco Bousquets, e a parella mudouse ao Paraguai máis ou menos ao mesmo tempo que un irmán e unha irmá de Elvira (non está claro se en cadea ou todos xuntos)[236].

Aquí convén aducir unha consideración sobre a inmigración latinoamericana neste período. Segundo as estatísticas analizadas por Toness (1973: 80), contra finais do século XIX os europeos concentrábanse en Asunción, o Guairá e Paraguarí, en canto os destinos maioritarios dos inmigrantes latinoamericanos eran os departamentos de Ñeembucú, Misiones e Itapúa no sur do país. Durante os anos oitenta, un cuantioso fluxo migratorio procedente do Litoral arxentino parcialmente compensaba os efectos demográficos da emigración nestas rexións australes, xa moi despoboadas durante a Guerra Guazú (Palau, 2011: 44). Para estes inmigrantes americanos, tales como a familia Brisco, unha cidade como Pilar non era un destino secundario nin terciario porque a maioría deles non estivo en Asunción.

A razón social Ferreiro & Brisco formouse entre Marcelino, Elvira e o seu irmán José María Brisco. Esta empresa de importación e exportación de gando, ferrería e froitos do país converteuse axiña nunha das catro casas principais do comercio pilarense, xunto a *Santos e Hijos*, fundada polo portugués Antônio dos Santos en 1876, a compañía dos italianos Gheringhelli e a do arxentino José M. Delpino (Chaves, 1918: 225-226). Como empresa galega, Ferreiro & Brisco era un caso particular porque as fontes non dan a impresión dunha gran presenza española nesta cidade ou nos seus arredores, se ben é posible rescatar algúns nomes

[235] CCCC. Carta de Ramón Lailla ao presidente da corporación municipal, abril de 1904; Carta de Enrique Lailla ao presidente da corporación municipal, outubro de 1907.
[236] Testemuño de Olavo Ferreiro, outubro de 2018 e xaneiro de 2020; Xenealoxía da familia Ferreiro facilitada por Olavo Ferreiro.

como o do ourensán Antonio Campio Pérez Álvarez, veciño de Pilar cando casou aos 44 anos con Germana Páez en 1916 (expediente 2232), o compostelán Guillermo Souto Menéndez, chegado a principios do século XX[237], ou algúns peninsulares que figuran como pais de bebés bautizados na Parroquia da Nosa Señora do Pilar, como son Bartolomé Mayans (xaneiro de 1919), casado coa paraguaia María Inés de Benítez, ou Isidoro Saens (maio de 1919), casado coa paraguaia Petrona Martínez e residente en Colonia Cano (Formosa, fronte ao porto de Humaitá)[238].

Unha parte do éxito de Ferreiro & Brisco debíase á colaboración do marido dunha irmá dos Brisco, Ventura Rebori. Este xenovés traballaba como construtor de buques, e fora dono dunha empresa de estaleiros na localidade bonaerense de Tigre antes da mudanza ao Paraguai. Grazas a esta relación favorable, Ferreiro & Brisco tiña facilidades para reunir unha considerable flota consistente no remolcador "Charrúa", o vapor "Zapicán", as chatas "Mariscal López", "Mbiguá" e "Abayubá", máis algunhas naves menores que lle permitía dominar o comercio no río Tebicuary entre Pilar e Villa Florida (Misiones) (Boccia Romañach, 2007: 233-234, 292-293). O local que a empresa construíu para albergar os seus negocios reflicte a súa posición entre as casas máis poderosas da rexión. O álbum gráfico *El Paraguay ilustrado* (1918) destina unha das súas páxinas a Ferreiro & Brisco, a cal reproducimos aquí (Figura 12). Por casualidade, o autor dese álbum, Manuel W. Chaves, era un futuro parente da familia galega a través do matrimonio da súa filla Ana Iris con Óscar Ferreiro, un neto de Marcelino. Este, coñecido poeta da «Xeración do Corenta», mostrábase consciente da súa ascendencia galaica; publicou unha composición titulada *Finisterre* en 1982, dedicada a Luís Seoane, e viaxou a Santiago de Compostela en varias ocasións (Ferreiro, 1996: 59-60)[239]. Pola súa parte, a escritora Ana Iris Chaves colaborou con Cándido Samaniego Abente na elaboración da *Antología poética* de Victorino Abente y Lago (1984: 16).

[237] *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*. Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 1917, p. 2. [O seu nome aparece na listaxe de instrumentistas da agrupación musical "La Lira", "*formada por jóvenes de apreciables familias de Santiago*".] Agradecemos a Hernán Almeida Melgarejo o dato sobre a presenza de Guillermo Souto na Villa del Pilar.

[238] Parroquia da Nosa Señora do Pilar. Bautismos, 1919-1923. Libro 9. Bautismo de Isidoro Mayans, 22 de xaneiro de 1919; Bautismo de Eduardo Saens, 5 de maio de 1919.

[239] Testemuño de Olavo Ferreiro, outubro de 2018.



EL PARAGUAY ILUSTRADO 225

FERREIRO Y BRISCO

Casa introductora y exportadora en los ramos de almacén, tienda y ferre ería, ventas al por mayor y menor compra y exporta toda clase de frutos del país prestando preferente atención a la exportación de vacunos que constituye uno de sus principales renglones.

Esta fuerte casa comercial es sin duda alguna una de las más encomiables contribuciones al comercio y progreso de Pilar, por el gran capital en giro, la enorme cantidad de mercaderías existentes en su amplio y costoso edificio moderno en el que se destaca su cómoda y lujosa instalación que hace de la casa una de las principales de la República.

La casa comercial de los señores Ferreiro y Brisco

Fué fundada a la terminación de la guerra contra la Triple Alianza, y por su antigüedad y la corrección de procederes de sus dueños, cuenta con grandes vinculaciones en toda la campaña, donde la firma FERREIRO Y BRISCO es sinónimo de honradez y garantía.

El Señor José M. Brisco representa esta fuerte casa comercial a cuya actividad se halla vinculado desde su adolescencia y para cuyo progreso ha dedicado por entero sus cualidades de trabajador inteligente, su iniciativa y voluntad, condiciones estas que, caracterizando a quien las posee, no podían menos que producir la obra eficiente que recompensa las fatigas de la lucha.

Salón de venta

Otro interior de la casa

Figura 12. Ferreiro & Brisco en *El Paraguay ilustrado*. (Chaves, 1918: 225.)

As tres fotografías amosan o impoñente exterior do local —case palaciano nese entorno semi-rural, sen ningún edificio importante ao seu carón— e os amplos e ben provistos salóns do interior. Os homes que pousan na foto da esquerda inferior posiblemente sexan José M. Brisco, que aínda era adolescente no momento de constituírse a empresa, máis Aníbal e Rodolfo Ferreiro, os fillos paraguaios de Marcelino, falecido en Montevideo no 1911 (Boccia Romañach, 2007: 293). Para a outra foto, á dereita inferior, xuntáronse máis de vinte persoas entre traballadores e varios clientes que vestían as súas mellores roupas. Tal panorama imparte unha imaxe propagandística de modernidade e vida 'civilizada', e a aparición de varios cabaleiros sentados incluso suxire que a tenda podía ser un lugar de reunión para as cabezas de familia da boa sociedade.

5.2. As inversións na terra: especulación, agro-exportación, gandeiros e agricultores

A construción de novos edificios, elegantes e modernos como os analizados no apartado anterior, non empezou até finais da década de 1880. Secasí, a primeira clase de especulación na Asunción ocupada foi a inmobiliaria. Varios testemuños históricos refírense á usurpación de edificios polas forzas da ocupación e os comerciantes estranxeiros no 1869 (Oddone, 2011: 73). Decoud (1925: 283) afirma que case todos os reclamos de propietarios despoxados "*fueron resueltos en el día*", pero seica moitas parcelas ficaron sen reclamar por mor da ausencia ou a morte dos inquilinos orixinais. O francés Edmundo B. de Essarts firmou un convenio co goberno para alugar as casas baleiras da capital que pertencían ao fisco. Os inquilinos podían celebrar un contrato con Essarts co deber de pagarlle o aluguer cun mes de adianto, e o que non cumprise esta norma tería que abandonar a casa. En decembro de 1871, Eduardo Caamaño puxo

á venda un terreo en Villarrica a dúas cadras da praza principal. O galego aínda vivía en Asunción na rúa Igualdad 21, polo que se entende que adquirira dito terreo coa intención de especular con el[240].

Pouco despois, Victorino Abente e Elías Gaset asociáronse para crear a casa de remates Gaset & Abente. Unha das puxas que estes convocaron en maio de 1874 foi un remate de edificios a conta doutro galego, Jesús Malpartida. A oficina de Gaset & Abente trasladouse a un edificio diante do teatro en setembro, pero *La Libertad* asemade recomendaba unha nova casa de remates e comisións que Abente abrira só na rúa Independencia 6[241]. Por este medio, o muxián conseguiu o capital inicial para realizar as súas primeiras inversións en bolsa, pois de acordo con Rodríguez Elías (citado en Abente y Lago, 1984: 448-449), Abente amasou a súa fortuna en América precisamente no sector financeiro. Dende logo, Abente non era o único con intereses neste eido. Por exemplo, observamos que os españois constituían ao menos a metade do consello de administración do *Banco Territorial del Paraguay* (fundado 1887) durante o exercicio de 1905: **Ramón de Olascoaga** (presidente), **Andrés Luces** (vicepresidente, ex xerente da *Matte Larangeira* na zona de Concepción (*El comercio paraguayo*, 1999: 147)), Carlos Paoli (secretario), Gerónimo Pereira Cazal (vocal, ministro de Xustiza 1899-1900 (López Decoud, 1911: 222)), **Marcelino Jorba** (vocal), **Victorino Abente** (vocal), **Vicente Sorazabal** (suplente, comerciante), **Diego Martínez** (suplente, xenro do médico Félix Diez Pérez oriúndo de Lillo, León (expediente 1405)), José V. Gómez (suplente), Gabriel Valdovinos (xerente), Christian Heisecke (síndico), Alfredo Noyau (síndico)[242].

Volvendo á inmediata posguerra, que a terra fose propiedade estatal non impedía que algúns capitalistas emprendedores empezasen a inverter en certos sectores produtivos que máis tarde se converterían en grandes fontes de riqueza, aínda que só para uns poucos agro-exportadores. Temos noticias dun establecemento gandeiro dun tamaño respectable en San Lorenzo del Campo Grande no 1871. O arxentino Maximino Cardoso e o español Pedro Mas-Riera acusaron o paraguaio José González Granado de terlles roubado 56 cabalos e unha mula en novembro. González —casualmente o futuro sogro do lugués Manuel Fernández Sánchez (expediente 1291)— negou os feitos aportando tres cartas de amigos que xuraban que o acusado estivera con eles cando o delito se consumiu[243].

A finais dos anos setenta rexistramos un dos episodios máis impresionantes, ou delusorios, de especulación. Trátase dun plan tan ambicioso que ten máis que ver coa diplomacia internacional que co desenvolvemento económico. Como xa vimos, o pontevedrés Francisco Javier Brabo forxara vínculos co Paraguai a través do comercio tabaqueiro nos tempos de Carlos Antonio López. Estes vínculos non desapareceron despois da guerra. Brabo visitou Asunción no ano 1870 e en 1871 mercou unha enorme colección de documentos relacionados coas misións xesuíticas do século XVIII, os cales estudou con tanta fascinación que case perdeu a vista. Finalmente, Brabo doou trinta mil deles ao AHN de Madrid e publicou tres monografías: (1) *Colección de documentos relativos a la expulsión de los jesuitas de la República Argentina y del Paraguay*, (2) *Inventario de cuanto se encontró en las Misiones de los jesuitas de la República Argentina y del Paraguay al tiempo de la expulsión*, (3) *Atlas de*

[240] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 11 de novembro de 1870, p. 3; 1 de decembro de 1871, p. 3. [Os avisos repítense noutros números.]
[241] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 1 de maio de 1874, p. 2; 13 de setembro de 1874, pp. 1, 3.
[242] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 5 de maio de 1905, p. 1.
[243] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 1 de decembro de 1871, p. 2; 5 de decembro de 1871, p. 2.

los territorios donde estuvieron situadas las misiones de los jesuitas de la República Argentina y Paraguay[244].

Ao mesmo tempo, Brabo decatouse do colosal potencial económico do Chaco para Bolivia e Paraguai, polo cal propuxo realizar exploracións do territorio a cambio dunha xenerosa concesión por parte de ambos gobernos. Esta consistía na posesión e colonización de grandes extensións de terras, a construción dunha liña de ferrocarril dende Bahía Negra (Alto Paraguay) á cidade boliviana de Santa Cruz de la Sierra, outra liña que enlazaba Santa Cruz co río Mamoré (afluente boliviano do Amazonas), e unha terceira que percorrería o río Pilcomayo para comunicar o Chaco cos Andes. Acerca dos 1.914 quilómetros de vía férrea e estradas que Brabo pretendía construír en cinco anos cun presuposto de seis millóns de pesos en préstamos europeos, negociados en persoa polo empresario e aprobados polo Congreso boliviano en 1881, a redacción de *La Ilustración Gallega y Asturiana* escribiu que "*nos pareció demasiado atrevida, ó, para decirlo de una vez, completamente irrealizable la empresa,* […] *más bien como de una generosa osadía intelectual, que como una concepcion susceptible de real y perfecto desarrollo*"[245].

As exploracións iniciais realizáronse en 1878 cando Brabo partiu da capital paraguaia para subir o Pilcomayo na goleta "Gualeguay" en compañía do enxeñeiro contratado Juan B. Minchin. Esta viaxe non figura na relación das dezanove principais expedicións que recollen Dalla-Corte Caballero e Vázquez Recalde (2011: 25-26) entre 1843 e 1906, as cales confirmaron a inviabilidade do Pilcomayo como ruta comercial a causa da súa división en ducias de canles innavegables. En xullo do ano seguinte, Brabo tamén viaxou cara ao alto Paraguai noutra expedición que compoñían corenta expedicionarios, o vapor "Gibraltar" e o patache "Marías", esta vez co asesoramento do madrileño Juan de Cominges (González, 2010: 57-58). Cominges tiña experiencia na construción de ferrocarrís; de feito, dirixira as obras de trinta quilómetros da liña Ourense-Vigo antes de emigrar a Montevideo en 1870, como outros tantos republicanos. Fixo, ademais, un aporte considerable ao comercio paraguaio ao introducir os sementes de tabaco habaneiro en 1878, unha variedade afín aos gustos internacionais e máis doada de exportar que as autóctonas (Cominges, 1892: XXVI, XXXIII). Teijeiro Martínez (1882: 22) escribe que "*los cigarros son elaborados por las mujeres, que como se sabe, se dedican todas á la agricultura, desde 1870, que han quedado en mucho mayor número que los hombres*". Persistía un notable réxime de minifundios arredor de Villarrica (Rivarola, 2010 [1993]: 51), onde as mulleres aínda cultivaban o *petú hovy* (tabaco azul) e *petú para* (tabaco multicolor) máis que o habaneiro, o cal exportábase, namentres os paraguaios preferían as variedades nativas (Teijeiro Martínez, 1882: 51).

Agora ben, para que a empresa Brabo puidese concretar os seus proxectos, era preciso solucionar a cuestión de límites entre as dúas nacións. Por tanto, o plenipotenciario boliviano Antonio Quijarro firmou un tratado con José Segundo Decoud o 15 de outubro de 1879. Trátase do primeiro intento serio de formalizar esa fronteira. O tratado Qujarro-Decoud, en caso de ser ratificado por ambos Congresos, adxudicaría ao Paraguai 124.000km² debaixo do paralelo 22˚, aproximadamente dende a desembocadura do río Apa, o cal supoñía cederlle Bahía Negra a Bolivia. Dito territorio representaba menos da metade do actual Chaco paraguaio, e finalmente o Congreso non ratificou o tratado. En 1882 Decoud explicoulle ao axente especial boliviano

[244] AHMRREE. DACyL 18. Comunicación adxunta a un informe de Christopher James a José Segundo Decoud, 20 de xaneiro de 1885.
[245] *La Ilustración Gallega y Asturiana. Revista decenal ilustrada*. Madrid, 8 de maio de 1881, p. 14.

Eugenio Caballero que xa houbera unha mudanza na opinión pública. Agora a convicción xeral ditaba que Bahía Negra pertencía ao Paraguai (González, 2010: 58).

Ese mesmo ano, o goberno boliviano rescindiu por incumprimento os contratos que fixera con Brabo e o seu socio Gabino Monguillot, veciño de Bos Aires. Brabo protestou que era imposible cumprir con todas as condicións porque os contratos dependeran da ratificación do tratado Quijarro-Decoud. Outro obstáculo foron os problemas que xurdiron a raíz da contratación simultánea do expedicionario cruceño Miguel Suárez Arana. Segundo a versión que relata Brabo (1902: 7-9), xa en 1880 o goberno boliviano intentou coaccionalo para que lle pagase sesenta mil libras a Suárez, amais de outorgarlle 240 leguas de terras, e cando un congresista en A Paz denunciouno por supostamente negarse a cumprir coas súas obrigas, "*un grito lanzado desde la Galería de la Cámara, pronunciado con toda la fuerza de sus pulmones por mi compañero de viaje y amigo el ingeniero don Juan de Cominges diciendo: «miente ese diputado» produjo una bacarne infernal*". Este acontecemento non favoreceu a reputación de Brabo. O conflito non puido resolverse e a relación arrefriouse; en 1882 o ministro Quijarro redactou unha carta aberta tachando Brabo de imprudente, vilán e calumnioso.

Este fracaso supuxo un tremebundo golpe para a economía do pontevedrés, a súa esposa porteña e os seus fillos. Brabo (1902: 10) pasou os seguintes vinte anos "*luchando como un héroe para salvar los compromisos que la empresa me dejó*". Porén, aínda sendo *persona non grata* en Bolivia, logrou manter a súa relación cordial co goberno paraguaio. En 1884, por exemplo, José Segundo Decoud confioulle a Brabo a realización dunha intervención ante o consello de titulares de bonos da débeda nacional, sobre todo a dos préstamos londinienses de 1871-1872. O pontevedrés argumentaba que o Paraguai xa non era o cemiterio que fora en 1870, e que había motivos para vaticinarlle un forte porvir. Por tanto, aconsellaba que os acredores esperasen durante ao menos seis anos antes de esixiren o pagamento da débeda — suficiente tempo para re-negociarse a cuestión do ferrocarril entre 1886-1887[246].

A idea de revirar o comercio boliviano cara ao Prata a través do Chaco non era mala en si mesma. Hai que lembrar que Bolivia estaba a punto de perder o seu acceso ao mar durante a Guerra do Pacífico (1879-1884). Non obstante, o proxecto de Brabo estaba planificado demasiado á présa e a unha escala moi pouco realista (Kleinpenning, 2009: 156). Nunha recensión cronolóxica dos antecedentes á Guerra do Chaco, un redactor de *La Tribuna* escribiu que en 1878:

> […] *surgió en el Paraguay uno de esos hombres de aventura, promotores de negocios espectaculares, de audaz imaginación y verba brillante, que tanta influencia ejercieron en las jóvenes repúblicas de la América Latina sobre los dirigentes políticos, a menudo bien intencionados, pero faltos de experiencia y de previsión. Ese hombre se llamaba Francisco Javier Bravo.*[247]

Brabo era, efectivamente, un destes homes que chegaron a América no momento xusto, cando as novas nacións se estaban consolidando e aínda quedaba todo por facer — unha conxuntura histórica que lles permitiu a algúns inmigrantes influír na política local e rexional dunha maneira que no século XX xa sería case impensable. Esta dinámica observámola na

[246] AHMRREE. DACyL 18. Comunicación adxunta a un informe de Christopher James a José Segundo Decoud, 20 de xaneiro de 1885.
[247] *La Tribuna. Número extraordinario en homenaje a la Legión Civil Extranjera*. Asunción, 1 de xaneiro de 1935, s/p.

proximidade dalgúns galegos aos detentores do poder político durante os anos setenta e oitenta no Paraguai ou, nun plano intelectual, na propia parábola hispánica. Tal vez o que distingue Francisco Javier Brabo doutros notables da emigración española no Río da Prata, tales como Matías Alonso Criado ou Rafael Calzada (Cagiao Vila e Márquez Macías, 2016), sexa que estes tiñan un maior sentido de pragmatismo acerca de como e até que punto podían exercer a súa influencia. Case aos seus oitenta anos, Brabo (1902: 14-15) seguía confiando en que Bolivia ía renovar a súa concesión. Mostrábase consciente da importancia que tivera na diplomacia internacional de outrora, pero, fose por inxenuidade, desesperación ou por puro narcisismo, sobrevaloraba as súas posibilidades de éxito dunha forma claramente divorciadas das realidades do tempo:

> *Mi empresa producirá una grandiosa revolución comercial y un ínmenso desarrollo marítimo del Rio de la Plata y sus vias fluviales. Las 33.000 leguas de territorio de mi concesión lleno* [sic] *de riquezas valiosísimas triplicarán en corto tiempo la importancia comercial del Rio de la Plata, y darán vida á muchas otras regiones que con ella lindan, que son riquísimas y ni noción de ellas se tiene en estos países.*

A pesar disto, o certo é que as fazañas de Brabo ao longo da súa vida non deixan de ser asombrosas. Cando faleceu en Bos Aires no 1913, un xornal recordábao como "*un gallego ilustre, quizá el más ilustre de los gallegos de América,* […] *la figura de Brabo es gigantesca*"[248]. A empresa Brabo foi unha das primeiras tentativas de fomentar a produción nacional explotando as terras 'desertas' do país, pero a venda das terras fiscais a partir de 1886 e a simultánea extensión do ferrocarril representan a concreción desta idea. Os autores contemporáneos recoñecían o valor das mulleres agricultoras por seren as que resucitaran a economía durante a primeira posguerra, pero para eles, unha cousa era 'resucitar' e outra ben distinta era 'progresar'. A este respecto, Benigno Teijeiro Martínez (1882: 22) opinaba acerca do que para el era un dos principais problemas para a modernización do país: "*el agricultor paraguayo se limita a plantar una cantidad muy reducida, y cada año siembra exactamente igual al anterior. Con este sistema no es posible concebir progreso alguno*". Teijeiro aludía, en esencia, á falta dunha mentalidade capitalista no seo do campesiñado. Atopamos algo parecido na primeira memoria anual da *Matte Larangeira* que o presidente da compañía Francisco Murtinho leu en Río de Xaneiro, o 27 de maio de 1893:

> *Fué en 1878 cuando el ciudadano señor Tomás Larangeira, rompiendo con el espíritu atrasado de aquella época, caracterizado por el desánimo y la falta de iniciativa para los trabajos industriales, acometió valerosamente la explotación de aquellos yerbales* [en Concepción]*, lleno de confianza en el éxito de tan temeraria empresa.* (*El comercio paraguayo*, 1899: 138)

A crítica do doutor Murtinho contra a mentalidade pre-capitalista dos campesiños recorda a sentenza emitida neste sentido por Teijeiro. Pero, á marxe disto, non cabe dúbida de que o seu relato pecaba de certas esaxeracións, pois daquela Tomás Larangeira non era o único que vía o potencial da herba mate paraguaia. Mencionamos no apartado 4.3.1 que o médico español Félix Diez Pérez se mudou á estancia de Tacurú-pucú en 1881. Tres días despois de dar esta noticia, *La Reforma* engadiu que xa eran "*muchas las personas que se preparan en esta ciudad con objeto de acudir al trabajo de los yerbales*"[249]. Efectivamente, por eses anos encetouse a explotación da herba mate como unha industria privada e acumulativa nas terras fiscais que os primeiros capitalistas alugaban. O español Guillermo Ocariz tamén traballaba nos

[248] *El Correo de Galicia. Diario independiente de avisos y noticias*. Santiago de Compostela, 27 de outubro de 1913, p. 2.
[249] *La Reforma. Diario de la mañana, político, comercial, noticioso y literario*. Asunción, 6 de novembro de 1881, p. 2.

herbais durante estes anos, "*que en aquella época pertenecían al fisco. Allí trabajó subalternamente, siendo sus patrones los señores Juan Navarro, Nicolás Otaño y Sebastián Durán*" (Monte Domecq, 1911: 351).

Case todos os principais compradores de terras públicas nos anos oitenta e noventa estaban domiciliados no estranxeiro, nos países aliados sobre todo, e moitas veces con capitais aportados por accionistas europeos ou estadounidenses. O grupo máis favorecido dentro do Paraguai eran os altos funcionarios do goberno, e as ilegalidades cometidas por estes para apropiárense dos recursos naturais do país eran obxecto de denuncias dende o inicio, como xa vimos nunha viñeta de *El Látigo* (Figura 3). Algúns capitalistas españois estaban involucrados neste proceso, sendo a empresa do palentino Carlos Casado del Alisal a maior compradora de todas. Casado converteu as súas tres mil leguas cadradas (5.625.000 hectáreas) no Chaco Boreal nunha das rexións tanineiras máis produtivas do mundo. Os bosques de quebracho da parte máis setentrional do Chaco incorporáronse deste modo ao ciclo do tanino do Chaco Austral (actual Chaco arxentino e o norte de Santa Fe) e do Chaco Central (actual provincia de Formosa) (Dalla-Corte Caballero, 2009: 295). Ao igual que Carlos Casado, a meirande parte das empresas tanineiras estaban domiciliadas na Arxentina.

Nas zonas herbeiras da rexión oriental do río Paraguai (é dicir, non o Chaco), a *Matte Larangeira* e *La Industrial Paraguaya* son as empresas latifundistas que máis destacan. O crecemento da primeira foi meteórico; vinte anos despois de que o brasileiro Tomás Larangeira empezara a faenar os herbais concepcioneiros, a empresa posuía fábricas en Río de Xaneiro e Bos Aires, tiña catorce mil carretas e setecentos bois para tirar delas, e empregaba tres mil peóns (*El comercio paraguayo*, 1899: 140-146). Larangeira tiña, ademais, unha moi boa relación coa familia do galego Victoriano Abente y Lago e a súa esposa paraguaia María Haedo — unha amizade xurdida naturalmente entre dúas das casas máis respectables de Concepción. Un dos fillos do matrimonio, Fernando Abente Haedo, colaboraba nas tarefas produtivas da *Matte Larangei*a, e a tese doutoral do seu irmán Víctor, futuro presidente da Cámara de Deputados, deixa a seguinte dedicatoria: "*A mi padrino, el comendado Don Thomaz Larangeira en testimonio de cariño y gratitud*" (Abente Haedo, 1903: 3; Dalla-Corte Caballero, 2010: 44).

La Industrial Paraguaya era a maior compradora da rexión oriental do río Paraguai, apoderada de 1.440 leguas (2.700.000 hectáreas) de territorio: "*inmensa zona, mayor que los dos tercios de la extensión total del reino de Bélgica!*" (López Decoud, 1911: 400). Aínda que menos 'arxentina' que as outras empresas —estaba domiciliada en Asunción—, *La Industrial Paraguaya* precisaba do apoio de prestamistas e subministradores arxentinos, contraendo ano tras ano novos compromisos para a venda dunha parte da súa zafra até 1897, cando o directorio puido anunciar con satisfacción que o último compromiso deste tipo sería coa casa porteña de Mascías Rodríguez & Cía. O seu presidente, o xenovés Luis Patri, viaxou á Arxentina ese mesmo ano co propósito de afincar muíños herbeiros dependentes de *La Industrial Paraguaya* en Bos Aires e Rosario[250]. Estes datos figuraban na memoria presentada aos accionistas, un dos cales era o mesmo Bernardino Caballero, quen sabía aproveitar os procesos de cambio iniciados pola súa administración presidencial (*El comercio paraguayo*, 1899: 115-117).

Até agora non atopamos ningún accionista galego nestas empresas, o cal responde máis a unha cuestión de probabilidades, dado o número moi reducido de persoas que se beneficiaron

[250] *La Opinión*. Asunción, 24 de abril de 1897, p. 1.

do latifundio en termos absolutos, que a calquera causa de exclusión sistemática. En *La Industrial Paraguaya* si podemos citar un accionista nado en Santa Eulalia de Oscos, en Asturias, pero a escasos quilómetros da fronteira luguesa, unha zona galego-falante e mellor comunicada con Ribadeo ou A Fonsagrada que coas principais vilas da súa propia provincia. Francisco González Villamil naceu en 1843 e chegou a Paraguai como moi tarde en 1891, cando Rafael Calzada (1927: 467) o coñeceu nun banquete da colonia española. En abril ou maio de 1897, Villamil casou con Silvia Cordal Gill, filla dunha das familias da tradicional aristocracia asuncena. Cordal era a viúva de Fernando Soteras, ex ministro de Facenda (1872-1873) e de Xustiza (1873-1874) baixo Salvador Jovellanos (López Decoud, 1911: 215), e a autora dun coñecido testemuño que relata as súas experiencias como residenta durante a Guerra Guazú (Rodríguez-Alcalá, 2007). O directorio de *La Industrial Paraguaya* en 1899 estaba conformado polos seguintes cargos: Luis Patri (presidente), Juan Bautista Gaona (vicepresidente), Bernardino Caballero, Vicente Nogués, Félix de los Ríos, Rodney B. Croskey, Francisco G. Villamil (vocais), Agustín Cañete, Martín M. González, Adolfo Saguier (síndicos) (*El comercio paraguayo*, 1899: 117). Este corpo directivo representa unha mestura de empresarios estranxeiros e homes paraguaios vinculados á política. Os estranxeiros eran Patri (xenovés), Nogués (francés), Croskey (inglés) e Villamil (asturiano). A nacionalidade de Martín M. González non se especifica, pero trátase dun empregado de Juan B. Gaona na empresa vasca Gaona & Urrutia (Uribe & Cía. até 1894; Urrutia, Ugarte & Cía. dende 1903).

Agora ben, un resumo dos cargos paraguaios evidencia as conexións entre a liberalización da terra paraguaia e o enriquecemento da súa elite política. No directorio de 1899 estaban un futuro presidente da república (Gaona, 1904-1905) e o ex presidente Caballero. Agustín Cañete foi membro da *Junta de Cinco* que asumiu o poder de forma temporal trala morte de José Gaspar Rodríguez de Francia (setembro de 1840 a xaneiro de 1841), e foi ministro durante as presidencias de Uriarte, Caballero, Escobar, Marcos Morínigo (1894) e Egusquiza, namentres Saguier foi ministro baixo Gill e Uriarte, e tamén foi o vicepresidente de Cándido Bareiro (López Decoud, 1911). Pola súa parte, o tenente Félix de los Ríos figura entre os membros fundadores da ANR en 1887[251]. Ao mesmo tempo, a desposuimento dos campesiños e a súa transformación en clase asalariada produciu mudanzas sumamente violentas na sociedade rural. O 15 de agosto de 1908, Rafael Barrett publicou en *El Diario* o primeiro dos seus artigos titulados "*Lo que son los yerbales*". A súa ofensiva contra o chamado 'progreso' incluía toda unha ladaíña de acusacións escandalosas, entre elas a seguinte:

> *El Paraguay se despuebla; se le castra y se le extermina en las 7 u 8.000 leguas entregadas a la Compañía Industrial Paraguaya, a la Matte Larangeira y a los arrendatarios y propietarios del Alto Paraná. La explotación de la yerba mate descansa en la esclavitud, el tormento y el asesinato.* (Barrett, 2010: 125)

A campaña periodística de Barrett tropezaría co forte rexeitamento de Manuel Domínguez e outros intelectuais nacionalistas da Xeración do Novecentos, pero o anarquista cántabro non mentía sobre as condicións infrahumanas que moitos operarios tiñan que soportar. A fuxida de peóns era un problema perenne para as empresas herbeiras. O 26 de maio de 1899, Francisco G. Villamil remitiu unha listaxe de 198 fuxitivos ao ministro de RREE, Guillermo de los Ríos. Escribindo na súa capacidade de presidente interino de *La Industrial Paraguaya*, Villamil laiábase da "*facilidade que encuentran los peones contratados para sus explotaciones,*

[251] Enlace: https://www.anr.org.py/el-partido/acta-fundacional/ [acceso: 28 de marzo de 2021]

de traspasar la frontera del Brasil […][y] *perpetuar el verdadero despojo de que somos víctimas por ese concepto*"[252].

O auxe da industria gandeira, outro dos principais sectores agrarios, coincidiu coa instalación dos primeiros frigoríficos entre os 1890 e 1900. A gandaría era máis heteroxénea que a industria herbeira no que concirne ao tamaño das explotacións. As maiores empresas financiábanse con capital estranxeiro, especialmente anglo-arxentino (Rivarola, 2010 [1993]: 52-53), pero tamén constaban intereses españois, como os representados por *La Rural Española*, propiedade do catalán Pedro Jorba. Jorba arribou a Asunción en 1874 aos dezanove anos, chamado polo seu tío Juan Rius para traballar nos seus negocios xunto a Francisco Rivas (*El comercio paraguayo*, 1899: 10-11). A razón social Rius & Jorba S.A. foi rexistrada en 1882. O crecemento posterior de *La Rural Española* foi posible grazas ao capital obtido por Jorba como socio desta casa comercial, a máis poderosa do país (Morales Raya, 2015a: 404-405). En 1918, Chaves (1918: 225-236) fixo a seguinte observación:

> *Hace un par de años, la Rural Española, cuando se hablaba de establecimientos ganaderos, ocupaba un lugar secundario y cuando se enumeraban los primeros del país, no se la recordaba. Hoy, por la calidad de razas y por la cantidad de animales finos de pura sangre que ha importado, es, como hemos manifestado, el más valioso establecimiento ganadero del Paraguay.*

Carlos Jorba era o xerente de *La Rural Española* e as súas 24 leguas (45.000 hectáreas), organizadas nas tres estancias de Belén-cué, Caapucumí e Desaguadero, e os tres portos habilitados sobre o río Paraguai para as súas operacións na zona de Concepción. Jorba percorría este enorme latifundio nun automóbil Ford, sen dúbida un dos primeiros vehículos deste tipo no contorno (Chaves, 1918: 237). O seu principal mérito, a xuízo de Chaves, consistía no labor de cruzamento de vacas crioulas —descendentes do cadro correntino que repoboou o campo durante os anos setenta— con razas importadas. En 1904, o secretario da *Sociedad Ganadera del Paraguay*, Narciso M. Acuña, escribía que "*estoy convencido de que esos criollos del Paraguay son algo muy especial [é] aptos pa superiores*" mediante o cruzamento (Acuña, 1904: 17). Co obxectivo de conseguir tal perfeccionamento, Jorba importou unha manda de animais da raza Polled Angus dende Entre Ríos. Este experimento de cruzamento representaba unha inversión cuantiosa e un alto nivel de risco que só unha empresa grande como *La Rural Española* podería asumir. Segundo Chaves (1918: 239):

> *Hace apenas unos meses vimos desembarcar en Remanso Castillo el plantel más grande de animales finos que haya llegado del exterior al Paraguay; ese plantel se componía de más de trescientas piezas de Polled Angus de pura sangre y más de doce toros de pedigree. El importe del block de esta hacienda, con los gastos de transporte, cuidados que han requerido para llegar en perfecto estado, como se encuentran ahora en la Rural Española, calculamos en cien mil pesos oro, que no es una suma despreciable, cuando se trata de ensayos de esta naturaleza.* […] *¡Qué espectáculo consolador se ofrecía a la vista al admirar la importación de esos animales de raza, que constituye la importación de nueva vida, más vigorosa, más robusta, que, al correr de muy pocos años ha de transformar nuestra industria madre, nuestra riqueza ganadera, la única verdadera y positiva en el Paraguay!*

[252] AHMRREE. DACyL 54. Carta de Francisco G. Villamil a Guillermo de los Ríos, 26 de maio de 1899.

Guillermo Ocariz foi outro estanceiro español digno de mención. Despois de ter traballado nos herbais, formou unha sociedade de compravenda de gando e cabalos co seu antigo patrón, o oriental Nicolás Otaño. Cinco anos despois, xa en posesión dun bo capital, Ocariz puido mercar a súa propia estancia, Recalde-cué, á que engadiría a estancia Loma. Á altura de 1911 estas dúas propiedades reunían un total de oito mil vacas (soamente seis propietarios na zona de Concepción contaban con máis animais). De acordo con Monte Domecq (1911: 351):

> *Como hacendado competente su preocupación constante ha sido la mestización, comprendiendo que en ello está el porvenir de la ganadería, porque evita la degeneración progresiva de la raza criolla, muy estimable por su cuero, pero de ínfimo peso, de carne escasa y poca grasitud, que la hace inapropiada para la explotación moderna en frigoríficos y sólo sirve para su transformación en tasajo ó en carne salada, ó para la fabricación de extracto de carne.*

Os fillos de Guillermo Ocariz, Gaspar, Sixto e Agustín, tamén se dedicaban á gandaría, e a súa filla, Teresa Ocariz, estaba casa con outro gandeiro español: o rioxano José Bañuelos. Bañuelos colaboraba cos seus cuñados na compravenda de animais, pero non temos constancia de cantos tiña nin a superficie da súa propiedade[253]. Atopamos dous grandes gandeiros galegos, irmáns, que tiñan as súas estancias no norte paraguaio. No censo de gandaría de Concepción de 1926, Victoriano e Victorino Abente y Lago aparecen como os donos respectivos das estancias de Santa Inés de la Sierra y Garay-cué, no partido de Concepción. A primeira medía unhas 26.250 hectáreas con 6.530 cabezas de gando, mentres que Garay-cué medía 12.656 hectáreas e tiña 2.634 animais. Victorino Abente non sería quen atendía as súas terras en persoa porque xamais viviu en Concepción. A Táboa 19 resume a distribución dos establecementos declarados por hectáreas no partido de Concepción, un dos dez partidos da zona de Concepción (actuais departamentos de Concepción, Amambay e o norte de San Pedro).

Táboa 19. Establecementos declarados por hectáreas en Concepción (1926)

Establecementos declarados por hectáreas	Partido de Concepción	**Zona de Concepción**
1-50	3	10
51-250	-	14
251-500	1	6
501-1.000	3	9
1.001-2.000	5	33
2.001-5.000	8	23
5.001-10.000	16	29
10.001-20.000	12	24
>20.000	16	27
Total	64	**185**

Fonte: elaboración propia a partir de CCCC. Censo de gandaría na zona de Concepción, 1926

Unha ducia dos 64 establecementos no partido (18,75%) e 24 dos 185 establecementos na zona de Concepción (12,79%) declaraban unha superficie de 10.001-20.000 hectáreas. Para os establecementos de máis de vinte mil hectáreas, as cifras son de 16/64 (25%) e 27/185 (14,59%). Por iso, as propiedades dos Abente, sobre todo a de Victoriano, contábanse entre as maiores de Concepción pero sen seren excepcionais no seu partido, onde só vinte dos 64 establecementos (31,25%) medían cinco mil hectáreas ou menos (suponse que habería bastantes

[253] CCCC. Telegramas de Sixto Ocariz a José Bañuelos, 12 e 18 de maio de 1927.

pequenas explotacións que non se declararon). Por outra banda, en toda a zona de Concepción, as estancias de cinco mil hectáreas ou menos eran máis numerosas: 95 das 185 declaradas (51,35%). Isto apunta a diferenzas na división da propiedade e na intensidade de pastoreo nos distintos partidos, tal como se observa na Táboa 20.

Táboa 20. Superficie e cabezas de gando declaradas nos partidos de Concepción (1926)			
Partido	Superficie declarada (hectáreas)	Cabezas de gando declaradas	Cabezas de gando/hectárea
Concepción	1.090.572	362.774	0,33
Villa de San Pedro	293.531	46.804	0,16
Bella Vista	212.982	61.789	0,29
Pedro Juan Caballero	183.375	2.544	0,01
Horqueta	121.678	9.340	0,08
Lima	58.916	7.409	0,13
Capitán Bado	35,625	2.583	0,07
Loreto	34.726	10.813	0,31
Tacuatí	8.801	1.616	0,18
Belén	2.792	865	0,31
Total	2.042.998	506.537	0,25
Fonte: elaboración propia a partir de CCCC. Censo de gandaría na zona de Concepción, 1926			

A tenor dos datos expostos, Concepción era o principal partido gandeiro da zona. Representaba o 53,38% da superficie declarada para a gandaría, o 71,62% dos animais rexistrados, e tiña a maior intensidade de pastoreo: 0,33 cabezas de gando por hectárea. Isto débese en parte á orientación da colonización agrícola —dende a cidade de Concepción cara a Pedro Juan Caballero e Capitán Bado no leste— e en parte á relativa preponderancia das explotacións herbeiras ou madeireiras nos distintos partidos. Os latifundios de *La Industrial Paraguaya*, por exemplo, estaban concentrados no oriente, o cal explica a pouca superficie destinada á gandaría no partido de Capitán Bado (López Decoud, 1911: XI).

Un ano despois do citado censo, Victoriano Abente foi admitido como socio da *Sociedad Rural del Paraguay*. Esta asociación mutualista re-fundouse en agosto de 1927 tras un longo período de inactividade. A primeira encarnación da *Sociedad Rural* constituíuse en 1885, e a segunda en 1902, en ambas ocasións baixo a presidencia do paraguaio Cirilo Solalinde. Detectamos unha presenza española relevante entre os seus cargos directivos en 1927. Por exemplo, o secretario era o barcelonés Carlos Bordas, e o terratenente coruñés Francisco Alló García asistiu á convocatoria en calidade de socio. Tamén se aceptaron como novos socios os fillos dalgúns membros destacados da colonia española, como Gerónimo Angulo ou Gerónimo Zubizarreta, cuxo pai Ramón participara na primeira *Sociedad Rural* (Llano, 2003: 105, 142, 144-146). Como sabemos, os apelidos Abente, Angulo e Zubizarreta estaban vinculados ás profesións liberais ou ao comercio dende había moito tempo, pero non tanto á tenencia da terra. Francisco Alló García aparece como terratenente por primeira vez en 1909, cando xa tiña 45 anos. Na súa quenda, Carlos Bordas era estudante cando se asociou á SESMAP aos dezanove anos en 1907, xunto á súa irmá Ángela, seguramente chamados por algún parente.

A falta de inmigrantes novos que figuran como propietarios neste ámbito suxire que a inversión na gandaría ou outros sectores agrícolas podía ser unha actividade común —nun sentido moi relativo— entre as familias dos inmigrantes con máis éxito económico, como unha forma de consolidárense posteriormente ao exercicio doutra ocupación. A listaxe de socios do *Centre Català* en 1924 apoia esta hipótese. Trátase dunha asociación con fins lúdico-culturais,

cuxos membros non serían os membros máis humildes da súa colectividade. Neste senso, cinco dos seus 51 socios cataláns ou españois en 1924 vivían de rendas, e dous eran corredores de bolsa (outro sector que requiría capital para inverter e que non dependía directamente do valor da produción). Estes sete inmigrantes representan o 9,8% do total dos socios cataláns ou españois: unha pequena elite do diñeiro, minoritaria, pero non irrelevante (Morales Raya, 2015a: 585-589).

Ademais, topamos algúns galegos que mercaron terras a unha escala máis modesta. Serafín Rivas Rodríguez adquiriu unhas parcelas en 1888, o ano da súa chegada ao país, para experimentar co cultivo do café (Cagiao Vila e Márquez Macías, 2016: 67). Rivas realizou observacións científicas durante máis dun ano na súa estancia "Compostela", localizada no val Salado cerca de Altos (Cordillera), suficientemente preto a Asunción como para atendela mentres exercía como médico até o seu regreso a Uruguai en 1897. A imprenta "El Paraguayo" publicou a súa *Contribución al estudio del clima del Paraguay* en 1890. Segundo o científico pontevedrés, había persoas no exterior que dicían que o Paraguai era "*otro infierno de Dante*" polo seu clima — un xuízo que podería danar a imaxe do país como destino migratorio (Rivas Rodríguez, 1890: 6). Tomando este enunciado como hipótese, Rivas pretendía verificar a realidade climática do país. Ademais, semella un dos factores que o motivaban era o seu encontro coa pobreza rural. O autor comparaba os asuncenos e guaireños, "*descendientes de los valerosos españoles de la conquista*", con:

> […] *ese otro grupo pálido con tinte amarillo, anémico hasta los huesos, casi desnudo, descalzo, con un hogar primitivo, sin otro alimento que maiz, maní, porotos, naranjas y, sobre todo, mandioca, muy poca sal, escasez excesiva de carnes, y en una parte del año escasez de todo, debilidad, pereza y poco discernimiento para distinguir el ayer y hoy del mañana y dígaseme con franqueza, si tal estado es el fruto del clima, ó producto legítimo de los albores de la civilizacion!!! Me era indispensable establecer esta diferencia para poderse comprender mejor hasta donde alcanza la modificacion que imprimen los medios reservados al clima sobre los grupos humanos.* (Rivas Rodríguez, 1890: 30)

Ao cabo da investigación, Rivas concluíu que o Paraguai non era outro inferno de Dante, a pesar dun exceso de víboras, pero había que traballar arreo como en calquera parte para aproveitar os seus recursos. Móstrase algo molesto ante a visión de América como unha terra de diñeiro fácil que tiñan moitos dos seus compatriotas galegos, "*¿ó creen que la tierra no precisa el pan cotidiano como el hombre?*" (Rivas Rodríguez, 1890: 9). Respecto do arriba citado parágrafo, as conclusións de Rivas podían telo levado a reflexionar criticamente acerca das causas reais da pobreza rural no Paraguai, como máis tarde faría Rafael Barrett, pero se tal foi o caso, tales reflexións non ficarían plasmadas nun texto científico desta índole. O estudo de Rivas constituía un aporte significativo ás pesquisas empíricas no Paraguai, cuxa produción atopábase nun estado raquítico. En xeral, o lector que se interesaba polas ciencias non tiña á súa disposición máis que algún texto aparecido na revista *La Ilustración Paraguaya* de Hermógenes Romero, como por exemplo as notas de bromatoloxía que Manuel Fernández Sánchez publicou en decembro de 1888[254].

Volvendo á cuestión da terra, algúns españois exercían cargos administrativos nas estancias das empresas agro-exportadoras, como o xa mencionado Andrés Luces, xerente

[254] *La Ilustración Paraguaya. Ciencias, literatura, bellas artes é intereses generales*. Asunción, 15 de decembro de 1888, p. 115-116.

dunhas propiedades da *Matte Larangeira*. Outro exemplo é o maior dos irmáns Juan Cástulo e Manuel Yáñez que embarcaron no porto de A Coruña en outubro de 1906. Nese momento o ex mariño Juan Cástulo tiña 27 anos e o agricultor Manuel tiña dezaseis, de acordo co buscador de inmigrantes do CEMLA. Juan Cástulo mudouse a Carmen del Paraná despois de vivir unha tempada en Bos Aires. Segundo a súa neta, o galego traballaba en Itapúa entre os pioneiros da industria arroceira[255]. Un posible lugar de emprego sería a estancia de Benigno Ledezma, o primeiro produtor de arroz na zona, quen expandiu os seus negocios coa chegada do alemán Germán Wilbe dende Río Grande do Sur en 1916 (Zub Kurylowicz, 2002: 122). Por motivos que os seus descendentes descoñecen, Juan Cástulo Yáñez terminou abandonando a súa muller e fillos en Carmen del Paraná para trasladarse a Naranjaty, cerca de Horqueta (Concepción), onde casaría coa paraguaia Isidora Acosta. Yáñez logrou acceder ao cargo de xuíz de paz tras varios anos nesa localidade, no corazón das cincocentas hectáreas que conformaban a estancia "La Germania", propiedade dos alemáns Adolfo Pankow e Guillermo Ostenwald, cuxo "*personal forma una colonia en ese lugar, compuesta de nacionales y extranjeros*" (López Decoud, 1911: CXXXI).

Finalmente, constan un par de exemplos de galegos que se converteron en pequenos agricultores. Aínda sendo anecdóticos, exemplos como estes serven para demostrar que as xeneralizacións necesarias nas ciencias sociais sempre ocultan as excepcións e os casos marxinais que, ao fin e ao cabo, tamén forman parte da riqueza das sociedades humanas. José Cousiño é un destes exemplos. Cousiño moraba en Caacupé (Cordillera) cando gañou cincuenta mil pesos nun sorteo de *El Diario* en 1931. O galego depositou este diñeiro na caixa de aforros do *Banco Germánico*, cuxa presenza en Caacupé reflicte a importancia dos alemáns como a nacionalidade máis representada entre os agricultores estranxeiros no Paraguai[256]. O outro foi Francisco Saturnino Martínez, oriúndo de Viveiro (Lugo). Martínez residía no fogar de anciáns da SESMAP ao cumprir cen anos en marzo de 1947. O presidente Juan Gastón Navarro, nacido en Huesca entre 1898-1899 e residente no Paraguai dende 1913 (SESMAP 191), organizou un xantar para homenaxealo. Avelino Rodríguez Elías aproveitou a ocasión para entrevistarse co galego centenario "*en la dulce lengua de Rosalía Castro y de los trovadores del siglo XIII*". A traxectoria de Martínez como migrante resulta atípica pois traballou uns anos en Lisboa, logo pasou ao Brasil e de aí a Bolivia, onde comezou a gañar cartos como fotógrafo ambulante, "*de esos que en España llaman ñ m i n u t*". Finalmente, Martínez viaxou ao Paraguai, onde mercou unhas terras para dedicarse á agricultura, e "*al campo sigue aferrado, haciendo lo que b u e n a m e n t e p u e d e e n l a h u e r t a d e l ñ H o g a r E s a dejar el rancho donde vivía*"[257].

[255] Testemuño de Mirta Yáñez López, xaneiro de 2018.
[256] AHMRREE. DACyL 53. Recorte do *Faro de Vigo* que acompaña un informe de Avelino Rodríguez Elías a Ernesto Egusquiza, 15 de decembro de 1931.
[257] *La Noche. Único diario de la tarde en Galicia*. Santiago de Compostela, 12 de marzo de 1948, p. 4.

5.3. Comercio étnico, publicidade e a cadea migratoria Balteiro-Sanjurjo (1870-1911)

Algunhas facetas do comercio galego no Paraguai xa se trataron noutros apartados. Aquí volvemos mergullar no que foi o principal eido laboral dos inmigrantes considerando uns casos ilustrativos. A listaxe de residentes españois que firmaron a protesta contra Amadeo I en xaneiro de 1871 inclúe os nomes dalgúns comerciantes que forxarían respectables fortunas durante as décadas da posguerra. Un destes é o ponteareán Ricardo Faraldo, propietario da tenda "El Globo" na praza do Mercado Central até que Pablo Gecerf adquiriu o negocio en novembro de 1870. Faraldo viviu en primeira persoa o ambiente tumultuario da Asunción ocupada: en decembro impuxéronlle unha multa de cinco pesos por pelexar, logo outra de cincuenta pesos en xaneiro por inferir feridas nunha liorta[258]. José María Balteiro Santiago foi outro dos asinantes da protesta. Balteiro naceu na vila coruñesa de Santa Marta de Ortigueira e chegou a Asunción en 1870, onde fixo sociedade co empresario español Eusebio Echeguren Anchía, outro membro fundador da SESMAP, e residente como el no barrio de Catedral (expediente 548). A empresa Balteiro & Echeguren era típica neste sentido. Para maior seguridade, dous inmigrantes dunha mesma nacionalidade podían xuntar o seu capital —líquido, físico e humano— para asumir gastos e sortear os vaivéns do mercado con máis axilidade. A *Pinturería Catalana* e "*casa introductora de todo ramo*" de Emilio Prats e Miguel Montagut (este tamén firmou o manifesto da colonia española en 1871) é outro exemplo que data da mesma época[259].

De acordo cun aviso en *La Reforma* no ano 1880, Balteiro & Echeguren importaban viños e exportaban tabacos. No seu local sobre a rúa Estrella 39, ofrecíanse "*ricos vinos especiales como ser vino canario en barrilitos, vino de Lisboa, Oporto en cajones, id Jerez y de Lagrima en barriles quedando un surtido de vinos comunes y otros artículos de almacen y tienda*"[260]. Estes produtos entraban no circuíto do denominado «comercio étnico». Os inmigrantes importaban bens dos seus países de orixe para comercializalos entre os seus compatriotas, os cales estaban acostumados a unha dieta distinta á paraguaia. A neta de Juan Cástulo Yáñez relata que, na década de 1910 ou 1920, cando este comía a leituga da súa horta, os veciños da aldea de Naranjaty ríanse del por consumir algo que para eles era comida de coellos[261]. Noutro caso, nunha das *Epístolas* que Victorino Abente y Lago (1984: 386) destinou a Alejandro Guanes en 1924, o muxián esténdelle unha invitación ao poeta paraguaio para "*conversar largo y tendido*" na súa casa en Areguá, onde:

> […]
> *Comerás un arroz con calamares,*
> *Un pisto a la española, y una sopa*
> *Como se estila en los gallegos lares;*
> […]

Os produtos do comercio étnico podían popularizarse entre os clientes nativos. Un exemplo son os fideos, orixinalmente unha importación italiana, pero absorbidos pola gastronomía paraguaia durante este período (Zalazar, 2005: 76). Por tanto, unha rumbosa selección de produtos estranxeiros podía ser o miolo da publicidade dunha casa importadora.

[258] *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 3 de novembro de 1870, p. 2; 8 de novembro de 1870, p. 3; 17 de novembro de 1870, p. 3; 4 de xaneiro de 1871, p. 2; 27 de xaneiro de 1871, p. 3; 29 de xaneiro de 1871, p. 3.
[259] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 30 de novembro de 1881, p. 4.
[260] *La Reforma. Diario de la mañana, político, comercial, noticioso y literario*. Asunción, 10 de novembro de 1880, p. 4. [O aviso, titulado "*A los acopiadores de tabacos en campaña*", repítese noutros números.]
[261] Testemuño de Mirta Yáñez López, xaneiro de 2018.

Prats e Montagut presumían das súas olivas sevillanas, viños e coñacs franceses ou "*el rico chocolate gallego LA FLOR*" —confeccionado nunha fábrica coruñesa que xa nos anos 1860 mandaba "*grandes remesas para América*"[262]—; os cataláns Rius e Rivas anunciaban a recepción dunha gran cantidade de alpargatas valencianas; e José María Balteiro xactábase das "*facturas que remite nuestro socio Sr. Echeguren, que se halla en las plazas de Buenos Aires y Montevideo*"[263].

Por outro carón, o tabaco era a principal exportación da primeira posguerra, cun valor anual de 375.000 pesos fortes por dereitos de alfándega a encomezos dos anos oitenta (Teijeiro Martínez 1882: 22). Os ingresos estaban moi diminuídos en comparación cos anos anteriores á Tripla Alianza, pero a produción estaba recuperándose. Sementáranse 260.000 liños de tabaco no 1879, e esta cifra aumentaría até os 912.854 liños no 1886, malia que o peso relativo do comercio do tabaco diminuíu nos anos noventa ante o auxe da industria herbeira (López Decoud, 1911: 94). Os métodos tradicionais de cultivo tabaqueiro precisaban de certas innovacións para adecuar o produto aos mercados internacionais. Balteiro & Echeguren pedían "*encarecidamente á los agricultores enmanillen el tabaco reportando esta condicion diez centavos mas por arroba del precio corriente de plaza á que se venda el atado con* [corteza de] *ibira y facilitando la venta para varios mercados que solo en esa condicion lo aprecian*"[264]. A pesar destes inconvenientes, o seu tabaco chegaba incluso ás prazas europeas. Por exemplo, en marzo de 1880 J.M. Green, o cónsul-xeral do Paraguai en Holanda, expresou o seu optimismo acerca das posibilidades de colocar unha partida de tabaco paraguaio. Desembarcaran uns 2.633 fardos de tabaco no porto de Bremen, e Green esperaba que unha porción se distribuíse no mercado holandés. Dos 2.633 fardos, Balteiro & Echeguren enviaran 239[265].

Non obstante, a finais de 1881 os socios liquidaron todas as existencias. En novembro, as dúas grandes casas de remates da capital rivalizaban nas seccións de publicidade. O día 21, ás tres das tarde, celebraríase o remate anual de Juan O'Leary (arxentino, pai do escritor novecentista) cun "*Espléndido obsequio á la concurrencia*" e "*Cerveza imperial á discreción*". O mesmo día e á mesma hora, nun aviso inmediatamente debaixo do outro, anunciábase o "*Grandioso, importante y sin rival remate*" de Augusto Bastos: "*prepárense los comerciantes para esa fecha, pues va á ser un remate NON PLUS ULTRA*". Así, os dous empresarios coordinaban para crear anticipación ante a chegada dun gran sorteado de artigos de tenda, mercería, almacén, xastrería, zapatería, ferraxaría e moblería que estaban a punto de chegar dende Bos Aires.

Non hai maneira de saber cantos clientes acudiron aos remates, pero esas estratexias agresivas de márketing, coas súas promesas de facilitar o pagamento a "*LARGOS PLAZOS LARGOS PLAZOS LARGOS PLAZOS*", eran novidosas. Tal linguaxe non se lera nos xornais da época de López, propios dunha sociedade pre-liberal, e incluso a principios dos anos setenta a publicidade aínda fora menos sofisticada. A puxa de O'Leary organizábase no local de Uribe & Cía. en combinación con Jorge Casaccia, mentres que Bastos tiña un acordo co comerciante italiano Marcos Quaranta. Agora ben, dous días antes dese evento principal, Bastos tamén programou o remate por liquidación de Balteiro & Echeguren. Pendente da chegada dos seus últimos pedidos de tenda, almacén, ferraxaría, mercería e louza no vapores "Taragüí",

[262] *El Alerta. Periódico de intereses materiales y morales*. Pontevedra, 26 de marzo de 1865, p. 4.
[263] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 30 de novembro de 1881, pp. 3-4.
[264] *La Reforma. Diario de la mañana, político, comercial, noticioso y literario*. Asunción, 10 de novembro de 1880, p. 4.
[265] AHMRREE. DACyL 16. Informe de J.M. Green, cónsul-xeral do Paraguai en Ámsterdam, 26 de marzo de 1880.

"Guaraní" e "Río Blanco", Bastos advertiu que "*no es remate de especulacion y sí para completa liquidacion*", e "*Á mas basta la importancia de la casa que remata para que se recomienda por si mismo este remate*"[266].

Produciuse outra mudanza na vida de José María Balteiro en novembro de 1881. O día 3, o Arcebispado de Asunción recoñeceu o seu status de solteiro e concedeulle a licencia para contraer matrimonio coa paraguaia Benefrida Martínez (expediente 791). Foron testemuñas os galegos José Pérez e Valentín Barreiro Seijo, este último oriúndo de Cangas (Pontevedra) e residente en Asunción até o seu falecemento en 1911[267]. A voda celebrouse o día 5, un sábado, e *La Democracia* rezaba que a "*luna de miel empieza á sonreir á los nuevos y dichosos cónyuges*"[268]. Se o novo matrimonio fixo viaxe, un posible destino era o Hotel Abelenda en Paraguarí. Soamente unha semana despois da voda Balteiro-Martínez, o ortigueirés e o seu compatriota Joaquín Briones testemuñaron a acta de solteiría de Federico Abelenda Berdas, español domiciliado naquela vila (expediente 780). O Hotel Abelenda era propiedade dun irmán ou primo de Federico, Francisco Abelenda. Outro parente, Juan Abelenda, rexentaba un local de café e billares. Este podía ser un dos clientes de Balteiro & Echeguren, pois ofrecía unha ampla selección de viños e licores, incluídos os viños do Porto e Xerez que eses comerciantes vendían. O café tamén comercializaba diversas conservas, entre elas "*Calamares, Gibias, besugo, Aviñeiras, Zambarilles, Gibiones, Megillones, Merluza, Morrones, Moscardini, atun, Congrio*"[269]. Resulta tentador atribuírlle unha orixe galega a esta cadea migratoria a base dese menú de pescados e mariscos, polo uso do vocábulo 'aviñeira' (vieira), e pola relación da familia con José María Balteiro. Ademais, daquela o apelido Abelenda estaba asociado con certas localidades da provincia de A Coruña como Santa María de Oza, onde dous homes chamados José e Francisco Abelenda figuran como depositarios do concello en 1882, ou Santa Comba, onde atopamos outro Francisco Abelenda reclamado como prófugo a finais do mesmo ano[270].

Paraguarí era e segue sendo unha importante encrucillada. O tráfico por terra entre Asunción, Villarrica, Caazapá e as Misiones cruzaba a vila, así como o ferrocarril. Para atraer a clientela, os Abelenda incorporaban debuxos, humor e poesía á súa publicidade; os seus anuncios destacan como os exemplares máis creativos da nova arte publicitaria que Juan O'Leary e Augusto Bastos tamén sabían aproveitar. O Hotel Abelenda non só hospedaba viaxeiros, senón que era o depósito de xabón da fábrica de Itapé, un almacén de útiles para viandantes "*como ser recados completos, lazos, mancadores, gergas, mancas, rebenques, bosales, cintos para plata, cinchas de piola, cabos de españa* (?), *alforjas, ropa hecha, bebidas esquisitas*". Alén digo, o hotel albergaba a axencia da *Mensajería Argentina* que facía a carreira a cabalo entre Asunción e Villarrica unha vez á semana. Neste senso, o hotel era un nexo nunha rede de infraestruturas nacionais que seguía sendo bastante precaria. Finalmente, Francisco Abelenda tamén tiña propiedades agrarias. En 1881, o dono desexaba vender o hotel "*por tener que retirarse al campo para atender más de cerca sus intereses rurales y pasar una vida más tranquila y conveniente á los años que pesan sobre sus costillas*"[271]. Á parte de cumprir múltiples funcións na economía local, vemos que estes inmigrantes estaban integrados na elite

[266] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 30 de novembro de 1881, p. 2.
[267] *El Correo de Galicia. Diario independiente de avisos y noticias*. Santiago de Compostela, 15 de abril de 1911, p. 2.
[268] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 6 de novembro de 1881, p. 2.
[269] *La Reforma. Diario de la mañana, político, comercial, noticioso y literario*. Asunción, 29 de novembro de 1881, p. 4. [O anuncio repítese noutros números.]
[270] *Boletín Oficial de la Provincia de La Coruña*. A Coruña, 19 de xaneiro de 1882, p. 5; 23 de novembro de 1882, p. 2.
[271] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 6 de novembro de 1881, p. 3. [O anuncio repítese noutros números.]

económica de Paraguarí pola situación física dos seus negocios. Chegado a principios dos anos setenta, Francisco Abelenda construíu o seu hotel preto da vía férrea: "*Llegando á la estacion de Paraguarí / El pasajero que se vaya ó se venga, / Encontrará en frente de la «nariz»: / Un letrero que dice: HOTEL ABELENDA*". Entrementres Francisco xa se sentía vello en 1881, o café e billar de Juan Abelenda era un "*nuevo establecimiento*" situado na praza da vila, onde as familias máis ricas tiñan as súas casas[272].

Agora ben, a razón social Balteiro & Echeguren existía polo menos até xaneiro de 1884, cando figura nun rexistro de alfándega[273]. O ortigueirés, "*uno de los comerciantes más acaudalados de su época*", xubilouse ou faleceu antes de 1899 (non aparece no catálogo de *El comercio paraguayo*). O seu fillo José Manuel foi empregado do *Banco Mercantil del Paraguay* (fundado 1892) durante un tempo, antes de asociarse con Ciriaco González para crearen a razón social González & Balteiro nalgún momento entre 1905 e 1910. Nesta casa de comercio, Balteiro proseguía un labor profesional moi parecido ao oficio aprendido do seu pai. Cun capital inicial de 250.000 pesos —así o mozo invertía unha parte da súa herdanza— González & Balteiro introducían mercadorías dende Alemaña, Arxentina, España, Francia, Inglaterra, Italia, Portugal, Suíza e Uruguai (Monte Domecq, 1911: 252).

Nas fotografías reproducidas na Figura 13, apréciase que a fachada de González & Balteiro era sinxela en comparación con algúns dos edificios máis espléndidos da época, pero a localización destes espazosos almacéns eran inmellorable. O local atopábase na rúa Estrella esquina 25 de Noviembre, "*frente al nuevo Mercado Central y en el barrio más comercial de la ciudad*", diante do icónico Oratorio da Virxe da Asunción (1863), danado durante a Guerra Guazú e aínda inconcluso ("*¡Cuán triste en las ruinas y humillado / Reposa tu pasado!* […] *La bóveda del triste santuario, / Desnudo y solitario*" dicía Abente y Lago (1984: 26-27) ao contemplalo en 1895). Nótase, ademais, que a visita do fotógrafo foi todo un evento para os traballadores da empresa e as súas familias, os cales enchen todas as imaxes. A diferenza das escenas de orde e refinamento cuasi-aristocráticos que mostran as fotos de Ferreiro & Brisco (Figura 12), González & Balteiro exhibe un cariz máis popular: homes traxados xuntos a operarios e nenos descalzos; os que pousan enriba dos carros e o traballador que se deixou fotografar cun bidón na man evocan certo ambiente de mercado en ebulición.

[272] *La Reforma. Diario de la mañana, político, comercial, noticioso y literario*. Asunción, 29 de novembro de 1881, p. 4. [Os anuncios repítense noutros números.]
[273] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 25 de xaneiro de 1884, p. 2.



Figura 13. Os almacéns de González & Balteiro. (Monte Domecq, 1911: 252.)

González & Balteiro é un exemplo típico do modelo de negocios das grandes e medianas casas introdutoras. Por exemplo, outra empresa que amosa uns riscos parecidos é a de Félix Blanco, español, establecida inicialmente polo galego Francisco Esmeriz no 1888. *El comercio paraguayo* (1899: 181-183) descríbea así: importación de artigos de tenda, almacén e tecidos; exportación de froitos do país; surtidores en Bos Aires e Montevideo; un edificio "*moderno y* [que] *no carece de comodidad*", consistinte nun gran salón-rexistro (8x30 varas), un depósito anexo (6x20) e outro de fronte (10x20), amais dun escritorio, patio e pezas auxiliares; $150.000 de *stock* pero cun movemento de caixa moi fluído ($257,604.53 no primeiro cuadrimestre de 1899); o propietario atendía en persoa e dirixía un empregado principal para as vendas, un contable, un despachante de alfándega, e dous empregados máis.

O pai de José Manuel Balteiro tamén foi o iniciador dunha cadea migratoria. Nacido en 1873, Antonio Sanjurjo Balteiro arribou ao Paraguai en 1896 como moi tarde (Cagiao Vila e Dalla-Corte Caballero, 2016: 179). Pola mesma época, rexístrase a primeira referencia a outro elo na cadea, Domingo Sanjurjo. Nun aviso firmado en febreiro de 1896, Domingo figura como o secretario da SESMAP xunto ao presidente da asociación, o médico galego Manuel Fernández Sánchez[274]. En 1904, o serradoiro a vapor de D. Sanjurjo & Cía. aparece domiciliado no Arsenal-cué (antigo arsenal), á beira do Mercado Central e a curta distancia da casa de Domingo na rúa Palma 223. É posible que 1904 sexa o ano da morte ou da xubilación do ortigueirés

[274] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 4 de febreiro de 1896, p. 2.

porque a estas alturas D. Sanjurjo & Cía. estaba en liquidación (Beraud, 1904: 163, 223). Ademais, en abril de 1904 a municipalidade de Areguá cedeulle un terreo á esposa de Domingo Sanjurjo, Aurelia Montero, destinado á edificación dunha casa[275]. Sanjurjo tamén era accionista da *Sociedad Exportadora del Paraguay S.A.*, unha unión de forzas dalgúns dos principais comerciantes do país: [Sebastán] Brun & Cía. (cataláns), *J*[orge] *Casaccia e Hijo*, *Á*[ngel] *Crosa e Hijo*, Crovato & Rodi (italianos), Gómez & Cía. (orixe incerta), Pablo Meilicke, F[ederico] Krauch & Cía. (alemáns), [Victorino] Nunes & Balmelli (portugués e italiano), Urrutia, Ugarte & Cía. (vascos) e *Canela Hnos.* (Jaime e Juan, españois) (*Almanaque Nacional*, 1903: 194).

Esta listaxe de accionistas é unha demostración nidia do dominio case absoluto que os empresarios estranxeiros gozaban sobre o alto comercio nesta etapa. Tal dominio ía acentuarse nos anos subseguintes grazas á instauración no goberno do Partido Liberal. A afluencia de capital foráneo era sinalada con beneplácito pola prensa asuncena, pero a crecente presenza de administradores e persoal cualificado estranxeiro "*parece haber intensificado por esos mismos años formas preexistentes de xenofobia popular*" (Rivarola, 2010 [1993]: 116). Trinta anos despois, o ministro español Ontiveros referíase á "*gran inquietud*" estendida entre os seus colegas europeos ante "*ciertos extremos antiextranjeros*" xurdidos no contexto da revolución febrerista, como a reivindicación dun "*Paraguay para los paraguayos*" (Casal, 2014: 369). A principios do século XX, o poder económico concentrábase cada vez máis nas mans dun número reducido de 'cárteis' parcial ou case totalmente estranxeiros como a *Sociedad Exportadora del Paraguay*, o *Banco de la República* (presidido por Pedro Jorba), as casas importadoras e exportadoras de Censi & Pirotta, Angulo & Cía. etc. ou o xigante norteamericano Sindicato Farquhar. Ademais, trátase dun intre en que a usura e a especulación eran unha fonte de ingresos máis rendible que a propia produción manufactureira. As taxas de interese roldaban o 36% anual e os exportadores podían aproveitar o constante devalo do peso papel para pagar a man de obra e os produtos locais en moeda paraguaia, vendendo as súas manufacturas no exterior asíndose ao patrón ouro (Rivarola, 2010 [1993]: 117). Por todo isto, enténdese que a xenofobia que Ontiveros e outros reprobarían durante a Gran Depresión como unha forma de nativismo irracional tiña unha base máis sólida do que pensaban.

Dende logo, sería unha inxustiza tachar todos estes comerciantes de usureiros e especuladores. Un serradoiro como o de D. Sanjurjo & Cía. producía materiais imprescindibles para a economía local. O serradoiro a vapor doutro dos accionistas da *Sociedad Exportadora*, Pablo Meilicke, xeraba emprego para oitenta operarios e doce empregados producindo coiros para vender ás zapaterías e talabartarías da capital, entre 1.500 e dous mil calzados ao mes, baúis, valixas, sombreireiras e outros artigos de viaxe (López Decoud, 1911: LXVI). Outro exemplo destacable é o serradoiro a vapor, taller mecánico, ferraxaría e carpintaría que o catalán Nicolás Fornells abriu en Concepción en 1892. Báez (1915: 353) fai fincapé na impresionante escala destes talleres que ocupaban unha cuadra enteira. Alí traballaban "*de 80 a 100 operarios ocupados en la construcción de carros, carretas, alza-primas, coches, vaporcitos y lanchas, y todo trabajo de mecánica y herrería*". A grande maioría destes operarios eran paraguaios, parte do ex campesiñado que se proletarizou cando o latifundio envolvía as terras do Estado. As empresas medianas como estes serradoiros axudaban a absorber toda esa man de obra 'liberada' — e dada a súa localización céntrica nun edificio tan eminente como o Arsenal-cué, podemos

[275] SECDT-Areguá. Actas, anos 1889-1925. Listaxe de cesións de terreos, 1904.

inferir que o taller de Domingo Sanjurjo exhibiría características parecidas aos de Meilicke e Fornells.

Dispoñemos de máis datos acerca de Pérez & Sanjurjo, a casa introdutora que chegou a ser a máis importante das empresas galegas creadas no Paraguai. Antes de fundar a empresa, os futuros socios Antonio Sanjurjo Balteiro e Camilo Pérez y Pérez disque traballaron uns anos como dependentes de comercio. Antonio Sanjurjo era o terceiro fillo dun matrimonio de labradores na parroquia ortigueiresa de Luama, e sendo o único varón, era o candidato máis indicado para emigrar a América[276]. É posible que Antonio viaxase a Asunción para traballar nos negocios de José María Balteiro ou Domingo Sanjurjo. Monte Domecq (1911: 226) alude a esta faceta da súa traxectoria: "*Antonio Sanjurjo, dedicado al comercio desde su juventud, ha ido ascendiendo hasta ser hoy digno jefe de la casa*". Esta ruta ascendente empregado-socio-xefe era suficientemente común para que Rísquez Alfonzo e Ordóñez (1910: 41) llela recomendasen aos emigrantes non cualificados na como un modo viable de gañarse a vida en América (iso si, a citada *Cartilla del emigrante* recibiu críticas polo seu excesivo optimismo neste punto)[277].

Camilo Pérez seica era un irmán do poeta Manuel Pérez y Pérez, nado en 1862 na parroquia pontevedresa de San Estevo de Budiño (Salceda de Caselas), pero educado en Tui, Vigo e Porto (Portugal) antes de marchar a América aos quince anos. Manuel viviu unha tempada no Brasil e outra no Paraguai antes de fixar a súa residencia en Bos Aires en 1893 (Presa Vaqueiro, 2009: 16-19). Volveu visitar Asunción ao menos unha vez máis, en 1903[278]. Por estes motivos, Camilo tiña acceso aos coñecementos privilexiados do seu irmán sobre as oportunidades existentes no país antes de correr o risco de trasladarse a Asunción. A primeiras noticias sobre Pérez & Sanjurjo datan de 1904. O 9 de xuño, *El Diario* informou da chegada dos seguintes bens destinados aos comerciantes galegos: dez *cuarterolas* de viño, un saco de comino, un saco de pementa e outro de arroz. O ferrocarril tamén levaba algúns produtos dende o interior paraguaio á capital, como un fardo de alpargatas para Pérez & Sanjurjo que chegaron o día 14. Estas mercancías dan unha idea dos bens que vendían, típicos dun almacén galego en América, e tamén da escala relativamente pequena do negocio nestes primeiros anos. Para comparar, a maior casa de comercio da cidade, Rius & Jorba, recibiu dez sacos de pementa e corenta de arroz o 9 de xuño (entre outros cantos envíos), máis cinco fardos de alpargatas no tren do día 14[279].

Como moitas outras empresas, Pérez & Sanjurjo beneficiouse do *boom* exportador de 1904-1914. Contra 1911 as vendas, exclusivamente ao por maior, realizábanse nun "*amplio edificio de propiedad de la firma social, recientemente construído*" (Monte Domecq, 1911: 225). A empresa contaba, ademais, cun equipo de empregados. No álbum gráfico de Monte Domecq, os dous galegos aparecen fotografados con seis homes que representan o persoal superior da casa — enténdese que tamén había un persoal inferior máis numeroso. Se Pérez & Sanjurjo funcionaba como outras empresas durante o mesmo período, o máis probable é que o persoal superior consistise en compatriotas e noutros inmigrantes, mentres que os dependentes

[276] Arquivo Municipal de Ortigueira. Padrón de veciñanza, 1885. [Agradecemos a Pilar Cagiao Vila a cesión destes documentos.]
[277] *Unión Iberoamericana. Órgano de la sociedad del mismo nombre*. Madrid, febreiro de 1911, p. 61; 31 de maio de 1911, pp.156-159.
[278] *El Eco de Galicia. Órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas Sud-Americanas*. Bos Aires, 20 de marzo de 1903, p. 9.
[279] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 9 de xuño de 1904, p. 3; 14 de xuño de 1904, p. 4.

fosen traballadores paraguaios. Os exemplos abundan nunha revisión, aínda que sumaria, de *El comercio paraguayo* (1899: 19-20, 200, 446, 488). Os empregados de Rius & Jorba estaban divididos entre españois e paraguaios, pero os supervisores eran os españois Manuel Fernández Echevarría, Miguel Torró, Manuel González Postigo, e o austríaco José Soljancic. Os almacéns do uruguaio Tomás Herrero estaban dirixidos polo español Vicente Campaya, e o alemán Pablo Bergemann encargábase do día a día nos talleres de Hans Kraus. Outro exemplo é o portugués Luís F. Braga, cuxo empregado máis elevado era o catalán Demetrio Rugel até que este se fixese socio da empresa en febreiro de 1892[280]. Este modelo era o máis habitual, pero non todos os negocios seguían o mesmo patrón. Todos os empregados de Angulo & Cía. eran españois, coa única excepción do alemán Oscar Erck, mentres que o traballador máis destacado na casa do navarro Ángel Iribas Tellechea, "*el joven Melitón Bueno, paraguayo, ya es habilitado*" (*El comercio paraguayo*, 1899: 31, 496). Trátase neste caso dun irmán da esposa de Ángel Iribas, Francisca Bueno, oriúnda de Pirayú (expediente 1401).

A tendencia a empregar compatriotas ou outros inmigrantes obedece ao mesmo tipo de solidariedade que motivaba a creación das sociedades étnicas de socorros mutuos. Isto tamén respondía á maior preparación dos inmigrantes para as ocupacións urbanas que a meirande parte dos nativos. A implantación capitalista foi repentina no Paraguai, pero non inmediata. Aínda no anos vinte, só entre o quince e o corenta por cento da poboación estaba inserido nos mercados e dous terzos dos cidadáns eran analfabetos (Rivarola, 2010 [1993]: 265). Os inmigrantes estranxeiros, incluso os de rexións 'periféricas' como Galicia, desfrutaban dun nivel comparativamente superior de escolarización. A meirande parte dos varóns galegos podían ler e escribir (Vázquez Lojo e Soutelo Vázquez, 2019: 185). No eido do comercio, estas habilidades fornecíanlles unhas vantaxes notables fronte á poboación local. Co ton paternalista propio do seu momento, *El comercio paraguayo* (1899: 19-20) describe o traballo dos empregados nativos en Rius & Jorba como un proceso educativo impartido polos seus compañeiros europeos:

> *Los dependientes paraguayos, que casi todos se han formado en la casa haciendo aprendizaje comercial, han dado pruebas de una viveza é inteligencia poco común en jóvenes de su edad, que apenas han pisado los umbrales de la escuela, debido á que las circunstancias* [de la posguerra] *les obligó á ganar el sustento para sí ó para sus mayores.*
> *Entre los empleados hay varios que son habilitados con parte de las utilidades, como justa recompensa á su constancia, contracción al trabajo é intachable conducta*.

O que estes mozos paraguaios aprenderon non só consistía nunha serie de coñecementos técnicos, senón que tamén comezaron a valorar o traballo como un ben moral. Ou sexa, desenvolveron unha 'mentalidade capitalista' que se traduciu nunha "*viveza é inteligencia poco común*" entre outros paraguaios que non recibiran esa mesma formación.

[280] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 19 de febreiro de 1892, p. 2. [Sección de remates por Luis Quer.]

5.4. As contribucións do alto comercio ás causas benéficas e o liderado étnico de Camilo Pérez y Pérez (1910-1922)

Na segunda década do século XX, Pérez & Sanjurjo S.A. era unha das casas de comercio máis poderosas do Paraguai. A reconversión da empresa en sociedade anónima efectuouse en febreiro de 1914, momento no cal varios parentes de Camilo Pérez e Antonio Sanjurjo entraron como accionistas (Cagiao Vila e Dalla-Corte Caballero, 2016: 180). A riqueza relativa de Pérez & Sanjurjo pode inferirse comparando as doazóns que realizou a diferentes causas benéficas ao longo do tempo, o cal tamén dá pé a unhas consideracións acerca da función cívica do alto comercio neste período. En primeiro lugar, os galegos ofreceron cincocentos pesos á comisión pro uniformes garda nacional en 1910. A cantidade era respectable, superior, por exemplo, á proposta por Acosta, Monti & Cía. ($250), igual ás doazóns feitas por algúns ex socios de Domingo Sanjurjo —Núñez & Balmelli, *Canela Hnos.* ou *Ángel Crosa e Hijo*—, pero inferior ás doazóns dos comerciantes máis poderosos como Jorge Casaccia ($3.000), Censi & Pirotta ($1.000), Urrutia, Ugarte & Cía. ($1.000), Angulo & Cía. ($1.000), Brun & Cía. ($1.000), F. Krauch & Cía. ($1.000), Rius & Jorba ($1.500), Luis Patri ($2.000), Antonio Plate ($3.000) ou Rodney B. Croskey ($3.000). Algúns destes homes tamén estaban implicados nas dúas corporacións que máis pagaron: o *Banco de la República* ($5.000 — Pedro Jorba, Nicolás Angulo, Jorge Casaccia, Quinto Censi) e *La Industrial Paraguaya* ($5.000 — Antonio Plate, Rodney B. Croskey, Jorge Casaccia, Gregorio Urrutia, Ernesto Monti) (López Decoud, 1911: VIII, XII). Ao final, os $43.000 recadados non se utilizaron e fóronlles devoltos aos benfeitores[281].

Estes actos de caridade, patriotismo e/ou espírito cívico adoitaban estar expostos na prensa local. Os doantes podían actuar motivados por unha xenuína largueza, ou ben baixo a presión de non querer parecer ruíns ou pouco patrióticos, e tamén a sabendas de que unha doazón xenerosa era unha forma de publicidade — tales motivos variarían dependendo de cada quen. Os cincocentos pesos que Pérez & Sanjurjo enviaba en 1910 son a contribución dunha casa importadora mediana, recoñecible, pero aínda non unha das máis podentes de Asunción. As cousas serían algo distintas un anos despois.

En 1916, co propósito de obter apoio material para o recentemente nacionalizado Hospital Nacional, o director xeral da Asistencia Pública, Benigno Escobar, solicitou doazóns da sociedade civil. Segundo *El Diario*, a campaña logrou os seguintes resultados para finais do ano: $36.757 para a organización do servizo de cativos e $237.329 para a construción do pavillón de cirurxía e a sala de operacións (cun coste total proxectado de $650.000). A continuación, o xornal reproduce a listaxe de doazóns. A meirande parte dos contribuíntes ao pavillón de nenos eran particulares, cunha presenza destacada das damas da alta sociedade — se cadra polas asociacións entre os coidados infantís e a maternidade, ou sinxelamente porque o pavillón era o proxecto máis barato e as doazóns particulares eran menores. Limitándonos aos nomes relevantes para o noso tema de estudo, algúns destes contribuíntes foron:

-Benigno Escobar: $600
-María Victoria Abente de Escobar: $600

[281] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 3 de febreiro de 1910, p. 5.

-V. Abente e señora: $600 (non se especifica cal dos irmáns Abente, pero dada a presenza de tres dos seus fillos na listaxe, debe tratarse de Victoriano Abente y Lago e María Haedo)

-Víctor Abente Haedo e señora: $600

-Rafael Abente Haedo e señora [Panchita Talavera]: $600

-Enrique Prous: $600 (español, véxase abaixo)

-Justo Ramos Rodríguez: $100 (oriúndo de Ferrol, residente en Asunción dende 1904 como moi tarde (Beraud, 1904: 221; expediente 1898)

-Pérez & Sanjurjo: $500

Por outro carón, a listaxe de doazóns ao pavillón de cirurxía recolle o diñeiro que as empresas enviaron en cantidades máis elevadas que os particulares. Algunhas destas doazóns foron as seguintes:

-Censi & Pirotta: $2.000

-*La Industrial Paraguaya S.A.*: $5.000

-Pérez & Sanjurjo: $2.000

-Domingo Barthe: $25.000 (francés residente no Paraguai dende 1871, propietario dunha liña de navegación e 772.500 hectáreas de herbais, razón social domiciliada na Arxentina (López Decoud, 1911: L))

-*La Société Foncière du Paraguay*: $25.000 (fundada en 1893 cun capital de tres millóns de francos, posuidora de 468.750 hectáreas en 1927 (Dalla-Corte Caballero, 2009: 305, 348))

-*Banco de España y Paraguay*: $2.000

-Angulo & Cía.: $5.000

-Urrutia, Ugarte & Cía.: $5.000

-Rius & Jorba: $10.000

Aquí nótase a xigantesca diferenza entre as fortunas acumuladas polos comerciantes asuncenos e as das empresas agro-exportadoras, domiciliadas fóra do país e financiadas con capital estranxeiro. Porén, cotexando estas cifras coas de 1910, apréciase o rápido enriquecemento de Pérez & Sanjurjo. Se se suman as dúas doazóns de Pérez & Sanjurjo cos dous mil pesos aportados polo *Banco de España y Paraguay* (BEP) —institución fundada por Camilo Pérez—, alcánzase un total de $5.500 (cantidade análoga, por exemplo, á doazón de Angulo & Cía.)[282]

Un terceiro exemplo son as contribucións dos socios da SESMAP para a construción dunha nova sede na rúa Palma. Cando o edificio estaba case rematado en 1919, Camilo Pérez y Pérez facilitou algúns datos acerca do proxecto ao cónsul do Paraguai en Vigo, Avelino Rodríguez Elías, para que este os difundise na prensa galega. A SESMAP contaba con 651 socios neste momento; a cota da asociación aumentara a quince pesos no 1917 para manterse ao nivel da inflación, polo que se percibía un ingreso ordinario mensual de $9.765. Os donativos puntuais para a construción do novo domicilio social alcanzaban os $129.275, sendo os doantes máis destacados:

-Pedro Jorba: $20.000

-Rius & Jorba: $15.000

[282] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 3 de xaneiro de 1917, p. 1.

-Sebastián Brun: $11.000
-Angulo & Cía.: $10.000
-Pérez & Sanjurjo: $6.000
-Benigno Barrera: $5.000[283]
-Gualberto Cardús Huerta: $5.000 (escritor paraguaio nado en Concepción, fillo do barcelonés Antonio Cardús)
-Antonio Gastón: $5.000
-Guillermo Ocariz: $5.000
-Aldama & Cía.: $3.000
-Federico Blanco: $3.000 (Federico Blanco Paz falecera en 1918 ou antes; esta casa importadora pertencía á súa viúva paraguaia Emilia Laborde Rojas (expediente 1425)[284])
-Urrutia, Ugarte & Cía.: $3.000
-Andrés del Val: $3.000 (accionista de Pérez & Sanjurjo)

Alén destas doazóns puntuais, establecérase unha cota voluntaria que recadaba $6.470 ao mes, dos cales cincocentos pesos proviñan do BEP[285]. A cantidade de $6.000 doada por Pérez & Sanjurjo representaba unha suma considerable, equivalente a catrocentas cotas mensuais. Ademais, as únicas empresas españolas que podían permitirse unhas doazóns superiores eran bastante máis antigas que Pérez & Sanjurjo. Rius & Jorba e Brun & Cía. abriron as súas portas no 1870, antes de que Camilo Pérez ou Antonio Sanjurjo mesmo nacesen, mentres que a fundación de Angulo & Cía. databa de 1883. Igualmente, Antonio Gastón, Guillermo Ocariz, José Aldama e a familia Uribe (precursores a Urrutia, Ugarte & Cía.) vivían todos no Paraguai dende a década de 1860 ou 1870. Non pode inferirse que esta listaxe reflicta de modo exacto os tamaños relativos das súas fortunas, pero é outra proba da posición gañada en moi pouco tempo por Pérez & Sanjurjo entre os comerciantes máis ricos do país.

A participación nos corpos directivos de múltiples organizacións na sociedade civil, como a SESMAP, era un modo de forxar contactos e reforzar o prestixio dun inmigrante dentro e fóra da súa comunidade. Trátase dunha práctica que se observa entre todos os líderes étnicos da emigración española durante o período de estudo. Por exemplo, o leonés Matías Alonso Criado accedeu a un cargo na xunta directiva da *Asociación Rural del Uruguay* (Montevideo) en 1875, apenas un ano despois de ingresar no país. Esta xeira facilitoulle "*vínculos y amistades que* a posteriori *habrían de depararle oportunidades interesantes*", entre eles a súa amizade co empresario Juan de Cominges "*que habría de perdurar a lo largo de muchos años y proyectos y que cristalizaría en una apretada red de relaciones cruciales para Alonso Criado*" (Cagiao Vila, 2018: 22-23). Estas relacións aparecen vencelladas á súa traxectoria diplomática en representación do Paraguai (cónsul en Madrid, 1881-1889; cónsul-xeral en Montevideo, 1889-1905) ou aos seus intereses agrícolas na estancia de Puerto Pedernal (141.000 hectáreas de *potreros* para a cría de gando, palmares de quebracho e outras madeiras) (Chaves, 1918: 231). Camilo Pérez y Pérez seguiu unha traxectoria similar. O tudense dá conta dos cargos que ostentaba nun formulario manuscrito para o repertorio iconográfico de delegados en ultramar da Casa de América de Barcelona:

-Delegado da Casa de América en toda a república, nomeado o 23 de abril de 1914

[283] Posible errata. Temos constancia dun español chamado Benigno Barrena, ex socio de Urrutia, Ugarte & Cía. que se retirou da empresa en 1882 (López Decoud, 1911: LVI). Barrena cumpriría 85 ou 86 anos en 1919 (expediente 1608).
[284] *Revista Comercial Iberoamericana Mercurio*. Barcelona, 1 de agosto de 1918, pp. 184-185.
[285] *El Correo de Galicia. Diario independiente de avisos y noticias*. Santiago de Compostela, 18 de xullo de 1919, p. 1.

-Fundador e presidente do directorio do BEP, creado co obxectivo de "*vincular en todo lo posible el intercambio comercial*" entre España e Paraguai

-Presidente da comisión directiva da SESMAP dende había máis de seis anos; "*a mi iniciativa esta sociedad está construyendo en la actualidad un gran edificio*"

-Vice-cónsul de España dende 1904, encargado temporalmente do consulado por ausencia do titular

-Membro do directorio da Oficina de Cambios

-Director xerente da "*i m p o r t a n t e y c o n o c i d a m u n d i a l m e & S a n j' u r j o ò*

-Membro do directorio da Cámara de Comercio

-Fundador e membro do directorio da *Compañía Paraguaya de Frigoríficos y Carnes Conservadas* (CPFCC), "*primera industria en su género en la República*"

-Membro do directorio da Compañía de Seguros "*La Paraguaya*" (Pérez sería presidente desta empresa entre 1943-1946 (Dalla-Corte Caballero, 2016b: 286))[286]

Todo isto situaba Pérez y Pérez no centro dunha ampla rede de contactos e oportunidades. Con referencia ao seu cargo diplomático, o cónsul de España en Asunción, Joaquín Carsi y Ribera, nomeou o tudense chanceler honorario en abril de 1911. Pérez encargouse do consulado case inmediatamente para que Carsi puidese desfrutar dunha licencia de dous meses para restablecer a súa saúde. Finalmente, sería en xaneiro do ano seguinte cando un novo cónsul, José Teixidor, o relevou. Teixidor nomeou o ortigueirés José Domingo Gómez Sanjurjo ao cargo de chanceler —disque xa exercía de forma interina— e Camilo Pérez foi confirmado no posto de vice-cónsul honorario[287]. Así, o corpo consular español no Paraguai formábano o cónsul e vice-cónsul honorario asuncenos máis catro vice-cónsules honorarios nas vilas de Concepción (José Romañach), Encarnación (Pascual Arqué), San Pedro (José Grau Altés) e Pilar (Sinforiano Gardel)[288]. Á parte de remitir informes sobre a situación político-financeira do Paraguai, a correspondencia consular de Camilo Pérez deixa constancia dos seus intentos de fortalecer o comercio hispano-paraguaio a través do BEP e a CPFCC — proxectos moi importantes no seu momento, aínda que de curta duración por motivos económicos, xa tratados en profundidade por outras autoras (Cagiao Vila e Dalla-Corte Caballero, 2016; Dalla-Corte Caballero, 2016b).

O goberno paraguaio aprobou os estatutos do BEP o 7 de abril de 1916 cun capital inicial de vinte millóns de pesos, representado por vinte mil accións de mil pesos cada unha. O directorio estaba formado por Camilo Pérez y Pérez (presidente), Juan Gastón (vice-presidente), Miguel Rueda (secretario), Marcos Riera, Juan Crosa, Benigno Casaccia, Jorge Ugarte, o galego Antonio Casariego y Cobián (vocais), Juan Bosío, o terratenente coruñés Francisco Alló García, Andrés del Val e Romualdo Irigoyen (suplentes). O xerente e sub-xerente eran Antonio Casariego y Cobián e Egidio M. Moreschi. No directorio de 1918 entraron o madrileño Leonardo Castro como suplente, Antonio Sanjurjo como síndico titular, máis Antonio Gastón e o catalán Gerardo Claró como síndicos suplentes. O BEP arrincou as súas operacións adquirindo o activo e pasivo do sucursal asunceno do *Banco de España y América* coa

[286] CAB. AG.1.3.53. Casa de América. Asociación Internacional Iberoamericana. Repertorio iconográfico de delegados en América. Camilo Pérez y Pérez.
[287] AHMRREE. DACyL 44. Informe de Joaquín Carsi y Ribera a Cecilio Báez, 3 de abril de 1911; Informes de José Teixidor a Antolín Irala, 18 de xaneiro de 1912, 22 de xaneiro de 1912, 15 de febreiro de 1912.
[288] *Guía Oficial de España*. Madrid, 1914, p. 163.

colaboración de Faustino F. Villabrille, o xerente desa institución porteña[289]. Beneficiándose dunha conxuntura económica favorable, o novo banco progresou axiña, e a finais de agosto de 1918 puido inaugurar unha nova e soberbia sede para as súas operacións. Tomaron a palabra Camilo Pérez, Eusebio Ayala (ministro interino de Facenda), Enrique Prous (xerente de Rius & Jorba) e Matías Alonso Criado. O sub-xerente Moreschi e o contador Juan Marecos levaron os 170 invitados nunha visita guiada, entre eles José Manuel Balteiro o ex presidente Schaerer[290].

A boa conxuntura económica consistía na elevada demanda de produtos paraguaios destinados á exportación durante a Primeira Guerra Mundial e na redución de importacións que favorecía a manufactura nacional. A carne era o produto máis demandado no exterior. Durante a Gran Guerra creáronse dúas novas fábricas de carnes conservadas no Paraguai, unha en San Antonio e outra en Zeballos-cué (hoxe parte de Asunción), ámbalas dúas co apoio financeiro de intereses estadounidenses que, ascendentes en toda a rexión, comezaron a ameazar seriamente a hexemonía anglo-arxentina. A empresa alemá-riopratense Hermann Krabb & Cía. que fabricaba extractos de carne en San Salvador, cerca da desembocadura do río Apa no alto Paraguai, tamén foi adquirida con capital norteamericano (López Decoud, 1911: XXVIII-XXIX; Brezzo, 2009: 65). A planta construída en Zeballos-cué pertencía á CPFCC. O BEP "*intervino muy directamente*" na súa creación en 1916[291], cun aporte paralelo da compañía arxentina de frigoríficos Swift, que pola súa parte pasou a ser propiedade do estadounidense *International Packers Ltd.* nese mesmo ano[292]. Os accionistas locais eran Luis Perasso, Walter R. Haywood, F.H.T. Walton (socio de Hermann Krabb & Cía. en 1911), Guillermo A. Barr e Mauricio Duavaoran, máis tamén os membros do directorio do BEP Camilo Pérez, o aragonés Juan Gastón, Egidio Moreschi, Antonio Casariego e Miguel Rueda — todos españois agás Moreschi (Caballero Campos, 2017: 133).

Tal como se fixera na inauguración da sede do BEP, a CPFCC ofreceu unha visita guiada da fábrica a uns cantos invitados especiais. Citados polo corpo directivo o 21 de xaneiro de 1917, ás seis da mañá, diversos comerciantes asuncenos, políticos como Federico Codas (ministro durante a presidencia provisoria de Liberato M. Rojas, 1911-1912) ou os xornalistas José Lanzilotta (*El Liberal*) e Policarpo Artaza (*El Diario*) partiron en dúas lanchas dende o local do Auto Club até o distrito de Trinidad, onde foron recibidos polo o xefe técnico Walter R. Haywood para visitaren os pavillóns do edificio e tomaren xuntos o almorzo. Uns días despois, Julio Bajac escribiu a propósito dos avances da CPFCC como o mellor agoiro para o desenvolvemento da gandaría no Paraguai. Porén, apareceu outro artigo o día seguinte sobre a vinda de 24 expertos da norteamericana *Central Products Company* para estudaren a creación duns frigoríficos no país por valor de dous millóns de pesos ouro tras uns experimentos moi logrados nos campos de São Paulo[293].

Estando encargado interinamente do consulado español en novembro de 1918, Pérez y Pérez escribiulle ao ministro de Estado acerca desta afluencia de capitais arxentinos e

[289] *Revista Ilustrada de Banca, Ferrocarriles, Industria y Seguros*. Madrid, 25 de marzo de 1917, p. 128; 1 de xuño de 1918, p. 206
[290] AHN. SMAE. H-1824. Correspondencia consulados, Asunción. Recortes de xornais adxuntos a un informe do vice-cónsul encargado do consulado, 1 de setembro de 1918.
[291] *Revista Ilustrada de Banca, Ferrocarriles, Industria y Seguros*. Madrid, 1 de xuño de 1918, p. 206.
[292] Enlace: http://sitio.swift.com.ar/empresa.html [acceso: 28 de marzo de 2021]
[293] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 20 de xaneiro de 1917, p. 2; 22 de xaneiro de 1917, p. 2; 25 de xaneiro de 1917, p. 1.

norteamericanos que perigaba a situación privilexiada das casas españolas no comercio asunceno — un *status quo* que se remontaba aos anos oitenta. O vice-cónsul honorario lamentaba o abandono da diplomacia española fronte ás representacións estranxeiras que "*rivalizan con inteligencia y perseverancia, en captarse las simpatias de este pais, al efecto, gastan ingentes sumas en recepciones y fiestas sociales*". O comercio español asemade "*se esfuerza en mantener su supremacía*" coa axuda do BEP, "*concediendoles con preferencia créditos y medios a su facil desenvolvimiento*" a iniciativas como a CPFCC, pero con escasa cooperación por parte dos industriais alá na terra nai[294]. A inacción oficial de España fronte á competencia internacional tamén motivou queixas nas súas cartas a Rafael Vehils, o representante da Casa de América en Barcelona. Non obstante, a pesar de todos os seus esforzos, as ambicións que Pérez y Pérez tiña para o BEP e a CPFCC non prosperaron. O estancamento xeral da economía paraguaia tralo final da Primeira Guerra Mundial provocou a quebra do BEP en 1919, ao igual que outros bancos como o Mercantil ou A. Perasso & Cía. A CPFCC mantívose activa até 1922, cando foi adquirida pola británica *L i e b i g ô s E x t r a c Co.* (Dalla-Corte Caballero, 2016b: 282-285; Caballero Campos, 2017: 134).

Tantos cargos e responsabilidades supoñían unha onerosa carga de traballo para o tudense. De feito, Pérez quería dimitir como deputado da Casa de América en 1919 alegando que padecía unha enfermidade renal á causa do exceso de traballo e que desexaba dedicarlles máis tempo á súa muller e fillos, pero finalmente seguía exercendo o cargo até 1922 (Dalla-Corte Caballero, 2016b: 284). Malia todos os sacrificios, a súa frenética actividade facía que Camilo Pérez puidese considerarse incuestionablemente como un dos pro-homes da colonia española durante aqueles anos. Aquí volvemos considerar o papel da SESMAP. Pérez y Pérez exercía como presidente da asociación dende 1912 a 1920 (Morales Raya, 2015a: 347). Nestas funcións o presidente contaba co apoio dun cadro rotatorio de cargos que, ao seren votados á comisión directiva, poñían en práctica a súa solidariedade étnica, reforzaban o seu prestixio e accedían ás redes comunitarias de axuda mutua. En casos extremos, tal dinámica podía xerar tensións entre compatriotas. Por exemplo, o *Centro Gallego* da Habana chegou a ser tachado de "*plantel de caciquismo*" cun desinterese total polos problemas dos inmigrantes obreiros (Barcia, 1999: 78-80). Dito isto, é forzoso engadir non temos noticias deste tipo de rancores arredor da cúpula da SESMAP.

Unha revisión do corpo directivo da asociación en 1917 revela que as interaccións que Camilo Pérez mantiña neste ámbito estaban vinculadas ás súas demais esferas de actividade. Os cargos que reproducimos a continuación votáronse nunha asemblea convocada en febreiro no salón do Teatro Granados[295]. Completamos os datos na medida do posible empregando varias fontes: un artigo que trata a inauguración do BEP en 1916[296] e outro sobre a renovación da súa comisión directiva en 1918[297]; outro sobre o comercio paraguaio escrito por Camilo Pérez y Pérez no mesmo ano[298]; a *Memoria de la Comisión Directiva* do Centro Español (1918); Mosqueira (1930); Plá (1985); os expedientes de solteiría (Durán Estragó e Romano García, 2011); Morales Raya (2015a); Dalla-Corte Caballero (2016a); e Caballero Campos (2017).

[294] AHN. SMAE. H-1824. Correspondencia consulados, Asunción. Informe do vice-cónsul encargado do consulado, 30 de novembro de 1918.
[295] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 12 de febreiro de 1917, p. 3.
[296] *España y América*. Cádiz, xullo de 1916, pp. 105-106.
[297] *Revista Ilustrada de Banca, Ferrocarriles, Industria y Seguros*. Madrid, 1 de xuño de 1918, p. 206.
[298] *Revista Comercial Iberoamericana Mercurio*. Barcelona, 1 de agosto de 1918, pp. 184-185.

Táboa 21. Comisión directiva da SESMAP (1917)			
Cargo	Nome	Procedencia	Observacións
Presidente	Camilo Pérez y Pérez	Tui, Pontevedra	Iniciador do BEP e a CPFCC
Vicepresidente	Enrique Prous	Barcelona	Presidente do Centro Español, institución protectora da Casa de América; presidente da SESMAP 1921-1923
Tesoureiro	Antonio Sanjurjo Balteiro	Ortigueira, A Coruña	Síndico titular do BEP
Pro tesoureiro	Antonio Gastón Brun	Ansó, Huesca	Gastón & Cía., importadores de tecidos e mercería; suplente ao síndico titular do BEP; accionista da CPFCC
Secretario	Doroteo Sandoval López	Quintana del Monte, León	Importador de tecidos; secretario do Centro Español
Pro secretario	Miguel Rueda	Barcelona	Importador de tecidos e mercería; secretario do BEP; accionista da CPFCC
Vocal	Dionisio Guillén		*Guillén Hnos.*, importadores e elaboración mecánica de cafés, chocolates e bombóns; suplente ao síndico titular do BEP
Vocal	Salvador Espelt Gelabert	Roses, Xirona	Comerciante; membro fundador do *Centre Català*
Vocal	Leonardo Castro	Madrid	Vicepresidente do Centro Español; director do BEP a partir de 1918
Vocal	Antonio Casariego y Cobián	Ribadeo, Lugo[299]	Director do BEP; accionista da CPFCC
Suplente	Juan José Bilbao Aguinaga[300]	Biscaia	Comerciante
Suplente	Agustín Lledó Andreu	La Vila Joiosa, Alacante	
Suplente	Blas Tellechea Zubiaguirre	Bilbao, Biscaia	Comerciante, Angulo & Cía.; fillo político do ex presidente da SESMAP Nicolás Angulo (1882-1884, 1887)
Comisión de panteón	Enrique Clari	Manresa, Barcelona	Arquitecto; membro fundador do *Centre Català*
Comisión de panteón	Ricardo Benítez	Tenerife	
Comisión de panteón	Miguel Berta Pons	Roses, Xirona	
Comisión de xurado	Juan Vallory i Corquiela	Cataluña	Médico; presidente da SESMAP 1906-1907
Comisión de xurado	Pedro Jorba	Cataluña	Comerciante; presidente da SESMAP 1891-1892
Comisión de xurado	Antonio Gastón	Ansó, Huesca	
Comisión de xurado	Pedro Sellés	La Vila Joiosa (?), Alacante	Comerciante
Comisión de xurado	Andrés del Val	Villalón, Valladolid	Accionista de Pérez & Sanjurjo S.A.; suplente ao directorio do BEP
Comisión de xurado	J. Lesmes Pampliega	Burgos	
Fonte: elaboración propia a partir d e *El Diario*, Asunción, 12 de febreiro de 1917, p. 3.			

Esta lista de nomes demostra que a elite da colonia española puido sosterse ao longo do tempo e reproducir a súa influencia dentro da colectividade, xa que entre os membros da comisión directiva había dous ex presidentes da SESMAP (Vallory, Jorba), un futuro presidente

[299] *El Regional. Diario de Lugo*. Lugo, 22 de xullo de 1896, p. 5. [Casariego non aparece en *El Diario* en febreiro de 1917, senón que Camilo Pérez alude a el como vocal da SESMAP nun informe á Casa de América que enviou en xullo do mesmo ano, citado en Dalla-Corte Caballero (2016b: 277).]

[300] Bilbao casou en 1916 con Dorila Victoria Zubizarreta Lara, filla dun dos fundadores da SESMAP. As testemuñas á voda foron o biscaíño Jorge Ugarte y Uribe (un dos directores do BEP) e o galego pontevedrés Genaro Prieto González (expediente 2227).

(Prous), e dous xenros de ex presidentes (Bilbao, Tellechea). E como xa indicamos, estas informacións son moi útiles para entendermos a infraestrutura humana que vertebraba a traxectoria profesional de Camilo Pérez y Pérez. En resumo, na comisión da SESMAP en 1917 estaban presentes o socio de Camilo Pérez (Sanjurjo) máis un dos accionistas de Pérez & Sanjurjo (Del Val). Tamén figuraban o presidente, vicepresidente e secretario do Centro Español (Prous, Castro, Sandoval), os cales colaboraban nos proxectos da Casa de América de Barcelona. Por outro carón, sen incluír o propio Pérez y Pérez, votáronse dous accionistas e un parente/socio dun accionista da CPFCC (Rueda, Casariego, Gastón), ademais de seis membros do directorio do BEP (Sanjurjo, Gastón, Guillén, Castro, Casariego, Del Val).

Con estes exemplos, rescatamos unha parte da densa e complexa rede de contactos que Camilo Pérez y Pérez construíu. Esta rede expandiuse durante os anos da Primeira Guerra Mundial para abranguer persoeiros alleos ao seu círculo íntimo; lembramos que na primeira das súas empresas, Pérez & Sanjurjo, os accionistas iniciais eran todos parentes de Antonio Sanjurjo, excepto Andrés del Val. Ademais, as súas relacións socio-profesionais non estaban limitadas á colonia española. Na Oficina de Cambios en 1916, Pérez entraba no directorio xunto a Gerónimo Zubizarreta (senador paraguaio, fillo de Ramón Zubizarreta e cuñado de Juan José Bilbao), Evaristo Acosta (director do Banco Agrícola), Juan Crosa (comerciante paraguaio, fillo do italiano Ángel Crosa, e un dos directores do BEP) e Luis Perasso (terratenente, accionista da CPFCC) (López Decoud, 1911: LX, CXXIII; Dalla-Corte Caballero, 2016b: 275)[301].

Os tempos felices de Pérez y Pérez en canto líder étnico da colectividade española terminaron en 1922 cando o Estado imputou todos os membros do ex directorio do BEP por presuntamente teren concedido un crédito de 35 millóns de pesos sen as garantías requiridas[302]. Caída esta desgraza, o pontevedrés pasou a restrinxir as súas actividades profesionais a Pérez & Sanjurjo S.A. e á Compañía de Seguros "*La Paraguaya*". Isto non quere dicir que el 'desaparecese'. Por exemplo, tanto Camilo Pérez como Antonio Sanjurjo figuran entre os 276 socios fundadores do Club Centenario, creado en 1937 co obxectivo de lograr unha "*vinculación más estrecha entre las familias de nuestra sociedad*" durante a desoladora posguerra do Chaco[303]. Non obstante, dende 1922 os apelidos Pérez y Pérez xa non aparecen asociados aos proxectos de acercamento hispano-paraguaio que definiran a súa traxectoria até ese momento — proxectos frustrados pola maior competitividade doutras economías americanas e pola indiferenza das institucións peninsulares.

Como derradeira consideración, é probable que o procesamento xudicial de Camilo Pérez estivese relacionado coa política local. Pérez y Pérez relacionárase cos dirixentes do radicalismo liberal ao longo da década de 1910, sobre todo con Eduardo Schaerer. Nunha festa da colonia española en 1918, por exemplo, Schaerer foi o único paraguaio que compartiu a mesa ocupada polos españois Camilo Pérez, Luis Rubio Amoedo (o encargado de negocios da legación de España), Enrique Prous, Antonio Casariego y Cobián, Ángel Iribas, Francisco María, Daniel Larrucea (SRE 10), o barcelonés Manuel Viladesau (SESMAP 133) e o valenciano Pascual Ordiñana (expediente 2251)[304]. Agora ben, un dos colegas de Camilo Pérez na Oficina de Cambios, Gerónimo Zubizarreta, desempeñaba a carteira de Facenda durante a

[301] *Los Principios. Diario independiente*. Asunción, 18 de abril de 1916, p. 2. [Agradecemos a Fernando Oddone o envío deste texto.]
[302] CAB. CA-AA, 42. Recorte de xornal titulado "Paraguay. Un director de banco, encarcelado".
[303] Enlace: http://www.clubcentenario.org.py/historia [acceso: 28 de marzo de 2021]
[304] AHN. SMAE. H-1824. Correspondencia consulados, Asunción. Recorte de *El Liberal* adxunto a un informe do cónsul, 6 de maio 1918.

presidencia de Schaerer (1912-1916). Zubizarreta formaba parte dun cadro leal ao presidente fronte á facción maioritaria de Manuel Franco e Manuel Gondra que, sen ser contraria ao goberno, si esixía máis debate interno acerca das decisións executivas. O círculo de Schaerer incluía o comandante Adolfo Chirife e o xefe de policía José Manuel Balteiro, parente de Antonio Sanjurjo, accionista de Pérez & Sanjurjo, e ex compañeiro de Pérez como concelleiro municipal no 1911 (Brezzo, 2009: 50-51, 53; López Decoud, 1911: 315). Ademais, Balteiro estaba casado con Delia Rosa Schaerer, a filla de Eduardo Schaerer e Matilde Heisecke. Cando Manuel Franco asumiu a presidencia en agosto de 1916, Balteiro deixou de exercer como xefe de policía, mais foi reposto no cargo en xaneiro do ano seguinte[305]. Outra posible conexión familiar entre o entorno de Camilo Pérez e o poder político do momento é o matrimonio de Domingo Sanjurjo con Aurelia Montero, a irmá de José Pedro Montero, vice-presidente durante o mandato de Franco[306].

Sendo senador en outubro de 1921, Eduardo Schaerer tentou forzar a dimisión do ministro do Interior José P. Guggiari, un rival seu, pero o entón presidente Manuel Gondra bloqueou a manobra. Schaerer reaccionou sublevando o cuartel da policía, e Gondra tivo que renunciar porque lle faltaba o apoio do seu ministro de Guerra, o schaerista Adolfo Chirife. O politicamente equidistante Eusebio Ayala foi nomeado presidente provisorio, pero el non conseguiu harmonizar os intereses das distintas faccións. Ao final, estes conflitos desembocaron na Guerra Civil de 1922-1923 e, en último termo, a derrota do schaerismo (Brezzo, 2009: 75-76). O desbaratamento do schaerismo tamén supuxo a desaparición da escena política de José Manuel Balteiro. O ex xefe de policía acumulara unha gran carga de oprobio popular dende 1915, cando as forzas policiais asasinaron o obreiro Juan Ros durante unha vaga de folgas contra a Compañía Mihanovich. A impunidade dos responsables motivou a dimisión de Cecilio Báez do tribunal supremo. Logo a reputación de Balteiro só empeorou durante a Guerra Civil porque el mesmo dirixiu o secuestro de varios afiliados da *Liga de Obreros Marítimos* —o sindicato apoiaba o goberno de Ayala— na cidade arxentina de Posadas (Rivarola, 2010 [1993]: 184-185, 251-253).

En resumo, todas as probas circunstanciais expostas nos últimos parágrafos indican que Camilo Pérez y Pérez e Antonio Sanjurjo estaban forte e persoalmente vencellados aos dirixentes políticos dos anos dez do século pasado. Foi a derradeira vez que se produciu tal achegamento entre uns inmigrantes españois e os representantes do goberno paraguaio — unha situación que parecía máis propia da década de 1870 que de 1910. Amais disto, á luz destas probas pódese propoñer (pero non afirmar categoricamente) que o procesamento xudicial do ex directorio do BEP tamén adquire tintas políticas. É dicir, o arresto de Camilo Pérez e presumiblemente Antonio Sanjurjo efectuouse nas vésperas da Guerra Civil, nunha conxuntura marcada pola extrema crispación encol das figuras de Eduardo Schaerer e José Manuel Balteiro. Pode tratarse dun manexo por parte do goberno de Ayala para eliminar unhas persoas que viñan exercendo certa influencia na sociedade civil, a cal podería instrumentalizarse a favor do schaerismo se a situación política se agravase.

[305] *El Diario. Diario de la tarde.* Asunción, 6 de xaneiro de 1917, p. 1; 24 de xaneiro de 1917, p. 1.
[306] *El Pueblo Gallego. Rotativo de la mañana*. Vigo, 22 de maio de 1928, p. 9. [Unha das fillas do matrimonio Sanjurjo-Montero casou co diplomático paraguaio Lisandro Díaz de León. A familia visitou uns parentes en Ortigueira en 1928 durante unha viaxe por Europa. Díaz de León faleceu en París pouco despois, onde o seu cuñado Domingo Sanjurjo Montero estaba especializándose en Medicina.]

5.5. Fútbol, mobilidade social e os descendentes dos primeiros inmigrantes

Outro elo na cadea migratoria que vertebra unha parte deste capítulo é un sobriño que Antonio Sanjurjo Balteiro chamou ao Paraguai para que traballase nos almacéns de Pérez & Sanjurjo. No mes de marzo de 1912, con 21 anos, José Domingo Gómez Sanjurjo aparece nas fontes como empregado de comercio (SESMAP 160). O novo achegado fíxose socio da casa en 1914 e seguiu traballando en Pérez & Sanjurjo até a súa xubilación. Cando José Domingo faleceu en 1964, o seu fillo José María optou por vender as accións que herdara porque consideraba que a súa vocación non era o comercio[307]. Este ortigueirés logrou unha posición de recoñecemento social no mundo do deporte, xa dende os seus primeiros anos no país. O fútbol era unha afección que el compartía co seu parente paraguaio José Manuel Balteiro. Na súa capacidade de presidente honorario do Club Atlántida (fundado en 1906), Balteiro obsequiou unha copa de prata en xullo de 1915 "*para ser disputada en campeonato con los otros clubs de la Liga Centenario* [1911-1917]". Polas mesmas datas votouse un novo consello directivo para a liga, o cal celebrou a súa primeira sesión na terceira semana do mes coa asistencia de: Pedro Bruno Guggiari (político liberal, trinta anos)[308], Héctor Díaz (presidente e membro fundador do Club Atlántida), José Domingo Gómez Sanjurjo, Marcos Cabral, Manuel Bernié (fillo do francés Gustavo Bernié (expediente 1692)), Francisco Andreu Baldó (estudante paraguaio, fillo de cataláns, vinte anos, membro da SESMAP (223; expedientes 1584/1729)), Félix Stoll (suízo, 24 anos (expediente 2221)), Horacio Amarilla e Alejandro C. Bergottini[309].

Entón, o consello directivo da Liga Centenario non englobaba unha gran presenza española. De feito, José Domingo Gómez Sanjurjo e Félix Stoll eran os únicos estranxeiros. José Domingo asentouse en Asunción nun momento de bonanza económica e coa vantaxe de ter emprego nunha empresa xa consolidada; a súa experiencia migratoria se cadra resultaba menos atarefada que as vivencias de moitos dos pioneiros. Esta diverxencia pode ilustrarse mediante unha comparación cos distintos cargos exercidos por Camilo Pérez y Pérez, todos os cales obedecían a unha estratexia práctica para potenciar os seus negocios e o comercio hispano-paraguaio en xeral. O rol que Gómez Sanjurjo desempeñaba no consello directivo da Liga Centenario gañáballe contactos e prestixio social, certo, pero o motivo fundamental era a súa afección persoal. De feito, a principal lembranza de José Domingo que Gustavo Pérez Samaniego-Abente rememorou durante a entrevista que nos concedeu foi a súa gran paixón polo fútbol[310].

Moitos deportes como o fútbol eran importacións traídas a América por inmigrantes europeos. Os xornais da posguerra anunciaran espectáculos de teatro, actuacións musicais ou algún combate de galos no circo da rúa Oliva — "*peleará el nunca vencido «Mariscal López»*" promete un aviso de 1874[311]. A estes pasatempos engadíronse outros de índole deportiva a principios do século XX. Un exemplo é o *skating-ring* que o "Belvedere" habilitou en 1915 — trátase dunha confeitaría, xeadería e cafetaría ao aire libre na avenida España, construída polo floricultor milanés Juan Ceriani e atendida polo catalán Àngel Bidordà Malet, fillo de Lleida (López Decoud, 1911: LXXX; Morales Raya, 2013: 202). Tamén mencionamos o *Lawn Tennis*

[307] Testemuño de Gustavo Pérez Samaniego-Abente, febreiro de 2018.
[308] En 1875 o seu pai, o suízo Pedro Guggiari, fixera de testemuña na voda de Francisca Urbieta e Eusebio Echeguren, o socio de José María Balteiro (expediente 548). Isto podería apuntar á existencia de lazos de amizade inter-xeracionais entre as familias Guggiari, Echeguren e Balteiro.
[309] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 6 de xullo de 1915, p. 3; 14 de xullo de 1915, p. 3.
[310] Testemuño de Gustavo Pérez Samaniego-Abente, febreiro de 2018.
[311] *La Libertad. Diario de la tarde*. Asunción, 13 de setembro de 1874, p. 1.

Club na quinta de Ricardo Antônio Mendes Gonçalves, frecuentado por Josefina Abente Haedo e as súas amigas en 1915, ou os asaltos de boxeo —un deporte asociado aos países anglosaxóns— como o encontro celebrado en 1917 no Teatro Granados "*entre el campeón de peso liviano señor Smith y el conocido profesor del Club de Gimnasia y Esgrima señor O ô K e r*"[312].

O fútbol estaba destinado a ser o máis popular dos deportes, pero aínda non acumulaba un seguimento masivo. A clase dirixente procuraba fomentalo como unha actividade saudable que tendería a sacar os rapaces paraguaios dos bares e as salas de billar (Toness, 1973: 84). O drama social do alcol non era nada novo. Durante a Guerra da Tripla Alianza, o cónsul francés escribiu que a xuventude masculina estaba recorrendo aos licores en busca do "*olvido de sus angustias*" (Potthast, 2005: 97). Tres lustros despois, Teijeiro Martínez (1882: 42) enxalzaría a herba mate como unha boa alternativa a "*esos licores negros ó negruzcos* […] *En circunstancias en que todos se preocupan por disminuir el alcoholismo*". Estas inquietudes enmárcanse no contexto dun pánico moral que se estaba producindo a nivel internacional —podemos pensar no Movemento da Temperanza estadounidense. Ademais, sen negarmos que se tratase dun problema real, a loita contra a embriaguez daba credibilidade ao estereotipo racista do paraguaio vago e degradado que o Estado promovía coa fin de xustificar a necesidade de atraer traballadores europeos (Kleinpenning, 2009: 153-154). Dende este punto de vista, a borracheira constituía un gran obstáculo ao progreso económico e espiritual da nación. Esta idea explicítase nun artigo titulado "*El mal incurable*" que grava os nomes de 46 obreiros encarcerados nos días anteriores por ebriedade, "*que en los ocho días que pasaran detenidos, pensarán en que cuanto salgan seguirán impertérritos en la senda del vicio. ¡Qué lástima! ¡Cuántas hectáreas de tierra virgen podrían darse vuelta en esos ochos días y con esos mismos brazos!*"[313]

Os eventos deportivos tamén ocasionaban actos de beneficencia, os cales tiñan unha función sinalada no sostemento dos servizos de saúde e benestar. Por exemplo, en xullo de 1915 celebrouse un festival benéfico na cancha do Club Olimpia — iso si, sen a asistencia dos representantes da Liga Centenario porque Olimpia xogaba na rival *Liga Paraguaya de Football Association* (fundada en 1906)[314]. O susodito festival recadaba fondos para a *S o c i e d a d e ñ S Isabel*" (pro leprosos) e contaba coa asistencia dos ministros José P. Montero (Interior) e Manuel Gondra (RREE), os ministros estranxeiros Daniel F. Mooney (EEUU) e Ricardo Mujía (Bolivia) —a este último Abente y Lago (1984: 340) dedicoulle un poema titulado *Bolivia y España* (1911)—, ademais dunha manchea de familias da boa sociedade, entre elas algunhas españolas (Abente, Abente Haedo, Blanco, Brugada, Campaya, Iribas, Prous, Zubizarreta etc.)[315]

[312] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 5 de xullo de 1915, p. 2; 9 de xullo de 1915, p. 2 [O anuncio repítese noutros números]; 12 de xullo de 1915, p. 2; 22 de xullo de 1915, p. 3; 19 de xaneiro de 1917, p. 1
[313] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 6 de xullo de 1915, p. 2.
[314] Enlace: https://www.apf.org.py/p/historia-de-la-apf [acceso: 28 de marzo de 2021; Os fundadores eran: Adolfo Riquelme (propietario de *El Diario*), Ramón V. Caballero (Club Guaraní, fillo de Bernardino Caballero), Julio Quinto Godoi (Club Olimpia, fillo de Juan Silvano Godoi), César F. Urdapilleta (Club "General Díaz"), Manuel Bella (Club Guaraní), Juan M. Sosa (Club Libertad), Vicente E. Codas (Club Nacional), o español canario Salvador Melián (Club Guaraní) e o holandés Willem Paats (Club Olimpia, a Paats atribúeselle a introdución do fútbol no Paraguai). Riquelme foi fusilado en 1912 na guerra civil contra Albino Jara e a propiedade de *El Diario* pasou a Eduardo Schaerer. Paats, oriúndo de Rotterdam, casara en 1904 con Matilde Melián O'Shanahan, a irmá de Salvador (expediente 1734).]
[315] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 10 de xullo de 1915, p. 3.

José Domingo Gómez Sanjurjo foi un persoeiro notable nesta primeira etapa do fútbol paraguaio. En 1923 os socios do Club Libertad, reintegrado na *Liga Paraguaya de Football Association* dende 1917, nomeárono presidente da organización (Villanueva, Figueredo Klein e García Garozzo, 2005: 209). E cando, en 1927, se formalizou o matrimonio de Gómez Sanjurjo e a compostelá Pura López Mosquera:

> *Con motivo de su enlace fue obsequiado el Sr. Gómez Sanjurjo con un banquete que se celebró en el* Hotel del Paraguay *y que estuvo sumamente concurrido, constituyendo una gran demostración de la consideración general de que goza nuestro paisano. El* Club Libertad, *por su parte, celebró un lunch en su honor y le regaló una medalla de oro. El nuevo matrimonio salió en viaje de novios para Montevideo y Buenos Aires.*[316]

As testemuñas á voda foron o comerciante malagueño José María Vázquez de la Torre (corenta anos) e o italiano Miguel Ferraro (39 anos) (expedientes 2755, 3119). Este segundo ben podía ser un amigo do fútbol, pois Ferraro era un dos fundadores do Club Atlántida[317]. Por outro lado, o matrimonio Gómez Sanjurjo-López Mosquera é unha mostra da mobilidade social que José Domingo logrou en América. Nacido no seo dunha familia de humildes labradores, o ortigueirés casou coa filla dun finado ex alcalde de Santiago de Compostela e catedrático da USC, Vicente López Mosquera.

Se volvemos considerar o consello directivo da Liga Centenario en 1915, a xuventude dos seus integrantes é sorprendente. A maioría tiña entre vinte e trinta anos. José Manuel Balteiro só tiña 25 anos en 1915, o mesmo ano en que o designaron xefe de policía. Aquí estamos ante outro dos efectos da Guerra Guazú: ao haber relativamente poucos varóns que sobreviviran o conflito, os homes das seguintes xeracións empezaron a ter protagonismo nos órganos da administración e da sociedade civil dende idades aínda temperás. Constatouse ademais que Gómez Sanjurjo e Stoll eran os únicos integrantes estranxeiros nese consello directivo, pero varios dos seus compañeiros paraguaios eran fillos de inmigrantes ou de matrimonios mixtos (Guggiari, Bernié, Andreu, Bergottini). A diferenza dos seus pais, afrontados á dura tarefa de construír os seus negocios dende os alicerces, eles podían dedicarlles máis tempo aos seus estudos e á recreación. Por este motivo, bastantes fillos varóns de comerciantes estranxeiros tiveron a oportunidade de formarse para accederen ás profesións liberais ou ao corpo de funcionarios do Estado. Repasamos uns exemplos a continuación.

Emilio Faraldo naceu en 1875, fillo do ponteareán Ricardo Faraldo e a paraguaia Simeona Molines. Faraldo doutorouse en Xurisprudencia pola *Universidad Nacional* da República Arxentina trala defensa da súa tese *Apuntes sobre la definición del delito* (Faraldo, 1896). O novo letrado abriu un bufete de avogacía en Asunción e posteriormente foi membro do *Consejo Secundario y Superior de Educación* (Beraud, 1904: 105). Antes de falecer en 1946, a súa traxectoria na maxistratura atangueu os cargos de fiscal no civil, fiscal xeral do Estado, xuíz de sentencia, membro e presidente da cámara de apelación, e presidente do tribunal superior de xustiza (Centurión, 1948: 398-399).

Camilo Pérez Uribe, fillo de Camilo Pérez y Pérez e Adela Uribe, graduou como oficial do exército a principios dos anos trinta (Dalla-Corte Caballero, 2016a: 28). O seu irmán Óscar traballou para Pérez & Sanjurjo durante moitos anos, pero a diplomacia era a súa vocación.

[316] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 30 de xullo de 1927, p. 20.
[317] Enlace: http://historiaatlantida.blogspot.com/ [acceso: 28 de marzo de 2021; blog oficial do Club Atlántida.]

Pérez Uribe desempeñouse en varias capacidades neste eido, como ser director da Sección Consular e de Comercio ou subsecretario do ministerio de RREE durante os anos trinta[318].

Varios fillos de inmigrantes galegos estudaron Medicina. O odontólogo Domingo Sanjurjo (f) dirixía o *Instituto Nacional de Parasitología* a partir de 1933 e formaba parte do primeiro consello directivo da facultade de Odontoloxía da UNA en 1937 (Masi, 1934: 907; VVAA, 2016: 18). Guillermo Brañas, o fillo arxentino dos galegos Balbino Brañas e Florentina Cabaleiro, estaba especializado en dermatoloxía. A súa clínica particular atopábase na rúa Tte. Fariña 38 durante os anos corenta[319]. Un terceiro exemplo é Nicolás González Oddone, fillo do comerciante compostelán Antonio González Paradela, chegado ao Paraguai en 1912 e radicado e Yuty. Nicolás encetou a carreira de Odontoloxía en Montevideo, pero "*supo entender que su talento radicaba en los negocios y volvió a ejercer el comercio en Paraguay*". A súa empresa *Nicolás González Oddone Representaciones*, posteriormente chamada NGO SAECA, hoxe en día é unha das maiores vendedoras de electrodomésticos do país[320].

Os fillos dos irmáns Abente y Lago accederon a diversas ocupacións (a diferenza dos demais casos, aquí os proxenitores xa eran profesionais liberais). Con referencia aos fillos de Victorino Abente, Isidro Abente Myskowsky estudou Enxeñaría en Bélxica en 1903[321]. Máis tarde, exerceu como enxeñeiro municipal de Asunción, chegou a ser director do *Colegio Nacional*, e foi profesor na facultade de Ciencias Físicas e Matemáticas da UNA (López Decoud, 1911: 315; Centurión, 1948: 272; 1953: 427). Pola súa parte, Leandro Abente Myskowsky aparece como arquiveiro da secretaría da Cámara de Senadores en Beraud (1904: 74). Funcionario nos tempos da hexemonía da ANR, o nome de Leandro desaparece deste tipo de documentos despois da Revolución de 1904, momento no cal os seus primos concepcioneiros Víctor e Luis, nados nun bastión tradicional do Partido Liberal, comezan a cobrar protagonismo.

Víctor Abente Haedo doutorouse en Dereito e Ciencias Sociais pola UNA coa tese *El tribunal militar y la rebelión* (1903), e pouco tempo despois foi secretario da presidencia baixo Juan B. Gaona, o primeiro presidente liberal após a Revolución de 1904. Posteriormente, Víctor foi deputado polo distrito de Concepción —nesta capacidade xestionou a arborización das rúas e o empedrado das canles da súa cidade natal (Romero, 1913: 7-8)— e no ano 1915 foi elixido presidente da Cámara[322]. Por certo, a afinidade liberal desta rama da familia non impedía que os Abente-Haedo, sendo unha das dinastías máis distinguidas de Concepción, se aparentase cos fillos do ex presidente colorado Patricio Escobar e a súa esposa Ignacia Garcete. Como xa vimos, María Victoria Abente Haedo estaba casada con Benigno Escobar, director xeral da Asistencia Pública en 1916. Amais disto, a súa irmá Josefa del Carmen Abente contraeu matrimonio con Luis Serafín Escobar en xullo de 1919 (expediente 28).

En 1905, o goberno nomeou Luis Abente Haedo cónsul-xeral do Paraguai en Montevideo en substitución de Matías Alonso Criado (Cagiao Vila, 2018: 57). Isto ocorreu mentres Víctor Abente Haedo era secretario da presidencia, polo cal semella que este intercedeu a favor do seu irmán. En cambio, Ezequiel Abente Haedo seguiu os pasos do seu pai terratenente; Ezequiel figura no censo de 1926 como propietario dunha modesta partida de 51

[318] AHMRREE. DACyL 2. Carta do cónsul-xeral do Paraguai na República Arxentina a Ernesto Egusquiza, 25 de xullo de 1933; DACyL 35. Informe de Antonio E. Dos Santos a Óscar Pérez Uribe, 29 de xullo de 1935.
[319] *El País*. Asunción, 16 de xullo de 1946, p. 6.
[320] Enlace: http://www.ngosaeca.com.py/historia [acceso: 28 de marzo de 2021]
[321] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 27 de xuño de 1903, p. 2.
[322] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 2 de xullo de 1905, p. 1; 5 de xullo de 1915, p. 2.

cabezas de res, 85 ovellas e tres porcos nunha poboación cerca de Loreto[323]. Outro dos seus irmáns, Rafael Abente Haedo, estableceu a casa de comercio R. Abente & Cía. na rúa Palma 79[324]. Pero ao menos un dos fillos de Victoriano Abente graduouse en Medicina como o seu pai. Durante a Guerra do Chaco, Fernando Abente Haedo servía como capitán de sanidade no Hospital de Evacuación Central "Villa Militar" en Isla Po'i, na fronteira entre os actuais departamentos de Boquerón e Presidente Hayes[325].

5.6. As mulleres galegas no Paraguai

Demostrouse no apartado 3.4 que a porcentaxe feminina da colonia española aumentou sensiblemente a partir da segunda metade dos 1890, pero a proporción de mulleres galegas sempre estivo moito máis baixa que noutros colectivos rexionais. Arredor do cinco por cento dos inmigrantes galegos eran mulleres, mentres que elas representaban unha cuarta parte de todos os inmigrantes españois. Este feito atribuímolo á pouca importancia da emigración familiar entre os galegos e á relativa debilidade das súas cadeas migratorias. Por tanto, só pode nomearse un pequeno puñado de mulleres galegas que se asentaron no Paraguai. A única inmigrante galega que identificamos durante o século XIX é Antonia Sánchez, e a realidade é que nin sabemos con certeza se ela naceu en Galicia. Cando a súa filla María del Pilar naceu en A Coruña en 1888, o pai da nena, Plácido Casaús, atopábase en Asunción (expediente 2456). Aínda que non consta cal era o motivo desta situación de afastamento temporal, o dato suxire que Antonia Sánchez era coruñesa ou que tiña familia en A Coruña.

É probable que Sánchez traballase na redacción de *El Látigo* xunto ao seu marido; lembremos que durante o século XIX, as mulleres encargábanse de gran parte das tarefas periodísticas, sobre todo os traballos repetitivos de edición e tipografía. Os herdeiros de Plácido Casaús sacaron outro semanario titulado *El Rayo* en 1896 para perpetuaren a misión de *El Centinela* (a continuación de *El Látigo Inmortal*), pero este foi de curta andadura (Rodríguez Alcalá, 2011: 6). Despois do falecemento de Casaús, a súa imprenta ficaba aberta durante varios anos na rúa Palma 340 como "*Viuda de Casaús é Hijos*", un nome que dá a impresión de que era Sánchez en persoa quen administraba o negocio (*El comercio paraguayo*, 1899: 582). De feito, no catálogo de Beraud (1904: 176) o nome muda a "*Viuda de Casaús*" sen máis. Finalmente, alén da xa mencionada María del Pilar Casaús, soamente sabemos o nome dunha das demais fillas e fillos do matrimonio, pois unha dos asistentes a un pícnic do Centro Español de Villarrica, o 2 de maio de 1916, chamábase Regina Casaús[326].

Os varóns emigrados comezaron a casar con mulleres europeas non emigradas con máis frecuencia a partir da década de 1900, pero debería aclararse que esta non era a única vía pola que as mulleres galegas chegaron dende Europa. Encarnación Paradela, a nai do inmigrante compostelán Antonio González Paradela, mudouse ao Paraguai para vivir canda el trala morte do seu marido porque todos os seus fillos estaban en América e ela quedaba moi soa[327]. Un caso parecido é o da familia López Mosquera-García. Nas contas do consulado do Paraguai en Vigo (1920), rexístranse as legalizacións da partida de defunción de Vicente López Mosquera, a acta

[323] CCCC. Censo de gandaría na zona de Concepción, 1926.
[324] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 2 de xaneiro de 1917, [paxinación perdida].
[325] MDNPPY. CME. ENC 147. Salón de bronce. Orde de batalla do exército en campaña durante a Guerra do Chaco, 1932-1935.
[326] *El Agricultor Guaireño*. Villarrica, 6 de maio de 1916, p. 1.
[327] Testemuño de Beatriz González de Bosio, 2 de xaneiro de 2020.

de matrimonio de Vicente con Manuela García Suárez, e os certificados de nacemento dos seus fillos Vicente Manuel, María, Purificación, Trinidad Andrea, e Teresa Carmen[328]. Legalizar estes documentos era un requisito para que a familia puidese marchar a Asunción após a morte do patriarca. O pioneiro desta cadea migratoria era José López Mosquera, quen a principios dos anos vinte aparece como socio da SRE (344) e como médico con diploma homologado polo *Departamento Nacional de Higiene y Asistencia Pública*[329]. Manuela García viviu durante varios anos no Paraguai, "*en cuya capital tiene importantes negocios y propiedades*", pero retornou a Santiago de Compostela en 1928 na compañía das súas fillas Maruja e Trini. O avogado Vicente Manuel, empregado na *Caja Foral* de Pontevedra, recibiu á súa nai e as súas irmás no porto de Vigo[330]. Como sabemos, Pura López Mosquera quedou en América, onde casara con José Domingo Gómez Sanjurjo o ano anterior.

Non atopamos mulleres galegas que arribasen ao Paraguai sen un acompañamento familiar ou algún parente xa establecido alí. Por exemplo, Quirina Debesa, Francisco Alló García e as súas fillas bonaerenses Estela e Aurora chegaron todos xuntos a principios do século XX (expediente 2840; SESMAP 131-132, 362). A coruñesa Josefina Bao Rey casou en Asunción co uruguaio Emilio Leal Basso en 1918. Unha das testemuñas, José César Augusto Bao, tamén tiña a nacionalidade uruguaia. Así pois, as conexións da familia Bao coa república oriental precedían a voda, se ben neste caso non está claro en que momento se producira a mudanza ao Paraguai nin quen fora o primeiro en chegar (expediente 2535). A historia da pontevedresa María Silva Suárez, Antonio González Riobóo e o seu fillo Antonio González Silva tamén é ilustrativa da emigración familiar. Antonio González Riobóo naceu en Ardales (Málaga) (SRE 224) pero casou con María Silva en Pontevedra no ano 1909[331]. A *Escuela Normal de Maestros* de Pontevedra emitiu un título de mestre superior a favor do andaluz en agosto de 1915[332], e o seu fillo Roberto González Riobóo naceu en 1917 coa nacionalidade paraguaia (expediente 3390). Entón, Antonio e María mudáronse a Asunción entre 1915 e 1917. O seu primeiro fillo Antonio González Silva naceu en 1909 e faleceu na capital paraguaia con apenas dezasete anos[333]. Se a inmigración dun matrimonio mixto galego-andaluz resulta anómala no marco dos resultados cuantitativos da presente investigación, tamén destaca o feito de que Antonio era maior que o emigrante medio: tiña 37 anos en 1919, mentres que María era dez anos menor que o seu marido (expediente 2460; SESMAP 489). Isto, unido á aparente ausencia dunha estadía previa en Bos Aires ou Montevideo, dá a entender que o matrimonio debía contar con algún parente ou amizade anterior no Paraguai.

As fontes recollen unhas cantas informacións sobre o desenvolvemento profesional de Antonio González Riobóo, pero infelizmente non temos ningún dato máis sobre María Silva Suárez. O seu marido tiña un despacho de avogacía na rúa Palma 335[334], impartía aulas na facultade de Dereito e Ciencias Sociais da UNA, e participou na fundación do *Colegio de Abogados del Paraguay* en 1942 (Centurión, 1953: 400, 427). No plano asociativo, os socios da SESMAP nomeárono vocal da súa comisión directiva en 1928 (Morales Raya, 2015a: 364). Por outro lado, Antonio era masón e o seu nome figuraba entre os manifestantes que repudiaban

[328] AHMRREE. DACyL 4B. Estado de contas do consulado do Paraguai en Vigo correspondente ao ano 1920.
[329] *Boletín del Departamento Nacional de Higiene y Asistencia Pública. Publicación mensual*. Asunción, 31 de xaneiro de 1923, p. 17.
[330] *El Pueblo Gallego. Rotativo de la mañana*. Pontevedra, 18 de xullo de 1928, p. 6.
[331] *El Diario de Pontevedra. Diario liberal*. Pontevedra, 18 de marzo de 1909, p. 3.
[332] *El Correo de Galicia. Diario independiente de avisos y noticias*. Santiago de Compostela, 14 de agosto de 1915, p. 2.
[333] Lápida de Antonio González Silva no Cemiterio Español, Asunción.
[334] *El Liberal. Diario de la mañana*. Asunción, 4 de novembro de 1924, p. 2.

os ataques do clero paraguaio contra o escritor liberal Juan Vicente Ramírez en 1919 — unha postura típica dunha época que experimentaba importantes choques entre a masonería e a Igrexa (Báez Allende, 1970: 44; Velázquez Seiferheld, 2014: 64). Tales presións, por exemplo, provocaron a desaparición da loxa Luz de Ñeembucú en Pilar (Boccia Romañach, 2007: 265). A transferencia dos dous apelidos patronímicos aos fillos paraguaios do matrimonio suxire que a esas alturas o andaluz gozaba dun caché social que non tivera no momento de casar con María. A influencia da familia tampouco desvaneceu cando Antonio faleceu en 1954[335], pois o seu fillo Roberto González Riobóo chegou a ser intendente de Asunción nos anos sesenta (Soler, 2015: 84), e hoxe en día existe un templo masónico asunceno que leva o seu nome.

Unha galega que se mudou ao Paraguai tralo seu casamento cun conterráneo emigrado foi Florentina Viñas Someso. En maio de 1907, ela contraeu matrimonio na cidade de Pontevedra con Manuel P. de Lafuente, natural de Carril, quen lle fixera a petición de man durante unhas vacacións en Galicia en xullo de 1906, coa mediación da súa irmá Josefa P. de Lafuente[336]. Manuel regresara á súa clínica en Concepción antes da data da voda, polo cal Felipe Lariño, o cuñado da noiva, estaba apoderado para representalo[337]. Os datos sobre os Viñas-Someso son parcos pero insinúan que a familia formaba parte da burguesía pontevedresa — a mesma clase social que un doutor en Medicina como Lafuente. Flor Viñas asistía a clases de solfexo e piano na *Sociedad Económica de Amigos del País*, o seu pai traballaba como contable na Compañía Arrendataria de Tabacos, e un dos seus tíos era ou ía ser un coñecido banqueiro en Vigo[338].

As únicas pistas directas sobre a nova vida de Flor Viñas entre a elite concepcioneira son os seus retratos no álbum gráfico de López Decoud (1911) (Figura 14). As fotografías proxectan a imaxe dunha posición económica acomodada: traxes europeos, unha casa e xardín espazosos. Alén disto, o fotógrafo dá énfase ao status de Viñas como esposa e nai. O seu marido fita a cámara, mentres que ela olla para el. Na segunda foto, Flor aparece cos seu tres fillos no colo. O matrimonio tivo cinco fillos en total: Aurelia, Manuel, María Victoria, Carlos Alberto, e Sara — non necesariamente nesa orde[339]. Cando Manuel P. de Lafuente morreu, Flor e os seus fillos partiron a Pontevedra, onde vivían os seus pais Florentina Someso Teira, Francisco Viñas de Gracia, e os seus irmáns Matilde, Francisco e Melitina (outra irmá chamada Aurelia finara en 1914)[340]. Isto aconteceu en 1918, como constan os trámites (certificados de nacemento, matrimonio etc.) gravados nas contas do consulado do Paraguai en Vigo[341]. A familia radicouse en Galicia de forma permanente; en 1935, María Victoria casou con Manuel Fernández Troncoso, fillo do alcalde de Ponteareas[342].

[335] Lápida de Antonio González Riobóo no Cemiterio Español, Asunción.
[336] *La Correspondencia Gallega. Diario de Pontevedra*. Pontevedra, 21 de xullo de 1906, p. 3.
[337] *El Eco de Galicia. Órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas Sud-Americanas*. Bos Aires, 10 de maio de 1907, p. 8.
[338] *El Diario de Pontevedra. Periódico liberal*. Pontevedra, 3 de abril de 1900, p. 2; 1 de xullo de 1938, p. 2.
[339] *La Correspondencia Gallega. Diario de Pontevedra*. Pontevedra, 31 de xullo de 1914, p. 3.
[340] AHMRREE. DACyL 4B. Estado de contas do consulado do Paraguai en Vigo correspondente ao ano 1918.
[341] *El Progreso. Semanario independiente*. Pontevedra, 29 de maio de 1921, p. 3.
[342] *El Pueblo Gallego. Rotativo de la mañana*. Vigo, 5 de febreiro de 1935, p. 2.


El distinguido médico Dr. Lafuente y su señora


La Sra. del Dr. Lafuente y sus niños

Figura 14. Manuel P. de Lafuente e Flor Viñas Someso.Flor Viñas Someso e os seus fillos.(López Decoud, 1911: 363.)

Entre as inmigrantes españolas no Paraguai, o máis habitual era non exerceren ningunha profesión formal, e nestas fotos, vestida de branco, a imaxe que temos de Flor Viñas é a dun «anxo do fogar». Relacionado co mesmo estereotipo da muller somo un ser sensible e coidador, un ámbito que elas si protagonizaban era a beneficencia. Existía unha *Sociedad de Beneficencia de Señoras* dende os anos setenta que organizaba actividades recadadoras como un baile que tivo lugar nos salóns do Club Familiar en 1880[343]. A *Sociedad de Beneficencia y Caridad del Paraguay*, fundada en agosto de 1884, continuaba esa mesma obra. Na súa asemblea xeral de 1901, a comisión directiva resolveu tomar ao seu coidado o asilo de mendigos (fundado en 1886) e a casa de orfos (1896). Varias das 32 asistentas a dita asemblea estaban vinculadas á colonia española por matrimonio, como a presidenta Matilde Vely, brasileira, esposa do fotógrafo español Manuel San Martín, ou as paraguaias Isabel Myskowsky e Silvia Cordal, casadas con Victorino Abente y Francisco G. Villamil. Aurelia Montero, a esposa de Domingo Sanjurjo, non puido asistir por mor dunha enfermidade. Tamén estiveron presentes unha española, a catalá Ana Rius, e outra muller chamada Amalia I. de Santamarina que podería ser unha irmá do inmigrante español Rufino Iglesias Santamarina, cuxa nai chamábase Amalia (expediente 1651; *Reglamento de la Sociedad de Beneficencia*, 1901: 13-14).

Os socios da SESMAP, homes e mulleres, tamén realizaban tarefas de beneficencia. Por exemplo, na reunión do comité directivo en febreiro de 1896, nomeouse o cangués Valentín Barreiro Seijo como encargado do panteón durante o próximo mes, e convocouse unha comisión para visitar os enfermos. Esta estaría composta por Francisco Dalmau (catalán), Luis Escario (madrileño) e Salvador Espelt (catalán). Tamén se designou unha comisión de señoras:

[343] *La Reforma. Diario de la mañana*. Asunción, 14 de novembro de 1880, p. 2.

Matilde Vely, Ana Rius, a bonaerense Catalina Lara, e a paraguaia Amalia González, esposa do lucense Manuel Fernández Sánchez, presidente da SESMAP[344]. Máis tarde, a filla de Catalina Lara e Ramón Zubizarreta, Elena Zubizarreta, destacaría no ámbito da beneficencia como presidenta da comisión directiva do Hospital de Caridade en 1911 (Monte Domecq, 1911: 193).

En 1916, o goberno deu un paso importante na institucionalización da sanidade promulgando unha lei de asistencia pública que nacionalizaba os establecementos de caridade como o Hospital "San Vicente de Paúl" (antes *Hospital de Caridad*; pasou a denominarse Hospital de Clínicas ou Hospital Nacional) ou o Manicomio Nacional (Hospital Neuropsiquiátrico) (Oxley, 2013: 83). Até ese momento o Estado profesara un papel secundario no sistema de sanidade fronte ás asociacións privadas de beneficencia ou axuda mutua, pero reducir o control da Igrexa sobre estas institucións formaba parte do proceso de laicización do Estado. Unha comunicación do Arcebispado de Asunción alegaba que a "*ley de disolución y confiscación de los bienes de la Sociedad* […] *envolvería un acto de injusticia e ingratitud para las damas de beneficencia y caridad y atacaría de muerte todo estímulo a los sentimientos altruistas*" (citada en Velázquez Seiferheld, 2014: 55). Incluso o oficialista *El Diario* recoñecía que había críticas. Moitas persoas temían que "*por su nacionalización, el óbolo social cesaría y se resentiría fundamentalmente los servicios hospitalarios*"[345].

Tales preocupacións resultaban esaxeradas porque o goberno non podía permitirse o traslado total das responsabilidades sanitarias ao erario público, nin a sociedade daquela época aplaudiría unha mudanza tan brusca. As nacionalizacións non pecharon a porta á beneficencia privada, como xa se constatou no apartado 5.4 na ocasión dunha gran subscrición en 1918. Pero a polémica abre o debate sobre a función da beneficencia feminina. Non escasean as interpretacións que din que se trata dun método máis ou menos hipócrita de manter a pobreza a un nivel tolerable para precaver os perigos do descontento social. Como sentenciou Rafael Barrett (1996: 92-93), "*La beneficencia es un buen negocio. ¿Acaso las compañías de seguros indemnizan por piedad? La beneficencia es el seguro de la civilización*". Emporiso, as motivacións e as formas de entender a caridade variaban. Para o caso español, Franklin Lewis (2011: 198-200) contrasta os escritos de Cecilia Böhl de Faber, para quen a beneficencia era unha emanación natural do carácter sensible da muller cristiá, cos de Concepción Arenal, quen argüía que podía ser ademais unha arma de xustiza social e unha forza modernizadora.

Nun sentido máis amplo, tense argumentado que para estas mulleres a caridade era unha maneira de influír no desenvolvemento socio-político dos seus países nun período de transición nos roles de xénero — o que Smith (2006, citada en Franklin Lewis, 2011: 188) chama unha «cidadanía feminina emerxente» (*emerging female citizenship*). Esta tendencia coincide no tempo cun aumento da visibilidade social dalgunhas mulleres que se reflicte na sección "Vida social" dos xornais da época. As persoas incluídas nesta sección constituían un verdadeiro 'quen é quen' da alta sociedade. As súas listaxes de asistentes a obras de teatro, vodas, enterros, banquetes ou *soirées* permitían que as boas familias se mantivesen ao tanto das actividades dos seus pares, á vez que o lector ou lectora común se decataba dos gustos e as modas que caracterizaban a vida moderna das elites. Con referencia ás conferencias organizadas por *La Prensa* de Bos Aires, Gómez (2008: 267) afirma que este tipo de publicidade social respondía ao crecemento dunha pequena burguesía e clase traballadora urbana e alfabetizada,

[344] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 4 de febreiro de 1896, p. 2.
[345] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 8 de xaneiro de 1917, p. 1.

o cal redundaba nun grao de democratización e feminización da esfera pública, o mundo da cultura e a ciencia. Neste senso, pode ser significativo que os xornalistas paraguaios adoitasen identificar as señoras e señoritas que asistían a tal ou cal evento en lugar dos seus maridos ou pais.

Un exemplo procedente da derradeira etapa do período de estudo, na sección "Vida social" de *El País* en xullo de 1946, consiste na listaxe de invitadas a un té ofrecido por Juanita Brugada de [Raúl] Sapena Pastor, onde "*anotamos la presencia de las señoras*" Sara Samaniego de [Óscar] Pérez Uribe, Matilde Marsal de [Camilo] Pérez Uribe, e Pura López Mosquera de [José Domingo] Gómez Sanjurjo. Adela Pérez Uribe non podería asistir por mor dunha enfermidade, como aclara a sección "Enfermos" do día anterior. O texto non ofrece ningún detalle máis sobre o faladoiro, senón que manifesta quen eran algunhas das as familias máis eminentes nese momento — neste caso, os apelidos vinculados a Pérez & Sanjurjo. Iso si, abofé que un dos temas de conversa foi "*el cocktail danzante que, organizado por la Hermandad Femenina Española de Caridad, se efectuará el domingo próximo, a las cinco de la tarde, en los salones de la Sociedad España, para solemnizar la festividad de Santiago Patrón de la Madre Patria*". Non pode asegurarse que as citadas mulleres estivesen vencelladas á *Hermandad* —trátase de dúas noticias distintas— pero demostra que a tradición benéfica seguía vixente[346].

Xa que a sección "Vida social" se interesa polas actividades das elites —un grupo por natureza exclusivo—, moitos apelidos de inmigrantes nunca ou case nunca aparecen alí. É plausible que algunhas mulleres españolas rexistradas no libro de socios da SESMAP, a pesar de non alegar ningunha profesión, realmente colaborasen nos negocios dos seus maridos no eido do pequeno comercio. En 1904, 16/26 dos boliches (61,5%) e 14/47 das pulperías (29,8%) en Concepción eran propiedades de mulleres (Beraud, 1904: 257-259). O emprego feminino resultaba común e socialmente aceptable nese sector, e nos almacéns españois, sobre todo nos máis humildes que case non deixaron pegadas nas fontes, o traballo da esposa do propietario aforraría tempo e diñeiro. Baixo esta óptica, tres afiliadas á SESMAP (515, 516, 517) que chaman a atención entre 1929-1930 son María Roca viúva de Durand, Rosario Moral viúva de Muñoz (Málaga) e Cecilia Niebla viúva de Moral (Málaga). Estas tres mulleres, de entre cincuenta e setenta anos de idade, figuran como comerciantes no libro de socios. Outros sectores en que o traballo feminino remunerado era frecuente son a fabricación de cigarros, a destilación de caña, a agricultura, a enfermaría, incluídas as parteiras, ou a educación primaria. Saíndo do ámbito do traballo lícito e recoñecido, tamén poderiamos mencionar a prostitución, exercida por moitas mulleres oriúndas dos países aliados durante a ocupación (Alvarenga Caballero, 1998: 74-75; Warren, 2009 [1978]: 228). Os primeiros dous sectores, os primordiais da primeira posguerra, non atraían ás inmigrantes. As mulleres estranxeiras faenaban a terra nas colonias agrícolas, pero poucos españois e menos españolas moraban naqueles asentamentos planificados.

Faltan datos sobre o traballo feminino na sanidade, pero en principio non semella que se trate dun sector que precisaba dun número importante de traballadoras importadas. Na súa cronoloxía da saúde pública paraguaia, case as únicas estranxeiras que Ramírez de Rojas (2019: 107) identifica son tres irmás das *Hijas de la Caridad de San Vicente de Paúl* —Germana, María e Vicenta— que se incorporaron á *Hospital de Caridad* en 1879. Algunhas estranxeiras

[346] *El País.* Asunción, 23 de xullo de 1946, p. 6; 24 de xullo de 1946, p. 6.

sobresaen como pedagogas, como a monxa francesa Josefa Bourdette que dirixía o colexio "*La Providencia*" de Asunción dende 1888 até 1921. Para Mosqueira (1930: 31), Bourdette e Clara Rey, unha uruguaia que a acompañaba nos primeiros anos, "*fueron las primeras en esparcir, desde un colegio religioso para niñas, las semillas de la luz y de la civilización cristianas, en una sociedad destruida y en ruina*".

Onde si rexistramos algunhas traballadoras españolas é na moda. A finais do século XIX, todas as principais vilas da república tiñan cadansúa xastrería, pero as únicas casas de modas atopábanse en Asunción. Seis destas sete empresas estaban rexistradas a nome dunha muller (*El comercio paraguayo*, 1899: 586). O espallamento das modas europeas era unha vertente máis das grandes mudanzas que os contemporáneos comprendían como modernización e progreso. Neste senso, Plá (1984, citada en Caballero Campos, 2017: 57) sinala que os estranxeiros xa efectuaran un cambio substancial na moda asuncena nos tempos de López. Daquela había modistas francesas e xoieiros foráneos que vivían na cidade, Pura Jiménez de Bermejo foi a primeira portadora da crinolina, e Elisa Lynch, a esposa irlandesa de Francisco Solano López, introduciu os toucados de pedras, os sombreiros de palla con flores, tules e cintas, e un novo mundo de peiteados elegantes que as damas paraguaias, aínda que non os imitasen, "*de ella aprendieron seguramente algo muy sencillo: que no existe un modo único de peinarse*".

Durante o período de entreguerras, o perfil dunha modista española en Asunción era a muller casada. Dar a luz non implicaba o abandono automático do emprego. A zaragozana Clementina Domínguez de Gastón é o primeiro nome coñecido; ela afiliouse á SESMAP (34) en 1893 con trinta anos. Máis tarde figura unha costureira, Teresa viúva de Camps, que se inscribiu na SESMAP (130) en 1909, máis dúas costureiras que ingresaron no país en 1918 e encaixan no mesmo perfil: máis de 35 anos, casadas e con fillos. Entre os españois rexistrados pola Oficina de Inmigrantes entre 1918-1932 (Morales Raya, 2015a: 558-568), aparecen seis modistas de entre 34 e 58 anos de idade. Tres destas seis viaxaban en compañía do seu marido e os seus fillos, unha co seu marido, unha era viúva e viaxaba cun fillo, e a outra viaxaba cun fillo pero sen o seu marido. Esta última era Florentina Cabaleiro, quen en 1931, aos 46 anos, foi en tren dende Posadas a Asunción na compañía do seu fillo arxentino Guillermo Brañas. Cabaleiro naceu en Pontevedra (SESMAP 559). Acerca dos seus demais parentes, a súa filla Elisa Brañas inscribiuse na SESMAP (582) en 1932. O marido de Florentina, o español Balbino Brañas Brañas, exercera como cónsul honorario de España en Posadas entre 1926 e 1930[347].

[347] *Guía Oficial de España*. Madrid, 1927, p. 141; 1930, p. 167.

5.7. A *Legión Civil Extranjera* (LCE) durante a Guerra do Chaco

A Guerra do Chaco mobilizou toda a sociedade paraguaia, pero por medo á espionaxe, poucos foron os estranxeiros que obtiveron un permiso para actuaren na propia fronte. Dalla-Corte Caballero (2010: 24, 102-103, 125, 162) refírese a un puñado de voluntarios arxentinos, chilenos ou salvadoreños que se alistaron aos corpos de sanidade, os veteranos alemáns da Primeira Guerra Mundial que loitaron nos dous bandos, o exiliado xeneral ruso Belaieff, e un número sen cuantificar de enfermeiras arxentinas e algunhas uruguaias, como Carmen Urioste, a esposa do capitán Fernando Abente Haedo. A mesma autora menciona ao menos dous españois que se incorporaron ao exército paraguaio: o tenente segundo José Peláez e o tenente de sanidade Joaquín Roy Esperalba, nado e 1904 en Mataró, Barcelona (expediente 2586). Isto non quere dicir que a contribución dos demais estranxeiros residentes no país fose nula. Ao contrario, o seu apoio material a través da LCE tivo un valor incalculable para a medicina e outros servizos auxiliares na retagarda.

O 11 de maio de 1933, delegados de dezasete nacionalidades xuntáronse na Cámara de Comercio para aprobaren a creación dunha "*entidad cooperadora, con las autoridades civiles y sanitarias del país, en la defensa de los intereses generales, de la salud y tranquilidad públicas, durante el tiempo que durase la contienda con Bolivia, y para contribuir a la solución de los problemas consiguientes a la guerra*". A LCE axiña atraeu novos adherentes. Había 25 persoas na listaxe de socios do 5 de agosto, cuxas cotas mensuais sumaban 1.745 pesos. Porén, contra o día 31, esta cifra alcanzaba os 60.642 pesos (á parte das doazóns puntuais, os membros podían optar a unha cota de 5.000, 2.500, 1.000, 500, 250, 100 ou 25 pesos mensuais). A función cardinal da LCE consistía en empregar este diñeiro para financiar as actividades das institucións hospitalarias e a Cruz Vermella, e para setembro de 1933 xa se repartiran 75.000 pesos con este propósito[348]. Esta iniciativa non difería moito das habituais subscricións benéficas que examinamos noutras partes da presente investigación, pero a súa novidade xacía na escala sen precedentes do cometido, pois a LCE contaba con 2.356 afiliados cara a finais de 1934[349]. Esta cifra só representa unha fracción de todos os inmigrantes, moitos dos cales se cadra fixeron unha ou máis doazóns sen afiliarse, ou ben colaboraban con outras organizacións. Listamos abaixo os afiliados da LCE que eran galegos (engadimos datos complementarios acerca dalgúns inmigrantes non tratados noutros capítulos):

-Balbino Brañas
-Quirina Debesa
-Camilo F. de la Fuente
-Manuel Fresco
-Manuel González Táboas
-José L. Lema
-Luis López Ríos
-Luis O. Contente (41 anos, casado en Asunción en 1930 — Pontevedra (expediente 2642))

[348] *La Tribuna. Número extraordinario en homenaje a la Legión Civil Extranjera*. Asunción, 1 de xaneiro de 1935, pp. 4, 6.
[349] *La Tribuna* ofrece o seguinte resumo dos afiliados por nacionalidades: 448 arxentinos, 418 alemáns, 328 españois, 286 italianos, 261 sirio-libaneses, 84 uruguaios, 79 israelís, 57 suízos, 55 brasileiros, 53 austríacos, 49 franceses, 43 ingleses, 43 rusos, 25 checoslovacos, dezaoito daneses, dezaseis iugoslavos, catorce norteamericanos, dez chilenos, oito belgas, oito holandeses, oito húngaros, sete portugueses, seis palestinos, cinco suecos, catro romaneses, tres gregos, tres menonitas, dous árabes, dous australianos, dous exipcios, dous irlandeses, dous peruanos, un canadense, un escocés, un finlandés, un letón, un lituano, un mexicano e un xaponés.

-Pérez & Sanjurjo S.A.
-Francisco Regueira
-Antonio Romero Alonso (48 anos, casado en Asunción en 1914[350]; tiña carta de cidadanía arxentina — Corcubión, A Coruña (expediente 2161))
-Guillermo Souto Menéndez
-Máximo Táboas
-Eduardo Veiga Peña

Hai catro afiliados cuxos apelidos comúns impiden saber con certeza se se trata de inmigrantes galegos que aparecen noutras fontes co mesmo nome:

-Antonio Díaz (Antonio Díaz Martínez? (expediente 2235))
-José Díaz (José Díaz Fernández? (SESMAP 573))
-José Martínez (José Bonifacio Martínez Sánchez? (expediente 2297))
-Manuel Pérez (51 anos, comerciante, membro da SESMAP (475) dende 1927 — provincia de Pontevedra (?))[351]

Se o 8,19% dos inmigrantes españois durante o período de entreguerras eran galegos (apartado 3.2), esperaríase que houbese aproximadamente trinta galegos entre os 378 socios españois citados en *La Tribuna* o 1 de xaneiro de 1935 (Anexo II; esta nómina debe ser posterior ao resumo de afiliados por nacionalidade no mesmo xornal, onde se cifra o número de socios españois en 328 individuos). Por tanto, é probable que aquí identificásemos unha boa parte deles. Estes afiliados non eran en xeral os membros máis novos da colectividade galega, senón que se trata de persoas cunha experiencia migratoria distendida, certos aforros, e unha posición consolidada na sociedade de acollida. Algúns sobresaen como ricos xefes de empresas e líderes do asociacionismo español: Pérez & Sanjurjo (SESMAP), De la Fuente (SRE) e González Táboas (Casino Español de San Lorenzo). Porén, non todos encaixan neste paradigma. O ribadense Luis López Ríos traballaba como empregado de comercio até 1931 polo menos (SESMAP 572). De igual modo, Eduardo Veiga Peña traballaba para Segura, Latorre & Cía. — durante a guerra este xastre coruñés fabricaba uniformes para o exército[352].

O impulso a contribuír ao esforzo bélico respondía en parte aos intereses materiais dalgúns destes civís. Numerosas empresas inglesas e arxentinas realizaran inversións no Chaco, e o comercio paraguaio estaba estreitamente vinculado con este sector (Zuccarino, 2019: 94-95). O secretario de prensa da LCE e director de *La Tribuna*, o tarraconense Pedro Sayé, escribiu que os estranxeiros no Paraguai "*forman una gran familia* […] *más que en ninguna otra parte*"[353]. Tal afirmación podería interpretarse como unha amálgama dos intereses dos inmigrantes e os seus intereses de clase, dado que a burguesía urbana era eminentemente europea. Secasí, non pode desbotarse que as motivacións dos afiliados puidesen ser máis íntimas e inmediatas. A declaración de principios da LCE alude ao "*imperativo de una gratitud ciertamente sentida*"[354]. Os inmigrantes identificábanse coa causa paraguaia como unha consecuencia natural da súa longa permanencia nun país que lles brindara a oportunidade de

[350] Romero contraeu matrimonio coa brasileira Isidora Almeida (Corumbá). En 1942, Almeida testemuñou a voda doutro galego, Prudencio Fernández dos Santos, con Elvira Acosta Fernández, tamén nacida no Mato Groso do Sur, concretamente en Porto Murtinho (expediente 3286).
[351] *La Tribuna. Número extraordinario en homenaje a la Legión Civil Extranjera*. Asunción, 1 de xaneiro de 1935, p. 25.
[352] Testemuño de Eduardo Veiga Ortiz, agosto de 2019.
[353] *La Tribuna. Número extraordinario en homenaje a la Legión Civil Extranjera*. Asunción, 1 de xaneiro de 1935, p. 9.
[354] *La Tribuna. Número extraordinario en homenaje a la Legión Civil Extranjera*. Asunción, 1 de xaneiro de 1935, p. 6.

desenvolvérense persoal e profesionalmente. Un semanario ilustrado da época aplaudía a constitución da LCE estimando que os estranxeiros "*laboran la grandeza del Paraguay con el mismo empeño que nosotros*"[355]. Proba deste patriotismo é unha carta que 27 españois residentes en Concepción enderezaron ao ministro plenipotenciario de España, Eduardo Sáenz de Santander, en novembro de 1931. Como resposta a certas informacións na prensa acerca do posible envío dunha comisión militar instrutora española para asesorar o exército boliviano, os asinantes alegaron que aquilo "*significaría un error de política Hispano-Americana y crearía una situación violenta* […] *ya que sentimos especial cariño por el Paraguay y estamos solidarizados en el pleito de límites que sostiene con Bolivia*"[356].

Pero o factor crucial podía ser o feito de que case calquera inmigrante tiña parentes e amigos que estaban arriscando as súas vidas no campo de batalla. Non existe un rexistro de todos os 120.000 paraguaios e paraguaias mobilizados na fronte, pero si podemos citar algúns descendentes de inmigrantes galegos que eran oficiais do exército, dando por feito que debía haber bastantes máis que non integraban na oficialidade:

-Fernando Abente Haedo. Capitán de sanidade
-Guillermo Brañas. Tenente 2º de sanidade
-José A. Casariego. Tenente 1º de artillaría (véxase apartado 6.2)
-Eugenio González Riobóo. Tenente 2º de sanidade (véxase apartado 5.6)
-Camilo Pérez Uribe. Capitán de infantería e comandante de rexemento
-Óscar Pérez Uribe. Tenente 1º de artillaría
-Claudio Prieto. Tenente 2º de sanidade (fillo da mallorquina Margarita Abraham e o ribadense Genaro Prieto Villamil (?); inferimos este lazo de parentesco porque o pai de Genaro Prieto Villamil tamén se chamaba Claudio (expediente 1896))
-Carlos Rodiño. Tenente de administración (fillo da paraguaia Victorina Scolari Borniole e Benito Rodiño Esperón, galego oriúndo das Rías Baixas[357] e residente en Asunción ao menos dende 1894 (expediente 1364); temos noticias dunha irmá de Carlos, María Rodiño, que formaba parte da comisión directiva da *Sociedad Protectora Educ Amar* i1 9d2o5[358])
-Joaquín Antolín Rodiño. Tenente de infantería
-Manuel Rodiño. Garda mariña
-Gonzalo Samaniego Abente. Oficial no servizo de aviación (fillo de Manuela Abente Myskowsky e José Samaniego; futuro cuñado de Óscar Pérez Uribe cando este casou con Sara Samaniego Abente)
-Victoriano Samaniego Abente. Tenente 2º de sanidade[359]

[355] *Enanito. Semanario ilustrado y de informaciones generales redactado en castellano*. Asunción, 20 de maio de 1933, p. 1.
[356] CCCC. Carta dos residentes españois a Eduardo Sáenz de Santander, 13 de novembro de 1931. [Non atopamos indicios documentais de tales negociacións entre España e Bolivia. Antes do seu traslado a Asunción, Sáenz de Santander fora ministro plenipotenciario en A Paz durante varios anos. Ademais, o diplomático que Sáenz substituíu, Felipe G. Ontiveros, era un coñecido simpatizante da causa paraguaia. Por este motivo, é probable que se orixinasen rumores sobre un novo rumbo pro-boliviano na política exterior española, como o da amentada comisión militar instrutora — rumores que non tiñan fundamento porque o goberno de Primo de Rivera se mostraba máis favorable á diplomacia paraguaia que á boliviana, sen abandonar a súa neutralidade oficial, como o presente autor argumenta nunha recente publicación (Webb, 2021).]
[357] *Anuario del Comercio, de la Industria, de la Magistratura y de la Administración*. Madrid, 1886, p. 1510; *El Pueblo Gallego. Rotativo de la mañana*. Vigo, 14 de febreiro de 1928, p. 13. [A primeira fonte localiza un tal Ventura Rodiño Esperón en O Sineiro (Cambados); a segunda constata que José Rodiño Esperón era de Poio.]
[358] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 10 de xullo de 1925, p. 1.
[359] MDNPPY. CME. ENC 147. Salón de bronce. Orde de batalla do exército en campaña durante a Guerra do Chaco, 1932-1935; Listaxe de xefes, oficiais, enfermeiras e capeláns do exército paraguaio do Chaco, facilitada por Herib Caballero Campos.

O labor cotián da LCE tiña que ser bastante intenso porque a comisión directiva celebrou cincuenta reunións no seu primeiro ano de existencia — a *Casa Argentina* cedeu o seu local para este fin. Entre 1933 e 1934, fundáronse ao menos 24 comisións locais na campaña. Rexistramos membros españois, aínda que ningún galego, nas comisións da LCE en Altos e Caballero (Cordillera), Caazapá, Yegros e Yuty (Caazapá), Encarnación (Itapúa), Itá, Itauguá e Villeta (Central), Paraguarí, Quiindy, Quyquyhó e Ybycuí (Paraguarí), Tebicuary (Guairá), Villa del Pilar (Ñeembucú) e Villa del Rosario (San Pedro). As únicas comisións que non incorporaban ningún cargo español eran Paso Yobái (Guairá), Pedro Juan Caballero (Amambay), San Bernardino (Cordillera), San Estanislao e Villa de San Pedro (San Pedro). *La Tribuna* reproduce algunhas fotos doutras comisións locais como as de Caacupé (Cordillera), San Juan Bautista (Misiones) ou Sapucai (Paraguarí) sen detallar os nomes e as orixes dos seus integrantes[360]. En todo caso, estes datos manifestan unha vez máis a larga dispersión xeográfica dos inmigrantes entre as distintas prazas de comercio.

Tamén había afiliados da LCE en Concepción e Villarrica. Varios dos 27 españois que firmaran a carta de protesta a Eduardo Sáenz de Santander en 1931 aparecen na nómina da LCE en *La Tribuna*. Un dos asinantes desa carta, José Bañuelos, inscribiuse na LCE en maio de 1934 e á vez pagaba as súas cotas ao sub-comité local da Cruz Vermella[361]. Neste sentido, e como xa propuxemos, a opción de aportar a outras institucións benéficas como a Cruz Vermella podería explicar en parte por que menos do dez por cento da colonia española se afiliou á LCE antes de xaneiro de 1935. En Villarrica, a LCE traballaba en cooperación con outras organizacións civís para acorreren o sistema de sanidade e as vítimas da guerra. Na terceira semana de xullo de 1934, constan doazóns diarias de alimentos feitas dende a *Escuela Superior ñ C e r v a d e t e s ò* nenas e a sección varóns, ou ben por celadoras da Comisión de Damas "Pro Patria". Estas axudas sumáronse a outras colectas como a subscrición "*Pro Prisioneros Paraguayos*", organizada por Carmen Ugarte de Zubizarreta, ou a Comisión de Auxilios presidida por Carla de Paoli baixo os auspicios da intendencia municipal, a cal recadou 12.640 pesos ao longo do mes. A Comisión de Damas "Pro Patria" recolleu 8.246,24 pesos entre novembro de 1933 e xullo de 1934 organizando un partido de fútbol, un bazar, a queima dun Xudas, uns cabaliños e un cóctel no club social "*El Porvenir Guaireño*". Ademais, a solicitude desta comisión, o Centro Español suspendera as súas actividades habituais en 1932 para que o seu local puidese servir como hospital de sangue (*El Centro Español de Villarrica,* 1965: 17).

A principios de agosto de 1934, as representacións das respectivas colonias estranxeiras obsequiáronlle un xantar no Hotel Central Español ao delegado da LCE, Carlos Teichmann, quen estaba visitando a cidade. Neses momentos, o presidente da comisión local era o español Tomás Hereter, o secretario era Arturo J. Clebsch, e o secretario de prensa era Moisés M. Levim. Un dos principais proxectos da LCE de Villarrica era a construción dun novo pavillón para o *Hospital Regional,* que baixo a dirección de Pedro M. Martínez (membro do directorio de "*El Porvenir Guaireño*"), funcionaba como "*el único hospital con que cuenta esta región, sin otra ayuda que el escaso emolumento que se le destina y con el que tiene que hacer frente a las necesidades* […] *que desde la iniciación de la guerra han aumentado*". O diñeiro realmente faltaba en case todos os aspectos da administración. Por exemplo, a intendencia tivo que arrombar cuadrillas de presos bolivianos para limpar "*los yuyales y malezas que han*

[360] *La Tribuna. Número extraordinario en homenaje a la Legión Civil Extranjera*. Asunción, 1 de xaneiro de 1935, p. 41.
[361] CCCC. Recibos da Cruz Vermella e da LCE para José Bañuelos, 1934-1935.

invadido por todas partes". Ao final, a LCE, a Cruz Vermella e a Comisión "Pro Hospital" xuntaron forzas para completar as obras do novo pavillón[362].

O parágrafo anterior é apenas un bosquexo dalgunhas das actividades paralelas que as diferentes agrupacións civís realizaban durante a Guerra do Chaco, pero exemplifican como xurdiu esta complexa rede de asociacionismo benéfico que transformou a solidariedade cidadá nunha forte sustentáculo da retagarda. Agora ben, se aceptamos a estimación de cinco mil españois residentes en toda a república que Felipe G. Ontiveros fixo en 1936 —de volta no Paraguai en substitución de Sáenz de Santander dende 1932—, os 378 afiliados españois a finais de 1934 só representarían o 7,56% do total, ou un pouco máis porque algúns abonados eran familias enteiras ou empresas. Faltaría unha pesquisa máis profunda para indagar as actividades do resto da colonia española e o funcionamento das asociacións civís durante a guerra. Entrementres, posto que os inmigrantes adoitaban acharse entre os sectores máis adiñeirados da sociedade paraguaia, é razoable concluír que as súas contribucións resultaron cuantitativamente moi importantes á hora de soster o sistema sanitario e socorrer as persoas máis prexudicadas polo conflito.

5.8. Conclusión

Os coñecementos que derivamos do presente capítulo volven retratar o colectivo hispano-galego como un elemento bastante visible na sociedade paraguaia, a pesar de minoritario, que incidiu de forma salientable nas mudanzas socio-económicas que o país sufriu ao longo do período de entreguerras. Esta visibilidade intúese en primeira instancia na concentración dos inmigrantes no casco urbano de Asunción, en especial no barrio da Encarnación, onde os estranxeiros compoñían case unha cuarta parte de todos os veciños arredor de 1900. O influxo migratorio podía ser frouxo, pero alí, no centro neurálxico do Estado, respirábanse aires sorprendentemente cosmopolitas. Os inmigrantes tamén deixaron as súas pegadas na fasquía das cidades; edificios como a Quinta "Adela" de Camilo Pérez, as impoñentes casas do novecentos en Areguá, ou os magníficos almacéns de Ferreiro & Brisco en Pilar son afirmacións do status social e os gustos sofisticados, modernos e europeizantes dos seus propietarios.

Respecto do proxecto chaqueño de Francisco Javier Brabo en 1879, un cometido realmente faraónico, sería doado infravaloralo porque ao final os seus plans quedaron en nada. Emporiso, grazas á ambición do aventureiro pontevedrés, nese momento produciuse o primeiro intento de resolver a cuestión de límites con Bolivia pola vía diplomática e de preparar os recursos naturais do Chaco Boreal para a súa comercialización. As previsións de Brabo acerca da futura importancia do Chaco non estaban descamiñadas de vez. A venda masiva das terras fiscais encomezou menos dunha década máis tarde, e o proceso precipitou unhas enormes e en moitos sentidos destrutivas mudanzas na sociedade e no tecido produtivo nacional. Era estranxeira a maioría dos —poucos— beneficiarios da liberalización do factor terra no Paraguai. Entre eles atopamos algúns españois como o eonaviego Francisco G. Villamil, accionista e en certo momento presidente de *La Industrial Paraguaya*, ou o médico-gandeiro muxián Victoriano Abente y Lago, dono de decenas de miles de hectáreas de pasteiros e amigo do gran empresario herbeiro Tomás Larangeira, o padriño do seu fillo Víctor Abente Haedo.

[362] *El Surco*. Villarrica, 27 de xullo de 1934, p. 2; 1 de agosto de 1934, p. 2; 6 de agosto de 1934, p. 2; 16 de setembro de 1934, p. 2; 31 de outubro de 1934, p. 1; 19 de decembro de 1934, p. 2.

Pero a meirande parte dos inmigrantes españois traballaba no comercio, sobre todo os galegos, tal como exemplifica a cadea migratoria dos Balteiro e Sanjurjo. Os inmigrantes adoitaban estar alfabetizados, profesar coñecementos dos mercados exteriores, e provir de rexións onde a penetración capitalista xa obraba os seus efectos transformadores na mentalidade das xentes. Esta suma de capital humano proporcionáballes unhas vantaxes cruciais no país de destino, onde o sistema educativo era precario e a transición ás dinámicas de produción capitalistas estaba resultando difícil e traumática. Neste capítulo, subliñamos un abano de trazas do comercio galego que eludiron a análise cuantitativa, como son o desenvolvemento da publicidade, o comercio étnico, a diversificación do mercado paraguaio mediante a introdución de produtos estranxeiros, os mecanismos do efecto chamada, o emprego de conterráneos nos almacéns, ou a mobilidade social a través da formación e a profesionalización dos fillos varóns dos inmigrantes.

O tudense Camilo Pérez y Pérez, quen non integraba a cadea migratoria Balteiro-Sanjurjo pero si estaba vencellado a ela no ámbito profesional, álzase como un exemplo paradigmático da figura dun líder étnico. A análise da súa traxectoria somérxese nas distintas áreas en que a actuación de Pérez y Pérez tivo resonancia. Contrastar as contías que a empresa Pérez & Sanjurjo doou ás subscricións benéficas durante a década de 1910 ilustra o seu auxe vertixinoso entre as principais casas de comercio en Asunción, pero tamén relembra o papel obrigado do sector privado na expansión dos servizos públicos durante o período liberal. En moitas ocasións, estas subscricións estaban coordinadas polas mulleres de clase media-alta, sen excluír as fillas e esposas dalgúns pro homes da colonia española, as cales desta forma reafirmaban o seu dereito a participar na sociedade como cidadás activas. O costume de mobilizar os recursos particulares para recostar as accións estatais alcanzaría a súa culminación na LCE, unha impresionante iniciativa colaborativa que constituíu un dos pilares do servizo de sanidade durante a Guerra do Chaco.

O estudo dos membros da comisión directiva da SESMAP en 1917, durante a presidencia de Camilo Pérez, e os seus outros proxectos industriais e financeiros (o BEP e a CPFCC) bota luz sobre a rede de amizades, favores e contactos que sostiña o liderado étnico do tudense como fonte de apoio e poder clientelista. Ao mesmo tempo, revelamos que o seu triunfo socio-profesional tamén dependía das súas conexións cos dirixentes paraguaios da época, en particular o xefe de policía José Manuel Balteiro e, a través del, Eduardo Schaerer. Porén, as probas circunstanciais dan a entender que Camilo Pérez se abeirou demasiado ao sol, pois o peche da súa época dourada coincide no tempo coa conversión de Balteiro e Schaerer en parias políticos en 1922. Por outro lado, a experiencia de José Manuel Balteiro xunto a José Domingo Gómez Sanjurjo na xeira inicial do fútbol paraguaio aclara as posibilidades que tiñan algúns inmigrantes de acadar prestixio social ocupando cargos en asociacións lúdicas e non étnicas, o papel dos estranxeiros e os fillos de estranxeiros na diversificación das opcións recreativas durante as primeiras décadas do século, máis tamén a implicación do deporte na beneficencia como outra rama do sector privado.

Por último, tal vez o máis destacable da recompilación de datos sobre as mulleres galegas no Paraguai sexa a diversidade das súas tipoloxías migratorias. De feito, malia seren poucas, practicamente todas as mulleres galegas que identificamos seguiron un patrón distinto: hainas que chegaron cos seus maridos e fillos, tanto dende Galicia como dende outros destinos americanos; as que chegaron trala morte do seu marido en Galicia, na compañía ou non dos

seus fillos, para viviren cerca dun parente xa emigrado; ou mulleres que viaxaron a Asunción para casar ou despois de casar cun home alí residente, quen podía ser español ou doutra nacionalidade. Esta pluralidade axuda a consolidar unha visión das redes migratorias como fenómenos complexos, non restrinxidos a un modelo único.

CAPÍTULO 6. A COLECTIVIDADE GALEGA E OS SEUS VÍNCULOS INTERNACIONAIS: PARAGUAI, ARXENTINA E ESPAÑA

Ao longo da presente investigación, insistimos na condición do Paraguai como un destino secundario para os pioneiros da inmigración española. Moitos dos inmigrantes xa viviran noutros países americanos ou tiñan parentes e amigos neses países. Porén, tal feito non garante a existencia de relevantes vínculos non comerciais (intelectuais, sociais, institucionais) entre os emigrados no Paraguai e as nacións veciñas ou as súas comunidades de orixe. Para aclarar esta cuestión, o derradeiro capítulo engloba un abano de temas que dunha forma ou outra se refiren ás conexións internacionais da colectividade galega en particular e a española en xeral. As fontes extraídas do AHMRREE permítennos considerar o papel dalgúns cónsules galegos en representación de España ou Paraguai no fomento dos movementos migratorios, as relacións comerciais e os intercambios culturais — algúns con máis tesón que outros. A continuación, co apoio da prensa contemporánea, estudamos uns casos de indianos que retornaron ás súas vilas de orixe para vivir ou para pasar unhas vacacións. Este aspecto vai acompañado por unha análise das viaxes turísticas no Paraguai que certos galegos realizaron e como estes lembran ou evocan o país nos seus escritos. Isto tamén encarrila unhas reflexións sobre o proceso de aculturación e os estereotipos paraguaios no exterior.

Alén diso, tratamos de identificar as manifestacións de galeguismo que emanaron do colectivo inmigrante durante as primeiras décadas do século XX para determinar até que punto aquel movemento político-cultural deixou as súas pegadas no Paraguai. Tales consideracións dan pé a un achegamento á figura de Eloy Fariña Núñez, un coñecido escritor paraguaio e —algo máis insospeitado— eximio conferenciante galeguista no Bos Aires dos anos vinte. Non obstante, ao comprobarmos a relativa fraqueza do galeguismo paraguaio, o seguinte paso é examinar o protagonismo dalgúns galegos nos avatares paraguaios do hispano-americanismo e o rexeneracionismo español. Abárcanse as visitas ao Paraguai de mediadores culturais como Ramón del Valle-Inclán ou José Casares Gil, as doazóns paraguaias á Biblioteca América de Santiago de Compostela, ou o rol dos líderes étnicos de orixe galega no asociacionismo español en Asunción, San Lorenzo e Villarrica. Se ben o momento hispano-americanista finou coa Gran Depresión, a Guerra Civil Española e a autarquía franquista, no seguinte apartado, que vén sendo o último episodio cronolóxico aquí narrado, examinamos a resurrección parcial daquel espírito transatlántico nos anos cincuenta a través da historia do consulado do Paraguai en Vigo e os emigrantes pontevedreses que participaron no primeiro e derradeiro intento de establecer unha colonia agrícola española en terras paraguaias.

6.1. Cónsules e diplomacia

6.1.1. Os galegos no consulado de España en Asunción e nos consulados do Paraguai en A Coruña, Concepción del Uruguay e Paraná (1870-1909)

Os estadistas paraguaios de 1870 eran conscientes da necesidade de construír unha extensa rede consular para maximizar as súas posibilidades de atraer o comercio internacional e a inmigración. O goberno procedeu a nomear o arxentino Héctor F. Varela para representalo como cónsul-xeral en Madrid[363], pero por unha incompatibilidade este non asumiu o cargo até os anos oitenta (Varela estivo unha tempada en París; véxase nota de pé 154). Así e todo, os primeiros cónsules do Paraguai en España serían Antonio Miret y Nin (Barcelona), César Lovental (Cádiz) e Antonio Casal (A Coruña)[364]. Estes cónsules eran persoas dalgunha maneira vinculadas ao intercambio transatlántico. Por exemplo, contra 1876 Antonio Casal exercía como axente migratorio da República Arxentina en A Coruña[365]. Curiosamente, segundo unha carta firmada en 1877, Casal quixo renunciar ao cargo de cónsul do Paraguai en 1872 pero non recibiu ningunha contestación dende RREE[366]. Tales problemas de comunicación podían ser atribuíbles á pouca fiabilidade do sistema de correos ou a anarquía política que reinaba no Paraguai dos anos setenta, coas consecuentes mudanzas de persoal e perdas de documentación. En calquera caso, temos noticias de que Casal seguía ocupando o cargo a principios de 1883, cando informaba acerca dunha mensaxe do presidente Bernardino Caballero que mandara publicar na prensa galega, e da memoria anual do consulado que estaba en fase de preparación[367].

Xa nos anos oitenta, o goberno de Caballero renovou varios dos consulados menos activos. Tras recibir o citado informe de Antonio Casal, o ministro José Segundo Decoud nomeou un novo cónsul para substituílo[368]. Antonio Munduate (ou Monduate) exercía como cónsul do Paraguai en A Coruña dende 1883 até inicios do século XX[369], pero os informes que se conservan no arquivo do ministerio de RREE dan a impresión de que a súa actividade consistía apenas en acusar recibo dos circulares ou outras comunicacións oficiais que se lle enviaban[370]. Desafortunadamente, o corpo consular sempre estivo enervado a causa do gran número de candidatos que aceptaron o *regium exequatur* pero non cumpriron as súas funcións coa seriedade debida. Un caso flagrante é o de Tomás Lozano y Pérez, cónsul do Paraguai en As Palmas de Gran Canaria. En 1893 Lozano avisoulle a Luis Falcón y Quevedo, cónsul de Guatemala e decano do corpo consular de As Palmas, do seu nomeamento como vice-cónsul dos Países Baixos. Outro nomeamento chegoulle en xullo de 1898, cando Lozano informou de que ía exercer como cónsul do Imperio de Turquía. Falcón y Quevedo optou por dirixirse ao cónsul-xeral do Paraguai en Andalucía, Guillermo Shaw, de quen dependía o vice-consulado canario. "*Observando con pena este Decanato, la indiferencia en que tiene Don Tomás Lozano y Pérez* […] *la dicha importante representación* [paraguaya], *desde el momento en que tomó*

[363] AHMRREE. DACyL 5. Carta de Héctor F. Varela ao sub-secretario do ministerio de RREE, 21 de xullo de 1870.
[364] *Guía Oficial de España*. Madrid, 1873, p. 106.
[365] *El Diario de Santiago. De intereses materiales, noticias y anuncios*. Santiago de Compostela, 11 de abril de 1876, p. 1.
[366] AHMRREE. DACyL 14. Informe de Antonio Casal ao ministro de RREE, 6 de xuño de 1877.
[367] AHMRREE. DPD 649. Informe de Antonio Casal ao ministro de RREE, xaneiro de 1883.
[368] AHMRREE. DACyL 1A. Copia dunha carta de José Segundo Decoud a Antonio Munduate, 27 de xaneiro de 1883.
[369] A derradeira *Guía Oficial de España* na que Munduate aparece nesta capacidade é a de 1903, p. 161.
[370] AHMRREE. DACyL 41, DACyL 34, DPD 414. Informes de Antonio Munduate a José Segundo Decoud, 20 de febreiro de 1888, 10 de febreiro de 1891, 6 de marzo de 1896.

posesión del nuevo cargo de Vice-Cónsul de los Países Bajos" (xa nin sequera colgaba o escudo paraguaio no seu balcón), o decano recomendou o seu cese inmediato[371].

Aquí a representación paraguaia sufría un dobre problema. En primeiro lugar, a estratexia de Lozano y Pérez de acumular cargos diplomáticos servía para ampliar a súa rede de contactos profesionais e aumentar o seu prestixio persoal, pero non garantía a calidade do servizo consular. Por outro lado, o Paraguai era vítima da súa limitada presenza internacional. Para un cónsul prospectivo con fins mercenarias, a opción paraguaia non podía competir co poder e a riqueza do Imperio Otomán ou un próspero reino europeo como Holanda, amo dun vasto imperio de ultramar. Secasí, había outros cónsules que si destacaban no desempeño dos seus deberes, como é o caso de Benigno Teijeiro Martínez, cónsul do Paraguai en Concepción del Uruguay dende 1880, cando o caballerismo lle propuxo o cargo no marco da súa renovación do corpo diplomático.

Sorprendentemente, Teijeiro non sería o primeiro galego en rexentar un consulado paraguaio na provincia de Entre Ríos. Domingo Boedo Cardois foi vice-cónsul do Paraguai na capital provincial de Paraná dende 1871 deica o seu falecemento en 1884, e o seu fillo Manuel Boedo Carísimo ocupou o posto de modo provisional até que o goberno paraguaio nomease un substituto a finais do ano. Domingo Boedo era un irmán de Manuel Boedo Cardois, cura párroco de San Vicente de Vigo (Carral, A Coruña) e autor de *Elementos de agricultura* (1836) e *Grito del cura de aldea* (1860). Manuel Boedo, o fillo de Domingo, faleceu ao cabo dunha estadía en A Coruña en 1931, sendo cóengo da catedral de Paraná e director das Oficinas Químicas de Entre Ríos[372]. Agora ben, o inventario do consulado paranaense en 1884 incluía cadernos de pasaxes e buques chegados ao porto, "*Papeletas espedidas*" e "*Cartas de Sanidad*", todo o cal indica que a principal función de Domingo Boedo consistía en prestarlles servizos aos paraguaios emigrados[373].

Concepción del Uruguay era unha das principais poboacións de Entre Ríos e un punto de referencia para políticos paraguaios como José Segundo Decoud, os seus irmáns Juan José e Adolfo, ou os futuros primeiros mandatarios Juan B. Egusquiza e Benigno Ferreira, os cales alí cursaron estudos secundarios no *Colegio Nacional* (Centurión, 1948: 18, 34; Zuccarino, 2019: 87). Teijeiro tampouco escolleu esta cidade á toa en 1875 cando marchou de Asunción, pois en Concepción del Uruguay vivían uns cantos antigos veciños de Ortigueira — para utilizar a expresión de Julio Dávila, trátase da Meca dos ortigueireses na Arxentina[374]. Pouco tempo despois de chegar, Teijeiro repetiu a súa experiencia asuncena participando na fundación dunha *Sociedad Española de Socorros Mutuos*. O ortigueirés viviu o resto da súa vida en Entre Ríos, onde casou coa mestra catalá Francisca Soler, e dedicouse á Historia e á docencia, primeiro no *Colegio Nacional* e despois na *Escuela Normal*.

O seu nomeamento consular produciuse en 1880 por mor da amizade persoal entre Teijeiro e José Segundo Decoud[375]. O representante anterior, Honorio Quiroga González, fora

[371] AHMRREE. DACyL 49. Informes de Tomás Pérez y Lozano a Luis Falcón y Quevedo, 27 de maio de 1893, 30 de xullo de 1898; Carta de Luis Falcón y Quevedo a Guillermo Shaw, 9 de agosto de 1898.
[372] *El Ideal Gallego. Diario católico, regionalista e independiente*. A Coruña, 11 de xaneiro de 1931, p. 4.
[373] AHMRREE. DACyL 13. Carta de Manuel Boedo Carísimo ao ministro de RREE, 10 de agosto de 1884; Inventario do arquivo de Domingo Boedo Cardois, novembro de 1884.
[374] *Almanaque Gallego*. Bos Aires, 1908, p. 79.
[375] *Follas Novas. Semanario defensor de la colonia gallega residente en la isla de Cuba*. A Habana, 25 de outubro de 1903, p. 1.

outro daqueles cónsules absentistas que defraudaran as expectativas do goberno paraguaio. A primeira acción que Teijeiro tomou tras confirmar o seu nomeamento co cónsul-xeral do Paraguai en Bos Aires e co goberno de Entre Ríos foi remitirlle unha nota a Quiroga, "*quien no se ha dignado contestar*", para solicitarlle a cesión do arquivo do consulado. O silencio do ex cónsul fixo "*suponer que no tiene documento alguno de importancia que entregarme*". Finalmente, Teijeiro nomeou Antonio Martínez Piñón secretario *ad honorem* do consulado. Martínez Piñón era outro exiliado republicano, un amigo da súa infancia en Ortigueira[376]. Trátase do sobriño dunha das sobranceiras figuras da colonia española en Concepción del Uruguay, Antonio López Piñón, membro da loxa masónica "Jorge Washington" e do consello municipal (Suárez Sandomingo, 2014: 8).

As funcións esenciais do consulado reflíctense na memoria correspondente aos derradeiros meses de 1880. En primeiro lugar, Teijeiro escribía que o Paraguai non deixaba de estar en loito polo holocausto de 1870, polo cal o país tiña que facer todo o que estivese na súa man para repatriar os cidadáns exiliados, en parte como deber moral, pero tamén porque esta "*hermosa República* […] *cuenta con millares de leguas que están pidiendo cultivos, brazos que hagan brotar de su fértil suelo los alimentos de primera necesidad que hoy se están importando del Plata y del Brasil*". Co propósito de asistir os emigrados, o novo cónsul empezara a completar unha nómina dos paraguaios residentes na provincia de Entre Ríos, aínda que non se aclaraba con que medios pretendía facelo. É dicir, non está claro se Teijeiro propoñía gravar os datos dos paraguaios que se inscribisen no consulado — tarefa que Domingo Boedo Cardois viña realizando todos os anos para a xurisdición de Paraná— ou se quería procurar un método para contabilizar os non inscritos tamén[377].

O oficio de socorrer os emigrados en caso de necesidade incumbía ademais aos consulados de España no estranxeiro (Sepúlveda Muñoz, 1992: 403). Os representantes españois en Asunción tiveron que cumprir esta función en certas ocasións, e atopamos algún caso en que o beneficiario dos servizos consulares era un inmigrante galego ou os seus familiares. Por exemplo, o cónsul Nicolás Angulo intercedeu ante o ministro de RREE Cecilio Báez a favor de Valentín Barreiro en 1905, pois o cangués levaba varios anos cun preito atascado nos tribunais e unha apelación ao tribunal superior de xustiza pronto a cumprir dous anos sen unha sentenza firme[378]. Ou en 1909, o cónsul Joaquín Carsi y Ribera fixo chegar ao ministro de RREE Manuel Gondra unha exhortación emitida polo xuíz de primeira instancia de Santiago de Compostela ao xuíz da mesma clase en Asunción. A exhortación citaba unha familia galaica-paraguaia consistente en María Estanislada Estigarribia e os seus fillos Carmen Isabel, Juan Andrés e Manuel Francisco Trasmonte para prestar declaración nun interdito de adquirir contra Manuel Lema Lorenzo, veciño do partido xudicial de Santiago[379]. En concreto, trátase do caso dunha casa e cinco fincas na parroquia compostelá do Conxo que o inmigrante galego Juan Faustino Trasmonte Pereiro herdara en 1877, cando el xa vivía fóra do país, as cales o seu parente Manuel Trasmonte posuíra no seu nome até falecer en 1893. Pasaron case quince anos antes de que a esposa e os fillos paraguaios de Juan Faustino se decatasen da existencia destas propiedades. Ao levaren o caso aos tribunais, o xuíz Mariano García

[376] AHMRREE. DACyL 16. Memoria de Benigno Teijeiro Martínez correspondente ao ano 1880.
[377] AHMRREE. DACyL 16. Memoria de Benigno Teijeiro Martínez correspondente ao ano 1880; Informe de Domingo Boedo Cardois ao ministro de RREE, 10 de febreiro de 1883.
[378] AHMRREE. DACyL 44. Carta de Nicolás Angulo a Cecilio Báez, 8 de agosto de 1905.
[379] AHMRREE. DACyL 44. Correspondencia entre Joaquín Carsi y Ribera e Manuel Gondra, decembro de 1909.

Rodríguez ordenou que se lles outorgase a posesión dos terreos en detrimento dos seus entón moradores de apelido Lema[380].

Volvendo á memoria consular de Benigno Teijeiro Martínez, á parte da proxectada nómina de residentes paraguaios, anúnciase a súa intención de redactar un libro informativo sobre o Paraguai co gallo da Exposición Continental de Bos Aires (1882) para potenciar o atractivo comercial-migratorio do país. Aquí Teijeiro non pensaba unicamente na inmigración europea. El xulgaba que Entre Ríos "*ha entrado de lleno en las vías del progreso*", polo cal os seus habitantes serían inmigrantes desexables. Así pois, resultaba aconsellable venderlles o Paraguai como unha "*tierra en que pueden establecerse un gaucho y su familia*"[381]. A intervención paraguaia na Exposición Continental era todo un fito para o país porque supoñía a súa reinserción no circuíto comercial internacional. Teijeiro confeccionaba a súa monografía sobre o Paraguai á vez que se preparaba para a simultánea *Congreso Pedagógico Internacional*, presidido por un colega entrerriano, Onésimo Leguizamón. Como Teijeiro, Leguizamón tiña vínculos coa familia Decoud; anos máis tarde, abriría un bufete de avogados en Bos Aires xunto ao ex ministro arxentino Bernardo de Irigoyen e Adolfo Decoud, ex alumno dun colexio de Concepción del Uruguay (Centurión, 1948: 34; Suárez Sandomingo, 2011: 11; Dalla-Corte Caballero, 2018: 198).

A monografía que Teijeiro presentou, *El Paraguay. Memoria bajo el punto de vista industrial y comercial en relación con los países del Plata* (1882), demostra as vantaxes de designar un cónsul que tivese unha conexión persoal co país da súa representación e certos coñecementos sobre as súas condicións económicas. Dirixida aos inversores ou axentes migratorios prospectivos, a *Memoria* versa sobre a demografía, xeografía, orografía, forma de goberno, leis, cifras comerciais e migratorias, ou as principais industrias e cultivos paraguaios cun nivel de detalle bastante máis profundo que os demais textos dispoñibles naquel momento.

Os dous obxectivos centrais da *Memoria* son fomentar a inmigración e expor a renacente industria herbeira. O autor cumpre o primeiro obxectivo mediante unhas extensas citas do folleto *Cuestiones político-económicas* (1877) de José Segundo Decoud, logo fala da súa experiencia persoal co consumo do mate, as probas científicas a favor da súa consumición, e o seu baixo custo. Para Teijeiro (1882: 42-43), o maior empezo á comercialización masiva da herba paraguaia era a súa presentación rústica e a falta dunha boa mercadotecnia. O autor tiña visto como o mate brasileiro non callara en París e Viena por culpa da súa presentación deficiente. "*Se puede imponer un producto sin valor, la chicoria por ejemplo, dándole una forma elegante, mientras que la yerba-mate puede escollar, siendo un excelente alimento, si no se la prepara con mucho cuidado*". Teijeiro afirma que un dos grandes produtores brasileiros (Tomás Larangeira?), seguindo as súas instrucións, xa comezaba a elaborar a herba triturándoa como o té ou pulverizándoa como o café. De modo paralelo, lembremos que pola mesma época o seu amigo José María Balteiro publicaba certos avisos na prensa asuncena con referencia á necesidade de mellorar a presentación dos tabacos para a exportación (véxase apartado 5.3); nun mercado internacional e competitivo, a estética e a facilidade de transportar e almacenar o produto eran tan imprescindibles como a súa calidade.

[380] *El Correo de Galicia. Diario independiente de avisos y noticias*. Santiago de Compostela, 23 de xuño de 1909, p. 3.
[381] AHMRREE. DACyL 16. Memoria de Benigno Teijeiro Martínez correspondente ao ano 1880.

6.1.2. O consulado do Paraguai en Vigo (1893-1937)

A *Memoria* de Benigno Teijeiro Martínez é un exemplo característico do tipo de textos propagandísticos que moitos cónsules paraguaios publicaron ao longo do período de entreguerras, e a meirande parte destes textos revístese de contidos similares porque o proxecto migratorio e comercial do Estado paraguaio mudou bastante pouco entre 1880 e 1932. Neste senso, sinalamos o folleto *Algunas particularidades del Paraguay. Conferencia pronunciada en el Centro Castellano de Vigo* (1918) de Avelino Rodríguez Elías, cónsul do Paraguai na cidade olívica entre 1916 e 1936. *Algunas particularidades del Paraguay* amosa moitos dos mesmos trazos que o libro de Teijeiro; salienta a boa situación política que o país vivía, a súa xeografía, as leis migratorias, as características da poboación e os principais produtos de exportación (mate, tabaco, algodón, madeiras, carne). Ademais, o autor aduce datos sobre a colonia española e o seu dominio do comercio paraguaio. Tras presenciar a conferencia de Rodríguez Elías, o xornalista Pío Lino Cuíñas opinaba "*que el cónsul paraguayo toma con cariño el desempeño de sus funciones y vive pendiente de cosas bien ajenas, por otra parte, a la práctica corriente de visar pasaportes y expedir certificados de origen*" (citado en González Martín, 2005: 239).

Lino Cuíñas non estaba equivocado. O nomeamento dunha persoa tan comprometida e enerxética como Avelino Rodríguez Elías era un verdadeiro soprido de vida para o consulado vigués. De Antonio Conde Domínguez, o primeiro cónsul do Paraguai na cidade (1893-1899), localizamos unha soa comunicación para acusar recibo dun circular en 1896[382]. Trátase dun home vencellado ao comercio vigués, en cuxa representación acudira ao Congreso Nacional Mercantil en Madrid no 1886[383]. Logo o cónsul que Rodríguez Elías substituíu, Joaquín Acuña Soage, non pecaba de absentismo durante o seu exercicio (1899-1916), pero a súa parca correspondencia dá a sensación de que el tampouco facía moito máis que acusar recibo de circulares ou outras publicacións informativas[384]. O único outro eco do labor consular de Acuña Soage é a noticia dunha excursión a Valença (Rexión Norte de Portugal) en 1906. "*Invitados por el cónsul del Paraguay* […] *realizaron ayer tarde una excursión á Valença en los automóviles de los Sres. Sanjurjo y Curbera, dos súbditos de aquella república y otros pasajeros del* Cap Roca"[385]. Aquí amósanse os importantes contactos profesionais que Acuña Soage tiña na sociedade viguesa —un requisito imprescindible para un cónsul—, os cales permitíanlle dispor dos vehículos de dous empresarios tan relevantes na industria local como Antonio Sanjurjo Badía (metalurxia) e José Ramón Curbera (conservas) á hora de agasallar os hóspedes paraguaios.

Non obstante, o traballo de Acuña Soage resulta trivial fronte aos esforzos de Avelino Rodríguez Elías, cuxa correspondencia consular arrincou incluso antes de que o goberno español lle outorgase o *regium exequatur*. Nada máis recibir a nova do seu nomeamento, Rodríguez envioulle unha carta ao ministro de RREE paraguaio Manuel Gondra para "*expresar mi sincera gratitud por el honrosísimo cargo*", e outra a Genaro Romero, director da Sección Consular, para remitirlle o enderezo e o horario do consulado (r/ Velázquez Moreno 41 1º, 9 a 13 horas), e "*para organizar la propaganda del Paraguay, aquí casi desconocida, ruego á V.E.*

[382] AHMRREE. DPD 414. Informe de Antonio Conde Domínguez ao ministro de RREE, 25 de febreiro de 1896.
[383] *El Eco de Galicia. Revista semanal de ciencias, arte y literatura*. A Habana, 27 de xuño de 1886, p. 6.
[384] AHMRREE. DACyL 4B, DACyL 53. Correspondencia de Joaquín Acuña Soage, 1903-1916.
[385] *Noticiero de Vigo. Diario independiente de la mañana*. Vigo, 21 de marzo de 1906, p. 2.

se sirva enviarme alguna publicación, especialmente de las de V.E., que según me informó D. José Costas, las tiene muy notables"[386].

O citado José Costas emigrara ao Paraguai pero retornou a Galicia durante unha tempada para educar os seu fillos. José Costas (f), Manuel Costas e Manuel Eugenio Costas inscribíronse no consulado vigués entre 1917 e 1918 en cumprimento dun Real Decreto sobre a residencia de estranxeiros[387]. O primeiro e o segundo destes mozos, José Manuel Costas Rodríguez (asunceno, dezaoito anos, solteiro, estudante) e o seu irmán Manuel Costas Rodríguez (asunceno, dezanove anos, solteiro, estudante), eran fillos dos españois José Costas Gobernas e Ramona Rodríguez de la Flor, os cales casaran en Asunción no 1893 ante as testemuñas Manuel Lauzan e Carlos Rodríguez de la Flor, tamén naturais de España (expediente 1263). Este último era o dono dunha pulpería na rúa General Díaz (*El comercio paraguayo*, 1899: 595). Ao menos un membro máis desta familia residira no Paraguai: Ceferino Rodríguez de la Flor, finado en novembro de 1891[388]. Por outra banda, Manuel Eugenio Costas Formoso (asunceno, dezasete anos, solteiro, estudante) era un curmán de José e Manuel, fillo tal vez do viúvo pontevedrés Manuel Costas, inscrito na SESMAP (98) en 1906 aos seus 41 anos.

A familia Costas-Rodríguez é o único caso que coñecemos dunha familia galega que levou os seus fillos a Galicia para recibiren unha parte da súa educación. Ao parecer, toda a familia trasladouse a Vigo con este propósito. Teresa Costas Rodríguez, a irmá de José e Manuel, asistía a clases de piano na academia de Manrique Villanueva. Antes de volver ao Paraguai na compañía do seu pai José "*y demás familia*", Teresa tivo a oportunidade de dar un concreto privado para un público que incluíu artistas profesionais como o compositor Ángel Rodulfo ou o violinista e pintor Maximiliano Vidales. Pola súa parte, José (f) rematou os seus estudos de bacharelato no *Instituto General y Técnico* a finais de 1918 coa intención de regresar a América e seguir a carreira de Medicina[389].

O ministerio de Estado finalmente lle concedeu o *regium exequatur* a Avelino Rodríguez Elías o 18 de agosto de 1916 tras aprobárense os trámites regulamentarios, incluído o testemuño do gobernador civil de Pontevedra acerca do carácter do candidato, quen "*fué nombrado hace poco tiempo miembro correspondiente de la Real Academia Gallega, y merece por sus condiciones personales muy buen concepto*"[390]. É probable que Camilo Pérez y Pérez fose quen tivo a idea de renovar o consulado vigués neste momento para favorecer os seus proxectos de aproximación comercial hispano-paraguaia, e que a escolla de Rodríguez Elías como candidato se producise grazas á recomendación do vigués José Costas, un coñecido persoal do xefe da Sección Consular, Genaro Romero. Aínda que o cónsul xamais explicitou o porqué do seu nomeamento, si eloxiou o ilustre tudense e o BEP en ao menos catro artigos de prensa entre 1917 e 1919[391], máis tamén na súa conferencia *Algunas particularidades del Paraguay* (Rodríguez Elías, 1918: 19).

[386] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías a Manuel Gondra, 7 de xuño de 1916; Informe de Avelino Rodríguez Elías a Genaro Romero, 6 de xullo de 1916.
[387] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 15 de maio de 1917; DACyL 53. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de Guerra, 3 de setembro de 1918. [Diríxese ao ministro de Guerra en cumprimento do artigo 16 da *Ley de Servicio Militar Obligatorio*.]
[388] *La República*. Asunción, 20 de febreiro de 1892, p. 3. [A nota de sucesión repítese noutros números.]
[389] AHMRREE. DACyL 53. Informes de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 1 de novembro de 1918, 20 de decembro de 1916. [Inclúe unha recensión do concerto de Costas nun recorte do *Faro de Vigo*.]
[390] AHN. Sección Ministerio de Asuntos Exteriores. PP 1299. Expediente 2308.
[391] *Diario de Galicia. Periódico de la mañana, telegráfico, noticiero y de información general*. Santiago de Compostela, 11 de maio de 1917, p. 1. [Resposta á carta "*Cómo se trata a los españoles en América*" de J. García, citada nos apartados 4.3.3.5 e

No seu primeiro informe ao ministerio de RREE despois de recibir o *regium exequatur*, Rodríguez Elías, recentemente nomeado á directiva da sección viguesa da Unión Iberoamericana, prometeu que pronto "*quedará colocado en el balcón de esta oficina, el escudo correspondiente, que es la primera vez que se verá en Vigo, pues el anterior Cónsul no lo tenía, como tampoco tenía asta-bandera*"[392]. Afortunadamente para o goberno paraguaio, a súa correspondencia consular ao longo dos seguintes vinte anos reflectía sempre o mesmo entusiasmo. Os únicos silencios producíronse durante a enfermidade mortal do seu fillo Avelino Rodríguez Miguélez (chanceler honorario do consulado 1920-1924, substituído por Juan Rodríguez Miguélez), período en que Rodríguez Elías tivo que renunciar ás funcións de vice-decano do corpo consular para atender á súa familia, e en 1926 ao morrer dúas das súas fillas, Ramona e Socorro, unha quince días despois da outra. Cando retomou as tarefas pendentes, o cónsul escribiu que "*En mi inmenso dolor, he tenido el triste consuelo de verme acompañado por casi todo el Cuerpo Consular* [y] […] *el representante del Paraguay ha sido reelegido en el cargo de Vocal de la Junta Directiva* [del mismo]"[393]. O compromiso real de Rodríguez Elías —algo que, como xa constatamos, non se podía dar por feito nos cónsules que non eran diplomáticos de carreira— faise patente nunha carta dirixida a Genaro Romero en febreiro de 1918 que rompe co habitual estilo formal:

> *Desde que me he encargado de esta Oficina consular, ó mejor dicho, desde que la he creado, puesto que mi antecesor era como si no existiera, he tenido muchas ocasiones de comprobar en diferentes trabajos la justicia con que nuestro común amigo D. José Costas me hablaba del talento y de los merecimientos de Vd.*
> *Como nuestras relaciones no han sido otras que las puramente oficiales, me he atrevido á dirigirle hoy la presente, para expresarle mi admiración por sus notables trabajos periodísticos y de propaganda paraguaya.*
> *De los que conozco he sacado no poco fruto y bien lo habrá visto Vd. en la copia que envié á ese Ministerio de la conferencia que he dado aquí en Enero último*.[394]

En efecto, a conferencia *Algunas particularidades del Paraguay* espertou gran curiosidade. Até o músico maior do rexemento de Infantería solicitou a partitura do Himno Paraguaio despois de ouvila. O cónsul engade: "*muchas personas se mostraban extrañadas de los datos que yo expuse. No es exajerado lo que digo al principio de la conferencia sobre la ignorancia que hay aquí acerca del Paraguay, y conveniente sería difundir esos datos, para lo cual podría imprimirse*". O texto completo saíu do prelo pouco despois co patrocinio da Compañía Transatlántica. No mesmo informe de 1918, Rodríguez Elías informaba acerca da venda de madeiras paraguaias que xa se estaba efectuando nos talleres "Maslloréns" de Vigo e o frecuente consumo de herba mate entre a poboación local. Vistos estes factores, o cónsul xulgaba que resultaría doado potenciar o intercambio comercial entre Galicia e Paraguai. "*En cuanto al transporte de América a Vigo, creo que no sería difícil obtenerlo gratuito, ya que, tratándose de un medio de fomentar las relaciones mercantiles, el beneficio había de alcanzar también á las Compañías de Navegación*". Co beneplácito do ministro de RREE, el ofrecíase

6.3]; *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 31 de maio de 1917, pp. 10-11; AHMRREE. Recortes do *Faro de Vigo* adxuntos a informes de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 29 de marzo de 1919, 29 de novembro de 1919.
[392] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías a Genaro Romero, 6 de novembro de 1916.
[393] AHMRREE. DACyL 4B. Informes de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 9 de marzo de 1924, 27 de decembro de 1926.
[394] AHMRREE. DACyL 4B. Carta de Avelino Rodríguez Elías a Genaro Romero, 25 de febreiro de 1918.

para bosquexar o presuposto do proxecto "*haciendo una cosa que ningún otro país americano ha hecho hasta ahora,* [por lo que] *ganariamos todas las ventajas de la delantera*"[395].

Tal proposta seméllase, de feito, a un proxecto que a Compañía Transatlántica e a Casa de América de Barcelona xestionaron durante a Primeira Guerra Mundial entre España e Perú, pero sen lograr os seus obxectivos (Martínez Riaza, 2003). O plan de Rodríguez Elías precisaría dunha maior planificación para ser viable (habería que reunir un número mínimo de exportadores galegos e paraguaios para que o comercio puidese ser bilateral, o alto prezo dos fretes polo río Paraná seguía sendo un obstáculo…) En todo caso, o visto bo do ministro non chegou. Porén, a propaganda de Rodríguez Elías empezaba a render froitos. O ano anterior, un artigo seu, elaborado con datos extraídos do folleto *El algodón: su producción en el Paraguay* (Manuel Domínguez, 1903) que o ministerio de RREE lle enviara, apareceu no *Faro de Vigo* e en *La Vanguardia* de Barcelona, grazas neste segundo caso á influencia do cónsul-xeral paraguaio Alejandro Morillo. Por conseguinte, oito casas de comercio da cidade condal comunicáronse co consulado vigués para solicitar máis información sobre o algodón paraguaio. Segundo testemuña o propio Rodríguez Elías nun artigo de 1930: "*Desde hace algunos años y en virtud de un artículo publicado por el que suscribe* […] *se ha empezado a introducir en Cataluña (desde donde se hace un comercio mucho más activo con el Paraguay) algodón de aquella república*"[396]. Alén diso, como consecuencia da publicación do artigo no *Faro de Vigo* en 1917, "*he recibido la visita de D. Enrique Pereira Borrajo, abogado, negociante y miembro de la Corporación Municipal de Vigo*". Nunha carta adxunta ao citado informe consular, Pereira Borrajo expresa que:

> […] *la Casa comercial de que formo parte tendrá sumo gusto y gran complacencia en entrar en relaciones con el comercio del Paraguay*. […] *He visitado, como Vd me había indicado, al Sr. José Costas el que, al recibirme amablemente, me habló con encomio del Paraguay, facilitándome datos preciosos al objeto que nos proponemos é indicándome la conveniencia de que escribiese* […] *al Sr. Genaro Romero*.[397]

Está claro que Rodríguez Elías recoñecía o poder da prensa como unha ferramenta de difusión de propaganda. El mesmo colaboraba en varios periódicos como xornalista, poeta e historiador, sobre todo no *Faro de Vigo*, e chegou a ser elixido Cronista Oficial da cidade en 1926[398]. Os seus innumerables artigos sobre temas paraguaios e consulares líanse durante vinte anos en xornais e revistas galegos como *Faro de Vigo*, *La Concordia*, *Vida Gallega*, (Vigo), *El Diario de Pontevedra*, *El Tea* (Ponteareas), *Ecos del Distrito* (Redondela), *El Compostelano*, *Diario de Galicia* (Santiago de Compostela), *El Orzán* (A Coruña), *La Región* (Ourense) ou *El Norte de Galicia* (Lugo). Nun primeiro momento, o cónsul vigués tamén esperaba contar coa axuda do cónsul do Paraguai en A Coruña, Juan Mesa Ramos (dende 1903), para publicar en *La Voz de Galicia*, pero tiña que encargarse persoalmente de contactar con este periódico porque Mesa "*no daba señales de vida*"[399]. Ademais, para crear unha ilusión de polifonía, Rodríguez Elías escribía sobre si mesmo na terceira persoa ou firmaba con pseudónimos como "Santiago de Blas", unha mestura dos nomes dos patróns de España e Paraguai, ou "Guaraní",

[395] AHMRREE DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 20 de xaneiro de 1918.
[396] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 3 de novembro de 1917; Recorte do *Faro de Vigo* adxunto a un informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 8 de febreiro de 1930.
[397] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 1 de outubro de 1917; Carta adxunta de Enrique Pereira Borrajo a Avelino Rodríguez Elías, 26 de setembro de 1917.
[398] Para máis información sobre os antecedentes e as credenciais de Rodríguez Elías, véxase Webb (2019).
[399] AHMRREE. DACyL 53. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 15 de maio de 1918.

nestoutro caso para dar a noticia da toma de posesión presidencial de Eusebio Ayala en 1932[400]. A súa correspondencia consular tamén garda recortes da revista quincenal *Comercio, Navegación y Pesca* (1921-1922) e a súa continuación *El Puerto de Vigo*, dirixidas por el mesmo. O seu irmán Juan Rodríguez Elías publicou varios artigos sobre a economía paraguaia nestas revistas. Un "*gran admirador del Paraguay*"[401], Juan residía en Bos Aires dende 1890 e era colaborador do porteño *El Heraldo Gallego* até o seu falecemento en 1928 (González Martín, 2005: 26)[402].

Un comportamento que distingue Avelino Rodríguez Elías da maioría dos cónsules, á parte da cantidade dos artigos publicados, é o feito de que unha gran parte da súa produción non se cingue a unha temática migratoria ou comercial. A súa estratexia consistía en proporcionar un fluxo incesante de información sobre o Paraguai, case sen importar o tema, para que o público lector deixase de velo como unha terra remota e estraña. O consulado tiña acceso aos datos necesarios porque o ministerio de RREE lle facilitaba copias dos xornais asuncenos *El Diario* e *El Liberal* máis diversos libros de autoría paraguaia, moitos dos cales destináronse ás bibliotecas públicas. As noticias que Rodríguez Elías compartía podían ser anecdóticas, pero sempre resultaban positivas para a imaxe do Paraguai. Por exemplo, cando faleceron as paraguaias María Miguel García e Petrona Moreno en 1930, ámbalas dúas aos 115 anos, o cónsul aproveitou para citar *Algunas particularidades del Paraguay* como unha proba da alta taxa de centenarios naquel país. De forma implícita, esta noticia fortaleceu a visión do Paraguai como un lugar saudable para vivir[403]. Os seus textos tamén podían centrarse en cuestións artístico-culturais, como os poemas *El Salto de Guairá* (dedicado a José Costas) e *Los ríos del Paraguay* (dedicado a Eduardo Schaerer) que apareceron en 1917[404].

Máis tarde, Rodríguez Elías recolleu o estreo de *Mborayhu ha tesay* (1922) de Francisco Barrios no Teatro Granados, considerada pola prensa da época como a primeira peza teatral escrita en guaraní (Méndez-Faith, 2008), e non desperdiciou a ocasión para evocar a lingua como o principal eixe identitario das nacións galega e paraguaia. A mesma liña de argumentación emprégase noutro artigo que Rodríguez Elías publicou en contestación a un texto de Miguel Gil Casares a favor do uso preferente do castelán fronte ao galego. O vigués sinala os paralelismos entre as situacións de diglosia en Galicia e Paraguai, e sostén que o estudo académico das linguas periféricas debe promoverse porque "*no es posible estudiar la historia del país, ni su geografía, ni su historia natural*" sen coñecer o idioma das súas tradicións, toponimias ou nomes de flora e fauna[405]. Avelino Rodríguez Elías foi un prolífico escritor, poeta e dramaturgo en lingua galega — publicou máis de douscentos relatos cómicos e costumistas, os *Contos do turreiro*, e a súa peza teatral *O miñato e máis a pomba* (1909) foi todo un éxito comercial. Verbo da súa fascinación pola lingua e cultura paraguaias, observamos que os aspectos dispares da súa vida intelectual entroncaban e reforzábanse mutuamente.

[400] AHMRREE. DACyL 53. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE e recorte do *Faro de Vigo*, 17 de agosto de 1932.
[401] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 5 de maio de 1922.
[402] *El Heraldo Gallego. Órgano de las colectividades gallegas en el Plata*. Bos Aires, 17 de xuño de 1928, p. 5.
[403] AHMRREE. DACyL 53. Recortes do *Faro de Vigo* adxuntos a un informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 5 de abril de 1930.
[404] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 10 de maio de 1917, p. 10; *Mondariz. Suplemento a La Temporada*. Madrid, 15 de xuño de 1917, p. 513.
[405] AHMRREE. DACyL 4B. Recortes do *Faro de Vigo* adxuntos a informes de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 25 de febreiro de 1923, 30 de marzo de 1923.

En cambio, durante os anos trinta a meirande parte dos seus artigos refírese aos debates e acontecementos relacionados co conflito do Chaco. A administración paraguaia animaba os seus diplomáticos a redactar este tipo de contribucións co obxectivo de influír na opinión pública dos países estranxeiros para que os seus gobernos estivesen máis inclinados a favorecer ao Paraguai en caso de interviren nun proceso de arbitraxe ou outras negociacións multilaterais, fose como parte dunha comisión extraordinaria ou no marco da Sociedade de Nacións (Webb, 2021). O cónsul vigués empregaba os periódicos que o ministerio de RREE lle mandaba para publicar datos favorables á causa paraguaia todos os meses, e en certos períodos varias veces á semana, entre finais de 1931 e maio de 1933. Foi neste momento cando o cónsul de Bolivia en Vigo, Marcelino Martínez Morás, entregou un artigo "*lleno de exageraciones*" ao *Faro de Vigo*, o cal motivou que os directores do xornal resolvesen prohibir a publicación de máis textos sobre o preito a menos que estes procedesen directamente das legacións de Bolivia ou Paraguai. Non obstante, o ministro de RREE Ernesto Egusquiza fíxolle saber a Rodríguez Elías que tomara boa nota da súa dedicación excepcional[406]. O goberno de José Félix Estigarribia condecoraríao durante a posguerra por este motivo (González Martín, 2005: 138).

Agora ben, tamén é posible subliñar algunhas iniciativas non periodísticas a través das cales Rodríguez Elías visibilizaba o traballo do seu consulado. A primeira data de maio de 1921, cando se inaugurou a biblioteca do Círculo Mercantil e Industrial de Vigo. Entre as doazóns que a formaban, había seis volumes procedentes do consulado paraguaio. Despois, no mes de xuño, a dirección do Círculo convidou Rodríguez Elías a impartir unha conferencia sobre *Relaciones comerciales hispano-paraguayas* no seu auditorio. A diferenza da conferencia de 1918, esta non se editou nin se puido remitir o texto completo ao ministerio de RREE porque, por falta de tempo, o relator a desenvolvera a partir duns simples apuntes[407]. Non obstante, a prensa local si recolleu os contidos da conferencia. O cónsul do Paraguai citou as opinións eloxiosas de Rafael Altamira e Élisée Reclús respecto da república guaraní, logo procedeu a enumerar algúns produtos que poderían exportarse ao Paraguai dende Vigo sen maiores impedimentos. Con referencia á importación, Rodríguez Elías "*pronunciou palabras que despertaron verdadero interés en el auditorio, pues demostró que España estaba comprando tabaco paraguayo a otros p*[a]*íses que, más* [a]*visados, lo compran allá para vendérnoslo después a nosotros*". Falou despois sobre o ñandutí ("tea de araña"), artesanía tradicional descendida da encaixe tinerfeña (Plá, 1985: 42-43), e describiu como as tecedoras vendían as súas creacións a bordo dos barcos de pasaxe que recalaban en Asunción."[C]*on tal motivo dedicó el Sr. Rodríguez Elías un canto a la mujer paraguaya, relatando su actuación en la guerra contra la triple alianza*". En último lugar, o relator versou sobre a inmigración laiándose do "*peligro que corre el espíritu español en el Paraguay, con la llegada de otros elementos étnicos, que van poblando las colonias y llevando a ellas incluso su idioma mientras que es rarísimo el español que allí acude*"[408].

Os contidos da conferencia de 1921 son parecidos aos da conferencia de 1918. A inclusión do ñandutí no repertorio de produtos paraguaios é unha novidade que non resulta estraña porque se trata de "*la reina de toda la artesanía de la República del Paraguay*", daquela considerada idónea para comercializar no exterior (Dalla-Corte Caballero, 2018: 214). Por

[406] AHMRREE. DACyL 53. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 13 de decembro de 1932, 15 de maio de 1933; Informe de Ernesto Egusquiza a Avelino Rodríguez Elías, 2 de xaneiro de 1933, 19 de maio de 1933.
[407] AHMRREE. DACyL 4B. Recorte do *Faro de Vigo* adxunto a un informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 9 de maio de 1921; Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 10 de setembro de 1921.
[408] AHMRREE. DACyL 4B. Recorte de *La Concordia* adxunto a un informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 23 de xuño de 1921.

outro carón, as advertencias sobre o perigo que corría o espírito español en América reflicten unha inquietude expresada por outros autores nesta etapa tardía das grandes migracións transatlánticas, por exemplo nun artigo titulado "*La desespañolización de América*" (1932) na revista *Vida Gallega*[409]. Este medo aumenta á calor da popularización do nacionalismo hispano-americanista; unha vez instaurada a imaxe laudatoria da conquista española e da súa influencia cultural-lingüística sobre os americanos, a erosión de dita influencia fica naturalmente como algo condenable. Finalmente, queda por dicir que non consta se algún comerciante local contactou con Rodríguez Elías como resultado da conferencia de 1921, pero posto que o cónsul non deu outras charlas sobre temas paraguaios, semella que esta non tivo os efectos desexados.

O descubrimento público das novas placas da rúa Paraguai en 1924 sería outra das ocasións nas que o consulado puido lucirse. Sendo conselleiro municipal en 1920, Rodríguez Elías apoiaba a proposta da porteña Casa de Galicia para bautizar unha rúa viguesa co nome de Bos Aires en recoñecemento á decisión do goberno bonaerense de pórlle o de Concepción Arenal (falecida en Vigo en 1893) a unha rúa da capital arxentina. Non obstante, esta campaña non conseguiu o seu obxectivo (González Martín, 2005: 108). Entón, que o concello de Vigo resolvese bautizar unha das súas rúas co nome de Paraguai —un país moito menos significativo para os vigueses que a Arxentina— é unha proba fidedigna do excelente concepto que os outros conselleiros tiñan do cónsul paraguaio. A corporación municipal tomou esta decisión o 9 de xullo de 1920, e a rúa escollida atopábase no barrio novo da Casa Branca[410]. En febreiro de 1924, o consulado recibiu a grata noticia de que dous galegos emigrados, Victoriano Abente e José Lema Lema, acababan de doar unhas lápidas para colocar nos extremos da rúa Paraguai como lembranza do seu amor a ambas patrias e como homenaxe ao "*dignísimo cónsul nuestro*". José L. Lema (SESMAP 371) traballaba como empregado de comercio en Asunción ao menos dende 1921, e falecería aos 46 anos no 1936[411]. Ambos benfeitores eran muxiáns. As lápidas, entalladas en mármore paraguaio, chegaron a Vigo a bordo do vapor "Teutonia" en abril. Rodríguez Elías escribe que o director de alfándega "*me dio todo género de facilidades, teniendo en cuenta el asunto de que se trataba y queriendo contribuir, por su parte, según dijo, a un acto tan simpático. Recogí, pues, las lápidas, sin tener que pagar derechos algunos*" [412].

O descubrimento dos letreiros tivo lugar o venres 11 de maio ás doce da mañá. Centenares de persoas xuntáronse para testemuñalo, e varios veciños fixaron colgaduras nos seus balcóns. Rodríguez Elías e o alcalde, Adolfo Gregorio Espino (1923-1927), querían dar ao acto "*la brillantez debida, y el programa por nosotros trazado, fue ampliado con la parte que los vecinos de la calle del Paraguay quisieron tomar, organizando* […] *una fiesta nocturna y costeando las bombas y cohetes que se dispararon en el momento de descubrir las lápidas*". Asistiron ao acto o gobernador militar Ángel Rodríguez del Barrio, o delegado gobernativo Carlos Gil de Arévalo, varios conselleiros e párrocos, o cónsul de Bolivia José Carballo Álvarez, comisións de varias entidades civís, e a banda de música municipal. Iniciada a cerimonia, Rodríguez Elías e Espino pronunciaron cadanseu discurso. O primeiro falou sobre o acollemento dos inmigrantes e viaxeiros españois no Paraguai, "*no como huéspedes, sino como hermanos*", citando a gratitude dos señores Abente e Lema cara á súa segunda patria adoptiva. O alcalde dixo sentirse honrado de presidir o concello de "*la primera poblacion de*

[409] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 10 de xaneiro de 1932, pp. 10-11.
[410] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE e recorte adxunto do *Faro de Vigo*, 12 de xullo de 1920.
[411] *Galicia Industrial y Comercial. Revista mensual ilustrada*. A Coruña, xuño de 1936, p. 17.
[412] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 13 de abril de 1924.

esta nacion que ostenta el nombre de esa República en una calle", e engadiu que Vigo era a cidade máis adecuada para tal honra "*por ser la que está en comunicación más frecuente con todas las Repúblicas americanas de origen español*". Ao termo dos discursos, decorreu a bandeira paraguaia que até entón ocultara a placa da rúa, disparouse unha salva de bombas, e a banda municipal tocou o Himno Paraguaio e a Marcha Real Española. Esta operación repetiuse no outro extremo da rúa cunha bandeira española. E ao final de todo, o descubrimento das placas foi unha boa escusa para montar unha festa, así que pola noite "*hubo una verbena en la calle del Paraguay, organizada por los vecinos*"[413].



Figura 15. O descubrimento das placas da rúa Paraguaipor Avelino Rodríguez Elías (centro, de cara ao fotógrafo), 11 de maio de 1924. (*Vida Gallega*. Vigo, 15 de xuño de 1924, p. 16)

Estas imaxes do fotógrafo Pacheco achéganos á escena descrita por Rodríguez Elías —nelas o ambiente festivo e a anticipación son palpables, aínda un século máis tarde—, no entanto invitan a unha reflexión sobre o poder de representación da fotografía. As fotos están 'trucadas'. No citado informe do 12 de maio, Rodríguez Elías aclarou que a rúa Paraguai "*es de reciente apertura y tiene, por tanto, muchos solares sin edificacion. Sin embargo, para la fijacion de las lápidas, habia edificios de bastante buen aspecto a los extremos*". Pacheco

[413] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 12 de maio de 1924.

escolleu os ángulos que lle permitirían ensinar un Vigo moderno e fundamentalmente urbano, sen soares baldíos. As fotos, en fin, a pesar do seu realismo, capturan unha realidade subxectiva e seleccionada. Como xa vimos, as mansións e comercios que poboan as páxinas do álbums gráficos paraguaios atestan esta filosofía de mostrar sempre a mellor cara dunha cidade ou dun país.

Avelino Rodríguez Elías coñecía o potencial propagandístico da fotografía e o filme, como demostra a participación do consulado do Paraguai nunha exposición de fotografías e fotogravados organizada polo corpo consular a mediados de 1925. O cónsul enviou un folleto sobre a proxectada exposición nun informe a RREE en marzo de 1924. Contra xaneiro do ano seguinte, o único recurso que recibira dende o ministerio eran tres pequenos folletos "*que no me he atrevido a entregar al Decanato del Cuerpo Consular, por parecerme una insignificante demostración*", pero moitos dos demais cónsules xa contaban con todo o que precisaban para a mostra. O cónsul paraguaio citou a súa propia comunicación de marzo de 1924 para salientar as vantaxes de expor as belezas e industrias nacionais nunha exposición como esta, sobre todo no verán, cando moitos viaxeiros frecuentaban Vigo e as localidades balnearias da provincia de Pontevedra. A finais de febreiro de 1925, e aínda sen resposta, Rodríguez Elías mandou uns exemplares do programa e volveu insistir no asunto: "*Otra vez me tomo la libertad de encarecer la conveniencia de que el Paraguay concurra a esa Exposición* […] [H]*abrá conferencias a cargo de los Cónsules, y claro está que el Cónsul cuyo país no concurra a la exhibición, no podrá tampoco presentarse dignamente*".

A convicción de Rodríguez Elías de que a propaganda visual era unha ferramenta imprescindible para o Paraguai faise patente nunha comunicación de abril de 1925, cando lle remitiu a RREE o prospecto da película *Tierras argentinas*, que se estreaba no Cine Royalty de Vigo, porque "*se trata de una gran propaganda de aquel país*" e "*demuestra que esas películas dan la vuelta al mundo*". Non obstante, a vista de que o ministro do Interior autorizara un estudio estranxeiro para rodar un filme sobre o Paraguai, o cónsul vigués apresurouse a advertir que o consumo destas obras se estaba masificando, polo cal "*conviene* […] *que no contengan nada que ponga en ridículo al País*". Isto non o dixo en balde. Acababa de proxectarse en Galicia a adaptación cinematográfica de *La casa de la Troya* (1915) de Alejandro Pérez Lugín:

> *Tiene la película una escena de un baile en el Casino de Santiago de Compostela, que ridiculiza a la dama gallega. La mayor parte de los periódicos de la region, sin dejar de elogiar grandemente la película, protestaron contra aquella escena, pidiendo al autor que la suprimiese. Pero el autor, que no es gallego ï aunque conoce Galicia, por haber estudiado aquí y haber vivido en estas tierras algunos añosï se niega a satisfacer aquella justa demanda de la Prensa gallega, y ahí va por el mundo adelante la película poniendo en ridículo a las damas de la ciudad de más abolengo aristocrático y caballeresco de Galicia.*
>
> *Perdone V.E. la intercalacion de este episodio en la presente nota, y no vea en él sino otra nueva prueba de mi gran interés por el Paraguay.*[414]

En xuño chegou por fin un paquete de 56 fotografías para a exposición. Aliviado, Rodríguez Elías retirou tres imaxes duplicadas, mandou as demais a un fotógrafo para recortar e pegar en cartolina, e encargou unhas fotografías de dous traballos en ñandutí que uns visitantes americanos lles agasallaran ás súas fillas[415]. A exposición celebrábase en catro salas da *Escuela*

[414] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 5 de abril de 1925.
[415] AHMRREE. DACyL 4B. Informes de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 28 de xaneiro de 1925, 25 de febreiro de 1925, 27 de xuño de 1925.

de Artes y Oficios dende o 4 de agosto. O discurso de inauguración do decano do corpo consular Eduardo García Huertas, cónsul de Uruguai, identificou este tipo de evento como un aditamento ás tradicionais exposicións internacionais de produtos:

> *Las Exposiciones, han sido siempre el medio más interesante para la divulgación de los valores artísticos, industriales y comerciales, son vehículos de propaganda, fuentes de estudio y enseñanza y exteriorizan los adelantos alcanzados en todas las múltiples manifestaciones de la vida* […] *La Exposición de Fotografías constituye el natural e interesante complemento de la Exposición de productos, por si bien éstas, al exhibir muestrarios y precios tienden al mayor desenvolvimiento del comercio y a la conquista de nuevos mercados, la Exposición de Fotografías ilustra y da la visión gráfica de los países en donde aquellos productos son originarios, sus veneros de riqueza, sus obras y monumentos arquitectónicos, los edificios y establecimientos dedicados a la enseñanza* [y] *al desarrollo de la industria, de la ganadería y de la agricultura, así como la fisonomía y principales características de las ciudades.*

Por este motivo, García Huertas continuou, os vigueses podían ter orgullo de que "***La ciudad de la Oliva fue la primera de España, que celebró una Exposición Universal de Fotografías, a iniciativa y bajo el patrocinio del Cuerpo Consular Extranjero***" [letra grosa no orixinal][416]. Na súa memoria consular para o ano 1925, Rodríguez Elías asegurou que a exposición "*tuvo un grandísimo número de visitantes*" ao longo do mes de agosto, aínda que só concorreron quince dos case trinta países con representación consular en Vigo[417].

Todas as susoditas actividades manifestan o perseverante labor de Avelino Rodríguez Elías, pero a seguinte cuestión é se toda esa perseveranza serviu dalgunha forma para favorecer os intereses do Paraguai. Rodríguez Elías xulgaba que si. A citada memoria consular de 1925 expón o feito satisfactorio de que os "*trabajos de propaganda llevados a cabo* […] *desde que en Octubre de 1916 se hizo cargo del Consulado del Paraguay, han dado su fruto, y hoy el nombre de esa República es pronunciado con afecto y no con el desconocimiento con que se hacía antes*". O balance de comercio apoia tal xuízo. Rodríguez Elías nunca dispuxo de estatísticas relativas ás importacións paraguaias no porto de Vigo, pero afirmaba que a herba mate era o produto estrela. A súa memoria consular de 1918 apunta que se importaron 980kg de herba brasileira para o consumo de familias retornadas dende América, pero "*ellas saben que el mate paraguayo es el mejor, y si se les presentara en este mercado, con las garantías de su legítima procedencia paraguaya, crée este Consulado que sería logicamente preferido*". No que concirne ás exportacións viguesas, durante a Primeira Guerra Mundial gran parte dos envíos de produtos alimenticios virou cara a Francia (30.000kg de viño común e 1.916.993kg de conservas en 1918), malia que o comercio arxentino non cesou en absoluto — 23.708kg de viño e 2.126.333kg de conservas foron embarcados para Bos Aires en 1918. Non obstante, Rodríguez Elías consideraba que a situación enrarecida dos transportes marítimos mentres durase o conflito empecía o establecemento de novas relacións comerciais[418]. Finalmente, un primeiro envío de mercancías saíu de Vigo con destino a Asunción en 1919. Empregando datos

[416] *El Pueblo Gallego. Rotativo de la mañana*. Vigo, 5 de agosto de 1925, p. 7.
[417] AHMRREE. DACyL 4B. Memoria de Avelino Rodríguez Elías correspondente ao ano 1925. [Os recortes do *Faro de Vigo* adxuntos ao seu informe ao ministro de RREE (23 de agosto de 1925) recapitulan os consulados que participaron na exposición: Sala 1: Uruguai (García Huertas, 173 fotografías, folletos e álbums), Bélxica (Barreras, vinte fotografías), Paraguai (Rodríguez Elías, 55 fotografías), Bolivia (Herbert, 145 fotografías). Sala 2: Italia (Pagani, 253 fotografías, folletos), EEUU (MacKinney, sesenta fotografías), Perú (De Oya, máis de vinte fotografías), Alemaña (Kindley, 64 fotografías). Sala 3: Panamá (Puig Rodríguez, duascentas fotografías), Holanda (Molina, dezanove fotografías), México (265 fotografías). Sala 4: Chile, Finlandia, Checoslovaquia, Suíza.]
[418] AHMRREE. DACyL 135. Memoria de Avelino Rodríguez Elías correspondente ao ano 1918.

extraídos da correspondencia consular, a Táboa 22 amosa como o comercio paraguaio-vigués medrou dende este ano até 1930.

Táboa 22. Exportacións ao Paraguai polo porto de Vigo (1919 -1930)			
Ano	Número de despachos	Quilogramos de mercancías	Valor pesetas
1919	1	6.600	15.000
1920	4	8.000	20.000
1921	3	10.636	22.600
1922	0	0	0
1923	3	10.850	19.300
1924	9	31.290	55.700
1925	17	42.935	70.510
1926	34	140.041	266.082,40
1927	26	107.823	203.913,90
1928		135.061	224.619
1929	46	120.812	194.267
1930	53		
Fonte: elaboración propia a partir de DACyL 4B. Memoria consular de Avelino Rodríguez Elías correspondente ao ano 1927; recorte do *Faro de Vigo* adxunto a un informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 2 de marzo de 1929; DACyL 53 Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE,29 de setembro de 1931.			

A caída dos valores entre 1921-1922 debíase á situación de guerra civil que se vivía no Paraguai. Por outro lado, os 55.700kg de mercancías despachados en 1924 representan apenas o 0,39% dos 14.332.449kg de mercancías que se exportaron dende Vigo nese mesmo ano, principalmente ao Prata (7.335.279kg) e a Cuba (3.572.560kg)[419]. Secasí, se se considera que había que empezar de cero, trátase dunhas cifras bastante respectables. É evidente que Rodríguez Elías ficaba moi satisfeito co aumento da actividade comercial porque en 1929 remitiu un dobre recorte do artigo do *Faro de Vigo* con algunhas das cifras "*por si V.E. me honra en hacerlo reproducir en la Prensa de esa capital*". A razón fundamental deste modesto auxe exportador foi a propaganda do consulado vigués. Non se produciu un auxe comparable en A Coruña, onde en 1931 o cónsul Juan Mesa Ramos, despois de tres décadas de inactividade e ignorante do traballo de Rodríguez Elías, resolveu "*llamar la atención*" do ministro de RREE sobre a posibilidade de fomentar o intercambio de produtos entre Paraguai e a cidade herculina. Segundo el, "*las relaciones comerciales son escasas, si bien, son conocidos los productos Paraguayos. Sin embargo existe en general un gran desconocimiento sobre lo que es y lo que significan las riquezas inmensas del país*"[420].

As cifras reais eran máis elevadas que as reflectidas na Táboa 22 porque moitas mercancías saían do porto de Vigo sen o debido despacho consular. Aquela primeira expedición de setembro de 1919 consistía en 6.600kg de sardiñas de *Sel & Hijos* (Muros, A Coruña) destinados aos almacéns de Rius & Jorba. En xaneiro de 1920, Rodríguez Elías denunciou a saída dun vapor francés que levaba sardiñas en conserva con destino a Asunción sen pagar o visado consular[421]. Este problema repetiuse dúas semanas máis tarde no caso de trescentas caixas de sardiñas en aceite (9.000kg) mercadas por Rius & Jorba — é dicir, un peso superior ao total das exportacións legalizadas ao longo de 1920:

[419] AHMRREE. DACyL 4B. Memoria de Avelino Rodríguez Elías correspondente ao ano 1924.
[420] AHMRREE. DACyL 53. Informe de Juan Mesa Ramos ao ministro de RREE, 5 de outubro de 1931.
[421] AHMRREE. DACyL 4B. Factura de mercadorías, 25 de setembro de 1919; Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 29 de xaneiro de 1920.

En la Agencia encargada del embarque de dicha mercancia me han confirmado todo esto; y allí he averiguado tambien que la falta de despacho consular, ha obedecido a órdenes terminantes de la Casa receptora de la mercancia o de su representacion en España, la cual ha manifestado al cargador, que la documentacion consular necesaria sería tomada en Buenos Aires, sin duda para que la mercaderia en cuestion entre en el Paraguay como procedentes de la República Argentina, y no de España.[422]

Semella que Rodríguez Elías chegou a algún tipo de acordo con Rius & Jorba, ou polo menos non puxo a empresa na súa 'lista negra', porque en 1925 sacou unha nota de prensa sobre a entrega dunha mostra de tabacos paraguaios á Compañía Arrendataria de Tabacos feita por Joaquín F. Lema, o representante de Rius & Jorba en Bos Aires, durante unha breve estadía na súa Galicia natal[423]. Porén, esa forma de evitar o pagamento de dereitos de alfándega motivaría queixas posteriores. Aínda en 1925, Rodríguez Elías escribiulle ao encargado de negocios do Paraguai en Madrid, Juan O'Leary, para censurar o comportamento da casa do Marqués de Riestra ao despachar 7.800kg de sardiñas sen os documentos visados (no mesmo barco ían 2.400kg de sardiñas de Gándara & Haz Ltda. con toda a documentación en orde). O'Leary, "*velando por el prestigio de nuestros representantes en el exterior*", pasou a denuncia de "*Nuestro activo cónsul en Vigo*" ao ministro Enrique Bordenave[424].

Case todos os produtos exportados ao Paraguai eran pescados e mariscos conservados, moi apreciados nun país sen acceso ao mar, pero tamén había pequenas partidas de sidra ou produtos de perfumería. A demanda de conservas existía dende había varias décadas. Xa apuntamos no apartado 5.3 que o hostaleiro Juan Abelenda rumbara da súa xenerosa oferta de froitos do mar no Paraguarí dos anos oitenta. Tamén atopamos un aviso publicado en *La Nación* en 1887 que eloxia o sabor das sardiñas en escabeche da marca Gallo & Cía. (Noia, A Coruña). O pescado vendíase ao por maior na casa portuguesa de Casal Ribeiro & Cía. a dezasete pesos por caixón, ou en caixiñas soltas a dous reais e medio "*en todos los almacenes*"[425]. Así pois, os compradores destes produtos non tiñan por que ser españois. Na memoria consular de Avelino Rodríguez Elías correspondente ao 1920, constan duascentas caixas de sardiñas en aceite enviadas por José María Legarda (A Pobra do Caramiñal, A Coruña) a Lorenzo Manzoni en Asunción, cincuenta caixas de botellas de sidra enviadas por *El Lagar de Nora* (La Pola Siero, Asturias) a Esteban Montepagano, ou cincuenta caixas de sardiñas en aceite enviadas por Sacco & Cía. (Vigo) ao *Banco de Londres y Río de la Plata*[426].

A base de todos os feitos expostos no presente apartado, queda patente que o nomeamento de Avelino Rodríguez Elías como cónsul do Paraguai en Vigo foi unha decisión moi atinada. O candidato resultou ser un axente extraordinariamente activo e comprometido co país que lle tocaba representar. Juan O'Leary escribe en 1925 que era "*uno de los mejores representantes del Paraguay en el extranjero*" [427]. Igualmente, nun informe de 1932 Fernando Pignet opina que Rodríguez Elías era "*una persona buenísima y atenta. Recibe muy bien a los*

[422] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 11 de febreiro de 1920.
[423] *El Heraldo Gallego. Órgano de las colectividades gallegas en el Plata.* Bos Aires, 10 de maio de 1925, p. 4*;* AHMRREE. DACyL 4B. Recorte do *Faro de Vigo* adxunto a un informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 4 de xuño de 1925.
[424] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías a Juan O'Leary (2 de setembro de 1925) adxunto a unha nota de Juan O'Leary a Enrique Bordenave, 8 de setembro de 1925.
[425] *La Nación. Diario de la mañana*. Asunción, 19 de marzo de 1887, p. 1.
[426] AHMRREE. DACyL 4B. Memoria de Avelino Rodríguez Elías correspondente ao ano 1920.
[427] BNP. Colección Juan E. O'Leary. Carta de Juan O'Leary a Enrique Bordenave, 23 de agosto de 1925. [Agradezo a Fernando Oddone a cesión deste documento.]

paraguayos, a veces excediéndose, pues es persona servicial. Tiene gran cultura, hace buena propaganda del Paraguay escribiendo artículos extensos sobre cuanto afecta al país"[428]. En resumo, Rodríguez Elías namorouse do Paraguai — un apego sentimental nada predicible nun home sen vínculos anteriores con aquela república. O seu traballo constante a pro dos intereses paraguaios logrou que a sociedade viguesa se familiarizase con algúns dos seus costumes e produtos, e foi ademais o artífice dunha modesta expansión comercial durante os anos vinte.

Como coda á presente sección, sinalamos que todo iso terminou en agosto de 1936, cando Rodríguez Elías "*estuvo a punto de ser fusilado*" a mans dos sublevados franquistas por un delito político non especificado. Só a intervención doutros cónsules vigueses lle salvou a vida[429]. González Martín (2005: 130) afirma que foi o cónsul uruguaio José María Perelló quen se puxo en contacto co comandante Felipe Sánchez para convencelo de que sería un escándalo fusilar o cónsul dunha nación estranxeira. Unha vez liberado, Avelino Rodríguez Elías, a súa esposa María Miguélez Rebolledo (Padrón, A Coruña) e os seus catro fillos adultos Clementina, Juan, Ramona y Sofía embarcaron rumbo ao exilio paraguaio. O ex cónsul tiña 63 ou 64 anos cando se asentou en Asunción a principios de 1937, pero non viviu o exilio como unha xubilación. Rodríguez Elías seguía escribindo e era un dos "*mejores colaboradores*" de *El País* até o seu falecemento en febreiro de 1958 (ficaba cego nos seus postremeiros anos, polo cal redactaba os textos xunto á súa filla Ramona). En certo momento, o franquismo 'perdoouno' e, malia que el non aceptou o invite para retornar a España con "*todos los honores*", dende entón varios periódicos galegos como o *Faro de Vigo* ou *El Pueblo Gallego* volveron publicar os seus artigos con regularidade[430]. Falando en 1953 ou 1954 en *La Voz de España*, periódico oral emitido pola asuncena *Radio Charitas* e dirixido por Ángel de Bengoechea, Rodríguez Elías declarou que "*Ni el tiempo, que ya va siendo mucho, ni la distancia, que aún es mayor, han sido capaces de apagar el fuego encendido de mi ferviente amor a Vigo*"[431]. En fin, o derradeiro capítulo da súa vida, transcorrido nunha terra que el amaba incluso antes de pisalo por primeira vez, pero asemade marcado pola nostalxia propia de calquera exilio, foi bastante máis feliz do que podía ter sido noutras circunstancias.

[428] AHMRREE. DPD 373. Informe de Andrés Gubetich a Higinio Arbo, 11 de agosto de 1932. [Agradezo a Ricardo Scavone a cesión deste documento.]
[429] *Ahora*. Madrid, 22 de decembro de 1936, p. 6.
[430] *El País*. Asunción, 14 de febreiro de 1958, pp. 1, 5.
[431] *Anuario de Vigo*. Vigo, 1953-1954, s/p.

6.2. Indianos, turistas e viaxeiros con morriña

Os sentimentos que Avelino Rodríguez Elías expresa no seu saúdo a Vigo en 1953/1954 remítenos á cuestión das saudades e a morriña — fenómenos psicolóxicos que teñen un gran peso na experiencia persoal de cada emigrante e na memoria colectiva da emigración galega. Sobre todo nun país xeograficamente illado como o Paraguai, resultaba difícil que o emigrante sostivese unha comunicación fluída cos seus familiares en España. Algunhas familias perderon a pista dos seus emigrados por completo, como amosa este aviso de 1882: "*Ruégase a quién pueda dar razón de la situación actual de D. José María Macon, que vive en Asunción, Paraguay*"[432]. Ou en 1895, o barcelonés José Botey escribiulle ao seu irmán Jaime, domiciliado en San José de los Arroyos (Caaguazú), porque "*necesito saber mas de ti pues* […] *no se nada como ya he dicho, desde hace dos años ó mas.* […] [D]*e lo contrario nos vamos á figurar que ya no existes en la tierra*"[433].

Incluso nas etapas tardías do período de estudo, seguía sendo demasiado doado que se interrompesen as liñas de comunicación. En 1932, o cónsul do Paraguai en A Coruña recibiu unha solicitude para comprobar se un tal Luciano Lorenzo residía na vila de Rianxo. Lorenzo, quen tiña 51 ou 52 anos en 1932, era un emigrante retornado a Galicia nalgún momento posterior a 1917, cando testemuñara unha voda en Asunción (expediente 2256). Felizmente, puido verificarse que Lorenzo estaba vivo e, si, moraba en Rianxo[434]. En resumo, os servizos de correos transatlánticos nunca deixaron de sufrir imperfectos, como demostra unha carta de Antonio González Paradela á súa tía Eugenia López Paradela, veciña de A Coruña, no ano 1951. Firmada en Asunción o día 20 de abril, a carta do compostelán explica que "*Recibí tus cartas fechadas el 7 y 13 del pasado marzo. Veo por ellas que la carta que te escribí desde Buenos Aires en noviembre del año pasado, no llegó a tu poder*"[435].

Por outro carón, os europeos chegaban a América sendo portadores dun conxunto de códigos e prácticas distintos aos do seu lugar de orixe, os cales sufrían un proceso de aculturación e influían de maneira decisiva nas súas formas de interacción cos nativos, os conterráneos ou outros grupos de inmigrantes. Victorino Abente y Lago representa un caso ilustrativo, tanto do peso das saudades sobre a vida do inmigrante como do seu proceso de aculturación. Abente retornou a Galicia en dúas ocasións, en 1884 e 1907, coa intención de quedar en Muxía para sempre. Na segunda destas viaxes, a súa filla Balbina casou cun sobriño de Victorino, o escritor Gonzalo López Abente. Desafortunadamente, Balbina faleceu moi nova en 1919. López Abente acordaríase do amor do seu sogro pola terra nai nun discurso nos salóns da RAG en 1941, cando versaba sobre a temática da terra na obra doutra das grandes figuras das letras galegas, Eduardo Pondal Abente, curmán dos Abente y Lago.

Segundo López Abente, Victorino "a pesar de ter emigrado para o Paraguay, onde deixóu abondante obra que lle creóu sona e renome, non esquecéu nunca a sua patria e na fala nativa escribíu mui bôs versos. Non resistimos a tentación de reproducir esta composición sua adicada a Pondal, intitulada **Ponteceso**". Neste poema sobre o "frondoso berce do meu curmán, galaico bardo de moita sona", Abente y Lago evoca a dor, até a sensación de opresión, que lle supoñía o seu afastamento da terra:

[432] *La Ilustración Cantábrica. Revista decenal ilustrada*. Madrid, 8 de xaneiro de 1882, p.
[433] CCCC. Carta de José Botey a Jaime Botey, 8 de abril de 1895.
[434] AHMRREE. DACyL 53. Informe de Juan Mesa Ramos ao ministro de RREE, 7 de decembro de 1932.
[435] Arquivo particular de Julio González Oddone. Carta de Antonio González Paradela a Eugenia López Paradela, 1951.

Ouzo as campanas d'Allóns e sinto
que magoando meu peito están,
porque me lembran o prisioneiro
que chora lonxe do patrio chan.
(Citado en López Abente, 1965: 17)

Esta poesía dá a impresión dun Abente y Lago profundamente infeliz en América que pasaba os días arelando a súa Muxía natal, pero os feitos desmenten tal imaxe. En primeiro lugar, a familia Abente-Myskowsky non quedou en Galicia en ningunha das dúas ocasións, senón que volveu ao Paraguai. En segundo lugar, a vasta obra poética de Victorino Abente céntrase en temas de cultura e política paraguaias con moita máis frecuencia que en calquera temática galega. A súa obra reflicte a mentalidade dunha persoa tan integrada na sociedade de acollida que chegou a considerarse un paraguaio máis. A mostra máis explícita desta dobre identidade —diriamos tripla identidade pero non semella que Abente distinguise entre ser español e ser galego— é o poema titulado *Mis dos patrias* (1907):

[…]
Para uno y otro suelo,
En mí tanto afecto hay
Que al pedir dichas al cielo
Confundo en el mismo anhelo
A España y el Paraguay.
¿Cómo no ha de ser así
Si estrechamente se unieron
Ambas Patrias para mí?
Pues si yo he nacido allí
Aquí mis hijos nacieron.
Y a Dios le pido por eso
Que amorosamente unidas,
Como labios en un beso,
Marchen al mayor progreso
Estas dos patrias queridas.
(Abente y Lago, 1984: 55)

A aculturación non é un proceso acabado e totalizador; diferentes inmigrantes experiméntana, pero de modo asimétrica. Contrario a certa idea arraigada na historiografía, o español non se integraba perfecta e inmediatamente na cultura paraguaia. Algún testemuño dá conta do choque cultural provocado por este entorno descoñecido. Bermejo (1909 [1873]: 12-13) escribe que tan pronto se atopase a soas coa súa esposa nos seus apousentos en Asunción, xusto despois de desembarcaren en 1855:

> *Mi esposa (hasta este momento no dije que yo era casado), mi esposa, repito, que habia formado propósito heróico de disimular su angustia para no duplicar la que, á su parecer, me dominaba, sentóse sobre uno de los baules y comenzó á llorar con tal desconsuelo que hube de dar al traste con toda mi resignacion, pues como siempre la amé, y más entonces por estar recien casado, la animé, asegurándole que el mismo vapor que nos habia traido nos sacaria de aquella reclusion.*

José María Gómez Sanjurjo tamén escribe sobre esta reclusión. Eugenio, o protagonista da súa novela *El español del almacén*, é reclamado polo seu tío Jesús para traballar nun

establecemento comercial (unha reconstrución literaria da historia do pai do autor). En medio parágrafo, Gómez Sanjurjo (2012: 21 [1955]) sintetiza con destreza algúns dos factores —o illamento xeográfico, a lingua, as roupas da xente, un clima hostil— que podían suscitar unha sensación de alienación no novo inmigrante:

> *Conservaba todavía presente aquella borrosa ribera en la madrugada de lluvia;* […] *las vueltas que se sucedían incansablemente en aquel río gris, interminable. Después la arcilla resbaladiza del desembarcadero, los canastos, las voces de mando, incomprensibles, las manchas de barro en el pantalón de pana negra que nunca volvió a usar. Y no obstante la lluvia, el sudor, siempre el sudor.*

Ao igual que Pura Jiménez de Bermejo, o ficticio ou semi-ficticio Eugenio intenta disimular a súa congoxa pero, sexa polas expectativas de xénero ou pola súa disposición persoal, a el non se lle dá a oportunidade de desafogarse:

> *Se le llenaba de agua los zapatos al pisar una de las charcas que el tío Jesús esquivaba diestramente.* […]
> *La casa del tío Jesús estaba lejos. Casi en el extremo de la calle barrosa. Entraron sin que nadie saliera a recibirlos. El tío abrió una habitación oscura de paredes azules.*
> *ð Deja el equipaje aquí. Ahora vamos a desayunar.*
> *Había sentido, en ese momento, ganas de llorar, de echarse en ese camastro y hundir la cabeza. El cuarto olía a humedad, a cosa guardada. Su angustia parecía no tener salida.*
> *ð Ya ð dijoð . Querría cambiarme estos zapatos, tío.*
> *ð El tiempo que quieras, hijo. Yo voy a dar algunas órdenes.* (Gómez Sanjurjo, 2012 [1955]: 21, 23)

En fin, todos os inmigrantes tiveron que adaptarse á sociedade de acollida a través da confrontación entre os costumes dun país e do outro, da supresión dalgunhas formas de ser e a adopción doutras. Unha estratexia para suavizar o proceso de integración era a sociabilidade con outros galegos e españois. En moitas ocasións, observamos que os inmigrantes compartían domicilio. Por exemplo, José Naveiras (Ferrol) e Bernardo Pérez Oreal (Porriño, Pontevedra) estaban empadroados no mesmo enderezo (r/ Palma 442) cando se asociaron á SRE o 10 de outubro de 1918 — o mesmo día que se inscribiu outro galego que eles sen dúbida coñecían, Antonio González Besada (SRE 235-237). De acordo co buscador de inmigrantes do CEMLA, Naveiras, un xornaleiro de 38 anos, chegou a Bos Aires en 1914 no vapor "Cap Blanco", procedente de A Coruña. É probable que a convivencia cun conterráneo fose unha solución transitoria ao problema da vivenda nos seus primeiros anos no Paraguai, mentres non se afincase de maneira estable. Neste senso, sabemos que o seu compañeiro de casa Bernardo Pérez Oreal permaneceu no Paraguai ao longo prazo. Pérez casou aos seus 27 anos coa paraguaia Juana Bernal Pérez no ano 1920, téndose mudado á rúa 15 de Mayo esquina Berlín, fronte á casa da súa noiva (expediente 2411). Outros casos parecidos son Máximo Táboas (Pontevedra) e Luis E. Urizar (Ultzama, Navarra), o seu compañeiro de casa na rúa Libertad 25, ambos socios da SRE (254-255) dende o 31 de maio de 1919; ou os comerciantes José Díaz Fernández (25 anos, provincia de Lugo) e Manuel Barrios Costas (29 anos, provincia de Pontevedra) que cohabitaban na rúa 24 de Mayo 64 cando se asociaron á SESMAP (573-574) en 1932.

O destino final destas vías de asimilación variaba segundo a persoa. É difícil saber até que punto Victorino Abente era típico ao considerar o Paraguai como unha segunda patria,

amada coa mesma intensidade que a primeira. A tensión entre unha identidade e a outra está moi presente no poema *Ahora, desde lejos*, composto por José María Gómez Sanjurjo como resposta ao falecemento do seu pai.

> […]
> *Esta es la tierra, nuestra, y tuya,*
> *la que tú elegiste. Quisiera*
> *rescatar, el color de ese cielo*
> *con que tus ojos la miraban*
> *surgiendo verde, límpida y siempre*
> *asomado desde las ventanas grises*
> *de tu callada Galicia nostálgica.*
>
> *Porque al saberme huérfano de ti*
> *me siento en cierto modo huérfano de patria,*
> *de aljibe y de jazmín,*
> *de zaguán abierto hacia todas las mañanas.*
> […]
> (Gómez Sanjurjo, 1996: 33)

Paraguai: noso, e teu. Galicia: túa, pero non nosa. O poeta lembra o seu pai como un home cun pé en cada sitio. Ao abandonar o Paraguai na morte, despois de máis de medio século de residencia, José Domingo deixou o seu fillo "*en cierto modo huérfano de patria*". Anos máis tarde, e con máis sosego, José María escribiu a súa *Carta de nochebuena*:

> *Nunca he visto*
> *nevar, y ahora ciertamente*
> *ha de nevar allá en tu tierra,*
> *ha de bajar la nieve*
> *cayendo mansa sobre el sueño,*
> *sobre la paz que has alcanzado para siempre.*
> *Ha de nevar allá en Santiago*
> *Dulcemente.*
> […]
> (Gómez Sanjurjo, 1996: 43)

O ortigueirés faleceu inesperadamente durante unha viaxe a Galicia. Estas viaxes entre Paraguai e Europa resultaban máis sinxelas ao final do período de estudo que ao principio. Naquela primeira globalización, ían consolidándose os vínculos de transporte (máis e mellores liñas transatlánticas), de comunicación (como a prensa galega en América ou a nova oficina de información en Ribadeo), os vínculos políticos (a implantación do capitalismo liberal nas economías periféricas, a expansión dos corpos consulares, a lexislación migratoria) e culturais (a 'febre' da emigración, o pensamento hispano-americanista). Todo isto facía que a mobilidade internacional se tornase máis fácil, rápida e barata (Massey, 2002: 147).

Tal e como se comprobou noutros capítulos desta tese, os inmigrantes galegos nun destino secundario como o Paraguai adoitaban ser persoas xa enraizadas en América, en principio sen intencións de regresar a Europa. De feito, só temos noticias duns poucos que volveron asentarse en Galicia de forma permanente, como o arriba citado Luciano Lorenzo, de Rianxo. Non debemos esquecer os xa mencionados casos de Flor Viñas, Manuela García Suárez

e as súas fillas Trini e Maruja López Mosquera. A primeira volveu a Pontevedra trala morte do seu marido, e estoutras foron a Santiago tralo casamento da filla/irmá maior. Trátase dunhas mulleres que non tiñan un gran número de parentes en América. Posto que as emigrantes femininas non gozaban das mesmas oportunidades que os homes para ancorarse no país de destino mediante o ascenso laboral, o acceso á propiedade ou aos corpos directivos das institucións civís, semella que as aquí analizadas preferían estar en Galicia, onde podían contar cunha rede de apoio social e familiar máis extensiva que no Paraguai.

Un dos contados indianos paraguaios foi Vicente I. Acea, membro da masonería paraguaia e socio fundador da SESMAP, quen retornou á Ortigueira da súa infancia antes de 1896, momento no cal os chocolates que el fabricaba foron premiados cunha medalla de ouro nunha exposición comercial celebrada en Lugo. Acea deu "*órden para que la mayor parte de su instalación sea distribuida entre las Hermanitas de los pobres, Siervas de Jesús, Hospital y Casa de Beneficencia*". O xornalista engade que este acto de caridade non sorprende porque "*muy antes de ahora teníamos conocimiento de su noble y desinteresado proceder* […] *y nos consta que, antes que comerciante ð puesto que lo ha establecido como mera distracciónð es un protector de los pobres*"[436]. A base desta descrición, infírese que Vicente I. Acea cumpriu o soño, fuxidío para a meirande parte dos emigrantes, de 'facer as Américas', acumular capital e volver enriquecido a casa. Cando Acea faleceu en 1911, unha muller chamada Rosario Peña Díaz presentou un preito contra o Estado como a súa herdeira. O avogado Dámaso Calvo Moreiras, marido de Peña Díaz, informou en representación dela[437]. Dado que Calvo era o director de *El Eco Ortegano* e vicepresidente da comisión provincial da Deputación de A Coruña (*Directorio de Galicia*, 1911: 16), todo fai pensar que as riquezas de Acea eran suficientes para que se activase a maquinaria do caciquismo local coa fin de apropiarse do seu patrimonio.

Outro caso é o do xornalista vigués Augusto Loredo Martínez, quen regresou á súa terra en 1924 ao cabo de 29 anos de ausencia (emigrara aos dezaoito), acompañado pola súa esposa paraguaia. Loredo posuía "*una cuantiosa fortuna que a fuerza de la horiosidad* [sic] *logró obtener en importantes negocios implantados por él en la Asunción y otros pueblos del Paraguay*", pero non pretendía durmir nos loureiros. En 1925, Mauro Alonso Cuenca, Augusto e o seu irmán Joaquín Loredo Martínez constituíron a sociedade limitada Loredo & Cía. para comercializar vehículos da marca Ford — un artigo de luxo e un verdadeiro símbolo do «*American way*». Ademais de inverter a súa fortuna nestes negocios, Augusto Loredo tivo unha relevante actuación política nos inicios da Segunda República Española (1931-1939) militando nas filas do Partido Socialista. Antes de falecer inesperadamente aos 55 anos en abril de 1932, Loredo exerceu como primeiro tenente do alcalde de Vigo, Amando Garra Castellanzuelo (1931-1932), e como vicepresidente da Deputación de Pontevedra[438].

Un terceiro exemplo é Antonio Casariego y Cobián, declarado prófugo polo concello de Ribadeo en 1896[439] e reaparecido nas fontes cando figura entre os cargos directivos do BEP en 1916. O nome de José Casariego, presumiblemente un familiar de Antonio que tamén se radicou en Asunción, aparece na listaxe de asistentes á inauguración da nova sede do BEP en

[436] *El Eco de Galicia. Diario de la tarde*. Lugo, 10 de outubro de 1896, p. 3.
[437] *El Eco de Galicia. Diario católico e independiente*. A Coruña, 4 de xuño de 1911, p. 3.
[438] *El Pueblo Gallego. Rotativo de la mañana*. Vigo, 25 de setembro de 1924, p. 5; 16 de setembro de 1925, p. 6; 16 de abril de 1932, p. 11.
[439] *El Regional. Diario de Lugo*. Lugo, 22 de xullo de 1896, p. 3.

1918[440]. Trátase do propietario dunha casa de comercio na rúa Palma que importaba artigos para homes e perfumería en xeral[441]. Mentres que Antonio terminou volvendo a Galicia, semella que a familia de José permaneceu no Paraguai porque o seu fillo José A. Casariego loitou na Guerra do Chaco[442]. Antonio Casariego estaba de volta en Ribadeo contra 1925. Nese ano, acordouse por Real Orde a creación dunha oficina de información na vila para o despacho de pasaxes a América, "*y que a instancia del agente general de las Compañías Hamburguesas y Hamburg-America-Line* [Gustavo Kruckenberg], *le ha sido otorgada a nuestro covecino Antonio Casariego Cobián*"[443]. Outro retorno triunfal, entón. Casariego escapara como fuxitivo, pero puido regresar a Ribadeo como unha 'autoridade' en temas americanos, capacitada para asesorar os seus compatriotas en materia migratoria.

Podemos sinalar outro ribadense que emigrou en condición de fuxitivo, probablemente para esquivar o servizo militar obrigatorio: Genaro Prieto Villamil, declarado prófugo en 1901[444]. Prieto asociouse á SESMAP (94) aos 25 anos en 1906, e casou coa mallorquina Margarita Abraham Esteve en 1910 — as testemuñas foron o paraguaio Hilarión Ibarra e o español Romualdo Cabezudo, tamén oriúndo da provincia de Lugo (expediente 1896; SESMAP 126). A súa filla, Francisca Prieto, naceu en Asunción en 1912 e casou co alemán Juan Próspero Wolff en 1937 (expediente 2957). Genaro Prieto non volveu asentarse en Galicia, pero si visitou o seu país natal en polo menos unha ocasión. O buscador de inmigrantes do CEMLA revela que Prieto, aos 68 anos de idade e comerciante de profesión, arribou ao porto de Bos Aires en 1950 no barco "Monte Urbasa", procedente de Vigo. Efectivamente, as vacacións temporais a Galicia debían ser máis frecuentes que o retorno definitivo. Algunhas viaxes desta índole citáronse noutros capítulos, como a de Manuel P. de Lafuente en 1906 (apartado 5.6).

En xeral, só nos chegan noticias destas viaxes nas ocasións en que a prensa tomou nota dos movementos dun inmigrante considerado dalgunha maneira notable. Tales noticias son moi sumarias ás veces. Unha nota de xullo de 1897 limítase a manifestar que o "rico comerciante" Francisco Esmeriz acaba de desembarcar en Vigo[445]. Este home aparece nas fontes por primeira vez como socio da empresa de consignatarios Váldez & Esmeriz (r/ Colón 6) en 1887[446]. A casa de comercio Esmeriz & Cía. fundouse en 1888 na praza do porto, antes de trasladarse en 1893 á Plaza Uruguaya no barrio da Catedral. Semella que Esmeriz prevía unha estadía temporal en España porque cando lle sorprendeu a morte en Madrid no 1898, quedábanlle créditos a pagar en América. Quen saldou estas débedas foi o español Félix Blanco, empregado de Esmeriz & Cía. dende a súa chegada ao Paraguai en 1893. Blanco mercou as accións da empresa e puxo a razón social no seu nome (*El comercio paraguayo*, 1899: 181-183).


Polo contrario, a prensa proporciona máis detalles sobre as viaxes de José Domingo Gómez Sanjurjo durante os anos vinte. En 1926, el coincidiu con Antonio Dovale Peña, retornado temporalmente dende Cuba, nunhas vacacións a Ortigueira. A principios do ano anterior, inaugurárase na vila o Centro Artístico Ortigueirés nun "*acto solemnísimo, un verdadero acontecimiento como jamás se recuerda en Ortigueira* […] *en la casa ð la mejor de*

[440] AHN. SMAE. H-1824. Correspondencia consulados, Asunción. Recorte dun xornal adxunto a un informe do vice-cónsul encargado do consulado, 1 de setembro de 1918.
[441] *Revista Comercial Iberoamericana Mercurio*. Barcelona, 1 de agosto de 1918, pp. 184-185.
[442] Listaxe de xefes, oficiais, enfermeiras e capeláns do exército paraguaio do Chaco, facilitada por Herib Caballero Campos.
[443] *El Ideal Gallego. Diario católico, regionalista e independiente*. A Coruña, 7 de novembro de 1925, p. 4.
[444] *El Regional. Diario de Lugo*. Lugo, 5 de xuño de 1906, p. 2.
[445] *Faro de Vigo*. Vigo, 4 de xullo de 1897, p. 1.
[446] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 30 de marzo de 1887, p. 5.

la villað de los herederos de don Manuel Pérez Orosa", con interpretacións das letras dos máis destacados artistas galegos: o *Himno de Galicia* de Eduardo Pondal e Pascual Veiga, *Meus amores* de Xosé Baldomir, e *Negra sombra* de Rosalía de Castro[447]. Tras coñeceren as actividades desta asociación "*que tanto contribuye a elevar el nivel moral de Ortigueira*", Gómez Sanjurjo e Dovale, "*compenetrados con la admirable labor del Centro quisieron mantenerse directamente sumados a ella a pesar de su ausencia, abonando por anticipado las cuotas, como tales socios, de dos años*"[448].

Ao igual que en Paraguai, as asociacións recreativas galegas como o Centro Artístico Ortigueirés xeralmente son posteriores ao auxe das asociacións de socorros mutuos na segunda metade do século XIX (Vilar Rodríguez, 2008: 5). Aquelas cobraban máis importancia no século XX, cando contribuían á institucionalización dos gustos artísticos da burguesía local. Por tanto, as elites consideraban que as asociacións lúdicas e artísticas tendían a acrecentar o nivel cultural do pobo (Vázquez Lojo e Soutelo Vázquez, 2019: 101). Coa súa aportación ao Centro Artístico Ortigueirés, Gómez Sanjurjo e Dovale Peña —conscientemente ou non— reforzaron a imaxe do indiano como un mecenas das artes e a modernización na patria chica, unha tendencia cuxa manifestación máis visible son as trescentas escolas pagadas por indianos, sobre todo na franxa setentrional e no Baixo Miño (Villares, 1998: 92).

Outro estereotipo do indiano no imaxinario colectivo era ser o portador dun inmaculado traxe branco, o cal sobresairía entre a indumentaria apagada dos seus compatriotas (García López e Pernas Oroza, 1999: 138). Cando José Domingo Gómez Sanjurjo e Pura López Mosquera deixáronse fotografar para *Vida Gallega* en agosto de 1930, a roupa que levaban non era branca, pero a parella si lucía unhas prendas elegantes, propias da colonia estival de O Carballiño (Ourense). Nesta foto, colocada ao carón doutras persoas que estaban de vacacións na famosa vila balnearia, o matrimonio posa xunto ao abade do Mosteiro de Lobás, un dos personaxes senlleiros da sociedade local.



CARBALLINO.—Las lindísimas argentinas Carmen y Marina Fontán, gala de la colonia veraniega.—Don Jose D. Gómez Sanjurjo, prestigioso miembro de la colonia gallega en el Paraguay, con su bellisíma esposa y el culto abad de Carballido.—Don Eduardo Fontaiñas, opulento exportador, el hombre del mes de Julio en la encantadora villa, que lo mismo dispone la salida de cinco mil jamones para Cuba que le da un sablazo a cualquiera para las fiestas de San Benito.

Figura 16. O matrimonio Gómez Sanjurjo-López Mosquera de vacacións en O Carballiño. (*Vida Gallega*. Vigo, 10 de agosto de 1930, p. 40.)

[447] *El Heraldo Gallego. Órgano de las colectividades gallegas en el Plata*. Bos Aires, 25 de xaneiro de 1925, p. 5.
[448] *El Correo de Galicia. Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Bos Aires, 7 de marzo de 1926, p. 8.

No mesmo ano, a revista porteña *Céltiga* tamén anunciou unha viaxe de Luis López Ríos:

> *Hemos recibido la visita de este buen amigo y paisano, radicado desde hace algunos años en Asunción (Paraguay), quien se embarcó el día 5 en el vapor Werra, con rumbo a Galicia, en viaje de descanso. Piensa el amigo López Ríos pasar unos 3 meses en la pintoresca villa de Ribadeo, al lado de los suyos, para luego retornar de nuevo al Paraguay, donde se dedica al comercio. Lleve feliz viaje el amigo y que pronto tengamos el placer de volver a abrazarlo.*[449]

Malia que a provincia de Lugo enviaba menos emigrantes ao Paraguai que A Coruña ou Pontevedra, Ribadeo en concreto destaca case tanto como Ortigueira entre os concellos de orixe, pero a diferenza daquela localidade coruñesa, non está claro cantos dos inmigrantes ribadenses estaban relacionados entre si. Sen contarmos Antonio Rodríguez del Busto, o primeiro identificado é Antonio Joaquín Penacorbeira y Rego, quen faleceu en Asunción no 1903 "*habiendo dejado bienes de fortuna*"[450]. Por aquela época chegaron Genaro Prieto Villamil, Antonio e José Casariego, sobre os cales xa falamos. Luis López Ríos era máis novo. El cumpriu trinta anos en 1930 e estaba solteiro cando se asociou á SESMAP (572) en 1931 — compartía casa co malagueño Manuel Berbel Pastor (SESMAP 571). López levaba polo menos dende 1922 en Paraguai, momento no cal o seu nome se gravou no libro de socios da SRE (406). A súa familia formaba parte, ademais, dunha cadea migratoria. No 1916, a súa irmá maior Peregrina López Ríos (28 anos) contraeu matrimonio baixo poder con Antonio Díaz Martínez (trinta anos), natural de Vilaselán (Ribadeo) e domiciliado na rúa asuncena de Buenos Aires 449 (expediente 2235). O tamén ribadense Eliseo Pulpeiro, director de *Céltiga* e amigo da familia, dedicoulles o seu poema *Asunción* (1927) ás fillas paraguaias deste matrimonio, María Angélica e Antonia Díaz[451].

Se o retorno dalgúns inmigrantes víase facilitado polas melloras nas infraestruturas internacionais, estas tamén auspiciaban a chegada dos primeiros turistas. En 1904, Emilio Alonso Criado —director da bonaerense *Revue Ilustrée du Río de la Plata* e irmán do cónsul-xeral do Paraguai en Montevideo— explicaba a conveniencia de confeccionar un álbum ilustrado das industrias nacionais porque por "*una extravagancia de* touristas*, se han divulgado generalmente las vistas fotográficas indígenas, y esta es por desgracia con que se perjudica al Paraguay en el exterior*"[452]. Aqueles primeiros visitantes ao país clasificaríanse como expedicionarios ou 'exploradores' (na terminoloxía colonialista da época). Cada viaxe era un emprendemento único e irrepetible. Victorino Abente y Lago (1984: 23-26) transmite esta idea no seu poema *Salto del Guairá* (1899). O muxián viaxou ás cascadas do río Canindeyú: un "*soberbio espectáculo grandioso*" que engrenaba coas súas sensibilidades románticas. Ollando as "*soledades* [que] *Irán poblando las futuras gentes*", o poeta "*Graba quisiera este canto* […] *Para que en edad futura / Quien viniere a contemplarte / Viese* […] *Que fui el primero en cantarte*". Sería máis correcto dicir que Abente foi o primeiro *europeo* en cantarlle, que se saiba, pero esta derradeira liña si reflicte a percepción da súa viaxe como un acto pioneiro que ninguén fixera dende que "*Te contempló, admirado, / El eminente* [Félix de] *Azara, honor de España*" na década de 1780.

[449] *Céltiga. Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Bos Aires, 10 de xuño de 1930, p. 8.
[450] *La Correspondencia Gallega. Diario de Pontevedra*. Pontevedra, 28 de novembro de 1903, p. 2.
[451] *Céltiga. Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Bos Aires, 25 de xuño de 1927, p. 3.
[452] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 29 de xuño de 1904, p. 4.

Máis adiante, o turismo paraguaio logrou un grao de estabilidade, destinos e itinerarios máis ou menos fixos, como destino invernal para os arxentinos e uruguaios. Algunhas vilas próximas á capital como Areguá, Caacupé, Piribebuy, Villarrica ou en particular a colonia San Bernardino atraían a moitos viaxeiros porque, a xuízo de Juan Natalicio González e Pablo Max Insfrán (1929: 123), eran "*lugares encantadores, buscados por el turista, ya para librarse de los fríos intensos, ya para hallar un refugio benigno de paz y de frescura, en los días caliginosos del verano*". A clemencia do clima vendíase como o principal atractivo do país, pero esta descrición realza ademais a súa tranquilidade fronte ao entorno barullento das grandes urbes e os efectos alienantes da vida moderna.

O libro *Por tierras guaraníes* (1926) de Julio Dávila Díaz narra unha excursión turística ás cataratas de Iguazú e ao Paraguai. O xeógrafo ortigueirés viaxou na compañía da súa filla e o matrimonio formado por Rogelio García Yáñez (Freás de Eiras, Ourense), comerciante e filántropo establecido en Bos Aires, e Pilar Martínez Morás (A Coruña). Estes compañeiros de viaxe non eran casuais. O pai de Pilar, Andrés Martínez Salazar, propuxera a Dávila como académico de número da RAG en 1920[453]. Ese mesmo día, estando de vacacións en Galicia, Rogelio García Yáñez doou unha suma de mil pesetas á mesma institución. O indiano entregou o donativo ao seu sogro Martínez Salazar, membro fundador e tesoureiro da RAG entre 1915 e 1923[454]. Julio Dávila en particular tiña motivos para querer percorrer o país guaraní polo recente falecemento do seu amigo Benigno Teijeiro Martínez, cuxos vínculos co Paraguai non podían serlle descoñecidos. Dávila impartiría dúas conferencias sobre a vida de Teijeiro nos salóns da RAG en 1927 —unha en marzo nunha xunta ordinaria e outra en agosto na ocasión da súa incorporación formal como académico de número[455]— ademais de escribir un folleto de cen páxinas sobre o mesmo tema: *La personalidad y la obra de Benigno Teijeiro Martínez*. Para a excursión recollida en *Por tierras guaraníes*, os viaxeiros galegos contrataron os servizos da axencia turística arxentina "Expreso Internacional Exprinter". Esta compañía:

> […] *tiene bien estudiadas y organizadas esta clase de excursiones para que puedan realizarse cómodamente, aunque sometidos a las exigencias de itinerarios demasiado estrictos, pero que conviene aceptarlos cuando por primera vez vamos a visitar tierras para nosotros desconocidos: por una determinada cantidad se nos lleva de la mano y se nos provée de todo lo necesario.* (Dávila Díaz, 1926: 6)

As empresas como a Exprinter constituían a forma máis segura de desfrutar deste tipo de paseos turísticos que se estaban popularizando entre as clases máis acomodadas. Un exemplo parecido é a viaxe a Iguazú e os Saltos de Guairá realizada en 1921 polo libreiro catalán Pedro Marés Inglés, o xironés José Tarrés, dono de catro panadarías e accionista de dúas firmas industriais, e o comerciante paraguaio Juan B. Fariña, todos veciños de Asunción (Báez, 1915: 308). Na revista *Mercurio* de Barcelona, Marés relata que os tres compañeiros foron en tren dende Asunción a Encarnación, onde colleron un vapor que transitou o alto Paraná facendo paradas para que os pasaxeiros puidesen admirar as ruínas xesuíticas e os principais portos. Logo, o último tramo até os Saltos de Guairá fíxose en tren (Morales Raya, 2015b: 390-392). As demais persoas a bordo do vapor eran unha mestura de turistas norteamericanos, arxentinos e brasileiros que, como Marés, Tarrés e Fariña, emprenderan unha viaxe de ocio que até datas moi recentes tería sido imposible facer coas mesmas garantías de comodidade e seguridade.

[453] Listaxe de académicos dispoñible dende o portal da RAG: https://academia.gal/inicio [acceso: 28 de marzo de 2021]
[454] *El Compostelano. Diario independiente*. Santiago de Compostela, 19 de xullo de 1920, p. 2.
[455] *El Compostelano. Diario independiente*. Santiago de Compostela, 9 de marzo de 1921, p. 1; 30 de agosto de 1927, p. 2.

Os Dávila e os García-Martínez fixeron a mesma viaxe ao revés; despois de coñecer as cataratas de Iguazú, pasaron a Encarnación en barco para ameceren coa liña de ferrocarril. Dávila (1926: 26) xulgaba que as feridas da Guerra Guazú non se cicatrizaran en absoluto porque os campos paraguaios "*sólo nos dejan ver la pobreza del abandono de sus tierras*, […] *la pobreza de sus ganados raquíticos, degenerados, y la pobreza de sus poblaciones* […] *Solamente Villa Rica, a mitad del camino entre Encarnación y Asunción, presenta el aspecto de una población progresista*". Isto non quere dicir que o país lle resultase pouco interesante, pois o ortigueirés incluía unhas longas pasaxes sobre historia paraguaia e unha multitude de traducións de toponimias, cancións populares e nomes de flora e fauna en guaraní que debían esixir un notable esforzo investigador pola súa parte.

Non obstante as novas infraestruturas e as publicacións ocasionais de paseantes como Marés ou Dávila, a ollos da meirande parte dos estranxeiros o Paraguai seguía sendo un país remoto e estraño. Cando Ramón Jueguen Cortés publicou un artigo sobre a experiencia de visitar o Paraguai no 1929, en representación do *Automóvil Club de Avellaneda*, os seus amigos 'céltigos' celebraron o feito de que persoas galegas ou de ascendencia galega "*recorren, en persona, todo el continente virgen, empapándose de sus modalidades y de sus problemas, que, con esa comprensión gallega para llegar a todos los ambientes, saben ver y entender rápidamente*". O texto de *Céltiga* cualifica o Paraguai como un "*pueblo hermano*" e unha das "*democracias del nuevo mundo*", pero aínda así, trátao como unha rexión descoñecida a onde un céltigo podía acudir como se fose un misioneiro "*llevando la Buena Noticia de nuestra Galicia*"[456].

Outro turista algo excepcional foi Edelmiro Castelao (Rianxo, A Coruña). Curmán do gran escritor e debuxante Alfonso R. Castelao, Edelmiro chegou a Asunción en 1930 despois de percorrer 23 nacións americanas e o Xapón, onde "*después de 6 años de contínuas investigaciones, descubrió las dos substancias que faltaban para el complemento de la pasta que emplea en sus producciones pictóricas, las que todos conocen por el nombre de* alto-relieve". Rematadas as súas pesquisas e elaborada a pasta coa solidez e duración indispensables —a pasta tiña que ser aplicada a lume e os detalles traballados con "*herramientas sometidas a 3000 grados de calorías producidas por un soplete autógeno*"—, Castelao preparábase para expor douscentos cadros nun salón bonaerense[457]. Desafortunadamente, non atopamos ningún outro dato sobre este personaxe. A única outra fonte que confirma a súa existencia é unha fotografía de Alfonso R. Castelao en Rianxo con dous curmáns, un dos cales é Edelmiro (Seixas Seoane, 2019: 1313). No breve artigo sobre Edelmiro Castelao, o Paraguai volve aparecer como unha terra estraña, máis propicia para inspirar un artista bohemio que para a vida moderna. A pesar dos intentos dos cónsules de divulgar a imaxe dun Paraguai 'progresista' e 'civilizado', a prensa estranxeira tratábao a miúdo cun gran exotismo, como un país de desertos indomables e extravagantes ritos indíxenas. Dende logo, esta práctica remontábase ao século anterior. A *Gaceta de Galicia* reportaba a seguinte noticia en 1883:

> *Acaba de llegar á Bilbao una «mujer-tigre», natural del Paraguay, que es un verdadero fenómeno de la naturaleza, pues además de llevar en todo el cuerpo las manchas «naturales» propias del tigre, tiene en todo lo largo de la espina dorsal una abundante y espesa melena, asombro de los más renombrados catedráticos de historia natural. Pero lo más raro del caso*

[456] *Céltiga. Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Bos Aires, 10 de abril de 1929, p. 14.
[457] *Céltiga. Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Bos Aires, 10 de xaneiro de 1930, pp. 13-14.

es que esta mujer, de edad de diez y siete años, está dotada de una indiscutible belleza y de una regularidad de formas de la cual no se puede formar idea sino con el original á la vista.[458]

Tal noticia exemplifica o mito da «muller salvaxe» do Novo Mundo, dalgunha forma contraditoria considerada brava (como o tigre) e asemade servil (tratada como un animal nun zoolóxico). O mito non é soamente eurocéntrico senón que tamén patriarcal; o lector está invitado a imaxinar o corpo espido da muller, incitado a sexualizala. Nun sentido amplo, esta visión colonialista da muller americana, sobre todo a muller indíxena, reflectía as actitudes correntes cara ao continente en conxunto: unha terra virxe, se cadra perigosa, pero pronta para explotar (Paredes-Castellanos e Rozzi, 2018: 171-172). Ao longo das seguintes décadas, consolidáronse no imaxinario popular algunhas nocións básicas acerca do Paraguai (o guaraní, a herba mate, a Guerra da Tripla Alianza, os Xesuítas). Contra os anos vinte, o público lector xa tiña certos coñecementos sobre o país e as noticias podían ser máis sofisticadas, pero o exotismo seguía sendo unha corrente subxacente. Exemplo disto é un artigo que describe como un galego chegou a liderar un grupo de indios guaranís. O autor, o cambadés Arturo Arias, explica como tivo que fuxir de São Paulo cara ao oeste durante a Revolta Paulista de 1924, até que unha tribo guaraní o recibise como hóspede. Alí, na fronteira brasileira-paraguaia, Arias decatouse de que o cacique Abaeté era europeo polo seu aspecto físico e a forma de falar. Interrogado sobre o asunto, Abaeté confesou que en realidade nacera nunha aldea preto de Cambados:

¿Su historia? El destino de millares de jóvenes que venían de Galicia a principio de este siglo. Buenos Aires é la lámpara atrayente é Una disbotella que rompe la cabeza del detractor. buscaban. Subió río Paraguay arriba, llegó hasta San Luis de Cáceres, se internó en Bolivia hasta el río Beni, volvió a Corumbá, compró Ñanduti en el Paraguay para cambiarlo por pieles de Onza y de Tamanduá en Gaiba y en Santa Corazón, compró bueyes en Tres Lagoas y fue garimpeiro en el río de las Garzas, fue caboclo valiente en el Far West brasileño, se internó en el Sertáo bruto, hizo amistad con un Payé, el padre de Maya, con la que se casó [en 1908], *y a la muerte de éste pasó a ser Payé con el nombre de Abaeté*[459]*. Tiene 8 hijos de los que nunca se separará é Ma pseudónimo Maraé t sus padres muertos y tiene una hermana única. Según Tupán, el Dios de su tribu, las almas se comunican, y en este caso dice Manuel que su alma se encuentra con la de su hermana.*[460]

Hai elementos neste relato que non resultan cribles. Arias deuse conta de que Abaeté/Manuel Martínez era branco despois de só un par de días, pero asevera que "*su mujer y sus gentes lo créen indio*" tras dezaseis anos de convivencia. Ou sexa, o autor retrata os indíxenas como extremadamente inxenuos, pánfilos, e malia que non o fixese con esta intencionalidade, enmárcase nun discurso de infantilización dos pobos orixinarios que en último termo servía para xustificar o seu asoballamento en toda América (Mills e LeFrançois, 2018: 8). Porén, a estrutura fundamental da historia —a emigración a Bos Aires, a liorta, a fuga, o emprego en diversos sectores rurais, a súa aceptación final no seo dunha comunidade indíxena— parece plausible, se ben excepcional. Trátese ou non dun caso verdadeiro, o texto transmite a idea de que o interior americano era unha gran fronteira aberta, chea de perigos, aventuras e oportunidades; un mundo ameazado pola modernización, o ferrocarril e a telegrafía,

[458] *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*. Santiago de Compostela, 9 de novembro de 1883, p. 2.
[459] *Payé*/*paje* non é un sinónimo exacto de cacique. Un cacique sería un xefe político, mentres que o *paje* é un xefe espiritual ou relixioso (Coronel, 2011: 26).
[460] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 20 de marzo de 1928, p. 24.

pero inmortalizado, por exemplo, nas pampas idealizadas da literatura gauchesca (Zubillaga, 1998: 196, 204).

A narración de José María Neyra sobre unha visita a Caacupé en 1920 é outra concreción do exotismo paraguaio na prensa galega. Neyra trabou amizade cun ancián chamado José Ávalos. A diferenza da 'muller-tigre' de 1883, Neyra representa Ávalos como un ser humano con autonomía propia, non como un mero obxecto de curiosidade. O periodista galego describe as vellas armas conservadas na súa casa, pois Ávalos servira como sarxento de cabalaría durante a Guerra Guazú, e recoñece que "*resultaba agradable e instructivo escucharle*". Porén, o tema de conversa que máis chama a atención do xornalista é a historia da orixe dos monos. Neyra pretende "*explicarle la teoría darwiniana y me enredé en los laberintos del «Origen»*", pero Ávalos refútao declamando que "*Vas a ver [señor], cara vos podés saber de libros y de lecturas, pero yo soy más viejo, y conozco más cosas que vos*". O ancián procede a contar a seguinte lenda: Cristo e a Virxe pídenlles auga para beber a uns nenos guaranís. Os cativos búrlanse deles, e Cristo transfórmaos en monos como castigo. Trátase dun mito bastante estendido. Por exemplo, a escritora Teresa Lamas conta a mesma historia nas súas *Tradiciones del hogar* (1921). De acordo con José María Neyra, "*fue inútil que yo tratara de persuadirlo de que lo que me había referido debía ser una leyenda de los jesuítas* […] *¡Mi abuelo me lo contó!, ¡y él no mentía jamás!*"[461] O galego mantivo a súas conversas con Ávalos ao longo de varias noites. Entón, que Neyra elixise este debate sobre os monos para o seu artigo é significativo porque amosa a visión do Paraguai que el quería ofrecer: un pobo pintoresco e valente, pero irracional e atrapado no seu propio pasado.

6.3. A (case) ausencia dun galeguismo paraguaio e a excepción que confirma a regra: Eloy Fariña Núñez

Unha vez instalada nun país estranxeiro, a experiencia de aculturación dunha persoa "tiña moito que ver coa axencia institucional das asociacións de emigrantes […], así como cos intereses e opcións das elites emigrantes, dos *líderes étnicos*" (Núñez Seixas, 2009: 32). En Bos Aires, a existencia de non menos de 327 asociacións micro-territoriais galegas a principios do século XX era un factor decisivo na persistencia das redes de sociabilidade étnica, dos vínculos coas comunidades de orixe, e na sensación de pertinencia dos inmigrantes a unha identidade común (Farías, 2015: 75). En Asunción, a escasa forza demográfica da inmigración procedente de Galicia explica por que non houbo un asociacionismo galego durante o período de estudo, pero tamén o explica a falta dunha elite de inmigrantes galegos proclives a facelo. Porén, non era inevitable que ningunha forma asociativa ou acción cultural galega alí callase. De feito, a revista bonaerense *Nova Galicia* reproduce a seguinte noticia en 1915:

> *El «Centro Gallego» organizado en la Asunción del Paraguay; ha invitado al poeta compostelano Don Avelino Veloso y al Director de «Nova Galicia» Don Fortunato Cruces, y al Cuadro «Rosalía Castro» para que asistan a tomar parte en la velada inaugural el 31 de Julio próximo, en la Asunción.*[462]

[461] *El Correo de Galicia. Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Bos Aires, 14 de novembro de 1920, p. 4.
[462] *Nova Galicia. Semanario independiente para los gallegos en la América del Sur*. Bos Aires, 24 de maio de 1915, p. 2.

Non atopamos ningunha outra referencia a este centro galego. Os seus impulsores posiblemente quixesen arremedar a experiencia do *Centre Català*, fundado en Asunción o ano anterior, pero non puideron darlle continuidade ao proxecto. Porén, consta que unhas trinta persoas residentes en Asunción mercaron unha copia do *Almanaque de Galicia* que Fortunato Cruces publicou para o ano 1909. Ademais, un colectivo de «galicianos» asuncenos enviou un telegrama para presentarlle ao mariño coruñés Manuel Deschamps durante unha homenaxe convocada por Cruces e anunciada nas columnas de *Nova Galicia* en 1917[463]. É dicir, existen probas dispersas e ocasionais duns sentimentos identitarios que, baixo outras circunstancias, poderían ter coagulado nunha iniciativa galeguista máis duradeira. En primeiro lugar, a prensa galega ou de intereses galegos tiña subscritores no Paraguai, como demostran os seguintes exemplos:

—*La Ilustración Gallega y Asturiana* (Madrid). Juan P. Lalanne foi o seu axente comercial entre 1879-1880[464]. Trátase do dono dunha librería asuncena que vendía obras en español e francés[465].

—*Diario de Galicia* (Santiago de Compostela). Noutros apartados analizamos a carta "*Cómo se trata a los españoles en América*" (1917) que un galego chamado J. García remitiu ao *Diario de Galicia*. García tiña acceso a este xornal compostelán dende Belén, a 21 quilómetros de Concepción.

—*Vida Gallega* (Vigo). José Domingo Gómez Sanjurjo vendía números de *Vida Gallega* no local de Pérez & Sanjurjo dende 1917 até 1932[466]. Os redactores de *Catalunya*, órgano do *Centre Català* de Asunción, citaron esta revista viguesa no 1919 ao publicaren o poema *O u t o n o f o l l a s d e o u r o. ¡Galiza!...* de Francisca Herrera Garrido xunto a unha composición da poetisa valenciana María Calzada. Este feito pode interpretarse como unha invitación solidaria aos rexionalistas non cataláns en Asunción[467].

—*Nova Galicia* (Bos Aires). O barcelonés Guillermo Sequera i Saldivar, vocal da comisión directiva do *Centre Català* en 1924 (Morales Raya, 2015a: 383), tamén aparece como correspondente asunceno de *Nova Galicia* en 1918. A revista porteña dálle os parabéns na ocasión da súa voda con María Carmen Rodríguez (nacida en La Paz, Entre Ríos), filla do comerciante compostelán Manuel Rodríguez Calvo e Gregoria Martínez Benítez, que se celebrou na igrexa de San Francisco na capital paraguaia (expediente 2518). Dito isto, temos noticias de subscritores en datas tan temperás como 1905, cando o doutor Constante del Frade, galego residente en Asunción, figura nunha listaxe de novos abonados[468].

—*Céltiga* (Bos Aires). O domicilio do coruñés Ramiro García Pereira (r/ 15 de Agosto 463) era o punto de venda de *Céltiga* dende novembro de 1928[469]. O seu expediente de solteiría (2823) dá a impresión de que se trata dunha persoa que se relacionaba moito con outros inmigrantes españois e galegos. Aos seus 31 ou 32 anos, García casou con Adelaida Moreno Gil (22-23 anos, Monterde, Zaragoza) en 1925, e as testemuñas á súa voda foron Antonio Neira (38 anos, Betanzos, A Coruña) e Gerardo Lubián González (37 anos, Vigo) (expediente 2823).

[463] *Nova Galicia. Semanario independiente para los gallegos en la América del Sur*. Bos Aires, 31 de xaneiro de 1909, p. 2; 2 de maio de 1917, p. 1.
[464] *La Ilustración Gallega y Asturiana. Revista decenal ilustrada*. Madrid, 20 de xaneiro de 1879, p. 12; 8 de maio de 1880, p. 12.
[465] *La Regeneración*. Asunción, 1 de xuño de 1870, p. 4. [O anuncio repítese noutros números.]
[466] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 25 de decembro de 1917, p. 11; 20 de setembro de 1932, p. 48.
[467] *Catalunya. Periòdic català*. Asunción, xaneiro de 1919, p. 5.
[468] *Nova Galicia. Semanario independiente para los gallegos en la América del Sur*. Bos Aires, 28 de maio de 1904, p. 8; 27 de xuño de 1918, p. 3.
[469] *Céltiga. Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Bos Aires, 24 de novembro de 1928, p. 31.

En *Céltiga* atopamos unha das raras ocasións en que algún membro do colectivo galego no Paraguai participou nunha iniciativa cultural explicitamente galeguista. En 1927, Ramón Fernández Mato, director de *El Pueblo Gallego* (Vigo) e colaborador da revista bonaerense, lanzou unha subscrición popular entre os emigrados para rexistrar a casa de Rosalía de Castro a nome de todos os galegos. No estado da subscrición para o mes de agosto, aparecen as doazóns dos ribadenses Luis López Ríos (cinco pesos) e o seu cuñado Antonio Díaz Martínez (dez pesos), veciños de Asunción e amigos do director de *Céltiga*, Eliseo Pulpeiro[470]. Ao final, esta subscrición non cumpriu o seu obxectivo a pesar de contar co apoio de *La Prensa* e diversas institucións galegas na Arxentina e Uruguai, como o *Centro Gallego* de Avellaneda (mil pesos). Lamentablemente, non se conseguiu a axuda do *Centro Gallego* de Bos Aires que, á parte de non profesar fins culturais, era unha asociación politicamente conservadora (Pulpeiro e Rodríguez, 2016: 70).

Eliseo Pulpeiro estivo en Asunción en varias ocasións. Durante os seus primeiros anos en América, Pulpeiro traballaba como viaxante de comercio nos vapores que percorrían o Litoral arxentino (Pulpeiro e Rodríguez, 2016: 41). As súas visitas non foron só profesionais, senón que o ribadense tivo tempo para facer turismo e coñecer diferentes recantos da cidade, como a frondosa quinta de Bernardino Caballero, descrita por Pulpeiro no poema *Asunción* como un lugar discreto para facer a corte: "*El Parque Caballero está encantado / ð noble desmayo en los galanes, llamas / en los ojos profundos de la damas*"[471]. Fóronlle memorables as excursións á capital paraguaia que Pulpeiro gozou cun compañeiro de traballo, o futuro político Ramón Suárez Picallo (Sada, A Coruña). Nunha homenaxe a Súarez Picallo que se celebrou nos salóns da RAG (sen data), Pulpeiro refírese á voz do seu amigo:

> *Esa voz que cautivaba a Castelao, a Unamuno, a Casares Quiroga, que, en plenas Cortes Constituyentes, hizo exclamar a Ortega y Gasset: «¿Quién es ese hombre pegado a una voz?». Pegado a una voz en esas singladuras del Paraná arriba, en donde, teniendo una ocupación subalterna, conseguía licencias o suplencias especiales para bajar a contemplar los pinos mareiros del puerto de Asunción.* (Pulpeiro e Rodríguez, 2016: 263-264)

Noutro texto, publicado en *Orientación gallega* na ocasión da morte de Suárez Picallo en 1964, o ribadense rememora como:

> *El altivo desaliño de Ramón, su orgullosa inelegancia fue siempre motivo de preocupación para los colindantes que lo querían bien. Sus compañeros de tripulación en aquellos barcos a rueda que remontaban las aguas de esos grandes ríos que llevan a Asunción del Paraguay, tuvieron alguna vez que comprarle a rigoroso escote un termo para que lo luciese por las calles coloniales de la Capital Paraguaya. (Vosotros sabéis que no estoy mintiendo, Pan,* [Lorenzo (?)] *Garrido,* [Domingo Rial (?)] *S e i j (Pulpeiro e Rodríguez, 2016: 247)*

As repetidas visitas destes viaxantes de comercio apuntan ás profesións relacionadas co transporte fluvial como unha potencial vía de acceso ao Paraguai para algúns inmigrantes, como xa teorizamos no apartado 3.7. Os viaxantes que comunicaban as empresas porteñas cos seus provedores e clientes do interior eran moi numerosos a principios do século XX, pero os costes deste sistema volvíanse cada vez máis onerosos a medida que a poboación arxentina se dispersaba e medraba, polo cal o comercio porteño comezaba a optar pola figura do axente permanente nas prazas máis estratéxicas (Lluch e Fernández, 2008: 5).

[470] *Céltiga. Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Bos Aires, 10 de agosto de 1927, p. 31.
[471] *Céltiga. Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Bos Aires, 25 de xuño de 1927, p. 3.

Agora ben, de ter existido un movemento galeguista na Asunción dos anos vinte, o escritor paraguaio Eloy Fariña Núñez teríalle sido un aliado seguro. Os seus biógrafos teñen ignorado a fascinación por Galicia que Fariña Núñez demostraba nos anos anteriores ao seu falecemento en 1929. Isto non é estraño, pois as fontes hemerográficas galaicas non son as máis obvias para localizar datos sobre un dos máximos representantes do modernismo na literatura paraguaia. Non obstante, durante un lustro demasiado breve, Fariña Núñez era un persoeiro de recoñecido prestixio entre a intelectualidade galega de Bos Aires. A súa morte prematura, aos 43 anos, condenou este galeguista paraguaio ao esquecemento, ao menos nese eido tan particular. En novembro de 1925, Miguel Cernadas facilitoulle á redacción de *El Eco de Galicia* a transcrición dun discurso de Eloy Fariña Núñez para a súa publicación. O paraguaio pronunciou dito discurso nun banquete para celebrar a súa elevación a oficial maior da *Administración de Impuestos Internos* despois de dezanove anos de residencia na capital arxentina. Segundo o xornal:

> *Lo publicamos porque el señor Fariña Núñez, aun aparte de su gran valía como escritor y poeta americano, demostró en el homenaje rendido a Añón, el venerable poeta gallego Francisco Añón, por la sociedad* Unión de Residentes de Outes en Sur-América, *y en otras ocasiones, el sincero amor que le inspira, y tanto agradecemos, nuestro país*.[472]

A asociación micro-territorial de inmigrantes de Outes (A Coruña) organizara a referida homenaxe o día 21 de xuño de 1923 no Orfeón Español de Bos Aires para conmemorar o 45 aniversario da morte do poeta. O produto da festa destinárase a colocar unha placa na casa natal de Añón no lugar de Boel, parroquia de San Pedro de Outes[473]. Manuel Barreiro tamén se refire á homenaxe a Francisco Añón na súa recensión de *Cármenes* (1922), poemario de Fariña Núñez, en *El Correo de Galicia*:

> *Conozco al literato paraguayo personalmente, como lo conocen muchos de nuestros lectores, por habernos sido presentado en una velada celebrada a la memoria del poeta gallego don Francisco Añón* […] *y conozco sus artículos literarios publicados en el diario ñ L a P r e n s a ò esta capital.*

A súa vinculación con *La Prensa* posiblemente sinale Fariña Núñez como o responsable do apoio dese periódico á subscrición para mercar a casa de Rosalía de Castro en 1927. Lamentablemente, as palabras exactas de Fariña Núñez acerca de Añón non quedaron gravadas, ao parecer, en ningunha parte. O único que nos queda son as impresións e lembranzas de Barreiro:

> *Fariña Núñez, después de todas las buenas cualidades de que están dotados los paraguayos, aprecia mucho a los gallegos, a Galicia, y corre por sus venas sangre gallega, según lo ha manifestado al empezar su elocuente discurso pronunciado en la velada ya citada, diciendo que era para él un alto honor poder decir que corre por sus venas sangre de origen gallego. Por estas razones, no es extraño que al encontrarme con su libro, llamara mi atención y lo comprara*.[474]

---

[472] *El Eco de Galicia. Órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas Sud-Americanas*. Bos Aires, 20 de xaneiro de 1929, p. 3.
[473] *Galicia. Revista semanal ilustrada*. A Habana, 10 de xuño de 1923, p. 15.
[474] *El Correo de Galicia. Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Bos Aires, 13 de decembro de 1925, p. 6.

Non está claro se esta afirmación de galeguidade é unha conxectura feita a partir da aparencia galega do apelido Fariña, ou ben se o poeta amentaba unha tradición familiar ou un antepasado coñecido. Pero é moi improbable que Fariña Núñez aludise a un inmigrante galego chegado despois de 1811. O seu era un apelido xa bastante estendido no Paraguai do século XIX, e o pai de Eloy, Félix Fariña, naceu na vila de Caazapá (Bengoechea Rolón, 2015: 23). Verbo do seu contacto coa inmigración galega, o primeiro encontro produciuse durante a etapa do bacharelato. Fariña Núñez iniciou os seus estudos secundarios na seminario de Paraná, pero decidiu non seguir o camiño do sacerdocio. O relato *Las vértebras de Pan* (1914), no cal as lecturas clásicas e a contemplación do esplendor case místico da natureza conflúen para que un seminarista cuestione a súa vocación, é autobiográfico neste sentido. En 1905, o mozo trasladouse a Corrientes para terminar o bacharelato e matricularse simultaneamente na *Escuela Regional Normal* (Fariña Núñez, 1996: 13).

Durante o seu paso pola capital correntina, Fariña Núñez coincidía na redacción dun periódico local co xornalista galego José F. Núñell. Núñell era un veterano da emigración, residente en América ao menos dende 1880, cando o seu nome aparece na nómina de asistentes a unha velada literaria no *Centro Gallego* de Bos Aires para honrar o recentemente falecido historiador ferrolán Benito Vicetto[475]. En 1885, Núñell editaba o primeiro xornal da cidade de Posadas, titulado *La Regeneración*, o cal, como moitos periódicos contemporáneos no veciño Paraguai, foi clausurado axiña por denunciar os abusos do poder político local (ao parecer, terminaron lanzando dinamita contra a fachada da súa casa) (García Da Rosa e Álvarez, 2012: 48). O mozo Fariña Núñez (1928: 172) admiraba o traballo deste escritor galego, quen consideraba como unha especie de apóstolo da civilización europea no interior americano. Despois da súa graduación, Fariña Núñez mudouse a Bos Aires, onde viviu os primeiros anos nos *conventillos* de La Boca (Bengoechea Rolón, 2015: 70). Este tipo de vivendas precarias e abarrotadas construíanse nas barriadas portuarias de La Boca, Barracas e Barracas al Sud (Avellaneda). Esta urbanización acelerada produciuse durante as primeiras décadas do século XX grazas á chegada desenfreada de inmigrantes, e as cadeas migratorias galegas acusaron un impacto considerable neste proceso (Farías, 2010: 258). Semella case inevitable que Fariña se relacionase con algún galego na veciñanza dos *conventillos*. Non obstante, a amizade que o levou á citada homenaxe a Francisco Añón en 1923 foi a do seu compañeiro de traballo en Impostos Internos, Miguel Cernadas. Alén de facerlle chegar o discurso de Fariña Núñez a *El Eco de Galicia* en 1925, Cernadas era socio da Unión de Residentes de Outes, e formaba parte da súa xunta directiva durante o exercicio de 1920-1921[476].

O pensamento galeguista deste escritor paraguaio ten que entenderse como unha faceta máis dunha traxectoria moi heteroxénea. Fariña Núñez é máis coñecido como helenista e poeta, tanto en castelán como en guaraní — Rodríguez-Alcalá (2004 [1987]: 491) xulga que Fariña miraba "*siempre lo guaraní desde lo griego y, también, en cierto modo, lo griego desde lo guaraní*". Nun contexto en que a Xeración do Novecentos procuraba devolverlle o prestixio á lingua propia dos paraguaios, Fariña Núñez foi pioneiro en estudar a mitoloxía nativa de maneira sistemática na súa monografía *Conceptos estéticos, mitos guaraníes* (1926) (Cardozo, 2007a [1963]: 359). Outra das súas afeccións era a a musicoloxía. A segunda sección de *Cármenes*, titulada "*Melopeas jónicas*", agrupa poesías que, con suxestións melódicas, transmiten as súas impresións de varias pezas musicais: *Beethoven, allegretto, Sinfonía VII*;

[475] *El Correo Gallego. Diario político de la mañana*. Ferrol, 29 de abril de 1880, p. 3.
[476] *El Correo de Galicia. Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Bos Aires, 29 de outubro de 1929, p. 3.

Wagner, escena I, acto I, Parsifal; *Grieg, andante doloroso, Opus 46*; *Conversación con la adorada, Beethoven, Opus 90*; e *Sonata (O.p. 27, nº 2)*. Ademais, o poeta aprendeu a tocar o harmonio e o piano, e en varias ocasións escribiu en prosa sobre as obras de Beethoven, Wagner ou Stravinski (Fariña Núñez, 1996: 159). As pezas tratadas por Fariña Núñez eran familiares para os seus lectores. Ludwig van Beethoven, e Richard Wagner especialmente, eran os representantes máis populares da "*proverbial superioridad cultural romántica*" de Alemaña, preferida nalgúns sectores á cultura 'brava' dos pobos latinos (Ortiz-de-Urbina, 2007: 195).

En resumo, as inquietudes intelectuais de Eloy Fariña Núñez eran moitas e moi variadas, á vez que comulgaban coas tendencias artísticas e filosóficas que estaban en voga nese momento. Así e todo, o seu interese por Galicia non era nin casual nin superficial, como se comprobaría en decembro de 1927 cando a *Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales* (FSGAC) organizou a II Semana Galega na capital arxentina. Programada co gallo do 444 aniversario da morte de Pedro Pardo de Cela por mandato dos Reis Católicos, "*y por ende de la iniciación de nuestro cautiverio nacional*"[477], as propostas da Semana Galega abranguían actas por radiotelefonía, interpretacións de música, danza e teatro, unha foliada, unha festa infantil ou visitas a institucións benéficas fundadas pola colonia española. Tamén se anunciaba unha serie de conferencias:

-19 de decembro, ás 21:00. Fermín Bouza Brey: "*Eduardo Pondal y la poesía gallega*" (lida por Eduardo Blanco Amor)

-19 de decembro, ás 23:00. Eloy Fariña Núñez: "*Vicente Risco, la filosofía y el actual renacimiento gallego*"

-20 de decembro, ás 21:00. Paco Luis Bernárdez (arxentino, fillo de galegos): "*Alfonso Castelao y el humorismo gallego*"

-20 de decembro, ás 23:00. Francisco Lamas Barreiro: "*Arte gallego*"

-21 de decembro, ás 21:00. Lino Pérez: "*Música gallega*" (con interpretacións a cargo da orquestra "Celta" baixo a dirección do profesor Barreiro)

-22 de decembro, ás 21:00. Antón Alonso Ríos: "Nacionalismo"

-22 de decembro, ás 23:00: Ramón Suárez Picallo: "Significado social das Irmandades Galegas"

-25 de decembro, ás 21:00. Antón Vilar Ponte: "*Los nuevos valores gallegos*" (lida por Ramiro Isla Couto)

-25 de decembro, ás 23:00. Pedro Alcántara Tocci (brasileiro, profesor na *Universidade de Rio de Janeiro*): "*Curros Enríquez: su vida y su obra*"[478]

[477] *Céltiga. Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Bos Aires, 25 de decembro de 1927, p. 28.
[478] *El Correo de Galicia. Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Bos Aires, 18 de decembro de 1927, p. 8.



Un aspecto del salón de actos de la Federación de Sociedades Gallegas durante la inauguración del ciclo de conferencias. Abajo (en óvalo), los conferencistas Sres. Blanco Amor, Suárez Picallo, Alonso Ríos y Fariña Núñez (de izquierda a derecha).

Figura 17. Eloy Fariña Núñez e outros conferenciantes durante a II Semana Galega. (Céltiga. Bos Aires, 24 de decembro de 1927, p. 31.)

Aquí o nome e a imaxe de Eloy Fariña Núñez aparece ao carón dalgunhas das máis salientes personalidades do galeguismo político e cultural da época. Blanco Amor, Suárez Picallo, Alonso Ríos e o coruñés Xulio Sigüenza eran os encargados de organizar a Semana Galega, pero a súa cooperación directa remontábase até varios anos atrás. Blanco Amor trasladárase a Bos Aires en 1919 e fundara a Irmandade Galeguista de América do Sur con Isla Couto, Suárez Picallo e Eliseo Pulpeiro. Esta agrupación política vincularíase coa Irmandade Nazonalista Galega, creada en Galicia por Vicente Risco en 1922. A Irmandade Galeguista editaba un órgano de prensa titulado *Terra*, redactado en galego, sendo a primeira publicación destas características en América. En 1924 este grupo sufriu unha escisión entre os autonomistas e separatistas. A partir de 1926, a primeira destas faccións estaría asociada á revista bilingüe *Céltiga* (Pulpeiro, Blanco Amor, Súarez Picallo) e a segunda á revista *A Fouce* (Lino Pérez), integramente en lingua galega. Mencionamos tamén que Alonso Ríos foi un dos iniciadores da FSGAC no ano 1921, e sería en nome desta institución que el e Suárez Picallo viaxaron a España en 1931 para participar na *Organización Republicana Gallega Autónoma*, con Santiago Casares Quiroga á cabeza (Pulpeiro e Rodríguez, 2016: 67-76).

O faladoiro de Fariña Núñez debía interesarlle a estes homes, especialmente á luz dos seus vínculos con Vicente Risco. A súa necroloxía en *El Despertar Gallego* en 1929 (órgano da FSGAC) alude á estrañeza, nun sentido positivo, que a conferencia do paraguaio causou entre os oíntes. Tras denunciar que os mellores intelectuais de Galicia, "o refreixo xenuino do actual momento galego, non viven pras xentes d'América castelán", Sebastían Guerrero relata:

E por iso é que —¡canta sorpresa a nosa!— cando durante a Semana Galega feita en Bós Aires, no mes de Nadal do ano mil nova centos vinteseis, ocupou a tribuna un americano pra falar en col do difícil tema "VICENTE RISCO, LA FILOSOFIA MODERNA Y EL ACTUAL RENACIMIENTO GALLEGO", quedamos pasmados ó sentirlle decir con toda a sua autoridade, que anos antes de que [Hermann Graf] Keyserlin —o filósofo alemán tan discutido— e antes que [Oswald] Spengler escribise a sua obra sobre a decadencia de Occidente, xa o noso Vicente Risco se tiña adiantado a decir esas mismas cousas. Ise home que d'unha maneira tan valente presentóu a-o mundo intelectual arxentino a-o autor da "Teoria do nazonalismo" era un prestixioso colaborador do xornal "La Prensa" de Bós Aires, paraguayo de nacimento e radicado n-ista cibdade dende moitos anos atrás: chamábase don Eloi Fariña Núñez, e morreu eiqui o 3 de Xaneiro do ano que corre.[479]

Fariña Ñúñez tratara o tema filosófico da decadencia de Occidente en ocasións anteriores, por exemplo en *La civilización venidera* (1920), un ensaio que carece de toda referencia a autores galegos, o cal suxire que el non 'descubriu' Galicia até principios desa década. Secasí, as súas lecturas posteriores abarcaban unha gama ampla de autores galegos. Na conferencia sobre Vicente Risco, Fariña Núñez (1928: 172-173) cita escritores como Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez ou Ramón Cabanillas, o prólogo de cuxa ópera *O mariscal*, sobre Pardo de Cela, interpretouse durante a Semana Galega. O conferenciante tamén dá pistas acerca de por que Galicia, as súas xentes e a súa cultura o atraían. Fariña Núñez (1928: 174-187) louva o nacionalismo galego en base a que o "*hecho nacional es invariablemente un hecho lingüístico*", tanto en Galicia como no Paraguai, e este "*nacionalismo viene a representar para mí, hijo de un pueblo, también bilingüe, el apasionante fenómeno de la supervivencia de un idioma*". Logo, engade que a "*propia emancipación sangrienta de las colonias americanas fué el lógico corolario de la no comprensión por la metrópoli de la unidad múltiple*". Feitas estas consideracións, xúntanse as ideas de Keyserling, Spengler e Risco no seu discurso para xustificar como, en canto os vellos poderes europeos entran en declive e incluso corren o perigo de desintegrarse, "*héte aquí que una luz nueva va a encenderse en América*" — o Atlántico vencerá o Mediterráneo. Entón, a xuízo de Fariña, a reivindicación lingüística dos nacionalistas galegos tiña moito que ver coa súa propia reivindicación do guaraní.

Por outra beira, o paraguaio percibía o seu estado de ánimo nostálxico reflectido nas frecuentes referencias ás saudades na literatura galega. A súa familia marchou da vila de Humaitá cando Eloy tiña oito anos. A poboación correntina de Itatí, fronteiriza e guaraní-falante, onde Félix Fariña abriu unha pulpería, semellaba social e culturalmente a Humaitá. Como tal, a mudanza non supuxo un proceso brusco de aculturación (Bengoechea Rolón, 2015: 35). O futuro poeta endexamais volveu asentarse no Paraguai, pero conservaba a lembranza morriñenta daquel paraíso da infancia. Esta sensación imbúe a súa composición máis famosa, o monumental *Canto secular* (1911), publicado en folleto por Arsenio López Decoud en homenaxe ao centenario da independencia. No seu prólogo, o autor recorda que:

> *Mediante intensos esfuerzos de imaginación, logré reconstruir todo el mundo en que transcurrió mi infancia y que dormía intacto en el fondo de mi alma.* […] *¡Qué angustia torturó mi alma cuando desfiló ante mi vista, con la palpitación viviente de un fresco, el pasado demasiado próximo todavía!* (Fariña Núñez, 1996: 34-35)

É evidente que a experiencia compartida da morriña achegaba Fariña Núñez aos autores galegos. No seu libro *Conceptos estéticos, mitos guaraníes*, á hora de analizar o poema

[479] *El Despertar Gallego. Órgano mensual de la Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales en la República Argentina*. Bos Aires, 23 de xaneiro de 1929, p. 1.

Pérez Martínez, Fariña Núñez explica que o título "*equivale a nostalgia, añoranza, si bien el portugués* saudade *ð en gallego* soidades*, como lo escriben comunemente Francisco Añon, Curros Enríquez, Rosalía Castro de Murg*[u]*ía y Pondal, corrupción de soledades o versión céltica de* solitates*ð sea tal vez el vocablo pertinente*" (Fariña Núñez, 1926: 315). O paraguaio volve ao tema na conferencia de 1927, cando opina que a "*angustia de Becquer, angustia romántica de Chopin, resulta femenina al lado de la varonil tristeza de Rosalía* […] [que] *Suscita la sensación de ser el ambiente mismo del dolor y que no se encuentra en ninguna poetisa castellana, ni en la propia Santa Teresa*" (Fariña Núñez, 1928: 171).

A modo de conclusión, Eloy Fariña Núñez foi un galeguista convencido, a literatura galega deixou unha pegada notable na súa forma de concibir o mundo que o rodeaba, e chegou a ser un persoeiro de prestixio nos círculos galeguistas de Bos Aires durante os anos vinte. A súa conferencia sobre Vicente Risco xulgábase digna de publicarse en *Nosotros*, "*la publicación de más alta envergadura intelectual de la América Española*" a ollos dos redactores de Céltiga, os cales estaban "*seguros que ningún escritor español ð no gallegoð es capaz de decir sobre Risco ni sobre Galicia, cosas tan interesantes, tan atrevidas y tan nuevas*" como as que dixera o paraguaio[480]. Pero Fariña non tivo tempo para publicar outros traballos sobre Galicia antes de falecer, demasiado novo, en 1929. A brevidade da súa actuación galeguista, que apenas durou un lustro, sen dúbida explica o seu rápido esquecemento entre os galegos na quinta provincia, máis o feito de que ningún investigador no campo dos estudos galegos se ocupou del até agora. Por último, cómpre recalcar que Fariña Núñez se aproximou á cultura de Galicia a partir da súa amizade con José F. Núñell en Corrientes e con Miguel Cernadas en Bos Aires. Non se detecta ningún vínculo entre el e a colectividade galega no seu país de nacemento. Por este motivo, Fariña Núñez pode considerarse a excepción que confirma a regra: un galeguista paraguaio a pesar da (case) inexistencia dun galeguismo paraguaio.

6.4. Hispano-americanismo, españolismo e mediadores culturais

A ausencia dun movemento galeguista en Asunción explícase pola pequenez da comunidade galega, pero tamén pola falta de líderes étnicos ou personalidades públicas con tales inclinacións. Coa excepción dos nacionalistas cataláns, o máis común era abanear a bandeira de España en vez da de calquera das súas rexións. Durante a súa primeira visita ao Paraguai en 1891, Rafael Calzada coñeceu moitos dos grandes homes da colonia española, como son Federico Jordán, presidente do Club Español, Ricardo Brugada, Pedro Jorba, Victoriano Abente ou Ramón Zubizarreta. Este último comentoulle ao asturiano "*que los españoles que allí vivían sabían hacer plena justicia a los servicios que se prestaban a la causa del buen nombre de España en América y a la de la unión y la confraternidad entre los pueblos de habla española*" (Calzada, 1927: 462, 466-467, 481). De feito, creárase unha sección asuncena da Unión Iberoamericana xusto o ano anterior, con Zubizarreta como vice-presidente[481]. Tal preocupación polo 'bo nome' de España respondía ao feito de que o país e os seus naturais non gozaban sempre da mellor reputación en América. Mostra disto é un poema de Victorino Abente y Lago titulado *Letrilla. Quejas de un hispanófobo* (1913). Reproducimos as primeiras dúas estrofas:

[480] *Céltiga. Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Bos Aires, 25 de abril de 1928, p. 24.
[481] *Unión Iberoamericana. Órgano de la sociedad del mismo nombre*. Madrid, xuño de 1890, p. 23.

Se dice que no da un paso
En nuestra tierra el progreso,
Porque le tenemos preso
En la cárcel del atraso
Y los mordaces agravios
De este deprimente ultraje
Se deben a los resabios
Del tiempo del coloniaje.

Vicios que sólo dejaron
Aquellos conquistadores
Que los prístinos primores
De América profanaron.
Por eso de nuestros labios
Salen frases de coraje
Lamentando los resabios
Del tiempo del coloniaje.
[…] (Abente y Lago, 1984: 195)

Esta composición quedou inédita. Anos máis tarde, Abente y Lago (1984: 196) engadiu unha breve contextualización. Segundo el, a sátira:

> […] *me la inspiró el abuso que entonces se hacía del coloniaje. No eran pocos los que con frucición y vil propósito trataban de atizar el odio a España, en la América española. Felizmente dicho injurioso juicio no tomó vuelo, debido a muchos inteligentes escritores hispano-americanos que supieron y saben poner en su lugar, cuando se trata de las de España y tengo especial satisfacción en manifestar que entre aquellos se cuentan el culto historiador y publicista paraguayo Doctor Cecilio Báez y otros compatriotas suyos, notables en las letras.*

Como manifesta Abente y Lago, este tipo de actitudes anti-españolas mudaron grazas en parte á acción cultural de diferentes escritores e conferenciantes hispano-americanistas, entre eles Cecilio Báez, a quen o muxián dedicou poemas como *Semblanza política de Cecilio Báez* (1901) ou *Vendrá el hombre (epístola al doctor Cecilio Báez*) (1916)[482]. Outro dos grandes escritores hispano-americanistas no Paraguai é Blas Garay, cuxa "*admiración por España no tenía límites*" (Mosqueira, 1908: 69). O historiador paraguaio trabou amizade con Abente na redacción de *La Prensa*. Cando Garay morreu en 1899, o muxían enfermou "*de cuerpo y espíritu*" e enviou as seguintes liñas para a publicación: "[…] *¿Qué va a decirte el que te quiso tanto / Si en esta situación tan angustiada, / Bajo el inmenso peso del quebranto / Está mi inspiración aniquilada?*" (Abente y Lago, 1984: 248).

A perda das colonias de Cuba, Filipinas e Porto Rico na Guerra Hispano-Norteamericana de 1898 foi un punto de viraxe no desenvolvemento do pensamento americanista en España. Os tópicos da decadencia e a futura rexeneración españolas plasmáranse na súa literatura ao longo do século XIX, pero o «desastre colonial» espertou unha intensa solidariedade entre os españois dentro e fóra do país avivando os anhelos dunha España rexuvenecida que puidese facer fronte ás ameazas internacionais (Rina Simón, 2018: 1599). A crise cubana suscitou todo tipo de accións patrióticas entre os emigrados. A Asociación

[482] Agradecemos a Fernando Oddone a dixitalización de *Vendrá el hombre* pois este poema quedou fóra da *Antología poética* de 1984.

Patriótica Española de Bos Aires constituíuse en marzo de 1896 para coordinar as doazóns e outras iniciativas da colectividade, seguida en novembro pola creación da Comisión Patriótica Española de Montevideo (Sánchez Andrés, 2016: 26, 29). Os compatriotas residentes en Asunción estableceron a súa Comisión Patriótica Española máis tarde, o 17 de abril de 1898, nunha asemblea no Centro Español. Os seus dez membros foron Ricardo Brugada, Luis Escario, Julio S. Gutiérrez, Francisco G. Villamil, Isidro Álvarez, Ramón Zubizarreta, Flaviano García Rubio, Marcelino Jorba, Nicolás Angulo, e Antonio Planás. Este último, natural de Tarragona, posteriormente fundaría a Cruz Branca para auxiliar os feridos da Revolución de 1904 (Morales Raya, 2015a: 434). A Comisión levantou unha subscrición de máis de cincuenta mil pesos que se enviaron a España para financiar a guerra contra EEUU.

Os doantes máis importantes foron Rius & Jorba (dez mil pesos cota única, trescentos cota mensual), Angulo & Cía. (cinco mil pesos cota única, trescentos cota mensual), o matrimonio Villamil-Cordal (cinco mil pesos cota única, douscentos cota mensual) e Sebastían Brun (tres mil pesos cota única). Os irmáns Abente tamén aportaron sumas relevantes: Victorino contribuíu unha cota única de mil pesos e Victoriano contribuíu a mesma cantidade máis cen pesos en cotas mensuais. Algúns grupos de españois na campaña tamén remitiron o que puideron dende Caraguatay (Cordillera) (seiscentos pesos), Concepción ($2.914,50), Paraguarí ($1.215), Puerto Casado (Alto Paraguay) ($1.217) ou Yaguarón ($739,50). Entre os máis de cen particulares que se uniron á subscrición en Asunción, a maioría foron particulares máis ou menos humildes que botaron o seu grao de area á obra patriótica, como os galegos Valentín Barreiro (cen pesos cota única), José Costas (trescentos pesos cota única, vinte cota mensual) ou Domingo Rodríguez (vinte pesos cota única). Rodríguez era un inmigrante coruñés que traballaba como empregado de comercio (SESMAP 272).

Cando a guerra terminou en xullo, quedaba un sobrante de $8.254,78 no Banco Mercantil. Isto provocou un conflito no seo da Comisión porque a maior parte dos membros quería remitir o diñeiro a España a pesar dos rumores de paz, pero o presidente Ricardo Brugada prefería doarllo á SESMAP. Os demais membros, convocados na casa do tesoureiro Francisco G. Villamil, resolveron apartar Brugada do seu cargo e proceder ao envío da remesa. Porén, moitos doantes compartían a opinión de Brugada, e varias decenas deles apoderárono para levar o tesoureiro Villamil aos tribunais no mes de outubro. Os prexudicados pola remesa ilexítima esixían que o asturiano transferise a favor da SESMAP unha suma equivalente aos cartos remitidos a España (*Comisión Patriótica Española*, 1898).

Pese a estas controversias, a experiencia da Comisión Patriótica Española influíu directamente noutra iniciativa de carácter político en 1903. A arela dos emigrados de participaren na rexeneración de España parecían lexitimadas polas súas impresionantes contribucións á Guerra Hispano-Norteamericana, como a emblemática subscrición popular en Bos Aires e Montevideo para fretar o cruceiro "Río de la Plata". En España, a nova Unión Republicana de Nicolás Salmerón gañou trinta escanos nas eleccións nacionais de abril de 1903, o cal alentou as esperanzas políticas de moitos compatriotas no exterior. Os líderes do republicanismo español en Bos Aires, entre eles Rafael Calzada, crearon a Liga Republicana Española en maio coa intención de colaborar co partido de Salmerón (Garabedian, 2019: 282-284). Calzada realizou unha viaxe a Asunción no mes de xuño. Durante a súa estadía, o asturiano conferenciou sobre o republicanismo español no Teatro Nacional (27 de xuño); presentou o poeta rioxano Ángel María Segovia nunha velada literaria no mesmo lugar (30 de xuño); foi homenaxeado nun banquete que Luis Escario ofreceu a sesenta comensais na

confeitaría "Polo Norte" (4 de xullo); e impartiu outra conferencia sobre a democracia en Europa durante os festexos do oitavo aniversario do *Instituto Paraguayo* (10 de xullo). Dita asociación fundárase uns anos despois da desaparición do *Ateneo Paraguayo* con basicamente as mesmas fins culturais que este[483].

A boa acollida da prédica republicana manifestouse enseguida na creación dun Partido Republicano Español, inspirado na Liga arxentina. Votáronse os seguintes cargos á cúpula do novo partido: Rafael Calzada (presidente honorario), Ramón de Olascoaga (presidente), Flaviano García Rubio (vice primeiro), Victorino Abente (vice segundo), Luis Escario (secretario), Antonio Planás (secretario), José Durán (secretario — Barcelona (expediente 2034)), Francisco Sitjes (tesoureiro), Pedro Marés (pro-tesoureiro), Jesús Ferreira (vocal), Isidro Álvarez (vocal), José Marsal (vocal — Perelló, Tarragona (SESMAP 22)), Demetrio Rugel (vocal), Federico Aman (vocal), José Rodríguez (suplente — Oviedo (SRE 182)), José Andreu (suplente — catalán (expediente 1584)), José Costas (suplente), Pedro Jorba (presidente do xurado), Andrés Bellojín (secretario), Miguel Prats (vocal), Andrés Luces (vocal), Victoriano Abente (vocal), Ricardo Faraldo (vocal)[484]. Obsérvase unha notable continuidade entre a Comisión Patriótica e o Partido Republicano. García Rubio, Escario, Planás e Álvarez foran membros da Comisión en 1898, en canto Olascoaga, os Abente, Ferreira, Sitjes, Marsal, Rugel, Aman, Andreu, Costas, Jorba, Prats e Luces todos realizaran doazóns no seu momento (*Comisión Patriótica Española*, 1898: 83-88[485]).

Non obstante este entusiasmo, as organizacións republicanas no Río da Prata perderon bríos axiña pola falta de reformas tanxibles e inmediatas en España, o feito de que Salmerón non contestou ningunha das cartas que Calzada lle enviou en nome da Liga, e o peche do seu voceiro *El Correo Español* en 1905 despois de 33 anos de percorrido no escenario arxentino. Ademais, a aparición doutras agrupacións e revistas políticas evidenciou que moitos inmigrantes españois nin sequera se consideraban republicanos (Garabedian, 2019: 294-295). Quince anos máis tarde, os eloxios de Camilo Pérez y Pérez respecto dunha nova revista monárquico-liberal, propiciada por un grupo de españois en Asunción e "*tendiente a prestigiar* […] *nuestro siempre querido y respetado gran Monarca*", son ilustrativas desta heteroxeneidade ideolóxica[486]. En 1921, Manuel Pérez y Pérez uniuse ás campañas do seu irmán a pro do comercio hispano-paraguaio cun artigo que, á parte enxalzar o traballo da Casa de América con esta fin, lembra o "*valiente*" Alfonso XIII como "*uno de los más ardientes propagandistas de la derivación del alto comercio español, hacia esta parte del mundo*"[487].

Agora ben, entre 1900 e 1930 aproximadamente, unha das formas máis importantes de reforzar os vínculos hispano-americanos consistía nas visitas dos denominados «mediadores culturais». Expertos de recoñecido prestixio como Rafael Calzada viaxaban a outros países para dar conferencias, coñecer diferentes realidades, e cimentar relacións nunha expansiva rede internacional de intelectuais e científicos. Este tipo de diplomacia informal ou "*embajadas literarias*" mesmo podía alcanzar máis aló que diplomacia a oficial, e os mediadores máis venerables eran tratados como se fosen xefes de Estado (Morales Raya, 2015a: 288-290, 311-

[483] *La Democracia. Diario de la mañana*. Asunción, 29 de xuño de 1903, p. 1; 1 de xullo de 1903, p. 1; 4 de xullo de 1903, p. 1; 5 de xullo de 1903, p. 1; 11 de xullo de 1903, p. 1.
[484] *El Liberal.* Madrid, 13 de agosto de 1903, p. 2.
[485] Agradecemos a Martín Romano e Andrea Tutte o envío dunha copia dixitalizada deste texto.
[486] AHN. SMAE. H-1824. Correspondencia consulados, Asunción. Informe do vice-cónsul, 30 de novembro de 1918.
[487] CAB. CA-AA, 42. *El Liberal. Diario de la mañana*. Asunción, de xullo de 1921, p. 1. Xornal remitido por Camilo Pérez y Pérez a Rafael Vehils.

312). O profesor madrileño Viriato Díaz-Pérez era o que poderiamos chamar un líder étnico en materia cultural. Mediadores culturais como Vicente Blasco Ibáñez (1909), Adolfo Posada ou Ramón del Valle-Inclán (1910) incluíron o Paraguai nos seus itinerarios americanos grazas en parte á súa relación persoal con Díaz-Pérez (Cagiao Vila e Dalla-Corte Caballero, 2016: 177). E o resto da colonia española non estaba alleo a estas visitas. Cando Posada visitou Asunción en representación da JAE, notou un "ambiente de españolismo" na capital paraguaia en xeral (Morales Raya, 2014b: 116-117).

O paraguaio Juan Silvano Godoi tamén advertiu este ambiente cando regresou a Asunción dende o Congreso Americanista celebrado en Bos Aires en maio de 1910. Trátase neste caso do sogro de Viriato Díaz-Pérez, quen estaba casado coa súa filla Leticia Godoi Rivarola. Durante o congreso, Godoi defendeu os argumentos contra a lenda negra propostos polo alacantino Rafael Altamira na súa xira americana de 1909 — todo un fito na historia do movemento americanista (Morales Raya, 2014b: 125). Segundo o periodista José M. Salaverría, o paraguaio "*tenía el don de interesar al público, que se reconciliaba con el nombre de España*". Este éxito afervoou a colonia española en Asunción. Achegáronse "*centenares de españoles*" para recibilo no porto, amais das representacións do Centro Español, a SESMAP e a Unión Española (non atopamos máis referencias a esta última). Os españois acompañárono logo a unha festa no salón do piano do Centro Español, "*donde se apiñaba la compacta multitud, menos numerosa aún que la estacionada en la calle por insuficiencia del local*"[488].

O galego Ramón del Valle-Inclán (Vilanova de Arousa, Pontevedra) viaxou a Asunción en 1910 no mesmo barco que Adolfo Posada por invitación de Viriato Díaz Pérez e coa esperanza de encontrarse co seu antigo amigo Rafael Barrett. Valle "*no hacía sino hablar de Barrett y preguntar por él* […] *habiendo sido padrino de Rafael en varios duelos* […] *apenándose sobremanera por no encontrarlo ya y más al saberlo enfermo*". O escritor cántabro morrería de tuberculose en decembro dese mesmo ano nun hospital de Arcachon (Francia) (Barrett e López Maíz, 1967: 120). Corral (1993), Hormigón (2006) e Morales Raya (2015a) tratan con detalle a estadía paraguaia de Valle-Inclán e as tres conferencias que ditou — *Perfiles de autores españoles* (23 de setembro, sobre José Zorrilla, Ramón de Campoamor e Manuel del Palacio), *El arte del estilo* (26 de setembro), e *El alma de Castilla* (28 de setembro). Valle aproximaríase a algúns dos postulados do galeguismo lusista durante os anos vinte; a súa tradución ao castelán de *A Relíquia* (1887) de Eça de Queiroz é unha mostra disto (De Ojeda, 2019). Pero en 1910 as súas perspectivas eran decididamente españolistas. Nunha entrevista con Luis Antón de Olmet, publicada en *El Debate* de Madrid e reproducida no *Diario de Galicia*, o escritor reflexiona acerca das súas experiencias en América. En Bos Aires:

> *ð Me dieron tres banquetes. Uno la revista juvenil* Nosotros. *El segundo, la colonia gallega. Y el tercero, el Círculo tradicionalista.*
>
> *ð ¡Tradicionalista! ¡Palpita aún allende el mar el preclaro tradicionalista español!*
>
> *ð ¡Estupendo! En Buenos Aires, y sobre todo en Chile, hay una recia colonia navarra, amante de Dios.*
>
> *ð ¡Vítor por los recios navarros!*

Aínda co seu toque de ironía, Valle-Inclán presenta o descubrimento da persistencia das tradicións españolas en América como unha sorpresa agradable que ha de reforzar as raíces

[488] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 1 de xuño de 1910, p. 4; 2 de xuño de 1910, p. 4; 3 de xuño de 1910, p. 5.

culturais comúns. Na mesma entrevista, Valle compara os diferentes países que visitou ao longo de seis meses:

> *ð Horrendo; de Buenos Aires á Mendoza treinta horas consecutivas de llanura interminable. Un campo triste, sin la dulce tristeza del ocaso, triste en su soledad ígnea, ni un a l t o n a z o d o n d e d i s t r a e r l a m i r a d a ; d e v e z e*
>
> *ð Esto por lo que respecta á la República Argentina. Pero, ¿y los demás países?*
>
> *ð ¡Oh, Chile y Paraguay, maravillosos! Salud y fuerza, tradición y carácter. En Paraguay ha dejado una huella imperativa el preclaro imperio jesuítico, honra del mundo. ¡Hasta el paisaje tiene más osadía!*
>
> *ð ¿Qué países ha visto usted además?*
>
> *ð He visitado cinco Repúblicas. Las ya citadas y Uruguay y Bolivia; de todas la que menos me ha placido es la Argentina. Es una hermosa y próspera nación, pero tiene poco carácter personal. Y para un artista el carácter es todo.*[489]

En certo sentido estraña que o viaxeiro levase unha impresión tan grata do Paraguai. Houbo polémica arredor da súa conferencia *El alma de Castilla* porque o seu modernismo chocaba co liberalismo positivista da intelectualidade asuncena. Hormigón (2006: 548) cita un artigo do novecentista Ignacio A. Pane que despreza a estética modernista de Valle como unha "*anomolía malsana* […] *sin provecho para el progreso y la cultura general*". Ademais, a asistencia ás súas conferencias foi bastante menor que ás de Posada (Corral, 1993: 198). Porén, isto non impediu que os costumes tradicionais e católicos do Paraguai e a verdura dos seus cerros e bosques o impresionasen. Ademais, a visita foi suficiente para que a mocidade literaria se familiarizase co nome de Valle-Inclán. Un dos asistentes ás súas conferencias, Luis R. de Gásperi, escribiría durante os anos vinte sobre a influencia do escritor galego sobre as letras paraguaias (Hormigón, 2006: 546-547; Pérez-Maricevich et al., 2010: 43).

Por último, algúns trazos da súa novela *Tirano Banderas* (1926) son suxestivos da influencia desta breve visita sobre o autor. Ambientada na república ficticia de Santa Fe de Tierra Firme, a novela amalgama a linguaxe, xeografía, historia e cultura de diversos países americanos. Segundo a interpretación de Tovar (2003: 1120-1121), algunhas características de José Gaspar Rodríguez de Francia poden percibirse no ditador Santos Banderas. Un dos opositores ao réxime de Banderas, o teósofo e polímata Roque Cepeda, aseméllase certamente a Viriato Díaz-Pérez. No entanto, a súa única alusión explícita ao Paraguai atópase na seguinte descrición dunha tenda de empeños: "*La chinita se detuvo ante el escaparate luciente de arracadas, fistoles y mancuernos, guarnecido de pistoles y puñales, colgados de ñandutís y zarapes*" (Valle-Inclán, 1961 [1926]: 70). Non se trata dunha referencia casual pois, como xa vimos, o ñandutí era unha artesanía moi coñecida e promovida polos cónsules e outros propagandistas paraguaios.

A participación de Godoi no Congreso Americanista e as embaixadas literarias de Blasco, Posada e Valle (1909-1910) foron o arrinque deste tipo de visitas culturais en canto momentos de efusión hispano-americanista. Outra contribución salientable foi unha conferencia que Rafael Calzada impartiu no Teatro Nacional en 1915 cando unha comisión de damas o convidou para disertar sobre a orixe española de Cristóbal Colón. O faladoiro tivo o mesmo título que a monografía *Colón, español* (1913) do investigador pontevedrés Celso García de la Riega. A Real Academia da Historia acababa de desmentir os seus argumentos

[489] *Diario de Galicia. Periódico de la mañana, telegráfico, noticiero y de información general*. Santiago de Compostela, 30 de decembro de 1910, p. 1.

alegando que os documentos que demostraban que Colón naceu en Pontevedra en lugar de Xénova estaban falsificados. Non obstante, Calzada defendía a teoría de García de la Riega. O asturiano sostiña a autenticidade dos documentos orixinais e aportaba unha proba nova: unha fotografía da firma de Colón, "*cuyos caracteres gráficos eran de letra española, distinta a la italiana de la misma época*". A suposta hispanidade de Colón portaba un enorme valor simbólico porque permitiría afirmar "*que toda la gloria del descubrimiento de América correspondía a España*". A presentación destes argumentos foi todo un éxito en Asunción. Terminados os aplausos, "*se acercaron a él miembros del Gobierno paraguayo, para felicitarlo y manifestarle que en los libros de enseñanza de rectificaría el error histórico respecto de la cuna de Colón*"[490].

Unha referencia datada de 1926 insinúa que a intelectualidade paraguaia tomou conciencia das teorías de Calzada. En febreiro a *Sociedad de Embellecimiento de Areguá* organizou unha festa en homenaxe a Victorino Abente y Lago. "*Distinguidos caballeros asuncenos, destacadas personalidades políticas y sociales, jóvenes estudiantes, llegaron expresamente de la capital para participar*". O poeta Pablo Max Insfrán, o director de *La Nación* Juan Stefanich, e un representante do *Centro Estudiantil* de apelido Ruiz Díaz pronunciaron cadanseu discurso, e varios nenos recitaron unha selección dos poemas de Abente con acompañamento musical: *Areguá* (1911, composición pastoral), *Añoranzas de un paraguayo* (publicado en 1924, saudades dun paraguaio desterrado), *En la cumbre del Corpiño* (1908, Muxía), *El beso* (1877/1911, describe diferentes tipos de bico: espontáneo, de cumprimento, de simpatía etc.), *El arpista paraguayo* (sen data), e unha composición de Alejandro Guanes dedicada a Abente, probablemente *¡Canta!* (1911).

Finalmente, produciuse a lectura da seguinte mensaxe escrita por Aurelia Montero, a viúva de Domingo Sanjurjo: "[…] *FRANCO y ABENTE, hijos de Galicia. El uno zurca hoy el espacio con la bandera roja y oro, para plantarla en la tierra de Colón, que según el Doctor Calzada, también fue gallego, y Abente hoy recibe el homenaje de un grupo de sus amigos*" (Abente y Lago, 1984: 428-431). A mención de Ramón Franco era de actualidade porque o Plus Ultra aterrara en Bos Aires apenas dúas semanas antes, pero a referencia a Rafael Calzada dá a entender que a conferencia de 1915 non ficaba no esquecemento. Á súa quenda, Calzada (1927: 427) reflexiona positivamente sobre a acollida da súa defensa da tese de García de la Riega: "*se publicaron libros y se dieron conferencias sobre el particular, el últimamente* A B C, *de Madrid, ofreció un premio de 50.000 pesos al que consiga demostrar que la patria de Colón es la española*". En 1928, o xurado resolveu non premiar ningún dos traballos enviados a *ABC*. Un dos dezaoito aspirantes era un asunceno, Abel Pérez, o cal dá fe do impacto duradeiro da conferencia de Calzada[491].

Non todos os conferenciantes invitados falaron sobre España ou as relacións hispano-americanas, pero un mediador cultural que falase con pericia sobre ciencias, socioloxía ou política internacional reforzaría a imaxe de España como un país culto e progresista. Este acceso a novos coñecementos e teorías asemade era imprescindible para a xuventude que compoñía a Xeración do Novecentos. Por exemplo, en febreiro de 1917 o xornalista asturiano Pedro González Blanco, residente en México, conferenciou sobre a Revolución Mexicana (1910-

[490] *El Correo de Galicia. Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Bos Aires, 2 de xullo de 1922, pp. 6-7.
[491] *El Correo de Galicia. Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Bos Aires, 23 de decembro de 1928, p. 2.

1917). González Blanco foi presentado ao público asunceno por Viriato Díaz-Pérez nos salóns do *Gimnasio Paraguayo*, institución científica fundada en 1913 polo médico Manuel Peña e outros mozos paraguaios graduados en universidades europeas (Centurión, 1953: 35). Segundo *El Diario*, o asturiano "*logró interesar a su auditorio en una culta, documentada y serena exposición de hechos, sin oropeles literarios, en la que evocó ante el auditorio, los acontecimientos que forman el período revolucionario mexicano desde los días de don Porfirio Díaz hasta los actuales de Carranza*"[492].

Unha vez máis, a visita deste conferenciante debíase á súa relación con Díaz-Pérez: "*un amigo a quien quiero como a un hermano* […]*, viejo compañero de la Facultad de Filosofía y Letras, colaborador conmigo de «El Motín» por los años de 1902 a 1905*". González Blanco dicía admirar os escritores paraguaios Juan O'Leary e Manuel Domínguez e conservar o recordo de "*Asunción, sosegada, silenciosa, llena de paz,* [que] *me invita* […] *a la más íntima «saudade»*". A pesar disto, nun exercicio loable de libre pensamento, o asturiano publicaba artigos pro bolivianos durante a Guerra do Chaco porque as súas reivindicacións territoriais lle parecían máis convincentes. A maioría da prensa e a diplomacia en Madrid apoiaba a causa paraguaia, pero González arriscaba a súa reputación para "*defender la verdad, aun presumiendo que nadie ha de agradecérselo y muchos han de recelárselo*"[493].

Algunhas mulleres españolas tamén tiveron a oportunidade de facer de mediadoras culturais no Paraguai nunha época en que se estaban logrando certos avances respecto da condición da muller na esfera pública. Serafina Dávalos foi a primeira doutora en Ciencias Sociais e Dereito no ano 1907 (Cardozo, 2007a [1963]: 321). Mulleres como María de Tejada, Elisea de Fernández, María Luisa Candia de Burt, Eva Duarte, Inés Marsal (redactora de *El Diario*), Josefina Sapena Pastor (ambas fillas de españois) ou Néstar Rosa Mazó Martínez (estudante de Dereito) redactaban artigos e dirixían medios de prensa — papeis profesionais que até ese momento foran un baluarte exclusivo dos homes. Tras gañar un certame nacional convocado por *El Diario* en 1919, Teresa Lamas Carísimo foi a primeira autora en editar un libro no Paraguai (*Tradiciones del hogar*, 1921). Pérez-Maricevich et al. (2010: 25) citan Lamas e a expatriada asuncena Ercilia López como dúas integrantes da Xeración do Novecentos a miúdo esquecidas por cuestións de xénero. Estas mudanzas non se obraron sen resistencia, sobre todo no que concirne ás mulleres periodistas, dende os sectores católicos e conservadores en xeral (López Moreira, 2013: 208-209). Por outro lado, os beneficios destes avances redundaron principalmente nas familias máis acomodadas, pero representan un primeiro paso cara a unha maior igualdade a todos os niveis e, como tal, portan unha gran carga simbólica.

Unha das mulleres españolas que desempeñou un papel didáctico durante unha visita ao Paraguai foi María M. de Vallina, a cal chegou a Asunción no mesmo vapor que Juan Silvano Godoi en 1910[494]. De Vallina educouse en Londres e Nova York e pertencía á nobreza, sendo membro da *Real Orden de las Damas Nobles de la Reina María Luísa* (creada en 1792). Antes de viaxar ao Paraguai, a infanta Isabel felicitouna persoalmente en Bos Aires. A presenza da tía de Alfonso XIII no centenario arxentino, a instancias do presidente do consello de ministros Juan Canalejas (1910-1912), foi un xesto oficial de acercamento hispano-americano que a prensa arxentina recibiu favorablemente (Arroyo, 1991: 274-275). Respecto dos seus

[492] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 14 de febreiro de 1917, p. 1.
[493] *La Libertad. Diario republicano independiente*. Madrid, 20 de marzo de 1934, p. 1.
[494] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 3 de xuño de 1910, p. 3.

obxectivos en Asunción, De Vallina desexaba aproveitar a benignidade do clima para restaurar a súa saúde, pero non obstante a súa convalecencia, o citado artigo engade que:

> […] *es profesora de una porción de artes relacionadas con la labor femenina* […] *que seguramente son desconocidas por acá. Pero pronto* […] *en uno de los comercios más céntricos de Asunción, se exhibirán multitud de labores confeccionadas por la señora de Vallina, bordados y calados asombrosamente hechos en una máquina de coser de las vulgares en los que abundan los más variados matices de vivísimos colores: paisajes hechos á pluma* […] *y otras diferentes labores nuevas y sugestivas, de las cuales ha sido profesora diplomada en las escuelas normales de Buenos Aires, Salta, Tucumán, Rosario, Santa Fé y Córdoba, donde ha tenido aventajadísimas discípulas de las cuales como de la incomparable maestra de* art no[u]veau *han hablado con gran elogio todos los periódicos de dichas localidades*.

A prometida exposición de De Vallina instalouse no Bazar Americano, casa de comercio fundada en 1897 polo alemán Carlos J. Schütz. Os socios menores eran Alfredo Wagner e o arxentino Manuel Antonio Roig (López Decoud, 1911: LIX; expediente 1949). Este derradeiro, nacido en Rosario de ascendencia española, podería ser o contacto primordial que De Vallina tiña en Asunción. Alén de ser a autora de esas "*inverosímiles creaciones artísticas*", María M. de Vallina "*se pone, en el Hotel Hispano Americano, á la disposición de las que quieran iniciarse en esas labores muy útiles*"[495]. En principio, a visita desta muller española seméllase ás dos conferenciantes masculinos porque ela portaba coñecementos específicos que lle permitían exercer un rol educativo. Malia que a sociedade contemporánea non atribuía o mesmo valor cultural, moral ou espiritual ás actividades de María M. de Vallina que ás conferencias dun escritor ou científico varón, cabe preguntarse que impresión o encontro podía deixar sobre as mulleres asuncenas que a coñecían. É chamador que unha filla da nobreza española viaxase soa ao Paraguai co obxecto de restablecer a súa saúde, pero que o día seguinte xa tivese montados unha exposición artística no Bazar Americano e un obradoiro de artesanías no hotel máis grandioso da capital. A visita desta mediadora cultural podería ser máis radical do que parece a primeira vista. *El Diario* presenta o seu labor pedagóxico como unha tarefa secundaria e a súa obra como algo atractivo pero con fins sobre todo prácticas, propias da muller, e por iso máis ou menos conservadoras. Pero recordando aquelas referencias ao *Art Nouveau* e ás paisaxes feitas a pluma, é pensable que esta linguaxe disfrace a realidade dunha artista profesional que creaba obras únicas con fins estéticas, pero cuxa liberdade para traballar e viaxar sen un home que a acompañase non resultaría moi 'decente' sen este disfrace.

Sete anos despois, as escritoras españolas Belén de Sárraga (valisoletana) e Concepción Gimeno de Flaquer (turolense) visitaron o Paraguai. Ambas deron conferencias que estiveron moi concorridas e recibiron homenaxes de organizacións civís e estudantís. Viriato Díaz-Pérez eloxiou Gimeno de Flaquer como unha expoñente do "*feminismo aceptable; el verdadero, que es el del talento, el del buen gusto y la armonía*" (Velázquez Seiferheld, 2014: 56). En cambio, as conferencias de De Sárraga en Asunción, Concepción e Villarrica raiaron temas máis conflitivos relacionados cos dereitos da muller, o divorcio ou as relacións Estado-Igrexa, de certo modo propios dunha xeración máis nova, pois ela nacera 24 anos despois de Concepción Gimeno. O *Centro de Estudiantes de Derecho* e o dirixente anarquista Leopoldo Ramos Giménez rendéronlle cadansúa homenaxe a Belén de Sárraga, pero o xornal católico *Los Principios* tachouna de "*presuntuosa propagandista*" que pretendía "*sorprender la sencillez y*

[495] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 4 de xuño de 1910, p. 5.

buena fe del pueblo con su hueras y embusteras prédicas". De acordo con este xornal, a muller paraguaia:

> […] *ha adquirido su nombre desnuda y en la rudeza del combate* […] *y no necesita que se la diga que recién será digna cuando* […] *Su misma raza, por anticipado, le ha dignificado sobradamente, llamándole mujer guaraní y la homérica hecatombe le ha ratificado ese étnico galón, que no cualquier advenedizo le puede arrebatar, llamándole mujer paraguaya*" (Velázquez Seiferheld, 2014: 57).

A estas alturas comezaba a resultar evidente que o liberalismo non era o gran redentor que algúns crían. Os efectos subxectivamente positivos da internacionalización do Paraguai eran 'progreso', pero os seus efectos indesexables percibíanse como perigosas influencias estranxeirizantes. Para o redactor de *Los Principios*, o feminismo de Belén de Sárraga era unha destas influencias nocivas, e esa exaltación nacionalista do autóctono por enriba do foráneo volveríase cada vez máis común ao longo dos anos vinte, tanto dende posicións de esquerdas como de dereitas. Por outra banda, a comisión directiva do Centro Español valoraba as "*brillantísimas conferencias*" das dúas mulleres máis que nada pola súa capacidade de aceirar a influencia española no país. Na súa memoria correspondente ao ano 1917, opínase que ámbalas dúas "*dieron relieve y honra a la Madre Patria*" (*Centro Español. Memoria de la comisión directiva*, 1918: 9).

Algúns mediadores culturais eran profesionais das ciencias empíricas, como o compostelán José Casares Gil, senador da facultade de Farmacia da USC (1905-1918) e posteriormente decano da facultade de Farmacia da Complutense. Casares Gil viaxou a América Latina en 1924 coa misión de "*pronunciar algunas conferencias que sirven de pretexto para un conocimiento mutuo y una compenetración creciente*". Como Rafael Altamira e Adolfo Posada, o profesor galego emprendeu este cometido en representación da JAE (Suay-Matallana, 2017: 38). A súa estadía de nove meses abarcou unha xira de conferencias polos seguintes países: Arxentina, Uruguai, Paraguai, Chile, Perú, Brasil e Cuba. Casares Gil estivo en Asunción dende o luns 3 até o domingo 9 de novembro. Na hemeroteca da USC consérvanse os números de *El Diario* e *El Liberal* que o viaxeiro mercou o día despois da súa chegada e que anuncian as súas conferencias: a primeira, o xoves 6 ás 18:30 no salón de actos da UNA, sobre o tema das "*Nuevas teorías sobre la constitución de la materia*", e a segunda, o sábado 8 á mesma hora no *Gimnasio Paraguayo*, sobre "*El papel de la investigación científica en el progreso de las industrias*"[496].

Á súa volta a Bos Aires, Casares Gil concedeu unha entrevista a *El Correo de Galicia*, na cal opina que "*La Asunción es una ciudad que parece una bella y arcaica estampa española. Ahí las damas visten y acuden a los temples con una indumentaria y un recato igual al de nuestras madres en las provincias españolas*". Este xuízo recorda o "ambiente de españolismo" percibido por Posada e a lembranza da España tradicional que a capital paraguaia lle transmitira a Valle-Inclán[497]. Non é doado valorar os vínculos de colaboración institucional forxados durante estas viaxes de mediación cultural. As cartas persoais e os documentos internos das institucións escasean, e o plan estrela de Casares Gil e a JAE de constituír un Instituto de Química en España que recibise a alumnos latinoamericanos nunca chegou a fruición (Suay-Matallana, 2017: 40). O seu folleto *Impresiones de mi viaje por la América española* si gozaba

[496] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 4 de novembro de 1924, p. 1.
[497] *El Correo de Galicia. Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Bos Aires, 17 de maio de 1924, p. 4.

dunha ampla difusión tras ser editada pola Unión Iberoamericana. Por exemplo, Julio Dávila (1926: 19-21) cítao extensivamente en *Por tierras guaraníes*.

A visita de Casares Gil ao Paraguai deu algún froito en 1925 cando Pedro Bruno Guggiari e José Arturo Alsina, presidente e secretario da *Sociedad Nacional de Farmacia del Paraguay*, confiaron un pergamiño a Juan O'Leary, quen estaba a punto de partir a Madrid. Dito pergamiño "*encierra un mensaje dirigido al Cuerpo Farmacéutico* [de España]*, y que será entregado en representación de éste al ilustre químico gallego señor Casares Gil*". O texto non contén ningunha proposta concreta de colaboración, senón que se limita a saudar "*el ilustre embajador doctor José Casares Gil*", recordar a "*unidad espiritual de Hispano-América*" e enviar "*nuestro fraterno abrazo*"[498]. A mensaxe constitúe, en fin, o recoñecemento mais non a concreción dunha canle de comunicación e cooperación bilateral. A entrega daquel pergamiño foi apenas unha das manifestacións de fervor americanista que houbo na véspera do traslado de Juan O'Leary a Madrid, onde exercería como encargado de negocios da legación do Paraguai até xuño de 1929. Os seus amigos e admiradores organizaron un xantar de despedida no "Belvedere" o sábado 13 de xuño de 1925. Tamén se organizou unha gran velada no Teatro Nacional coa asistencia de representantes da alta política e a intelectualidade asuncena. Ademais, a SESMAP, SRE e o Centro Español programaron unha homenaxe conxunta para o día 13 ás 17:30, nos salóns do local da SESMAP na rúa Palma 526[499]. Nunha publicación recente, o presente autor analizou a misión diplomática de O'Leary, cuxo obxectivo primordial consistiu en conseguir apoios para o Paraguai no seu preito con Bolivia e adquirir materiais bélicos ante a posibilidade dunha futura guerra no Chaco (Webb, 2021). Porén, aquí limitámonos a considerar a súa importancia simbólica como mediador cultural.

Para os paraguaios, a relevancia da misión de O'Leary xacía no seu status como un dos mellores expoñentes da tradición e a historiografía nacionais — un digno defensor da boa reputación do país sobre o escenario internacional. O seu nomeamento tamén supoñía unha necesaria inxección de talento e resolución no servizo consular. E para a colonia española, O'Leary era un axente idóneo para fortalecer os lazos de fraternidade hispano-americana. *El Diario* reproduce os discursos de despedida do valenciano Francisco Sapena Pastor, presidente da SESMAP (1924-1931), e o encargado de negocios de España Felipe G. Ontiveros. Ambos mostráronse ansiosos porque O'Leary coñecese España a fondo. A sociedade paraguaia respectaba as opinións do insigne historiador, polo cal era importante que el desenvolvese unha visión completa —e positiva— do país, das súas belezas, cultura e industrias. Como tal, os dous homes instáronlle a estudar e percorrer o máximo posible. Pola súa parte, o novo diplomático resumiu a finalidade das misións de mediación cultural como a que lle tocaba levar a cabo:

> *Separados por el océano, y más que por el océano, por el mutuo desconocimiento en que vivimos, no es posible que nos aproximemos en un comun propósito fraternal. Urge, pues, que nuevos nautas como Cristobal Colón salgan de España y América, al mismo tiempo, para descubrirnos y descubrirla, llevando el espíritu nuevo de este nuevo mundo y trayendonos el viejo afecto que aún palpita para nosotros en el solar de nuestros abuelos*.[500]

Avelino Rodríguez Elías tamén acolleu O'Leary coa máxima hospitalidade cando este desembarcou en Vigo, "*aunque* […] *no tenía noticia oficial de su viaje*". Acompañado pola súa

[498] *El Heraldo Gallego. Órgano de las colectividades gallegas en el Plata*. Bos Aires, 6 de setembro de 1925, p. 7.
[499] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 8 de xuño de 1925, p. 1; 9 de xuño de 1925, p. 5; 12 de xuño de 1925, p. 3.
[500] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 10 de xuño de 1925, p. 1; 16 de xuño de 1925, p. 1.

filla Socorro e polo indiano Augusto Loredo Martínez, o cónsul do Paraguai subiu a bordo do vapor "General Belgrano" para saudarlles ao novo cónsul-xeral e a súa familia. A comitiva acudiu á *Escuela de Artes y Oficios* para ver a exposición fotográfica do corpo consular (véxase apartado 6.1.2), logo o alcalde Adolfo G. Espino invitou os O'Leary a un almorzo no Hotel Moderno. Despois do almorzo, Espino ofreceu unha xira automobilística a todos os comensais, os cales foron a Baiona, onde Ángel Bedriñana, o propietario do castelo de Monterreal, lles fixo unha visita guiada, e posteriormente a Tui e Gondomar. Á mañá seguinte, Rodríguez Elías e a familia do alcalde achegáronse á estación de tren para despedir os O'Leary. Toda esta actividade tivo eco na prensa local, polo cal "*el Paraguay ha vuelto a ser mentado por aquí, ganando con ello en la difusión de su nombre y conocimiento*"[501].

Cómpre resaltar que o discurso do americanismo paraguaio non era unha especie de romanticismo baleiro, senón que tivo consecuencias prácticas. O labor de Camilo Pérez y Pérez na década de 1910 para fomentar o comercio, a banca e as industrias son unha proba disto. Podemos dicir que Juan O'Leary tampouco defraudou as esperanzas da colonia española en Asunción. Por exemplo, grazas á súa intervención, a Real Academia Española nomeou quince paraguaios como membros correspondentes, entre eles varios homes da alta política e escritores novecentistas: o propio O'Leary, Eligio e Eusebio Ayala, Manuel Domínguez, Fulgenio R. Moreno, Cecilio Báez, Eloy Fariña Núñez, Arsenio López Decoud, Delfín Chamorro, Pablo Max Insfrán, Juan Stefanich, Justo P. Benítez, Luis R. de Gásperi, Anselmo Jover Peralta, e Juan Natalicio González[502]. Simultaneamente, Felipe G. Ontiveros estaba realizando un intenso labor diplomático a favor da aproximación hispano-paraguaia. Soamente no bienio 1926-1927, o encargado de negocios en Asunción firmou un *Tratado de Propiedad Intelectual*; a adhesión de España ao *II Congreso de Historia y Geografía de América*; o Convenio Iberoamericano de Navegación Aérea, resultado do I Congreso Iberoamericano de Aeronáutica a que o cónsul-xeral do Paraguai en Madrid, Fernando Pignet, asistira como delegado nacional[503]; iniciou os preparativos dun novo tratado de comercio[504]; e formou un comité local para promover e planificar unha eventual representación paraguaia na Exposición Iberoamericana de Sevilla en 1929 (finalmente o Paraguai non puido concorrer porque o conflito do Chaco requiría todas as atencións do seu goberno)[505].

As doazóns de autores paraguaios á Biblioteca América de Santiago de Compostela eran outra vía de colaboración cultural hispano-americana. A biblioteca inaugurouse en 1926 con máis de once mil obras entre monografías e folletos, e a partir desa data as doazóns ensancharon a colección até alcanzar as 28.000 obras. Este fito nos estudos americanistas en Galicia foi un proxecto de Gumersindo Busto, un emigrante compostelán afincado en Bos Aires, cuxas propostas "insírense plenamente no espírito rexeneracionista e hispanoamericanista que se vivía a comezos do século XX tanto en España como en boa parte das colectividades emigrantes de ultramar" (Cagiao Vila, 2004: 37, 135). A ambición de Busto de crear unha biblioteca e unha *Universidad Hispano-Americana* na capital galega remontábase aos albores do século. O bispo de Asunción Juan Sinforiano Bogarín foi un dos primeiros paraguaios en adherirse ao proxecto

[501] AHMRREE. DACyL 4B. Informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, copia dunha nota a Adolfo G. Espino, e recortes do *Faro de Vigo*, 23 de agosto de 1925.
[502] AHMRREE. DPD 668. Informe de Juan O'Leary a Enrique Bordenave, 7 de xullo de 1927.
[503] AHMRREE. DPD 668. Informe de Juan O'Leary a Enrique Bordenave, 7 de xaneiro de 1927.
[504] *Revista del Centro Gallego*. Montevideo, xuño de 1927, p. 15.
[505] CAB. Museo comercial, Paraguai. CA-AA. 31.8: Andrés Blay, consulado en Barcelona, a Rafael Vehils. 1 carta. 1928; "J.G. Ontiveros, encargado de negocios de España en Paraguai, a Rafael Vehils. 2 cartas. 1928. [Noutra carta, Vehils diríxese erroneamente a *José* G. Ontiveros en vez de Felipe.]

en 1908 porque "*su realización será muy beneficiosa para la América, por aquello de que la madre siempre es madre y la hija, siempre hija*"[506]. A partir dese momento, diferentes intelectuais paraguaios doaron un número considerable de valiosas obras (sen as cales tería sido bastante máis difícil levar a cabo a presente investigación).

Os responsables da Biblioteca América solicitaron algunhas das doazóns temperás de forma directa, como o imprescindible *Álbum gráfico de la República del Paraguay* (1911) que Arsenio López Decoud enviou en 1912 "*dejando así satisfecho*" o pedido, ou a *Geografía de la República del Paraguay* (1906, 1911) que Héctor F. Decoud remitiu en 1913 como resposta a unha carta "*en la cual me pide la donación*". Pronto comezaron a chegar as doazóns espontáneas. Decoud engade que "*Tengo en preparación otra obra, la cual, tan luego la dé publicidad, me haré el deber de enviar*"[507]. No catálogo actual da Biblioteca América na USC, hai oito obras de Héctor F. Decoud (amais dunha segunda copia do seu manual de Xeografía cunha dedicatoria a Ramón del Valle-Inclán firmada por membros do *Centro de Estudiantes de Derecho* de Asunción, dispoñible na Biblioteca Valle-Inclán)[508]. Formouse unha comisión protectora en Bos Aires no 1916 para soster a biblioteca economicamente (Cagiao Vila, 2004: 123-126). Dende 1918, o delegado desta comisión protectora en Asunción era Viriato Díaz-Pérez, xefe da BNP. A mobilización da larguísima rede de contactos do madrileño disque explica a eventual riqueza da colección paraguaia na Biblioteca América. Nalgúns casos existe unha dedicatoria ou unha etiqueta que explicita a procedencia do libro. O propio Díaz-Pérez foi quen enviou a *Contribución al estudio del clima del Paraguay* (1890) de Serafín Rivas Rodríguez, de acordo coa etiqueta na contraportada dese exemplar. Así mesmo, consta que Gumersindo Busto remitiu a *Colección de documentos relativos a la expulsión de los jesuitas de la República Argentina y del Paraguay* (1872) de Francisco Javier Brabo. Ou no caso de *Ideales: discursos y escritos sobre temas paraguayos* (1913) de Silvano Mosqueira, o seu "*Homenaje del autor a la Biblioteca ñAm®ricaò de la y* […] *testimonio de inextinguible amor a la Madre Patria*" reproduciuse primeiro no *Boletín de la Biblioteca América*[509] e despois en *Vida Gallega*, nun artigo que reúne varias destas dedicatorias por seren "*el mejor y más galano panegírico de esta cultural fundación*"[510].

[506] *Boletín de la Biblioteca América de Santiago de Compostela*. Bos Aires, maio de 1911, p. 13.
[507] *Boletín de la Biblioteca América de Santiago de Compostela*. Bos Aires, xullo de 1913, p. 69; outubro de 1918, p. 60.
[508] Enlace: http://iacobus.usc.es/*gag [acceso: 28 de marzo de 2021]
[509] *Boletín de la Biblioteca América de Santiago de Compostela*. Bos Aires, xuño de 1914, p. 15; outubro de 1918, p. 74.
[510] *Vida Gallega. Ilustración regional*. Vigo, 30 de maio de 1926, p. 21.

6.5. Asociacionismo, educación e festas patrias: o Casino Español de San Lorenzo baixo a presidencia de Manuel González Táboas e o Centro Español de Villarrica

A observancia das festas patrias era outra forma de enaltecer España, se cadra a máis popular. Por exemplo, a SRE programou un baile no "Belvedere" o día 25 de xullo de 1915 — o día de Santiago Apóstolo era importante para todos os españois, pero dobremente para un galego como Camilo F. de la Fuente, presidente da asociación[511]. Unha das efemérides máis anticipadas era o 12 de outubro, especialmente arredor do cuarto centenario da chegada de Colón a América. O 12 de outubro de 1892, Silvano Mosqueira (1902: 10-11) asistiu a un xantar popular na súa vila natal de Carapeguá, onde pronunciou o seguinte discurso: "*Sin la generosa protección de España,* […] *América, esta preciosa joya del Occidente, hubiera permanecido, tal vez para siempre, oculta en los abismos del Océano*". Non obstante, a celebración destas festas —sobre todo a Festa da Raza, promovida como tal pola Unión Iberoamericana a partir de 1913— xeneralizouse entre os inmigrantes españois nas primeiras décadas do século XX á calor das correntes rexeneracionista e hispano-americanista.

A colonia española en San Lorenzo del Campo Grande organizou algunhas das Festas da Raza máis maxestosas dos anos vinte, sempre coa participación do galego Manuel González Táboas. Este redondelán radicouse en Asunción nos derradeiros anos do século XIX ou o primeiro lustro do XX. A primeira noticia del data de 1907. Sendo propietario de "*El Barato Paraguayo*", González Táboas vendeu todas as existencias da súa tenda retallista ao Almacén Inglés de J.M. Velazco & Cía. coa intención de empezar a comerciar ao por maior nun novo local na rúa Ayolas entre Palma e Villarrica. A especie vendida ao Almacén Inglés consistía en chaquetas de pano, chalecos de fantasía e novidades en xeral[512]. Non está seguro en que momento González Táboas se mudou á vila veciña de San Lorenzo, unida a Asunción por tranvía. Monte Domecq (1911: 420) cita Táboas como o apelido dun dos principais comerciantes e industriais desa praza. Podería tratarse dun parente seu —lembremos que o galego Máximo Táboas se asociou á SRE (255) en 1919— pero é probable que Manuel preferise utilizar o seu segundo apelido (como Francisco G. Villamil, Camilo F. de la Fuente etc.) Isto pode colixirse porque un dos produtos que a súa empresa *González Táboas & Hijo* fabricaba en San Lorenzo eran as "*Rosquitas Táboas*" (sen González), un alimento moi español que a casa *Pozzo Hnos. & Uriarte* comercializaba en Asunción dende 1925[513].

Manuel González Táboas implicouse en ao menos tres Festas da Raza en San Lorenzo del Campo Grande: 1921, 1924 e 1928. Con referencia a 1921, a revista da Unión Iberoamericana de Madrid resume varias das festas que se celebraron no Paraguai. En primeiro lugar, o bispo Hermenegildo Roa ordenou a adhesión das igrexas da capital ás festividades. No *Instituto Paraguayo*, o diplomático Felipe G. Ontiveros e Cecilio Báez (reitor da UNA e delegado local da Unión Iberoamericana) oficiaron unha gala deportiva con profesores e alumnos de música e educación física. Alén diso, "*el cantor de glorias paraguayas*" Juan O'Leary inaugurou as festividades na *Escuela Normal* cunha "*jugosa y vibrante pieza oratoria*", e os alumnos enseguida interpretaron un cadro vivo de Colón ante os Reis Católicos. Ontiveros tamén presidiu a Festa da Raza no Centro Español, onde Matías Alonso Criado pronunciou un discurso histórico moi aplaudido, mentres que no *Colegio Nacional* tivo lugar un torneo literario patrocinado polo Centro de Cervantes.

[511] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 22 de xullo de 1915, p. 3.
[512] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 8 de xuño de 1907, p. 2; 13 de xuño de 1907, p. 2.
[513] *El Diario. Diario de la tarde*. Asunción, 6 de xuño de 1925, p. 5.

Ao mesmo tempo, merecía "*mil plácemes*" a comisión directiva dos festexos celebrados nas instalacións da nova *Escuela Graduada* de San Lorenzo. Manuel González Táboas foi o presidente desta comisión, coadxuvado neste rol por Clotilde Paredes, unha das directoras da escola. Os alumnos interpretaron diversos números artísticos, e o público ouviu discursos de Ontiveros, Alonso Criado e Antonio González Riobóo[514]. A inauguración da flamante *Escuela España* de San Lorenzo coincidiu coa Festa da Raza de 1924. Consonte un artigo que Avelino Rodríguez Elías publicou no *Faro de Vigo*, o edificio da escola foi levantado por subscrición. Esta subscrición promoveuna unha comisión popular, e "*alma de esta comisión fué su presidente don Manuel González Táboas*". A continuación, con datos extraídos dos xornais paraguaios, o cónsul vigués reproduce o programa de inauguración como unha proba do intenso españolismo dos emigrados no Paraguai.

08:00. Recibimento na estación de tranvía das autoridades nacionais, o encargado de negocios Ontiveros e os representantes das sociedades españolas da capital.

1. 08:30. Himno Nacional cantado por nenas da *Escuela España*.
2. Marcha Real Española interpretada por unha orquestra de oito profesores.
3. *Himno de la Raza* cantado por nenas e nenos.
4. Cadro vivo de España e América polas señoritas Cristina Carles [probablemente a filla paraguaia do español José Carles, futuro membro da LCE[515]] e Guillermina Cabrera.
5. Discurso do axente escolar Manuel González Táboas.
6. *La voz del pasado* recitada pola señorita Honorina Riso.
7. *La bandera española* recitada polo neno Valentín Rebull Rávera [o seu pai español colaborara na Festa da Raza de 1921].
8. *Mi novia* [1870, poesía de Abente y Lago (?)] recitada pola señorita Cleodomira Paredes
9. Discurso de Rosario Gómez en nome do persoal docente.
10. *Santa-fé* bailada por nenas e nenos da escola.
11. Reparto de galletas aos cativos.
12. Comida ofrecida pola colectividade española ás autoridades.

Nota: Durante a festa, varias nenas e nenos en traxes típicos nacionais e españois venderán medallas conmemorativos do acto[516].

Fixándonos nese último punto —o xantar coas autoridades—, a noticia dunha festa de confraternidade hispano-paraguaia na Unión Club en 1927 dá pistas sobre que tipo de comidas se servirían neste tipo de eventos. Na festa de 1927, os comensais degustaron un menú moi europeo (español e francés): galantina de ave trufada, sopa á raíña, corvina do país, costelas á Villeroi, espárragos, salsa branca, pavo con ensalada, pudin, froitas, café, aperitivos, viños, champaña, licores e cigarros[517]. Non se serviu ningún prato paraguaio. Malia sen contarmos con outros menús semellantes, a noticia en 1927 intima que en ocasións especiais con esta, a colectividade española consumía a gastronomía propia do seu país de orixe en lugar da local.

[514] *Unión Iberoamericana. Órgano de la sociedad del mismo nombre*. Madrid, novembro-decembro de 1921, pp. 105-107.
[515] *La Tribuna. Número extraordinario en homenaje a la Legión Civil Extranjera*. Asunción, 1 de xaneiro de 1935, p. 25.
[516] AHMRREE. DACyL 4B. Recorte do *Faro de Vigo* adxunto a un informe de Avelino Rodríguez Elías ao ministro de RREE, 14 de decembro de 1924.
[517] *Revista del Centro Gallego*. Montevideo, xuño de 1927, p. 15.

González Táboas inscribiuse na asuncena SRE (49) en outubro de 1917, e nos dous anos seguintes afiliáronse outros españois residentes en San Lorenzo como Antonio González Besada (Cambados), Cándido Pérez Viana (Valladolid) ou Ramón González (Navia, Asturias) (SRE 236, 302, 306). Temos noticias ademais doutro galego residente na cidade: José Bonifacio Martínez Sánchez (Reibó, A Coruña), nacido en 1873 e casado coa sanlorenzana Patrocinia Mendoza en 1924 (expediente 2297). Ao cabo de varios anos, os españois de San Lorenzo acordaron instituír un Casino Español para remediar a ausencia dunha sociedade recreativa propia. A fundación do casino formalizouse o día de Santiago Apóstolo, 25 de xullo de 1925[518]. Como presidente da asociación, Manuel González Táboas presidiu a Festa da Raza do Casino Español en 1928. *Vida Gallega* publicou algunhas fotos da xornada.



Los gallegos en el Paraguay.—Fiesta de la raza en el Casino Español de San Lorenzo de C. Grande, que preside el importante industrial, hijo de Redondela D. Manuel González Táboas. Grupo de señoritas de la buena sociedad que representaron a España, Paraguay y demás países americanos.—Parte de la concurrencia al baile.—Señoritas Lidia Benítez y Goyita Ibieta (España y Paraguay).—Heraldo que encabezó la manifestación patriótica celebrada el día de la fiesta.

Figura 18. A Festa da Razano Casino Español de San Lorenzo(*Vida Gallega*. Vigo, 20 de decembro de 1928, p. 27.)

A imaxe das "*señoritas de buena sociedad*" que representan España e as repúblicas hispanoamericanas amosa que, como noutros anos, a Festa da Raza de 1928 incorporou un elemento de teatro alegórico ou un cadro vivo. Queda patente que os españois de San Lorenzo

[518] *Revista de las Españas*. Madrid, outubro-decembro de 1930, p. 594.

recoñecían a necesidade de involucrar os nenos e os adolescentes nestes rituais para garantir a transmisión inter-xeracional da identidade nacional. En xeral, a foto da concorrencia ao baile dá a impresión dunha asociación marcada pola xuventude dos seus membros. A indumentaria denota que estes gozaban dunha posición socio-económica desafogada, pero tamén que a Festa da Raza se fixaba como unha data imprescindible no calendario social das familias españolas en San Lorenzo (seica unha boa oportunidade para que os mozos solteiros puidesen 'facer as beiras').

A Unión Iberoamericana admitiu o Casino Español como socio institucional en 1930. Con anterioridade á solicitude de asociación, Manuel González Táboas e o secretario do casino M. González Melgasi mandaron a seguinte petición a Jacobo Fitz-James Stuart y Falcó, duque de Alba e presidente da unión: "*queriendo estimular a los estudiantes de la Escuela España de esta localidad, se dirige a usted solicitando la donación de un premio para ser otorgado a uno de los mejores alumnos a fin del curso*". Os remitentes subliñaron a conveniencia de ofrecer un premio destas características para fortificar o espírito españolista da escola, un de cuxos obxectivos esenciais era que "*Día llegará en que esos niños se identifiquen tanto con España*" como co Paraguai. O duque de Alba, en recoñecemento ao labor de asociacións como o Casino Español que "*tan eficazmente contribuyen a afianzar la amistad y el intercambio hispano-americanos*", accedeu á solicitude enviando unha edición monumental de *Don Quixote* (*Biblioteca Ilustrada de Espasa Hermanos*, 1879) e unha estatua en bronce do Cabaleiro da Triste Figura[519].

Máis alá de Asunción ou San Lorenzo, a capital guaireña é unha das vilas da república onde as fontes recollen semellantes manifestacións de españolismo entre os anos dez e vinte. A Asociación Española de Socorros Mutuos de Villarrica (1915-1920)/Centro Español de Villarrica (1920-) fundouse cando a cidade contaba con cinco mil habitantes e un núcleo consolidado de comerciantes e industriais españois (*El Centro Español de Villarrica*, 1965: 14; Gómez Vázquez, 2015: 23). Algúns destes inmigrantes eran:

-Manuel Rodríguez (primeiro presidente). Propietario do almacén "*El Progreso*"
-Darío Fernández Álvarez (tesoureiro). Talabartaría e zapatería
-Cándido López Trelles (vocal). Fábrica de cigarros habanos; anteriormente cigarreiro en Asunción na r/ Palma 371 (*El comercio paraguayo*, 1899: 569)
-Antonio Micó (vocal). Serradoiro a vapor e fábrica de mobles
-Pedro Martín (vocal). Panadaría e almacén "*La Española*"
-José Guillén Vélez (secretario). Profesor de Debuxo no *Colegio Nacional*
-Nabor Álvarez de Castro (socio fundador). Intendente municipal en 1916[520]

Non obstante os seus propósitos mutualistas, a Asociación Española tiña un cariz recreativo e cultural dende os seus albores. Un pícnic celebrado o 2 de maio de 1916 con actuacións de piano e canto reuniu cincocentos veciños, e "*para que nada faltara a la nota simpática de los hijos de nuestra querida España, apareció una gaita gallega manejada con habilidad, la que cautivó la atención de todos los presentes*". Ás tres da tarde, un grupo de mozos bailou unhas xotas, e ás nove da noite a Asociación Española e o aristocrático Club "*El Porvenir Guaireño*" auspiciaron unha velada literaria con motivo da inauguración da Academia

[519] *Revista de las Españas*. Madrid, agosto-setembro de 1930, pp. 494-495; outubro-novembro de 1930, p. 588.
[520] *El Agricultor Guaireño*. Villarrica, 29 de abril de 1916, p. 2; 6 de xuño de 1916, p. 4. [Os anuncios repítense noutros números.]

de Música "Chapí", cuxo responsable era o español Ramón del Castillo. A cota mensual para asistir ás clases da academia sería de trinta pesos para os socios da Asociación Española ou do *C u a d r o A r t ² s t.* Algúns membros da Asociación Española participaban asemade nas actuacións teatrais do "Cervantes", como Darío Fernández Álvarez ou Pedro A. Rodríguez, o dono do bazar de calzados "*El Sol*".

Ao igual que en San Lorenzo, os españolistas guaireños esforzábanse para incluír a xuventude nas súas iniciativas. Un exemplo é a conmemoración do terceiro centenario da morte de Cervantes no *Colegio Nacional*, organizada o 23 de abril de 1916 coa presenza do deputado Modesto Guggiari. O profesor de Lingua Castelá José Rojas fixo un minucioso estudo sobre a vida e obra do autor que "*nos descubrió al gran hombre como una gloria inmortal no sólo de España y América-hispana sino de la Humanidad*". Outro docente, José Guillén, falou en nome da Asociación Española, e os alumnos leron fragmentos de *Don Quixote* e poesías como *A Cervantes*, unha composición do alumno Bernardino Gorostiaga que se reproduce no mesmo número de *El Agricultor Guaireño*[521].

6.6. Marcelino Doldán, o consulado do Paraguai en Vigo e a colonia agrícola ñ E s p a ¶ a ò (1955-1958)

A Guerra Civil en España e o inicio da etapa de autarquía franquista marcan o final do momento hispano-americanista que vimos analizando até agora. A colonia española no Paraguai tivo unha intervención bastante marxinal na Guerra Civil. Dalla-Corte Caballero (2016a) estuda un grupo de mozos paraguaios que se afiliaron ás Brigadas Internacionais por cuestións de ideoloxía política, pero non consta ningún caso dun español ou fillo paraguaio de españois que se trasladase a España para defender a democracia. En cambio, como relata Casal (2014), nos primeiros meses do conflito o diplomático español Felipe G. Ontiveros creou unha subsección paraguaia de Falanxe con certa proxección nos medios de comunicación grazas ao apoio do industrial canario Jaime Martínez Pimienta (SESMAP s/n entre 491-492), redactor de *La Reforma*, o andaluz José Carballo Pery, locutor de *Radio Charitas*, e Jorge Guillén, director de *El Deber* de Villarrica. Nun informe a Manuel Solano, secretario de intercambio de Falanxe, Ontiveros estimaba que a maioría da colonia española apoiaba a banda sublevada. Este feito suxire que, ao formaren un colectivo ben situado na escala social e moi vencellado ao patronal e o *statu quo* económico, os españois no Paraguai tiñan máis probabilidades de favorecer opcións políticas conservadoras e autoritarias. Porén, quizais esgotados trala Guerra do Chaco, no fin de contas as contribucións materiais destes emigrados foron modestos: unhas toneladas de tabaco, algunha remesa de prendas de abrigo, mailo alistamento dun puñado de voluntarios de Asunción e Villarrica para ir á fronte.

Comparado coa situación antes dos anos trinta, o contexto migratorio español era distinto nesta última década do período de estudo. Ao termo da Guerra Civil, a emigración en España converteuse nun 'contagotas'. Os factores externos eran as políticas migratorias máis discriminatorias que se impuxeran nos países americanos despois do *crack* de 1929, e a desactivación do transporte marítimo durante a Segunda Guerra Mundial. A orientación socio-económica do primeiro franquismo tamén influía nesta mudanza. A ditadura implementou unha serie de restricións á emigración para frear a fuxida de republicanos, a saída de divisas, e para

[521] *El Agricultor Guaireño*. Villarrica, 14 de abril de 1916, p. 2; 29 de abril de 1916, p. 1; 6 de maio de 1916, p. 1; 10 de xuño de 1916, p. 1.

lograr o obxectivo de sumar corenta millóns de habitantes ao nivel estatal (Palazón Ferrando, 1992: 215-217). O franquismo relaxou a súa política migratoria a principios dos anos cincuenta ao comprobarse que a economía non podía absorber o exceso de man de obra xerada pola mecanización do campo, o fracaso da súa política colonizadora, o éxodo rural cara ás cidades en vías de industrialización etc. Como resposta á realidade da emigración clandestina por Francia e Portugal, resultaba preferible intentar sacar proveito da situación encarreirando a diáspora en función dos excedentes do mercado, facendo cumprir a lexislación migratoria dos países estranxeiros (para minimizar os custos de socorro ou repatriación e protexer a reputación internacional de España), incentivando e beneficiándose das remesas e, até certo punto, desembarazándose duns cantos desafectos ao réxime (Palazón Ferrando, 1992: 219; Kreienbrink, 2009: 15-16).

A emigración transatlántica arrincouse de novo, malia que con menos intensidade que a principios do século. Venezuela, un país que estaba experimentando un rápido desenvolvemento a base da explotación petrolífera, era o destino principal para os emigrantes españois — galegos e canarios na súa maioría— por mor da política de 'portas abertas' do ditador Marcos Pérez Jiménez (1952-1958) (Campos Álvarez, 2009: 115-116). A volta da cuestión migratoria ao discurso público tivo as súas repercusións na sociedade civil en España. Por exemplo, José Domingo Gómez Sanjurjo representou o Paraguai no *II Congreso de la Emigración a Ultramar* celebrado en Lugo en outubro de 1959, onde presidiu unha sesión plenaria para acordar a creación de sociedades de beneficencia que auxiliasen os emigrantes menos afortunados — unha necesidade que os Estados non cubrían[522]. A renovada emigración americana coincidía co final da autarquía do primeiro franquismo. España procuraba ampliar a súa presenza internacional —foi aceptada como membro da Organización de Nacións Unidas en 1955—, limpar a súa imaxe maculada por azueiras nazi-fascistas, e aproximarse a EEUU. América Latina sinalábase como unha área de potencial expansión económica nesta etapa, polo cal o franquismo tentaba resucitar un pouco do espírito hispano-americanista de principios do século, agora co nome de «hispanidade» e se cadra cunha maior énfase na faceta nacional-católica das pasadas grandezas imperiais. Para estreitar as relacións coa antigas colonias, a partir de 1951 promovíanse os intercambios de estudantes, a construción de institutos españois en América, e o envío de sacerdotes españois a ultramar (Figallo, 2018: 90, 95).

Neste contexto de apertura internacional, Manuel Suárez, catedrático da USC, impartiu un ciclo de conferencias na Arxentina e Paraguai en 1952. Algunhas asociacións étnicas intensificaron a súa implicación nos asuntos nacionais, como a SRE, a cal adheriuse ás protestas contra a visita que Isabel II de Inglaterra fixo a Xibraltar en 1954[523]. Produciuse, ademais, un intento singular de fundar unha colonia agrícola española no Paraguai. O 25 de abril de 1955, o gobernador civil de Pontevedra, Elías Palao Martialay, publicou un recibo do ministerio de Asuntos Exteriores que comunicaba a concesión do *regium exequatur* a Marcelino Doldán Calderara, cónsul do Paraguai en Vigo[524]. Este sería o responsable de acoplar un grupo de emigrantes galegos a proxecto colonizador. Doldán chegara a Galicia a finais do mes anterior. Entrevistado no Gran Hotel, o diplomático explicou que "*yo mismo influí considerablemente en la creación de este Consulado en Vigo*" porque, no seu posto anterior como director de asuntos políticos e diplomáticos do ministerio de RREE en Asunción, soubera apreciar a súa

[522] *El Progreso*. Lugo, 8 de outubro de 1959, pp. 1, 3.
[523] *El Correo Gallego. Diario de la mañana*. A Coruña, 25 de outubro de 1952, p. 2; *El Progreso*. Lugo, 16 de maio de 1954, p. 1.
[524] *El Pueblo Gallego. Rotativo de la mañana*. Vigo, 29 de abril de 1955, p. 9.

importancia como o principal porto da fachada atlántica española. Trinta anos antes, case todos os grandes portos de España tiveran un consulado ou vice-consulado paraguaio, pero en 1955 os outros representantes non eran máis que o cónsul do Paraguai en Barcelona e o embaixador paraguaio en Madrid. Antes de viaxar, Doldán non se esquecera de pedirlle consellos a un antigo diplomático da cidade olívica:

> *Primero, en Asunción me entrevisté con don Avelino Rodríguez Elías, un gran periodista y vigués, que allí goza de gran prestigio. ¡Qué emoción la suya al saber que yo vendría a Vigo! Después, a bordo del transatlántico, conocí a don Cesáreo González* [cineasta e propietario do Gran Hotel onde Doldán se aloxaba], *ese gran hombre y mejor patriota que no se cansó de hablarme de España y de su Vigo adorado.*[525]

Doldán contratou axiña uns agricultores españois que enviar ao Paraguai. Xa o día 31 de agosto, o primeiro continxente de emigrantes galegos partiu na turbo-nave portuguesa "Vera Cruz", propiedade da *Colonial de Navegação*. Unha nota de prensa conta como Doldán e a súa esposa, Celeida Benítez, lles deron a despedida oficial aos doce colonos "*charlando cordialmente con ellos y agasajándoles*". Tamén se reproduce unha fotografía da escena que transmite un ambiente de optimismo e evidencia que os pioneiros seleccionados para a expedición eran varóns novos e probablemente solteiros.



Parte del grupo de primeros emigrantes gallegos para el Paraguay. Les acompañan el Honorable señor cónsul de aquella nación en Vigo, D. Marcelino Doldan y distinguida señora; consignatario del "Vera Cruz", D. Joaquin Loredo, D. Ademo Salgado y secretario particular del señor cónsul. --- (Foto Siorty).

Figura 19. A despedida de Marcelino Doldán (centro, de pé) aos colonos galegos. (*El Pueblo Gallego.* Vigo, 1 de setembro de 1955, p.8.) [O consignatario Joaquín Loredo Suárez era sobriño de Augusto Loredo Martínez (falecido en 1932), ex residente no Paraguai. Dado que Loredo Martínez e Avelino Rodríguez Elías se coñecían, é posible que este lle recomendase a familia Loredo a Doldán antes da súa viaxe a España.]

[525] *El Pueblo Gallego. Rotativo de la mañana*. Vigo, 27 de marzo de 1955, p. 3.

Na ocasión da Festa da Raza, *La Noche* publicou unhas entrevistas cos distintos cónsules americanos en Vigo. Así Doldán tivo a oportunidade de esclarecer os obxectivos desa expedición. Nesta reportaxe, o cónsul afirma que a selección da corrente migratoria dependía do Instituto de Reforma Agraria (IRA), órgano da administración paraguaia. A española era unha das nacionalidades preferidas porque "*el trabajador español conserva su dignidad, su honradez, su capacidad profesional y su dinamismo donde quiera esté*". Por este motivo, o goberno paraguaio aprobou a creación dunha nova colonia agrícola, sendo aqueles doce emigrantes pontevedreses a vangarda do proxecto. O cónsul promete que "*en fecha ya próxima otra bella y promisoria realidad será la Ciudad España, para cuya iniciación partirán de este país el 14 de noviembre próximo, como quinientos emigrantes*"[526]. A colonia "España" sería unha manifestación tardía dunha política colonizadora que se remontaba ao século XIX. Esperábase que os inmigrantes europeos aumentasen a produtividade do agro e 'mellorasen' os hábitos dos agricultores nativos por osmose. Durante os anos cincuenta, o IRA profesaba o obxectivo de repartir a terra e promover a colonización para reducir o peso do latifundio, en certo modo como un continuador parcial da política de redistribución do goberno febrerista (Núñez, 2013: 6). Esta etapa durou até 1963, cando se produciu a substitución do IRA polo *Instituto de Bienestar Rural* porque a ditadura de Stroessner daba por sentado que o campesiñado xa recibira toda a terra que lle correspondía (Palau, 2003: 5).

Finalmente, os demais colonos marcharon en decembro de 1955, non en novembro. A prensa emitiu noticias sobre a saída de 360 emigrantes de Alacante o día 10, no transatlántico "Cabo de Hornos". Os colonos —catrocentos incluídos os que xa marcharan— procedían de Murcia, Pontevedra, Valencia e Xaén[527]. A expedición debía desembarcar en Montevideo, e dende alí o goberno español sufragaría os gastos de transporte ao Paraguai. Previase que:

> *La colonia se constituirá bajo el régimen de una cooperativa de producción y consumo. Poseerán cinco mil hectáreas de tierra de las que obtendrán productos alimenticios y materias primas para abastecer una industria textil, una fábrica de calzado, otra de alpargatas y otra de sacos, así como un aserradero para la explotación forestal. Estos inmigrantes llevan consigo la maquinaria e instrumentos adecuados para esas industrias y explotaciones. La expedición va acompañada de médico, maestra, practicante enfermera y comadrona, quienes asimismo se instalarán en la colonia. Un sacerdote se reunirá también con los emigrantes.*[528]

As diferenzas entre a colonia "España" e a inmigración española anterior son notables. A presenza dunha comadroa e unha mestra implica que unha parte substancial dos inmigrantes consistía en matrimonios, algúns dos cales probablemente viaxasen con fillos. As rexións seleccionadas, sobre todo Murcia, non eran as que tradicionalmente aportaban máis emigrantes á corrente paraguaia. Mentres que noutros países americanos había fortes cadeas migratorias que puidesen reactivarse nesta etapa, no Paraguai tales cadeas case non existían no caso desas provincias españolas. Obsérvase algunha posible excepción no caso de Galicia. Botana Iglesias (2014: 156) destaca que na comarca de Santiago de Compostela, o 1,90% dos emigrantes a ultramar marcharon ao Paraguai entre 1940-1945. Todos eran veciños da parroquia de Enfesta, e entre eles sobresae o núcleo familiar composto polos irmáns Carmen, Jesús e Manuel Rial Balado. Non obstante, aquí tampouco está claro que conexións os emigrantes tiñan no país de destino. Marcelino Doldán acompañou o segundo grupo de emigrantes pontevedreses até Alacante. Unha banda de música tocou os himnos español e paraguaio no peirao, e os colonos

[526] *La Noche. Único diario de la tarde en Galicia*. Vigo, 12 de outubro de 1955, p. 3.
[527] *El Pueblo Gallego. Rotativo de la mañana*. Vigo, 11 de decembro de 1955, p. 1.
[528] *La Noche. Único diario de la tarde en Galicia*. Vigo, 16 de decembro de 1955, p. 1.

escoitaron os discursos do cónsul do Paraguai en Barcelona, do propio Doldán, dun diplomático español e do doutor Simón, primeiro secretario do embaixador do Paraguai en Madrid, o xeneral Emilio Díaz de Vivar[529]. A despedida celebrouse, en fin, con certa pompa. Despois, silencio. A prensa española non volveu tratar o tema, e Doldán tampouco o menciona en toda a súa correspondencia consular entre 1957-1958.

Afortunadamente, o entón agregado cultural de España na capital paraguaia aporta máis datos sobre a sorte eventual deses expedicionarios. Ernesto Giménez Caballero e o seu amigo, o libretista madrileño Guillermo Fernández-Shaw, recibiron aos 358 inmigrantes no aeródromo de Asunción na semana de Nadal. Aínda que Doldán afirmara que os pasaxeiros do "Cabo de Hornos" desembarcarían en Montevideo e que o goberno español costearía o seu traslado ao Paraguai, Giménez Caballero (1958: 227) escribe que o goberno de Stroessner fretou uns avións para traelos dende Río de Xaneiro: "*una millonada que jamás se ofreció a emigración alguna*". Tal xenerosidade insinúa que o novo réxime estaba bastante comprometido co proxecto. Se a colonia "España" prosperase, axudaría a consolidar a imaxe do stronismo como un factor de orde e gobernabilidade, ademais de tender pontes ao goberno de Franco nun momento en que Paraguai non tiña aliados en Europa (Figallo, 2018: 106).

O nomeamento de Giménez Caballero como agregado cultural produciuse en 1955. O seu exilio burocrático nun país tan pouco interesante para o Estado franquista (en lugar de Washington, por exemplo) explícase no contexto do lavado de cara que a ditadura se estaba facendo: a figura de Giménez importunaba polo seu pasado fascista (Figallo, 2018: 104). Respecto da colonia "España", é evidente que Giménez non tivo a oportunidade de comunicarse con Doldán en ningún momento, pois sorprendeuse ante o feito de que "*se habían infiltrado grupos gallegos*" entre os inmigrantes, maioritariamente murcianos. O día seguinte á súa chegada, a expedición viaxou en tren a Carmen del Paraná, e dende alí foi en camión a Potrero Novillo, a zona demarcada para entregarse aos colonos a 35km de Encarnación. O goberno seleccionou o departamento de Itapúa para construír a colonia "España" porque era unha das rexións máis produtivas do país. Cunha poboación de máis de 33.000 habitantes, Encarnación era a segunda cidade da república (Giménez Caballero, 1958: 226-227).

Apenas unha semana máis tarde, o vice-cónsul de España en Encarnación comunicou que os colonos estaban abandonando Potrero Novillo porque se sentían enganados. Giménez trasladouse decontado á colonia para descubrir que, entre outros desertores, o "*equipo gallego se había desenganchado en silencio (cauto) y pasado a la Argentina, donde tenía su previo arreglo secreto, sacando el viaje a los paraguayos con marrullerías*". Non hai probas para confirmar nin desmentir esta alegación; tal vez o primeiro grupo de labregos viaxase na "Vera Cruz" para faceren os arranxos necesarios para o subterfuxio. De ser certo, trataríase dunha maneira creativa de emigraren sen gastar os seus escasos aforros. Por outro lado, Giménez Caballero (1958: 228-229) comprobou que os demais colonos eran case todos de extracción urbana, e os poucos agricultores que había non sabían traballar as terras vizosas do Paraguai, senón que pedían sequeiros para cultivar arroz. Entón, o proxecto sufría exactamente os mesmos problemas que pragueaban os intentos de colonización europea dende había un século: a inaptitude de moitos dos colonos e a falta dun plan de apoio técnico-pedagóxico por parte do goberno local (Kleinpenning, 2009: 366).

[529] *La Noche. Único diario de la tarde en Galicia*. Vigo, 17 de decembro de 1955, p. 5.

Giménez Caballero (1958: 231) explica que o fracaso da colonia "España" o convenceu da necesidade de acadar convenios bilaterais para que a emigración funcionase. Neste caso, a empresa colonizadora foi unha iniciativa particular dun dos colonos alacantinos. O diplomático cita o recentemente creado Instituto Español de Emigración facendo votos pola súa capacidade de organizar núcleos comprometidos de emigrantes que contribúan ao progreso económico dos países. Efectivamente, a creación do Instituto en 1956 inaugurou un período de maior intervencionismo por parte do Estado na cuestión migratoria. Os seus obxectivos incluían o fomento da emigración dirixida (non masiva e descontrolada) do modo máis vantaxoso posible para a economía española, e a prestación de servizos de auxilio aos emigrantes en América. Porén, este órgano endexamais operou cun alto nivel de eficiencia por culpa da dispersión de competencias entre diferentes ministerios (Kreienbrink, 2009: 21-22).

Neste senso, citamos o caso paralelo dos colonos burgaleses, canarios, galegos e valencianos que se trasladaron á República Dominicana entre 1955 e 1956. O ditador dominicano Rafael Leónidas Trujillo (1930-1961) visitou España en persoa para contratar persoal, e o fluxo alcanzou a cifra de cinco mil inmigrantes (Eiroa e Ferrero, 2016: 165). Ao igual que en Paraguai, o obxectivo era colonizar unha zona de baixa densidade de poboación —a fronteira con Haití— e reducir a presión demográfica no país de orixe. Porén, ante a falta de planificación, as duras condicións de vida, e a indiferenza dos respectivos gobernos, a meirande parte dos colonos ou regresou a España ou re-emigrou a Venezuela e Brasil, tal como fixeron os pontevedreses da colonia "España" ao pasaren á Arxentina (Vázquez Lojo e Soutelo Vázquez, 2019: 236). Despois da desaparición desta colonia, as xestións de Giménez Caballero xa non xiraban en torno ás cuestións migratorias. No plano económico, o principal logro de Giménez foi negociar a venda de dezaoito buques españois ao goberno paraguaio a partir de 1958. Elevado a embaixador, Giménez mantiña unhas relacións cordiais con Stroessner durante máis de dez anos (intercambios de agasallos, honores, recepcións, acordos diplomáticos, un porto franco en Villeta para produtos españois etc.) e colaboraba con asociacións como o *Instituto Paraguayo de Cultura Hispánica*, fundado en 1949 con fins artístico-educativas, a relixiosa Confraría de Santiago, ou o Centro Español de Villarrica, do cal foi nomeado presidente honorario (*El Centro Español de Villarrica*, 1965: 2-3; Figallo, 2018: 105-106, 109).

En Vigo, o fracaso da colonia "España" tampouco supuxo a terminación inmediata do consulado. Cara a finais de 1956, Marcelino Doldán mandou reparar o escudo e a bandeira do balcón do seu consulado, e mercou doce cadros de paisaxes paraguaias para adornar o despacho na rúa Luis Taboada 21. Uns meses máis tarde, informoulle ao director xeral do ministerio de RREE, Alberto Nogués, de que o manual *Cónsules y consulados* de Celedonio Melgarejo Ledesma, inspector xeral de consulados e reorganizador do Departamento Consular, era unha "*preciosa fuente de consulta e información*", e que "*varios Cónsules de países amigos* […] *han expresado respecto al contenido del mismo, conceptos óptimos*". Ademais, foi con evidente ilusión que Doldán reportou a súa elección ao cargo de decano do corpo consular de Vigo en xaneiro de 1958: "*significativa para la Representación del Paraguay, teniendo en cuenta que ésta obtuvo ese resultado sobre otras Representaciones de más rango y de más antigüedad en el cargo consular*"[530].

[530] AHMRREE. DACyL 577. Informe de Alberto Nogués a Gerardo Pérez, 7 de xaneiro de 1957; Informe de Marcelino Doldán Calderara a Alberto Nogués, 22 de xullo de 1957; Informe de Marcelino Doldán Calderara ao ministro de RREE, 20 de xaneiro de 1958.

Pero a pouco máis de dous anos do embarque dos colonos en Alacante, o cónsul recibiu unha nota do director xeral do ministerio de RREE, Eladio Loizaga Caballero, conforme que se suprimía o consulado vigués "*por razones de economía*". A resposta de Doldán consiste nun "*ofrecimiento, sincero y bien intencionado*", case diriamos apaixonado (para ser un documento formal), para defender a necesidade do consulado ao seu cargo. Os seus argumentos foron os seguintes: Paraguai sería o único país suramericano sen representación consular en Vigo[531]; convíña manter relacións comerciais coa cidade olívica por ser esta a primeira entrada a Europa polo Atlántico e polo seu sorprendente auxe industrial, sobre todo trala instalación de fábricas de automóbiles de Citröen; e porque o Paraguai podía competir no mercado de carne conxelada e ovos que se importaban daquela dende Arxentina e Brasil[532]. Non obstante, os seus argumentos non convenceron quen tiñan que convencer. En maio de 1958, Doldán comunicoulle a súa dimisión ao corpo consular "*por razones que le imposibilitan continuar*"[533].

6.7. Conclusión

A partir das fontes consultadas, podería afirmarse que a comunidade galega no Paraguai era algo hermética; as súas conexións internacionais existían, pero non eran nin frecuentes nin moi fortes. Benigno Teijeiro Martínez realizou un aporte interesante ao proceso de reinserción do Paraguai nos circuítos do comercio internacional na ocasión da Exposición Continental de 1882, pero non hai probas de que a súa actuación, nin moito menos a de Boedo y Cardois en Paraná, se traducise nunha aproximación entre os españois en Asunción e os seus equivalentes en Entre Ríos. Unhas décadas despois, o labor diplomático de Avelino Rodríguez Elías en Vigo resulta verdadeiramente excepcional se se contrasta cos esforzos de moitos cónsules paraguaios no mesmo período, como os seus predecesores na mesma praza ou os cónsules do Paraguai en A Coruña. Rodríguez Elías conseguiu fortalecer o comercio paraguaio-vigués, ou mellor dito levantalo dende os alicerces, familiarizar o público lector local cos produtos e os costumes daquela república. Pero de novo, máis alá dunhas contadas interaccións como a súa amizade con José Costas ou a doazón das placas da rúa Paraguai por parte de Abente e Lema, non está claro até que punto os galegos emigrados coñecesen e valorasen ao traballo do seu compatriota vigués.

Por outra banda, rexistramos moi poucos casos de indianos galegos que retornasen ás súas vilas dende o Paraguai para fixar a súa residencia definitiva ou para pasar as vacacións. A meirande parte dos casos identificados data do século XX, cando os vínculos de transporte e de comunicación estaban mellor desenvoltos. Agora ben, estes feitos en si mesmos poderían non ter maior transcendencia porque as fontes periodísticas non deixarían constancia das viaxes dun inmigrante a menos que este fose un persoeiro de interese ou con algunha conexión persoal co medio, como José Domingo Gómez Sanjurjo. En cambio, o feito de que a prensa en Galicia e a prensa étnica galega en América só trataban temas paraguaios ocasionalmente e moitas veces cun ton de estrañeza e exotismo suxire que non existía un tráfico moi denso de persoas e noticias galegas entre Paraguai e o estranxeiro.

[531] A pedido de Doldán, o secretario administrativo de corpo consular, Manuel Riobó Nigorra, expediu esta listaxe de 33 países con representación consular acreditada en febreiro de 1958: Alemaña, Arxentina, Bélxica, Bolivia, Brasil, Colombia, Costa Rica, Cuba, Chile, Dinamarca, Ecuador, EEUU, Finlandia, Francia, Gran Bretaña, Grecia, Guatemala, Honduras, Italia, Mónaco, Nicaragua, Noruega, O Salvador, Países Baixos, Panamá, Paraguai, Perú, Polonia, Portugal, República Dominicana, Suecia, Uruguai, Venezuela.
[532] AHMRREE. DACyL 577. Informe de Marcelino Doldán Calderara a Eladio Loizaga Caballero, 5 de febreiro de 1958.
[533] *La Noche. Único diario de la tarde en Galicia*. Vigo, 27 de maio de 1958, p. 7.

Así mesmo, as mostras de galeguismo paraguaio foron escasas e xamais se cristalizaron nunha iniciativa asociativa ou cultural sostida, aínda que a presenza duns cantos subscritores á prensa galiciana e o proxecto dun centro galego en 1915 dan a sensación de que as cousas podían ter sido diferentes, por exemplo, se un persoeiro como Eliseo Pulpeiro, Ramón Suárez Picallo ou Manuel Pérez y Pérez tivese ficado no Paraguai ao longo prazo. Na mesma liña, a xeira galeguista de Eloy Fariña Núñez representa unha faceta até agora totalmente descoñecida deste autor paraguaio, pero a inexistencia de vínculos entre el e a comunidade galega no Paraguai ilustra a debilidade do sentimento galeguista naquel país. En cambio, os galegos participaban activamente no movemento hispano-americanista no Paraguai, notablemente como mediadores culturais, pero tamén como membros e líderes do asociacionismo recreativo español no caso da SRE, o Casino Español de San Lorenzo ou o Centro Español de Villarrica.

A historia de Marcelino Doldán e os colonos pontevedreses de 1955 é ilustrativa dunha serie de características da etapa final do período de estudo. No caso paraguaio, non se produciu unha reactivación das cadeas migratorias galegas nos anos cincuenta. A colonia "España" era un experimento de emigración dirixida que nada tiña que ver coa comunidade de peninsulares radicados no país antes da Gran Depresión e a Guerra Civil. A misión de Doldán encádrase no mesmo marco migratorio que a colonización que se levou a cabo na República Dominicana no mesmo bienio, e trátase da primeira e a derradeira tentativa de canalizar a emigración organizada cara á república guaraní. O seu fracaso pola mala planificación e a incapacidade do goberno paraguaio de ofrecer servizos de apoio nos primeiros meses —os motivos de sempre— en certo sentido clausurou un ciclo de desenvolvemento baseado na colonización estranxeira que se remontaba á presidencia de Carlos Antonio López, todo un século antes.

CONCLUSIÓNS FINAIS

Ao encomezo desta pesquisa, formulamos as nosas preguntas históricas co obxectivo de construír uns coñecementos sólidos sobre un obxecto de estudo case inexplorado. As respostas a esas preguntas demostran que a inmigración galega no Paraguai entre 1850 e 1960, lonxe de ser unha cuestión anecdótica, nos axuda a comprender as dinámicas da inmigración española no interior de continente americano, e asemade a historia paraguaia nas súas vertentes social, cultural e económica. Feita esta consideración, procedemos a analizar os resultados da investigación en función de cada unha das hipóteses iniciais.

A. Confirmamos que o Paraguai era un destino migratorio moi minoritario para os galegos e para os españois en xeral. É posible que menos de mil galegos vivisen no país entre 1850 e 1960, sendo a gran maioría coruñeses e pontevedreses. Verificamos que se trata dun destino atípico non só polo escaso peso demográfico dos fluxos migratorios, senón porque os galegos constituían apenas o oito por cento da colonia española, por debaixo dos cataláns, castelán-leoneses, andaluces e valencianos. Ademais, o Paraguai era un destino secundario porque os pioneiros adoitaban chegar despois de residir unha tempada noutras zonas de América, en particular Bos Aires, Uruguai ou o Litoral arxentino. Por este motivo, aquí non observamos o fenómeno das migracións andoriñas, aínda que nun país empobrecido e exportador neto de man de obra como era o Paraguai, é probable que os proxectos duns cantos inmigrantes fracasasen provocando a súa re-emigración axiña.

B. Confirmamos que a meirande parte dos inmigrantes chegou durante o período de entreguerras (1870-1932). A incipiente burguesía forasteira na época de Carlos Antonio López (1844-1862) era bastante máis numerosa e puxante do que tradicionalmente se cre, pero de todos modos a inmigración espontánea estaba restrinxida nesta etapa. A Guerra da Tripla Alianza (1864-1870) forzou o Paraguai pre-capitalista a inserirse rapidamente nos mercados internacionais e abrir as súas portas de par en par á inmigración estranxeira. Baixo a óptica da teoría do sistema mundial, os inmigrantes europeos poden concibirse como axentes desta penetración capitalista porque portaban novidosos coñecementos técnicos e formas de pensar que eran propios das sociedades de mercado. Ademais, confirmamos que a inmigración española e galega acelerou dende a última década do século XIX, coincidente coa liberalización dunha gran parte dos recursos naturais do Paraguai mediante as puxas de terras fiscais. A inmigración alcanzou o seu apoxeo arredor do ano 1910. Despois do *crack* de 1929 e a Guerra Civil Española (1936-1939), o fluxo migratorio perdeuse case por completo e o único proxecto de inmigración dirixida (1955) foi un fracaso rotundo.

C. Confirmamos que a maioría dos pioneiros eran varóns solteiros, pero non necesariamente que eran os máis novos. Esta tendencia acentúase no caso dos galegos en comparación cos demais españois, especialmente os valencianos, os cales dan indicios de propender á migración familiar. Posto que o Paraguai era un destino secundario para estes inmigrantes, a media de idade dos recentemente chegados era maior que en cidades como Bos Aires ou Montevideo. A partir da década de 1890, identificamos bastantes casos de matrimonios españois con ou sen fillos que chegaron dende as capitais do Prata ou o Litoral arxentino. En resumo, a hipótese puido confirmarse con matices, pero paga a pena facer fincapé na heteroxeneidade do fluxo migratorio.

D. Se ben confirmamos a existencia de cadeas migratorias, estas resultan bastante débiles e infrecuentes no caso da colectividade galega (con algunha excepción, sendo a familia Balteiro-Sanjurjo a máis obvia). Mentres que as mulleres constituían unha cuarta parte da colonia española nos primeiros lustros do século XX, a presenza da muller galega en particular era moi minoritaria. A endogamia dentro da colonia —usualmente entre persoas de distintas rexións españolas salvante as vodas entre cataláns— era unha práctica común pero si minoritaria. A meirande parte dos varóns solteiros casaba con mulleres paraguaias, e como xa mencionamos, rexístranse casos de matrimonios galegos que emigraron ao Paraguai sen que operase un efecto chamada. É dicir, os mecanismos da causación acumulativa non funcionaban con gran eficiencia neste escenario. Os movementos migratorios de moitos dos galegos no Paraguai incluso aparecen como fenómenos atomizados, sen ningunha relación tanxible cos movementos dos seus compatriotas.

E. Confirmamos que houbo inmigración española e galega fóra de Asunción, ao longo de toda a xeografía da rexión oriental, pero cuantitativamente moi limitada. En concreto, os españois e galegos trasladábanse ás demais vilas da república en vez das colonias agrícolas ou a un entorno enteiramente rural. Estas vilas eran destinos terciarios porque a mudanza dun inmigrante adoitaba producirse despois dun período de residencia en Asunción (un destino secundario). Estes inmigrantes cumprían un importante papel socio-económico en lugares como Areguá, Concepción, Paraguarí, San Lorenzo, Villa del Pilar, Villarrica ou Yuty, onde o contexto da transición ao capitalismo lles permitía acadar unha boa posición na sociedade local.

F. Confirmamos que a maioría dos inmigrantes españois traballaba no comercio, especialmente nos barrios asuncenos da Catedral e a Encarnación, onde a proporción de veciños estranxeiros era moi superior á do resto da república. Esta maioría resulta máis esmagadora cando se considera a colectividade galega. Semella que o modelo de negocio máis común era o pequeno almacén, pero as fontes (álbums gráficos, guías comerciais, prensa) proporcionan un maior volume de datos no que concirne ás grandes e medianas empresas. Neste senso, a casa de comercio Pérez & Sanjurjo destaca como unha das máis poderosas do país dende a Primeira Guerra Mundial en adiante, sen esquecermos outras empresas galegas como Balteiro & Echeguren, Esmeriz & Cía., D. Sanjurjo & Cía., Ferreiro & Brisco (Villa del Pilar) ou *González Táboas & Hijo* (San Lorenzo).

G. Confirmamos que unha minoría dos inmigrantes traballaba nas profesións liberais. Durante as tres décadas finais do século XIX, os avogados, enxeñeiros, xornalistas, médicos e profesores españois gozaban dun protagonismo extraordinario na sociedade de acollida por mor da escaseza de man de obra cualificada e da inexistencia dunha institución de educación superior no Paraguai antes de 1889. Nos primeiros lustros da posguerra da Tripla Alianza, o prestixio social destes estranxeiros aproximábaos aos dirixentes políticos do momento e convertíaos en personalidades relevantes na administración pública e a loita polo poder, como manifestan casos como o de Eduardo Caamaño e a súa defensa dos italianos no xuízo de *La Regeneración* (1870); a negociación do tratado Quijarro-Decoud (1879) a instancias do especulador Francisco Javier Brabo; a contratación de Vicente R. de Oliveira como superintendente de Instrución Pública (1888) e director do xornal oficialista *La Reforma* (1889-1890); ou as dúas vodas celebradas entre as fillas do médico muxián Victoriano Abente y Lago e os fillos do ex presidente paraguaio Patricio Escobar. Por outro carón, a formación intelectual e técnica dos futuros estadistas e profesionais paraguaios nacidos na posguerra dependía en gran medida dos periodistas e mestres españois. Trátase, entón, dun dos impactos máis

transcendentes da inmigración no Paraguai — o que Raúl Amaral unha vez denominou a «parábola hispánica».

H. Confirmamos que os galegos actuaban en diversas asociacións da sociedade civil ao longo do período de estudo, e que esta actuación facilitaba que eles se integrasen, se visibilizasen, e influísen na sociedade paraguaia. As primeiras asociacións étnicas en aparecer profesaban fins asistenciais e mutualistas: AEPM (xaneiro de 1870), SFE (decembro de 1870), SESMAP (1874). Esta tradición de reforzar os deficientes servizos públicos dende o sector privado acadou a súa máxima expresión no xigantesco cometido da LCE durante a Guerra do Chaco (1932-1935). Porén, xa nas súas primeiras manifestacións estas sociedades revélanse como unha vía imprescindible para que os líderes étnicos da colectividade española se consolidasen e exercesen a súa influencia. A análise dos cargos da comisión directiva da SESMAP en 1917 en relación co tudense Camilo Pérez y Pérez e os seus diversos proxectos nos ámbitos comercial, financeiro e industrial ilustra esta dinámica. A mestura entre caridade e poder tamén se exterioriza nas loxas masónicas como a *Unión Paraguaya*, presidida polo ortigueirés Vicente I. Acea entre 1871-1872, ou as institucións de beneficencia feminina, nas cales as esposas americanas de varios membros destacados da colectividade galega militaban como unha maneira de participaren na sociedade como cidadás de pleno dereito. Máis tarde, unha vez logrado un grao de recuperación económica, apareceron as asociacións recreativas e culturais, que podían ser étnicas ou non, como o *Ateneo Paraguayo* (1883), o Centro Español (1895), a *Liga Paraguaya de Football Association* (1906), a SRE (1915) ou o Casino Español de San Lorenzo (1925); políticas como o Partido Republicano Español (1903); ou que combinaban propósitos mutualistas, políticos e/ou lúdicos como o *Centre Català* (1914) ou o Centro Español de Villarrica (1915). Estas organizacións xogaban un papel determinante na consolidación dos inmigrantes como persoeiros respectados, e no caso das asociacións étnicas, a proxección da imaxe e a cultura de España na sociedade de acollida e da identidade nacional entre os compatriotas emigrados.

I. Confirmamos que dende as profesións liberais, certos galegos realizaron aportes destacables ás artes no Paraguai, pero non á ciencia. As pobres condicións económicas máis a falta de laboratorios e persoal formado coartaban as investigacións científicas durante o período de entreguerras, aínda que a *Contribución al estudio del clima del Paraguay* (1890) de Serafín Rivas Rodríguez representa unha honrosa excepción. En cambio, había máis oco para a práctica literaria coa súa capacidade de difundir valores e construír identidades nun momento de trauma e transición históricos. No marco da parábola hispánica, sobresaen os galegos Benigno Teijeiro Martínez, autor do primeiro drama histórico paraguaio e das primeiras críticas teatrais da posguerra (1874); Plácido Casaús (posiblemente non galego, pero si iniciado no periodismo en Vigo e A Coruña), quen re-introduciu a prensa gráfica no Paraguai en 1885; e Victorino Abente y Lago, cuxa extensísima obra en prosa e verso converteuno nunha das máis celebradas figuras das letras nacionais, un verdadeiro "*Homero del Paraguay*".

J. Esta hipótese só puido confirmarse parcialmente. Obsérvanse algúns trazos diferenciais entre os inmigrantes galegos fronte aos demais españois (ausencia de menores de idade, menor presenza feminina, maior proclividade ao comercio…) Emporiso, estas diferenzas son lixeiras, detectables só a través dun traballo cuantitativo cos expedientes de solteiría e as listaxes de socios da SESMAP e a SRE. Ou sexa, é moi dubidoso que os contemporáneos se decatasen delas ou percibisen os galegos como unha colectividade diferenciada.

K. Confirmamos que no caso da pequena colonia española no Paraguai, as características e a identidade compartidas dos inmigrantes nacidos nas distintas rexións de España tiñan máis visibilidade e relevancia histórica que as súas diferenzas. Por oposición a outros destinos con maiores taxas de inmigración, os galegos no Paraguai non crearon ningunha asociación propia. A presenza duns subscritores a diferentes xornais galegos e o intento de fundar un centro galego en 1915 demostran que había individuos en Asunción que poderían considerarse galeguistas, pero en xeral, os galegos adoitan aparecer nas fontes paraguaias como un grupo español máis, sen unha identidade claramente demarcada.

L. Esta hipótese non puido confirmarse. As conexións familiares, asociativas e culturais que a comunidade galega no Paraguai mantiña con España e os países do Río da Prata eran infrecuentes e frouxas. Até a última década do período de entreguerras, a prensa de Galicia e a prensa étnica galega en América aínda ignoraban o Paraguai ou tratábano como unha terra exótica, incluso bárbara, con soamente algunha mención ocasional dos compatriotas aí establecidos. Son raros os casos de retorno, as viaxes de pracer, as cadeas migratorias e os vínculos de cooperación institucional. A aparente ignorancia mutua dos emigrados galegos en Asunción e o escritor paraguaio Eloy Fariña Núñez, promotor do galeguismo en Bos Aires nos 1920, ou a inexistencia de doazóns á Biblioteca América de Santiago de Compostela feitas por galegos residentes no Paraguai testemuñan esta falta de proxección exterior.

M. Confirmamos que ditas conexións (sen deixar de ser débiles) se intensificaron no século XX, sobre todo á calor do pensamento hispano-americanista a ambas beiras do Atlántico. O protagonismo dalgúns galegos neste movemento cultural no Paraguai é considerable, ben como membros das comisións directivas de asociacións españolistas como o Partido Republicano Español (os irmáns Abente, José Costas, Ricardo Faraldo), a SRE (o valdeorrés Camilo F. de la Fuente) ou o Casino Español de San Lorenzo (o redondelán Manuel González Táboas); ou ben como mediadores culturais, como é o caso das visitas de Ramón del Valle-Inclán (1910) e José Casares Gil (1924). Esta intensificación dos vínculos internacionais tamén se debía ás melloras nos sistemas de transporte e a extensión das redes de comercio internacional — algo que o líder étnico Camilo Pérez intentou aproveitar para fortalecer o comercio hispano-paraguaio na década de 1910.

N. Confirmamos que os cónsules estimulaban os intercambios comerciais e culturais con maior éxito do que estimulaban o movemento de emigrantes galegos cara ao Paraguai. Se nos centramos nas figuras senlleiras de Benigno Teijeiro Martínez en Concepción del Uruguay (1880-?) e Avelino Rodríguez Elías en Vigo (1916-1936), apreciamos que eles cumprían un papel notable como mediadores culturais facilitando que os produtos, costumes, política e historia paraguaios se coñecesen no exterior. Non obstante, o nivel de compromiso destes dous homes era a excepción, non a norma. Ao longo do período de estudo, a indiferenza e incluso ou absentismo dos seus representantes consulares era un problema perenne para o goberno paraguaio.

Por último, todo o analizado ao longo desta tese permítenos confirmar a nosa hipótese central: malia seren poucos numericamente, a influencia cualitativa dos inmigrantes galegos na historia do Paraguai foi considerable e desproporcionada ao seu pequeno tamaño como colectividade. Iso si, hai que matizar que os contemporáneos non adoitaban percibilos como un grupo diferenciado dentro da colonia española. Así pois, pode xulgarse que os obxectivos da investigación se resolveron de forma satisfactoria, o cal non quere dicir que este campo de

traballo quedase esgotado en todos os seus aspectos. Sen pretensións de exhaustividade, algúns dos temas aquí analizados que requirirían un desenvolvemento específico son a escala e a función socioeconómica da inmigración estranxeira durante a presidencia de Carlos Antonio López, un panorama completo do papel dos estranxeiros nas leas políticas da posguerra, un estudo histórico-filolóxico da produción periodística de Plácido Casaús e a literaria de Victorino Abente, un traballo de síntese sobre a actuación do corpo consular paraguaio en toda España, unha reconstrución máis elaborada das redes migratorias que enlazaban o Paraguai coas rexións veciñas do Litoral Arxentino, Mato Groso etc., ou unha análise cuantitativa e cualitativa dos aportes da *Legión Civil Extranjera* á vitoria paraguaia durante a Guerra do Chaco. Folga dicir que todo iso excedería as capacidades deste doutorando; velaí a miña invitación aos futuros investigadores.

FINAL CONCLUSIONS

At the beginning of this thesis, we formulated a series of questions with the aim of building sound knowledge pertaining to a previously unexplored object of study. The answers to those questions demonstrate that Galician immigration in Paraguay between 1850 and 1960 is more than mere anecdote; its study aids us in comprehending the dynamics of Spanish immigration in the interior of the American continent, as well as the history of Paraguay from a social, cultural and economic perspective Having made this observation, we now proceed to analyse the results of our research in the light of each of the initial hypotheses.

A. We have confirmed that Paraguay was a minority destination country for Galicians and for Spanish immigrants in general. It is possible that less than a thousand Galicians lived in the country between 1850 and 1960, most of whom came from the provinces of A Coruña and Pontevedra. This was an atypical destination country, not only due to the insignificant demographic weight of the migratory flow, but also because Galicians made up barely eight percent of a Spanish community in which Catalan, Castilian-Leonese, Andalusian and Valencian immigrants were the more numerous cohorts. On top of this, Paraguay was a secondary destination country because pioneer immigrants usually arrived after living for some time in other parts of America, most notably Buenos Aires, Uruguay or the Argentine Littoral. Therefore, here we do not observe the phenomenon of planned temporary migration, although in an impoverished country like Paraguay that was a net exporter of workers, it is likely that many immigrants' aspirations failed to materialise, causing them to remigrate elsewhere.

B. We have confirmed that most immigrants arrived during the interwar period (1870-1932). The incipient foreign bourgeoisie during the presidency of Carlos Antonio López (1844-1862) was rather more numerous and active than has traditionally been believed, but in any case, spontaneous migration was quite restricted at that time. The Triple Alliance War (1864-1870) forced pre-capitalist Paraguay to rapidly enter international markets and open the gates to foreign immigration. Using world systems theory, post-war European immigrants can be conceived of as agents of capitalist penetration because they were vectors of technical expertise and ways of thinking that were peculiar to market societies. Furthermore, we have confirmed that Spanish and Galician immigration intensified in the 1890s, coinciding with the liberalisation of immense swathes of Paraguay's natural resources via the selling off of State-owned land. This trend peaked around 1910. Following the crash of 1929 and the Spanish Civil War (1936-1939), the migratory flow vanished almost completely, and the only attempt at State-sponsored immigration (1955) was an abject failure.

C. We have confirmed that most pioneer immigrants were unmarried men, but not necessarily that they were young. This trend is especially marked among Galicians when compared with other Spaniards such as the Valencians, who were more likely to engage in family migration. Given that Paraguay was a secondary destination country for these immigrants, the average age for new arrivals was higher than in cities like Buenos Aires or Montevideo. Starting from the 1890s, it is possible to identify multiple cases of Spanish married couples who, with or without children, travelled to Paraguay from towns and cities across the River Plate and Argentine Littoral regions. In summary, the hypothesis has been confirmed, but with certain nuances, and as such it is worth highlighting the heterogeneity of the migratory flow.

D. We have confirmed the existence of chain migration, but said phenomenon was relatively weak and infrequent in the case of the Galician community (with certain exceptions, the Balteiro-Sanjurjo family being the most obvious one). While women made up a quarter of all Spanish immigrants at the beginning of the twentieth century, Galician women were very scarce in comparison. Intermarriage within the community —normally between people born in different Spanish regions with the exception of the Catalans— was a common practice, though still a minority one, since more than half of single male immigrants chose to marry Paraguayan women. And as has already been mentioned, some Galician married couples emigrated to Paraguay without this leading to chain migration. That is to say, the mechanisms of cumulative causation did not function at a high level of efficiency in this context. The migratory movements of many Galicians in Paraguay can even appear as atomised phenomena, with no clear interrelation between them.

E. We have confirmed that there was Spanish and Galician immigration outside the city of Asunción, along the length and breadth of the region to the east of the river Paraguay, but it was quantitively very limited. More specifically, Spaniards and Galicians moved to towns rather than agricultural colonies or rural areas. Said towns were tertiary destinations because immigrants tended to move there after a period of residence in Asunción, which in turn was a secondary destination. Immigrants played a significant socio-economic role in places like Areguá, Concepción, Paraguarí, San Lorenzo, Villa del Pilar, Villarrica and Yuty, where the context of the transition to capitalism allowed them to achieve a privileged position in local society.

F. We have confirmed that a majority of Spanish immigrants worked in commerce, most notably in the neighbourhoods of Catedral and Encarnación in the capital, where the percentage of foreigners in the population was far greater than in the rest of the republic. Galicians showed a special propensity for commerce. Small shops probably represented the most common business model, but contemporary sources (illustrated albums, commercial guides, press) offer a richer variety of data about medium and large companies. In this sector, Pérez & Sanjurjo stands out as one of Paraguay's most successful commercial firms in the years following the First World War, though we could also mention other Galician companies like Balteiro & Echeguren, *Esmeriz & Cía.*, Ferreiro & Brisco (Villa del Pilar) or *González Táboas & Hijo* (San Lorenzo).

G. We have confirmed that a minority of immigrants worked in the liberal professions. During the final three decades of the nineteenth century, Spanish lawyers, engineers, journalists, doctors, and educators enjoyed an extraordinary level of protagonism in the host society as a result of a lack of qualified workers and the inexistence of an institution for higher education in Paraguay prior to 1889. In the early years following the Triple Alliance War, these foreigners' social prestige drew them close to the political leaders of the age and transformed them into active players in the realms of public administration and the struggle for power. This can be appreciated in the role played by Eduardo Caamaño in defending the Italians put on trial for the destruction of the *La Regeneración* printworks (1870); the negotiation of the Quijarro-Decoud treaty (1879) in the interests of the speculator Francisco Javier Brabo; the hiring of Vicente R. de Oliveira as superintendent of Public Instruction (1888) and director of the pro-government newspaper *La Reforma* (1889-1890); or the two marriages formalised between daughters of the Galician doctor Victoriano Abente y Lago and sons of the Paraguayan ex-president Patricio Escobar. On the other hand, the intellectual mentoring and technical

education of future statesmen and qualified workers born during the post-war lay largely in the hands of Spanish journalists and teachers. In sum, these trends make up one of the most transcendent effects of immigration in Paraguay — what Raúl Amaral called the "Hispanic parabola".

H. We have confirmed that Galicians were implicated in diverse civil society organisations throughout the period of study, and that these activities helped them to integrate, become visible in and exert an influence upon Paraguayan society. The first associations to appear were mutual assistance societies: AEPM (January 1870), SFE (December 1870), SESMAP (1874). The practice of reinforcing deficient public services through private initiatives culminated in the herculean contributions of the Foreign Civil Legion (*Legión Civil Extranjera*) during the Chaco War (1932-1935). Yet even in their earliest manifestations these organisations proved an invaluable tool for the "ethnic leaders" of the Spanish community to strengthen and exert their personal influence, as is demonstrated via an analysis of the members of the directive commission of the SESMAP in 1917 and their connections with the Galician businessman Camilo Pérez y Pérez, as well as his simultaneous ventures in the spheres of commerce, finance and industry. The combination of charity and power was also apparent in masonic lodges like *Unión Paraguaya*, presided by a Galician, Vicente I. Acea, between 1871-1872, or female benevolent institutions in which the American wives of several distinguished personages in the Galician community participated as a means to exercise their status as fully-fledged citizens. In later years, once a degree of economic recovery had been achieved, recreational and cultural associations —ethnic or otherwise— appeared too, for example the *Ateneo Paraguayo* (1883), the *Centro Español* (1895), the *Liga Paraguaya de Football Association* (1906), the SRE (1915), or the *Casino Español de San Lorenzo* (1925); in addition to political groups like the *Partido Republicano Español* (1903); or those that combined mutualist, political and/or ludic elements such as the *Centre Català* (1914) or the *Centro Español de Villarrica* (1915). These organisations were key in the consolidation of certain immigrants' status as respected figures in society, and in the case of ethnic associationism, they also fomented the dissemination of the image and culture of Spain and of a sense of national identity among Spanish migrants.

I. We have confirmed that, working in the liberal professions, certain Galicians made notable contributions to the arts in Paraguay, but not to science. Poor economic conditions and the lack of laboratory equipment and personnel severely restricted empirical research during the interwar period, although Serafín Rivas Rodríguez's *Contribución al estudio del clima del Paraguay* (1890) constitutes an honourable exception. Literature, with its capacity to inculcate values and construct identities in a moment of historical trauma and transition, was afforded a comparatively wide field in which to develop. In the framework of the Hispanic parabola, we can point to Galicians like Benigno Teijeiro Martínez, author of the first Paraguayan historical drama and pioneering theatrical criticism during the post-war (1874); Plácido Casaús (possibly not Galician by birth, but initiated into journalism in Vigo and A Coruña), who reintroduced illustrated press publications to the Paraguayan readership in 1885; and Victorino Abente y Lago, whose abundant works in prose and verse made him one of the country's most famous men of letters, the bonafide 'Homer of Paraguay'.

J. We have only been able to confirm this hypothesis in part. Some differentiating traits can be detected among Galician immigrants when contrasted with other Spanish groups (an absence of minors, a lesser feminine presence, higher levels of occupation in commerce…)

Nevertheless, these divergences are slight, only observable after parsing hundreds of marital status certificates and lists of SESMAP and SRE members. In other words, it is most doubtful that contemporaries would have noticed them or perceived Galicians to be a separate community.

K. We have confirmed that in the case of the small Spanish community in Paraguay, immigrants' shared traits and sense of identity were more visible and historically important than their regional differences. Unlike in other destination countries with higher immigration rates, the Galicians in Paraguay did not found their own ethnic association. The presence of subscribers to various Galician newspapers and an abortive attempt to inaugurate a Galician centre in 1915 demonstrate that there were individuals in Asunción who could be considered *galeguistas* or "Galicianists", but as a general rule, Galicians emerge in Paraguayan sources as a Spanish sub-group with no clearly demarcated identity.

L. We have not been able to confirm this hypothesis. The kinship, associative and cultural connections that the Galician community in Paraguay established with Spain and the River Plate region were infrequent and tenuous. Right up until the final decade of the interwar period, both newspapers in Galicia and the Galician ethnic press in America continued to ignore Paraguay or else treated it as an exotic locale, barbarous even, with only fleeting mentions of compatriots who lived there. Cases of emigrants returning to Galicia from Paraguay on a permanent basis or for pleasure were rare, as were cases of chain migration or institutional cooperation. That the Galician community in Asunción and the Paraguayan writer Eloy Fariña Núñez, an active promotor of Galician culture in Buenos Aires during the 1920s, apparently lived in mutual ignorance of each other is a testament to this lack of international projection, as is the absence of any donations to the "*Biblioteca América*" library in Santiago de Compostela made by Galicians resident in Paraguay.

M. We have confirmed that the abovementioned connections (without ever ceasing to be weak) did intensify in the twentieth century, due in no small part to the rise of Hispano-Americanist thought on both sides of the Atlantic. The protagonism of certain Galicians in this cultural movement was considerable, whether as members of the directive commissions of pro-Spanish associations like the *Partido Republicano Español* (the Abente brothers, José Costas, Ricardo Faraldo), the SRE (Camilo F. de la Fuente) or the *Casino Español de San Lorenzo* (Manuel González Táboas); or as cultural mediators, as can be seen in the visits to Asunción made by Ramón del Valle-Inclán (1910) and José Casares Gil (1924). This intensification of cross-border connectivity can also be attributed to improvements in transport networks and the growth of international trade, a situation that the ethnic leader Camilo Pérez tried to use to dynamise Hispano-Paraguayan commercial links between 1910-1920.

N. We have confirmed that consuls stimulated commercial and cultural exchange with more success than they did the transfer of Galician emigrants to Paraguay. Focussing on the outstanding trajectories of Benigno Teijeiro Martínez in Concepción del Uruguay (1880-?) and Avelino Rodríguez Elías in Vigo (1916-1936), it can be judged that they fulfilled a commendable role as cultural mediators in spreading knowledge of Paraguayan products, customs, politics and history within their zones of influence. Despite this, the level of commitment displayed by those two men was the exception, not the rule. Throughout the period of study, consular representatives' indifference and even absenteeism were perennial problems for successive Paraguayan governments.

To sum up, the data analysed in this thesis allows us to confirm our central hypothesis: despite being few in number, Galician immigrants' qualitative influence on the history of Paraguay was considerable and disproportionate to their small size as a group. That said, it must be noted that contemporaries did not tend to perceive them as a differentiated group within the Spanish immigrant community. Thus it can be judged that the objectives sustaining this piece of research have been satisfactorily fulfilled, which does not mean to say that this field of inquiry has been exhausted in all its aspects. Without claiming to cover all possibilities, a few of the topics touched upon here that would benefit from more specific consideration are the scale and socioeconomic function of foreign immigration during the presidency of Carlos Antonio López, a full panorama of immigrants' roles in the political struggles of the post-war, a historical-linguistic study of Plácido Casaús' journalistic and Victorino Abente's literary outputs, a work of synthesis regarding the Paraguayan consular corps across the whole of Spain, a more elaborate reconstruction of the migratory networks that linked Paraguay to the neighbouring Argentine Littoral region, Mato Grosso etc., or a quantitative and qualitative analysis of the contribution made by the Foreign Civil Legion to Paraguay's victory during the Chaco War. It goes without saying that all of this is beyond the individual capabilities of this PhD candidate; such is my invitation to future researchers.

CONCLUSIONES FINALES

Al comienzo de esta investigación formulamos una serie de preguntas históricas con el fin de construir conocimientos sólidos sobre un objeto de estudio casi inexplorado. Las respuestas a esas preguntas demuestran que el estudio de la inmigración gallega en Paraguay entre 1850 y 1960, lejos de ser una cuestión anecdótica, nos ayuda a comprender las dinámicas de la inmigración española en el interior del continente americano, así como la historia paraguaya en sus aspectos social, cultural y económica. Hecha esta consideración, procedemos a analizar los resultados de la investigación en función de cada una de las hipótesis iniciales.

A. Confirmamos que Paraguay fue un destino migratorio muy minoritario para los gallegos y para los españoles en general. Es posible que menos de mil gallegos vivieran en el país entre 1850 y 1960, siendo en su gran mayoría oriundos de las provincias de A Coruña y Pontevedra. Vemos que se trata de un destino atípico no solo por el bajo peso demográfico de los flujos migratorios, sino porque los gallegos constituían sólo el ocho por ciento de la colonia española, por debajo de los catalanes, castellanoleoneses, andaluces y valencianos. Además, Paraguay era un destino secundario porque los pioneros solían llegar después de residir una temporada en otras zonas de América, en particular Buenos Aires, Uruguay o el Litoral Argentino. Por este motivo, aquí no observamos el fenómeno de las migraciones golondrinas, aunque en un país empobrecido y exportador neto de mano de obra como el Paraguay, es probable que los proyectos de unos cuantos inmigrantes fracasaran provocando su rápida re-emigración.

B. Confirmamos que la mayoría de los inmigrantes llegó durante el período de entreguerras (1870-1932). La incipiente burguesía extranjera era mucho más numerosa y pujante durante la época de Carlos Antonio López (1844-1862) de lo que tradicionalmente se cree, pero en cualquier caso la inmigración espontánea estaba restringida en esa etapa. La Guerra de la Triple Alianza (1864-1870) obligó al Paraguay precapitalista a inserirse rápidamente en los mercados internacionales y a abrir sus puertas de par en par a la inmigración extranjera. Desde la perspectiva de la teoría del sistema mundial, los inmigrantes europeos pueden concebirse como agentes de esta penetración capitalista porque portaban novedosos conocimientos técnicos y formas de pensar que eran propios de las sociedades de mercado. Además, confirmamos que el flujo de la inmigración española y gallega se aceleró a partir de la última década del siglo XIX, coincidiendo con la liberalización de gran parte de los recursos naturales del Paraguay mediante las subastas de tierras fiscales. La inmigración alcanzó su punto álgido alrededor de 1910. Tras el crack de 1929 y la Guerra Civil Española (1936-1939), el flujo migratorio se desvaneció casi por completo y el único proyecto de inmigración dirigida (1955) fue un fracaso rotundo.

C. Confirmamos que la mayoría de los pioneros eran hombres solteros, pero no necesariamente que fueran los más jóvenes. Esta tendencia se acentúa en el caso de los gallegos en comparación con el resto de los españoles, especialmente con los valencianos, los cuales dan indicios de haber propendido a la migración familiar. Dado que Paraguay era un destino secundario para estos inmigrantes, la edad promedio de los recién llegados resultaba más elevada que en ciudades como Buenos Aires o Montevideo. A partir de la década de 1890 identificamos muchos casos de matrimonios españoles, con o sin hijos, que provenían de las capitales del Plata o el Litoral Argentino. En resumen, la hipótesis pudo confirmarse con matices; debemos destacar, en todo caso, la heterogeneidad del flujo migratorio.

D. Aunque confirmamos la existencia de cadenas migratorias, estas eran bastante débiles y poco frecuentes en el caso de la comunidad gallega (salvo algunas excepciones, siendo la familia Balteiro-Sanjurjo la más obvia). Si bien las mujeres constituían una cuarta parte de la colonia española en la primera mitad del siglo XX, la presencia de las mujeres gallegas en particular era muy minoritaria. La endogamia dentro de la colonia —usualmente entre personas de diferentes regiones españolas con la excepción de las bodas entre catalanes— era una práctica común pero no mayoritaria. La mayor parte de los hombres solteros se casó con mujeres paraguayas y, como ya hemos comentado, hay casos de matrimonios gallegos que emigraron a Paraguay sin que operase el efecto llamada. Es decir, los mecanismos de la causación acumulativa no funcionaban con gran eficiencia en este escenario. Los movimientos migratorios de muchos de los gallegos en Paraguay incluso aparecen como fenómenos atomizados, sin ninguna relación tangible con los movimientos de sus compatriotas.

E. Confirmamos que hubo inmigración española y gallega fuera de Asunción, a lo largo de toda la geografía de la región oriental, pero cuantitativamente muy limitada. Concretamente, en general los españoles y gallegos se trasladaban a las demás ciudades y villas de la república en lugar de ir a las colonias agrícolas o a un entorno enteramente rural. Esas ciudades y villas eran destinos terciarios porque la mudanza de un inmigrante solía producirse después de un período de residencia en Asunción (un destino secundario). Los inmigrantes jugaban un papel socioeconómico importante en sitios como Areguá, Concepción, Paraguarí, San Lorenzo, Villa del Pilar, Villarrica o Yuty, donde el contexto de transición al capitalismo les permitía lograr una buena posición en la sociedad local.

F. Confirmamos que la mayoría de los inmigrantes españoles trabajaba en el sector comercial, especialmente en los barrios asuncenos de Catedral y de la Encarnación, donde la proporción de residentes extranjeros era mucho mayor que en el resto de la república. Esta mayoría resulta aún más abrumadora cuando se analiza la comunidad gallega por separado. El modelo de negocio más común probablemente fuera el del pequeño almacén, pero las fuentes disponibles (álbumes gráficos, guías comerciales, prensa) muestran un mayor volumen de datos sobre las grandes y medianas empresas. En este sentido, la casa comercial Pérez & Sanjurjo destaca como una de las más poderosas del país desde la Primera Guerra Mundial en adelante, sin olvidar otras empresas gallegas como Balteiro & Echeguren, Esmeriz & Cía., D. Sanjurjo & Cía., Ferreiro & Brisco (Villa del Pilar) o González Táboas & Hijo (San Lorenzo).

G. Confirmamos que una minoría de los inmigrantes trabajaba en profesiones liberales. Durante las últimas tres décadas del siglo XIX, abogados, ingenieros, periodistas, médicos y profesores españoles disfrutaban de un protagonismo extraordinario en la sociedad de acogida, debido a la escasez de mano de obra cualificada y a la inexistencia de una institución de educación superior en Paraguay antes de 1889. En los primeros años de la posguerra de la Triple Alianza, el prestigio social de estos extranjeros los aproximaba a los dirigentes políticos de la época para así convertirlos en personalidades relevantes en la administración pública y en la lucha por el poder. Así lo demuestran casos de gallegos como Eduardo Caamaño y su defensa de los reos italianos en el juicio de *La Regeneración* (1870); la negociación del tratado Quijarro-Decoud (1879) a instancias del especulador pontevedrés Francisco Javier Brabo; la contratación de Vicente R. de Oliveira como superintendente de Instrucción Pública (1888) y director del diario oficialista *La Reforma* (1889-1890); o las dos bodas celebradas entre las hijas del médico Victoriano Abente y Lago y los hijos del ex presidente paraguayo Patricio Escobar. Por otro

lado, la formación intelectual y técnica de los futuros estadistas y profesionales paraguayos nacidos durante la posguerra dependía en gran medida de los periodistas y profesores españoles. Se trata, en conjunto, de uno de los impactos más trascendentes de la inmigración en el Paraguay — lo que Raúl Amaral alguna vez denominó la «parábola hispánica».

H. Confirmamos que los gallegos actuaban en diversas asociaciones de la sociedad civil a lo largo del período de estudio, y que esta actuación facilitaba que ellos se integraran, se visibilizaran e influyeran en la sociedad paraguaya. Las primeras asociaciones étnicas en aparecer profesaban fines asistenciales y mutualistas: Asociación Estrangera de Protección Mútua (AEPM) (enero de 1870), Sociedad Filantrópica Española (SFE) (diciembre de 1870), Sociedad Española de Socorros Mutuos de Asunción del Paraguay (SESMAP) (1874). Esta tradición de fortalecer los servicios públicos deficientes desde el sector privado alcanzó su máxima expresión en el gigantesco cometido de la Legión Civil Extranjera (LCE) durante la Guerra del Chaco (1932-1935). Sin embargo, ya en sus primeras manifestaciones estas sociedades se revelaron como una vía imprescindible para que los líderes étnicos de la comunidad española consolidaran y ejercieran su influencia. El análisis de la junta directiva de la SESMAP en 1917 y la relación de los diferentes cargos con el tudense Camilo Pérez y Pérez y sus diversos proyectos en el ámbito comercial, financiero e industrial ilustra esta dinámica. La mezcla entre caridad y poder también se exteriorizaba en logias masónicas como la Unión Paraguaya, presidida por el ortigueirés Vicente I. Acea entre 1871-1872, o las instituciones de beneficencia femenina, en las cuales las esposas americanas de varios destacados miembros de la comunidad gallega militaban para poder participar en la sociedad paraguaya como ciudadanas de pleno derecho. Más tarde, una vez logrado cierto grado de recuperación económica, aparecieron las asociaciones recreativas y culturales, que podían ser étnicas o no, como el Ateneo Paraguayo (1883), el Centro Español (1895), la Liga Paraguaya de Football Association (1906), la Sociedad Recreativa España (SRE) (1915) o el Casino Español de San Lorenzo (1925); políticas como el Partido Republicano Español (1903); o las que combinaban propósitos mutualistas, políticos y/o lúdicos como el *Centre Català* (1914) o el Centro Español de Villarrica (1915). Estas organizaciones contribuyeron a la consolidación de algunos inmigrantes como personajes públicos respetados y, en el caso de las asociaciones étnicas, a la proyección de la imagen y cultura de España en la sociedad de acogida y de la identidad nacional entre los compatriotas emigrados.

I. Confirmamos que, desde las profesiones liberales que desempeñaron, algunos gallegos realizaron contribuciones notables a las artes en Paraguay, pero no a la ciencia. Las pésimas condiciones económicas y la falta de laboratorios y personal formado coartaban las investigaciones científicas durante el período de entreguerras, aunque la *Contribución al estudio del clima del Paraguay* (1890) de Serafín Rivas Rodríguez representa una excepción honrosa. En cambio, podía permitirse más flexibilidad para la práctica literaria, especialmente relevante por su capacidad de difundir valores y construir identidades en un momento de trauma y transición históricos. En el marco de la parábola hispánica, destacan los gallegos Benigno Teijeiro Martínez, autor del primer drama histórico paraguayo y de las primeras críticas teatrales de la posguerra (1874); Plácido Casaús (posiblemente no gallego, pero sí iniciado en el periodismo en Vigo y A Coruña), quien reintrodujo la prensa gráfica en el Paraguay a partir de 1885; y Victorino Abente y Lago, cuya extensa obra en prosa y verso lo convirtió en una de las figuras más célebres de la literatura nacional, un verdadero “Homero del Paraguay”.

J. Esta hipótesis sólo pudo confirmarse parcialmente. Existen algunos rasgos diferenciadores entre los inmigrantes gallegos frente al resto de los españoles (ausencia de menores de edad, menor presencia de mujeres, mayor proclividad al comercio…) Sin embargo, estas diferencias son leves, solamente detectables a través de un trabajo cuantitativo con los expedientes de soltería y las listas de socios de la SESMAP y SRE. Es decir, resulta muy dudoso que los contemporáneos se percatasen de ellas o que percibiesen a los gallegos como una colectividad diferenciada.

K. Confirmamos que, en el caso de la pequeña colonia española en Paraguay, las características e identidad compartidas de los inmigrantes nacidos en diferentes regiones de España tuvieron más visibilidad y relevancia históricas que sus diferencias. Al contrario de otros destinos con mayores tasas de inmigración, los gallegos en el Paraguay no crearon ninguna asociación propia. La presencia de varios suscriptores a diferentes periódicos gallegos y un intento de fundar un centro gallego en 1915 apuntan a que en Asunción había personas que podrían considerarse galleguistas, pero por lo general, los gallegos suelen aparecer en las fuentes paraguayas como un grupo español más, sin una identidad claramente demarcada.

L. Esta hipótesis no pudo confirmarse: los vínculos familiares, asociativos y culturales que la comunidad gallega en Paraguay mantenía con España y los países del Río de la Plata eran endebles y poco frecuentes. Hasta la última década del período de entreguerras, la prensa gallega y la prensa étnica gallega en América todavía ignoraban Paraguay o lo trataban como una tierra exótica, incluso bárbara, con apenas alguna mención ocasional a los compatriotas allí establecidos. Son escasos los casos de retorno, viajes de placer, cadenas migratorias o vínculos de cooperación institucional. El aparente desconocimiento de la existencia de una comunidad gallega en Asunción por parte del escritor paraguayo Eloy Fariña Núñez, promotor del galleguismo en Buenos Aires durante la década de 1920, o la ausencia de donaciones a la Biblioteca América de Santiago de Compostela hechas por gallegos residentes en el Paraguay, atestiguan esta falta de proyección externa.

M. Confirmamos que dichas conexiones (aunque siempre débiles) se intensificaron durante el siglo XX, particularmente al calor del pensamiento hispano-americanista a ambos lados del Atlántico. El rol de algunos gallegos en este movimiento cultural en Paraguay fue considerable, fuese como miembros de las juntas directivas de asociaciones españolas como el Partido Republicano Español (los hermanos Abente, José Costas, Ricardo Faraldo), la SRE (el valdeorrés Camilo F. de la Fuente) o el Casino Español de San Lorenzo (el redondelano Manuel González Táboas); o fuese como mediadores culturales, como en el caso de las visitas de Ramón del Valle-Inclán (1910) y José Casares Gil (1924). Esta intensificación de los lazos internacionales también se debía a las mejoras en los sistemas de transporte y la extensión de las redes del comercio internacional, algo que el líder étnico Camilo Pérez intentó aprovechar para fortalecer el comercio hispano-paraguayo durante la década de 1910.

N. Confirmamos que los cónsules estimularon los intercambios comerciales y culturales con mayor éxito del que tuvieron estimulando el movimiento de emigrantes gallegos hacia Paraguay. Si nos centramos en las singulares figuras de Benigno Teijeiro Martínez en Concepción del Uruguay (1880-?) y Avelino Rodríguez Elías en Vigo (1916-1936), apreciamos que estos desempeñaron un papel notable como mediadores culturales, facilitando que los productos, costumbres, política e historia del Paraguay se conocieran en el exterior. Dicho esto, el nivel de compromiso de estos dos hombres parece ser la excepción, no la norma. Durante

todo el período de estudio, la indiferencia e incluso el ausentismo de sus representantes consulares se solía denunciar como un problema perenne para el gobierno paraguayo.

Por último, todo lo analizado a lo largo de esta tesis nos permite confirmar nuestra hipótesis central: a pesar de ser pocos numéricamente, la influencia cualitativa de los inmigrantes gallegos en la historia del Paraguay fue considerable y desproporcionada a su pequeño tamaño como colectividad. Eso sí, hay que matizar que los contemporáneos no solían percibirlos como un grupo diferenciado dentro de la colonia española. Así pues, puede juzgarse que los objetivos de la investigación se resolvieron de forma satisfactoria, lo cual no quiere decir que este campo de trabajo se haya agotado en todos sus aspectos. Sin pretensiones de exhaustividad, algunos de los temas aquí analizados que requerirían un desarrollo específico son la escala y la función socioeconómica de la inmigración extranjera durante la presidencia de Carlos Antonio López, un panorama completo del papel de los extranjeros en las lides políticas de las posguerra, un estudio histórico-filológico de la producción periodística de Plácido Casaús y la literaria de Victorino Abente, un trabajo de síntesis sobre la actuación del cuerpo consular paraguayo en toda España, una reconstrucción más elaborada de las redes migratorias que enlazaban Paraguay con las regiones vecinas del Litoral Argentino, Mato Grosso etc., o un análisis cuantitativo y cualitativo de los aportes de la Legión Civil Extranjera a la victoria paraguaya durante la Guerra del Chaco. Huelga decir que todo eso excedería las capacidades de este doctorando; ahí va mi invitación a los futuros investigadores.

BIBLIOGRAFÍA

Almanaque Nacional del Paraguay. Año de 1898, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1898.

Almanaque Nacional del Paraguay. Año de 1904, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1903.

Anuario Estadístico de la República del Paraguay. Año 1886, Fischer & Quell, Asunción, 1888.

Anuario Estadístico de la República del Paraguay. 1916, Talleres Gráficos del Estado, Asunción, 1917.

Centro Español. Memoria de la Comisión Directiva, Asunción, 1918.

Comisión Patriótica Española del Paraguay. Incidente entre la razón y la fuerza, Imprenta de "La Democracia", Asunción, 1898.

Directorio de Galicia: guía especial de las provincias de La Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra, Anuario Riera, Barcelona, 1911.

El Centro Español de Villarrica en sus bodas de oro, Ediciones "Guairá", Villarrica, 1965.

El comercio paraguayo, 1899.[534]

Estatutos de la Sociedad España de Asunción. Imprenta «La Colmena» , Asunción, 1919.

Memoria que el Directorio de la Cámara de Comercio de Asunción presenta á la Asamblea General Ordinaria del 30 de enero de 1904 correspondiente al ejercicio de 1903, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1904.

Paraguay: tableaux démonstratifs de sa population, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1901.

Reglamento de la Sociedad de Beneficencia, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1901.

Reglamento interno de la Aug. y Resp. Log. Simb. «Sol Naciente», Tipografía y Encuadernación de H. Kraus, Asunción, 1895.

ABENTE HAEDO, Víctor: *El tribunal militar y la rebelión. Tesis presentada para optar al título de Doctor en Derecho y Ciencias Sociales*. Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1903.

[534] A única copia dispoñible consérvase na BNP. Non constan nin o editorial nin o lugar de publicación porque faltan as primeiras páxinas.

ABENTE Y LAGO, Victorino: *Antología poética, 1867-1926. Recopilación de Cándido Samaniego Abente,* Editora Litocolor, Asunción, 1984.

ABENTE Y LAGO, Victorino: *La Sibila paraguaya,* J. Peuser, Bos Aires, 1897.

ACERBI CREMADES, Norma: "A dos siglos de la llegada a la Argentina de la vacuna contra la viruela. 1805-2005", *Revista de Salud Pública,* 9.1 (2005), pp. 60-64.

ACEVAL, Benjamín: *República del Paraguay. Apuntes geográficos e históricos,* Imprenta de "La Democracia", Asunción, 1893.

ACUÑA, Narciso M.: *La ganadería en el Paraguay*, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1904.

ALVARENGA CABALLERO, Pedro: "Villa Real de Concepción en los días de la ocupación brasileña", *Historia Paraguaya*, 39 (1999), pp. 49-94.

ÁLVAREZ, Jesús Timoteo e MARTÍNEZ RIAZA, Ascensión: *Historia de la prensa hispanoamericana*, Editorial Mapfre, Madrid, 1992.

AMARAL, Raúl: "Viriato Díaz-Pérez y la Generación del Novecientos" en Viriato DÍAZ-PÉREZ: *Literatura del Paraguay. Vol. I. Movimiento intelectual*, L. Ripoll, Palma de Mallorca, 1980 (2 vols.)

ANDERSON, Benedict R.: *Imagined Communities: Reflections on the Origin and Spread of Nationalism,* Verso, Londres, 1987.

ANDERSON, Michael: "Migrations. Urban migration in nineteenth century Lancashire. Some insights into two competing hypotheses", *Annales de Demographie Historique,* s/n (1971), pp. 13-26.

ANES, Rafael: "La gran emigración asturiana" en Nicolás SÁNCHEZ-ALBORNOZ (ed.): *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930,* Alianza Editorial, Madrid, 1988.

ARANGO, Joaquín: "Las «Leyes de las Migraciones» de E.G. Ravenstein, cien años después", *Revista Española de Investigaciones Sociológicas,* 32 (1985), pp. 7-26.

ARCAY BARRAL, Ángel: "O bello sexo" na prensa galega do Sexenio Revolucionario", *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos,* 18 (2015), pp. 323-335.

ARECES, Nidia R.: "Concepción, frontera paraguaya con el Mato Grosso, y la política económica de Carlos A. López. Entre la diplomacia y la guerra", *Mundo Agrario,* 5.10 (2005).

ARECES, Nidia R.: "La política de tierras en Concepción, frontera norte paraguaya, durante el gobierno de Carlos A. López", *Prohistoria,* 2 (1998), pp. 93-106.

ARELLANO, Diana: "Regreso en armas: Movimiento 14 de Mayo para la Liberación del Paraguay", *Novapolis: Revista de Estudios Políticos Contemporáneos,* 8 (2004), pp. 42-60.

ARCE, Lucas Daniel, HERKEN KRAUER, Juan Carlos e OVANDO, Fernando: "La economía del Paraguay entre 1940-2008: crecimiento, convergencia regional e incertidumbres", *Serie: Paraguay. 200 Years of Independente Life. From Instability and Stagnation to the Challenge of Sustainable Growth and Social Equity*, 5 (2011).

ARROYO, María del Socorro: "Aproximación de España y Argentina en el centenario de la independencia", *Anales de Historia Contemporánea*, 8 (1991), pp. 273-279.

AYALA, Eligio: *Migraciones*, El Lector, Asunción, 1996.

BÁEZ, Cecilio: *El Paraguay moderno*, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1915.

BÁEZ ALLENDE, Amadeo: *La masonería paraguaya a travez de sus hombres (influencia europea a travez del continente latinoamericano)*, separata da revista *Destellos de Luz*, 12 (1970).

BAKEWELL, Oliver: "Relaunching migration systems", *Migration Studies*, 2.3 (2014), pp. 300-318.

BARATTA, Maria Victoria: "¿Aliados o enemigos? Las representaciones del Brasil en el debate público argentino durante la Guerra del Paraguay,1864-1870", *Revista de História*, 172 (2015), pp. 43-76.

BARATTA, María Victoria: "La Guerra del Paraguay y la historiografía argentina", *História da Historiografia: International Journal of Theory and History of Historiography*, 7.14 (2014), pp. 98-115.

BARATTA, María Victoria: "Representaciones de la posguerra. Soberanía, nación e independencia en la prensa paraguaya durante la ocupación aliada, 1869-1876", *Boletín Americanista*, 72.3 (2016), pp. 15-35.

BARCIA, María del Carmen: "A sociabilidade formal: os centros rexionais españois en Cuba", *Estudios Migratorios*, 7-8 (1999), pp. 75-94.

BARRETT, Rafael: *El dolor paraguayo y Lo que son los yerbales*, Capital Intelectual, Bos Aires, 2010.

BARRETT, Rafael: *Germinal: antología*, El Lector, Asunción, 1996.

BARRETT, Rafael: *Ideas y críticas*, O.M. Bertani, Montevideo, 1912.

BARRETT, Rafael e LÓPEZ MAÍZ, Francisca, *Cartas íntimas*, Ministerio de Instrucción Pública y Previsión Social, Montevideo, 1967.

BECKER, Gary S.: *Human Capital*, University Press, Nova York, 1975.

BENÍTEZ MARTÍNEZ, María Victoria: "Inmigrantes europeos en Paraguay, 1818-1930", en Eduardo REY TRISTÁN e Patricia CALVO GONZÁLEZ (eds.): *200 años de Iberoamérica, (1810-2010). Actas del XIV Encuentro de Latinoamericanistas Españoles*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2010, pp. 1099-1121.

BERAUD, Carlos: *Guía comercial é industrial del Paraguay*, Carlos Beraud, Asunción, 1904.

BERMEJO, Ildefonso Antonio: *Episodios de la vida privada, política y social en la República del Paraguay*, Juan Quell, Asunción, 1909.

BLANCO RODRÍGUEZ, Juan Andrés: "Identidad y asistencialismo mutual y beneficiente: el asociacionismo español en la emigración a América", *Polígonos: Revista de Geografía*, 20 (2010), pp. 29-47.

BOCCIA ROMAÑACH, Alfredo: *La Villa de Pilar de Ñeembucú en la historiografía paraguaya desde su fundación hasta mediados del siglo XX*, Servilibro, Asunción, 2007.

BONNET DE MENDONÇA, Neida: *Presencia catalana en el Paraguay*, Departamento Cultural del Centre Català de Asunción, Asunción, 1993.

BORJAS, George: *Friends or Strangers: The Impact of Immigrants on the U.S. Economy*, Basic Books, Nova York, 1990.

BOTANA IGLESIAS, Rocío: *Pasaje para América. Microhistoria de la emigración gallega a ultramar en la segunda mitad del siglo XX: el caso de la comarca de Compostela*, tese doutoral defendida na Universidade de Santiago de Compostela, 2014.

BOURSCHEID, Iván: "Implicaciones de la violencia política para la estructuración del bloque histórico hegemónico en el Paraguay: estudio comparativo de las guerras civiles de 1904 y de 1947", *Revista del Grupo de Estudios Sociales sobre Paraguay*, 7 (2016), pp. 1-28.

BRABO, Francisco Javier: *Colección de documentos relativos a la expulsión de los jesuitas de la República Argentina y del Paraguay*, Est. Tip. de J.M. Pérez, Madrid, 1872.

BRABO, Francisco Javier: *El Acre Bolivia y la empresa Brabo*, Francisco Javier Brabo, Bos Aires, 1902.

BREZZO, Liliana: *El Paraguay a principios del siglo XX: 1900-1932*, El Lector, Asunción, 2010.

BREZZO, Liliana: "El Paraguay en cinco momentos historiográficos: retos y perspectivas" en Juan Manuel CASAL e Thomas L. WHIGHAM (eds.): *Paraguay: el nacionalismo y la guerra. Actas de las Primeras Jornadas Internacionales de Historiografía del Paraguay en la Universidad de Montevideo*, Servilibro, Asunción, 2009.

BREZZO, Liliana: "La historia y los historiadores" en Ignacio TELESCA: *Historia del Paraguay*, Taurus, Asunción, 2011.

BREZZO, Liliana e FIGALLO, Beatriz: *La Argentina y el Paraguay: de la guerra a la integración: imagen histórica y relaciones internacionales*, Pontificia Universidad Católica Argentina, Bos Aires, 1999.

BRUNO, Sebastián: "La emergencia histórica de la matriz emigratoria paraguaya hacia Argentina. Transformaciones de la dinámica política en Paraguay entre 1935 y 1954 y sus implicancias poblacionales", *Revista del Grupo de Estudios Sociales sobre Paraguay*, 6 (2015), pp. 1-19.

BURKE, Peter: *What is Cultural History?*, Polity Press, Padstow, 2004.

CAAMAÑO, Eduardo e CASTRO ARIAS, Joaquín: *Album de los juegos florales celebrados por la Sociedad Española Centro Gallego de Buenos Aires en 12 de octubre de 1881*, Centro Gallego de Buenos Aires, Bos Aires, 1881.

CABALLERO CAMPOS, Herib: "En búsqueda de un héroe: la construcción de la figura heroico del general José E. Díaz, Paraguay; 1867-1906", *Temas Americanistas*, 32 (2013), pp. 22-44.

CABALLERO CAMPOS, Herib: *Historia de las relaciones entre Paraguay y Gran Bretaña del siglo XVIII al siglo XXI*, Servilibro, Asunción, 2017.

CABALLERO CAMPOS, Herib: "La epidemia de gripe en 1918 en Paraguay a través de la prensa", *Revista Paraguaya de Sociología*, 134 (2009), pp. 165-174.

CABRERA, Miguel Ángel: "El debate postmoderno sobre el conocimiento histórico y su repercusión en España", *Historia Social*, 50 (2004), pp. 141-164.

CAGIAO VILA, Pilar (coord.): *Cen anos da Biblioteca América*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2004.

CAGIAO VILA, Pilar (ed.): *Donde la política no alcanza. El reto de diplomáticos, cónsules y agentes culturales en la renovación de las relaciones entre España y América, 1880-1939*, Iberoamericana – Vervuert, Madrid, 2018.

CAGIAO VILA, Pilar: "La inmigración gallega en Uruguay (1870-1936)", *Anuario americanista europeo*, 3 (2005), pp. 93-112.

CAGIAO VILA, Pilar: "Veinticinco años de investigación sobre la emigración gallega a América", *Minius*, 17 (2009), pp. 145-166.

CAGIAO VILA, Pilar e DALLA-CORTE CABALLERO, Gabriela: "La Casa de América de Barcelona y sus relaciones con Paraguay: comercio y diplomacia (1912-1922)" en Consuelo NAVARRO e Gustavo H. PRADO (coords.): *Intellectualism and Migration: International Networks of European Culture (XIX-XXI)*, GlobalSouth Press, Rockville, 2016.

CAGIAO VILA, Pilar e MÁRQUEZ MACÍAS, Rosario: "Paraguay en el punto de mira de dos notables de la emigración española en el Río de la Plata", *Boletín Americanista*, 73.2 (2016), pp. 55-76.

CALZADA, Rafael: *Cincuenta años de América. Notas autobiográficas*, Librería y Casa Editora de Jesús Menéndez, Bos Aires, 1927 (2 vols.)

CAMPOS ÁLVAREZ, Xosé Ramón: "A emigración galega a Venezuela a través do asociacionismo" en Xosé Ramón CAMPOS ÁLVAREZ (ed.): *Migracións e globalización*, Universidade de Vigo, Ourense, 2009.

CARBALLO CALERO, Ricardo: *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, Vigo, 1975.

CARDOZO, Efraím: *Apuntes de historia cultural del Paraguay*, Servilibro, Asunción, 2007a.

CARDOZO, Efraím: *Breve historia del Paraguay*, Servilibro, Asunción, 2007b.

CARRERAS, Sandra: "Del «reino del terror» al «modelo de desarrollo autocentrado». Las diferentes interpretaciones acerca de la figura histórica del Dictador Supremo del Paraguay, Dr. José Gaspar Rodríguez de Francia", *Iberoamericana*, 16.1 (1992), pp. 17-35.

CASAL, Juan Manuel: "Albacea del totalitarismo. El ministro Ontiveros y el Paraguay (1936-1942)" en Ana Paula SQUINIELO (ed.): *A Guerra do Paraguai: entreolhares do Brasil, Paraguai, Argentina e Uruguai*, UFMS, Campo Grande, 2016.

CENTURIÓN, Carlos R.: *Historia de las letras paraguayas. Vol. II*, Editorial Asunción, Bos Aires, 1948, 1953 (3 vols.)

CHAVES, Manuel W.: *El Paraguay ilustrado*, Talleres Gráficos de L.J. Ross y Cía., Asunción, 1918.

CHIARADÍA, Esteban: "La Guerra de la Triple Alianza como sepulturera del ideal americanista en el ámbito sudamericano" en *XI Jornadas de Sociología*, Universidad de Buenos Aires, Bos Aires, 2015.

CIPKO, Serge e LEHR, John C.: "Ukrainian Settlement in Paraguay", *Prairie Perspectives*, 9 (2006), pp. 31-46.

COLODRÓN VALBUENA, Javier: *Inmigrantes y libertarios. La presencia española en el origen del anarquismo cubano (1850-1895)*, tese doutoral defendida na Universidade de Santiago de Compostela, 2018.

COMINGES, Juan de: *Obras escogidas*, Casa Editora de Juan A. Alsina, Bos Aires, 1892.

CONTRERAS PÉREZ, Francisco: "Recluta masiva de emigrantes andaluces y su inserción social en Argentina (siglo XIX). Nuevas notas para su estudio", *Anuario de Estudios Americanos*, 53.2 (1996), pp. 173-197.

COONEY, Jerry: *Paraguay: A Bibliography of Immigration and Emigration*, Longview, Washington, 1996.

CORONEL, Bernardo: *Breve interpretación marxista de la historia paraguaya (1537-2011)*, Arandurã Editorial, Asunción, 2011.

CORRAL, Francisco: "Valle-Inclán en Paraguai. Loas á Santa Inquisición e visos do Tirano Banderas", *Grial*, 118 (1993), pp. 193-210.

DALLA-CORTE CABALLERO, Gabriela: *De España a Francia: Brigadistas paraguayos a través de la fotografía*, Universitat de Barcelona, Barcelona, 2016.

DALLA-CORTE, Caballero: "Cónsules y diplomacia: el proyecto americanista entre Cataluña y Paraguay" en Gabriela DALLA-CORTE CABALLERO, Ricardo PIQUERAS CÉSPEDES e Meritxell TOUS MATA (coords.), *Construcción social y cultural del poder en las Américas*, Casa Amèrica Catalunya, Barcelona, 2015.

DALLA-CORTE CABALLERO, Gabriela: *La Guerra del Chaco. Ciudadanía, Estado y Nación en el siglo XX. La crónica fotográfica de Carlos de Sanctis*, Prohistoria Ediciones, Rosario, 2010.

DALLA-CORTE CABALLERO, Gabriela: *Lealtades firmes. Redes de sociabilidad y empresas: La Carlos Casado S.A. entre la Argentina y el Chaco Paraguayo (1860-1940)*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid, 2009.

DALLA-CORTE CABALLERO, Gabriela: "Mujeres, economía y sociedad de la República del Paraguay", *Anuario de Historia*, 30 (2018), pp. 194-216.

DALLA-CORTE CABALLERO, Gabriela: "Relaciones hispano-paraguayas durante la Primera Guerra Mundial: el «Banco de España y Paraguay» en Asunción", *Anuario de Estudios Americanos*, 73 (2016b), pp. 261-290.

DALLA-CORTE CABALLERO, Gabriela e Vázquez Recalde, Fabricio: *La conquista y ocupación de la frontera del Chaco entre Argentina y Paraguay. Los indígenas tobas y pilagás y el mundo religioso en la Misión Tacaaglé del Río Pilcomayo (1900-1950)*, Universitat de Barcelona, Barcelona, 2011.

DÁVILA, Julio: *Por tierras guaraníes*, sen editorial, A Coruña, 1926.

DE BOURGADE, Emmanuel: *Carte de la République du Paraguay*, Librairie Plon, París, 1889.

DE OJEDA, Victoria Alvarez Ruiz: "Valle-Inclán tradutor de Eça de Queirós, ou un aspecto do "galeguismo" de Valle-Inclán", *Grial: revista galega de cultura*, 57.223 (2019), vol. 57, pp. 38-41.

DECOUD, Héctor F.: *Geografía de la República del Paraguay*, Imprenta de F.A. Brockhaus, Leipzig, 1906, 1911.

DECOUD, Héctor Francisco: *Sobre los escombros de la guerra. Una década de vida nacional, 1869-1880*, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1925.

DROZDOWICZ, Maksymilian: "Las conexiones literarias entre España y Paraguay" en Zdzisław WĄSIK e Małgorzata Kolankowska (eds.): *Del español al hispanismo: docencia e investigación*, Wydawnictwo Wyszej Szkoły Filologicznej w Wrocławiu, Wrocław, 2012.

DUPRAT DE LASSERRE, Dorothéa: *The Paraguayan War. Sufferings of a French Lady*, Standard Office, Bos Aires, 1870.

DURÁN ESTRAGÓ, Margarita e ROMANO GARCÍA, Martín: *Formación de la familia paraguaya*, Tiempo de Historia, Asunción, 2011 (2 vols.)

EIROA, Matilde e FERRERO, María Dolores: "Rafael L. Trujillo y Francisco Franco: de los vínculos históricos a los compromisos coyunturales" en *Iberoamericana*, 61 (2016), pp. 149-170.

FARALDO, Emilio: *Apuntes sobre la definición del delito. Tesis presentada para optar al título de Doctor en Jurisprudencia, Universidad Nacional de la República Argentina*, Imprenta de Juan A. Alsina, Bos Aires, 1896.

FARÍAS, Ruy: "El microasociacionismo gallego en la Argentina en la primera mitad del siglo XX: una mirada al caso del Partido de Avellaneda", *Navegar*, 1 (2015), pp. 72-98.

FARÍAS, Ruy: *La inmigración gallega en el sur del Gran Buenos Aires, 1869-1960*, tese doutoral defendida na Universidade de Santiago de Compostela, 2010.

FARIÑA NÚÑEZ, Eloy: *Conceptos estéticos, mitos guaraníes*, Talleres Gráficos M. Pastor, Bos Aires, 1926.

FARIÑA NÚÑEZ, Eloy: *Poesías completas y otros textos*, El Lector, Asunción, 1996.

FARIÑA NÚÑEZ, Eloy: "Vicente Risco: la filosofía moderna y el renacimiento gallego", *Nosotros*, 225-226 (1928), pp. 171-188.

FAWCETT, James T.: "Networks, Linkages, and Migration Systems", *The International Migration Review*, 23 (1989), pp. 671-680.

FEI, Jon e RANIS, Gustav: "A Theory of Economic Development", *American Economic Review*, 51 (1961), pp. 533-565.

FERNÁNDEZ DE PINEDO, Emiliano: "Los movimientos migratorios vascos, en especial hacia América" en Nicolás SÁNCHEZ-ALBORNOZ (ed.): *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*, Alianza Editorial, Madrid, 1988.

FERREIRO, Óscar: *Antología poética*, El Lector, Asunción, 1996.

FIGALLO, Beatriz: "Estrategias diplomáticas de la España del desarrollo en Sudamérica. Los escritores Giménez Caballero y Alfaro en Paraguay y Argentina", *Claves. Revista de Historia*, 4.7 (2018), pp. 89-128.

FLORES COLOMBINO, Andrés: "Reseña histórica de la migración paraguaya", *Revista Paraguaya de Sociología*, 8-9 (1967), pp. 89-107.

FORS, Luis Ricardo: *Miscelánea americana*, Imprenta de Diego Valero, Madrid, 1871.

FRANKLIN LEWIS, Elizabeth: "La caridad de una mujer: modernización y ambivalencia sentimental en la escritura femenina decimonónica", *Anales de Literatura Española*, 23 (2011), pp. 185-204.

GAMARRA DOLDÁN, Pedro: *Españoles ilustres en el Paraguay*, Prisa Ediciones, Asunción, 2011.

GARABEDIAN, Marcelo: "Las publicaciones españolas en Buenos Aires a principios del siglo XX", *Estudios de Historia de España*, 21.1-2 (2019), pp. 275-296.

GARCÍA, Gabriel, LARISON, Luis e RAVENTOS, Marta: "La epidemia de fiebre amarilla en Buenos Aires. Su reflejo en los documentos de los años 1870-1871", *Epistemología e Historia de la Ciencia*, 6.6 (2000), pp. 183-188.

GARCÍA ABAD, Rocío: "Un estado de la cuestión de las teorías de las migraciones", *Historia Contemporánea*, 26 (2003), pp. 329-351.

GARCÍA DA ROSA, Carlos e ÁLVAREZ, Norma: "La evolución del periodismo gráfico en el territorio de Misiones (1881-1953)", *Del prudente saber y el máximo posible de sabor*, 7 (2012), pp. 42-54.

GAONA, Francisco: *Introducción a la historia gremial y social del Paraguay*, Arandurã Editorial, Asunción, 2007.

GARCÍA DOMÍNGUEZ, María Teresa: "Un caso atípico no proceso migratorio galego: Perú como país de destino" en Dieter KREMER (ed.): *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos*, Galicien-Zentrum der Universität Trier, Tréveris, 1999, pp. 335- 351 (2 vols.)

GARCÍA LÓPEZ, Emilia e PERNAS OROZA, Herminia: "Emigración americana e retorno na mariña luguesa: o concello de Cervo (1900-1930)", *Estudios Migratorios*, 7-8 (1999), pp. 121-153.

GARMENDIA, José I.: *Recuerdos de la Guerra del Paraguay*, J. Peuser, Bos Aires, 1889.

GIMÉNEZ CABALLERO, Ernesto: *Revelación del Paraguay*, Espasa-Calpe, Madrid, 1958.

GÓMEZ, Hernán E.: "Los diarios como espacios públicos: La Prensa en la vida social de Buenos Aires a comienzos del siglo XX", *Intersecciones en Antropología*, 9 (2008), pp. 261-274.

GÓMEZ SANJURJO, José María: *Antología poética*, El Lector, Asunción, 1996.

GÓMEZ SANJURJO, José María: *El español del almacén*, El Lector, Asunción, 2012.

GÓMEZ VÁZQUEZ, Melanio Agustín: *Centro Español de Villarrica en el año de su centenario*, Editorial Villa Rica, Villarrica, 2015.

GONZÁLEZ, Antonio E.: *Historia Integral de la Guerra del Chaco*, El Lector, Asunción, 2010.

GONZÁLEZ, J. Natalicio e INSFRÁN, Pablo Max: *El Paraguay contemporáneo*, Editorial de Indias, París-Asunción, 1929.

GONZÁLEZ BELLO, Rosa: "A revista *Vida Gallega*: unha visión da emigración galega a América (1909-1938)" en Dieter KREMER (ed.): *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos (vol. 1)*, Galicien-Zentrum der Universität Trier, Trier, 1999 (2 vols.)

GONZÁLEZ MARTÍN, Gerardo: *Pasión por Vigo: vida y obra del cronista Rodríguez Elías*, Instituto de Estudios Vigueses, Vigo, 2005.

GUERRA VILABOY, Sergio: "Gallegos en Cuba" en Xosé Ramón CAMPOS ÁLVAREZ (ed.): *Migracións e globalización*, Universidade de Vigo, Ourense, 2009.

HAREVEN, Tamara K. (ed.): *Transitions. The Family and the Life Course in Historical Perspective*, Academic Press Inc, Nova York, 1978.

HERKEN KRAUER, Juan Carlos: "La inmigración en el Paraguay de posguerra: el caso de los Lincolnshire Farmers (1870-1873)", *Revista Paraguaya de Sociología*, 52 (1984), pp. 33-108.

HORMIGÓN, Juan Antonio: *Valle-Inclán. Biografía, cronología y epistolario*, Asociación de Directores de España, Madrid, 2006.

HUGHES, Matthew: "Logistics and the Chaco War: Bolivia versus Paraguay, 1932-1935", *The Journal of Military History*, 69.2 (2005), pp. 411-437.

JOHANNSON, María Lucrecia: *La gran máquina de publicidad. Redes transnacionales e intercambios periodísticos durante la guerra de la Triple Alianza (1864-1870)*, Universidad Internacional de Andalucía, Sevilla, 2017.

JOHNSTON, Keith: "Recent Journeys in Paraguay", *The Geographical Magazine*, 2.9-11 (1875), pp. 264-273.

KLEINPENNING, Jan M.G.: *Rural Paraguay 1870-1963. A Geography of Progress, Plunder and Poverty*, Vervuert, Madrid, 2009 (2 vols.)

KREIENBRINK, Axel: “La política de emigración a través de la historia del IEE” en Luís M. CALVO SALGADO, María José FERNÁNDEZ VICENTE, Axel KREIENBRINK, Carlos SANZ DÍAZ e Gloria SANZ LAFUENTE: *Historia del Instituto Español de Emigración. La política migratoria exterior de España y el IEE del Franquismo a la Transición*, Ministerio de Trabajo e Inmigración, Madrid, 2009.

LAGUNA PLATERO, Antonio, GALLEGO MARTÍNEZ, Francesc e SUJATOVICH, Luis: “Eduardo Sojo: el artífice del periodismo satírico en España y Argentina”, *Historia y Comunicación Social*, 21.2 (2016), pp. 433-461.

LEE, Everett: “A Theory of Migration”, *Demography,* 3 (1966), pp. 47-56.

LEWIS, William Arthur: “Economic Development with Unlimited Supplies of Labor”, *The Manchester School of Economic and Social Studies,* 22 (1954), pp. 400-449.

LIDA, Clara E.: “Los españoles en México. Del porfiriato a la post-revolución” en Nicolás SÁNCHEZ-ALBORNOZ (ed.): *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*, Alianza Editorial, Madrid, 1988.

LLANO, Mariano: *Historia de la asociación rural y de la ganadería paraguaya desde la colonia hasta las grandes estancias después del 70*, Ricor Grafic S.A., Asunción, 2003.

LLERO RUIZ, José Antonio: “Una historia abreviada de la prensa satírica en España: desde El Duende Crítico de Madrid hasta Gedeón”, *Estudios sobre el Mensaje Periodístico*, 9 (2003), pp. 203-214.

LLUCH, Andrea e FERNÁNDEZ, Alejandro, “Comercio y redes de comercialización mayoristas y minoristas en la Argentina de comienzos del siglo XX” en Susana BANDIERI, Graciela BLANCO e Mónica BLANCO (eds.): *Las escalas de la historia comparada. Tomo II: Empresas y empresarios. La cuestión regional*, Miño y Dávila, Bos Aires, 2008.

LOCKHART, Washington: “El cólera”, *Revista Histórica de Soriano*, 4 (1961), pp. 33-43.

LOJO, María Rosa (ed.): *L o s ñ g a l l e g o s ò e n e l i m a g i n a r i o prensa*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2008.

LÓPEZ ABENTE, Gonzalo: *A terra e a poesía de Pondal*, Real Academia Galega, A Coruña, 1965.

LÓPEZ DECOUD, Arsenio (coord.): *Álbum gráfico de la República del Paraguay*, Talleres Gráficos de la Compañía General de Fósforos, Asunción, 1911.

LÓPEZ MOREIRA, Mary Monte de: “Ecos de la prensa femenina en la primera mitad del siglo XX” en Juan Manuel CASAL e Thomas WHIGHAM (eds.): *Paraguay: Investigaciones de historia social y política*, Editorial Tiempo de Historia, Montevideo, 2014.

MACÍAS HERNÁNDEZ, Antonio M.: "Un siglo de emigración canaria, 1830-1930" en Nicolás SÁNCHEZ-ALBORNOZ (ed.): *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*, Alianza Editorial, Madrid, 1988.

MAJAVACCA, José e PÉREZ ACOSTA, Juan F.: *El aporte italiano al progreso del Paraguay (1527-1930)*, Talleres Gráficos Lucania, Bos Aires, 1951.

MARCOS, Juan Manuel: "No cantéis más poetas (en torno al postmodernismo paraguayo)" en Carlos GARCÍA e Dieter REICHHARDT (eds.): *Las vanguardias literarias en Argentina, Uruguay y Paraguay: bibliografía y antología crítica*, Vervuert, Frankfurt, 2004.

MARQUÉS RODRÍGUEZ, Iñaki: "Menonitas 1927-1935. Colonización y evangelización en el Chaco paraguayo", *Revista Latino-Americana de História-UNISINOS*, 6.17 (2017), pp. 176-191.

MARTÍNEZ RIAZA, Ascensión: "La Compañía Trasatlántica en el Perú. Intereses diplomáticos y comerciales en la génesis y desarrollo de una empresa arriesgada (1899-1935)", *Anuario de Estudios Americanos*, 60 (2003), pp. 157-182.

MARTORELL LINARES, Miguel: "«No fue aquello solamente una guerra, fue una revolución»: España y la Primera Guerra Mundial", *Historia y Política*, 26 (2011), pp. 17-45.

MASI, Cayetano: "La sanidad en el Paraguay", *Boletín de la Oficina Sanitaria Panamericana*, 13.10 (1934), pp. 903-908.

MASSEY, Douglas S.: "A Synthetic Theory of International Migration" en Vladimir IONTSEV (ed.): *The World in the Mirror of International Migration*, MAX Press, Moscova, 2002.

MASSEY, Douglas S.: "Social Structure, Household Strategies, and the Cumulative Causation of Migration", *Population Index*, 56 (1990), pp. 3-26.

MASSEY, Douglas S., ARANGO, Joaquín, GRAEME, Hugo, KOUAOUCI, Ali, PELLEGRINO, Adela e TAYLOR, J. Edward: "Theories of International Migration: A Review and Appraisal", *Population and Development Review*, 19.3 (1993), pp. 433-466.

MASTERMAN, Jorge Federico: *Siete años de aventuras en el Paraguay*, Imprenta Americana, Bos Aires, 1870.

MÉNDEZ-FAITH, Teresa: *Diccionario de la literatura paraguaya*, El Lector, Asunción, 2008.

MILLS, China e LEFRANÇOIS, Brenda A.: "Child as metaphor: Colonialism, Psy-Governance, and Epistemicide", *World Futures*, 74.7-8 (2018), pp. 503-524.

MONTE DOMECQ, Ramón: *La República del Paraguay en su primer centenario*, Compañía Sud-Americana de Billetes de Banco, Bos Aires, 1911.

MONTENEGRO, Silvia: “La inmigración árabe en Paraguay”, en Abdeluahed AKMIR (ed.): *Los árabes en América Latina: historia de una emigración*, Siglo XX, Madrid, 2009.

MORALES RAYA, Eva: “Enfoques y problemáticas teórico-metodológicos de los estudios migratorios sobre Iberoamérica: el caso de la emigración catalana a Paraguay (1870–1932)”, *Journal of Iberian and Latin American Research*, 25.1 (2019), pp. 6-21.

MORALES RAYA, Eva: *La emigración catalana a Paraguay entre finales del siglo XIX y principios del XX: sociedad, cultura, política*, tese doutoral defendida na Universitat de Barcelona, 2015a.

MORALES RAYA, Eva: “La experiencia americana de Adolfo Posada en Paraguay (1910)”, *Temas Americanistas*, 32 (2014a), pp. 111-126.

MORALES RAYA, Eva: “La inmigración catalana en Paraguay (1870-1930): comercio y asociacionismo urbano” en Gabriela DALLA-CORTE CABALLERO, Ricardo PIQUERAS CÉSPEDES e Meritxell TOUS MATA: *América: poder, conflicto y política*, Universitat de Barcelona, Barcelona, 2013.

MORALES RAYA, Eva: “La inmigración de población europea entre 1870 y 1932 como solución para repoblar y reconstruir el Paraguay: El caso español” en Juan Manuel CASAL e Thomas WHIGHAM (eds.): *Paraguay: Investigaciones de historia social y política*, Editorial Tiempo de Historia, Montevideo, 2014b.

MORALES RAYA, Eva: “Los medios de comunicación utilizados por la colonia catalana residente en Paraguay a principios del siglo XX” en Teresa CAÑEDO ARGÜELLES-FÁBREGA (ed.): *América. Cruce de miradas (vol. 1)*, Universidad de Alcalá, Alcalá de Henares, 2015b (2 vols.)

MORALES RAYA, EVA e MARQUÉS RODRÍGUEZ, Iñaki: “Estado paraguayo y población indígena. El colectivo de inmigrantes en el período de entreguerras, 1870-1932”, *Boletín Americanista*, 72.3 (2016), pp. 99-116.

MOSQUEIRA, Silvano: *Ensayos*, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1902.

MOSQUEIRA, Silvano: *Ideales: discursos y escritos sobre temas paraguayos*, R. Bereford, Washington, 1913.

MOSQUEIRA, Silvano: *Páginas sueltas*, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1907.

MOSQUEIRA, Silvano: *Semblanzas paraguayas*, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1908.

MOSQUEIRA, Silvano: *Siluetas femeninas. Los españoles en el Paraguay. El ocaso de los grandes hombres*, La Colmena S.A., Asunción, 1930.

NICKSON, Andrew: *Las guerrillas del Alto* Paraná, El Lector, Asunción, 2013.

NÚÑEZ, Cyntia Itatí: "Movimientos sociales y poder político en Paraguay", *e-l@tina. Revista electrónica de estudios latinoamericanos*, 11.44 (2013), pp. 1-17.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel: "A historiografia das migrações ultramarinas espanholas: Uma visão global", *Revista Maracanan*, 6.6 (2010), pp. 11-45.

NÚÑEZ SEIXAS, Xósé Manoel: "Cartas sen resposta? A fonte epistolar a algúns desafíos da historiografía das migracións ibéricas" en Xosé Manoel NÚÑEZ SEIXAS, e Domingo L. GONZÁLEZ LOPO (coords.): *Amarras de tinta. Emigración transoceánica e escritura popular na Península Ibérica, séculos XIX-XX*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2009.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel: "Notas sobre los españoles en Rosario (1934): una vindicación republicana de la inmigración española en la Argentina", *Revista de Indias*, 73-259 (2013), pp. 857-874.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel: *O inmigrante imaxinario: estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina (1880-1940)*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2002.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel e CAGIAO VILA, Pilar (eds.): *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*, Sada, Ediciós do Castro, 2006.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel e GONZÁLEZ LOPO, Domingo L. (coords.): *Amarras de tinta. Emigración transoceánica e escritura popular na Península Ibérica, séculos XIX-XX*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2009.

ODDONE, Hugo: "Impactos de la migración en el desarrollo nacional: una aproximación histórico-social" en Gerardo HALPERN (ed.): *Migrantes. Perspectivas (críticas) en torno a los procesos migratorios del Paraguay*, Ápe Paraguay, Asunción, 2011.

ORTIZ-DE-URBINA, Paloma: "La Primera Guerra Mundial y sus consecuencias: la imagen de Alemania en España a partir de 1914", *Revista de Filología Alemana*, 15 (2007), pp. 193-206.

ORUÉ POZZO, Aníbal: *Periodismo y nación. Paraguay a inicios del siglo XX*, Arandurã Editorial, Asunción, 2008.

OXLEY, Víctor M.: *Liberalismo radical. Orígenes ideológicos y evolución programática en el Paraguay*, Víctor Manuel Oxley, Asunción, 2013.

PALAU, Tomás: "El marco expulsivo de la migración paraguaya. Migración interna y migración externa" en Gerardo HALPERN (ed.): *Migrantes. Perspectivas (críticas) en torno a los procesos migratorios del Paraguay*, Ápe Paraguay, Asunción, 2011.

PALAU, Tomás: "Políticas agrarias en el Paraguay. Instrumentos de la discriminación", *NovaPolis*, 2 (2003), pp. 3-23.

PALAZÓN FERRANDO, Salvador: "La emigración española a América Latina durante el primer franquismo (1939-1959). Interrupción y reanudación de una corriente tradicional", *Anales de la Universidad de Alicante*, 8-9 (1992), pp. 215-231.

PAREDES-CASTELLANOS, Angelina e ROZZI, Ricardo: "Biocultural Exoticism in the Feminine Landscape of Latin America" en VVAA: *From Biocultural Homogenization to Biocultural Conservation*, Springer, Cham, 2018.

PEÑA VILLAMIL, Manuel: "Historia nueva", *La Revista Crítica*, 2 (1991), pp. 53-60.

PÉREZ ACOSTA, Juan F.: *Migraciones históricas del Paraguay a la Argentina*, Talleres Gráficos "Optimus", Bos Aires, 1952.

PÉREZ-MARICEVICH, Francisco, ROLDÁN MARTÍNEZ, Ignacio, COLMÁN LLANO, Rodrigo, SOSA RABITO, Carlos e RUIZ DÍAZ, Amalia: *Historia cultural del Paraguay. 2a parte*, El Lector, Asunción, 2010.

PÉREZ-PRADO, Antonio: *Los gallegos y Buenos Aires*, Corregidor, Bos Aires, 2007.

PÉREZ-PRADO, Antonio: "Los gallegos y la llamada "cultura nacional" argentina (Ensayo apresurado)", *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, 2 (1998), pp. 167-189.

PIDOUX DE DRACHENBERG, Lyra: "Inmigración y colonización en el Paraguay 1870-1970", *Revista Paraguaya de Sociología*, 34 (1975), pp. 65-124.

PIÑEIRO DOMÍNGUEZ, María Jesús: "A idealización do exilio: construír a identidade, reconstruír a vida", *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 18 (2015), pp. 299-309.

PIORE, Michael J.: *Birds of Passage: Migrant Labor in Industrial Societies*, Cambridge University Press, Cambridge, 1979.

PLÁ, Josefina: *Españoles en la cultura del Paraguay*, Editorial Araverá, Asunción, 1985.

PLATE, Enrique: *Notices sur le Paraguay*, A. Lennox Samson, Bos Aires, 1899.

POTTHAST, Barbara: "A emigración alemana a América Latina", *Estudios Migratorios*, 7-8 (1999), pp. 107-119.

POTTHAST, Barbara: "Niños soldados y niñas famélicas en la Guerra del Paraguay" en Barbara POTTHAST y Sandra CARRERAS (eds.): *Entre la familia, la sociedad y el Estado. Niños y jóvenes en América Latina (siglos XIX-XX)*, Iberoamericana Editorial Vervuert, Madrid, 2005.

PRESA VAQUEIRO, Xesús: *Manuel Pérez y Pérez. Un salcedense no esquecemento*, Ediciones Cardeñoso, Vigo, 2009.

PULPEIRO, Sylvia e RODRÍGUEZ, Pablo (eds.): *Eliseo Pulpeiro. As letras galegas entre dúas ribeiras (Ribadeo e Río da Prata)*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2016.

PUSINERI, Adelina: “Las luchas político-democráticas a través de la prensa y la Convención Nacional Constituyente de 1870”, *Diálogos*, 9.2 (2005), pp. 37-65.

PUSINERI SCALA, Carlos Alberto: *Medallas masónicas paraguayas*, separata da revista *Destellos de Luz*, 5 (1972).

RAMÍREZ DE ROJAS, María Elena: *Cronología histórica de la salud pública en Paraguay, 1663-1954*, Ministerio de Salud Pública y Bienestar Social, Asunción, 2019.

RAVENSTEIN, Ernest Georg: “The Laws of Migration”, *Journal of the Royal Statistical Society*, 48 (1885), pp. 167-227.

RAVENSTEIN, Ernest Georg: “The Laws of Migration. Second Paper”, *Journal of the Royal Statistical Society*, 52 (1889), pp. 241-301.

REALI, María Laura: “Circulaciones rioplatenses. Debates sobre el pasado y la actualidad paraguayos en los primero decenios del siglo XX”, *Boletín Americanista*, 73.2 (2016), pp. 77-98.

RECLÚS, Eliseo: *Paraguay. Capítulos entresacados de la nueva geografía universal*, A. de Uribe & Cía., Asunción, 1896.

RIESCO CHUECA, Pascual: “Toponimia y oralidad: una relación de influencias cruzadas”, *Revista de Folklore*, 366 (2012), Pp. 55-85.

RINA SIMÓN, César: “Proyección exterior, hispanoamericanismo y regeneración nacional en la península Ibérica en el siglo XIX”, *Historia Mexicana*, 67.4 (2018), pp. 1597-1631.

RÍSQUEZ ALFONZO, Jesús María e ORDÓÑEZ, Melchor: *Cartilla del emigrante*, Imprenta de los Hijos de M.G. Hernández, Madrid, 1910.

RIVAROLA, Domingo M.: “Aspectos de la migración paraguaya”, *Revista Paraguaya de Sociología*, 8-9 (1967), pp. 40-88.

RIVAROLA, Milda: *Obreros, utopías & revoluciones. Formación de las clases trabajadoras en el Paraguay liberal (1870-1931)*, Servilibro, Asunción, 2010.

RIVAS RODRÍGUEZ, Serafín: *Contribución al estudio del clima del Paraguay*, Tipografía de «El Paraguayo», Asunción, 1890.

RODRÍGUEZ-ALCALÁ, Hugo: “Un clásico y un superrealista, o dos visiones de la misma realidad: el Paraguay” en Carlos GARCÍA e Dieter REICHHARDT (eds.): *Las vanguardias literarias en Argentina, Uruguay y Paraguay: bibliografía y antología crítica*, Vervuert, Frankfurt, 2004.

RORDRÍGUEZ-ALCALÁ, Guido (ed.): *Residentas, destinadas y traidoras. Testimonio de mujeres de la Triple Alianza*, Servilibro, Asunción, 2007.

RODRÍGUEZ-ALCALÁ, Guido e CAPDEVILA, Luc: *Une colonie française au Paraguay: la Nouvelle-Bourdeaux*, L'Harmattan, París, 2005.

RODRÍGUEZ ALCALÁ, Javier: *Notas sobre La Verdad Autógrafa de Plácido Casaús. De la imagen del poder al poder de las imágenes,* Ediciones Cabildo Bicentenario, Asunción, 2011.

RODRÍGUEZ CHÁVEZ, Iván: "El contrato prendario y de beneficencia en la tradición "El alacrán de fray Gómez"", *Aula Palma*, 17 (2018), pp. 269-277.

RODRÍGUEZ ELÍAS, Avelino: *Algunas particularidades del Paraguay. Conferencia pronunciada en el Centro Castellano de Vigo, el 10 de enero de 1918*, Faro de Vigo, Vigo, 1918.

ROMERO, Genaro: *Apuntes para el inmigrante*, Talleres Gráficos "La Colmena", Asunción, 1914.

ROMERO, Genaro: *El Paraguay progresa: la ciudad de Concepción*, Talleres Gráficos del Estado, Asunción, 1913.

ROOT, Brenda Davis e DE JONG, Gordon F.: "Family Migration in a Developing Country", *Population Studies*, 45 (1991), pp. 221-233.

SAJIA, Marcello: *La Colonia Trinacria en Paraguay*, Arandurã Editorial, Asunción, 2010.

SÁNCHEZ-ALBORNOZ, Nicolás (ed.): *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*, Alianza Editorial, Madrid, 1988.

SÁNCHEZ ALONSO, Blanca: "La emigración española a la Argentina,1880-1930" en Nicolás SÁNCHEZ-ALBORNOZ (ed.): *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*, Alianza Editorial, Madrid, 1988.

SÁNCHEZ ANDRÉS, Agustín: "Diplomacia, hispanismo y exaltación patriótica: la política española hacia Argentina y Uruguay durante la crisis cubana, 1895-1898", *Boletín del Archivo General de la Nación*, 8.10 (2016), Pp. 13-43.

SÁNCHEZ BAZÁN, José: *El dictador Francia y otras composiciones en verso y prosa*, Est. Tipográficos de Ricardo Fé, Madrid, 1887.

SANTOS, Carlos R.: *La República del Paraguay*, Talleres Nacionales de H. Kraus, Asunción, 1897.

SANTOS PÍREZ, Manuel: "Dr. Serafín Rivas Rodríguez, el médico ejemplar", *Revista Histórica de Soriano*, 10 (1964), pp. 36-42.

SARMIENTO DA SILVA, Érica: "Associativismo espanhol/galego no Rio de Janeiro: conflitos, visibilidade e lideranças étnicas" en Fernando DE SOUSA, Ismênia MARTINS, Lená MEDEIROS DE MENEZES, Izilda MATOS, Jobson ARRUDA, Nazaré SARGES e Vera

FERLINI (eds.): *Portugal e as migrações da Europa do Sul para a América do Sul*, CEPESE, Porto, 2014.

SARMIENTO DA SILVA, Érica: "Fragmentos do cotidiano dos espanhóis/galegos no Rio de Janeiro: contribuição cultural à sociedade Carioca" en Pilar CAGIAO VILA e Eduardo REY TRISTÁN (eds.): *De ida y vuelta. América y España: los caminos de la cultura*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2005.

SAUCEDO RODAS, Aníbal: *Asunción 1911: el periodismo como historia*, Servilibro, Asunción, 2010.

SCHULTZ, Theodore W.: "Education and Population Quality" en George PSACHAROPOULOS (ed.): *Economics of Education: Research and Studies*, Pergamon Press, Oxford, 1987.

SCOTT, James: *The Moral Economy of the Peasant: Rebellion and Subsistence in Southeast Asia*, Yale University Press, New Haven, 1976.

SEGATTO, Bruno Félix: "Imprensa, debates públicos e poder político no Paraguai durante os primeiros anos da ocupação aliada", *Revista Eletrônica da ANPHLAC*, 20 (2016), pp. 222-255.

SEIXAS SEOANE, Miguel Anxo: *Castelao. Construtor da nación. Tomo I, 1886-1930*, Galaxia, Vigo, 2019.

SEPÚLVEDA MUÑOZ, Isidro: "Diplomáticos y cónsules españoles de América, 1892-1936", *Espacio Tiempo y Forma*, 5 (1992), pp. 397-412.

SEWELL, William H.: "The Concept(s) of Culture" en Gabrielle M. SPIEGEL (ed.): *Practicing History. New Directions in Historical Writing after the Linguistic Turn*, Routledge, Nova York, 2005.

SILVERA, Cecilia: "A historiografia paraguaia. Os textos escolares de história. Experiência vivida no pós-guerra de 1870", *Diálogos*, 15.1 (2011), pp. 65-82.

SILVESTRE RODRÍGUEZ, Javier: "Aproximaciones teóricas a los movimientos migratorios contemporáneos: un estado de la cuestión", *Historia Contemporánea*, 26 (2003), pp. 329-351.

SOLER, Lorena: "La familia paraguaya. Transformaciones del Estado y la nación de López a Stroessner" en Waldo ASNALDI: *La democracia en América Latina. Un barco a la deriva*, Fondo de Cultura Económica, Bos Aires, 2007.

SOLOW, Robert M.: *Capital Theory and the Rate of Return*, Nort Holland, Ámsterdam, 1963.

SOSA ESCALADA, Juan Manuel: *Caballero: en ocasión del Centenario Paraguayo*, Juan Manuel Sosa Escalada, Bos Aires, 1911.

STARK, Oded: *La migración del trabajo*, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, Madrid, 1993.

STARK, Oded e TAYLOR, Edward J.: "Relative Deprivation and International Migration", *Demography*, 28 (1989), pp. 1-14.

SUÁREZ SANDOMINGO, José Manuel: *Benigno Teijeiro Martínez, el mayor polígrafo gallego de la Argentina*, Deputación de A Coruña, A Coruña, 2014.

SUÁREZ SANDOMINGO, José Manuel: "Benigno Teijeiro Martínez, un pedagogo implicado con la innovación de la educación en Argentina", conferencia dispoñible en *ResearchGate*, 2014 (DOI: 10.13140/2.1.2569.1202 — acceso: 28 de marzo de 2021).

SUÁREZ SUÁREZ, Manuel: "Los gallegos y el tango. Presencia gallega en el tango uruguayo", *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, 2 (1998), pp. 243-252.

SUAY-MATALLANA, Ignacio: "Entre Alemania y América. José Casares Gil y los viajes científicos en la construcción de la autoridad experta en la España contemporánea", *Historia Crítica*, 66 (2017), pp. 25-44.

SZIJÁRTÓ, István: "Four Arguments for Microhistory", *Rethinking History*, 6.2 (2002), pp. 209-215.

TABANERA GARCÍA, Nuria: "Emigración y exilio. La experiencia migratoria valenciana en los siglos XIX y XX", *Saitabi*, 53 (2003), pp. 133-148.

TEIJEIRO MARTÍNEZ, Benigno: *El Paraguay: memoria bajo el punto de vista industrial y comercial en relación con los países del Plata*, Establecemiento Tipográfico Calle de Perú núm 107, Bos Aires, 1882.

TEIJEIRO MARTÍNEZ, Benigno: *Independencia y tiranía o el doctor Francia*, Imprenta y Litografía Floresta Americana, Asunción, 1874.

TODARO, Michael P.: *Internal Migration in Developing Countries*, International Labor Office, Xenebra, 1976.

TONESS, Odin Alf: *The Political and Social History of a Paraguayan Town*, tese doutoral defendida na University of Illinois, 1973.

TOVAR, Paco: "Otra lectura (menor) del tirano valleinclanesco" en Carmen ALEMANY: *Con Alonso Zamora Vicente: (Actas del Congreso Internacional ñLa Lengua, la Academia, lo Popular, los Clásicos, los Contemporáneos...ò ,)* Universidad de Alicante, Alacante, 2003 (2 vols.)

TUCCI CARNEIRO, Maria Luiza: "Distintos olhares. Intolerância e a representação do "Outro" nos séculos XIX e XX", *Navegar*, 2.2 (2016), pp. 121-143.

VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto: "Masonería e emigración na Galicia contemporánea" en Xosé Ramón CAMPOS ÁLVAREZ (ed.): *Migracións e globalización*, Universidade de Vigo, Ourense, 2009.

VALLE-INCLÁN, Ramón del: *Tirano Banderas*, Espasa-Calpe, Madrid, 1961.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alexandre: "La emigración gallega. Migrantes, transporte y remesas" en Nicolás SÁNCHEZ-ALBORNOZ (ed.): *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*, Alianza Editorial, Madrid, 1988.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alexandre: "Unha visión xeral da emigración galega contemporánea a América e a Europa", en X.M. CID FERNÁNDEZ (coord.): *Migracións na Galicia contemporánea. Desafíos para a sociedade actual*, Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela, 2008.

VÁZQUEZ LOJO, María Xosé e SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl: *Salceda de Caselas nos tempos da emigración a América. Evolución da poboación, economía e dinámicas sociopolíticas locais (1880-1960)*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2019.

VELÁZQUEZ SEIFERHELD, David Rafael: "Afuera se quedarán los perros…" Conflictos entre catolicismo y liberalismo en el Paraguay de principios del siglo XX: El caso del matrimonio civil de Juan Vicente Ramírez y María Antonia Pane (1919)", *Revista Paraguay desde las Ciencias Sociales*, 4 (2014), pp. 51-68.

VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto*: Los gallegos en la Argentina*, Ediciones Galicia, Bos Aires, 1966 (2 vols.)

VILAR RODRÍGUEZ, Margarita: "La cobertura social al margen del Estado: asociacionismo obrero y socorros mutuos en Galicia (c. 1839-1935)", en VVAA: *Proceedings of the IXth International Congress of Spanish Economic History Association, Murcia*, Asociación Española de Historia Económica, Madrid, 2008.

VILLANUEVA, Artemio, FIGUEREDO KLEIN, Jorge Federico, GARCÍA GAROZZO, Pedro: *Cien años de pasión. La historia del Club Libertad*, Club Libertad, Asunción, 2005.

VILLARES, Ramón: "As remessas "visíveis" e "invisíveis" da emigração americana e a transformação da Galiza (1890-1930)" en Fernando DE SOUSA, Ismênia MARTINS, Lená MEDEIROS DE MENEZES, Izilda MATOS, Jobson ARRUDA, Nazaré SARGES e Vera FERLINI (eds.): *Portugal e as migrações da Europa do Sul para a América do Sul*, CEPESE, Porto, 2014.

VILLARES, Ramón: "La emigración americana como un factor de transformación de Galicia", *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, 2 (1998), pp. 85-98.

VVAA: *Breve historia de la odontología en el Paraguay*, Ministerio de Salud Pública y Bienestar Social, Asunción, 2016.

WALLERSTEIN, Immanuel: *The Modern World System*, Academic Press, Nova York, 1974.

WARREN, Harris Gaylord: "Journalism in Asunción under the Allies and the Colorados, 1869-1904", *The Americas* (1983), pp. 483-498.

WARREN, Harris Gaylord: *Paraguay y la Triple Alianza. La década de posguerra: 1869-1878*, Intercontinental Editora, Asunción, 2009.

WEBB, Philip D.: "El pensamiento de Rafael Barrett y Silvano Mosqueira: dos visiones de la realidad paraguaya a principios del siglo XX" en Manuel ALCÁNTARA, Mercedes GARCÍA MONTERO e Francisco SÁNCHEZ LÓPEZ (coords.): *Historia y Patrimonio Cultural: Memoria del 56.º Congreso Internacional de Americanistas*, Ediciones Universidad de Salamanca, Salamanca, 2018.

WEBB, Philip D.: "Los inmigrantes españoles en Concepción (Paraguay) entre la Guerra Guazú y la reconstrucción nacional (1869-1932)", *Naveg@mérica. Revista electrónica editada por la Asociación Española de Americanistas*, 24 (2020a).

Webb, Philip D.: "O legado cultural de Victorino Abente y Lago (1846-1935) no Paraguai: "o primeiro intérprete do sentimento nacional"", *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 23 (2020b), pp. 349-359.

WEBB, Philip D.: "Pueblos hermanos y madre patria. Juan O'Leary y los consulados paraguayos en España ante la cuestión del Chaco" en Pilar CAGIAO VILA (coord.): *Diplomacia y acción cultural americana en la España de Primo Rivera*, Marcial Pons, Madrid, 2021.

ZACARÍAS ARZA, Evaristo: *¿El extranjero es factor positivo en el Paraguay?*, Ed. Efil, Asunción, 1954.

ZALAZAR, Raquel: "Regeneración de la sociedad paraguaya: aporte de los inmigrantes (1870-1904)", *Diálogos ï Revista do Departamento de História e do Programa de Pós-Graduação em História*, 9.2 (2005), pp. 67-78.

ZUB KURYLOWICZ, Roberto: *Tierra, trabajo y religión. Memoria de los inmigrantes eslavos en el Paraguay*, El Lector, Asunción, 2002.

ZUBILLAGA, Carlos: "Identidad inmigratoria: los gallegos y la literatura gauchesca en el Uruguay de la modernización", *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, 2 (1998), pp. 193-226.

ZUCCARINO, Maximiliano: "Europeísmo versus panamericanismo. Su incidencia en la posición del gobierno argentino ante la Guerra del Chaco", *Revista de Historia Americana y Argentina*, 54.1 (2019), pp. 83-127.

FONTES HEMEROGRÁFICAS

Arxentina

Avellaneda
-*Boletín del Centro Gallego*

Bos Aires
-*Almanaque Gallego*
-*Boletín de la Biblioteca América de Santiago de Compostela*
-*Céltiga*
-*El Correo de Galicia*
-*El Despertar Gallego*
-*El Eco de Galicia*
-*El Heraldo Gallego*

Córdoba
-*A Terra. Órgano del Centro Gallego*

Cuba (A Habana)

-*El Eco de Galicia*
-*Follas Novas*
-*Galicia*

España

A Coruña
-*Boletín Oficial de la Provincia de La Coruña*
-*Diario de Avisos de La Coruña*
-*El Correo Gallego*
-*El Eco de Galicia*
-*El Ideal Gallego*
-*Galicia Industrial y Comercial*

Barcelona
-*Revista Comercial Iberoamericana Mercurio*

Cádiz
-*España y América*

Ferrol
-*El Correo Gallego*

Lugo
-*El Eco de Galicia*
-*El Progreso*
-*El Regional*

Madrid
-Ahora
-Anuario del Comercio, de la Industria, de la Magistratura y de la Administración
-Anuario Regional Descriptivo, Informativo y Seleccionado de la Industria, Comercio, Agricultura, Profesiones, Arte y Turismo del Norte de España
-Archivo Diplomático y Consular de España
-El Liberal
-El Motín
-Guía Oficial de España
-La Esperanza
-La Ilustración Cantábrica
-La Ilustración Gallega y Asturiana
-Mondariz
-Revista Hispano-Americana
-Revista Ilustrada de Banca, Ferrocarriles, Industria y Seguros
-Unión Iberoamericana/Revista de las Españas

Ourense
-La Zarpa

Pontevedra
-El Alerta
-El Diario de Pontevedra
-La Correspondencia Gallega

Santiago de Compostela
-Diario de Galicia
-El Compostelano
-El Correo de Galicia
-Gaceta de Galicia

Tui
-Boletín Eclesiástico del Obispado de Tuy

Vigo
-El Pueblo Gallego
-Faro de Vigo
-La Noche
-Noticiero de Vigo
-Vida Gallega

Francia (París)

-El Americano

Paraguai

Asunción
-*Boletín del Departamento Nacional de Higiene y Asistencia Pública*
-*Catalunya*
-*Eco del Paraguay*
-*El Centinela*
-*El Diario*
-*El Fénix*
-*El Heraldo*
-*El Látigo*
-*El Látigo Inmortal*
-*El Liberal*
-*El Orden*
-*El País*
-*El Paraguayo*
-*El Progreso*
-*El Pueblo* [1870-1872]
-*El Pueblo* [1897]
-*Enanito*
-*La Democracia*
-*La Ilustración Paraguaya*
-*La Libertad*
-*La Nación*
-*La Opinión*
-*La Patria*
-*La Razón*
-*La Reforma*
-*La Regeneración*
-*La República*
-*La Tribuna*
-*Los Principios*

Villarrica
-*El Agricultor Guaireño*
-*El Surco*

Uruguai (Montevideo)

-*Revista del Centro Gallego*

ARQUIVOS CONSULTADOS

Arxentina (Bos Aires)

-Biblioteca Nacional "Mariano Moreno"
-Museo da Emigración Galega na Arxentina (Bos Aires)

España

-Archivo Histórico Nacional (Madrid)*
-Arquivo Histórico Universitario (Santiago de Compostela)
-Arquivo Municipal de A Coruña
-Arquivo Municipal de Ortigueira*
-Biblioteca América e outras bibliotecas da USC
-Casa de América de Barcelona*
-Real Academia Galega (A Coruña)

Países Baixos (Ámsterdam)

-Centro de Estudios y Documentación Latinoamericanos
-International Institute of Social History

Paraguai

-Archivo Histórico del Ministerio de Relaciones Exteriores del Paraguay (Asunción)
-Archivo Nacional de Asunción
-Arquivo particular de Julio González Oddone
-Biblioteca Nacional del Paraguay (Asunción)
-Biblioteca particular de Herib Caballero Campos
-Biblioteca Municipal "Viriato Díaz-Pérez" (San Lorenzo)
-Casa de la Cultura "Carlos Colombino" (Concepción)
-Cemiterio Español (Asunción)
-Centro Español de Villarrica [documentos cedidos por Melanio Agustín Gómez Vázquez]
-Ministerio de Defensa Nacional del Paraguay (Asunción)
-Museo Etnográfico "Andrés Barbero" (Asunción)
-Museo "Fermín López" (Villarrica)
-Parroquia de Nuestra Señora del Pilar (Villa del Pilar)
-Secretaría de Educación, Cultura, Deporte y Turismo de Areguá

Uruguai (Montevideo)

-Archivo del Centro Gallego de Montevideo*

**Documentos cedidos por Pilar Cagiao Vila.*

PÁXINAS WEB

-Acta fundacional da Asociación Nacional Republicana:
https://www.anr.org.py/el-partido/acta-fundacional/

-Biblioteca dixital "Galiciana":
http://biblioteca.galiciana.gal/es/inicio/inicio.do

-Blog oficial do Club Atlántida:
http://historiaatlantida.blogspot.com/

-Blog "*Ribadeo Historia y Emigración*". Entrada sobre Antonio Rodríguez del Busto:
https://www.ribadeoemigracion.info/antonio-rodriguez-del-busto-nacido-en-ribadeo-en-1848-ofrecio-donaciones-y-se-le-rechazaron/

-Buscador de inmigrantes do *Centro de Estudios Migratorios Latinoamericanos*:
https://cemla.com/buscador/

-Catálogo das bibliotecas da USC:
http://iacobus.usc.es/*gag

-Dixitalizacións de *Céltiga* polo Consello da Cultura Galega:
http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/hemeroteca/cabeceira/index.php?p=1670

-Estatutos do *Ateneo Paraguayo* en Portal Guaraní:
http://www.portalguarani.com/museos.php?pormustytr=MjM=

-Fondos dixitalizados do *Archivo Nacional de Asunción*:
http://www.archivonacional.gov.py/?page_id=316

-Historia da *Asociación Paraguaya de Fútbol*:
https://www.apf.org.py/p/historia-de-la-apf

-Historia da loxa masónica *Sol Naciente*:
http://www.solnaciente.org.py/institucional/historia-de-la-logia/

-Historia de NGOSAECA:
http://www.ngosaeca.com.py/historia

-Historia de *Swift Argentina*:
http://sitio.swift.com.ar/empresa.html

-Historia do Club Centenario:
http://www.clubcentenario.org.py/historia

-Hemeroteca dixital da Biblioteca Nacional de España:
http://hemerotecadigital.bne.es/index.vm

-Hemeroteca dixital da *Biblioteca Nacional del Paraguay*:
http://bibliotecanacional.gov.py/hemeroteca/

Real Academia Galega:
https://academia.gal/inicio

ANEXO I. ASINANTES DA *PROTESTA DOS ESPAÑOLES CONTRA LA CANDIDATURA DEL DUQUE DE AOSTA PARA REY DE ESPAÑA* (XANEIRO DE 1871)

O redactor da protesta contra o duque de Aosta afirma que os seguintes asinantes representaban a totalidade da colonia española en Asunción (24 de xaneiro de 1871). Reproducimos os nomes tal como aparecen no texto orixinal:

Vicente Ibáñez, Francisco Rivas, Julián Letamendi, Vicente J. Acea, Ricardo Brugada, José de Balteyro, José Castrillón, Juan Junquer, Manuel Pérez, Miguel Montagut, Fructuoso F. de la Bastida, Ignacio Rivero, Antonio Farnes, Vicente Echevarría, Juan José Urquiola, Toribio Ugarte, Juan Bautista Baz, Jaime Bas, Antonio Germain, Leonardo Villa, Gabriel Comos, Cipriano Alcain, Mariano J. Puga, Ramón Pilapol, Pedro Ardanza, Tomás Riamban, Mariano Sánchez, Francisco Castillo, Joaquín Montagut, José Mitjans, Juan Marés y Sala, Pedro Marés y Conta, Jaime Costa, Antonio González del Prado, Epifanio Gochicoa, Francisco Fortuny, José Beltrán, P. Carretere, Juan Montaner, Carlos Jordana, Manuel Mújica, Manuel Padrón, Domingo Beperet, Domingo Sala, Francisco Inchausti, Pablo Onsari, Antonio Sardinas, Sebastián Pomares, Vicente Ubiña, Ildefonso Luque, Antonio Uribe, Esteban Recalde, Vicente Sarria, Francisco Martínez, Juan Torrens, Juan Carreras y Claramunt, Victorino Abente, Bernabé Ponce Hidalgo, Francisco de Gallegos Fernández, Fernando Barriconal, Juan Cruz Larroechea, José A. Lamosa, Jesús Malpartida, Ricardo E. Farraldo, Eduardo Caamaño, Pedro Masriera, Manuel B. de Figueroa, Cornelio López, Ricardo González, Francisco Ferreu, A. Aladern, José Miró, José Luis Mena, Doroteo Almandor, Miguel Loston, Sebastián Brun, Eusebio Echeguren, Antonio Lavin, Eduardo Ruiz, Ignacio de Tarrandicoechea, Cristóbal de Egaldea, Santiago Araújo, Jacobo Ladó, Federico Parody, José Termes

[Fonte: *El Pueblo. Diario político, literario y comercial*. Asunción, 27 de xaneiro de 1871, p. 3.]

ANEXO II. NÓMINA DE ESPAÑOIS AFILIADOS Á *LEGIÓN CIVIL EXTRANJERA* (XANEIRO DE 1935)

Juan Alegre, Antonio Miró, José L. Lema, Emilio Robredo, Luis López Ríos, Ángel García Barbitta, José Seall, Gerónimo Quesada, José Carles, Jaime Graner, José Llerandí, Miguel Berta, Juan Gómez, Eduardo Yubero, Joaquín Grau, Ángel Rius, Florián de Orte, Segundo Llerandí, Fermín Urpi, Juan Borrell, Domingo Pallarés, Miguel Vila, Juan Gastón Navarro, Juan Gastón, Camilo F. de la Fuente, Francisco Borrell, Elías Bernardo Edán, Luis Sola, Urrutia, Ugarte y Cía. S.A., José María Pineda, Pérez y Sanjurjo S.A., Burró Hnos., Deogracia Ortíz, Miguel V. Giralt, Pedro Marín, Manuel Belmar, Virgilio Marín, José María Marín, Nicolás Aparicio, José Aparicio, Rafael Blanco Solero, Francisco Angulo Martínez, Blas Tellechea, Manuel Aldama, Manuel González Táboas, Segura, Latorre y Cía., Ramón Galló y Familia, Antonio Soler, Ascensión M. Vera, Miguel Vera Yepes, Maximiano Babiano, Luis Fernández, Juan Trujillo, Emiliano B. de Pedro, Américo Alegre, Mariano Alegre, Justo Vicioso, Jaime Daura, Segundo L. Reyes, Antonio B. Fuster, Martín Font, Santiago Puigbonet, Emiliano Moreno, Tomás Villarejo, Rigoberto Toullot, Evelio Montejano, Juan Vallverdú, Luis Marín Nogueras, José Plans, Pardo y Cía., Manuel Achón, Delfín Grau, Ruiz y Ruiz, Manuel Vila, Luciano Benito, Eduardo Veiga Peña, Salvador Ortíz Gómez, Cosp Hnos., Miguel Giralt Compte, José María Angulo, Román Moreno, Acacio Muñoz Sarmiento, Gerónimo Perelló, Jaime Tasías, Quirina D. v. de Alló García, Hermenegildo Cañizá, Antonio Venecia, José Arellada, Romón Solé Casas, Miguel Miró, Víctor García, Lobo Hnos., Sebastián Vals, José Esculies, José Lozano, Pedro Marés, Alfredo Gardell y Soler, Manuel García Porro, Marcelino Hernáez, Enrique Turró, José Miguez, Francisco Regueira, José Espejo Pérez, Cristóbal Ramírez Vélez, Carlos Bordas, Antonio Romero Alonso, Alsina Canals, Rafael Granados, Castor García, Ruperto Sasiain, Avelino de Prada García, Miguel Rueda, Diego Martínez, Juan Solé, Enrique Marsal, Augusto García, Silvestre Martínez, Juan Roca, Enrique Prieto Bernié, José Achón, Alejandro Zorio, Manuel Fresco, Luis A. Curtoys, Sergio Castellanos, Samuel Aguadé, Luis O. Contente, Juan Oller, José Alujas, Serapio Altimira, Ramón Colls y Vilá, Jacinto Santamaría, Francisco Pastor, Juan A. Sandoval, Eugenio Vera, Roberto Brunet, Gabriel Ramis, Lino Zulueta, Juan García Pérez, Juan Manuel Giménez, Francisco Moreno, José Mestre, Tito Alsina, Amadeo Alsina, Heriberto Albert, Doroteo Gómez, Antonio Azorero, Rafael Edán, Antonio Pardo, Balbino Brañas, José Miró Solé, Casimiro Mateu, Rafael Nieto, Ramón Figols Torró, Salvador Espelt Trulls, Joaquín Egea Buendía, José Serra Salvat, Jacinto Serra S., Juan Chemena, Leonardo García, Cañizá Hnos., Antonio Solaeche, Clemente Miranda, Jaime Achón Dolcet, José Rodríguez Ruiz, José Martínez, Maximino Álvarez, Gabriel Soler, Juan G. García, José Hereter, Manuel Lozano, José M. Vázquez, Francisco Montañés, Miguel Giralt (h), Juan Bragulat, Rafael López, Ladislao Hernáez, José M. Aguirre, Miguel Alegre, Concepción Moler v. de Reyes, Julián Villate, Juan Guerra, Manuel Bachero, Antonio Bachero, Emilio Gelmá, Antonio Villate, Anastasio Villate, L. Arturo González, Genoveva v. de González, Ramón García F., José Arbo, Domingo Arbo, Nicanor Sáenz, Jorge Villate, Alfredo Pérez, Timoteo Solaeche, Máximo Giménez, Hilario Buey, Enrique Clari, Salvador Melián, Tiburcio Pérez, Feliciano Grijalba, Francisco Sánchez Peralta, Cirilo Hernáez, Florencio Galindo, Antonio Mestres, Pedro Villalonga, José Teixidó, José París, José Riqué, J. Hernández Beltrán, Eugenio Fuentes, Antonio Diaz, Máximo Táboas, José Berta, Melquidade Alonso, Juan Vernet, Teresa C. v. de Botana, Ventura Papaselt, Ramón Mallen, Leoncio Ongay, José Casanovas, Bartolomé Guasp Payeras, Jacinto Salvadó, Vicente Lozano, Antonio Altimira, Juan B. Estrada, Hilario Martínez, José J. Giménez, Abundio Martínez, Valentín Redondo González, Raquel Zaballa, José Marsal, Teófilo Ruiz, Santos Canillas,

Ernesto Gómez, José Bañuelos, Pedro Martí, Bonifacio González, Anastasio Ruiz, Pedro Ruiz, Justo Ruiz, Emiliano Ruiz, Manuel Sánchez, Lorenzo Pérez Belloso, Mateo Bosch, Emilio Costas P., Seropatka, José Novak, Tiberius, Guillermo Souto Menéndez, Ramón Olaró, Juan Vilarrodona, Cesáreo D. Acosta, José Liseras, José Riego, Antonio J. González, Francisco Closa, Agustín Eguiazú, Manuel Cabrera, Juan Liñan, Agustín Sánchez, Tomás Pérez Sánchez, Jesús Dans García, Agustín Miguel, José Castaño, Juan Javaloges, Fernando Callizo, Juan Pallarés, Juan Pallarés (h), Avelino Blanco, H. Torreagasti, Miguel Vivé, Baltasar García, Alberto Gómez, Tomás Hereter, Alejandro Herrero, Sebastián Carrera, Gabriela v. de Arau, Marcial Diaz, José Diaz, Andrés Diaz, Francisco Méndez, Miguel Tejera, Julián Doñoro Platas, Eladio Miranda, Santos Pellón, Juan Salinas, Lorenzo Irún Alegre, Jaime Boquet, Carlos Cañellas Durán, Mario Durán Roca, Emilio Pujol, Sebastián Sasiain, Venancio Irún, J. Manuel García, José Costa Martí, Esteban Recalde, Celestino Claró, Emilio González Martín, Manuel Gómez, Cecilio de la Torre, Manuel Morales, Antonio Brasa, Juan Casquet, Domingo Diez Vera, Francisco Mengual, Ladislao de Amoriza, Raimundo García Loza, Feliciano González, Ángel Castells y Fius, Vicente Calvo, Manuel Zorio (h), Celestino Calvo, Manuel Leza, Celestino Álvarez, Amado García, José Subirats, Arlindo Dieguez, Manuel Lechuga, Jesús del Val, Teófilo Tejera, Anselmo Martín, José Bordas, Juan Costa Martí, Juan Guasch, Lázaro Morga, Salvador Morga, Leandro Pérez, Lorenzo Alsina, Rafael García, Miguel Pascual, Herminio Portilla, Francisco Portilla, Francisco de Nestosa, Manuel Pérez, Félix Galindo, Santiago Carrillo, Félix Fernández, José González Domínguez, Miguel Herrera, Gregorio López de Pablo, Enrique Ortíz, Eleuterio Acha, Francisco Acha, Gregorio Acha, Ignacio Blanch, Baltasar Ortíz, Ramón del Prado, Félix Salinas, Ángel Serafín Rey, José López, Antonio Gallo, Felipe Álvarez, Domingo García Álvarez, José María Velasco, Juan Casellas, Luis Collado (h), Victoriano Simplicio, Leopoldo Quintana, Zoilo San Miguel Valle, José Soler Barceló, Martin Martin, José Bengoa, Salvador Bigordá, Luis Collado, Bernabé Ortíz, Vicente González, Eleuterio González, Francisco Domínguez, Primitivo González, José Monserrat Hereter, Javier Gastón, Celso Rodríguez, Pedro Pous Rivera

[Fonte: *La Tribuna. Número extraordinario en homenaje a la Legión Civil Extranjera*. Asunción, 1 de xaneiro de 1935, p. 25.]

A tese abarca a inmigración española e particularmente a galega no Paraguai durante o lapso 1850-1960. En primeiro lugar, analízanse as características cuantitativas deste fluxo migratorio, antes de abordárense cuestións cualitativas como a distribución xeográfica dos inmigrantes; os procesos de inserción socio-económica; o papel da man de obra estranxeira na transición paraguaia ao capitalismo trala Guerra da Tripla Alianza (1864-1870); as contribucións dos inmigrantes á política, á sociedade civil e ás artes; ou os seus vínculos con España e coas comunidades de emigrados no Río da Prata a través da prensa, os cónsules e outros mediadores.